

Dicionario do Galego do Bierzo

DGB



Autora

Sara Rodríguez Fernández

Materiais
Lingüísticos






Sara Rodríguez Fernández (2000) naceu no Bierzo, na poboación de Carracedelo. Estudou o Grao de Tradución e Interpretación (español-inglés) na Facultade de Filoloxía e Tradución, na Universidade de Vigo, e o Máster Universitario en Traducción Editorial na Universidad Internacional de Valencia. Dende pequena, criouse rodeada da fala do Bierzo e da fala de Galicia, grazas aos seus familiares, que lle transmitiron o amor pola súa lingua e polas súas raíces. No momento que tivo a oportunidade, dirixiu o seu camiño para emprender a

viaxe cara aos seus estudos en galego. Xa no instituto, no IES Bergidum Flavium, en Cacabelos, decidiu escoller as materias que se impartían en galego, como eran Ciencias Socias, na Educación Secundaria Obrigatoria, ou Lingua e Cultura Galegas, no Bacharelato. Na universidade, cando estaba a rematar o grao, no ano 2022, quixo, dalgunha maneira, deixar a súa pegada respecto a fala da súa terra, polo que se decantou por crear un traballo de fin de grao dedicado

á fala do Bierzo, especialmente ao galego que se fala na comarca. Deste xeito, naceu o *Diccionario do Galego do Bierzo*. Na actualidade, en 2023, traballa nunha librería, Casa del Libro, en Ponferrada, e a súa intención reside en seguir transmitindo ese amor pola lingua, pola cultura e pola tradición a través do *Diccionario do Galego do Bierzo*, unha obra que empeza aquí, pero que xamais terá fin.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Materiais Lingüísticos

n.º 013

Edición

Universidade de Vigo
Servizo de Publicacións
Rúa de Leonardo da Vinci, s/n
36310 Vigo

Materiais Lingüísticos é unha colección publicada en colaboración coa Área de Normalización Lingüística

Deseño gráfico

Tania Sueiro Graña
Área de Imaxe
Vicerreitoría de Comunicacións e Relacións Institucionais

Fotografía da portada

Adobe Stock

Maquetación e impresión

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

ISBN (Libro impreso)

978-84-8158-984-9

Depósito legal

VG 492-2023


© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2023
© Sara Rodríguez Fernández

Sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, queda prohibida a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.

Ao ser esta editorial membro da **une**, garántense a difusión e a comercialización das súas publicacións no ámbito nacional e internacional.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Este volume publícase co financiamento da



**XUNTA
DE GALICIA**

Dicionario do Galego do Bierzo

DGB

Autora

Sara Rodríguez Fernández

Dedicatoria

Á miña familia, por me dar unha mao e suxeitar coa outra unha paleta para pintar os meus días de todas as cores cando máis negros parecen.

Á miña mai, Esther, por me mostrar que a vida non é un camín de rosas, pero ela sempre sabe como plantar as flores que resultan máis bonitas e resplandecen con máis ledicia.

Ao meu pai, José Ángel, por me ensinar que unhas boas notas académicas poden abrir moitas portas, pero que, cunha boa educación, non hai fronteiras.

Á miña irmá, Eva, por ser o meu principal exemplo a seguir e por me demostrar que se pode ser a máis pequena á vez que se posúe o corazón máis grande.

Grazas por serdes o compás da miña vida, sen vós eu non sería quen son.

Agradecementos

A todas as persoas anónimas que no Bierzo, nunhas condicións de estigmatización insólitas na Europa culta, respectuosa e civilizada do século xxi, continúan a falar galego, o galego de seus pais e de súas nais, o galego de sempre.

A todas as miñas e os meus informantes que, en maior ou menor medida, participaron coas súas achegas e axudaron a que esta obra xermolase e florecese.

A todas as persoas que dedicaron e dedican parte do seu tempo a investigar, aprender e ensinar a cultura, a música, a fala e as tradicións bercianas e galegas, en particular á Escola de Gaitas de Vilafranca.

A toda a xente que elaborou e segue a elaborar obras grazas ás que puido agromar este *Dicionario do Galego do Bierzo*.

A todas as persoas maiores que nos inculcan, que nos educan e que nos encamiñan cara a un paradiro onde aprendemos que o máis valioso da nosa viaxe é sermos conscientes das nosas orixes e seguir camiñ.


A Galicia e ao Bierzo, por faceren que nunca me esqueza das miñas raíces, por me transmitiren a importancia das tradicións culturais galegas e bercianas e por me darem unha das mellores riquezas que posúo: a miña fala berciana, a miña lingua galega.

Ao profesor Xosé-Henrique Costas, por me brindar a oportunidade de plantar a primeira semente do que sería o *Dicionario do Galego do Bierzo*, por me acompañar durante o seu crecemento e por me ofrecer todo o seu abeiradoiro durante o seu desenvolvemento.

Ao Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, na persoa do seu director Jorge Luís Bueno Alonso, por facer maxia e transformar un soño común nesta realidade.

A todas as persoas que me proporcionaron o seu apoio, amor e felicidade para poder ver o fruto final. Fundamentalmente á miña familia, por me ofrecer o terreo, por labrar e regar a terra, por me axudar a recoller o fruto e por me coidar e amparar mentres experimentaba cada chuvia, xeada e sarabia para, ao final, apreciar a luz e a calor do sol e as cores do arco da vella.

Limiar	13
Metodoloxia	17
A modo de reflexións	21
Bibliografía	23
Diccionario do Galego do Bierzo	27



O *Dicionario do Galego do Bierzo* (DGB) xorde da necesidade de iniciar a recollida e recompilación nunha mesma obra do léxico que tantas persoas empregaron e aínda empregan no Bierzo occidental de fala galega. Grazas ao noso pobo, hoxe en día gozamos no Bierzo dunha serie de falas -con lóxicas influencias da veciña lingua leonesa e da lingua oficial castelá- e aspiramos a mantelas vivas para lles deixar nas mellores condicións este patrimonio lingüístico ás xeracións futuras. Este Dicionario do léxico da lingua galega da comarca do Bierzo abrangue arredor de 15 000 entradas que inclúen substantivos, adxectivos e verbos empregados nesta comarca. A motivación de reflectir a importancia do galego do Bierzo débese non só a que esta lingua representa moitos dos bercianos e bercianas, senón que tamén cobra un gran significado na historia e na cultura do Bierzo porque o galego tamén é unha lingua berciana.

O *Dicionario do Galego do Bierzo* (DGB) abrangue voces do espazo xeográfico da lingua galega histórica e actual dos seguintes dezasete concellos: Arganza, Barxas, Borrés, Cacabelos, Camponaraia, Candín, Carracedelo, Carucedo, Corullón, Oencia, Ponte de Domingos Flórez, Toural dos Vaos, Trabadelo, Valboa, A Veiga de Espiñareda, Veiga de Valcarce e Vilafranca, así como dalgunhas pedanías ou parroquias dos concellos de Fabeiro, Peranzais e Ponferrada.

O *Dicionario do Galego do Bierzo* elaborouse grazas á herdanza das persoas que, ao longo dos séculos, compartillaron a súa sabedoría empregando a súa fala, ademais da consulta e baleirado de obras bibliográficas, hemerográficas e lexicográficas dos últimos dous séculos, partíndomos do glosario de voces bercianas que figura como apéndice dos *Ensaíos poéticos en dialecto berciano* (1861) do poeta e brigadier cabelense Antonio Fernández Morales.

Por unha parte, consultamos obras científicas que describiron a realidade histórica, lingüística e sociolingüística da comarca -de toda a comarca, non só da zona occi-

dental de fala galega-, como son *El dialecto leonés*, de Ramón Menéndez Pidal (Menéndez Pidal, 1906); *Apuntes dialectales sobre el Bierzo*, de Manuel Gutiérrez Tuñón (Gutiérrez Tuñón, 1982); *El habla del Bierzo*, de Manuel Gutiérrez Tuñón (Gutiérrez Tuñón, 1986); *Repertorio de léxico leonés*, de Jeannick Le Men Loyer (Le Men Loyer, 1996); *Los límites históricos entre el gallego y el asturiano-leonés en el Bierzo*, de Jesús García y García (García y García, 1997); *Determinación da fronteira lingüística entre o galego e o leonés nas provincias de León e Zamora*, de Ana Seco Orosa (Seco Orosa, 2001); *A lingua galega no Eo-Navia, Bierzo occidental, As Portelas, Calabor e o Val do Ellas: historia, breve caracterización e situación sociolingüística actual*, de Xosé-Henrique Costas González, (Costas González, 2011); *El habla del Bierzo*, de Manuel Cuenya García (Cuenya García, 2014), *La toponimia del Bierzo: (bases para un corpus toponymicus)*, de Jesús José María García García (García García, 2015); *Contos tradicionais (Bierzo, L. Laciana, Cabreira)*, de Aquilino Poncelas Abella (Poncelas Abella, 2020) e *A personalidade do Bierzo. Territorio e linguas*, de Héctor M. Silveiro Fernández (Silveiro Fernández, 2021).

Por outra banda, decidimos botar man de obras bibliográficas que puidesen conter termos ou voces que viñesen acompañados dalgunha definición ou explicación máis precisa, polo que tamén fixemos uso de diferentes vocabularios. Unha das nosas primeiras referencias bibliográficas e, de feito, a máis antiga foi *Vocabulario del Bierzo*, de Verardo García Rey (García Rey, 1934), en que se amosa un léxico que, cen anos despois, se segue a escoitar na comarca; pero tamén obras máis actuais como *Vocabulario berciano*, de José M. Esteban (Esteban, 2002); *Léxico de la documentación berciana*, de Jesús García y García (García y García, 2007); *Aportación al vocabulario popular de la comarca Berciana*, de María Trinidad Crespo Álvarez, Jovino Andina Yanes e Ángel Alonso Gundín (Trinidad Crespo et al., 2008); *Léxico y literatura de tradición oral en el entorno de Las Médulas*, de Fernando Bello Garnelo (Bello Garnelo, 2010); *Glosario temático, crítico y etimológico de las hablas de El Bierzo*, de Jesús García y García (García y García, 2011); *O léxico galego-berciano na obra poética de Antonio Fernández Morales (1817-1896)*, de Andrea Castelo Veiga (Castelo Veiga, 2017) e *Unha cala no Bierzo occidental: (Corullón)*, de Elixio Rivas Quintas (Rivas Quintas, 2019).

Verbo dos dicionarios, consultamos o *Léxico do Leonés Actual (LLA)*, de Jeannick Le Men Loyer, o *Diccionario da Real Academia Galega (DRAG)* (<https://academia.gal/diccionario>) e o *Diccionario da Real Academia Española (DRAE)* (<https://dle.rae.es/diccionario>), o *Gran Diccionario Xerais da Lingua (GDXL)*, o *Diccionario de dicionarios* (<https://ilg.usc.gal>) e o *Dicionário Estraviz* (<https://estraviz.org>). Empregamos estes dicionarios na procura de definicións máis precisas nos casos en que existise algunha ambigüidade con respecto ao termo. Ademais, gustaríanos realizar unha especial mención ao excelente *Diccionario do Galego de Asturias*, de Carlos Xesús Varela Aenlle (Varela Aenlle, 2021), unha das obras que nos serviu coma principal referencia para levar a cabo esta primeira versión do *DGB*.

Canto ao uso dos atlas lingüísticos, baleiramos léxico de diferentes zonas xeográficas segundo o libro que consultásemos. No ALBI (*Atlas Lingüístico de El Bierzo*) non excluimos ningunha zona xeográfica, agás dos termos que posuían trazos inequívocos da lingua leonesa que, polo xeral, adoitaban ser os que estaban aproximadamente na metade oriental da comarca, fóra do territorio dos dezasete municipios enteiramente galegófonos e as pedanías dos outros tres concellos máis; no ALGa (*Atlas Lingüístico Galego*), centrámonos nas zonas de Vilafranca (LE2), Corullón (LE3) e Carracedelo (LE4); no ALPI (*Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*) consultamos os espazos de Ponte de Rei, en Vilafranca (324) e Castroquilame, en Ponte de Domingos Flórez (333); no ALCyL (*Atlas Lingüístico de Castela e León*) analizamos os territorios de Peranzais (LE 300), Ponferrada (LE 305), Oencia (LE 306) e Carracedo (LE 307).

Todas as persoas que interviñeron na elaboración destes traballos de xeografía lingüística realizaron profundas investigacións para estudar as distintas falas e variedades locais que se poden atopar na zona e, asemade, conseguiron recoller unha gran variedade de voces grazas ás cales puidemos armar e completar esta primeira versión do *Dicionario do Galego do Bierzo*.

Por último, a todo este caudal de voces recuperadas de diversos informantes e destas obras fundidas neste cruxol, engadimos as nosas palabras familiares, as que aínda usan as persoas no galego e no castelán agalegado falados no noso concello de Carracedelo.

Este *Dicionario do Galego do Bierzo* componse de:

1 Definicións

Despois de cada un dos lemas, que aparecerán en letra negra e grosa e ordenados alfabeticamente, móstranse unha serie de números que indican as distintas acepcións coa súa debida explicación. *A posteriori*, amósase tamén a súa abreviatura correspondente, dependendo da categoría gramatical de cada termo.

Xeito 1. *s. m.* Cada unha das posibilidades diversas de facer unha cousa, de interpretar, de actuar, de ser. **2.** *s. m.* Forma máis conveniente ou idónea de facer algo. **3.** *s. m.* Conxunto de características externas que definen a particularidade dunha cousa ou persoa e permiten diferenciala doutras ou de si mesma noutros momentos. **4.** *s. m.* Conxunto de condicións innatas ou adquiridas que permiten realizar certa actividade con éxito. **5.** *s. m.* Maneira óptima de realizar unha actividade que require certos dotes. **6.** *s. m.* Forma natural en que está disposta unha cousa. **7.** *s. m.* Posición ou sentido en que se coloca algo. **8.** *s. m.* Coidado, precaución.

Nalgunhas definicións podemos observar certas palabras en cursiva que non pertencen ao galego estándar, senón que son termos propios da zona. Como tales, veñen definidos e pódense atopar no propio Dicionario.

Quintería 1. *s. f.* Lugar primitivo, común a algúns abadengos ou abadengas do Bierzo. **2.** *s. f.* Imposto de carácter civil que consistía na quinta parte que os vaqueiros, vaqueiras e habitantes da *quintería* pagaban ao convento polos froitos que collían das terras que labraban. **3.** *s. f.* Núcleo de poboación.

2 Sinónimos e variantes

Dentro dalgunhas definicións, e máis concretamente ao final de cada acepción, engadimos algúns sinónimos e variantes, que van seguidos da súa correspondente abreviatura. Amais, cómpre explicar o criterio que utilizamos para clasificar as variantes e os sinónimos que aparecen ao final de cada acepción en letra grosa e separados por un punto e coma. Por unha parte, decidimos incluír como variantes os termos que posuían semellanza co termo que encabeza a definición con respecto á súa fonética e grafía. Por outra parte, clasificamos como sinónimos as palabras que mostraban o mesmo significado, pero que presentaban pouca ou ningunha semellanza gráfica ou fonética en relación co lema.

Rescoldo 1. *s. m.* Po ou conxunto de residuos que quedan de algo que se queimou totalmente. 2. *s. m.* Brasas acesas que se conservan entre a cinsa despois de arder algo. *var.* **Rescaldo**. *sin.* **Borrallo**.

Ademais de aparecer despois da propia acepción do lema en letra negra e grosa, estes sinónimos e variantes contan cunha entrada propia. Deste xeito, despois do sinónimo e da variante aparecerá a súa categoría gramatical correspondente e a palabra véxase, que remitirá á que consideramos como a entrada principal.

Rescaldo* véxase **rescoldo**.

Borrallo* véxase **rescoldo**.

3 Castelanismos

Dentro do *Dicionario do Galego do Bierzo*, tamén incluimos certos castelanismos, xa que moias veces son as únicas formas que se adoitan empregar no Bierzo. Para os podermos identificar, engadimos un asterisco diante de cada palabra, tanto no lema principal, coma na entrada da variante ou do sinónimo.

***Estrapaxo** *s. m.* Útil que serve para fregar, de fío de esparto ou doutros materiais. *var.* **Estropallo**; ***estropaxo**.

Estropaxo véxase ***estrapaxo**.

Abreviaturas

<i>adx.</i>	Adxectivo
<i>pl.</i>	Plural
<i>s. f.</i>	Substantivo feminino
<i>s. m.</i>	Substantivo masculino
<i>s.</i>	Substantivo
<i>sin.</i>	Sinónimo
<i>v. intr.</i>	Verbo intransitivo
<i>v. prnl.</i>	Verbo pronominal
<i>v. tr.</i>	Verbo transitivo
<i>var.</i>	Variante

A modo de reflexións

En primeiro lugar, cómpre destacar que, ao longo do noso estudo, atopamos certas dificultades derivadas da influencia e converxencia léxica tanto da lingua astur-leonesa –nun plano horizontal- coma da lingua castelá –nun plano de interferencia vertical. Astur-leonés e galego, linguas históricas da comarca do Bierzo, compartillan moito léxico en común (*trobo-truébanu, cuito-cuitu, coto-cuetu* etc.) na chaira berciana e en ocasións é difícil sabermos se unha forma dita é un leonesismo ou unha palabra compartida, sobre todo porque os dicionarios ou glosarios “do Bierzo” ou “de León” feitos ata agora mesturaron voces galegas, leonesas e casteláns sen discriminaren a lingua orixinaria de cada palabra.

Por outra banda, o castelán administrativo, escolar e mediático entrou coma un furacán no léxico do Bierzo invadíndoo todo coas súas formas e desprazando e/ou eliminado moito léxico autóctono galegoberciano. Teñamos en conta que o galego no Bierzo está teoricamente recoñecido no Estatuto de Autonomía de Castela e León, pero non goza da cooficialidade que ten o galego en Galicia desde hai 40 anos. Se en Galicia, aínda con oficialidade, galego na escola e na administración, TVG etc., o abuso do castelán é grande, podemos imaxinar o que está a acontecer no Bierzo, onde os prexuízos e os estigmas contra o galego son os de sempre. Secasí, decidimos escolmar as palabras que non nos ofrecían dúbidas en canto á súa galeguidade morfolóxica e fonética, e incluír certos castelanismos adaptados foneticamente por seren as practicamente únicas formas usadas pola maioría ou a totalidade da poboación consultada.

En segundo lugar, ao existiren na comarca diversas falas e variedades microdialectais orais, sabemos que a maioría dos termos que se expoñen neste traballo, agás os xa son normativos ou formas habituais, se transmitiron de forma oral e de xeración en xeración, con todas as súas variacións fonéticas. Non as recollimos todas neste dicionario porque nos podería saír un glosario de innúmeras variantes e entradas. Deste xeito, somos conscientes de que moitas das variantes de cada termo que

expuxemos neste traballo dependen de variedades microdialectais, cando non do idiolecto do informante á quen lle recollemos a palabra. Voluntariamente, decidimos non incluír as formas dalgunha fala do Bierzo baixo que mantén o –L- intervocálico: *doler, calènte, telar, vilorto, palombal...* porque xa están recollidas nas formas que son comuis co galego estándar: *doer, quente, tear, viorto, pombal...*

En terceiro lugar, consideramos que o pobo é o responsable de crear e manter as falas e, polo tanto, contribuír ao mantemento da lingua. Desta maneira, somos conscientes de que, malia a tímida introdución do galego estándar nas escolas do Bierzo, as falas desta comarca poderán seguir evolucionando e cambiando ao longo do tempo, e oxalá o fagan porque iso será sinal de que están vivas. Porque o maior perigo que existe para estas falas é a súa substitución lingüística polo castelán, feito que se vén constatando nos últimos 70 ou 80 anos e agudizando nos últimos 40.

En cuarto lugar, consideramos que o traballo de recollida do léxico do Bierzo é un proceso inacabado, nunca terá un fin e sempre estará aberto á engádegas e incorporación de novos termos. Este dicionario é só un modesto principio dun traballo que nos ha levar toda a vida. Se o lector ou lectora queren, pódennos ir axudando e así irémolo facendo entre todas as persoas que amamos esta lingua.

Con todo, o que si sabemos é que este léxico galegoberciano se utilizou historicamente e se segue a utilizar na actualidade. Agardemos a que, grazas á presenza do galego nas escolas do Bierzo, nunca se perda, xa que, por desgraza, a transmisión familiar da lingua está en gran medida interrompida. Sabemos que aprender unha lingua non é sinónimo de vivir nela, pero é o primeiro paso para o facer. Consideramos que a nosa perspectiva é bastante optimista porque sabemos que o castelán pisa moi forte e pode que nun futuro –se non se toman axiña outras medidas máis eficaces no eido escolar, lexislativo, administrativo e mediático-, se superpoña totalmente ao galego e ao leonés, como en parte xa está a ocorrer na actualidade.

Porén, grazas aos investigadores e ás investigadoras que están a estudar a situación das falas na comarca do Bierzo, grazas aos máis de mil alumnos que –en condicións moi precarias- seguen a estudar a lingua galega nas escolas do Bierzo, e grazas ás persoas que seguen creando obras literarias e científicas nas que recompilan o léxico que tantas persoas empregaron e seguen empregando na actualidade, conseguiremos deixar un legado lingüístico significativo para que as xeracións vindeiras sexan conscientes da riqueza histórica e futura que existe na nosa comarca do Bierzo.

Finalmente, esperamos que o galego siga presente na cultura e na sociedade bercianas e que con persistencia, constancia e amor polo noso traballo poidamos seguir engadindo termos que mostren a presenza e singularidade da lingua galega na nosa terra por medio deste *Dicionario do Galego do Bierzo*.

Carracedelo (O Bierzo), marzo de 2023

Bibliografía

- Albi i. Gutiérrez Tuñón, M. (dir.); Fonteboa López, A. (coord.). (1996). *Atlas Lingüístico de El Bierzo (ALBI). Vol. I. Léxico I*. Instituto de Estudios Bercianos. Ponferrada.
- Albi i. Gutiérrez Tuñón, M. (dir.); Fonteboa López, A. (coord.). (2002). *Atlas Lingüístico de El Bierzo (ALBI). Vol. I. Léxico II*. Instituto de Estudios Bercianos. Ponferrada.
- Alcyl i. Alvar, M. (1999). *Atlas Lingüístico de Castilla y León (I)*. Junta de Castilla y León- Consejería de Educación y Cultura.
- Alcyl ii. Alvar, M.. (1999). *Atlas Lingüístico de Castilla y León (II)*. Junta de Castilla y León- Consejería de Educación y Cultura.
- Alcyl iii. Alvar, M. (1999). *Atlas Lingüístico de Castilla y León (III)*. Junta de Castilla y León- Consejería de Educación y Cultura.
- Alga v. García, C.; Santamarina, A. (dir.). (2005). *Atlas Lingüístico Galego (ALGa). Vol. V. Léxico. O ser humano (I)*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
- Alga vi. García, C.; Santamarina, A. (dir.). (2003). *Atlas Lingüístico Galego (ALGa). Vol. IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
- Alga vi. García, C.; Santamarina, A. (dir.). (2015). *Atlas Lingüístico Galego (ALGa). Volume VI. Léxico. Terra, plantas e árbores*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
- Alpi i. (1962). *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (I). Fonética, I*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Madrid.
- Bello Garnelo, F. (2010). *Léxico y literatura de tradición oral en el entorno de Las Médulas*. Instituto de Estudios Bercianos. Universidad de León. León. Versión dixital. <https://ieb.org.es/images/publicaciones/digitales/LexicoLiteraturaTradicion/LexicoLiteraturaTradicion.pdf>
- Castelo Veiga, A. (2017). *O léxico galego-berciano na obra poética de Antonio Fernández Morales (1817-1896)*. TFG *Cumeira*. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Departamento de Filoloxía e Latina. Vol. 2. Universidade de Vigo. Vigo. Versión dixital http://webh03.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2017/12/10ANDREA-CASTELO-VEIGA_O-1%C3%A9xico-galego-berciano-na-obra-po%C3%A9tica-de-Antonio-Fern%C3%A1ndez-Morales-127-150.pdf
- Costas González, X. H. (2011). *A lingua galega no Eo-Navia, Bierzo occidental, As Portelas, Calabor e o Val do Ellas: historia, breve caracterización e situación sociolingüística actual*. Real Academia Galega. A Coruña.

Cuenya García, M. (2014). *El habla del Bierzo*. Universidad de la Experiencia. Campus de Ponferrada. Versión dixital. https://ateneoleones.weebly.com/uploads/3/1/6/1/31616195/ateneo_leon%C3%A9s_01__2014_-11-21.pdf

Esteban, J. M. (2002). *Vocabulario berciano*. Revista dixital ACTA. N.º. 024. Comunicación e Información. Versión dixital. https://www.acta.es/medios/articulos/comunicacion_e_informacion/024085.pdf

García García, J. J. M. (2015). *La toponimia del Bierzo : (bases para un corpus toponymicus)*. Tese. Universidad Complutense de Madrid. Facultad de Filología. Departamento de Filología. Madrid. Versión dixital. <https://eprints.ucm.es/id/eprint/52857/1/5309861040.pdf>

García Rey, V. (1934). *Vocabulario del Bierzo*. S. Aguirre, Impresor. Madrid. Biblioteca Digital de Castilla y León. Versión dixital. https://bibliotecadigital.jcyl.es/es/catalogo_imagenes/grupo.do?path=10067596

García y García, J. (1997). *Los límites históricos entre el gallego y el asturiano-leonés en el Bierzo*. Cat. De Lengua y Literatura. Ponferrada. N.º 64. 7-20. Versión dixital. <http://www.academiadelalingua.com/lletresasturianas/pdf/Art%C3%ADculu%201-Jes%C3%BAs%20Garc%C3%ADa%20y%20Garc%C3%ADa-Los%20C3%ADmites%20entre%20el%20gallego%20y%20el%20astur-leon%C3%A9s%20en%20el%20Bierzo.pdf>

García y García, J. (2007). *Léxico de la documentación berciana*. Instituto de Estudios Bercianos. Ponferrada.

García y García, J. (2011). *Glosario temático, crítico y etimológico de las hablas de El Bierzo*. Ponferrada.

García, C.; Santamarina, A. (dir.). (2020). *Atlas Lingüístico Galego (ALGa). Volume VII. Léxico. O ser humano (II)*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

González González, M. (dir.): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Versión en liña. <https://academia.gal/dicionario>

Gutiérrez Tuñón, M. (1982). *Apuntes dialectales sobre el Bierzo*. Revista. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares. ProQuest*. 129-136. Versión dixital.

Gutiérrez Tuñón, M. (1986). *El habla del Bierzo*. Instituto de Estudios Bercianos. Ponferrada.

Le Men Loyer, J. Y. (1996). Tese *Repertorio de léxico leonés*. Facultad de Filosofía y Letras. Departamento de Filología Hispánica. Universidad de León. Versión dixital. <http://www.revistacontextos.es/econtextos/Jeannik/JEANNIK1.pdf>

Le Men Loyer, J. Y. (s. d.). *Léxico del leonés actual (LLA)*. Cátedra de Estudios Leoneses da Universidade de León. Versión en liña. <https://lla.unileon.es>

Menéndez Pidal, R. (1906). *El dialecto leonés*. Revista. Revista de archivos bibliotecas y museos. N.º 2 y 3. Versión dixital <https://www.fundacionramonmenendezpidal.org/wp-content/uploads/2018/07/ELDialectoLeones.pdf>

Poncelas, A. (2020). *Contos tradicionais (Bierzo, L. Laciana, Cabreira)*. Ed. Positivas. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

Real Academia Española. *Diccionario de la lengua española*, 23.^a ed. Versión 23.5 en liña. <https://dle.rae.es>

Real academia galega. *Dicionario da lingua galega*. Versión en liña: <https://academia.gal/dicionario>

Rivas Quintas, E. (2019). *Unha cala no Bierzo occidental: (Corullón)*. Silveiro, H.; Macías, F. (eds.) Positivas. Santiago de Compostela.

Seco Orosa, A. (2001). *Determinación da fronteira lingüística entre o galego e o leonés nas provincias de León e Zamora*. Revista. *Revista de Filología Románica*. Vol. 18. 73-102. Versión dixital. <https://revistas.ucm.es/index.php/RFRM/article/view/RFRM0101120073A/11017>

Silveiro, H. (2021). *A personalidade do Bierzo. Territorio e linguas*. Santiago de Compostela: Ed. Positivas-Xunta de Galicia.

Trinidad Crespo, M.; Andina Llanes, J.; Alonso Gundín, Á. (2008). *Aportación al vocabulario popular de la comarca Berciana*. Instituto de Estudios Bercianos. Ponferrada.

A

Abade *s. m.* **1.** Grego, párroco. **2.** Superior dun mosteiro.

Abadesa *s. f.* Superiora dun convento.

Abadía *s. f.* **1.** Igrexa e mosteiro rexidos por un abade. **2.** Territorio dependente dun mosteiro.

Abafada, do **1.** *adx.* Persoa que sente unha sensación de desacougo ante unha situación desagradable e insistente. **2.** *adx.* Persoa que sente abafo, que ten dificultade para respirar. **3.** *adx.* Algo cuberto de bafo. **4.** *adx.* Recinto que está mal ventilado. **5.** *adx.* Persoa que se encontra inchada por todo o seu corpo. **6.** *adx.* Persoa, animal ou cousa que desprende un cheiro desagradable.

Abafar **1.** *v. tr.* Cubrir de bafo algo, especialmente un cristal ou un metal. **2.** *v. tr.* Dificultarlle ou impedirlle a respiración a alguén. *sin.* **asfixiar.**

Abaixadeiro **1.** *s. m.* Lugar por onde se pode baixar. **2.** *s. m.* Costa, terreo en pendente.

Abaixar **1.** *v. tr.* Facer pasar a un lugar ou posición menos elevados. **2.** *v. tr.* Facer que algo vaia de máis a menos. **3.** *v. intr.* Ir ou moverse cara abaixo. *var.* **abaxar; baxar; baixar.**

Abalar *v. intr.* Apresurarse, mover, abreviar.

Abalecar* véxase **balear.**

Abanar véxase **abanear.**

Abanear **1.** *v. tr.* Mover, facer oscilar unha persoa ou unha cousa sen cambiala de lugar. *var.* **Abanegar.** **2.** *v. tr.* Limpar o gran con cribas. *var.* **Abanar.**

Abanegar* véxase **abanear.**

Abangada, do **1.** *adx.* Póla da árbores dobrada ou inclinada. **2.** *adx.* Persoa dobrada ou inclinada.

Abangar **1.** *v. tr.* Torcer e dobrar unha cousa. **2.** *v. prml.* Torcerse e dobrarse unha cousa. **3.** *v. tr.* Mover as pólas das árbores. **4.** Forzar movementos de pólas ou extremidades.

Abanto *s. m.* Vara de tres metros de lonxitude aproximadamente, terminada en forma de forza, a cal se une nunha rede en forma de saco e que se emprega cando o río ben lodoso.

Abarca **1.** *s. f.* Clase de calzado que se usa sobre todo no verán para ir ás segas e que se compón do piso ou sola, xeralmente de caucho, e

dunhas correas. **2.** *s. f.* Zoco de madeira. *var.* **Albarca.**

Abatigar *v. tr.* Salpicar, especialmente pulverizar a roupa. *var.* **baticar.**

Abaxar* véxase **abaixar.**

Abeiradoiro *s. m.* Refuxio, acubillo, resguardo.

Abeirarse *v. prml.* **1.** Resgardarse, gorecerse especialmente do frío, baixo unha cuberta etc. *var.* **asoubeirarse.** **2.** Arrimarse, achegarse.

Abelá* véxase **abraira.**

Abelaira véxase **abraira.**

Abella *s. f.* Insecto da orde dos himenópteros, de cor castaña e duns quince milímetros de lonxitude, que vive organizado socialmente en comunidades, ben en estado natural ou ben en colmeas feitas polo home, e que produce mel e cera.

Abelleira, ro *s.* Persoa que coida das colmeas.

Abellón **1.** *s. m.* Insecto himenóptero semellante á abella, pero máis grande, que fai moito ruído ao voar e vive no chan, en pequenas comunidades, e do que existen varias especies. *sin.* **abellorro; rombón; romballón.** **2.** *s. m.* Insecto da familia dos tabánidos, de forma parecida á mosca pero máis grande, que pica o gando e as persoas para lles chuchar o sangue. *sin.* **tabao; tártago; tártaro; moscón.**

Abellorro* véxase **abellón.**

Abelorio *s. m.* Xoia, doa ou adorno rechamante.

Aberruntar **1.** *v. tr.* Barruntar, prever un acontecemento a partir dalgún indicio, ver vir unha cousa. **2.** *v. tr.* Presumir, dar ou ter indicios de que unha cousa é ou pode ser.

Abesoiro *s. m.* Insecto da orde dos himenópteros semellante á abella, pero máis grande, que fai moito ruído ao voar e vive no chan, en pequenas comunidades e do que existen varias especies. *var.* **abesouro.**

Abesouro véxase **abesoiro.**

Abiecas *s. f. pl.* Orelleiras do arado.

Abimiar* véxase **bimar.**

Abondar* véxase **bondar.**

Aboquizar **1.** *v. tr.* Abrir a boca ante a calor ou a fatiga. **2.** *v. prml.* Secarse algo polo sol ou o aire, especialmente as plantas.

Aborar 1. *v. prml.* Queimarse sen chegar a arder. **2.** *v. tr.* Agostar, muchar.

Aborrallar 1. *v. tr.* Manchar de cinsa, tisnar encher de borrallo. **2.** *v. tr.* Cubrir de cinsa un terreo para que sirva de fertilizante. **3.** *v. tr.* Queimar un campo ou un monte para facer despois a sementeira. **4.** *v. prml.* Cubrirose o ceo de nubes delgadas que só desprenden babuxa, cunha especie de fume ou vapor que semella a borrala. **5.** *v. prml.* Envolverse, mesturarse.

Aborrar *v. tr.* Queimar por completo, especialmente cando a combustión se realiza sen chama.

Aborroar *v. tr.* Facer borrons de terra ou herbas inútiles para queimalas. *var.* **aborroear.**

Aborroear* véxase **aborroar.**

Abraeira* véxase **abraira.**

Abraira 1. *s. f.* Arbusto da familia das betuláceas, de tres a oito metros de altura, con moitas pólas, follas anchas e cordiformes e madeira dura, que dá como froito a abelá. *var.* **Abraeira; abraneiro; abelaira.** **2.** *s. f.* Froito da abeleira, de forma case esférica e cuberto dunha casca dura, que encerra unha semente oleaxinosa comestible de cor branca e sabor agradable. *var.* **abelá.**

Abranal *s. m.* Sitio poboado de abeleiras.

Abrancazar *v. prml.* Poñerse ou volveuse unha cousa branca.

Abrandar *v. tr.* 1. Poñer branda unha cousa. *sin* **Amolecer.** 2. Suavizar ou remitir unha enfermidade.

Abraneiro* véxase **abraira.**

Abrazadeira 1. *s. f.* Peza de metal ou doutra materia que serve para asegurar unha cousa. **2.** *s. f.* Pedra que abarca todo o largo da parede e sobresa na fachada. **3.** *s. f.* Cada unha das correas que fixan a mediana que une os dos paus do mallo.

Abrigado *s. m.* Lugar afastado ou illado que está quente e resgardado dos ventos.

Abrigo *s. m.* 1. Roupas que protexe do frío. **2.** Lugar protexido das inclemencias do tempo. *var.* **abrigadoiro** *sin.* **abeiradoiro; acubillo.**

Abrigar *v. tr.* e *v. prml.* 1. Cubrir con roupa para tornar o frío. **2.** Protexer das inclemencias do tempo.

Abriu 1. *v. tr.* Separar unha cousa móbil que tapa ou cobre unha abertura de xeito que esta

quede libre. **2.** *v. tr.* Fender, rachar, dividir. **3.** *v. tr.* Deixar ao descuberto unha cousa.

Abruñal véxase **gruñeiro.**

Abruño 1. *s. m.* Froito esférico, áspero e moi acedo, dun centímetro aproximadamente de diámetro, dado por unha especie de ciroleira silvestre, espiñosa e arbustiva, que adoita poñerse en augardente e abunda nas sebes vivas. **2.** *s. m.* Ameixeira brava. **3.** *s. m.* Arbusto da familia das ericáceas, propio de zonas de montaña húmidas e sombrizas, de follas moi brillantes e flores brancas ou tirando a rosa, que ten como froito unha baga comestible de sabor doce e cor azul escura tirando a negra. *var.* **bruño.** *sin.* **gruño.**

Abubela* véxase **bubela.**

Abundanza *s. f.* Gran cantidade, cantidade superior á necesaria.

Aburacar véxase **furacar.**

Aburrída, do *adx.* 1. Pouco amena ou divertida. **2.** véxase **triste.**

Aburrimento *s. m.* 1. Estado de quen se aburre. 2. Cousa pouco divertida.

Aburrir(se) *v. tr.* e *v. prml.* 1. Causar aburrimento. 2. Estar sen estímulo, sen ansia.

Abutalla 1. *s. f.* Vaca que ten os cornos moi abertos. **2.** *s. f.* Vaca que cornea.

Acachopar *v. tr.* Poñer oco un tronco dunha árbore.

Acadar 1. *v. tr.* Conducir auga ou o gando. **2.** *v. tr.* Recoller o gando para o tornar ao curral. **3.** *v. tr.* Coller coa man algo que apenas está ao alcance.

Acaer *v. intr.* Axustar ben, sentar ben.

Acalentar *v. tr.* Arrolar, imprimir movemento de vaivén, especialmente ao berce onde dormen meniños e meniñas.

Acamarse 1. *v. prml.* Meterse na cama. **2.** *v. prml.* Tombarse, inclinarse o centeo, o millo e outros cereais no campo e formar camas a causa do vento e da chuvía. **3.** *v. prml.* Dobrarse as espigas que están cheas de grao unhas sobre as outras.

Acamelador, ra* véxase **lambecús.**

Acamelar *v. tr.* Seducir ou enganar con adulacións. *var.* **camelar.**

Acantear *v. tr.* Tirar pedras ou cantos a alguén ou a algo.

Acantilado *s. m.* Conxunto de táboas postas a cantil.

Acantilador *s. m.* Instrumento de carpintería que serve para cortar as táboas en ángulo recto e preparalas para agargalalas.

Acantilar **1.** *v. tr.* Ensamblar dúas táboas de xeito que o macho dunha delas encaixe perfectamente na femia da outra. **2.** *v. tr.* Labrar co cantil os cantos dunha peza de madeira para que despois se poida unir co canto doutra.

Acanuzo *s. m.* Cinsa moi fina, pequenas partículas que saen voando dende as chemineas das cociñas que están acendidas e que son impulsadas pola forza do lume. *sin. charamusca.*

Acariciar* véxase **acariñar.**

Acariñar **1.** *v. tr.* Manifestar ou sentir inclinación cariñosa cara a unha persoa, animal ou cousa.

2. *v. tr.* Facer caricias ou aloumiños. **3.** *v. tr.* Tranquilizar con mimos ou caricias a un neno ou nena que chora. *var. Aloumiñar; acariciar.*

Acarolar *v. intr.* Poñerse oco, apodrentarse por dentro un tronco dunha árbore.

Acarrancharse **1.** *v. prnl.* Ir da parte baixa á parte alta de algo. **2.** *v. prnl.* Cabalgar ás carranchapernas ou adoptar esta postura. *var. Escarrancharse.*

Acarrear* véxase **acarrexar.**

Acarreirar *v. tr.* Conducir a auga.

Acarretar *v. tr.* Pasar a carreta sobre a terra cos bois para desfacer os terróns.

Acarrexa *s. f.* Acción de *acarrexar.*

Acarrexar **1.** *v. tr.* Transportar no carro os cereais dende a terra á eira. **2.** *v. tr.* Transportar o pan. **3.** *v. tr.* Transportar algo nun carro. **4.** *v. tr.* Colocar, dispoñer en carrexos os montóns ou os feixes do cereal. *var. acarrear; carrexar.*

Acaruncharse **1.** *v. tr.* Coller couza ou caruncho a madeira. **2.** *v. prnl.* Encouzarse a madeira.

Acazapar **1.** *v. tr.* Furtar, roubar. **2.** *v. intr.* Agochar o corpo para ocultarse.

Aceda **1.** *s. f.* Planta herbácea da familia das poligonáceas, da que existen diversas especies silvestres ou cultivadas, de follas grosas e de sabor acedo, que se utiliza na cociña como condimento ou en ensaladas e que ten tamén aplicacións medicinais. *var. acedeira. 2. adx.*

Alimento de sabor semellante ao do limón ou ao do vinagre.

Acedeira véxase **aceda** **1.**

Acedo *s. m.* Leite agre e cortado. *sin. zarrapacho.*

Aceiro *s. m.* Aliaxe de ferro e carbono, susceptible de adquirir propiedades moi variadas mediante tratamentos térmicos, mecánicos ou fisicoquímicos.

Aceite *s. m.* **1.** Líquido que se obtén ao exprimer as olivas ou grans e sementes como a noz, o coco ou o xirasol que se usa para preparar alimentos, mais tamén cremas e ungüentos. **2.** Líquido oleaxinoso obtido por destilación dalgúns minerais coma o lignito ou a hulla.

Aceiteira *s. f.* Vasilla de folla de lata ou doutros materiais, en xeral de forma cónica, na que se garda o aceite para diversos usos.

Acenar **1.** *v. intr.* Facer acenos. **2.** *v. intr.* Realizar movementos ou sinais coa man, coa cabeza, cos ollos ou con outra parte do corpo u obxecto para expresar algo sen palabras. **3.** *v. intr.* Facer sinais ou ademáns a unha persoa para que veña.

Aceno *s. m.* Xesto que se fai co rostro ou con outra parte do corpo para manifestar un estado de ánimo.

Acestar *v. tr.* Encher de novo algo que antes foi baleirado ou que estaba oco.

Acevedo* véxase **xardoal.**

Acevo* véxase **xardón.**

Achafallar *v. tr.* Facer unha cousa mal ou á présa. *var. achanfallar.*

Achagar *v. tr.* Facer chagas.

Achaiair **1.** *v. tr.* Pór chao ou rasar a superficie dun terreo ou de calquera outra cousa. **2.** *v. tr.* Subir unha costa para chegar ao terreo chan. *var. achandar.*

Achandar véxase **achaiar.**

Achanfallar* véxase **achafallar.**

Achantarse **1.** *v. prnl.* Estar unha persoa quieta, sosegada, someterse con facilidade. **2.** *v. prnl.* Permanecer unha persoa encollida e quedarse quieta e silenciosa. **3.** *v. prnl.* Conformarse, calmarse ou abandonar as propias intencións. **3.** *v. prnl.* Retirarse da vista, pórse en lugar secreto.

Achega *s. f.* Engadido, contribución.

Achegar 1. *v. tr.* Poñer algo ou a alguén cerca ou a menor distancia. 2. *v. prnl.* Poñerse cerca ou a menor distancia unha persoa, aproximar.

Achiperres *s. m. pl.* Cachifallos, conxunto de obxectos mesturados. *var.* **cachiperres.**

Achisparse *v. prnl.* Perder unha persoa as facultades por culpa da bebida.

Achourizar *v. tr.* Facer chourizos e dividir cun cordel delgado a tripa que contén o adobo.

Acichar* véxase **embiscar.**

Acimentar *v. tr.* Poñer os cimentos dun edificio ou construción. *var.* **cimentar; encimentar.**

Acinchar* véxase **cinchar.**

Acingadeiro* véxase **cingadeiro.**

Acingar 1. *v. tr.* Abanear, arrandear. 2. *v. tr.* Arrandear. 3. *v. tr.* Mover, balancear, cimbrar ou sacudir algo, especialmente as árbores.

Acirrar* véxase **embiscar.**

Acivo véxase **xardón.**

Acivro véxase **xardón.**

Acochar 1. *v. tr.* Arrimar, acercar. 2. *v. tr.* Resgardar, abanar o neno ou a nena no colo. 3. *v. tr.* Protexer, acercar, tapar. *var.* **acuchar.**

Acolmeirar *v. tr.* Facer colmos, poñer a herba ou a palla en colmos.

Acomodar 1. *v. tr.* Colocar ben, axustar, axecitar unha cousa. 2. *v. intr.* Convir, estar de acordo.

Aconcellar* véxase **concellar.**

Aconchegar 1. *v. tr.* Cubrir con coidado persoas e cousas. 2. *v. tr.* Poñer a terra ao redor das plantas. 3. *v. tr.* Cubrir o lume con cinza. 4. *v. tr.* Achegar con coidado. 5. *v. tr.* Acomodar, arranxar.

Acorar *v. tr.* Facer tremar de medo, asustar, estremecer.

Acordanza *s. f.* Pegada que algo do pasado deixa na memoria e que vén a ela nun momento determinado. *sin.* **lembranza; recordo; memoria.**

Acordar *v. tr.* 1 Tomar un acordo entre varias persoas. 2. *v. tr.* Decidir, resolver. 3. *v. tr.* Conservar na memoria. *sin.* **lembrar; recordar.**

Acordo *s. m.* 1. Decisión tomada en común. 2. Coincidencia de opinións. 3. véxase **acordanza.**

Acougar *v. intr.* Poñer(se) tranquilo, calmar(se), tranquilizar(se), desenfadar(se).

Acougo *s. m.* Tranquilidade, sosego, calma.

Acoutar *v. tr.* Poñer lindes ou límites a unha terra ou herdade.

Acrarear 1. *v. tr.* Volver lavar a roupa ou a vaixela só con auga para quitarlle o xabón. 2. *v. tr.* Poñer en claro, manifestar, explicar. 3. *v. prnl.* Disiparse as nubes ou a nebra. *v. prnl.* Limpase o viño.

Acribar 1. *v. tr.* Cribar o gran de calquera cereal. 2. *v. tr.* Pasar algo pola criba ou cribo para limpalo do que interesa separar, coma a fariña do farelo ou o gran da palla. *sin.* **peneirar.**

Acriquense 1. *v. prnl.* Retirarse da vista, pórse en lugar secreto. 2. *v. prnl.* Contraerse ou dobrarse unha persoa ou unha parte do seu corpo. 3. *v. prnl.* Poñerse en crequenás. *var.* **encriquense; encrequense. sin. escurruense.**

Acuchar* véxase **acochar.**

Acouloutrada, do 1. *adx.* Persoa curiosa, mañosa, que ten curiosidade ou maña para facer as cousas. 2. *adx.* Persoa que ten paciencia, aguante, calma.

Acuriosar 1. *v. tr.* Arranxar, dispoñer, ordenar as cousas da casa. 2. *v. tr.* Asear, limpar unha cousa ou unha persoa.

Acurrucarse* véxase **acurrucharse.**

Acurrucharse *v. prnl.* Encollerse polo frío ou medo, agacharse, poñerse en crequenás unha persoa. *var.* **acuruxarse; acurruxarse; encuruxarse; acurrucarse.**

Acurrucarse* véxase **acurrucharse.**

Acuruxarse* véxase **acurrucharse.**

Adecán, na *adx.* Persoa pilla, pícaro.

Adiantar *v. tr.* Gañarlle a dianteira a algo ou a alguén.

Adiviñanza véxase **cousiliña.**

Adiviñar *v. tr.* Chegar a coñecer unha cousa oculta ou ignorada mediante conxectura, intuición ou calquera método non científico.

Adobar 1. *v. tr.* Poñer en adobo as carnes ou outras cousas paraazonais e conservalas. 2. *v. tr.* Preparar, sazonar a carne, especialmente os chourizos, os xamóns, o lombo e as costelas do porco con pemento, sal ou allo. *var.* **adobar.**

Adobe 1. *s. m.* Bloque compacto de arxila secada ao sol, ás veces mesturada con palla, que se emprega na construción. 2. *adx.* Persoa que ten poucas luces.

Adobo 1. *s. m.* Carne, especialmente a de porco, preparada na artesa con pemento, sal e outros ingredientes. *var.* **adoubo**.

Adoitar véxase **afacer**.

Adoubar* véxase **adobar**.

Adoub* véxase **adobo**.

Adral 1. *s. m.* Cada unha das táboas ou armazón de varas, colocadas de forma lonxitudinal ao longo do carro, que se poñen sobre os estadullos para suxeitar a carga e para transportar esterco, patacas ou castañas. *var.* **ladral**.

Adulador, ra* véxase **lambecús**.

Adular *v. tr.* Loar en exceso e de maneira servil ou tratar de agradar a alguén por interese propio ou por comenencia. *sin.* **louvar**.

Afacediza, zo 1. *adx.* Persoa acomodada, axustada, avinda a determinadas circunstancias ou condicións e nas que se encontran a gusto. **2.** *adx.* Persoa morriñosa. **3.** *adx.* Persoa pouco decidida.

Afacer 1. *v. tr.* Ter algo por costume. *sin.* **adoitar**, **acostumar**. **2.** *v. prnl.* Adaptarse, acomodarse, axustarse, avirse a determinadas circunstancias ou condicións. **3.** *v. prnl.* Volver meter a soga do carro do feo.

Afachar *v. tr.* Sinalar, marcar con fachos un terreo.

Afagumarse *v. prnl.* Afogarse, asfixiarse polo fume.

Afagar 1. *v. tr.* Loar alguén en exceso, por interese propio ou comenencia. **2.** *v. tr.* Producir agrado, satisfacción ou vaidade. **3.** *v. tr.* Facerlle caricias a alguén. **4.** *v. prnl.* Poñerse unha persoa mimosa. *var.* **falagar**; **afalagar**.

Afalagar* véxase **afagar**.

Afamiar* véxase **esfamear**.

Afeilloga* véxase **filloa**.

Aferrañar *v. tr.* Cortar a forraxe, especialmente o orxo ou cebada.

Aferrar 1. *v. tr.* Ferrar, poñer aos animais o ferro ou a ferradura. **2.** *v. tr.* Poñer un anel ás vacas e bois no nariz para suxeitalos dende el cunha corda e ao alame que se lle pon aos porcos para que non focen. **3.** *v. tr.* Traballar o ferro.

Afillada, do *s.* Persoa que recibiu o bautismo, en relación co seu padriño ou madriña.

Afillar *v. tr.* **1.** Ser o padriño ou a madriña do bautismo. **2.** Ser legalmente o pai ou nai de quen non é fillo biolóxico.

Afinarse *v. prnl.* Volverse débil.

Afincar 1. *v. tr.* Cravar unha estaca. **2.** *v. tr.* Cravar ou apertar algo. **3.** *v. prnl.* Poñerse de xeonllos.

Afocicar véxase **focicar**.

Afogamento *s. m.* Acción ou efecto de afogar.

Afogar 1. *v. tr.* Dificultar seriamente a respiración, deixar sen alento. **2.** *v. tr.* Soprar para que se apague unha chama. **3.** *v. tr.* Matar unha persoa ou animal impedíndolle respirar, en particular se se somerxe nun líquido. **4.** *v. prnl.* Suicidarse mergullándose na auga ou impedindo a respiración propia.

Afogueirar 1. *v. tr.* Facer fogueiras, acender fogueiras, especialmente as fogueiras que se prenden na noite da véspera dalgunha festividade, coma a de San Xoán. **2.** *v. tr.* Queimar algo por completo.

Afondar *v. tr.* Facer máis fonda unha cavidade ou burato.

Aforcar 1. *v. tr.* Quitarlle a vida a alguén ao colgalo polo pescozo. **2.** *v. prnl.* Suicidarse colgándose polo pescozo cunha corda.

Aforrar *v. tr.* Evitar un gasto ou consumo, especialmente de diñeiro.

Aforro *s. m.* Diñeiro gardado.

Afouciñar *v. tr.* Segar co fouciño, como se fose unha gadaña as puntas dun cereal ou doutras herbas.

Afrouxar *v. tr.* Poñer algo frouxo ou máis frouxo do que estaba.

Afuciñar* véxase **focicar**.

Afumar 1. *v. tr.* Someter á acción do fume. **2.** *v. prnl.* Queimarse a comida. **3.** *v. prnl.* Enfadarse unha persoa. **4.** *v. prnl.* Agarrarse a comida ao fondo do recipiente. *sin.* **apegarse**; **amarrarse**; **esturrarse**.

Afuracar* véxase **furacar**.

Afurruxada, do* véxase **enfurruxada, do**.

Afurruxar* véxase **enferruxar**.

Agachar *v. tr.* Retirar da vista, pór en secreto. *sin.* **agochar**; **esconder**; **ocultar**.

Agallas *s. f. pl.* Cada un dos dentes do martelo que están situados na parte oposta da cabeza e que serven para sacar cravos ou puntas.

Aganchar *v. intr.* Botar moitos talos a mata do cereal.

Agarduñar 1. *v. tr.* Coller unha cousa que lle pertence a outra persoa mediante engano ou violencia. *sin.* **roubar.** **2.** *v. tr.* Rabuñar con garduñas ou ourizos.

Agargalar 1. *v. tr.* Facer unha canle para ensamblar táboas. **2.** *v. tr.* Facer un tallo ou corte nunha madeira.

Agarrada *s. f.* Pelexa, loita de reses ou de persoas mozas.

Agarradeira 1. *s. f.* Parte dun obxecto, xeralmente en forma de arco, pola cal pode ser collido. *sin.* **asa.** **2.** *s. f. pl.* Persoa poderosa ou influínte que pode facer favores.

Agarrar 1. *v. tr.* Coller coa man asindo con forza. **2.** *v. intr.* Botar raíces unha planta ou unha semente. **3.** *v. intr.* Quedar preñada a femia dos animais. **4.** *v. prnl.* Pelexarse. *var.* **garrar.**

Agavanceira 1. *s. f.* Especie de roseira silvestre, con follas algo agudas e sen pelo, de talo liso, con dous aguillóns alternos, flores encarnadas e unha baga carnosa por froito, coroada de cortaduras e de cor vermello cando está madura, que se usa en medicina. *var.* **garavanceira; garvanceira; garvanceiro agavanceira.** *sin.* **silva garavanceira; silva macho.** **2.** *s. f.* Froito desta planta. **3.** *s. f.* Doa dun colar natural que se elabora co froito das roseiras silvestres. *sin.* **agavanzo; agavanza.**

Agavanza véxase **agavanceira.**

Agavanzo véxase **agavanceira.**

Agavelar *v. tr.* Facer gavelas. *var.* **engavelar.**

Agao* véxase **auga.**

Agostar *v. intr.* Secaren ou queimárense as plantas pola excesiva calor do verán.

Agromar 1. *v. intr.* Brotaren os grelos ou xemas dunha planta, especialmente a pataca debaixo da terra ou na adega polo efecto da humidade ou por outras causas. *sin.* **engrelar; grelar.** **2.** *v. intr.* Nacer ou brotar xemas ou gromos nas plantas. **3.** *v. prnl.* Poñerse grumosa unha comida. **4.** *v. prnl.* Formarse gromos ou callóns nas plantas. **5.** *v. prnl.* Poñerse dura algunha cousa.

Aguadeiras *s. f. pl.* Armazón de madeira, esparto, vime ou material semellante, con divisións, que se coloca sobre as cabalerías para levar auga en cántaros ou barrís.

Aguantar 1. *v. tr.* Resistir pesos ou traballos. **2.** *v. tr.* Soportar, tolerar con desgusto algo ou

unha persoa molesta ou desagradable. *sin.* **Aturar.**

Aguante 1. *s. m.* Acción de resistir ou resistirse. **2.** *s. m.* Calidade de quen atura as adversidades e as desgrazas sen rebelarse.

Aguaparse *v. prnl.* Volverse ou facerse algo ben parecido. *var.* **enguapecerse.**

Aguardar *v. tr.* Permanecer certo tempo nun lugar ou nunha situación ata que chegue algo ou alguén ou se produza algo. *sin.* **esperar.**

Aguazada 1. *s. f.* Comida moi caldosa e eslamiada. **2.** *s. f.* Auga sucia de lavar a vasilla. **3.** *s. f.* Comida para os porcos.

Aguda, -do 1. *adx.* Que ten forma apuntada ou afiada. **2.** véxase **esperta, -to.**

Aguiceira *s. f.* Niño de aguias. *var.* **aguileira.**

Aguillada *s. f.* Pau longo con punta de ferro no extremo que se utiliza para tanguer o gando vacún. *var.* **guillada.**

Aguilladazo *s. m.* Golpe que se dá coa aguillada.

Aguillar 1. *v. tr.* Pincar coa aguillada. **2.** *v. intr.* Alixeirar, darse présa ou dar présa. **3.** *v. tr.* Arrear pouco a pouco o gando sen impedir que paste.

Aguilloada *s. f.* Picada coa aguillada.

Aguilloazo *s. m.* Punzada do aguillón.

Aguillón 1. *s. m.* Cravo ou punta de ferro que leva a aguillada nun extremo. **2.** *s. m.* Aquilo que estimula. **3.** *s. m.* Puga que teñen no extremo do abdome algúns insectos, como a abella ou a avéspora, e outros invertebrados, como o alacrán, co que pican e inoculan veneno. *sin.* **pico; ferrete.** **4.** *s.* Persoa de mal carácter.

Aguión 1. Viga que suxeita o *cume* nos extremos deste. **2.** *s. m.* Viga do tellado que limita de forma vertical e marca a divisoria de augas, ou sexa, a altura do triángulo formado polas *tixoiras* e o *sobremurio*. *var.* **aguilón.**

Agulla *s. f.* Barra fina de metal ou doutro material, que acaba en punta por un extremo e polo outro ten un orificio, ollo ou cu, por onde se pasa un fío ou un cordel para coser e bordar.

Agulleiro *s. m.* Estoxo pequeno, xeralmente de forma cilíndrica, onde se gardan as agullas.

Agurú *s. m.* Berro de alegría agudo, forte e prolongado que se emite cando se está de festa. *var.* **agurulo.**

Aguruar 1. *v. intr.* Emitir ouveos un animal. **2.** *v. intr.* Gritos de xúbilo cos que se adoita

rematar as cancións, os bailes, as roldas nocturnas e outras manifestacións populares de ledicia. *var.* **agurular**.

Agurular* *v. intr.* véxase **aguruar**.

Agurulo* *s. m.* véxase **agurú**.

Aguzada* véxase **lavaza**.

Aguzar *v. tr.* Facer máis aguda a punta ou o gume dunha arma, un instrumento de corte ou outro obxecto.

Aguzo *s. m.* Pequeno pau seco de urce que serve para alumear. *sin.* **Ganzo, gancio**.

Aiga *s. f.* Ave de rapina diúrna da familia dos falcónidos, da que existen varias especies, de gran forza e tamaño, co peteiro curvo, garras fortes e vista moi aguda, que constrúe o seu niño en lugares escarpados das altas montañas.

Aira véxase **eira**.

Airada véxase **eirada**.

Aire *s. m.* **1.** Vento, corrente. **2.** Semellanza, parecido.

Airón *s. m.* Vento forte.

Aixada *s. f.* Instrumento de labranza formado por unha pa de ferro por un extremo e un ollo onde se insire o mango no outro, que se usa para cavar. *var.* **eixada**. *sin.* **batedeira**.

Ala 1. *s. f.* Cada unha das extremidades superiores do corpo das aves, dos insectos e dalgúns outros animais que lles serven para voar. **2.** *s. f.* Parte superior da nasa que rodea a boca e sobresa dela. **3.** *s. f. pl.* Extremos das chedas do carro.

Alabadiza, zo *adx.* Persoa presumida, xactanciosa.

Alagar véxase **asalagar**.

Alamar 1. *s. m.* Farrapo nos vestidos rechamantes. **2.** *s. m.* Fargallo nos vestidos esfarrapados.

Alame *s. m.* Fío metálico.

***Alambreira** *s. f.* Tea metálica para choer leiras, galiñeiros etc.

Alampar 1. *v. tr.* Apropriarse de algo que pertence a outra persoa. **2.** *v. intr.* Avanzar o lume con rapidez. **3.** *v. intr.* Producir moita luz ou resplandor. **4.** *v. prml.* Pórse unha persoa colorada ou encarnada. **5.** *v. tr.* Deixar liso sen vexetación un prado ou unha sementeira. **6.** *v. tr.* Segar unha persoa ou comer os animais toda a herba e non deixar nada. **7.** *v. intr.* Ter unha ansia grande por algo, en especial por

comer ou beber. **8.** *v. intr.* Sentir un ardor ao comer que dan ganas de beber. *var.* **lampar**. **9.** *v. intr.* Arder con chama.

Alasar 1. *v. tr.* Desatar, desenlazar unha cosa de outra. **2.** *v. tr.* Afrouxar algún atado ou correa.

Alba véxase **alborada 1**.

Albarca* véxase **abarca**.

Albardar 1. *v. tr.* Poñer a albarda. **2.** *v. tr.* Recibir ou dar golpes.

Albardeira, ro 1. *s.* Persoa que fai, vende ou compón albardas ou outros artigos de coiro. **2.** *s. e adx.* Persoa de pouco valor, en especial se é pouco hábil no traballo.

Alberdeiro *s. m.* Arbusto da familia das ericáceas, de folla sempre verde, que pode chegar aos cinco metros de altura, florece polo inverno e dá un froito doce e redondo de ata tres centímetros, vermello por fóra e amarelo por dentro. *sin.* **érbedo; erbedeiro**.

Alborada 1. *s. f.* Primeira luz do día. *sin.* **alba; amencer**. **2.** Toque ou música ao amencer ao aire libre durante as festas da aldea ou lugar.

Alborotear 1. *v. tr.* Causarlle inquietude, quitarlle a serenidade ou tranquilidade a unha persoa. **2.** *v. tr.* Facer que unha cousa sexa distinta de como era ou cambiar a súa orde ou colocación, natureza, aspecto, composición ou propiedades.

***Albortar 1.** *v. intr.* Malpariren os animais, especialmente as vacas. **2.** *v. intr.* Botar un ou máis eructos.

***Alborto 1.** *s. m.* Produto do aborto. **2.** *s.* Persoa moza desmedrada e con crecemento incompleto.

Alcacén* véxase **ferraña**.

Alcacer véxase **ferraña**.

Alcaiata *s. f.* Cravo ou parafuso que se dobra en ángulo ou que forma unha curva ou un aro no extremo máis groso e que se emprega para pendurar cousas nel.

Alcalde, sa 1. *s.* Máxima autoridade civil dunha pedanía ou parroquia, ou dun concello. **2.** *s.* Persoa moza encargada de presidir e organizar certas reunións. Nalgunhas aldeas do Bierzo Baixo como Toural de Meraio ou Devesas forman asociacións presididas polo rei ou alcalde, a quen todas as persoas prestan obediencia. Para entraren nela, as persoas mozas que cumpriron dezaseis anos,

solicítano, previo o pagamento da patente, que consiste en viño para todas as persoas asociadas, despois do cal, a persoa solicitante adquire os dereitos das demais persoas como saír de ronda, cortexar ou participar nas comidas que a mocidade celebra en certas festividades, o que non pode facer a persoa forasteira que corteixe sen antes pagalo.

Alcipestre *s. m.* Árbore da familia das cupresáceas, de tronco medianamente groso e moi alto, con pólas erguidas e pegadas a el, copa en forma de cono e follas pequenas, mestas e de cor verde escura. *var.* **Cipestre**.

Alcorxar* véxase **arcoxar**.

Alcoxo* véxase **arcoxo**.

Alcozo* véxase **arcoxo**.

Aldaba *s. f.* Aparello ou tranca composto principalmente por unha barra de ferro que serve para pechar portas ou ventás.

Aldea *s. f.* Poboación con poucas vivendas e poucos habitantes. *sin.* **lugar, pobo**.

Aldrobas 1. *adx.* Persoa moi falangureira, que di cousas con pouco xuízo e pouco peso. **2.** *adx.* Persoa rexoubeira. **3.** *adx.* Persoa mentireira.

Aledar véxase **alegrar**.

Alegrar 1. *v. tr.* Poñer contento. **2.** *v. prnl.* Poñerse contento. *sin.* **aledar, contentar**.

Alegre véxase **leda, do**.

Alegría 1. *s. f.* Estado de ánimo de quen está contento ou é feliz. **2.** *s. f.* Sentimento de pracer e satisfacción. *sin.* **ledicia; contento**.

Aleitar 1. *v. tr.* Dar de mamar, poñer as crías dos animais a mamar. **2.** *s. m.* Plantas que teñen un zume semellante ao leite.

Aleixar 1. *v. tr.* Coñecer o preñado das vacas. **2.** *v. intr.* Estar a vaca en tempo próximo ao parto. **3.** *v. prnl.* Distenderse o ubre da vaca.

Aleixo 1. *s. m.* Ubre das vacas. **2.** *s. m. pl.* Peitos da muller.

Alfaia 1. *s. f.* En xeral, recipiente cóncavo ou plano que se utiliza para conter líquidos ou alimentos. *sin.* **louza**. **2.** *s. f. p.* Conxunto de pertenzas (louza, roupa etc.) que unha noiva achegaba ao matrimonio. *sin.* **enxoval**.

Alfaiar *v. tr.* Encher unha alfaia.

Alfaraute *adx.* Persoa que ten moita forza, pero que a emprega mal.

***Alfileteiro 1.** *s. m.* Almofada pequena na que se cravan alfinetes. **2.** *s. m.* Estoxo pequeno no que se gardan os alfinetes.

Alforxa *s. f.* Saco ou bolsa dobre que, posto nos ombros ou ao lombo de certos animais, serve para levar unha carga e repartir o peso.

Alforxar *v. tr.* Encher demasiado.

Algueiro* véxase **argueiro**.

***Alhaxa 1.** *s. f.* Obxecto de adorno persoal, feito con metais ou pedras preciosas. *sin.* **xoia**. **2.** *s. f.* Cousa de pouco ou ningún valor.

Aliarse 1. *v. prnl.* Formar unha asociación para prestarse axuda mutua nunha causa común, xeralmente de carácter político. **2.** *v. prnl.* Chocar e enredarse, especialmente unha res contra outra ou unha persoa moza contra outra.

Alicadora* véxase **aricadora**.

Alicar* véxase **aricar**.

Aligacha* véxase **limacha**.

Alimacha* véxase **limacha**.

Alión, na *s.* Animal que dá cornadas mentres se enrosca e se enreda con outro nunha pelexa.

Alipende 1. *adx.* Persoa, xeralmente nenos e nenas, que enreda ou que fai trasnadas para molestar a alguén. **2.** *adx.* Persoa pilla, astuta.

Aliviadoiro *s. m.* Barra que ergue a mesa do muíño para que a fariña que se obtén sexa máis ou menos fina.

Alviadura *s. f.* Momento illado de lucidez, normalmente dunha persoa que está tola e, ás veces, bébeda.

Aliviar 1. *v. tr.* Facer menos pesado. **2.** *v. tr.* Facer máis doado de soportar un sentimento ou unha dor. **3.** *v. tr.* Facer as necesidades. **4.** *v. tr.* Engadir unha nova xunta ao carro por detrás para axudarlle a frear nas baixadas. **5.** *v. intr.* Amainar a chuvia.

Allada *s. f.* Mollo feito con allos fritos en aceite con pemento que se emprega para certos alimentos cocidos.

Allo 1. *s. m.* Planta da familia das liliáceas, de trinta a corenta centímetros de altura, que ten unhas follas moi estreitas e un bulbo arredondado, de cor branca, dividido en dentes e de cheiro moi forte. **2.** *s. m.* Bulbo desa planta.

Almorodo* véxase **morodo**.

Almorzar *v. tr.* Tomar os alimentos na primeira comida do día que se fai pola mañá cedo. *var.*

Almorciar.

Almorzo *s. m.* Primeira comida do día.

Aloballar *v. tr.* Maltratar algunha persoa ou cousa ao tirala, arrastrala e revolvela polo chan.

Aloias *s. f. pl.* Desculpas mal fundadas que non convencen a ninguén.

Aloitar* véxase **luitar**.

Alombar *v. tr.* Arar a terra mentres se deixa entre os sucos un espazo maior ca o do habitual.

Alóndrega *s. f.* Mamífero da familia dos mustélidos de pelo mesto e escuro, abrancazado na zona da garganta, cos dedos unidos por membranas, que vive na beira dos ríos. *sin.* **lundria; lundre.**

Aloumiñar véxase **acariñar**.

Aloureada, do *adx.* Persoa que sente mareos.

Alourear **1.** *v. tr.* Aparvar, marear, facer perder o sentido a alguén. **2.** *v. prml.* Quedar parvo ou sen capacidade de discorrer.

Alpabarda véxase **burricada**.

Alsacia *s. f.* Variedade de uva branca.

Alumada, do *adx.* Persoa bébeda.

Alumar **1.** *v. tr.* Dar claridade a algo ou alguén. **2.** *v. tr.* Retirar a terra ao redor da cepa.

Alutia* véxase **luita**.

Alutiar* véxase **luitar**.

Alzadeiro *s. m.* Moble alongado, aberto e suspendido na parede que serve para gardar a louza e os útiles de cociña. *sin.* **lacena.**

Alzar **1.** *v. tr.* Remover a terra co arado. **2.** *v. tr.* Poñer máis alto, erguir, mover de abaixo para arriba.

Ama, o **1.** *s.* Persoa propietaria de algo. **2.** *s.* Tratamento dos criados, criadas e persoas que se dedican ao pastoreo cara ás persoas ás que serven. **3.** *s.* Persoa máis vella da casa.

Amachimbrar véxase ***machambrar**.

Amagostar véxase **magostar**.

Amagosto* véxase **magosto**.

Amalecer véxase **amalentar**.

Amalentar *v. intr.* Empeorar unha ferida, infectarse. *sin.* **amalecer.**

Amalingrarse *v. prml.* Contraer unha infección.

Amalletar *v. tr.* Prender, unir ou suxeitar por medio dunha corda, lazo, fita ou outra cousa semellante.

Amalloar **1.** *v. tr.* Atar, unir dúas pezas ou partes dalgunha cousa con ataduras. **2.** *v. prml.* Abrochar o calzado. **3.** *v. tr.* Unir o pértigo á moca, ou sexa, as dúas pezas do mallo. **4.** *v. tr.* En xeral, unir con de cordas ou cordóns.

Amallón **1.** *s. m.* Cordón. **2.** *s. m.* Corda que serve para atar o calzado. **3.** *s. m.* Correa que se emprega para suxeitar o pértigo á moca.

Amañar **1.** *v. tr.* Dispoñer algo que está en desorde de maneira correcta ou axeitada. **2.** *v. tr.* Compoñer de forma mañosa. **3.** *v. intr.* Poder, ser capaz de facer algo. **4.** *v. intr.* Facer construír algo.

Amansar **1.** *v. tr.* Facer manso ou dócil un animal. **2.** *v. tr.* Facer dócil ou menos violento a alguén. **3.** *v. tr.* Facer que diminúa a intensidade ou que ceda a rixidez de algo. **4.** *v. tr.* Cultivar ou facer produtivo un terreo a bravo.

Amarañar **1.** *v. tr.* Dispoñer algo que está en desorde de maneira correcta ou axeitada. **2.** *v. tr.* Facer algo con habilidade. **3.** *v. tr.* Coller con firmeza.

Amarrarse véxase **afumar**.

Amaruxiarse *v. prml.* Cubrir unha persoa a cabeza cunha manta ou tea cando está afluxida.

Amasar véxase **amasucar**.

Amasucar *v. tr.* Traballar a masa para facer o pan, as tortas etc. *sin.* **amasar.**

Amatar *v. tr.* Apagar a luz do candil ou do lume.

Amaturriarse *v. prml.* Adormecerse o gando.

Amazacotada, do **1.** *adx.* Algo moi denso. **2.** *adx.* Pan que está moi sobado ou mal cocido.

Ambelga* véxase **embelga**.

Ambulante véxase **tendeira, ro.**

Amburrión, na* véxase **emburrión**.

Amecer **1.** *v. tr.* Ligar e xuntar polos extremos dúas cousas ou dúas partes dunha cousa. **2.** *v. tr.* Unir algo máis ao que xa había. *sin.* **Engadir** **3.** *v. tr.* Xuntar varias cousas distintas formando un todo ou un conxunto desordenado. **4.** *v. tr.* Prender, unir ou suxeitar por medio dunha corda, lazo, fita ou outra cousa semellante. **5.** *v. tr.* Incorporar un anaco de terreo a unha finca propia ou herdada. **6.** *v. intr.* Facer balancear algo de xeito similar a un berce. *sin.* **entremecer.**

Ameixa *s. f.* Cirola morada, cirola damascena ou cirola de Damasco.

Ameixeira véxase **cirolal**.

Ameixo *s. m.* Froito comestible da ameixeira, de pel lisa e polpa consistente apegada á carabuña, con moito zume, e que, segundo as variedades, pode ter forma redonda ou oval e cor amarela ou morada. *sin.* **cirola; ciriñola.**

Amentar **1.** *v. tr.* Mencionar ou nomear unha persoa ou cousa. **2.** *v. tr.* Traer á memoria, lembrar unha persoa ou cousa.

Amentas **1.** *s. f. pl.* Lembranzas verbais. **2.** *s. f. pl.* Acto ou palabra que ofende gravemente. **3.** *s. f. pl.* Información inxustificada, pouco fidedigna.

Amergullar *v. tr.* Nadar por debaixo da auga. *var.* **mergullar.**

Americano, na **1.** *s.* Persoa natural de América. **2.** *s.* Persoa que estivo emigrada en América. *sin.* **indiano.**

Amerodo* véxase **morodo.**

Ameter **1.** *v. intr.* Comezar a fonte a botar auga. **2.** *v. intr.* Desbordarse o río. **3.** *v. intr.* Facer baixar o leite á vaca.

Amolar *v. tr.* Causar molestia ou fastío.

Amolecer *v. tr.* Abrandar unha cousa ou unha persoa.

Amolegar *v. tr.* Producir con pancadas un vulto ou un oco na superficie dunha cousa.

Amolentar *v. tr.* Facerlle fio a unha ferramenta para que corte mellor. *sin.* **afiar.**

Amondongar **1.** *v. tr.* Adobar, preparar, dispoñer a carne que se ten que sazonar para os embutidos. **2.** *v. intr.* Ser unha persoa preguiceira. **3.** *v. intr.* Engordar de forma excesiva. **2.** *v. prml.* Moverse de forma lenta.

Amontar *v. intr.* Non asistiren os escolares ás aulas.

Amontoar **1.** *v. tr.* Poñer algo formando un montón. **2.** *v. tr.* Reunir persoas, animais ou cousas nun espazo reducido. **3.** *v. tr.* Acumular algo en cantidade. **4.** *v. prml.* Viviren dúas persoas nunha relación de parella socialmente non normalizada.

Amoriscar *v. prml.* Namorarse fugazmente con asiduidade.

Amorisco **1.** *s. m.* Breve namoro. **2.** *s. m.* Herba moi pequena de flor amarilidácea e olorosa. **3.** *s. m.* Amor banal ou de corta duración.

Amornalar **1.** *v. tr.* Facer o *mornal*, é dicir, dispoñer de mancheas de cereal segado en pila,

ou dos feixes do cereal segado en montóns, de forma que queden protexidos da chuvia. **2.** *v. prml.* Colocarse con excesiva comodidade.

Amorosa, so **1.** *adx.* Persoa que sente, denota ou manifesta amor. **2.** *adx.* Terreo brando, fácil de labrar. **3.** *adx.* Textura suave ao tacto. **4.** *adx.* Tempo húmido e temperado. **5.** *adx.* Cereais, palla ou vexetais húmidos polo orballo.

Amorriñarse **1.** *v. prml.* Sentir tristeza e abatimento, particularmente por estar lonxe dalguén ou dalgún lugar. *var.* **amurriarse.** **2.** *v. prml.* Debilitarse, apesarse, enfermar. **3.** *v. prml.* Sentir enfado.

***Amortaxar** *v. tr.* Poñer a mortalla a un cadáver.

Amosar* véxase **moscar.**

Amoumiada, do *adx.* Persoa apartada, parada.

Amourarse* véxase **anoxar.**

Amozcar *v. tr.* Facer un pequeno corte a unha castaña para que non estoupe ao asala. *sin.* **Raiar.**

Amparar véxase **empapar.**

Amparo véxase **emparo.**

Ampuxón* véxase **empuxón.**

Amuar *v. intr.* Amodorrarse, baixar a cabeza un animal, en particular a ovella, cando vai moita calor, especialmente ao mediodía. *sin.* **moscar.**

Amurriarse* véxase **amorriñarse.**

Amurruñarse *v. prml.* Enfadarse, pórse de mal humor, estar de fociños. *sin.* **enfurruñarse.**

Anabarse *v. prml.* Poñerse o ubre das vacas endurecido, inchado e incluso irritado.

Anaco **1.** *s. m.* Parte que resulta da división doutra maior. **2.** *s. m.* Cacho grande de pan.

Anaguallarse *v. prml.* Envorcarse o porco no bulleiro.

Analar **1.** *v. intr.* Comezaren a voar as aves. **2.** *v. intr.* Mover as ás as aves sen botar a voar. **3.** *v. intr.* Voar as aves. *sin.* **voar.** **4.** *v. intr.* Nacer, saír ou crecer as ás a unha ave.

Anana, no véxase **pequena, no.**

Anarriar **1** *v. tr.* Sentir ou padecer frío. **2.** *v. prml.* Aterecer co frío.

Anasar *v. tr.* Colocar de forma conveniente a nasa no río para que entre nela a pesca.

Anascar *v. intr.* Repugnar, ser oposta unha cousa a outra.

***Ancla** **1.** *s. f.* Cadril, nádegas. **2.** *s. f.* Parte posterior da cabalería e outros animais. **3.** *s. f.* Culata da gadaña.

Ancorna* véxase **encornadura**.

Andancia 1. *s. f.* Mal benigno e xeneralizado, que anda ou se estende por unha aldea ou rexión. **2.** *s. f.* Enfermidade ou doenza non localizada, de índole benigna, producida pola sensación de peso e molestia. *var.* **andancio**.

Andancio* véxase **andancia**.

Andas 1. *s. f. pl.* Armazón de madeira que serve para sacar as imaxes en procesión. **2.** *s. f. pl.* Angarellas que serven para trasladar as persoas defuntas ao cemiterio cando se enterraban sen caixa. **3.** *s. f. pl.* Soporte de madeira apoiado en dúas varas grosas paralelas, que serve para transportar unha carga sobre o ombreiro entre varias persoas. **4.** *s. f. pl.* Instrumento semellante ao anterior a modo de leito portátil para o traslado de enfermos ou feridos, que pode levarse á man ou sobre rodas.

Andococha, cho *adxc.* Animal que está en celo, en particular os porcos.

Andolla* véxase **androlla**.

Andorga *s. f.* Acción de comer en exceso e con ansia.

Andorga* véxase **bandullo**.

Andosca, co 1. *s.* Cría da ovella, que non pasa dun ano. *sin.* **año**. **2.** *s.* Gando ovino novo, pouco listo e pouco hábil. **3.** *s.* Res de gando ovino de dous anos. **4.** *s.* Toda ovella pequena. *sin.* **Aña, ño**.

***Andraxo 1.** *s. m.* Anaco de tea moi gastado e roto. *sin.* **fargallo; farrapo**. **2.** *s. m.* Peza de roupa moi usada e rota. *sin.* **fargallo; farrapo**. **3.** *s.* Persoa desaxeitada no vestido ou que vai vestida de calquera maneira. **4.** *s.* Persoa vaga, delincuente, perdida.

Androlla *s. f.* Embutido típico do Bierzo que se fai co intestino goso do porco a base de ósos, costela e carne picada e adubada con pemento, allo e loureiro. *var.* **andolla**.

Anduriña *s. f.* Paxaro da familia dos hirundínidos, coa parte superior de cor negra azulada, a inferior branca e a testa e a gorxa vermellas, ás rematadas en punta e cola gallada.

Anebrar *v. prnl.* Deteriorarse os froitos a consecuencia do frío ou da néboa ou nebra.

Anegrada, do *adxc.* Animal ou obxecto que tira a negro.

Anfornar* véxase **enfornar**.

Angarabilla *s. f.* Correa das abarcas ou dos zocos.

Angarela 1. *s. f.* Aparello que serve para colgar os embutidos na cocíña. **2.** *s. f.* Armazón composta por varios paus en forma de trapezio rectangular que serve para colocar no taboleiro do carro e alongalo para aumentar a carga de herba ou palla. **3.** *s. f.* Angarellas, dúas varas cun taboleiro central, no que dous persoas poden transportar algunha carga. **4.** *s. f.* Dous paus cruzados por táboas ou varas de vimieiro finas, longas e flexibles, con cazo ou sen el. *var.* ***angarilla**.

Angazar véxase **engazar**.

Angazo véxase **engazo**.

Angorrias *s. f. pl.* Peles atadas cunha corda de la para as pernas das persoas que se dedican ao pastoreo. *var.* **engorrias**.

Anguía *s. f.* Peixe da familia dos anguílidos, de corpo longo e cilíndrico, cuberto por escamas moi pequenas e unha substancia viscosa, co lombo negro e o ventre prateado na fase adulta, que vive nos ríos e vai reproducirse ao mar.

Anicar *v. tr. e v. prnl.* Romper en anacos. *sin.* **escachar; escachizar; escacharrar**.

Animaviva *s.* Persoa moi débil, anciá ou enferma, que parece vivir de maneira milagrosa.

Ano 1. *s. m.* Período de tempo que dura doce meses, desde o día un de xaneiro ata o trinta e un de decembro, ambos os dous incluídos, ou ese mesmo período de tempo a contar desde un día calquera. **2.** *s. m.* Orificio situado na parte final do recto.

Año véxase **cordeira, ro e andosca, co**.

Anoitar véxase **anoitecer**.

Anoitecer *v. intr.* Facerse de noite. *var.* **anoitar**. *sin.* **escurecer**.

Anoxada, do *adxc.* Persoa que sente unha sensación forte de noxo ou rexeitamento por algo ou alguén.

Anoxar 1. *v. tr.* Causar ou sentir unha sensación forte de noxo ou rexeitamento por algo ou alguén. *var.* **noxar**. **2.** *v. intr.* Perderen o afecto os animais nas relacións materno-filiais. **3.** *v. tr.* Sentir repugnancia por unha comida. *sin.* **Estoxar**. **4.** *v. tr.* Abandonar unha ave o niño por lle andaren nel. **5.** *v. prnl.* Sentir enfado. *sin.* **enfadarse; cabrearse; amourarse**.

Antiparras *s. f.* Instrumento óptico composto por dúas lentes que se suxeitan ao nariz e ás

orellas mediante unha montura e que serve para protexer a vista, corrixila ou ter unha mellor visión. *sin.* **lentes**.

Antoada* véxase **entoada**.

Antollo véxase ***antoxo**.

***Antoxo** *s. m.* Desexo non razoable e pasaxeiro por unha cousa innecesaria ou extravagante. *var.* **Antollo**.

Antroiada 1. *s. f.* Broma pesada e grotesca. **2.** *s. f.* Festa ou farsa propia do Entroido.

Antroido véxase **entroido**.

Antroiro* véxase **entroido**.

Anubrada, do *adx.* Ceo cuberto de nubes.

Anubrarse 1. *v. prnl.* Cubrirse de nubes o ceo. **2.** *v. prnl.* Sentir enfado unha persoa.

Anxinas *s. f. pl.* Inflamación aguda das amígdalas ou destas e a farinx.

Anzó véxase **anzolo**.

Anzolo *s. m.* Gancho de metal acabado en ángulo agudo, que se sostén por un fío ou tanza e no que se pon un engado para pescar. *var.* **anzó**.

Apalambrarse 1. *v. prnl.* Secárense os froitos sen engraiar, especialmente os garavanzos. **2.** *v. prnl.* Quedar unha persoa parva, confusa ou sen capacidade de discorrer.

***Apalar 1.** *v. tr.* Golpear, pegar, sacudir cun pau. **2.** *v. tr.* Padexar, descargar ou cargar coa pa.

Apalpar 1. *v. tr.* Palpar, andar ás apalpadas. **2.** *v. tr.* Intentar algo.

Apañá véxase **pañá**.

Apañadoiro *s. m.* Lugar especialmente preparado para recoller un froito.

Apañador, ra véxase **pañador, ra**.

Apañar 1. *v. tr.* Coller ou recoller as cousas do chan, principalmente castañas pero tamén vexetais da horta, a herba e as colleitas. **2.** *v. tr.* Coller ou recoller os froitos das árbores. **3.** *v. tr.* Coller, roubar, apropiarse do que non é dunha persoa. **4.** *v. tr.* Sufrir as consecuencias de algo. **5.** *v. tr.* Dispoñer o necesario para realizar ou utilizar algo. **6.** *v. tr.* Aderezar a comida. **7.** *v. tr.* Realizar as cousas con dificultades. *var.* **pañar**. *sin.* **recoller; colleitar**.

Apandarse *v. prnl.* Empenarse ou curvarse a madeira coa humidade.

Aparcería 1. *s. f.* Resolución ou acordo tomada entre varias persoas ou comunidades. **2.** *s. f.* Trato familiar, amigable e cordial entre dúas ou máis persoas. **3.** *s. f.* Acción de unir para o

traballo dúas vacas de dous donos ou donas diferentes. *var.* **parcería**.

Aparecerse* véxase **tirar**.

Aparellar 1. *v. tr.* Pór os arreos ou aparellos aos cabalos e outros animais. **2.** *v. tr.* Poñer unha persoa ou cousa xunto a outra formando parella. **3.** *v. tr.* Coller algo que se lanzou ao aire.

Apatuscar 1. *v. tr.* Coller, apresar. **2.** *v. tr.* Gañar no xogo.

Apavorar 1. *v. tr.* Asustar, sobresaltar. **2.** *v. prnl.* Amedrentarse, encherse de medo ou pánico.

Apea *s. f.* Viga de piñeiro que se utiliza nas minas para apuntalar.

Apeadeiro *s. m.* Estación pequena onde paran os trens só para subiren ou baixaren as persoas.

Apear 1. *v. tr.* Desmontar algo. **2.** *v. tr.* Apuntalar, poñer *apeas*. **3.** *v. prnl.* Baixar alguén dunha cabalería ou dun carro. **5.** *v. tr.* Disuadir a alguén da súa opinión.

Apegarse* véxase **afumar**.

Apeiros 1. *s. m. pl.* Conxunto de utensilios de labranza. **2.** *s. m. pl.* Cousas necesarias para xunguir as vacas ou os bois. **3.** *s. m. pl.* Desculpa, escusa, dificultade para facer unha cousa. **4.** *s. m. pl.* Obstáculos, estorbos, pexas ou cousas inútiles. **5.** *s. m. pl.* Utensilios de calquera oficio.

Apelicar 1. *v. tr.* Unir unha cousa mediante unha substancia adhesiva. **2.** *v. tr.* Unir ou xuntar unha cousa con outra sen que quede espazo entre elas. **3.** *v. prnl.* Contaxiarse, pegarse unha enfermidade. **4.** *v. prnl.* Contraer unha infección.

Apelidoiro* véxase **apiladoiro**.

Apencar 1. *v. tr.* Facer algunha cousa con esforzo e contra vontade. **2.** *v. tr.* Facer forza, realizar un esforzo fóra do ordinario. **3.** *v. intr.* Sentir dor física ou moral.

Apezar 1. *v. tr.* Poñer pezas ou remendos ás prendas. **2.** *v. tr.* Unir partes ou pezas.

Apicachar* véxase **sachar**.

Apicar 1. *v. tr.* Removerlle co sachó a tona da terra a un cultivo. *sin.* **escavar**. **2.** *v. tr.* Sachar, cavar, facer unha sachadura nas terras de labor.

Apicarelar 1. *v. tr.* Apuntar, dar forma de pico a algo. **2.** *v. tr.* Encher por enriba da rapadoira.

3. *v. tr.* Facer un montón, especialmente de herba ou palla, de modo que termine en punta.
- Apiladoiro** 1. *s. m.* Peza do arado. 2. *s. m.* Abrazadeira que suxeita a modo de chumaceira o eixe do carro á pértega. 3. *s. m.* Cuña de madeira que suxeita a *troitoira* e fai cantar á roda do carro. *var.* **apelidoiro**.
- Apillar** 1. *v. tr.* Coller, atrapar, pillar. 2. *v. tr.* Pescar á man.
- Apinar** 1. *v. tr.* Poñer cuñas. 2. *v. tr.* Axustar e equilibrar a moa do muíño.
- Apiporrar** *v. tr.* Comer e beber de forma excesiva. *var.* **pimporrar**.
- Apitador** *s. m.* Instrumento que serve para cortar o céspede dos prados.
- Apodorar** 1. *v. tr.* Levar en parceria. 2. *v. tr.* Superar, vencer, estar ou poñerse por enriba.
- Apoleirar** 1. *v. prml.* Recollerse as galiñas no poleiro. 2. *v. tr.* Chocar a galiña os ovos.
- Apoñer** 1. *v. tr.* Suxeitar ao xugo unha parella de animais de tiro para enganchalos ao carro ou ao arado. 2. *v. tr.* Imputar algo a alguén. 3. *v. tr.* Facer que algo ou alguén pase a estar no sitio que se expresa. *var.* **poñer**.
- Apontonar** *v. tr.* Poñer pontóns nos andares.
- Aporcar** *v. tr.* Amontoar terra ao redor da planta e cubrila para que os gromos boten raíces.
- Apotar** 1. *v. tr.* Aferir, contrastar as pesas e medidas. 2. *v. tr.* Probar unha bebida, comprobar a calidade dunha bebida alcohólica. *var.* **potar**.
- Apoucada**, do *adx.* Persoa que ten pouco ánimo ou valor para emprender unha cousa ou para enfrontarse a perigos ou dificultades.
- Apousentar** 1. *v. tr.* Dar apouento a alguén. 2. *v. intr.* Louquear, poñerse tolo, desvariar.
- Apremer** *v. tr.* Facer forza ou presión sobre algo. *var.* **premer**.
- Aprender** 1. *v. tr.* Transmitirle a alguén un coñecemento ou unha práctica. 2. *v. tr.* Recibir de alguén un coñecemento ou práctica.
- Apresadeira** *s. f.* Comporta coa que se corta e se quita a auga na canle do muíño.
- Apresar** *v. tr.* Facer as canles para regar os prados.
- Aprobainar** *v. tr.* Substituír as cepas que non serven. *var.* **probainar**.
- Aproveitar** *v. tr.* Tirar proveito ou beneficio de algo.
- Apulmonar** 1. *v. tr.* Padecer pulmonía. 2. *v. tr.* Ter o pulmón enfermo.
- Apuñar** *v. tr.* Empuñar, agarrar forte coa man.
- Apurriar*** véxase **apurrir**.
- Apurrir** 1. *v. tr.* Dar, traer. 2. *v. tr.* Achegar, poñer cerca ou a menor distancia. 3. *v. tr.* Chegar a tocar ou a coller. 4. *v. tr.* Coller algunha cousa mentres se alonga a man. 5. *v. tr.* Reparar algo con miras a beneficio persoal, especialmente se se trata dun suborno. 6. *v. tr.* Dar golpes. *var.* **apurriar**.
- Apurruñar** *v. tr.* Aforrar de forma mesquiña e avarenta.
- Apuxiar** *v. tr.* Achegar a leña ao lume.
- Aqueda** *s. f.* Acto de deter o gando que se separa do resto do rabaño. *var.* **requeda**.
- Aquedar*** véxase **arrequedar**.
- Arabiados** 1. *s. m. pl.* Conxunto de utensilios cos que se axugan os bois. 2. *s. m.* Conxunto de arrees para xunguir a parella. *var.* **arbiados**.
- Arabias** *s. f. pl.* Ataduras do mallo.
- Arandeira** *s. f.* Arbusto da familia das ericáceas, propio de zonas de montaña húmidas e sombrizas, de follas moi brillantes e flores brancas ou tirando a rosa, que ten como froito unha baga comestible de sabor doce e cor azul escura tirando a negra.
- Arando** *s. m.* Froito da arandeira.
- Arañeira** *s. f.* Tea que tece a araña para capturar presas.
- Arañón** *s. m.* Arácnido, do que existen diversas especies, que ten na boca un par de uñas venenosas e no extremo do abdome uns órganos produtores dun líquido que se solidifica e converte no fío co que fabrican a tea ou arañeira.
- *Arbañal** 1. *s. m.* Saída para as augas de chuvia, dende o calelo á rúa ou desde os campos aos camiños. 2. *s. m.* Saída e conduto de augas residuais.
- Arbia** 1. *s. f.* Conxunto de *sobeo* e *cornais*. 2. *s. f.* Conxunto de correas e outros elementos necesarios para cargar, montar ou apoñer unha cabalaría ou outro animal. 3. *s. f. pl.* Correas que suxeitan o pértigo ou a moca no mallo para permitir o xogo libre de ambos os dous. *var.* **arbío**.
- Arbiados*** véxase **arabiados**.
- Arbío*** véxase **arbia**.

Árbole* véxase **árbore**.

Árbore *s. f.* Calquera planta de tamaño grande, con tronco leñoso e elevado que se divide en pólas a partir dunha certa altura. *var.* **árbore**.

Arbusto *s. m.* Planta perenne co talo leñoso que se divide en ramas dende a base.

Arca **1.** *s. f.* Caixa grande con tampa plana para gardar roupa, cereais etc. **2.** *s. f.* Parte anterior do tórax humano, entre o pescozo e o abdome. *sin.* **caixa do peito**.

Arco **1.** *s. m.* Media lúa do muíño que serve para erguer a moa cando se vai picar. **2.** *s. m.* Elemento construtivo con forma curva que serve para soportar ou adornar. **3.** *s. m.* Arma formada por unha vara elástica curva e unha corda atada de punta a punta coa que se lanzan frechas.

Arcozar **1.** *v. tr.* Suxeitar. **2.** *v. tr.* Suxeitar a vaca co *arcoxo*.

Arcoxo *s. m.* Pau, argola ou soga que serve para suxeitar para que se deixe muxir ou para pechar as portelas. *var.* **alcoxo; alcorxo; alcozo**.

Area *s. f.* Partícula ou gran de rocha ou pedra empregada na construción de muros e paredes.

Arela *s. f.* Desexo moi forte dunha cousa.

Aresta **1.** *s. f.* Borde afiado ou labrado dunha madeira, pedra ou outros materiais. **2.** *s. f.* véxase **argana** **1.**

Argadeixar **1.** *v. tr.* Facer madeixas coa debandoira. **2.** *v. intr.* Andar dun lado a outro sen facer nada.

Argallada **1.** *s. f.* Engano, mentira. **2.** *s. f.* Traballo ou acción mal feita e mal organizada. **3.** *s. f.* Montón ou amontoamento de pólas, garabullos, herbas ou silvas.

Argalleira, ro **1.** *adx.* Mentireira, ro. **2.** *adx.* Bromista, pándiga, persoa pouco seria. **3.** *adx.* Trapalleira, ro. **4.** *adx.* Chambonzón, na.

Argallo *s. m.* Terra e pedras que se desprenden do monte e son arrastradas polas chuvias ou torrentes.

Argana **1.** *s. f.* Cada un dos filamentos duros e ásperos que brotan da espiga dos cereais. *sin.* **aresta; casca**. **2.** *s. f.* Espiña do peixe. **3.** *s. f.* Cousa insignificante.

Argola **1.** *s. f.* Aro metálico, **2.** *s. f.* Aro metálico fixo nun sitio ou no extremo dunha cadea que

serve para amarrar ou suxeitar algo. **3.** *s. f.* Peza de reforzo na culata da gadaña que serve para suxeitar a folla do *bastil*.

Argueiro **1.** *s. m.* Partícula pequena que entra nos ollos ou cae nun líquido. *var.* **algueiro; arqueiro**. **2.** *s. m.* Cada unha das partículas de suciedade que recolle a la antes de que sexa tosquiada, tales como as sementes, herba ou pallas.

Aricadora *s. f.* Instrumento apropiado para practicar pequenos sucos entre as plantas. *var.* **alicatora**.

Aricar *v. tr.* Practicar pequenos sucos entre as plantas da horta, especialmente patacas. *var.* **alicar**.

Ariscar *v. tr.* Arar de forma moi superficial.

Armadiá **1.** *s. f.* Trampa para cazar ou pescar. **2.** *s. f.* Armazón de táboas, paus ou pólas que cobren un foxo. *var.* **armadixo**.

***Armadixo** véxase **armadiá**

Armante *s. m.* Conxunto de vigas e madeiros de construción que serven de armazón para o tellado.

Armar **1.** *v. tr.* Construír, edificar. **2.** *v. tr.* Colocar e xuntar as pezas de que se compón un obxecto de maneira que funcione ou se poida utilizar. *sin.* **montar**. **3.** *v. tr.* Fornecer de armas.

Arna **1.** *s. f.* Cortiza das árbores, especialmente de carballo, bidueiro e aciñeira, que se usa sobre todo para facer colmeas. **2.** *s. f.* Escallo ou puga para enxertar. **3.** *s. f.* Póla seca, estela.

Arota *s. f.* Unha das persoas operarias das ferrarías antigas que era capataz de cuadrilla e que tiña ao seu cargo arranxar o mazo.

Arqueiro* véxase **argueiro**.

Arrabañar* véxase **arrepañar**.

Arrabuñadela* véxase **rabuñazo**.

Arrabuñadura* véxase **rabuñazo**.

Arrabuñar **1.** *v. tr.* Causar rabuñadas feitas coas uñas ou cunha cousa afiada. *var.* **rabuñar**. *sin.* **engarranchar**. **2.** *v. tr.* Remover a terra ou a area de forma superficial. **3.** *v. tr.* Arrebatar, arrancar, roubar. *var.* **rabuñar** **4.** *v. tr.* Coller os restos ou todo o que se poida dunha cousa procurando non deixar nada. *var.* **arrepañar**.

Arrabuñazo* véxase **rabuñazo**.

Arrafatar *v. tr.* Coller unha cousa que lle pertence a outra persoa mediante engano ou violencia.

Arralar *v. tr.* Facer que unha cousa teña os seus compoñentes, partes ou elementos máis separados ou espaxados do habitual.

Arramar **1.** *v. tr.* Botar por fóra un líquido de maneira accidental. *var.* **derramar.** **2.** *v. prnl.* Estender en distintas direccións, espallar. *sin.* **esparramarse; escamallarse.**

Arrancadeira **1.** *s. f.* Último vaso de viño antes de marchar. **2.** *s. f. pl.* Valor, arranque ou forza para iniciar unha acción.

Arrapañar **1.** *v. tr.* Repañar os últimos restos dunha comida ou dunha cousa. **2.** *v. tr.* Segar a herba ou pacela o gando a rentes da terra, sen deixar nada. **3.** *v. tr.* Cortar ou segar algo mentres se apura moito. *var.* **arribañar; arrabañar; arrefañar.**

Arrapizar *v. tr.* Coller e levar todo canto se pode dunha cousa.

Arrapuzar* véxase **rapuzar.**

Arrasada *adx.* Dise da galiña cando está choca.

Arrasado *s. m.* Medida que resulta de encher un recipiente ata os bordos e despois pasarlle a rapa ou a rebola para retirar o exceso. *sin.* **rapado.**

Arrasar **1.** *v. tr.* Achaiair a superficie dalgunha cousa. **2.** *v. tr.* Rasar, igualar coa rapadoira as medidas de materiais rochosos naturais que se empregan nas argamasas. **3.** *v. tr.* Limpar o forno de rescaldos e cinzas. **4.** *v. tr.* Destruír un territorio provocando estragos, asoballar. **5.** *v. tr.* Superar abusivamente nunha competición.

Arratada, do *adx.* Algo atado, suxeito, controlado, que está en dificultades.

Arratar *v. tr.* Controlar, suxeitar, chamar á orde. *var.* **arretar.**

Arrazapar **1.** *v. prnl.* Converterse unha persoa adulta nun rapaz ou rapaza no seu comportamento, modais ou ditos. **2.** *v. prnl.* Enfadarse un neno ou nena tirándose polo chan e espataxando.

Arrear **1.** Estimular un animal de tiro con berros ou golpes. **2.** *v. tr.* Levar as bestas camiño adiante. **3.** *v. tr.* Dar golpes. **4.** *v. tr.* Empurrar a auga ao rodicio. **5.** *v. tr.* Levar dun sitio a outro persoas ou cousas. **6.** *v. intr.* Bulir, apurar.

Arreatar **1.** *v. intr.* Iren en ringleira, atadas ou non varias cabalerías, outros animais ou persoas. **2.** *v. tr.* Poñer os arreos a unha cabalería.

Arribañar* véxase **arrapañar.**

Arrebater **1.** *v. tr.* Tornar o gando, impedir que entre en terreo alleo, vedado ou prohibido. **2.** *v. tr.* Enfrontárense dúas ou máis persoas ou animais mediante golpes ou empurróns.

Arrebeitar* véxase **rebeitar.**

***Arrebol** *s. m.* Peza de tea de quince a vinte centímetros de largura que se pon por dentro da parte inferior da saia para tela tensa e tirante e impedir as engurras.

Arrebolar **1.** *v. tr.* Desprazar unha cousa lanzándoa a rolos. **2.** *v. tr.* Lanzar con forza un obxecto contra algo.

Arrebullar **1.** *v. tr.* Envolver unha cousa sen coidado. **2.** *v. tr.* Enredar, coller roupas, trapos ou papeis torpemente e facer unha lío con elas. *var.* **enrebullar.**

Arrebullouco *s. m.* Volta que se dá apoiando as mans ou a cabeza no chan e deixándose caer sobre o lombo. *sin.* **capitón.** *var.* **rebullón, rebullouco.**

Arrecadar **1.** *v. tr.* Xuntar dúas ou máis cousas ou persoas ata quedaren moi próximas e formaren un mesmo grupo. **2.** *v. tr.* Poñer os dedos, as mans, certas partes do corpo ou un utensilio arredor, debaixo ou a carón dunha persoa, animal ou cousa para tela, levala, usala ou inmovilizala. **3.** *v. tr.* Facer que deixe de moverse ou de avanzar algo ou alguén. **4.** *v. tr.* Facer recados. **5.** *v. tr.* Cobrar diñeiro de varias procedencias. **6.** *v. intr.* Traer ao rabaño as reses que se separan del. *var.* **recadar; quedar.**

Arrecaque *adx.* Persoa pequena, frouxa, ridícula.

Arrecer* véxase **aterrecer.**

Arrefañar* véxase **arrapañar.**

Arrella *s. f.* Peza de ferro, cortante, situada na punta do arado, que é a que penetra na terra e vai abrindo sucos ao arar. *var.* **rella.**

Arreloucada, do *adx.* Persoa que actúa e se comporta dun xeito pouco sensato.

Arrelustro* véxase **relustro.**

Arremelar* véxase **remelar.**

Arremescar **1.** *v. tr.* Arrancar, sobre todo herbas e pelo. **2.** *v. tr.* Quitar algunha cousa con violencia e forza.

Arremeter 1. *v. tr.* Lanzarse con ímpeto contra algo ou alguén. 2. *v. intr.* Lanzarse contra o gando vacún. *var.* **arrometer**.

Arrepiarse *v. prnl.* Sentir arrepío.

Arrepío *s.m.* Estremecemento causado polo frío, polo medo ou polo noxo.

Arrequeadar 1. *v. intr.* Quedar, permanecer. *var.* **aqueadar**.

Arretacar 1. *v. tr.* Encher ata o máximo. 2. *v. tr.* Encher un oco ou unha concavidade calquera cunha cuña, morteiro ou pedras. *var.* **retacar**.

Arretar* véxase **arratar**.

Arrevesada, do *adx.* Persoa que presenta dificultades para ser feito ou comprendido.

Arrevolcar* véxase **revolcar**.

Arrexuntar* véxase **axuntar**.

Arriada *s. f.* Crecida, desbordamento dun río. *sin.*

Arroiada.

Arriar* véxase **arrear**.

Arriáncano *s. m.* Mosquito da familia dos anófeles. *var.* **avicáncano**. *sin.* **picáncano**.

Arrimar *v. tr. e prnl.* Poñerse unha persoa ou poñer unha cousa máis cerca doutra. *sin.* **Achegar**.

Arrincanabos 1. *s. m.* Competición que, na súa orixe, consistía en arrincar nabos. 2. *s. m.* (por extensión) Calquera concurso semellante.

Arrincar 1. *v. tr.* Arrancar ou sacar de raíz unha planta da terra. 2. *v. intr.* Facer que unha máquina ou vehículo empece a funcionar. 3. *v. intr.* Pórse en movemento unha persoa, animal ou vehículo. *var.* **arrancar**.

Arrizar *v. intr.* Producir denteira.

Arroba *s. f.* Medida de peso que nas zonas próximas a Vilafranca e a Corullón equivale a 11,5 quilos. No sistema tradicional equivalía xeralmente a un cuarto de quintal.

Arrodar* véxase **arrodear**.

Arrodear 1. *v. tr.* Estar, pór ou pórse unha cousa ou un grupo de persoas ou cousas arredor de algo ou alguén. 2. *v. intr.* Ir polo camiño máis longo. 3. *v. tr.* Limpar o gran de centeo ou trigo co *cribo* unha vez que se bota ao aire. 4. *v. tr.* Segar ou angazar en forma circular. 5. *v. tr.* Limpar o forno da brasa co *rodo*. *var.* **arrodar**. 6. *v. tr.* Achaia a terra arada. *var.* **rodar; arrodar**.

Arrodeo 1. *s. m.* Feito de ir a un lugar por un camiño que non é o máis curto. 2. *s. m.*

Maneira indirecta de dicir as cousas. *var.* **rodeo**.

Arroiar 1. *v. intr.* Caer auga a caldeiros, caer auga a chuzos. 2. *v. intr.* Desbordáranse ríos e regatos por efecto das enchentes.

Arroio *s.m.* río pequeno. *sin.* **regato, regueiro**.

Arroxar 1. *v. tr.* Acender, quentar algo, especialmente o forno, ata que se poña roxo ou encarnado. *var.* **roxar**. 2. *v. tr.* Quentar algo no lume. *var.* **roxar**. 3. *v. intr.* Cambiaren os carros de dirección ou xiraren sobre as rodas.

Arrolar 1. *v. tr.* Abanear o neno ou a nena no berce ou no barrelo para que durman. *sin.* **entremecer, mecer**. 2. *v. prnl.* Balancearse, cambalearse, cimbrarse. *sin.* **entremecer, mecer**. *var.* **arrular**. 3. *v. tr.* Envolver en forma de rolo, enrolar.

Arrolo *s. m.* Canto ou son para adormecer os meniños.

Arromanar 1. *v. tr.* Encher os bolsos ou o faldrón. 2. *v. intr.* Pesar de forma excesiva.

Arromendar* véxase **remendar**.

Arrometer* véxase **arremeter**.

Arroscar *v. intr.* Dar volta os carros nunha curva.

Arrosío 1. *s. m.* Xiro que dá o carro. 2. *s. m.* Sitio no que o xiro que dá o carro se fai con dificultade.

Arrotarse *v. prnl.* Ter capricho por unha cousa.

Arroubón, na *adx.* Persoa ou animal raspiñeiro.

Arrousar* véxase **rousar**.

Arrovesada*, do véxase **arreesada**.

Arroxar *v. t.* Quentar ben o forno con leña para cocer o pan. *var.* **roxar**.

Arrufada, do véxase **rufa**.

Arrufarse *v. prnl.* Encoraxarse, poñerse unha persoa rufa, orgullosa, fachendosa.

Arruitar* véxase **arrutar**.

Arruito* véxase **arruto**.

Arrular* véxase **arrolar**.

Arrutar *v. intr.* Botar eructos. *var.* **rutar, arrutiar, rotar, arruitar**.

Arrutiar* véxase **arrutar**.

Arrutio* véxase **arruto**.

Arruto *s. m.* Gas do estómago expulsado pola boca. *var.* **aruio; arrutio; rutio**.

Arteira, ro *adx.* Persoa ou animal que ten habilidade, disposición ou astucia para lograr algo ou para facer algo ben e sen dificultade.

Artesa *s.f.* Arcón grande de madeira con catro patas e tampa, máis estreito no fondo que por arriba, no que se amasa o pan. *sin.* **maseira**.

Aruga *s.f.* Dente de allo.

Arvellaca 1. *s.f.* Especie de ervella silvestre que crece nas sementiñas de trigo e entre as hortalizas. **2.** *s.f.* Leguminosa semellante á planta dos **arvellos**.

Arvello *s.m.* Planta herbácea rubideira da familia das leguminosas, de follas paripinnadas, flores brancas en acios e froito en casula, que contén sementes comestibles, arredondadas e de cor verde. *var.* **ervello**.

Asadura 1. *s.f.* Fígado. **2.** *s.f. pl.* Miúdos do animal.

Asalagar véxase **asolagar 1**.

Asemellarse *v. prml.* Persoa ou cousa ter gran semellanza con outra. *sin.* **parecerse**.

Asentar 1. *v. tr.* Colocar algo de maneira que quede fixo e seguro. **2.** *v. tr.* Confirmar e xustificar algo que se di ou fai con probas, razóns ou fundamentos. **3.** *v. tr.* Dar firmeza a algo. **4.** *v. tr.* Rexistrar documentalmente.

Asento 1. *s.m.* Calquera obxecto ou superficie que se pode utilizar para sentarse. **2.** *s.m.* Lugar que unha persoa ocupa sentada. **3.** *s.m.* Pedra inferior e fixa do muíño.

Asfixiar véxase **abafar**.

Asoballador, ra *adx.* Persoa dominante, abusona.

Asoballar 1. *v. tr.* Dominar, abater a persoa forte á débil, a rica á pobre, a sabia á ignorante. **2.** *v. tr.* Facer perder a coraxe ou o ánimo para realizar algo. **3.** *v. tr.* Andar tocando adoito coas unha cousa de xeito que perda calidades. **4.** *v. tr.* Apalpar unha persoa repetidamente e de maneira molesta. **5.** *v. tr.* Estragar, acabar ou destruír algo.

Asobear *v. tr.* Enganchar a xunta ao carro mediante o *sobeo*. *var.* **asubiar 1**.

Asolada, do 1. *adx.* Froito colorado por seca ou enfermidade, sobre todo os pementos asados que da D. O. Bierzo. **2.** *adx.* Algo que ten ou que lle dá moito o sol. **3.** *adx.* Persoa acalorada ou morena polo sol.

Asolagar 1. *v. tr.* Cubrir ou envolver totalmente con auga ou outro líquido. **2.** *v. tr.* Dar susto ou causar medo a alguén. **3.** *v. tr.* Dominar unha cousa sobre algo.

Aspavío* véxase **espavío**.

Aspeta* véxase **espeta**.

Aspeto* véxase **espeto**.

Aspiteira* véxase **espiteira**.

Aspurriarse* véxase **espurriarse**.

Asteiroá *s.f.* Parte do arado de madeira que une o dental e a lanza.

Astela* véxase **estela**.

Astil* véxase **hastil**.

Asturar *v. tr.* Queimar algo sen ser consumido polo lume. *sin.* **esturrar**.

Asubeirarse *v. prml.* Protexerse dos rigores do tempo ou dun perigo. *sin.* **recollerse**.

Asubiar *v. t.* véxase **asobear**. **2.** *v. prml.* Gorecerse da chuva.

Asucar 1. *v. tr.* Abrir sucos nunha terra de cultivo, en particular para botar o trigo ou o centeo. **2.** *v. tr.* Facer sucos na terra ao arala ou cavala. *var.* **sucar**. **3.** *v. tr.* Picar as fabas ou as patacas co picoto, facendo ocos na terra e arimándoa ás plantas, e asemade abrindo sucos para o rego.

Atacar 1. *v. tr.* Comer en exceso. **2.** *v. intr.* Poñerse a correr con ímpeto.

Atadallo 1. *s.m.* Cordel, corda, fío, palla ou calquera outra cousa que serve para atar algo. **2.** *s.m.* Cosas que se atan de calquera maneira.

Atafal 1. *s.f.* Correa que suxeita a albarda ás ancas das cabalarías pasándolles por debaixo do rabo. *var.* **atafarra**. **2.** *s.m.* Arreo que leva o animal de transporte.

Atafalarse *v. prml.* Mancharse, ensuciarse, enzoufarse de lodo, barro ou excrementos.

Atafarra véxase **atafal**.

Atafarrarse *v. prml.* Taparse, abrigarse.

Atallar *v. intr.* Acortar o camiño por algún atallo ou carreiro máis curto.

Atallo 1. *s.m.* Camiño polo que se fai máis curta a distancia entre dous puntos. **2.** *s.m.* Procedemento para facer algo en menos tempo. *sin.* **tagallo**.

Atapaño* véxase **comporta**.

Ataramañar 1. *v. tr.* Dispoñer ou preparar algo con enxeño. **2.** *v. tr.* Solucionar con presa e enxeño un imprevisto. **3.** *v. tr.* Rematar un labor con presa e con escasa dilixencia.

Atarazar véxase **tarazar**.

Atartalar *v. tr.* Poñer algo formando unha morea ou montón.

Atendida, do *adx.* Persoa atenta, obsequiosa, cortés.

Aterecer *v. intr.* Quedar unha persoa entumecida polo frío. *var.* **aterexer; aterrecer.** *sin.* **conxelarse.**

Aterecida, do **1.** *adx.* Persoa que queda entumecida a causa do frío. *sin.* **aterexida, do; aterrecida; atrebuada, do.**

Aterexida, do véxase **aterecida.**

Aterrecida, do, **1.** *adx.* véxase **aterecida.** **2.** *adx.* Persoa paralizada polo frío, o susto ou o medo.

Aterrecer **1.** *v. intr.* Asustar, causar terror *v. intr.* **2.** Ser unha persoa tímida, medosa ou indecisa. **3.** *v. intr.* Sentir preguiza ou embarazo para facer unha cousa. **4.** *v. intr.* Sentir medo ou temor. **5.** *v. intr.* Quedar unha persoa entumecida a causa do frío. *sin.* **aterecer.**

Atizar **1.** *v. tr.* Remexer o lume co atizador e engadir leña para que arda máis e mellor. **2.** *v. tr.* Arrimar as rachas ao lume.

Atoar **1.** *v. tr.* e *prnl.* Encherse algo de terra ou de lama. **2.** véxase **atolar** **2, 3** e **4.**

Atolar **1.** *v. tr.* Amontoar broza ou terróns. **2.** *v. intr.* Estar en graves dificultades, meterse nun apreto. **3.** *v. intr.* Ofrecer resistencia. *var.* **atoar.** **4.** *v. prnl.* Atascarse algo, especialmente con barro e terra. *var.* **atoar.**

***Atolladeiro** **1.** *s. m.* Lugar onde se producen atascos e retencións. **2.** *s. m.* Situación complicada e de difícil solución.

Atolecerse *v. prnl.* Moderarse, amansarse, calmarse, tranquilizarse dúas persoas mozas de aldeas diferentes despois dunha rifa.

Atondar **1.** *v. tr.* Arranxar, dispor ben o coidado do atavío e porte persoal. **2.** *v. tr.* Xuntar, arrimar a terra ás plantas. **3.** *v. tr.* Dispoñer algo de maneira correcta e adecuada. **4.** *v. intr.* Facer que algo ou alguén estea preparado.

Atopar **1.** *v. tr.* Conseguir algo despois de procuralo. **2.** *v. tr.* Dar con alguén. **3.** *v. tr.* Achar algo sen o buscar. **4.** *v. tr.* Descubrir algo despois de o pensar ben. *sin.* Encontrar.

Atornar* véxase **tornar.**

Atoscarse *v. prnl.* Poñerse ruda unha persoa.

Atouzada, do *adx.* Leña arrincada coa raíz ou *louza.*

Atrabadoirada, do *adx.* Algo ou alguén que está suxeito cunha corda ou cun cordel.

Atrafallar* véxase **atrapallar.**

Atrafullar* véxase **atrapallar.**

Atrancadeira **1.** *s. f.* Abertura nun rego por onde se torna a auga para outro rego ao poñer un terrón ou un montón de pedras e de terra. **2.** *s. m.* Bocal polo que entre a auga de rega. *sin.* **augueiro.**

Atrancar **1.** *v. tr.* pechar cunha tranca. **2.** *v. tr.* Poñer impedimentos para pasar, obstaculizar, pexar.

Atrapallar **1.** *v. tr.* Facer algo de calquera maneira, sen orde nin coidado e ás présas. **2.** *v. tr.* Mesturar cousas sen orde. *var.* **atrafallar.** *sin.* **Atrafullar; azarapallar; chafallar; chafullar; trafullar; zafallar; zarapallar.**

Atrapelar **1.** *v. intr.* Falar de forma precipitada, ruidosa e confusa. **2.** *v. intr.* Falar moito e sen fundamento. **3.** *v. intr.* Enganar, mentir ao falar.

Atrebuada, do véxase **aterecida, do.**

Atrevida, do **1.** *adx.* Destemida, ousada. **2.** *adx.* véxase **picalaverza.**

Atufar* véxase **tufar** **3.**

Aturar *v. tr.* Soportar unha situación ou unha persoa molesta ou impertinente.

***Atusar** **1.** *v. tr.* Arranxar o pelo mentres se pasa por el a man ou o peite. **2.** *v. prnl.* Compoñerse con demasiada afectación e coidado.

Auga **1.** *s. f.* Líquido do que están compostos os mares, lagos e ríos, incoloro, inodoro e insípido. **2.** *s. f.* Declive, vertente dun tellado. **3.** *s. f.* Ladeira ou falda dunha montaña por onde corre ou pode correr a auga. *var.* **agoa; augua.**

Augardente *s. m.* Bebida alcohólica que, por destilación, se obtén do bagazo do viño e doutras substancias.

Augua* véxase **auga.**

Auguadeira *s. f.* Canle pequena ou presa secundaria.

Augueiro véxase **atrancadeira.**

Auñar **1.** *v. tr.* Coller unha cousa que lle pertence a outra persoa mediante engano ou violencia. **2.** *v. tr.* Cravas as uñas **3.** *v. intr.* Agarrárense ben os animais cos pezuños en terreos difíciles e esvaradíos.

Aureana, no *adx.* Persoa que durante certas épocas do ano se dedicaba á busca de ouro nas ribeiras do Sil e doutros ríos da rexión.

Aurego* véxase **ourego**.

Avaladar 1. *v. tr.* Cavar a terra ao redor dun espazo, coma unhas árbores froiteiras ou unha pequena horta. **2.** *v. tr.* Cavar a terra formando montículos lonxitudinais en forma de valado.

Avea 1. *s. f.* Planta da familia das gramíneas, de talo oco, delgado e alto, no extremo do cal hai unhas ramiñas con espigas moi pequenas que poden ter de dúas a nove flores. *var.* **vea.** **2.** *s. f.* Semente desta planta, rica en substancias nutritivas, que se utiliza na alimentación humana e animal. *var.* **vea.**

Avechucho *s. m.* Animal de figura desagradable.

Avellentar* véxase **envellecer**.

Aventar 1. *v. tr.* Botar o gran ao aire para limpalo de restos de palla. **2.** *v. prml.* Incharse ou encherse de aire o ventre da vaca.

Aveón 1. *s. m.* Gramínea semellante á avea que medra espontaneamente entre os cereais e en lugares sen cultivar. **2.** *adx.* Persoa moi delgada.

Aveseda, do 1. *adx.* Húmida e sen moita luz *sin.* **escura; sombría.**

Avesedo *s. m.* Terreo orientado ao norte que non recibe ou recibe moi pouca luz do sol e sempre está con lama ou con lazo. *sin.* **xalabreiro.**

Avéspora *s. f.* Insecto da orde dos himenópteros semellante á abella, aínda que de corpo máis esvelto, que pode vivir en sociedade, ten o abdome amarelo con raias negras e un aguillón co que produce picadas moi dolorosas.

Avezada, do 1. *adx.* Persoa acostumada, afeita, habituada a realizar determinadas funcións ou accións. **2.** *adx.* Persoa ou cousa que se prestan a que se sinta estimación e afecto por elas.

Avezar 1. *v. prml.* Facer que un animal ou persoa adquira un hábito ou un costume. *sin.* **acostumar, afacer, habitar.** **2.** *v. tr.* Levar os animais da veciñanza ou da aldea a pacer.

Aviar 1. *v. tr.* Preparar, aderezar unha comida. **2.** *v. tr.* Dispoñer algo con prontitude e habelencia.

Avío 1. *s. m.* Disposición ou habilidade para facer algo. **2.** *s. m. pl.* Cousas ou utensilios necesarios os traballos diarios, especialmente para a matanza.

Avoitre* véxase **voitre**.

Axagueiros *s. m. pl.* Movementos dos ollos, a boca, as mans, a cabeza ou os brazos, co que se expresa algo.

Axear* véxase **xear**.

Axeitada, do 1. *adx.* Que se adapta ou se acomoda ben a unha persoa ou cousa. **2.** *adx.* De bo tamaño e boa feitura.

Axeitar 1. *v. tr.* Adaptar, preparar, dispoñer algo de boa maneira. **2.** *v. tr.* Limpar e colocar unha cousa de xeito que dea unha impresión boa de limpeza e orde. **3.** *v. tr.* Preparar algo con adornos. **4.** *v. prml.* Prestarse, ofrecer boas condicións para algo ser adecuado. **3.** *v. intr.* Arranxar, acomodar a un modo de ser ou comportamento, carácter ou temperamento.

Axexar 1. *v. tr.* Observar alguén facendo algo nunha situación en que non lle gustaría ser visto. **2.** Observar con atención sen ser visto. *sin.* **espreitar, guichar, guipar.**

Axirilar *v. tr.* Pasar algo pola criba ou cribo para limpalo do que interesa separar, como a fariña do farelo ou o gran da palla. *sin.* **peneirar.**

Axirilo *s. m.* Instrumento formado por unha caixa circular cun fondo de coiro con furados ou cunha rede de metal de malla máis ou menos fina, que se emprega para peneirar certas sementes como trigo chicharos, millo ou fabas, limpándoa das partículas máis grosas que interesa separar.

Axubriar *v. intr.* Emitir un son fino e moi agudo facendo pasar o aire entre os labios case pechados ou por un instrumento cunha abertura estreita. *var.* **xubriar; xibrar.**

Axubrío *s. m.* acción de **axubriar**. *var.* **xubrío, xibrido.**

Axuda *s. f.* Acción e efecto de axudar.

Axudar 1. *v. tr.* Dar a unha persoa aquilo que necesita. **2.** *v. tr.* Prestar axuda cunha parella a outra a tirar da carga.

Axuntar 1. *v. tr.* Poñérense xuntas persoas ou cousas. **2.** *v. prml.* Viviren dúas persoas xuntas sen formalizar a súa relación perante a lei. *var.* **arrexuntar.**

Axustar 1. *v. tr.* Convir mediante acordo un traballo, un servizo ou un trato na feira. **2.** *v. tr.* Concertar o prezo de algo. **3.** *v. tr.* Axeitar algo a un patrón establecido.

Azancar *v. intr.* Dar pasos longos ao andar.

Azarapallar* véxase **atrapallar**.

Azarracada, do* véxase **cativa, vo.**

Azucré *s. m.* Substancia doce e branca que se dissolve na auga e que se extrae sobre todo da remolacha e da cana de azucré.

Azurracar *v. tr.* Escarvar nalgún oco ou furaco cun pau ou obxecto parecido, como nas raíces ou penas do río, para sacar a pesca. *var.* **zurracar.**

B

Babada 1. *s.f.* Vulto que se forma debaixo do queixo e que pode deberse á acumulación de graxa ou ao bocio. **2.** *s.f.* Dilatación do esófago das aves que forma unha especie de bolsa onde abranda o alimento.

Baballa, llo* véxase **baballán, na.**

Baballada *s.f.* Baba que se expulsa de forma abundante.

Baballán, na 1. *adx.* Persoa que babexa moito. **2.** *adx.* Persoa parva, simple. *sin.* **baballosán, na; baballa, llo; borricán, na.** **3.** *adx.* Persoa que ten pouca forza e capacidade de traballo. **4.** *adx.* Persoa pesada e insulsa que fala de máis. *var.* **baballosa, so.** **5.** *adx.* Persoa que fala con dificultade.

Baballosa, so* véxase **baballán, na.**

Baballosán, na* véxase **baballán, na.**

Babar *v. prml.* Segregar baba unha persoa ou animal. *var.* **babexar.**

Babeca, co, *adx.* Inxenua, parva, aparvada, tolandrana.

Babuxa véxase **chuvisca.**

Babuxar véxase **chuvíñar.**

Babuxe véxase **orballeira.**

Babuxeira véxase **orballeira.**

Bacelo *s.m.* Vara de videira.

Bacio *s.m.* Viscera propia dos animais vertebrados situada á esquerda do estómago, onde se eliminan os glóbulos vermellos vellos e que serve de reserva de sangue para casos de fortes hemorraxias. *var.* **bazo.** *sin.* **paxariña.**

Badal *s.m.* Peza xeralmente metálica e en forma de pera pendurada situada no interior da campá ou da choca e que, ao bater nesta, a fai soar.

Badaleo *s.m.* Repenique dunha campá ou de varias á vez.

Badana 1. *s.f.* Pel curtida moi fina, sexa cal sexa a súa procedencia. **2.** *s.f.* Pel que lles colga aos bois na parte inferior do pescozo.

Badanas *adx.* Persoa frouxa, preguiceira.

Badil *s.m.* Especie de paleta ou gancho que se emprega para recoller o carbón, as cinzas ou as brasas e atizar o lume.

Bafarada 1. *s.f.* Golpe de aire quente. **2.** *s.f.* Golpe de mal cheiro.

Bafo 1. *s.m.* Vapor en xeral, tanto do corpo ao respirar coma dos líquidos ao ferver na cociña ou da auga ao caer nas fervenzas. **2.** *s.m.* Bocalada de aire con mal cheiro.

Baga 1. *s.f.* Vaíña ou casca dos garavanzos que se destina, cando está seca, ao penso do gando. **2.** *s.f.* Montón de castañas cos seus ourizos. **3.** *s.f.* Cápsula que contén a liñaza ou as sementes de liño.

Bagaruño *s.m.* Grans ou pebidas que teñen as uvas. *var.* **bagazo.**

Bago 1. *s.m.* Sitio destinado ao cultivo de cereais. **2.** *s.m.* Extensión de terras que se destinan ao labor. **3.** *s.m.* Gran de uva.

Bágoa *s.f.* Pinga de líquido transparente que segregan os ollos ao chorar de tristura ou de alegría. *sin.* **lágrima.**

Bagullo *s.m.* Pel delgada que cobre algunhas froitas e legumes, como a uva ou a faba. *sin.* ***Pelexo.**

Baguñar* véxase **orballar.**

Baixar véxase **abaixar.**

Balandrán, na 1. *adx.* Persoa abandonada no vestir e en todas as súas accións. *var.* **malandrán, na; zarrapastrán, na.** **2.** *s.m.* véxase **bandullo**

Balanza *s.f.* Bambán dunha táboa sobre un cabaleta ou viga.

Balaústre *s.m.* Varanda que protexe e limita a escaleira, o balcón ou o corredor. *sin.* **varanda.**

Baldada, do *adx.* Persoa que está moi cansa debido a que realizou un traballo que implicou un grande esforzo físico.

Baldada, do *adx.* Persoa que está esgotada de cansazo ou por causa dunha enfermidade.

Baldar **1.** *v. tr.* Deixar a alguén incapaz de mover algún dos seus membros. **2.** *v. tr.* Cansar en extremo. **3.** *v. prml.* Estragar, inutilizar.

Balde véxase **caldeiro**.

Baldón **1.** *s. m.* Pina de ferro da roda do carro. **2.** *s. m.* Táboa grosa que se emprega na construción do tellado exterior das casas.

Baldrés *s. m.* Cinta ou correa coa que se ata a porción de liño á roca.

Balea **1.** *s. f.* Vasoira moi grande construída xeralmente con pólas de bidueiro, que se utiliza para eliminar a palla trillada e separala do gran. **2.** *s. f.* Vasoiro que serve para recoller o eirado mallado. **3.** *s. f.* Vasoira que se usa para *balear*, feita de toxo, codeso ou xunco.

Balear *v. tr.* Limpar a pabea estendida, despois de trillala, e sacar as *grancias* coa *balea*. *var.* **Abalear**.

Baleira **1.** *s. f.* Femia sen descendencia. **2.** *adx.* Algo que non contén nada.

Baleo *s. m.* Vasoira de urces, sen mango adicional, que se empregan para varrer.

Ballón **1.** *s. m.* Tempo cru e rigoroso no inverno que dura varios días. *sin.* **luada**.

Baloco **1.** *s. m.* Bóla ou pelota de neve coa que xogan os nenos e as nenas. **2.** *s. m.* Masa de terra, lodo ou elementos parecidos. **3.** *adx.* Persoa gorda. **4.** *adx.* Persoa pouco traballadora.

Balsada **1.** *s. f.* Oco no terreo, natural ou construído, que serve para embalsar auga. **2.** *s. f.* Amontoamento que procede da poda das silvas, pólas ou sebes. **3.** *s. f.* Maraña vexetal en xeral.

Balumba véxase **balumbo**.

Balumbo *s. m.* Algo que avulta moito pero pesa pouco, por exemplo, un carro cunha carga de herba ou pabea moi voluminosa. *var.* **Balumba**.

Banastra **1.** *s. f.* Cesta grande de vimbios ou tiras de madeira, con tampa ou sen ela. **2.** *s. f.* Cesto grande formado de vimbias ou listas de madeira delgadas e entretecidas. **3.** *s. f.* Muller moi gorda.

Bancada *s. f.* Tosta, chapacuña, estacada ou banco feito con estacas cravadas no leito do

río que sostén unha parede de pedras e pólas para desviar a auga.

Bando **1.** *s. m.* Trazo ou conxunto de trazos propios que permiten diferenciar unha cousa con respecto a outras. **2.** *s. m.* Maneira habitual de ser e de reaccionar fronte á vida e fronte aos demais individuos. **3.** *s. m.* Conxunto dos trazos máis característicos do rostro dunha persoa. **4.** *s. m.* Grupo, rabaño, agrupación.

Bandouga* véxase **bandullo**.

Bandougo* véxase **bandullo**.

Bandulla *s. f.* Persoa comellona.

Bandulleira, ro *adx.* Persoa comellona.

Bandullo **1.** *s. m.* Estómago dos animais e das persoas. *sin.* **andorga; balandrán; botelo**. **2.** *s. m.* Ventre ou conxunto de tripas dun animal. **3.** *s. m.* Ventre dunha persoa gorda. *sin.* **bandougo; bandouga**.

Bangallo *s. m.* Resto que queda do acio das uvas. *sin.* **Cangallo**.

Bantieiro véxase **sabugueiro**.

Banzado **1.** *s. m. s. f.* Presa no curso dun río ou arroio que serve para desviar a auga, retención que se fai colocando certos materiais, como un macizo de terra ou outro material impermeable, que obstrúan o paso da auga. *sin.* **tapacuña; touñón; estacada; taguía**. **2.** *s. m.* Presa, obstáculo preparado no río de forma que a auga se conduza por un leito distinto ao orixinal. **3.** *s. m.* Muro construído nun río ou arroio para, ao reter a auga, darlle a altura suficiente co fin de derivala fóra do seu leito. **4.** *s. m.* *Moega* do muíño.

Bánzara *s. f.* Casca exterior da noz.

Banzo *s. m.* Paso dunha escaleira ou dunha escada.

Bañado **1.** *s. m.* Especie de balde ou caldeiro no que se leva a auga fervendo para pelar o porco, unha vez que é sacrificado, mentres se escalda. **2.** *s. m.* Recipiente de metal en que se ouriña ou defeca. *sin.* **penico**. **3.** *s. m.* Palangana para limpar a cociña. *var.* **bañal**.

Bañal véxase **bañado**.

Bañar **1.** *v. tr.* Meter unha persoa, animal ou cousa en auga para lavalos. **2.** *v. prml.* Meterse na auga para refrescarse, lavarse, nadar etc.

Baño **1.** *s. m.* Acción e efecto de bañar(se). **2.** *s. m.* Recipiente onde un se baña. **3.** *s. m.* Cuarto para o aseo e hixiee das persoas. **4.** *s. m.* véxase

- Bebedeiro.** 5. *s. m.* Criba sen buracos que se usa nos muíños para botar o gran á *moega*.
- Barallouzas*** véxase **charlatán, na.**
- Barateira, ro** *s. e adx.* Persoa que vende barato.
- Baraza** 1. *s. f.* Corda delgada, tira de coiro ou fita con que se ata a algunha cousa. 2. *s. f.* Liga das medias. 3. *s. f.* Cinta ou correa que serve para suxeitar o liño á roca.
- Barba*** véxase **barbirote.**
- Barbada** 1. *s. f.* Papada do porco. 2. *s. f.* Pel que lle colga á vaca na parte inferior do pescozo. 3. *s. f.* Graxa, unto do porco, especialmente a da parte inferior do colo e da barriga. 4. *adx.* Planta que ten raíces.
- Barbar** 1. *v. tr.* Suxeitar un animal mentres o collen polo vinco do fociño. 2. *v. tr.* Abrirille a boca a unha vaca ou a unha res de forma forzada.
- Barbeito** *s. m.* Terra de labor que se deixa descansar unha tempada sen sementar.
- Barbirote** 1. *s. m.* Parte da cara que está entre a boca e o pescozo, especialmente a punta en que termina. 2. *s. m.* Conxunto de pelos que lles nacen na cara ás persoas, en particular aos homes, despois da puberdade. *sin.* **barba.**
- Barboleta*** véxase **barbureta.**
- Barboreta** *s. f.* Insecto pertencente á orde dos lepidópteros que ten dous pares de ás de variadas e vistosas cores cando é adulto e un aparello bucal en forma de trompa que lle serve para chuchar o néctar das flores. *var.* **barboleta; borboreta. sin. pamboreta; pambereta; palombiña.**
- Barbureta*** véxase **barboreta.**
- Barda** 1. *s. f.* Cercado das fincas, xa sexa de parede ou de sebe viva. *sin.* **vargado.** 2. *s. f.* Especie de canizo que impide que lle caia ao carro a carga cando esta é miúda. 3. *s. f. pl.* Paus transversais da cama, perpendiculares aos traveseiros. 4. *s. f.* Especie de curral ou cerca que se fai para cazar lobos. 5. *s. f.* Sebe ou pedras que se lle engaden a un muro pola parte superior.
- Bardo** *s. m.* Chanto, lousa, tronco ou estaca que, ao espetalo verticalmente na terra, se usa para pechar leiras e hortas. *sin.* **vargo.**
- Barra** 1. *s. f.* Vara de metal. 2. *s. f.* Piso superior para gardar a palla, as patacas etc. 3. *s. f.* Mostrador de bares e cafetaría. 4. *s. f.* Peza de pan alongada. 5. *s. f.* Xogo tradicional que consiste en lanzar unha barra de ferro o máis lonxe posible.
- Barrada*** véxase **barrado.**
- Barrado** 1. *s. m.* Crecida ou enchente dun río. 2. *s. m.* Tapado da boca da cuba. *var.* **barrada.**
- Bárrago*** véxase **vérrago.**
- Barranca** 1. *s. f.* Descenso brusco, vertical e moi profundo do terreo. *var.* **barrancal, barranco. sin. cavorco.** 2. *s. f.* Masa de pedras, terra ou outros materiais que se desprende da ladeira dunha montaña ou dun monte. *var.* **Barrancada.** 3. *s. f.* Camiño con moita pendente.
- Barrancada*** véxase **barranca** 2
- Barrancal** 1. *s. f.* véxase **Barranca** 1. 2. *s. f.* Terreo moi pendente que, por esta razón, non se pode traballar.
- Barrantés** *s. m.* Clase de vento frío.
- Barrar** *v. tr.* Tapar e selar a boca das cubas.
- Barreira** 1. *s. f.* Obstáculo artificial que impide o paso, a comunicación ou o contacto. 2. *s. f.* Obstáculo, inconveniente para a realización de algo. 3. *s. f.* Lugar de onde se obtén a arxila.
- Barrelo** véxase **bercio.**
- Barriga** 1. *s. f.* Cavidade dos animais vertebrados que se sitúa entre o tórax e a pelve e contén todas as vísceras agás os pulmóns e o corazón. 2. *s. f.* Parte convexa e grosa de certas cousas. 3. *s. f.* Parte inferior avultada da nasa.
- Barrigán** 1. *s. m.* Cada un dos paus colocados nas lúas das cubas e dos cubetos de maneira perpendicular ás súas pezas para evitar que se dobren, para sostelas e reforzalas. 2. *adx.* Persoa que ten moita barriga.
- Barril** *s. m.* Porrón de barro que serve para conservar a auga ou o viño.
- Barrumbo** *s. m.* Substancia que se emprega para callar o leite. *sin.* **cualló.**
- Bartola, lo** 1. *adx.* Persoa desidiosa. 2. *adx.* Persoa aparvada.
- Barulleira, ro*** véxase **charlatán, na.**
- Barullo** *s. m.* Mestura confusa de rúidos ou cousas.
- Batedeira** 1. *s. f.* Instrumento de labranza, que se usa para cavar, formado por unha pa de ferro de bordos cortantes unida a un mango de madeira que forma un ángulo agudo coa folla; utilízase para traballar a terra, mesturar os

compoñentes dunha masa, abrir sucos ou guiar ou tornar a auga de rego. *var.* **batedoira**. *sin.* **aixada**.

Batedoira véxase **batedeira**.

Bater *v. tr.* Remover ou remexer con enerxía unha substancia.

Baticar* véxase **abatigar**.

Batudo **1.** *s. m.* Comida para os porcos ou as galiñas que se compón de auga quente e farelo.

2. *s. m.* Bosta disolta en auga que serve para varrer a eira. **3.** *s. m.* Caldo ou salsa composta pola mestura de allo, sal, pemento, sangue e, ás veces, arroz e azucre para facer as morcillas.

Bautizar *v. tr.* Administrar o sacramento do bautismo a alguén. *var.* **boutizar**.

Baxar véxase **abaixar**.

Bazo véxase **bacio**.

Bebedeiro **1.** *s. m.* Lugar con auga onde poden beber os animais, xeralmente nunha fonte ou un río onde hai unha pía na que se acumula a auga. **2.** *s. m.* Recipiente para beberen os animais. *sin.* **Baño**. **3.** *s. m.* Oco circular que se deixa entre as pezas das rodas do carro para dar paso a auga. **4.** *s. m.* Fonte onde acoden os paxaros para beber e na que os cazan, xeralmente, cunha liga.

Bébora *s. f.* Ganas de troula, esmorga, borracheira.

Becerra, rro *s.* Vaca ou touro ata tres anos.

Becerro* véxase **pai**.

Beche *s. m.* Macho da cabra.

Beilona* véxase **peón**.

Beira **1.** *s. f.* Aleiro do tellado. **2.** *s. f.* Cada unha das lousas que forman un beirado. **3.** *s. f.* Parte ou zona situada no extremo dunha cousa ou que constitúe o seu límite con outra. **4.** *s. f. pl.* Tellas que asoman por enriba do muro cara adiante.

Beiro *s. m.* Cada un dos flancos laterais das mesas que forman os sucos.

Beirón **1.** *s. m.* Franxa na beira dunha leira con silvas, espiños e outras plantas que serven de cerrado. *sin.* **sebe**. **2.** *s. m.* Terreo formado por silveiras, espiños e outras plantas. **3.** *adx.* Persoa de carácter arisco, esgrevio, bruto.

Beizo véxase **labio**.

Beligo* véxase **embigo**.

Beliscar *v. tr.* Apertarlle entre dous dedos, xeralmente entre o polgar e o índice, un pouco de pel e carne a alguén. *var.* **belizcar**.

Belisco **1.** *s. m.* Acción de beliscar. **2.** *s. m.* Marca ou sinal que deixa esta acción.

Belizcar* véxase **beliscar**.

Bencia* véxase **habencia**.

Benfalada, do *adx.* Persoa que fala ben, con criterio, coñecemento e de forma educada sen empregar palabras malsoantes.

Benfeita, to *adx.* Persoa guapa, de aspecto agradable á vista pola súa aparencia física natural ou por como vai vestida ou adobiada.

Berbiquí *s. m.* Ferramenta constituída por unha manivela dobrada en dous cóbados, en forma de asa, cunha broca no extremo, e que se utiliza en carpintería para facer furados na madeira. *sin.* **trade**.

Bercio *s. m.* Berce de madeira, moi baixo, que serve para arrolar os meniños e as meniñas. *sin.* **Barrelo**.

***Berraco** *s. m.* Porco non capado que se deixa para reprodutor. *var.* **verrón**.

Berrar **1.** *v. tr.* Dicir algo en voz moi alta. **2.** *v. intr.* Ovella, carneiro ou cabra emitir a súa voz. **3.** *v. intr.* Emitir a súa voz o boi ou a vaca. *var.* **verrear**. *sin.* **reburdar, bramar, muar**. **4.** *v. intr.* Chorar o neno ou a nena á vez que vocean.

Berrear véxase **berrar**.

Berrida véxase **berrido**.

Berrido *s. m.* Grito que se dá ao berrar. *var.* **berrida**.

Berrón, na **1.** *s.* Animal que berra moito. **2.** *s.* Neno ou nena que chora moito. **3.** *s.* Vaca, touro ou outros animais que bruan moito.

Bertón **1.** *s. m.* Gromo desenvolvido da col, do repolo ou do nabo. **2.** *s. m.* Mazaroca da verza. **3.** *s. m.* Brote ou renovo que xorde da verza despois de que sexa cortada.

Besa *s. f.* Larva de certos insectos, en particular do moscón, depositados no touciño e na carne salgada. *var.* **bexa**.

Bestiazo *s. m.* Golpe forte que se produce por unha caída.

***Bestio** *s. m.* Mamífero perisodáctilo da familia dos équidos, de orellas pequenas e de longa crina no pescozo e no rabo, que se utiliza

fundamentalmente como montura. *sin.* **burro**; **mulo**.

Beta *s. f.* Freo da lingua ou do pene.

Betillo 1. *s. m.* Aparello semiesférico de vimbios, vergas ou de arames entretecidos que se lles coloca a algúns animais no fociño para que non coman nin mamen. **2.** *s. m.* Táboa con pugas que se lles pon aos xatos para que non poidan mamar.

Bexa véxase **besa**.

Biamb Bruno *s. m.* Certo baile dos Ancares.

Bica *s. f.* Biquela do pipote.

Bicador, ra *adx.* Persoa que é moi amiga de bicar.

Bicar *v. tr.* Tocar cos beizos na pel, meixelas ou labios doutra persoa en sinal de afecto, saúde, amizade ou amor.

Bicho 1. *s. m.* Calquera animal de pequeno tamaño e corpo que se cría na carne ou na froita. **2.** *s. m.* Calquera ser vivo orgánico con capacidade para moverse e dotado de sensibilidade, excepto o ser humano. **3.** *s. m.* Animal doméstico.

Bigarcio *s. m.* Persoa alta que está na xuventude.

Bigarda véxase **billarda 3**.

Bigorna véxase **bigornia**.

Bigornia 1. *s. f.* Instrumento que se utiliza para picar a gadaña. *var.* **bigorna**. **2.** *s. f.* Base de ferro con tres pés desiguais sobre a que se apoia o calzado para reparalo. **3.** *s. f.* Incre do zapateiro.

Biligo* véxase **embigo**.

Billa véxase **billarda 1 e 2**.

Billarda 1. *s. f.* Xogo que consiste en dar cun pau noutro máis pequeno e rematado en punta nos extremos, que se coloca no chan, de xeito que se fai saltar e, xa no aire, se lle dá un segundo golpe que o arrebola a maior distancia. *var.* **Billa**. **2.** *s. f.* Pau que se golpea neste xogo. **3.** *s. f.* Xogo de bólas que consiste en meter unha bóla na troneira ou gua despois de que choque con outras bólas. *var.* **bigarda**. *sin.* **ganduza**, **cocha**.

Bima *s. f.* Segundo labor que se lles dá ás terras ou viñas. Esta labranza e a época na que ten lugar, en xuño, son as mellores para preparar a terra e a sementeira. A bima facíase no Bierzo nos terreos que estaban a *poulo* porque daquela a humidade deste terreo favorecía a terra. *var.* **bina**.

Bimar 1. *v. tr.* Dar a segunda arada á terra antes de sementala, facer a bima a un cultivo. *var.* **abimiar**.

Bina* véxase **bima**.

Biocha *s. f.* Instrumento agrícola con dous picos que serve para cavar terras brandas ou remexer esterco.

Biorito *s. m.* Atadura ou corda feita con palla trenzada para atar os para os feixes de cereal.

Biosbardo *s. m.* Ser imaxinario que engana os incautos.

Birlar *v. tr.* Tirar por segunda vez a bóla no xogo dos birlos dende o lugar onde se detivo a primeira vez que se tirou.

Birola, lo *adx.* Persoa que ten un ollo mirando en cada dirección. *sin.* **trusga**, **go**.

***Birriosa, so 1.** *adx.* Persoa miserable, desprezable. **2.** *adx.* Persoa envexosa.

Bitondia *s. f.* Cabra en celo.

Boca 1. *s. f.* Abertura que comunica co aparato dixestivo e coas vías respiratorias nalgúns animais e que, no home, está situada na parte inferior da cara, rodeada polos beizos. **2.** *s. f.* Abertura das vasilla de calquera tipo. **3.** *s. f.* Parte aberta da galocha que serve para meter o pé. **4.** *s. f.* Abertura cuadrangular do forno de cocer o pan. **5.** *s. f.* Porta ou abertura do forno ou da cuba.

Bocalán, na *adx.* Persoa que fala demasiado e di cousas pouco sensatas.

Bocoi *s. m.* Tonel de madeira que serve para almacenar o viño, de maior tamaño cá cuba.

Bodega 1. *s. f.* Lugar subterráneo onde se elabora e almacena o viño. **2.** *s. f.* Habitación da planta baixa ou do soto da casa onde se gardan, ademais do viño, algunhas provisións.

Bodega *s. m.* Construción pequena e sen ventás adxacente á casa que serve para gardar ferramentas, colleitas ou animais de pequeno tamaño.

Bodegueira, ro* véxase **cubeira, ro**.

Bogada 1. *s. f.* Auga con lixivia ou deterxente onde se mete a roupa para que branquee. **2.** *s. f.* Operación de lavar a roupa nesa auga. **3.** *s. f.* Roupa que se lava en cada sesión.

Bocha *s. f.* véxase **vixiga**.

Boi 1. *s. m.* Touro castrado que se emprega como animal de tiro. **2.** *s. m.* Ferro pardo compacto das ferrarías.

Bola 1. *s. f.* Torta de pan. **2.** *s. f.* Pan dunha soa ración que se fai ao amasar. **3.** *s. f.* Molete de pan común, que pesa unha libra. **4.** *s. f.* Empanada.

Bóla 1. *s. f.* Obxecto de forma esférica, pelota, balón. **2.** *s. f.* Mentira, engano. **3.** *s. f.* Testículos, collóns.

Bóldrega *s. f.* Roncha, inchazón causada por rozadura, queimazón ou pola picada dun insecto. *var.* **Bóldriga.**

Bóldriga* véxase **bóldrega.**

Bolea *s. f.* Bóla de madeira, xeralmente de carballo, aciñeira ou torga de uz, que se utiliza para xogar aos birlos.

Boleca 1. *s. f.* Castaña baleira. **2.** *adx.* Algo baleiro. **3.** *adx.* Algo van e inconsistente.

Boleiro* véxase **buleiro.**

Bolo 1. *s. m.* Calquera cousa que ten ou á que se lle dá forma de bóla ou esfera. **2.** *s. m.* Peza de pan, xeralmente arredondada e alta. **3.** *s. m.* Tipo de pastel de formas variadas, que leva, ademais de fariña, ovos, azucre e graxas. **4.** *s. m.* Vulto que sobresaí a consecuencia dun golpe. **5.** *s. m.* Masa formada polos alimentos mastigados e mesturados coa saliva. **6.** *s. m.* Ás de ouros.

Bolsa *s. f.* Obxecto de tea, papel ou doutro material, que forma cavidade aberta pola parte superior, provisto ou non de asas para agarralo, e que serve para gardar ou transportar todo tipo de obxectos.

Bolsada *s. f.* Contido que cabe nunha bolsa.

Bombo 1. *s. m.* Lata que serve para asar castañas. **2.** *s. m.* Instrumento musical, formado por unha caixa redonda coas bases de pel, que se toca batendo nelas cunhas mazas. **3.** *s. m.* Recipiente esférico de arames que se pode xirar e que se utiliza en sorteos para revolver os papeis ou bólas con que estes se realizan.

Boncha véxase **vixiga.**

Bondar 1. *v. intr.* Bastar, ser suficiente. **2.** *v. intr.* Abundar, existir en abundancia. *var.* **abondar.**

Boqueiro 1. *s. m.* Abertura na parede do palleiro pola que se mete a herba, a palla ou, ás veces, as uvas. *var.* **boqueirón.** **2.** *s. m.* Aro máis próximo da boca da cuba.

Boqueirón* véxase **boqueiro.**

Borbicán, na *adx.* Persoa tola, simple, torpe.

Borboleta* véxase **barbureta.**

Boroa *s. f.* Pan de millo.

Borollón, na *adx.* Persoa afeccionada a comer pan ou tortas de millo.

Borra 1. *s. f.* Depósito de materiais sólidos que se forma no fondo dos recipientes que conteñen certos líquidos. **2.** *s. f.* Pouso que queda nas cubas despois da fermentación e trasfega do viño. *sin.* **pouso.** **3.** *s. f.* Restos de algo, especialmente se pasaron polo lume.

Borracha, cho *adx.* Persoa que se emborracha a miúdo, que é adicta ao alcohol. *sin.* **penegue.**

Borracheira *s. f.* Estado dunha persoa que bebeu demasiado alcohol. *sin.* **carpanta; mona; moña; filiparda; penegueira; talanqueira.**

Borralla* véxase **cernada.**

Borrallada 1. *s. f.* Conxunto de brasas. **2.** *s. f.* Conxunto de obxectos pequenos, especialmente se son redondos ou ovalados, como as patacas, as mazás ou as castañas.

Borrallo 1. *s. m.* Po ou conxunto de residuos que quedan de algo que se queimou totalmente. **2.** *s. m.* Brasas acesas que se conservan entre a cinsa despois de arder algo. *sin.* ***rescaldo.**

Borricada* véxase **burricada.**

Borricán, na* véxase **baballán, na.**

Borroeira *s. f.* Amontoamento de matas, herbas ou ramas inútiles que se rozan nun campo ou monte para queimar. *sin.* **borrón.**

Borrón véxase **borroeira.**

Bostela *s. f.* Capa exterior dura que se forma nas feridas ao secaren.

Bota 1. *s. f.* Calzado que cobre o pé e parte da perna. **2.** *s. f.* Recipiente de coiro para o viño, do que se bebe directamente, levantándoo cara ao alto e apertándoo coas mans.

Botaina 1. *s. f.* Remendo de coiro que se pon nos buracos ou perforacións dos pelesos de viño, no *boto* ou na mazadeira do leite. **2.** *s. f.* Peza redonda de madeira ou corno, cunha amosega ao redor, que se insire no coiro no caso de que se rompa.

Botar 1. *v. tr.* Facer chegar unha cousa a un sitio mediante un impulso, tirar, lanzar, arrebolar. **2.** *v. tr.* Expulsar, facer saír. **3.** *v. tr.* Presentar un documento. **4.** *v. tr.* Enterrar unha planta nova ou unha semente para que prenda e medre. **5.** *v. intr.* Empregar tempo para facer certa cousa.

Boteira, ro *s.* Neno ou nena que lles leva a auga aos segadores.

Botella *s. f.* Recipiente alongado de colo estreito, normalmente de vidro, metálico ou plástico, para conter líquidos

Botello *s. m.* Recipiente parecido á botella pero máis pequeno, de formas variadas e xeralmente de vidro, que se utiliza para conter líquidos, pastillas ou outras substancias.

Botelo 1. *s. m.* Embutido que se fai co estómago ou co intestino groso do porco, enchido de costela de porco picada, adubada con allo, pemento e sal e despois curado na época da matanza en todo o Bierzo. **2.** *s. m.* Viscera oca situada no abdome, entre o esófago e os intestinos, que é o órgano principal da dixestión.

Botelo* véxase **bandullo**.

Boto *s. m.* Recipiente de pel curtida que se utiliza para mazar o leite.

Botón 1. *s. m.* Xema da floración. **2.** *s. m.* Flor pechada e con follas ou pétalos envoltos. **3.** *s. m.* Peza de metal, nácara, madeira ou plástico cosida á roupa que se emprega para abrila ou pechala, ou mesmo como adorno. **4.** *s. m.* Cada un dos cravos longos que se usan para suxeitar as pezas da pina á roda nos carros.

Boubalán, na *adx.* Persoa que amosa pouca ou ningunha intelixencia.

Boutizar* véxase **bautizar**.

Bouza 1. *s. f.* Terreo inculto poboado de toxos, xestas ou uces. **2.** *s. f.* Terreo comunal que a veciñanza dun lugar ou aldea ara e sementa para beneficiarse dos seus produtos. Hai aldeas en que non teñen un sitio determinado para a bouza e cada ano buscan o que consideran máis oportuno; outras teñen unha soa bouza nun sitio fixo, polo que a labran dous ou tres anos seguidos e a deixan descansar un. *sin.* **uceira**.

Bóveda 1. *s. f.* Teito de sección curva, que cobre o espazo comprendido entre dous muros ou varios piares. **2.** *s. f.* Aquilo que pola súa forma ou función semella unha bóveda. **3.** *s. f.* Parte interior curva e alta do forno.

Boxe 1. *s. m.* Arbusto da familia das buxáceas, de follas perennes, pequenas e brillantes, e de madeira moi dura que se emprega para facer

culleres, cuncas ou gaitas. **2.** *s. m.* Madeira deste arbusto.

Bozo *s. m.* Aparello feito de arame ou corda que se lles pon aos animais no fociño para que non traben nin coman.

Bragada, do 1. *adx.* Animal que ten partes da pel de distinta cor ca o resto do corpo. **2.** *adx.* Persoa de resolución enérxica e firme, mesmo dominante.

Bramar véxase **berra**.

Braña 1. *s. f.* Monte encharcado. *sin.* **charcón**. **2.** *s. f.* Lugar ou sitio de monte baixo, húmido e espeso. **3.** *s. f.* Zona de monte que, de maneira espontánea, produce pastos abundantes. **4.** *s. f.* Pasto de verán que, polo común, está na faldra dalgún monte onde hai auga abonda e prado.

Branca, o *s. e adx.* Cor da neve, do leite etc.

Brandal *s. m.* Caixón de madeira que serve para almacenar a fariña no muíño.

Brandoeira 1. *s. f.* Terreo, xeralmente cuberto de herba, no que nace auga e que se move ao pisalo. **2.** *s. f.* Terreo moi húmido que pode ser prado ou monte baixo.

Brañeira, ro *s.* Habitante dunha braña, pastor ou pastora.

Brava, vo 1. *adx.* Planta ou árbore que nace espontaneamente ou sen enxertar. **2.** *adx.* Planta ou árbore sen cultivar. **3.** *adx.* Plantas que nacen e crecen xuntas e fortes. **4.** *adx.* Xénero de castaña.

Brea 1. *s. f.* Serie de golpes ou azoutes que se lle dan a unha persoa ou animal. *sin.* **tunda; soba; zurra**. **2.** *s. f.* Vento forte que acostuma a presentarse no mes de marzo e que acarrexas chuvascos de pouca importancia. *sin.* **Marceada**.

Brear 1. *v. tr.* Dar azoutes ou golpes a alguén. **2.** *v. tr.* Golpear cun azoute, vimbio, vara ou algo similar. **3.** *v. tr.* Facer burlas con intencións ofensivas. **4.** *v. intr.* Sentir proído nalgunha parte do corpo. **5.** *v. intr.* Chover con moito vento.

Bríón 1. *s. m.* Cada un dos tacos nos que se engancha a corda de atar o carro, debaixo das varas. **2.** *s. m.* Saínte, pola parte inferior da pértega do carro, que se utiliza como enganche da luria para suxeitar a carga.

Brisel *s. m.* Rede pequena que serve para pescar troitas.

Broza 1. *s. f.* Maleza ou espesura de arbustos. **2.** *s. f.* Conxunto de residuos vexetais.

Brozas *adx.* Persoa embusteira, enredadora, chapuceira.

Bruñal *s. m.* Arbusto da familia das rosáceas, de ramas e talos espiñentos, follas ovadas alternas, flores brancas e pequenas e froito en drupa arredondada de cor negra azulada e sabor áspero. *sin.* **abruñeiro.**

Bruño véxase **abruño.**

Brusca, co* véxase **rabión, na.**

Bruxa, xo 1. *s.* Persoa con coñecementos de medicina natural que realiza curacións. *sin.*

Curandeira, ro. 2. *s.* Persoa á que se lle atribúen poderes sobrenaturais e capacidade de realizar meigallos. *sin.* **feiticeira, ro. 3.** Persoa con moita maldade.

Bubela *s. f.* Paxaro da familia dos upúpidos, de peteiro longo e curvado, ás arredondadas e plumaxe de cor castaña rosada, coa parte inferior do lombo e o rabo raiados de branco e negro e notable crista eréctil coa punta das plumas negra. *var.* **abubela.**

***Buchinche 1.** *s. m.* Taberna sucia e miserable. **2.** *s. m.* Habitación pobre e pequena.

Bufar 1. *v. intr.* Zoar con forza o aire. **2.** *v. intr.* Soprar con forza o aire un animal facendo ruído. **3.** *v. intr.* Manifestar enfado botando o aire con forza pola boca.

Bufarada *s. f.* Gran cantidade de fume, vapor ou gas que sae con forza do lume, da pota ou da caldeira. *sin.* **Fumarada, fumareira.**

Bufarda 1. *s. f.* Abertura ou ventá que se fai no tellado da palleira para que entre a luz e ventile. **2.** *s. f.* Pequena abertura ou ventaiña na parede ou no teito da casa para dar luz, para ventilar ou para subir ao tellado.

Bugallo véxase **carrabouxa.**

Bula *s. f.* Excremento sólido do gando vacún. *sin.* **Buleiro.**

Bulebule 1. *s. m.* Persoa inqueda e bulideira. Noticia vaga que se difunde sen confirmar. **2.** *s. m.* Carraca ou calquera xoguete similar que faga ruído. **3.** *adx.* Ruxerruxe, rumor, noticia vaga que se difunde sen confirmar.

Buleira véxase **buleiro.**

Buleiro *s. m.* Excrementos sólidos do gando vacún ou equino. *var.* **boleiro; bula; buleira.**

Bulir *v. intr.* Moverse unha persoa ou animal de maneira axitada ou nerviosa. *sin.* **rebulir.**

Bulla 1. *s. f.* Grande alboroto e ruído, especialmente a causa dunha pelexa. *sin.*

Barullo. 1. *s. f.* Acción e efecto de pelexar.

Bullada *adx.* Castaña pelada.

Bullar 1. *v. tr.* Pelar, mondar, quitar a pel ou a casca das patacas e das castañas asadas, mais tamén doutras plantas e froitas. *var.* **esbullar; debullar 2.** *v. tr.* Limpar. *var.* **esbullar; debullar. 3.** *v. tr.* Esnaquizar, estrullar, esmagar.

Bulleiro *s. m.* Terreo onde nace e se acumula auga. *sin.* **chaguaceiro.**

Bullideira *adx.* Pataca que, debido ao seu tamaño, cabe nunha man e, por esta mesma razón, se pode pelar dunha maneira máis fácil e cómoda.

Bullo 1. *s. m.* Bagaño, bagazo, pouso da prensa da uva co que se fai a augardente. **2.** *s. m.* Castaña seca á que se lle quitou a pel.

Bulló *s. m.* Castaña asada e pelada.

Buracar* véxase **furacar.**

Buraco 1. *s. m.* Abertura que atravesa unha cousa de lado a lado. **2.** *s. m.* Cavidade natural ou artificial no terreo ou en calquera superficie e cun tamaño e profundidade variables. *var.* **furaco. sin. furato. 3.** *s. m.* Obxecto que ten o interior baleiro.

Buraguela véxase **carrabouxa.**

Buraguelo véxase **carrabouxa.**

Burbulla *s. f.* Globo de aire ou doutro gas que sobe á superficie dun líquido cando este ferve, fermenta ou cando se move moito.

Burel 1. *s. m.* Tea grosa e basta. **2.** *s. m.* Tecido basto, xeralmente de la.

Burla 1. *s. f.* Acción, xesto ou palabras con que se ridiculiza unha persoa ou cousa. *sin.* **mofa. 2.** *s. f.* Engano.

Burlar 1. *v. prnl.* Tentar ridiculizar algo ou alguén. *sin.* **mofar. 2.** *v. prnl.* Enganar alguén.

Burlega, go *adx.* Persoa amiga de facer burla. *sin.* **burlisqueira, ro.**

Burlisqueira, ro* véxase **burlega, go.**

Burra, rro 1. *s.* Équino máis pequeno có cabalo e a egua e coas orellas máis grandes, que se domestica facilmente e se utiliza desde antigo como animal de carga ou de tiro. **2.** *s.* Persoa que vai moi cargada. **3.** *s.* Persoa ruda e de

pouco entendemento. *sin.* **burricán, na.** **4.** *s. m.* Cabaleta do muíño. **5.** *s. m.* Banco dos galocheiros. **6.** *s. m.* Estada de albanel feito con paus en forma de tesoiras. **7.** *s. m.* Brazo xiratorio de metal ou de madeira do cal pende a gramalleira e noutros casos o candil. **8.** *s. m.* Manchea de pabeas. **9.** *s. f.* Bocha que se produce na man polo uso das ferramentas de traballo ou no pé pola rozadura do calzado. **10.** *s. f.* Defensa que se fai no río para impedir que as augas penetren nas leiras e as alaguen. **11.** *s. f.* Montón pequeno de terróns secos que se queima para facer labradío novo ou bouza.

Burrada 1. *s. f.* Dito ou feito que é mostra de ignorancia ou de pouca intelixencia. **2.** *s. f.* Gran cantidade de algo.

Burricada 1. *s. f.* Dito ou feito que demostra pouca ou ningunha intelixencia. *var.* **borricada.** *sin.* **alpabarda.** **2.** *s. f.* Carga que leva ou pode levar un burro.

Burricalla, o véxase **burrigalla, o.**

Burricán, na* véxase **burra, rro 3.**

Burrigalla, o *s. m.* Forma despectiva de *burro*.

Burrufeiro *s. m.* Cabalo pequenallo e ruín. *sin.* **cabalallo.**

Buxe *s. m.* Extremo do eixe sobre o que se monta o centro da roda, que contén as chumaceiras e a fixación da roda.

C

Cabalallo *s. m.* Cabalo ruín e de mala calidade. *sin.* **burrufoeiro**.

Cabalete *1. s. m.* Artefacto de madeira con patas que serve para soste r táboas, a modo de mesa portátil con diversos usos. *2. s. m.* Soporte de madeira de tres patas para o pintor colocar o lenzo. que serve para soste r a estada.

Cabalo *1. s. m.* Equino de orellas pequenas e longas crinas no pescozo e no rabo que se utiliza fundamentalmente como montura. *2. s. m.* Carta da baralla que ten a figura dun xinete a cabalo. *3. s. m.* Peza do xadrez con forma de cabalo.

Cabana *1. s. f.* Construción pequena, polo xeral de madeira, que pode ter o teito de palla ou ramallos e que serve para gardar o gran, a herba seca ou os apeiros de labranza, ou tamén seve como refuxio da xente do campo. *2. s. f.* Edificación rústica de cachotería con teito de palla ou xesta que serve de albergue aos pastores e ao gando durante a época estival. *var. cabano*.

Cabano* véxase **cabana**.

Cabeceira *1. s. f.* Parte da cama para onde se pon a cabeza. *2. s. f.* Saco de tea cheo de materia branda e esponxosa, como la ou fibra sintética, que se pon na cabeceira da cama para apoiar a cabeza. *var. cabeceiro 1; cabezal*.

Cabeceiro *1. s. m.* véxase **cabeceira** *2. s. m.* Correaxe ou corda para atar as bestas pola cabeza e ilas levando.

Cabestro *1. s. m.* Corda longa e grosa para suxeitar a carga do carro e para outros usos. *2. s. m.* Boi manso que adoita levar un chocallo e serve de guía para o rabaño.

Cabeza *1. s. f.* Parte superior do corpo humano ou superior ou anterior dos animais, separada do tronco polo pescozo, onde se atopan os principais centros nerviosos e a maioría dos órganos dos sentidos. *2. s. f.* Cada animal contado nun rabaño. *3. s. f.* Peza do arado

paralela ao chan, na que encaixa a rella. *4. s. f.* Medida de altura.

Cabezada *1. s. f.* Obxecto feito de varias correas que se lles pon na cabeza ás cabalerías e mediante o cal se gobernan. *2. s. f.* Golpe que se dá coa cabeza. *3. s. f.* Acción propia de persoa testuda ou obstinada.

Cabezal *1. s. m.* Madeiro que se emprega nun serradoiro para suxeitar o *roldo*. Adóitanse utilizar dous con este obxecto: un fixo e outro solto. O primeiro suxeitase ao taller de serrar polos extremos e a el fíxase o *roldo* por medio de dous ou tres ganchos; o segundo vai colocado na parte anterior e serve para soste r o *roldo*. *2. véxase cabeceira 2*.

Cabezallo véxase **cabezón 1**.

Cabezo *s. m.* Peza do arado que une a rabela coa rella.

Cabezolo véxase **cabezudo**.

Cabezón *1. s. m.* Parte dianteira da vara ou lanza do carro. *sin. cabezallo*. *2. adx.* Persoa teimuda que persiste nas súas ideas ou actitudes, mesmo ante a evidencia de estar equivocado ou obrando mal. *sin. cantroxa, xo: calamouca, co; testán, na; testuda, do*.

Cabezorro *s. m.* Peza de madeira, con ornamentación ou sen ela, que se coloca na parte superior saínte dunha parede, balcón, cornixa etc., e que na parte superior dunha columna fai a función de capitel.

Cabezudo *s. m.* Larva dos anfibios da orde dos anuros de corpo groso e cola longa. *sin. cabezolo*.

Cabra *1. s. f.* Mamífero da familia dos bóvidos, de pelo curto e áspero, cornos curvos cara a atrás e rabo moi curto, capaz de gabear por sitios abruptos. *2. s. f.* Recipiente en forma de caixón que se usa para subir materiais ás estadas na construción. *3. s. f. pl.* Espigas que deixa de cortar a persoa que sega mal. *4. s. f. pl.* Pabeas malas, pouco crecidas e moi mestas.

Cabrada *s. f.* Rabaño de cabras.

Cabralouca **1.** *s. f.* Insecto coleóptero de cor negra de maior tamaño có escaravello. **2.** *adx.* Persoa de carácter informal e irreflexivo que manifesta pouco siso e seriedade no modo de actuar.

Cabrear **1.** *v. tr.* Causar enfado, anoxo ou ira. **2.** *v. prml.* Sentir enfado, anoxo ou ira.

Cabreira, ra **1.** *s.* Persoa que coida e alinda cabras e ovellas.

Cabria véxase **cabrio**.

Cabrio **1.** *s. m.* Maquina de levantar grandes pesos consistente nunha polea suspendida dunha estrutura formada por dous ou tres puntais unidos en ángulo agudo e que se emprega na construción de muros e casas. *var.* **Cabria**.

Cabrita, to **1.** *s.* Cría da cabra. *var.* **Cabuxo, xa.** **2.** *s. m.* Eufemismo de *cabrón*.

Cabrón **1.** *s. m.* Macho cabrío. **2.** *adx.* Persoa desprezable e maliciosa.

Cabronada **1.** *s. f.* Acción malintencionada. **2.** *s. f.* Acción que prexudica, despreza e incomoda gravemente.

Cabuxa, xo, véxase **cabrita, to** **1.**

Cacahués **1.** *s. m.* Planta orixinaria de América da familia das papilionáceas, de talo rasteiro, follas alternas, flores amarelas e froitos en casula con sementes oleaxinosas e comestibles, que maduran introducidos na terra. **2.** *s. m.* Froito desta planta.

Cacarañán *adx.* Persoa desagradable e mal intencionada.

Cacella *s. f.* Castaña sen desenvolver, baleira ou oca.

Cacha **1.** *s. f.* Cada unha das dúas porcións carnosas e arredondadas situadas entre o final da columna vertebral e o comezo das coxas. *var.* **Cachela.** **2.** *s. f.* Pau ou vara con puño que se leva na man para apoiarse ao andar. **4.** *s. f.* Cada unha das dúas pezas que cobren o mango dunha navalla, o coitelo ou a culata dunha pistola. **5.** Cada unha das partes que saen do toro das árbores ou das demais bifurcacións, nas que nacen follas, flores e froitos. **7.** *s. f.* Folla do ollo do repolo.

Cachaba* véxase **caxota**.

Cachapa* véxase **caxota**.

Cachapada *s. f.* Conxunto, abundancia de cousas da mesma especie, sobre todo en relación coa súa recolección ou captura.

Cachapeira, ro **1.** *s.* Persoa que fai cachapos. **2.** *adx.* Persoa alegre, risoña, con gracia.

Cachapelo *s. m.* Cacho pequeno, porción de algo, especialmente cando se fai referencia ás leiras pequenas.

Cachapiollos véxase **matapiollos**.

Cachapo **1.** *s. m.* Corno en que os segadores levaban a pedra de afiar que contén auga para conservar en bo uso a pedra e está provisto dun gancho para colgalo do cinto. **2.** *s. m.* Vaso de lata. *sin.* **cacharopo.** **3.** *s. m.* Medida antiga que se utilizaba nos Ancares para a augardente..

Cacharola* véxase **cachola**.

Cacharopo véxase **cachapo** **2.**

Cacharro **1.** *s. m.* Calquera tipo de recipiente. **2.** *s. m.* véxase **carraca** **1.**

Cachaza *s. f.* Lentitude para facer as cousas, calma, impasibilidade. *sin.* **calma, pachorra.**

Cachelas **1.** *s. f.* Partes da cara que sobresaen debaixo dos ollos. *sin.* **meixelas.** **2.** *s. f.* véxase **cacha** **1.**

Cachelada *s. f.* Comida en que o compoñente principal é o cachelo.

Cachelo **1.** *s. m.* Patata cortada en anacos cocida sen pel. **2.** *s. m.* Patata cortada en toros e cocida coa pel. **3.** *s. m.* Anaco pequeno de algo. **4.** *s. m.* Guiso composto de anacos de carne e cachelos.

Cachicán, na **1.** *s.* Capataz dunha cuadrilla agrícola. **2.** *s.* Persoa desagradable por meterse en todo ou por erixirse en autoridade de forma indebida.

Cachiperres* véxase **achiperres**.

Cachirola *s. f.* Cabeza de porco que está lista para comer.

Cacho **1.** *s. m.* Recipiente metálico con buratos no fondo que se utiliza para asar as castañas. **2.** *s. m.* Parte pequena que se corta, rompe ou arrinca dunha cousa. **3.** *s. m.* Pequeno espazo de tempo. **4.** *s. m.* Porción de patata que se emprega para sementar. **5.** *s. m.* Ensalada de patacas cocidas.

Cachoadá **1.** *s. f.* Fervenza pequena. *var.* **Cachoeira, cachón.** **2.** *s. f.* Gran cantidade de burbullas que se forma na superficie da auga

ao caer desde certa altura ou ao bater contra as rochas. *var.* **cachoeira**; **cachón**.

Cachoeira véxase **cachoadá**.

Cachola 1. *s.f.* Cabeza de porco despois de despezado. *var.* **cacharola**; **cachucha** 2. *s.f.* En sentido humorístico ou despectivo, cabeza dunha persoa. 3. véxase **testa**.

Cachón 1. *s.m.* Corrente impetuosa e rápida dos ríos ou presas que despois se sosega nos pozos. 2. *s.m.* Lugar onde nace a auga agurgullando. 3. *s.m.* Desnivel brusco ou pronunciado no leito dun río onde se precipita a auga. *var.* **cachoadá**; **cachoeira**.

***Cachonda**, do 1. *adx.* Persoa que exhibe a súa beleza. 2. *adx.* Persoa excitada sexualmente. *sin.* **Cacheiro**, **ra**. 3. *adx.* Persoa burlega, pándiga, bromista.

***Cachondearse** *v.pml.* Rirse ou burlarse de alguén.

Cachopa *s.f.* Uña do terceiro dedo nos équidos ou as dúas uñas que recobren a última falanxe do terceiro e cuarto dedo doutros ungulados coma o boi, sobre a base dos cales se apoian estes para andar.

Cachopo 1. *s.m.* Corno en que os segadores e segadoras levaban a pedra de afiar. 2. *s.m.* Recipiente de madeira, semellante a un vaso pero máis achatado, en que os segadores e segadoras levaban a pedra de afiar. 3. *s.m.* Vaso de folla de lata.

Cachorro 1. *s.m.* Cría do can e da cadela. 2. *s.m.* Cría dun mamífero.

Cachoufa *s.f.* Vaca en celo.

Cachucha véxase **cachola** 1.

Cadafalso *s.m.* Plataforma de táboas, sostida a certa altura do chan por unha armazón de madeira, sobre a que se executaban os condenados a morte.

Cadea 1. *s.f.* Obxecto formado por unha sucesión enlazada de pezas de metal en forma de aro chamados elos. 2. *s.f.* Lugar onde os presos cumpren condena. *sin.* **prisión**. 3. *s.f.* Travesa do carro.

Cadeixo* véxase **cadexo**.

Cadela *s.f.* Femia do can. *sin.* **cuza**.

Cadexo 1. *s.m.* Guecho de la. 2. *s.m.* Guecho de pelo, especialmente moi enredado. 3. *s.m.* Porción de fio, la ou seda. *var.* **cadeixo**.

Cadorna *s.f.* Tronco seco da árbore.

Cadullo *s.m.* Porción de pelo sen peitear que se separa ou se distingue do conxunto do que forma parte.

Cagacha* véxase **cagalla**.

Cagachón* véxase **cagalla**.

Cagada* véxase **cagalla**.

Cagadalla *s.f.* Foma despectiva de cagada. *var.* **cagadallo**.

Cagadallo* véxase **cagadalla**.

Cagalán, **na** *adx.* Persoa que ten ou que é propensa a ter medo.

Cagaleira* véxase **cagarria**.

Cagalla 1. *s.f.* Porción de excremento sólido de pequeno tamaño dalgúns animais, como a ovella, a cabra ou o coello. *var.* **cagacha**; **cagallón**; **cagachón**; **cagada**. 2. *s.f.* Castaña sen froito, que só ten a pel. 3. *s.f.* Muller de pouca estatura ou fea. 4. *s.f.* Calquera obxecto de pouco interese.

Cagallón* véxase **cagalla**.

Cagarria 1. *s.f.* Diarrea, fenómeno que consiste na evacuación repetida das feces en forma líquida ou case líquida. *var.* **cagaleira**; **cagarria**. *sin.* **fueira**; **descomposición**. 2. *s.f.* Calidade de estar unha persoa sen ánimo para se enfrontar a un perigo ou dificultade.

Cagarria* véxase **cagarria**.

Caiada *s.f.* Curvatura convexa esaxerada das costas ou do peito que se produce nunha persoa por unha desviación da columna vertebral ou do esterno.

Caída 1. *s.f.* Desprazamento dun corpo de abaixo a arriba por efecto da gravidade. 2. *s.f.* Diminución, baixada, inclinación. 3. *s.f.* Inclinación, desnivel.

Caídas *s.f. pl.* Visceras do gando.

Caixa 1. *s.f.* Recipiente feito de madeira, cartón, metal ou doutro material, de forma e tamaño variables, con tampa ou sen ela, que se usa para gardar ou transportar cousas no seu interior. 2. *s.f.* Estrutura alongada de madeira onde se mete o cadáver que se vai enterrar. *sin.* **cadaleito**. 3. *s.f.* Recipiente que, cuberto cunha tampa solta ou unida á parte principal, serve para gardar ou transportar algo nel. 4. *s.f.* Recipiente onde se albergan as pedras de moer. 5. *s.f.* Corpo do hórreo. 6. *s.f.* Parte cuberta da galocha. 7. *s.f.* Funda ou algo

semellante que se pon sobre a moa do muíño para preservala da sucidade. *var.* **caxa**.

Calafrio véxase **escalafrio**.

Calamouca, co véxase cabezón, na 2.

Calamoucha, cho véxase cabezón, na 2.

***Calándriga** *s. f.* Paxaro da familia dos aláudidos, de cor parda con pencas escuras nas partes superiores, peito de cor crema raiado de pardo, ventre branco, cunha pequena crista, e de canto longo e melodioso que emite durante o seu voo, que é baixo e irregular. *sin.* **cotovía**.

Calar 1. *v. intr.* Non dicir nada. **2.** *v. intr.* Non protestar nin replicar. **3.** *v. tr.* Silenciar, omitir. **4.** *v. tr.* Botar o caldo fervendo nas sopas.

Calaveira 1. *s. f.* Esqueleto da cabeza. *var.* **caveira**.

***Calaveira 2.** *s. f.* e *adx.* Persoa trouleira, festeira, desbaldidora e de pouco xuízo.

Calcañar *s. m.* Talón do pé e, por extensión, o dos calcetíns. *var.* **carcañal**.

Calcañeira 1. *s. f.* Parte inferior do talón. **2.** *s. f.* Parte posterior do calcetín ou da galocha. **3.** *s. f.* Burato, anaco roto na parte traseira do calcetín. **4.** *s. f.* Talón do pé. *var.* **calcaño; carcañeira; carcaño**.

Calcaño 1. *s. m.* Talón do pé. **2.** *s. m.* Talón traseiro da galocha. *var.* **carcaño**.

Calcar 1. *v. t.* Pisar ou premer sobre algo co pé para apertar ou alisar. **2.** *v. t.* Copiar sobre un papel ou tela escribindo ou debuxando por riba. *sin.* **encalcar**.

Calceta *s. f.* Media, peza de roupa que cobre o pé e a perna. *var.* **calceto**.

Calcetar *v. tr.* Facer calceta, media ou calquera outra prenda de vestir con fío d ela.

Calceto* véxase **calceta**.

Caldada *s. f.* Solución de auga e cal que serve para branquear as paredes. *sin.* **leitada**.

Caldarexada 1. *s. f.* Neve branda, case derretida. **2.** *s. f.* Lama que se forma ao se derreter a neve.

Caldeira 1. *s. f.* Caldeiro no que se cocen os porcos. **2.** *s. f.* Vasilla de cobre que se utiliza para facer morcillas, quentar auga ou preparar a comida para os porcos. **3.** *s. f.* Recipiente cerrado ou depósito onde se quenta a auga para a calefacción ou para que funcionen as máquinas de vapor.

Caldeirada 1. *s. f.* Contido dunha caldeira para expresar unha cantidade abundante de comida

ou cosa similar. **2.** *s. f.* Contido que cabe nun caldeiro ou caldeira. **3.** *s. f.* Comida cocida que se destina aos porcos. **4.** *s. f.* Mestura abundante e desordenada de elementos diversos.

Caldeireta *s. f.* Vasilla para levar o leite.

Caldeiro 1. *s. m.* Recipiente con aro, cilíndrico ou máis ancho pola boca ca polo fondo e de distintos materiais, como metal ou plástico, que se usa para conter ou transportar líquidos. **2.** *s. m.* Recipiente de cinc de tamaño regular que se usa para lavar a roupa ou a louza no vertedoiro. *sin.* **balde**.

Caldeirón, na 1. *adx.* Persoa de pouco peso. **2.** *s. m.* De maneira figurada, e segundo o cristianismo, o inferno.

Caldo 1. *s. m.* Comida propia da zona de Galicia e do Bierzo que se fai con verzas, patacas e legumes cocidos con carnes ou unto. **2.** *s. m.* Potaxe de verduras e legumes, aderezado con chourizo, xamón ou un anaco de lacón. **3.** *s. m.* Antigamente, comida do mediodía.

Caleira *s. f.* Forno onde se coce a pedra calcaria para obter o cal. *var.* **caleiro**.

Caleiro véxase **caleira**.

Calella 1. *s. f.* Rúa ou camiño estreito. *var.* **calello**. **3.** *s. f.* Canellón estreito e longo entre terreos elevados. **4.** *s. f.* Senda entre sebes e tapias ou muros. **5.** *s. f.* Canliña do muíño que conduce o gran da *moega* ás moas.

Calello véxase **calella**.

Calellón, na *adx.* Persoa que anda moito pola rúa,

Calza 1. *s. f.* Grosa taco de madeira ou de pedra que se utiliza como calzo para mover pedras grandes nas canteiras. *sin.* **rebo**. **2.** *s. f. pl.* Especie de medias de la de pouca calidade que usaban as mulleres maiores.

Calzadura *s. f.* Porción de ferro que se engade á rella do arado cando está gastada.

Calzar 1. *v. tr.* Usar ou levar certo tipo de calzado ou calzado de determinada medida. **2.** *v. tr.* Pórllle o calzado a alguén. **3.** *v. tr.* Pór calzos a un vehículo ou a un moble. **4.** *v. tr.* Poñer unha pedra ou outro obxecto que impida o movemento da roda dun vehículo.

Calzón *s. m.* Peza de roupa interior masculina que cobre da cintura para abaixo, cada perna por separado, cunha lonxitude variable.

Cama 1. *s. f.* Moble de forma rectangular sobre o que se pon o colchón, a almofada e a roupa que lle é propia, onde se deitan as persoas para durmir ou descansar. 2. *s. f.* Capa de estrume que se lles pon nas cortes aos animais para durmiren e tamén produciren esterco. 3. *s. f.* Finxideira onde se fai o pan no forno. 4. *s. f.* Lugar onde se estenden as mazás ou a palla esmiazada. 5. *s. f.* Lugar onde dormen os animais salvaxes.

Camada 1. *s. f.* Conxunto das crías que nacen no mesmo parto. *sin.* **rolada**. 2. *s. f.* Montón de froitas que están na árbore.

Camándula *adx.* Persoa que finxe e engana, persoa en quen non se pode confiar.

Camandulada *s. f.* Grazas, embustes e picardías da persoa hipócrita, astuta, embusteira e canalla.

Camareta *s. f.* Alboio que se usa para gardar la herba.

Camareto *s. m.* Cuarto individual pequeno con cama propia.

Camba 1. *s. f.* Parte curva do *tiradeiro* do arado na que se insiren a rella e o dental. 2. *s. f.* Cada unha das pezas curvas de madeira da roda do carro. 3. *s. f.* Tronco ou póla da aciñeira.

Cambeira* véxase **gramalleira**.

Cambeira, ro *adx.* Persoa que ten as pernas tortas cara a fóra. *var.* **cambelo, la**.

Cambeiro 1. *s. m.* Póla delgada de salgueiro que remata nun gancho e que usan os pescadores para ensartar os peixes. 2. *s. m.* Varal curvo polo peso da carne que pende del para ser curada ao fume e ao lume. 3. *s. m.* Apousento onde se cura a carne.

Cambela 1. *s. f.* Arado primitivo, rexo e de madeira. *var.* **cambelo**. 2. *s.* Persoa que ten as pernas tortas cara a fóra. *var.* **cambeira, ro**.

Cambelo véxase **cambela**.

Cambia véxase **cambra**.

Cambra *s. f.* Contracción involuntaria, dolorosa, espasmódica e transitoria dun músculo ou dun grupo muscular. *sin.* **cambia**.

Camela *s. f.* Cada un dos arcos do xugo.

Camelar véxase **acamelar**.

Camelazo *s. m.* Movemento ou sacudida bruscos, de arriba a abaixo, que dan os bois cando están xunguidos.

Camín 1. *s. m.* Espazo trazado e disposto para poder ir dun lugar a outro. 2. *s. m.* Terra pisada por onde se camiña de forma habitual. *var.* **camiño**.

Camiñeiro, ra 1. *s.* Que anda moito, que lle gusta andar. 2. *s. m.* Obreiro que se dedica a reparar e conservar camiños e estradas.

Camiño véxase **camín**.

Camisa 1. *s. f.* Peza de roupa aberta por diante, xeralmente con colo e mangas, que cobre a parte superior do corpo e se usa como vestimenta exterior ou debaixo da chaqueta ou do chaleco. 2. *s. f.* Prenda de vestir interior que levaban tanto homes coma mulleres.

Camorra *s. f.* Enfrontamento violento entre dúas ou máis persoas no que hai berros discusións e mesmo golpes.

Campa 1. *s. f.* Conxunto de prados de distintos veciños e veciñas. 2. *s. f.* Prado que non ten rego. 3. *s. f.* Lugar máis ben chao no monte onde nace a herba de maneira espontánea. *sin.* **campeliño**. 4. *s. f.* Superficie extensa de terra máis ou menos chá, onde non hai vivendas e que en xeral se pode dedicar ao cultivo.

Campá *s. f.* Instrumento que consiste nunha peza oca xeralmente de bronce con forma aproximada de cono sen vértice que ao ser golpeado polo badalo que ten no interior ou por un martelo exterior produce un son máis ou menos grave ou agudo dependendo do seu tamaño.

Campeira *s. f.* Pradería nos portos e brañas.

Campeiro *s. m.* Claro nun bosque ou en calquera terreo cuberto de vexetación.

Campeliño véxase **campa**.

Campeliños *s. m. pl.* Terreos comunais ás aforas dunha poboación que se destinan a servizos comúns, como eiras ou pastos de gando.

Campo 1. *s. m.* Superficie extensa de terra máis ou menos chá, onde non hai vivendas e que en xeral se pode dedicar ao cultivo. *var.* **campa**. 2. *s. m.* Terreo que non se dedica ao cultivo, onde nace herba. 3. *s. m.* Medio rural, conxunto de poboacións dedicadas á agricultura. 4. *s. m.* Terreo delimitado e disposto para desenvolver nel certa actividade. 5. *s. m.* Sitio na eira destinado a diferentes faenas, como a machucar ou a trillar. 6. *s. m.*

- Terreo dedicado a horta ou labradío. *sin.* **leira, olga.**
- *Camuñas** *s. m.* Persoa agarrada, aforradora, miserable.
- Cana 1.** *s. f.* Talo de moitas gramíneas, cilíndrico, oco e con nós. **2.** *s. f.* Instrumento para pescar, feito orixinariamente co talo longo dunha cana. **3.** *s. f.* Medula dos ósos, moi saborosa ao cocerse no caldo. **4.** *s. f.* Póla dunha árbore, en particular se é delgada.
- Canada 1.** *s. f.* Medida de madeira para viño e augardente que fai nove cuartillo; no Bierzo equivale a oito cuartillos. *var.* **cañado.** **3.** *s. f.* Medida de capacidade cuxo contido son catro litros, é dicir, unha cuarta parte do cántaro. **4.** *s. f.* Medida de capacidade para líquidos, principalmente viño e leite, que varía, segundo as zonas de Galicia, entre catro e oito litros. **5.** *s. f.* Medula do óso. **6.** *s. f.* Recipiente de lata máis ancho abaixo ca arriba con asa dun lado e pitón doutro destinado a muxir vacas.
- Canadela** *s. f.* Vasilla e medida de viño menor có canado.
- Canado 1.** *s. m.* Recipiente, polo xeral de latón, utilizado para muxir as vacas. **2.** *s. m.* Medida de capacidade para líquidos, principalmente viño, que equivale a dúas olas ou trinta e dous litros.
- Canalla 1.** *s. f.* Cana ou póla pequena e de mala calidade, inservible para pescar, facer cestos, sebes etc. **2.** *adv.* Persoa ruína, vil, infame.
- Canallada** *s. f.* Vileza, infamia, ruindade; acción propia dun canalla.
- *Cañado véxase canada.**
- Canastra 1.** *s. f.* Cesto de vimbio de forma cadrada ou redonda, largo e de pouco alto que pode ter asas ou non. **2.** *s. f.* véxase **goxo.**
- Cancela*** véxase **cancelo.**
- Cancelo 1.** *s. m.* Porta formada por barras verticais de metal ou madeira que adoita formar parte dun cerrado. **2.** *s. m.* Especie de porta pequena formada por varias táboas entrecruzadas que pode cumprir a función de pechar a entrada das hortas, campos ou prados ou formar un curral de verán se se unen varias destas entre si. *var.* **cancela.**
- Cancereixo*** véxase **capudre.**
- Canda 1.** *s. f.* Monte ou lugar cuberto de matogueiras secas. **2.** *s. f.* Póla grande que xa está seca.
- Candea 1.** *s. f.* Obxecto de cera en forma de cilindro longo, que leva unha mecha no seu interior e serve para alumar. **2.** *s. f.* Serie de golpes que se dan a unha persoa e que a deixan quente.
- Candil** *s. m.* Utensilio, xa sexa de aceite, petróleo ou carburo, que serve para alumear.
- Candileiro** *s. m.* Soporte das candeas nas igrexas ou de uso doméstico.
- Candongo, ga 1.** *s.* Persoa á que non lle gusta traballar e anda sempre de lería ou de festa. **2.** *s. f.* Muller rueira e contiñeira. **3.** *s. f.* Muller que accede doadamente aos desexos sexuais dos homes. *sin.* **pelella; pelexa*; pendanga; puta.**
- Canear 1.** *v. intr.* Darlle golpes a unha persoa ou a un animal cunha cana ou cun pau. **2.** *v. tr.* Driblar co balón nun deporte.
- Canela 1.** *s. f.* Óso máis longo e grosso dos dous que unen o xeonllo co pé. **2.** *s. f.* Cada unha das dúas extremidades inferiores do ser humano. *sin.* **perna.** **3.** *s. f.* Parte carnosa e avultada da perna, por debaixo da sofraxe. *sin.* ***pantorrilla; *pantorra.** **4.** *s. f.* Póla pequena dunha árbore. **5.** *s. f.* Póla que se esgaza dunha árbore froiteira. **6.** *s. f.* Cortiza de diversas plantas aromáticas pertencentes á familia das caneláceas e á das lauráceas, en particular a da caneleira. **7.** *s. f.* Condimento de cor acastañada, moi aromático e de sabor agradable que se obtén da casca destas plantas.
- Canga** *s. f.* Aparello de madeira ao que se suxeita, polo pescozo ou pola cabeza unha parella de animais de tiro para enganchalos ao carro ou ao arado.
- Canga*** véxase **encango.**
- Cangallo** *s. m.* Parte leñosa do acio despois de tirar as uvas.
- Cango 1.** *s. m.* Trabe de forma redondeada ou rectangular no seu aspecto frontal, destinada á construción dos teitos cando os tellados son de palla. **2.** *s. m.* Viga ou trabe que vai dunha parede a outra. **3.** *s. m.* Trabe que se tende dende a marxe superior dos muros lonxitudinais á cima. *sin.* **canteado.**
- Canistelo** véxase **canistrelo.**

Canistrello 1. *s. m.* Cesta grande de vimbio con dúas asas. *sin.* **canistelo.**

Caniza véxase **canizo.**

Canizo 1. *s. m.* Taboleiro dianteiro e traseiro co que se equipa o carro para o transporte de sólidos. **2.** *s. m.* Tecido de varas e vimbio que se coloca na parte anterior e posterior do carro e que, en unión dos canizos, forman unha caixa que serve para meter dentro abono, area e outras cousas que se poden levar no carro. **3.** *s. m.* Entretelado de canas no centro da cociña que serven para deter as chispas do lume e evitar que arda o teito de palla ou a palleira. **4.** *s. m.* Estrado de madeira que está construído con listóns. *var.* **caniza.**

Cano véxase **carallo.**

Canoto véxase **Caño 2.**

Caño* véxase **carallo.**

***Cañón 1.** *s. m.* Tubo cilíndrico de ferro ou aceiro das armas de fogo por onde sae a bala ou o proxectil. *sin.* **canón.** **2.** *s. m.* Pluma da ave cando empeza a nacer. **3.** *s. m.* Póla grosa dunha árbore.

Canón 1. véxase **cañón 1.** **2.** véxase **pelo.**

Canosalla, llo *adx.* Persoa canosa, ruza.

Cañote véxase **cañoto 1.**

Cañoto 1. *s. m.* Talo de certas plantas coma a col, a pataca ou o millo. *sin.* **Cañote.** **2.** *s. m.* Parte do talo ou tronco que queda pegada á raíz despois de cortar unha planta ou unha árbore. *sin.* **Canoto.**

Canquilleira*, ro 1. *s.* Persoa que compra e vende obxectos de pouco valor, especialmente obxectos metálicos. *var.* **quincalleira, ro. 2.** *s.* Persoa que fai ou vende obxectos de lata.

Cansón, na *adx.* Persoa pesada, molesta.

Cantador, ra *adx.* Persoa á que lle gusta cantar. *var.* **Cantareira, ro.**

Cántara 1. *s. f.* Cántaro pequeno e barrigudo. **2.** *s. f.* Vasilla grande de barro cocido, e ás veces vitrificado, moito máis ancha polo medio que polo fondo e pola boca e que encaixada nun pé ou aro ou encaixado no chan e serve para gardar auga, aceite ou outros líquidos.

Cantareira, ro* véxase **cantador, ra.**

Cantarga *s. f.* Verme do tipo dos anélidos, de cor escura, co corpo cilíndrico algo aplanado e provisto dunha ventosa en cada extremo, que

vive na auga doce e se adhire á pel dos animais ou persoas para zugarlles o sangue.

Cantarida *s. f.* Acción de cantar unha persoa, un galo ou un grilo.

Cántaro 1. *s. m.* Medida de capacidade para líquidos que equivale, polo xeral, a dezaseis litros ou unha ola. O medio cántaro corresponde aproximadamente a oito litros.

Cantazo *s. m.* Pedrada, golpe que se dá ou recibe ao lanzar unha pedra ou canto.

Canteados *s. m. pl.* Táboas ou trabes que se tenden dende a marxe superior dos muros lonxitudinais á cima. *sin.* **cango 3.**

Cantear *s. m.* Poñer *cantiagos.*

Canteira 1. *s. f.* Lugar dende onde se extrae pedra para obras e construcións. *sin.* **pedreira.** **2.** *s. f.* Lugar onde hai moitas pedras. *sin.*

Pedregueira. 3. *s.* Persoa que coloca cantos ou pedras. **4.** *s.* Persoa que ten por oficio labrar pedras para a construción.

Canteiro 1. *s. m.* Cada un dos dentes situados entre o último incisivo e o primeiro premolar, catro en total, que na maior parte dos mamíferos, sobre todo nos carnívoros, acaban en punta.

Cantelo *s. m.* Anaco de pan, queixo, touciño etc., con parte de codia ou dureza exterior.

Cantiago *s. m.* Gromo das árbores que dá madeira útil, principalmente do castiñeiro bravo.

Cantiaos *s. m. pl.* Táboas cortadas en ángulo recto, perpendiculares aos cangos nos tellados.

Cantil 1. *s. m.* Ferramenta de carpintería que se emprega para labrar os cantos de dúas pezas que se van ensamblar. **2.** *s. m.* Máquina ou instrumento que se emprega para agargalar. **3.** *s. m.* Gato mecánico que se destina a axustar táboas.

Cantina *s. f.* Local aberto ao público onde se venden bebidas e comidas, que forma parte doutro establecemento como unha industria, unha estación, un cuartel etc.

Cantineira, ro *s.* Persoa propietaria ou empregada dunha cantina.

Cantizo *s. m.* Cabaleta ata o beirado.

Canto 1. *s. m.* Pedra pequena, particularmente a tirada das marxes dos ríos e regatos que a erosión volveu lisa e arredondada. **2.** *s. m.* Superficie estreita que limita a forma dun

- obxecto relativamente delgado. **3.** *s. m.* Lugar que queda na parte interior onde se encontran dúas paredes. **4.** *s. m.* Acción e efecto de cantar. **5.** *s. m.* Cada unha das divisións dun poema épico ou narrativo.
- Cantón** *s. m.* Peza de pedra ou doutro material colocada na parte inferior do oco dunha porta ou ventá.
- Cantoneira** *s. f.* Extremo da cama.
- Cantrela** véxase **cantrello**.
- Cantrelazo** *s. m.* Golpe forte, trompazo que se dá con ou contra calquera cousa. *sin.* **cantrelón**.
- Cantrello** **1.** *s. m.* Neve endurecida ou xeada en forma de bóla grande. **2.** *s. m.* Talo moi duro, groso e forte dunha planta. *var.* **cantrela**.
- Cantrelón** véxase **cantrelazo**.
- Cantroxal** **1.** *s. m.* Terreo ou camiño cuberto de pedras. **2.** *s. m.* Terreo abundante en cantroxos.
- Cantroxo** **1.** *s. m.* Arbusto aromático da familia das lavandas con follas lineais e tomentosas e flores en espiga de cor púrpura escura ou violeta. **2.** *s. m.* Anaco de madeira curto e groso, cortado doutra peza maior, que se utiliza con distintos fins. **3.** *adx.* Persoa moi torpe, que non entende as cousas e que persiste nas súas ideas ou actitudes, mesmo ante a evidencia de estar equivocada. Véxase cabezón.
- Capa** **1.** *s. f.* Peza de roupa de abrigo, sen mangas e aberta por diante, xeralmente sen carapucha, que chega máis abaixo dos xeonllos. **2.** *s. f.* Utensilio de cociña metálico, de forma redonda, pouco fondo e con mango longo, no que se friten os alimentos.
- Capadeira** *s. f.* Navalla pequena e curva que usan os capadores para castrar os animais.
- Capador, ra** *s.* Persoa que castra.
- Cáparo** **1.** *s. m.* Mamífero ruminante da familia dos cérvidos, de cor parda no verán e cinsenta no inverno, rabelo e de cornos curtos con poucos gallos, que vive nas fragas de Europa e Asia. **2.** *s. m.* Cría de calquera tipo de cérvido.
- Caparrexo** **1.** *s. m.* Casca dura da landra e froitos similares. **2.** *s. m.* Despectivo de *capa*.
- Capelleiso*** véxase **caracol**.
- Capelizas** *s. f. pl.* Remates de coiro no mallo.
- Capelo** **1.** *s. m.* Peza que se coloca na liña máis alta do tellado. **2.** *s. m.* Casca dura da landra e

- da abelá, onde se encerra a única semente. *var.* **caparrexo**. **3.** *s. m.* Planta herbácea perenne da familia das crasuláceas, de caules erectos de dez a corenta centímetros, follas basais carnosas e flores numerosas de cor branca verdosa ou rosada reunidas nun acio alongado, que medra en paredes, valados e rochas.
- Capeluza** **1.** *s. f.* Coiro que se axusta nas dúas partes das que consta o mallo. **2.** *s. f.* Arreo de coiro para o gando vacún. **3.** *s. f.* Tira de coiro que se crava no extremo do *porro* e que deixa un oco por onde pasa a correa que une a moca.
- Capilar** **1.** *s. m.* Manchea de ramos con froita, que se lles poñen de cebo ás cotrosas para collelas nas *forvilleiras*. **2.** *adx.* Relativo ou pertencente ao cabelo.
- Capitón*** véxase **arrebullouco**.
- Capote** *s. m.* Capa, cor do pelo dos animais.
- Capudre** *s. m.* Sorbeira silvestre, árbore da familia das rosáceas duns catro metros de altura, de madeira dura, copa redondeada, inflorescencia en umbela e froito comestible en forma de baga de cor avermellada. *sin.* **cancereixo**.
- Carabela** **1.** *s. f.* Cesto con tapa no que se adoitan levarse as provisións para unha viaxe ou para unha romaría. **2.** *s. f.* Comida ou merenda que unha persoa leva para comer no campo.
- Carabulla** *s. f.* Burato ou porta pequena que se fai nas colmeas para que as abellas poidan entrar e saír.
- Carabullada** *s. f.* Leña miúda para o lume. *var.* **garabullada**.
- Carabullo** *s. m.* véxase **garabullo**.
- Caracol** **1.** *s. m.* Molusco gasterópodo provisto de cuncha en forma de espiral e do que existen especies acuáticas e terrestres. **2.** *s. m.* Pequena canle do oído interno dos vertebrados, con forma de caracol. **3.** *s. m.* Rizo de cabelo. **4.** *s. m.* Planta herbácea anual, con follas radicais carnosas, co limbo circular e cuxo pecíolo está situado no centro, que posúe flores de cor branca, verdosa ou rosada, sobre inflorescencias longas e estreitas e que crece en gretas, ocos, muros e tellados. É diurética e se emprega para curar chagas e feridas e para abrandar durezas e tumores. *sin.* **capelleiso**.
- Carallada** **1.** *s. f.* Diversión buliciosa. **2.** *s. f.* Cousa que produce fastío ou molestia. **3.** *s. f.* Cousa sen importancia, de pouco valor.

Carallán, na *s.* e *adx.* Persoa á que lle gusta andar de festa e de bromas. *sin.* **festeiro**, **ra**; **festexeiro**, **ra**; **pándigo**, **trouleiro**, **ra**.

Carallete* véxase **carallo**.

Carallo *s. m.* Órgano do aparello xenital masculino que serve para copular e ouriñar. *var.* **carallete**. *sin.* **cano**; **cipote**; **gaita**; **mexadeira**; **minga**; **mingo**; **nabo**; **minga**; **mingo**; **pene**; **picha**; **picho**; **piruxo**; **pito**; **pixa**; **pixo**; **polla**; **porra**; **rabo**; **verga**.

Caramañola **1.** *s. f.* Vasilla cun tubo para beber. **2.** *adx.* Persoa aloucada. **3.** *fras.* *Beber á caramañola* é facelo separando a boca do boca do recipiente que contén o líquido.

Carambelo **1.** *s. m.* Capa de xeo que se forma sobre unha superficie líquida cando vai moito frío. *sin.* **lazo**. **2.** *s. m.* Agulla de xeo máis ou menos longa e afiada que adoita pender dos beirís dos teitos e das rochas. *var.* **carambo**; **caramelo**; **chupitel**.

Carambo véxase **carambelo**.

Caramelo **1.** véxase **carambelo** **2** *s. m.* Azucre fundido con auga que se emprega na elaboración de distintos doces.

Carantoña *s. f.* Xesto ou aceno que deforma o aspecto normal do rostro.

Caráuter **1.** *s. m.* Trazo ou conxunto de trazos propios que permiten diferenciar unha persoa ou cousa con respecto a outras. **2.** *s. m.* Estado de ánimo que unha persoa ten de seu, pola súa natureza, ou que ten de forma pasaxeira por calquera circunstancia. *var.* **carácter**.

Caravilla* véxase **cravilla**.

Caravillón *s. m.* Peché que se coloca na lanza do carro.

Carba **1.** *s. f.* Árbore monoica da familia das fagáceas, de tronco dereito, casca pardenta, copa alta e ampla, follas simples, alternas e de cor verde intensa, flores masculinas agrupadas en amentos colgantes e froito en aquenio.

Carballal *s. m.* Terreo poboado de carballos.

Carballo *s. m.* Árbore caducifolia fagácea de gran tamaño e cerna moi dura que ten por froito a landra. Foi moi utilizado na elaboración de bocois, carros, trabes etc. *sin.* **Rebolo**.

Carbeso *s. m.* Vento frío do norte.

Carboeiro **1.** *s. m.* Terreo apropiado para facer carbón. **2.** *s.* Persoa que fai ou vende carbón.

Carbuco *s. m.* Ántrax do gando. *var.* **carbunco**.

Carbunco véxase **carbuco**.

Carcañal* véxase **calcañar**.

Carcañeira* véxase **calcañeira**.

Carcaño* véxase **calcaño**.

Cárcava *s. f.* Gabia que se forma coa erosión ao correr a auga polas ladeiras dun monte.

***Carcaval**, **la** *adx.* Persoa vella e achacosa.

Cárcere **1.** *s. m.* Establecemento disposto para ter encerrados os presos. *sin.* **cadea** **2.** *s. m.* Instrumento de madeira que consiste nunha táboa lisa en cuxa parte superior leva unhas aberturas onde se suxeita todo o que se quere labrar. **3.** *s. m.* Madeiro forte cunha canle en medio, do groso da vara do carro.

Cardar **1.** *v. tr.* Peitear a la antes de fiala. **2.** *v. tr.* Peitear o cabelo de xeito que quede con máis volume.

Careses *s. m. pl.* Vermes que se producen debido aos excrementos das moscas.

Carga **1.** *s. f.* Acción e efecto de cargar. **2.** *s. f.* Cousa ou cantidade de cousas que se carga sobre un vehículo ou un animal ou que leva unha persoa. **3.** *s. f.* Tres ou catro fanegas aproximadamente. **4.** *s. f.* Medida de cálculo para o gran. **5.** *s. f.* Obriga ou responsabilidade que recae sobre alguén.

Cargadeiro **1.** *s. m.* Calquera trabe ou pedra que se coloca de forma horizontal sobre os postes verticais da porta ou da fiestra. **2.** *s. m.* Peza horizontal, xeralmente de pedra ou madeira, que limita pola parte superior o oco dunha porta ou fiestra.

Carneirada *s. f.* Choque con golpe ou topada de dous persoas ou animais.

Carneiro **1.** *s. m.* Macho da ovella, especialmente o que serve para a reprodución. **2.** *s. m.* Año castrado.

Carnozo* véxase **carozo**.

Caroceira *s. f.* Mazá brava.

Caroncho véxase **caruncho**.

Carouco *s. m.* Oco nunha árbore, normalmente un castiñeiro. *sin.* **cócara**.

Carozal *s. m.* Maceira silvestre, brava.

Carozo **1.** *s. m.* Parte central ou corazón das froitas que non teñen óso, como as mazás ou as peras. **2.** *s. m.* Parte interior da mazaroca do millo que está debullada. *var.* **carnozo**.

Carpaza **1.** *s. f.* Arbusto da familia das cistáceas de ata un metro de altura, follas ovadas e flores

- con pétalos de cor branca con base amarela ou alaranxada. **2.** *s. f.* Planta perenne da familia das poligonáceas, da que existen diversas especies silvestres ou cultivadas, de follas grosas e de sabor acedo, que se utiliza na cociña como condimento ou en ensaladas, e que ten tamén aplicacións medicinais
- Carpín 1.** *s. m.* Calcetíns, medias en xeral que só cubrían a parte baixa do pé. **2.** *s. m.* Calcetín corto que se pon sobre as medias para reencher as galochas. *var.* **escarpín.**
- Carpinteira, ro***véxase **cubeira, ro.**
- Carpinteiro** véxase **piquelo.**
- Carpinteiro, ra** *s.* Persoa que ten por oficio traballar a madeira, tanto na construción coma na fabricación de útiles ou mobles deste material.
- Carpir 1.** *v. intr.* Respirar o gando vacún con dificultade, sobre todo se é a causa dalgún trastorno, como unha mala dixestión. **2.** *v. tr.* Cardar ou mondar. **3.** *v. intr.* Emitir un queixume ao respirar. **4.** *v. intr.* Ter carraspeira. *var.* **escarpir.**
- Carpir*** véxase **escarpizar.**
- Carpizo** *s. m.* Cousa de pouco valor.
- Carqueixa 1.** *s. f.* Mata leñosa, da familia das papilionáceas, parecida á xesta, con pólas rastreiras e pequenas pólas herbáceas, follas escasas, alternas, lanceoladas, con algo de pelo e flores amarelas, que posúe propiedades medicinais e adoita utilizarse como combustible para o forno. **2.** *s. f.* Mata, arbusto baixo do carballo.
- Carraboula*** véxase **carrabouxa.**
- Carraboulo*** véxase **carrabouxa.**
- Carraboulo** *adx.* Forma cariñosa de chamar ou de dirixirse a un neno ou a unha nena.
- Carrabouxa 1.** *s. f.* Bugalla de carballo, pequena e lisa. **2.** *s. f.* Excrecencia arredondada de carballo, grande e con picos, formada pola infestación de insectos parásitos. *var.* **carraboula; carraboulo; carrabouxo. sin. bugallo; buraguela; buraguelo; mazacuco** **3.** *s. f.* Calquera cousa redondeada que se despraza e se move. **4.** *s. f. pl.* Cariñosamente, cativos pequenos.
- Carrabouxo*** véxase **carrabouxa.**
- Carraca 1.** *s. f.* Aparello ou máquina vella, avariada ou inútil. *var.* **cacharro.** **2.** *s. f.* Instrumento de madeira que se utiliza en Semana Santa para facer ruído. **3.** *adx.* Persoa vella.
- Carracha** *s. f.* **1.** Arácnido da orde dos ácaros, do que existen varias especies, e que se alimenta do sangue de aves e mamíferos. *var.* **carracho; carrancha; garracha. sin. carrapata; carrapato.** **2.** véxase **cona.**
- Carrachapada 1.** *s. f.* Gran cantidade dunha cousa calquera. **2.** *s. f.* Carrada moi grande.
- Carracho*** véxase **carracha.**
- Carraco** *s. m.* Obxecto vello ou estragado.
- Carraconcha 1.** *s. f.* Cuncha das ameixas ou mexillóns. **2.** *s. f.* Caparuzo da landra.
- Carraconcho*** véxase **concho.**
- Carracosa, so** *adx.* Persoa de pouca estatura, miúda, ruín.
- Carrada 1.** *s. f.* Carretada, carga que cabe nun carro. **3.** *s. m.* Gran cantidade de calquera cousa. **3.** *s. f.* Obxectos que se levan nun carro.
- Carradón 1.** *s. m.* Carga moi grande dun carro. **2.** *s. m.* Capacidade dun carro cheo.
- Carraina 1.** *s. f.* Vara de vide con moitos acios. **2.** *s. f.* Pólas das árbores cando están cargadas de froito.
- Carrancas 1.** *s. f. pl.* Colar ourizado de pugas metálicas que defende aos cans das trabadas do lobo. **2.** *s. f. pl.* Calquera tipo de puga ou espiña, sobre todo as dalgunhas plantas ou arbustos, coma os piornos. *var.* **carranclas.**
- Carrancha*** véxase **carracha.**
- Carrancha 1.** *s. f.* véxase **cona.** **2.** *adx.* Persoa que ten mal xenio.
- Carranclas*** véxase **carrancas.**
- Carrañouzo** *s. m.* Conxunto de vértebras dispostas en ringleira e articuladas entre si, que forma o eixe do esqueleto dos animais vertebrados. *var.* **carreñouzo; carriñouzo. sin. espiñazo.**
- Carrapata 1.** véxase **carracha.** **2.** *adx.* Persoa de pouca estatura, ruín.
- Carrapato*** véxase **carracha.**
- Carrapizo 1.** *s. m.* Planta herbácea anual ou perenne da familia das dipsacáceas, de talos erectos, follas opostas e corola purpúrea, rosada ou branca. *var.* **garrapizo.** **2.** *adx.* Persoa ou animal que ten o pelo rizo.
- Carrapucho 1.** *s. m.* Peza de roupa rematada en punta que serve para cubrir a cabeza. **2.** *s. m.*

Cada un dos paus que serven, cando se constrúen as cubas, para comprimir cada unha das táboas extremas que forman as lúas das cubas. **3.** *adx.* Planta baixa cuxas polas crecen case a rentes do chan.

Carrasca 1. *s. f.* Arbusto da familia das ericáceas, que pode alcanzar un metro de altura, de follas perennes e lanceoladas e flores en acio de cor púrpura, rosácea ou branca, do que existen varias especies. **2.** *s. f.* Folla seca da aciñeira. **3.** *s. f.* Terreo sementado de carrascas. **4.** *s. f.* Terreo seco, pendente e pedregoso. *var.* **carrasco.** *sin.* **carrasqueiro.**

Carrasco véxase **carrasca**.

Carraspeira *s. f.* Sensación de aspereza ou de proído na gorxa que se ten cando unha persoa está arrefriada e que produce rouquén na voz.

Carrasqueira 1. *s. f.* Aciñeira ou carballo pequenos.

Carrasqueiro* véxase **carrasca**.

Carreira 1. *s. f.* Acción de correr. *sin.* **corrida.** *s. f.* Competición deportiva de velocidade. *sin.* **corrida.** **3.** *s. f.* Camiño estreito *var.* **carreiro.** **4.** *s. f.* Camiño por onde vai o carro. **5.** *s. f.* Conxunto de estudos, particularmente os superiores, que capacitan a alguén para o exercicio dunha profesión. **6.** *s. f.* Actividade profesional. **7.** *s. f.* Liña de puntos que se soltan nun tecido. **8.** *s. f.* Filá de herba que se forma ao segar. **9.** *s. f. pl.* Táboas que están debaixo das lousas do tellado.

Carreirega *s. f.* Ave semellante á cotovía.

Carreiro 1. *s. m.* Camiño estreito que se fai ao andar por el, que só serve para pasar a pé. **2.** *s. m.* Camiño ruín. **3.** *s. m.* véxase **raia**.

Carreirón *s. m.* Camiño fondo.

Carrelo 1. *s. m. s. m.* Parte posterior do corpo do ser humano ou dos animais que vai desde o pescozo ata os cadrís. *sin.* **lombo; costas.** **2.** *s. m.* Ensamblado de madeira para poñer no lombo da cabalería e transportar unha carga.

Carreña *s. f.* Vara de vide con moitos acios.

Carreñouzo véxase **carrañouzo**.

Carreta 1. *s. f.* Carro pequeno e con rodas radiadas. **2.** *s. f.* Plataforma feita cunha forquita de madeira cuberta de táboas grandes na parte inferior, sobre a que se colocan pedras para facer peso e así aplanar a terra. **3.** *s. f. pl.* Andadeiras, aparello para que o neno ou a

nena aprenda a andar, formado por un armazón de varas con rodas.

Carreteiro, ra 1. *s.* Persoa que conduce carros ou carretas e transporta mercadorías neles. **2.** *s.* Persoa que vive do transporte do seu carro.

Carretón 1. *s. m.* Carro grande con catro rodas pequenas. **2.** Remolque de estrutura de ferro con rodas de goma.

Carrexar* véxase **acarrexar**.

Carrexo 1. *s. m.* Manchea, monllo de centeo. **2.** *s. m.* Troncos que se transportan en forma de restrá.

Carril 1. *s. m.* Camiño angosto que permite o paso dun carro. **2.** *s. m.* Cancela para o paso do carro. **3.** *s. m.* Pegada algo fonda que deixa a roda do carro ou doutros vehículos. *sin.* **rodeira.** **4.** *s. m.* Parte dunha vía pública ou estrada destinada á circulación dunha soa ringleira de vehículos.

Carriñouzo *s. m.* véxase **carrañouzo**.

Carriozo 1. *s. m.* Leito polo que discorre unha enxurrada. *sin.* **cavorca, cavorco.** **2.** *s. m.* Monte no que abundan as pedras por acción humana.

Carriza 1. *s. f.* Paxaro da orde dos passeriformes de pequeno tamaño, cor parda, rabo curto e ás arredondadas. **2.** *s. m.* Planta herbácea de talo rixido, longo e flexible, acabado en punta, que medra na auga e en lugares moi húmidos, da que existen numerosas especies.

Carro 1. *s. m.* Vehículo destinado ao transporte de moi diversas cargas e materiais, que consta xeralmente de dúas rodas sobre as que vai unha estrutura de táboas rematada nunha cabezalla por onde se une ao xugo para que os animais poidan tirar del. **2.** *s. m.* Conxunto de estrelas que parecen próximas vistas desde a Terra, que convencionalmente se asocia cunha figura que lle dá nome. *sin.* **setestrello.** **3.** *s. m.* Carga que transporta o carro dunha vez. *sin.* **Carrada.**

Carroceta 1. *s. f.* Remolque do tractor. **2.** *s. f.* Camión pequeno e estreito.

Carrochal *s. m.* Lugar onde hai uces con raíces moi grandes.

Carrozo *s. m.* Barranco profundo.

Carrúa véxase **rodeira** **6.**

Cartos *s. m. pl.* Moeda metálica ou billete de banco cun determinado valor.

Caruncho 1. *s. m.* Couza. 2. *s. m.* Po da madeira relada. *var.* **caroncho**.

Carunchosa, so *adx.* Peza de madeira con couza, relado.

Casa 1. *s. f.* Edificio ou construción que serve para vivir nela. *sin.* **Vivenda**. 2. *s. f.* Familia, liñaxe. 3. *s. f.* Establecemento comercial.

Casadeira, ro *adx.* Persoa nova que xa está no tempo de casar.

Casal *s. f.* Casa ou conxunto de casas dun lugar ou dunha aldea.

Casamenteira, ro 1. *adx.* Persoa que arranza casamentos. *sin.* **brindeira, ro**. 2. *adx.* Persoa á que lle gusta emparellar os demais.

Casamento 1. *s. m.* Cerimonia de unión matrimonial de dúas persoas. *sin.* **Voda**. 2. Festa con que se celebra esa unión. *sin.* **Voda**.

Casurada *s. f.* Conxunto de xente que vive nunha mesma casa, especialmente cando é moi numerosa.

Casca 1. *s. f.* Cuberta exterior dura de froitos secos como a noz, a améndoa, a castaña etc. *var.* **cáscara**. *sin.* **bánzara**. 2. *s. f.* Pel que recobre a pataca e as froitas. *var.* **cáscara**. *sin.* **monda; paraza**. 3. *s. f.* Parte dura exterior do ovo. *var.* **cáscara**. 4. *s. f.* Capa exterior das árbores. *var.* **cáscara**. 5. véxase **argana** 1.

***Cascabel** *s. m.* Axóuxere das crianzas. *var.* **cascabelo**.

Cascabello *s. m.* Casca das castañas secas.

***Cascabelo** véxase ***cascabel**.

Cascabullar *v. tr.* Quitar a casca.

Cascabullo 1. *s. m.* Envoltura delgada e quebradiza do gran de trigo, cebada ou arroz, ou de certos froitos como a landra ou a améndoa. 2. *s. m.* Resto vexetal da cuberta dun froito ou froita. 3. *s. m.* Apelativo cariñoso que se dedica aos nenos e ás nenas.

Cascallada* véxase **cascalleiro**.

Cascallal* véxase **cascalleiro**.

Cascallar* véxase **cascalleiro**.

Cascalleiro 1. *s. m.* Terreo cheo de cascallo. *var.* **Cascallar; cascallal; cascallada**. 2. *s. m.* Terreo cuberto de pedras desfeitas. *var.* **cascalleira**. *sin.* **pedregueiro**.

Cascallo 1. *s. m.* Conxunto de fragmentos miúdos de pedra, como os que se usan na construción de pavimentos. *sin.* **rebro** 2. *s. m.*

Materiais resultantes da destrución dun edificio, muro, parede etc. 3. *s. m.* Home vello.

Cascar 1. *v. tr.* Escachar, romper en anacos unha cousa crebadiza, coma unha noz ou unha madeira. 2. *v. tr.* Pegarlle a alguén. 3. *v. intr.* Falaren amigablemente varias persoas sobre calquera asunto.

Cáscara véxase **casca**.

Cascarete *s. m.* Pena, non moi grande, situada nun lugar de difícil acceso. *var.* **cascareto**.

Cascareto véxase **cascarete**.

Cascarra 1. *s. f.* Moco seco e sólido. 2. *s. f.* Costra que queda na maseira procedente da masa da fariña. 3. *s. f.* Porción de excremento pegada ao pelo ou á la dos animais. 4. *s. f. pl.* Porcións de esterco que, en capas sucesivas, se adhíren á pel dos animais. *var.* **cascarria**.

Cascarria* véxase **cascarra**.

Casco 1. *s. m.* Peza de metal ou de material duro para cubrir e protexer a cabeza. 2. *s. m.* Parte dura que recobre mans ou pés dos cuadrúpedes. 3. *s. m.* Envase baleiro de cristal dunha bebida

Caseira, ro 1. *s.* Persoa que traballa a medias ou mediante arrendamento as terras dun amo ou que coida dos bens dunha persoa ausente. 2. *s.* Relativo ou pertencente á casa, ao fogar. 3. *adx.* Feito na casa.

Casqueiro *s. m.* Táboa que sae con casca ao serrar un tronco ou unha árbore.

Castaña 1. *s. f.* Froito do castaño. 2. véxase **cona**.

Castañal *s. f.* véxase **castaño**.

Castañeira *s. f.* Época do outono en que maduran as castañas e se varexan os castiñeiros para recollelas.

Castañeira* véxase **castaño**.

Castañeiro 1. *s. m.* Árbore grande da familia das fagáceas, de copa ancha, folla caduca, flores brancas e madeira moi apreciada, que ten como froito ourizos que conteñen as castañas. *var.* **castañal, castiñeiro; castiñeira**. 2. *s. m.* Lugar destinado a gardar castañas. 3. *s. m.* Lugar poboado de castiñeiros.

Castelo *s. m.* Edificio fortificado e defendido por murallas, torres e foxos situado normalmente nun lugar elevado.

Castigar 1. *v.t.* Impoñer unha sanción, multa ou pena. 2. *v.t.* Causar un dano ou mal, prexudicar.

Castigo 1. *s. m.* Pena coa que se castiga unha falta. 2. *s.m.* Cantidad que se paga polo rescate dunha res, que se colleu en prenda. 3. *s. m.* Persoa ou cousa que causa desgusto ou sufrimento continuados.

Castrar 1. *v.t.* Emascular, extraer os órganos reprodutores. 2. *v. t.* Esmelgar, quitarlle o mel a unha colmea.

Castrexa, o *adx.* Relativo ou pertencente á cultura dos castros prerromanos.

Castro 1. *s. m.* Outeiro, altura, terreo elevado. 2. *s. m.* Cidade ou aldea prerromana fortificada e amurallada situada nun terreo elevado.

Castrón *s. m.* Macho cabrún.

Casula *s.f.* Envoltorio ou tea vexetal que conteñen as sementes de certas plantas, coma as fabas, os chícharos ou o millo. *var.* **Casulo**.

Casulo véxase **casula**.

Cata 1. *s.f.* Acción ou efecto de catar. 2. *s.f.* Acción de buscar o can dun xeito meticuloso algunha cousa. 2. *s.f.* Degustación dun alimento ou bebida. 3. *s.f.* Extracción do mel.

Catafrú 1. *adx.* Persoa ou animal de pequeno tamaño ou de corta idade. 2. *adx.* Apelativo cariñoso que se aplica a calquera persoa ou animal de pequeno tamaño ou de corta idade.

Catar 1. *v. tr.* Probar para determinar o sabor de bebidas e alimentos. 2. *v. tr.* Tomar unha cousa na man. 2. *v. tr.* Quitar os piollos. 3. *v. tr.* Mirar dun xeito insistente. 4. *v. tr.* Sacar o mel das colmeas.

Catarro *s. m.* Inflamación dunha mucosa, acompañada de hipersecreción.

Cativa, vo *adx.* Algo ou alguén que non ten boas aptitudes, boas cualidades nin boa calidade. *sin.* **azarracada, do; enclenque; raquítica, co; ruín, ña.**

Catuxa, xo *adx.* Persoa tola, boba.

Causa 1. *s.f.* Motivo ou razón que leva a actuar dunha determinada maneira. 2. *s.f.* Ideais polos que se loita. 3. *s.f.* Orixe.

Causo 1. *s. m.* Feito, suceso, peripecia ou curiosidade que desperta interese. 2. *s. m.* Anécdota, conto.

Cavada *s.f.* Anaco de terreo ermo ou de monte derraigado que se cava para ser cultivado.

Cavador, ra *s.* Persoa que labra ou cava as viñas coa aixada e que polo xeral traballa en cuadrillas.

Cavar 1. *v. tr.* Traballar cunha aixada ou outro instrumento semellante un terreo, remexéndolle a terra ou abríndolle sucos.

Cavarco véxase **cavorco**.

Cavellón véxase **cavilla**.

Cavilla *s.f.* Chaveta do arado e do carro. *var.* **Cavellón**.

Cavillar *s. m.* Abertura rectangular xeralmente practicada no temón do arado para poder introducir a *cavilla*.

Cavilleiro *s. m.* Parte do temón do arado no que están os buratos para as chavetas que unen o arado á *pezoira* do xugo. *var.* **cravilleiro**.

Cavillón *s. m.* Chaveta de ferro que que se mete nos buratos do temón do arado para evitar que a trasga que pende do xugo saia deles ao intentar arrastralos.

Cavorca* véxase **carriozo 1** e **cavorco**.

Cavorco 1. *s. m.* Barranco profundo. 2. *s. m.* Depresión fonda pola que discorre un arroio ou regueiro. *var.* **cavarco; cavorca**. 3. *s. m.* Tronco vello e oco dunha árbore que pode servir de refuxio ou vivenda a certos animais. 4. *s. m.* Regueiro ou gabia fonda por onde desauga a auga cando chove ou a que chega da montaña. 5. *s. m.* Paso estreito entre montes, val estreito e encaixonado. *sin.* **desfiladeiro**.

Cavorco véxase **carriozo 1**.

Caxa* véxase **caixa**.

Caxas *s.f. pl.* Vaíña seca comestible dalgunhas fabas, véxase **varxa**.

Caxato* véxase **caxota**.

Caxeda* véxase **caxiga**.

Caxela* véxase **caxiga**.

Caxiga *s.f.* Vaíña na que están encerradas algunhas sementes, coma as xudías ou as fabas. *var.* **caxeda; caxela**.

Caxiga* véxase **varxa**.

Caxigo 1. *s. m.* Árbore da familia das fagáceas semellante ao carballo, de dez a vinte metros de altura, follas pequenas, coriáceas e provistas de dentes pequenos e landras coa cúpula formada por escamas que semellan o veludo. *sin.* **rebolo**. 2. *s. m.* Carballo novo, especialmente seco, que aínda non alcanzou o

- seu desenvolvemento habitual. **3.** *s. m.* Vaíña das fabas.
- Caxigo*** véxase **caxota**.
- Caxón 1.** *s. m.* Caixa grande, xeralmente de madeira. **2.** *s. m.* Lavadoiro de madeira.
- Caxota** *s. f.* Pau ou vara que se leva na man para apoiarse ao andar. *var.* **caxato**; **caxigo**. *sin.* **cachaba**; **cachapa**.
- Caxougo** *s. m.* Acción e efecto de lavarse unha persoa o corpo ou certas partes do corpo dun xeito rápido e, ás veces, sen quedar de todo limpa.
- Cazaña** *adx.* Persoa miserable, mesquiña, que aforra de maneira excesiva.
- Cazapo** *s. m.* Cría do coello.
- Cazcalleira** *s. f.* Pedra mol.
- Cazcarrán 1.** *s. m.* Insulto que se emprega para chamar ao demo. **2.** *s.* Persoa vella decrépita.
- Cazola*** véxase **ola**.
- Cazolada** *s. f.* Cantidade de alimento que cabe nunha cazola.
- Cazolalla** *s. f.* Cazola ruíña, mal feita, defectuosa.
- Cazolear 1.** *v. tr.* Preparar un alimento para que sexa comestible cocéndoo, asándoo ou fritúndoo. **2.** *v. tr.* Andar ulindo, osmando e remexendo nas cazolas. **3.** *v. tr.* Pasar o contido dunha cazola ou recipiente semellante a outra cazola ou recipiente.
- Cazoleira, ro 1.** *adx.* Persoa que ten o costume de meterse naquilo que non é da súa incumbencia. **2.** *adx.* Persoa que ten o cosme ou o vicio de ir ulir as cazolas á cociña.
- Cazorro 1.** *s. m.* Raíz grossa. **2.** *s. m.* Pau basto.
- Cazurrón, na** *adx.* Persoa calada pero vixiante e astuta.
- Cebada** *s. f.* Gramínea semellante ao trigo e ao centeo pero de menor altura, coas follas máis largas e as espigas máis longas e picudas. *sin.* **orxo**.
- Cebadeiro** *s. m.* Lugar onde se ceban os animais.
- Cebar 1.** *v. tr.* Botar de comer ao gando vacún, xeralmente gran, herba ou penso. **2.** *v. intr.* Dise cando as troitas ou outros peixes pican moito no cebo. **3.** *v. tr.* Dar de comer aos nenos e ás nenas
- Cebo 1.** *s. m.* Comida que se lles dá anos animais para os alimentar. **2.** *s. m.* Alimento que se ofrece no anzol para anzol ou nunha trampa para pescar ou cazar animais.
- Cebola 1.** *s. f.* Planta liliácea co caule oco en forma de fuso, de máis dun metro de alto, rematado na parte superior nunha inflorescencia esférica e, na inferior, baixo a terra, nun bulbo carnoso arredondado formado por capas. **2.** *s. f.* Bulbo desa planta, de sabor picante e cheiro forte, usado como condimento dalgunhas comidas.
- Cebolada 1.** *s. f.* Lugar sementado de cebolas. **2.** *s. f.* Guiso feito con abundante cebola.
- Cebolo 1.** *s. m.* Cebola pequena, ceboliño. **2.** *s. m.* Insulto que se aplica a unha persoa gorda. **3.** *s. m.* Insulto que se aplica a unha persoa folgazana. **4.** *s. m.* Insulto que se aplica a unha persoa tola, pouco intelixente.
- Cebón, na** *s.* Porco que se engorda para matalo.
- Cega*** véxase **pina**.
- Cega, go 1.** *adx.* Persoa privada do sentido da vista. *sin.* **cegarata**, **to**; **cegarucha**, **cho**; **cegata**, **to**. **2.** *adx.* Persoa que sente unha forte atracción ou inclinación amorosa por alguén.
- Cegarata, to*** véxase **cega, go**.
- Cegarucha, cho*** véxase **cega, go**.
- Cegata, to*** véxase **cega, go**.
- Ceiba, bo** *adx.* Animal liberado do xugo.
- Ceibar** *v. tr.* Quitar o xugo ás bestas que están suxeitas a el.
- Ceio*** véxase **ceo**.
- Celeiro** véxase **cileiro**.
- Celidoña*** véxase **celidonia**.
- Celidonia** *s. f.* Planta herbácea da familia das papaveráceas, de trinta a oitenta centímetros de altura, follas alternas de cor verde clara pola cara e azulada polo revés, flores amarelas e froito en cápsula. *var.* **celidoña**; **cilidoña**, **ciridoña**.
- Cella 1.** *s. f.* Bordo superior, curvo e saínte, da órbita do ollo, e conxunto de pelos que o cobren para a protección do propio ollo. *var.* **cello**. *sin.* **sobrecello**. **2.** *s. f.* Cada un dos pelos que nacen nos bordos das pálpebras. **3.** *s. f.* Montón de neve. **4.** *s. f.* Saínte de rocha que pode servir de abrigo.
- Cello 1.** *s. m.* Especie de gato de ferro que asegura a roda do carro cerca do eixe. **2.** véxase **cella**.
- Celluda, do** *adx.* Persoa que ten as cellas moi poboadas e longas.
- Celpo** *s. m.* Felpudo, esteira afelpada.

Cemba 1. *s. f.* Montículo, elevación de terreo por razóns naturais ou artificiais aos lados dos camiños ou xebrando terreos. *sin.* **cembro.** **2.** *s. f.* Sebe. **4.** *s. f.* Pequena elevación dun suco, do terreo, dos camiños ou dos arroios.

Cembro 1. *s. m.* Pendente moi pronunciada á beira dunha vía de comunicación. **2.** véxase **cemba 1.**

***Cencerra, rro** *s.* Persoa rebuldeira, faladora e molesta.

***Cencerrada** *s. f.* Manifestación popular pública e ruidosa feita con chocas, latas, pitos, cornos e instrumentos parecidos, para protestar contra calquera circunstancia.

***Cencerro** *s. m.* Choca grande.

Cendal *s. m.* Tea de seda ou liño, delgada e transparente.

Cenoria *s. f.* Planta herbácea da familia das umbelíferas, de follas imparipinnadas, flores polo xeral brancas e unha morada central, que se caracteriza por ter a raíz fusiforme, de cor laranxa e comestible.

Centella *s. f.* Resplandor intenso e momentáneo, producido polo raio.

Centeo 1. *s. m.* Planta da familia das gramíneas moi semellante ao trigo, coas espigas máis longas e delgadas. **2.** *s. m.* Gran de centeo. **3.** *s. m.* Fariña que se obtén deste gran.

Ceo *s. m.* Espazo que se estende por riba das nosas cabezas, onde vemos os astros. *var.* **Ceio.**

Cepa 1. *s. f.* Parte do talo dunha planta, sobre todo de árbores e arbustos, onde parten as raíces e onde comeza o toro, que queda enterrada ata a metade cando son cortados. **2.** *s. f.* Parra silvestre.

Cepetallo 1. *s. m.* Despectivo de *cepo*. **2.** *s. m.* Raíz de urce ou anaco de tronco.

Cepeto *s. m.* Tronco que queda dunha árbore unha vez que se lle quitan as follas e as ramas.

Cepo 1. *s. m.* Madeiro groso e redondo que se emprega nas carnicerías para partir a carne. **2.** *s. m.* Parte do tronco dunha árbore, que pode servir tanto para sentarse coma para cortar leña ou outra cousa enriba del. **3.** *s. m.* Raíz de urce ou cepa de vide que serve para queimar no lume. *sin.* **torgo.** **4.** *s. m.* Artefacto de distintas formas e mecanismos que serve para cazar animais mediante un dispositivo que

pecha mentres aprisiona ao animal cando este o pisa. *sin.* **fordigueira; garduñeira; lazo; trampa; trapela, trebello.** **5.** *s. f.* Mecanismo de arame que se emprega para cazar paxaros. *sin.* **forcilleira; goucilleira; trapela, paxareira; zurcilleira.** **6.** *adx.* Persoa bruta. **7.** *adx.* Persoa torpe.

Cera 1. *s. f.* Substancia que producen as abellas para formaren as celas onde poñen o mel. **2.** *s. f.* Produto sintético semellante á anterior que ten múltiples aplicacións. **3.** *s. f.* Substancia segregada polas glándulas dos oídos.

Ceranda *s. f.* Criba con buratos de catro a seis milímetros de diámetro que se emprega para limpar os garavanzos e separar os grandes dos pequenos.

Cerco 1. *s. m.* Valado, parede que rodea ou pecha un terreo. **2.** *s. m.* Círculo, aro ou calquera obxecto circular. **3.** *s. m.* Halo da lúa. **4.** véxase **circo.**

Cereiro, ra *s.* Persoa que traballa ou vende na cera.

Cereixa *s. f.* Froito da cerdeira, de forma arredondada, con carabuña, aproximadamente de dous centímetros de diámetro e de cor vermella, que está unido á árbore por un rabo delgado e longo.

Cereixal *s. f.* Árbore da familia das rosáceas duns cinco metros de alto, tronco liso e flores brancas, que ten como froito a cereixa. *var.* **Cireixal.**

Cernada *s. f.* Po ou conxunto de residuos que quedan dun corpo queimado totalmente. *sin.* **borralla; cinsa.**

Cernadeiro 1. *s. m.* Lenzo gordo que se pon sobre o cesto ou coadoiro da roupa para coar a cernada. **2.** *s.* Persoa que compra cinza.

Cerradura 1. *s. f.* Mecanismo de metal que serve para pechar con chave portas e arcas. **2.** *s. f.* Cercado, horta ou prado rodeado de valla.

Cerralleira, ro 1. *s.* Persoa que se dedica a amañar ou a vender obxectos de latón. **2.** *s.* Persoa que, de maneira ambulante, se dedica a amañar potas, tixolas, caldeiros e outros utensilios de metal. **3.** *s.* Persoa que por medio de grampas compoñía obxectos rotos, en particular de barro ou louza. *var.* **zarralleira, ro.**

- Cerreo 1.** *s. m.* Clase de herba, fina e dura. **2.** *s. m.* Planta moi pequena de flores brancas que nace no monte.
- Cerreñas 1.** *s. f. pl.* Flocos de certas prendas de vestir, dunha toalla etc. **2.** *s. f. pl.* Guechos que colgan do queixo e do pescozo das cabras.
- Cerro 1.** *s. m.* Parte mellor do liño que, despois de restrelado e posto en monllos, serve para fiar. **2.** *s. m.* Vendaxe que serve para poñer nunha disolución ou rotura dun membro, que se vale dun emplasto composto de claras de ovo batidas e febras de liño e estopa.
- Cerrón** *s. m.* Anaco de tea feito de la que adoitan levar as mulleres polo lombo.
- Cerullo 1.** *s. m.* Materia fecal expulsada polo corpo dunha persoa ou dun animal. **2.** *s. m.* Substancia que resulta ao esmagarse unha cousa, especialmente unha froita.
- Cervo** *s. m.* Mamífero ruminante de corpo áxil e esvelto, cola curta, pelaxe escura e cornos ramificados nos machos.
- Cerzo 1.** *s. m.* Vento frío do norte. **2.** *s. m.* Chuvia miúda acompañada dese vento.
- Cesta** *s. m.* Recipiente en forma cilíndrica ou troncocónica feito de vimbios ou de láminas estreitas de madeira, de maior tamaño có cesto e ás veces con dúas asas aos lados.
- Cesteira, ro** *s.* Persoa que se dedica a facer e vender cestos ou cestas e outros obxectos feitos cos mesmos materiais.
- Cesto** *s. m.* Recipiente de menor tamaño cá cesta que ten unha asa de lado a lado. *sin.* **goxo.**
- Cha, chao 1.** *s. e adx.* Terreo sen ondulacións. **2.** *s. f.* Grande extensión de terreo chao ou con poucas ondulacións. *sin.* **chaeira.**
- Chabola 1.** *s. f.* Pequena casa rústica de madeira ou paus que serve coma refuxio invernal para pastores ou para os gardas das viñas. **2.** *s. f.* Casa miserable nos barrios marxinais das cidades.
- Cháchara** *s. f.* Conversa informal e superficial sobre calquera tema sen transcendencia. *sin.* **charla; conversa; lapexada; leria; palique; parola; parolada; parrafeio.**
- Chaeira** véxase **chá.**
- Chafallada** véxase **trangallada.**
- Chafallán, na** véxase **chafulleira, ro.**
- Chafallar** véxase **atrapallar.**
- Chafallas** véxase **chafulleira, ro.**
- Chafalleira, ro*** véxase **chafulleira, ro.**
- Chafallón, na*** véxase **chafulleira, ro.**
- Chafullada*** véxase **trangallada.**
- Chafullar*** véxase **atrapallar.**
- Chafulleira, ro** *adx.* Persoa que fai mal as cousas ou sen xeito ningún. *var.* **chafallán, na; chafallas; chafallón, na; chafalleira, ro; chafullón, na. var. chambón, na.**
- Chafullería** véxase **trangallada.**
- Chafullón, na** véxase **chafulleira, ro.**
- Chaga** *s. f.* Ferida aberta no corpo que xeralmente segrega pus.
- Chaguaceiro** *s. m.* Terreo sempre augacente ou encharcado onde medra ben a herba. *var.* **chaguazal sin. bulleiro.**
- Chaguazo 1.** *s. m.* Herba pequena. **2.** *s. m.* Mata pequena. *var.* **chaugazo.**
- Chama** *s. f.* Masa gasosa que se eleva dun corpo que arde e que produce luz e calor.
- Chamador** *s. m.* Peza metálica pendurada na porta que se bate contra esta para petar.
- Chamar 1.** *v. tr.* Procurar que unha persoa ou animal acuda ou preste atención dicindo o seu nome en voz alta ou mediante sons ou exclamacións específicas. **2.** *v. tr.* Accionar un dispositivo para que un aparato acuda ao lugar onde se está.
- Chamarada** *s. f.* Chama grande que se eleva sobre unha materia que arde.
- Chamaza 1.** *s. f.* Leña miúda que serve para prender o lume. **2.** *s. f.* Lume prendido.
- Chamberil** *s. m.* Pau que serve para colgar os porcos despois de sacrificalos.
- Chambomba** *s. f.* Recipiente metálico rudimentario a modo de estufa que se usa para facer lume no interior e enriba do cal se pode cociñar ou asar.
- Chambón, na** véxase **chafulleira, ro.**
- Chambonzón, na** *s.* Persoa non especializada que fai amaños diversos, non sempre de boa calidade. *sin.* **argalleira, ro.**
- Chambra 1.** *s. f.* Especie de blusa ou xibón que levaban as mulleres sobre a camisa. **2.** *s. f.* Blusa sen colo.
- Chambuleira, ro*** véxase **lambeteira, ro.**
- Chamiza 1.** *s. f.* Restos de plantas e garabullos secos empregados para prender o lume. **2.** *s. f.* Fogueira que se prende con esta leña miúda.

Chamizo 1. *s. m.* Vivenda ruína, mesquiña, pobre e de baixa calidade. **2.** *s. m.* Alpendre ou cuarto pequeno. **3.** *s. m.* Tasca de ínfima calidade. *s. m.* Chozza cuberta de palla.

Chamoza véxase **chamozo**.

Chamozo *s. m.* Restos vexetais das árbores e doutras plantas que só valen para queimar. *var.* **chamoza**.

Chamuscar *v. tr.* Queimar de forma superficial a pel e os pelos, especialmente a pel do porco na matanza ou a la da ovella.

Chamusco 1. *s. m.* Acción de chamuscar. **2.** *s. m.* Cheiro a queimado.

Chanclear 1. *v. intr.* Producir un ruído ao andar coas galochas ou outro calzado semellante. **2.** *v. intr.* Facer ruído as ferraduras das cabalerías cando están en parte descravadas.

Chancleta 1. *s. f.* Calzado descuberto pola parte de atrás, que se suxeita na parte de diante do pé. **2.** *adx.* Voz lixeiramente insultante que se usa para referirse a unha persoa pouco delicada nos seus ademáns ou nas súas palabras.

Chanclos* véxase **zocos**.

Chanfaina 1. *s. f.* Embutido feito cos pulmóns e outras vísceras do porco que non serven para o chourizo. **2.** *s. f.* Guiso de carne con asadura e sangue cocido que adoita comerse na cea do día da matanza.

Chanfrazo *s. m.* Corte mal feito, sen dirección ou sen tino.

Chanqueiro *s. m.* Vaso de viño.

Chanta *s. f.* Planta na primeira etapa da súa vida, que se utiliza para transplantar.

Chantar 1. *v. tr.* Introducir, espetar, cravar algo nunha cousa ou nun lugar. **2.** *v. tr.* Enterrar unha planta nova ou unha semente para que prenda e medre. **3.** *v. prnl.* Situar-se un ser animado con firmeza nun sitio e non moverse del.

Chanto *s. m.* Lousa grande e plana espetada verticalmente na terra que serve de valado nunha leira, quinta ou terreo.

Chantón *s. m.* Cepa da vide nos seus tres primeiros anos, xa sexa no viveiro ou na viña.

Chanza *s. f.* Broma, dito gracioso que se verbaliza para burlarse ou rirse de alguén.

Chanzo *s. m.* Cada unha das superficies planas dunha escaleira, nas que se vai pisando ao subir ou baixar.

Chao *s. m.* Superficie que pode ser pisada polas persoas e polos animais e que pode servir de apoio para as cousas.

Chapa 1. *s. f.* Galocha vella sen talón, que se leva de chancleta. **2.** *s. f.* Tapa de botella ou dun bote feita con chapa xeralmente de latón. **3.** *s. f.* Xogo das chapas.

Chapacuña 1. *s. f.* Parede que se constrúe no leito dun río para desviar a auga dos ríos ou protexer as veigas das crecidas e inundacións. **2.** *s. f.* Presa ou toma de auga dunha canle que se constrúe con pedras, terróns e madeiros colocados a través do río ou arroio para sacar a auga para os prados e os muíños.

Chapancada *s. m.* Chuvia forte e de pouca duración.

Chaparra, rro 1. *adx.* Persoa de baixa estatura e forte. *var.* **chaparreta, to; chaparrete**. **2.** *adx.* Cousa de pouco interese. **3.** véxase **zapparreta, to**.

Chaparrada 1. *s. f.* Cousas de pouco ou escaso valor. *var.* **chaprada**. **2.** *s. f.* Golpe dado coa man aberta nas nádegas ou na cara doutra persoa. *var.* **chaprada**.

Chaparreta, to véxase **chaparra, rro**.

Chaparrete véxase **chaparra, rro**.

Chapelo *s. m.* Peza de vestir que se pon na cabeza para abrigala ou adornala, que pode ser de diversas feitura e de diversos materiais como palla ou feltro.

Chapiar* véxase **chapicar**.

Chapicar 1. *v. tr.* Facer movementos na auga ou no lodo cos pés e coas mans ata zarrapicarse unha persoa. **2.** *v. tr.* Esparexer auga coa man sobre as cousas. *var.* **chapuzar; chapucar**. *sin.* **Chapiar**. **4.** *v. tr.* Facer chapuzas ou obras sen arte nin coidado.

Chaprada 1. véxase **chaparrada**. **2.** *s. f.* Golpe dado coa man aberta na meixela ou na caluga.

Chapucar* véxase **chapicar**.

Chapuceira, ro 1. *adx.* Persoa que fai as cousas dun xeito groseiro. **2.** *adx.* Persoa que fai chapuzas, obras mal feitas ou realizadas sen arte nin coidado. **3.** *adx.* véxase **chafulleira, ro**.

Chapurreao* véxase **chapurriao**.

Chapurrear *v. intr.* Falar mal nunha lingua que non é a propia. *var.* **chapurriar**.

Chapurriao **1.** *s. m.* Lingua foránea que se fala pronunciándoa mal e usando palabras e xiros da propia lingua nativa. **2.** *s. m.* Nome que aplican en zonas fronteirizas á propia fala nativa, que se considera mal falada por prexuízo inducido. *var.* **chapurreao**. *sin.* **charro**.

Chapurriar* véxase **chapurrear**.

Chapuzar* véxase **chapicar**.

Chaqueta *s. f.* Peza de vestir exterior, con mangas e aberta por diante, que cobre a parte superior do corpo normalmente aproximadamente ata a cintura.

Chaqueto *s. m.* Despectivo de *chaqueta*.

Charambalde* véxase **charlatán, na**.

Charamusca *s. f.* Cinsa moi fina, pequenas partículas que saen voando dende as chemineas das cociñas que están acendidas e que son impulsadas pola forza do lume. *sin.* **acanzuzo, moxena**.

Charcoallo **1.** *s. m.* Depósito de auga, máis pequeno ca a charca, formado nas fochancas do terreo cando chove. **2.** *s. m.* Cavidade do terreo onde se detén e xunta a auga de manciara natural e que polo xeral ten o fondo cuberto de lodo.

Charcón* véxase **braña**.

Charcuzo **1.** *s. m.* Lugar pantanoso, encharcado. **2.** *s. m.* Depósito de auga, máis pequeno ca a charca, formado nas fochancas do terreo cando chove.

Charla* véxase **cháchara**.

Charlatán, na **1.** *adx.* Persoa faladora sen tino, insubstancial, que todo o confunde, que se contradí e que mente por costume e sen necesidade. *sin.* **barulleira, ro; barallouzas; falador, ra; cotorra, rro; charlambalde**. **2.** *adx.* Persoa que promete moito para gañar o favor de alguén, pero non cumpre as súas promesas.

Charra, rro **1.** *adx.* Algo feo, mal feito, desagradable. **2.** Véxase **chapurriao** **2**.

Charrada *s. f.* Acto, troula ou diversión de mal gusto que se fan con mala intención. *var.* **Charrería**.

Charrasca *s. f.* Navalla de grandes dimensións.

Charrería véxase **charrada**.

Chata, o **1.** *adx.* Persoa que ten o nariz aplanado. **2.** *s. m.* Vaso de viño.

Chatarreira, ro *s.* Persoa que se dedica a recoller, comprar ou vender chatarra.

Chatola *s. f.* Cravo curto e de cabeza grande que se crava nas zocas para protexer a madeira e para non esvarar ao andar.

Chaugazo* véxase **chaguazo**.

Chave **1.** *s. f.* Instrumento de metal, de distintas formas e tamaños, que se introduce nun fecho para abri-lo ou cerralo. **2.** *s. f.* Viga central do tellado sobre a cal se apoia o péndulo do armante. **3.** *s. f.* Aparello que serve para abrir ou cerrar o paso dun fluído por un conduto. **4.** *s. f.* Ferramenta para afrouxar ou apertar parafusos.

Chaveira *s. f.* Planta medicinal que crece no inverno e florece polo Nadal, que se utilizaba para os fumazos e para curar as boas das ovellas e para outros moitos usos terapéuticos aplicados aos animais, ten un cheiro moi forte e é amarela.

Chavello *s. m.* Arado cun mango máis curto e cun ángulo máis cerrado.

Chaveta **1.** *s. f.* Cabeza dunha persoa ou animal. **2.** *s. f.* Peza ou pasador de madeira ou de ferro coa que se apertan os extremos do eixe ás rodas do carro. *sin.* **chavilla**. **3.** *s. f.* véxase **cravilla**.

Chavilla véxase **chaveta** **2**.

Chea, o **1.** *adx.* Algo que ten a súa capacidade ocupada por completo ou en gran medida. **2.** *s. f.* Enchente do caudal dun río, riada. **3.** *s. f.* Exceso de comida ou de bebida.

Cheda **1.** *s. f.* Cada unha dos dous largueiros pezas laterais do leito do carro no que van encaixados os estadullos. **2.** *s. f.* Carrocería do carro.

Chedeiro *s. m.* Leito do carro sobre o que se pon a carga.

Chegar **1.** *v. intr.* Pasar a estar presente nun lugar despois de desprazarse ou de percorrer certa distancia. **2.** *v. intr.* Acadar un determinado punto ou nivel mediante un desprazamento ou un movemento. **3.** *v. intr.* Ser suficiente. **4.** *v. prml.* Poñerse cerca ou a menor distancia.

Cheirar **1.** *v. intr.* Ulir mal, feder, apestar algo que está podre. **2.** *v. intr.* Presentir un suceso. **3.** *v. intr.* Andar pescudando ou fígando.

Cheiro *s. m.* Fedor, mal olor.

Cheirón, na **1.** *adx.* Persoa ou algo que ule mal.
2. *adx.* Persoa que anda fígando.

Chepa **1.** *s. f.* Curvatura convexa esaxerada das costas ou do peito producida por unha desviación da columna vertebral ou do esterno. **2.** *adx.* Persoa que ten chepa.

Chiadeiro **1.** *s. m.* Cavidade que se atopa a continuación da boca, onde se cruzan o aparato dixestivo e o respiratorio e que comunica co esófago, fosas nasais e larinxe. **2.** *s. m.* Parte superior da gorxa.

Chiar **1.** *v. intr.* Piaren as aves. **2.** *v. intr.* Berrar cun son moi agudo e estridente.

***Chicha** véxase **xixa**.

***Chicharro** véxase **roxón**.

Chicharrón véxase **roxón**.

Chicharro *s. m.* Insecto herbívoro da orde dos ortópteros, do que existen diversas especies, que está dotado dunhas patas posteriores moi longas, coas que dá grandes saltos.

***Chicho** véxase **roxón**.

Chifra **1.** *s. f.* Frauta, instrumento musical que toca o tamborileiro e que ten dous buracos no extremo inferior pola parte de enriba e un pola parte de abaixo. **2.** *s. f.* Frauta que se fai coa codia dos *pipos* ou brotes do castiñeiro novo ou enxerto.

Chifrador, ra *s.* Persoa que toca a frauta.

***Chillar** **1.** *v. intr.* Falar alto. *sin.* **berrar**. **2.** *v. intr.* Gruñir o porco.

Chiminea *s. f.* Conduto por onde sae ao exterior o fume das cociñas, dos fornos ou das máquinas.

Chimpar **1.** *v. tr.* Beber, especialmente viño. **2.** *v. tr.* Botar abaixo algo ou alguén contra o que se exerce un impulso. **3.** *v. tr.* Botar dun traballo ou dun cargo. **4.** *v. prnl.* Lanzarse, introducirse con forza dentro de algo. **5.** *v. intr.* Saltar desde un lugar elevado.

China, no* véxase **cocha, cho**.

Chincha* véxase **chínche**.

Chinchacarreira *s. f.* Reviravolta que dan os nenos e as nenas nun terreo brando, sobre o que toman un impulso inicial, despois apoian a cabeza no chan e xiran o corpo sobre ela para quedar de novo de pé.

Chinchar **1.** *v. tr.* Dar unha cantidade de diñeiro ou outra cousa a cambio de algo. **2.** *v. tr.* Tocar

a moeda para saber se é boa. **3.** *v. tr.* Facer soar as moedas para saber se son boas ou falsas. **3.** *v. intr.* Provocar a unha persoa para que se enfade. **4.** *v. prnl.* Enfadarse, enfatiarse.

Chínche *s. m.* Insecto da familia dos cimícidos, de cor vermella escura e corpo plano de forma ovada e sen ás, que zuga sangue. *var.* **chíncha**.

Chinchela *s. f.* Conxunto de chínches.

Chinglar **1.** *v. intr.* Facer soar calquera instrumento metálico, chaves, moedas, ferros etc. **2.** *v. intr.* Beber alcohol en exceso.

Chintófano **1.** *s. m.* Obxecto indeterminado, couso. **2.** *s. m.* Obxecto inútil, vello ou de escaso valor. *sin.* **chirimbolo; couso; chisme**. véxase **chirimbolo**.

Chiribías **1.** *adx.* Persoa de mal xenio, enfadadiza e de pouca seriedade. **2.** *adx.* Persoa rabuda.

***Chirigotada** *s. f.* Diversión, broma, pasatempo, leria.

***Chirimbolo** véxase **chintófano**.

Chirlo *s. m.* Caldo ou sopa sen moito sabor.

Chisca **1.** *s. f.* Porción moi pequena de algo. **2.** *s. f.* Breve período de tempo, instante. **3.** *s. f.* Partícula incandescente que salta dun corpo que se está queimando ou que é golpeado ou rozado por outro.

Chiscar **1.** *v. tr.* Prender lume. **2.** *v. tr.* Prender algo mentres saltan chispas. **3.** *v. tr.* Prender o chisqueiro. **4.** *v. tr.* Practicar o coito.

Chisgada véxase **chisgadela**.

Chisgadela *s. f.* Acción de chiscar. *var.* **chisgada, chusgada**. *sin.* **trusgada**.

Chisgar *v. tr.* Pechar e abrir un ollo para facerlle un sinal a alguén. *var.* **chusgar**. *sin.* **trusgar; turgar**.

Chisme **1.** *s. m.* Obxecto pequeno, inservible e insignificante traste insignificante. *sin.* **chinfófano**. **2.** *s. m.* Noticia falsa, rumor. **3.** *s. m.* Forma eufémica para o sexo masculino e o feminino.

Chismear **1.** *v. intr.* Difundir chismes, levar e traer contos. **2.** *v. intr.* Rexoubar, murmurar.

Chispa **1.** *s. f.* Partícula acesa que resulta do rozamento de dous obxectos. **2.** *s. f.* Charamusca, partícula incandescente que se desprende dun corpo en combustión. **3.** *s. f.* Descarga entre dous condutores eléctricos. **4.** *s. f.* Raio. **5.** *s. f.* Agudeza, viveza, inxenio, simpatía. **6.** *s. f.* Estado dunha persoa que

- bebeu demasiado alcohol. *var.* **chispeira, chispela.**
- Chispeira** véxase **chispa** 6.
- Chispela** véxase **chispa** 6.
- Chisqueiro** *s. m.* Acendedor antigo de pedra e mecha longa.
- Chistada** 1. *s. f.* Dito ou frase aguda, graciosa ou enxeñosa. 2. *s. f.* Dito ou pequena historia con graza, contada ou debuxada, para causar riso.
- Chistar** *v. tr.* Provocar atracción, agrado ou afecto.
- *Chitar** *v. intr.* Calar, gardar silencio.
- Chiva, vo** 1. *s.* Mamífero bóvidos de pelo curto e áspero, cornos curvos cara atrás e rabo moi curto, capaz de gabear por sitios abruptos. 2. *s.* Cría da cabra.
- Choca** 1. *s. f.* Instrumento de metal semellante a unha campáña que se pendura ao pescozo das reses de gando e que levan tamén algunhas máscaras do Entroido. *var.* **Choco, chocla.** *sin.* **Cincerra.** 2. *adx.* Ave, en particular a galiña, que está no período de incubación.
- Chocallo*** véxase **choco.**
- Chocar** 1. *v. tr.* Dar calor unha ave aos ovos, ao deitarse sobre eles, para que se desenvolvan e nazan os pitos. *sin.* **gorar.** 2. *v. tr.* Incubar unha enfermidade. 3. *v. int.* Bater de fronte dous corpos.
- Chocarela** véxase **choco.**
- Chocarelada** 1. *s. f.* Cousa insignificante, pequena ou de pouca importancia. 2. *s. f.* Carga pequena dun carro. 3. *s. f.* Burla intrascendente.
- Chocarelo*** véxase **choco.**
- Chocla*** véxase **choca.**
- Choclear** *v. intr.* Producir ruído semellante ao dos chocallos con instrumentos metálicos ou latas.
- Choco** 1. *s. m.* Choca que se pon nun colar de coiro aos bois, cabalerías ou tamén ao gando de la ou ao gando cabrún. *sin.* **choca; chocalo; chocarela; chocarelo.** 2. *s. m.* Ovo baleiro. 3. *s. m.* Ovo que está en período de incubación.
- Chocolatear** *v. intr.* Realizar mesturas confusas, especialmente de alimentos.
- Chocolateira, ro** 1. *s. f.* Vasilla onde se prepara o chocolate. 2. *adx.* Persoa entremetida.
- Choia** *s. f.* Ave da familia dos córvidos, de plumaxe negra lustroso e patas vermellas, parecida ao corvo, pero máis pequena.
- Choiar** 1. *v. tr.* Realizar un traballo. *sin.* **traballar.** 2. *v. tr.* Practicar o coito. *sin.* **foder**
- Choio** 1. *s. m.* Actividade profesional concreta que constitúe un medio de vida. *sin.* **oficio.** 2. *s. m.* Traballo de escasa importancia.
- Chola*** véxase **cachola.**
- Chopa** 1. *s. f.* Chopo pelado. 2. *s. f.* Planta pequena do chopo.
- Chopada** véxase **chopeira.**
- Chopeira** *s. f.* Lugar onde abundan os chopos.
- Chorar** 1. *v. intr.* Deitar bágoas de dor ou de alegría. 2. *v. intr.* Doerse, sentir profundamente algo. 3. *v. intr.* Racanear o que se dá ou vende.
- Choricar** véxase **chorimicar.**
- Choricas** *adx.* Persoa que chora ou se queixa sen motivo ou por algo intrascendente. *var.* **choromicas.**
- Chorida** véxase **choro.**
- Chorimicar** *v. intr.* Chorar sen gana, de forma débil e monótona. *var.* **choricar.**
- Choro** *s. m.* Acción de chorar. *var.* **chorida.**
- Chorón, na** *adx.* Persoa que chora moito.
- Choronas** *s. f. pl.* Mulleres que facían o pranto nun velorio ou nun enterro.
- Chorra** *s. f.* Boa sorte.
- Chorrear** 1. *v. tr.* e *v. intr.* Caer un líquido formando chorros. 2. *v. intr.* Chover con moita forza e sen parar.
- Chorreira, ro** *adx.* Persoa que ten moita sorte.
- Chorro** *s. m.* Porción de líquido ou de gas que sae ou baixa con forza.
- Chorume** 1. *s. m.* Líquido con propiedades nutritivas que está presente en substancias animais e vexetais. 2. *s. m.* Fedor que exhala o pus dunha ferida.
- Choupa** *s. f.* Cesta de boca estreita e de fondo ancho e redondo que levan os pescadores colgada dun ombreiro para gardar a pesca.
- Chourizo** 1. *s. m.* Embutido feito de carne magra de porco e touciño, picado e adobado con pemento, allo e sal. 2. *s. m.* Manchea de palla retorta e mesturada con barro para colocar entre paus nos antigos tabiques das casas.
- Chousa** 1. *s. f.* Terra de labor cercada, polo xeral de pouca extensión e situada preto da casa. 2. *s. f.* Porción de monte cercada que non ten moita extensión.
- Chover** *v. intr.* Caer auga das nubes en forma de pingas.

Chozo *s. m.* Escondedoiro de pólas e follas onde as persoas se agochan esperando pola caza.

Chuchar *v. tr.* Tocar algo ou alguén cos labios pechados, como caricia, en sinal de afecto ou amor, ou como saúdo, en sinal de amizade, respecto ou reverencia..

Chucho *s. m.* Demostración de afecto, amor, amizade, respecto ou reverencia que se fai tocando algo ou alguén cos labios pechados.

Chufa *s. f.* Dito ou feito propios dunha persoa fanfurriñeira, gabanceira.

Chufar **1.** *v. tr.* Gabar, eloxiar de forma excesiva. **2.** *v. tr.* Presentar ou dicir algo facéndoo máis importante ou máis grande do que é. **3.** *v. intr.* Falar ou actuar coma unha persoa fanfurriñeira. *sin.* **fanfurriñar.** **4.** *v. prnl.* Burlarse de alguén con chanzas ou bromas.

Chufia **1.** *s. f.* Dito ou feito sen importancia dirixido a unha persoa para rirse pero sen intención de molestala. **2.** *s. f.* Dito gracioso para burlarse ou rirse de alguén.

Chufón, na **1.** *adx.* Persoa afagadora. **2.** *adx.* Persoa que fai burla.

Chula, lo *adx.* Persoa amiga de amosar con vaidade unha cualidade ou mérito se atribúe a si mesma. *sin.* **mecosa, so; presumida,do; vaidosa, so.**

Chularía *s. f.* Acto propio dunha persoa chula.

Chumaceira *s. f.* Cada unha das pezas de madeira que van unidas por debaixo ás chedas do carro e nas que encaixa o eixe. *sin.* **chumazo.**

Chumazo véxase **chumaceira.**

Chumbeira **1.** *s. f.* Comida abundante que acaba pesando na barriga. **2.** *s. f.* Obxecto de pesca en forma de paracaídas que se tira sobre a superficie da auga.

Chupada *s. f.* Acción e efecto de **chupar.**

Chupadela *s. f.* Chupada rápida.

Chupar **1.** *v. t.* Extraer cos beizos un líquido, zugar, sorber. **2.** *v. tr.* Mamar. **3.** *v. tr.* Beber moito. **4.** *v. prnl.* Engurrarse, perder peso e debilitarse.

Chupeta* véxase **chupete.**

Chupetada *s. f.* Acción e efecto de chupar no chupete.

Chupete **1.** *s. m.* Peza de plástico cunha goma elástica que se lles dá a chupar aos nenos pequenos para satisfacer o seu instinto de

succión. *var.* **chupeta.** **2.** *s. m.* Grolo de viño cando se bebe pola bota.

Chupitel *s. m.* Anaco de xeo en forma de agulla que colga dos tellados, das rochas ou da roupa que se pon a secar un día de xeadas. *sin.* **carambello; carambo; caramelo.**

Churida **1.** *s. f.* Flor da xesta. **2.** *s. f.* Calquera flor do monte.

Churra **1.** *s. f.* Ovella de raza pequena e la grosa. **2.** *s. f.* Galiña, pita. **3.** *s. f.* Voz para chamar á galiña.

Churrascar *v. tr.* Queimar as sedas do porco despois de morto.

Churrasco *s. m.* Carne de costela preparada á brasa ou na grella.

Churro **1.** *s. m.* Carneiro de raza churra. **2.** *s. m.* Masa feita con fariña, leite, auga e azucre que se presenta en tiras delgadas e acanaladas que se preparan fritas en aceite.

Churumaco *s. m.* Chorriño, pequena corrente de auga.

Churruqueira, ro *adx.* Persoa graciosa, viva, espelida, agradable, simpática. *sin.* **chusca, co.**

Churvisco* véxase **torbisco.**

Chusca, co **1.** *s. m.* véxase **churruqueira.** **2.** *s. m.* Anaco pequeno de pan. **2.** *s. m.* Anaco pequeno de calquera cousa.

Chusga, go *adx.* Persoa que ten a vista torta, con cada ollo mirando nunha dirección distinta. *sin.* **birola, lo; vesga, go; torto, ta; trusga, go.**

Chusgar véxase **chisgar.**

Chuvia *s. f.* Auga que cae das nubes en forma de pingas.

Chuviñada véxase **babuxeira, orballeira.**

Chuviñar *v. intr.* Caer chuvia miúda. *var.* **Chuviscar.** *sin.* **babuxar.**

Chuvisca *s. f.* Chuvia miúda que cae da néboa e o empapa todo, xa que se filtra por todas partes. *sin.* **orballo; babuxa; funfuñeira.**

Chuviscar véxase **chuviñar.**

Cibela **1.** *s. f.* Atadura de palla ou vimes coa que se atan as mancheas de cereal ou de palla debulladas. *sin.* **viorto.** **2.** *s. f.* Especie de sogas que serve para atar as vacas.

Cigoñal *s. m.* Artefacto que serve para sacar auga dun pozo ou charco profundo.

Cileiro* **1.** *s. m.* Antigo cuarto, moble ou compartimento da casa a onde se almacenaba

o grao. *var.* **celeiro**. **2.** *s. m.* Habitación ou dormitorio de infima calidade. *var.* **celeiro**.

Cilidoña *s. f.* Planta herbácea vivaz da familia das papaveráceas, de caule ramificado, follas alternas de cor verde clara pola diante e azulada por detrás, flores amarelas dispostas en forma de umbelas e froito alongado en cápsula.

Cima 1. *s. f.* Parte máis alta dun terreo elevado, outeiro, monte etc. *var.* **cimada; cimeiro**. **2.** *s. f.* Parte superior de algo que está en posición vertical ou en costa. *var.* **cimada; cimeiro**. *sin.* **Pico**. **3.** véxase **cimo**.

Cimada 1. véxase **cima 1** e **2.** *s. f.* Copa da árbore.

Cimbrar 1. *v. tr.* Mover ou abanear algo flexible, unha vara, unha árbore nova ou as pólas dunha árbore. **2.** *v. tr.* Mover acompañadamente o corpo ao andar. *var.* **Cimbrear**.

Cimbrear véxase **cimbrar**.

Cimeiro véxase **cima 1** e **2.**

Cimentar véxase **acimentar**.

Cimo *s. m.* Folla tenra de coles e nabos que se pelan para cocer. *var.* **cima; cimón**. **2.** *sin.* **grelo**.

Cimón 1. *s. m.* Planta herbácea perenne da familia das cariofiláceas, de numerosos talos ergueitos de ata un metro, pólas e follas opostas e flores grandes de cor rosa ou branca. **2.** véxase **cimo**. **1. 3.** *s. m.* Talo do nabo.

Cimpre véxase **simple**.

Cincerra* véxase **choca**.

Cincha* véxase **cincho**.

Cinchar 1. *v. tr.* Apertar a cincha. **2.** *v. tr.* Axustar as contas. **3.** *v. tr.* Diminuír o consumo dunha cousa. **4.** *v. tr.* Librar a alguén de algo molesto, difícil, penoso ou algo que supón un gasto. **5.** *v. tr.* Coller algo ou alguén e apreixalo para que non se mova, non caia ou non fuxa. *var.* **Acinchar**.

Cincho 1. *s. m.* Cinta de cánabo ou esparto coa que se asegura a albarda ou a sela á cabalgadura ao cinxila por debaixo da barriga. *var.* **cincha**. **2.** *s. m.* Tira ou correa de tea, coiro ou doutro material, que se emprega para cinguir ou axustar a roupa á cintura. *var.* **cinto**. **3.** *s. m.* Aro de ferro co que se aseguran as doelas da cuba. **4.** *s. m.* Mala herba alta que crece en todo tipo de terreos, xa estean traballados ou non.

Cingadeiro 1. *s. m.* Asento suspendido sobre dúas cordas que se penduran dunha póla de árbore ou barra horizontal e que se emprega para se movera cara adiante e cara atrás. *sin.* **arrandeadoiro**. **2.** *s. m.* Póla dunha árbore que, por ser moi flexible, serve aos nenos e nenas para se arrandearen ou abanearen. *var.* **acingadeiro**.

Cingar *v. t. e v. prml.* Abancarse, arrandearse, nun cingadeiro.

Cinsa* véxase **cernada**.

Cinta 1 *s. f.* Abrazadeira, cinto ou lazo que serve para suxeitar algo que ameaza con abrirse ou gretarse, especialmente a abrazadeira das madroñas para evitar que se fendan. **2.** *s. f. pl.* Convite ou agasallo que paga o mozo forasteiro ou moza forasteira cando casa na aldea.

Cinto véxase **cincho**.

Ciollo* véxase **fiollo**.

Cipestre* véxase **alcipestre**.

***Cipote** véxase **carallo**.

Circo 1. *s. m.* Círculo de luz que envolve a lúa, observable só en certas circunstancias meteorolóxicas. **2.** *s. m.* Figura en forma de círculo. *var.* **cerco**. **3.** *s. m.* Local con bancadas circulares arredor dun espazo central circular onde se exhiben espectáculos de maxia, ximnásticos, pallasos etc.

Cireixal* véxase **cereixal**.

Ciridoña* véxase **celidonia**.

Cirigaitada *s. f.* Enredo, conto, mentira, xogo. *sin.* **gaitada**.

Cirigaíta 1. *s. f.* Parvada, enredo. **2.** *adx.* Persoa delgada que ten pouca forza. **3.** *adx.* Persoa que pasa o tempo indo e vindo pero sen facer nada de proveito.

Cirigaiteira, ro *adx.* Persoa que perde e fai perder o tempo con contos, parvadas ou enredos.

Ciriñola* véxase **ameixo**.

Cirola véxase **ameixo**.

Cirolal *s. f.* Árbore froiteira da familia das rosáceas, de follas elípticas e flores abrancazadas que dá como froito a ameixa. *var.* **ciroleira; cirolal**. *sin.* **ameixeira**.

Ciroleira véxase **cirolal**.

Cirolal véxase **cirolal**.

Cirrio *s. m.* Ave da orde dos apodiformes, coa plumaxe de cor negra, parecida á anduriña, de maior envergadura e patas moi curtas.

Ciscallo **1.** *s. m.* Restos ou desperdicios que se recollen ao varrer. **2.** *s. m.* Feixe de cousas desordenadas tiradas polo chao.

Ciscar **1.** *v. tr.* Botar ou deixar caer cousas no chan ou noutra superficie, espárexéndoas. **2.** *v. tr.* Emporcallar, lixar. **3.** *v. tr.* Defecar. **4.** *v. tr.* Contar o que ouven persoas pouco reservadas e indiscretas.

Cisco **1.** *s. m.* Conxunto desordenado de restos miúdos que quedan estrados polo chao despois de mallar, cortar leña etc. **2.** *s. m.* Broza, lixo, residuos carbonizados. **3.** *s. m.* Excremento. **5.** *s. m.* Alboroto da xente barulleira.

Cisma *s. f.* Idea fixa e obsesiva. *sin.* **teima.**

Cismar **1.** *v. tr.* Pensar con insistencia e de modo obsesivo en algo. *sin.* **teimar.** **2.** *v. intr.* Provocar leas valéndose de contos, rumores e chismes. **3.** *v. tr.* Incitar alguén para que discuta ou pelexe.

Cismón, na *adx.* Persoa que se obsesiona cunha idea fixa e non dá saída dela. *sin.* **Teimuda, do.**

Cisne *s. m.* Ave palmípeda grande de pescozo longo, cor branca e peteiro laranxa.

***Cizañeira, ro** **1.** *adx.* Persoa que incita alguén para que discuta ou pelexe. **2.** *s.* Persoa que encirra, que mete discordia entre dúas persoas.

Clara, ro **1.** *adx.* Que recibe moita luz. **2.** *adx.* Transparente, sen impurezas. **3.** *adx.* Que se percibe, se distingue ou se comprende ben. **4.** *s. m.* Espazo sen árbores no medio dun bosque.

Clas *s. f.* Clase, calidade, maneira de ser. *var.* **cras.**

Claudia *s. f.* Variedade de ameixa con forma circular, de cor verde e moi doce.

Coadá *s. f.* Aua con lixivia, xabón ou deterxente en que se mete a roupa para branqueala.

Coadeira *s. f.* Vertedoiro, pedra plana, ampla e redonda, cun oco circular no centro e cunha canle de desaugadoiro, no que se facía a coada. *var.* **coladeira.**

Coadoiro *s. m.* Utensilio provisto dunha tea ou dunha lámina de arames, con pequenos furados, que serve para coar líquidos. *var.* **coladoiro.**

Coañar *v. tr.* Varrer a eira sacando só o lixo máis gordo e deixando o fino.

Coañeira *s. f.* Vasoira feita con xestas ou pólas para varrer o coaño.

Coaño *s. m.* Residuos do cereal na eira.

Cóbado *s. m.* Parte exterior da articulación do brazo co antebrazo. *sin.* **coudo.**

Coberteira* véxase **cobertoira.**

Cobertoira **1.** *s. f.* Tapa de calquera vasilla da cociña. *var.* **coberteira.** *sin.* **tapa.** **2.** *s. f.* Cuberto ou alpendre. **3.** *s. f.* Manta da cama feita de la. *var.* **cobertor; cobertura** **1.**

Cobertor* véxase **cobertoira** **3.**

Cobertura **1.** *s. f.* Peza cadrada ou rectangular de la ou de algodón usada para se abrigar na cama. **2.** *s. f.* Especie de capa curta usada polas mullers. **3.** *s. f.* Acción de sementar.

Cobicia **1.** *s. f.* Desexo moi forte de conseguir algo. *sin.* **ansia, desexo, ganas.** **2.** *s. f.* Desexo moi forte de posuír o que é doutras persoas. *sin.* **envexa.**

Cobiciar *v. tr.* Ter ou sentir *cobicia* de algo.

Cobiciosa, so *adx.* Persoa que ten ou sente *cobicia*.

Cobra *s. f.* Réptil ofidio de corpo longo e cilíndrico e pel con escamas, do cal existen moitas especies, algunhas delas venenosas. *var.* **crioba.** *sin.* **culobra.**

Cobrar **1.** *v. tr.* Percibir unha compensación en pagamento de algo. **2.** *v. tr.* Recibir golpes como castigo por algo. *sin.* **levar** **3.** *v. tr.* Entregarlle o noivo á noiva as arras, dote ou dereitos por casar.

Coca **1.** *s. f.* Anélido oligoqueto, de corpo longo, brando e cilíndrico e de cor rosada que vive nos terreos húmidos. **2.** *s. f.* Insecto blático, duns tres centímetros de lonxitude, cor negra brillante, con femias ápteras e machos alados.

Cócara *s. f.* Oco natural no tronco dos castiñeiros. *sin.* **carouco.**

Cocaracha* **1.** véxase **coca** **2.** **2.** *s. m.* Calquera bicho ou insecto pequeno. *var.* **cocaracho*;** ***cucaracha.** **3.** *s. f.* Parte superior e posterior da cabeza humana.

Cocaracho* véxase **cocaracha*.**

Cocer **1.** *v. tr.* Cocíñar un alimento en auga fervendo. **2.** *v. tr.* Someter á acción da calor do forno a masa de pan ou outra masa alimenticia para facela comestible. **3.** *v. tr.* Urdir, tramar ou

planificar algo. **4. v. tr.** Sentir proído nalgunha parte do corpo.

Cocha* véxase **billarda**.

Cocha, cho 1. s. Mamífero suíno omnívoro, de corpo grosso, pel dura e cuberta de sedas fortes, fociño longo e móbil, orellas caídas e patas e rabo curtos. *sin.* **chino, na; rancha, cho. 2. adx.** Persoa sucia e desaseada. *sin.* **Porca, co; sucio, cia.**

Cochalla, llo s. Despectivo de *cocha, cho*.

Cochanflón, na adx. Persoa que fai mal o seu oficio ou labor.

Coche 1. s. m. Carruaxe, vehículo tirado por cabalos que transporta viaxeiros. **2. s. m.** Vehículo a motor de catro rodas para transportar viaxeiros. *sin.* **autobús. 3. s. m.** Vagón do tren.

Cochorla* véxase **cochorra**.

Cochorra s. f. Paxaro da familia dos túrdidos que pode superar os vinte centímetros de longo, de plumaxe escura, negra no macho e castaña na femia, co peteiro amarelo e de canto agradable. *var.* **cochorro; cochorla. sin.** **cotrosa; merlo.**

Cochorro véxase **cochorra**.

Cocido s. m. Comida feita a base de carne de cocho, vaca ou polo, xunto con chourizos, fabas ou garavanzos, verduras e patacas.

Cociña 1. s. f. Lugar da casa disposto para a preparación de alimentos e onde se gardan os obxectos que se utilizan para preparalos e comelos. *sin.* **lareira. 2. s. f.** Artefacto que se emprega para facer a comida e que funciona con leña, gas ou electricidade. **3. s. f.** Caldo espeso.

Cociñar v. tr. Preparar os alimentos para comer empregando o lume ou a calor.

Cociñeira, ro s. Persoa que ten por oficio cociñar.

Cociñón* véxase **couciñón**.

Coco 1. s. m. Verme que se pode atopar na carne, o pescado ou a froita. **2. s. m.** Gurgullo. **3. s. m.** Verme da clase dos nematodos, parasito do intestino humano e dalgúns animais. **4. s. m.** Bicho en xeral, de pequeno tamaño ou insectos descoñecidos. **5. s. m.** Animal fantástico que serve para meter medo aos nenos e ás nenas.

Coco de lume véxase **cucaraxol e vella 1.**

Cocorota* véxase **cocote**.

Cocorote* véxase **cocote**.

Cocosa, so 1. adx. Froita ou legumes danadas do coco e atacada polos vermes. **2. adx.** Persoa ou animal que ten mala saúde.

Cocote s. m. Parte superior e posterior do pescozo. *var.* **cocorota; cocorote.**

Codeso s. m. Arbusto da familia das papilionáceas, con ramas estriadas, follas trifoliadas, flores amarelas e froito en legume.

Codia 1. s. f. Parte exterior dura que se forma en certos corpos, en particular nos alimentos como o queixo ou o pan. **2. s. f.** Anaco de pan reseso. **3. s. f.** Superficie dura de calquera obxecto.

Codición s. f. Peza de madeira que se coloca na parte inferior da pértega do carro e serve para introducir nela as trincheiras entre as que xira o eixe.

Codril s. m. Cada unha das dúas rexións óseas saíntes formadas aos lados do corpo dos mamíferos pola pelve, especialmente das cabalarías. *var.* **cuadril.**

Coella, llo s. Mamífero herbívoro con extremidades exteriores adaptadas para o salto e a carreira e moi apreciado pola carne e pola pel.

Coelleira s. f. Lugar onde se gardan e crían os coellos domésticos ou onde se refuxian os coellos bravos.

Cogaxo véxase **cogorda**.

***Cogola** véxase ***cogollo**.

***Cogolla** véxase ***cogollo**.

***Cogollo 1. s. m.** Parte máis apertada e interior de hortalizas, coma a leituga, os repolos e as verzas, e do pan.

Cogolo véxase ***cogollo**.

Cogorda 1. s. f. Cogomelo comestible, choupín co sombreiro aínda pechado. *sin.* **cogaxo. 2. s. f.** Planta parasita da familia dos fungos que nace nas materias en descomposición e se reproduce por esporas. *var.* **cogordo. 3. s. f.** Montón, cantidade de algo.

Cogordo* véxase **cogorda**.

Coia s. f. Seixo grande e redondeado da beira do río.

Cuidado 1. s. m. Acción de cuidar. **2. s. m.** Atención ou esmero ao facer algo.

Cuidar 1. *v. tr.* Dedicar atención a algo ou alguén, procurando que non lle suceda nada malo ou que non lle falte o necesario. **2.** *v. tr.* Apacentar o gando. *sin.* **cudar; cuitar.**

Coíña 1. *s. f.* Col ou verza da semente que aínda non foi transplantada. **2.** *s. f.* Folla da col. **3.** véxase **tronxo** e **troxo.**

Coio *s. m.* Pedra dura e pequena, en particular a que está arredondada e lisa debido á erosión.

Coira 1. *s. f.* Coiro do porco disposto para adobar. **2.** *s. f.* Muller con costumes relaxados.

Coiracha, cho 1. *adx.* Persoa espida. **2.** *s. m.* véxase **coiro.**

Coiro 1. *s. m.* Pel dos animais, principalmente separada do corpo, curtida e preparada para diferentes usos industriais. *var.* **coiracho.** **2.** *s. m.* Pelello dos animais. **3.** *s. m.* Pel do ser humano.

Coirón *s. m.* Estado das crías da ave antes de emplumar.

Coizó* véxase **tirizó.**

Coladeira* véxase **coadeira.**

Coladoiro* véxase **coadoiro.**

Colado *s. m.* Franxa de terreo sen cultivar que bordea as leiras e serve de liña divisoria entre elas, xeralmente máis elevada cás leiras.

Colar 1. *s. m.* Adorno que rodea o pescozo. **2.** *s. m.* Correa que levan os cans e outros animais arredor do pescozo. **3.** *s. m. pl.* Parte superior do bordo dos dianteiros dunha peza de vestir.

Colarón *s. m.* Arreos de madeira e coiro que se usan para dispoñer un animal de tiro a traballar.

Colcha *s. f.* Cobertura da cama, xeralmente dun tecido fino e decorado.

Colchoeira, ro *s.* Persoa que fai ou vende colchóns.

Colchón *s. m.* Saco rectangular e aplanado, recheo de materiais moles ou elásticos, cosido polos lados, que serve para deitarse sobre el.

Colgadoiro 1. *s. m.* Especie de ganchos que serven para colgar cousas, roupa etc. **2.** *s. m.* Lugar onde se produciu un desprendemento de terra.

Colgar 1. *v. tr.* Suspende en alto en chegar a tocar o chao. **2.** *v. tr.* Matar alguén poñéndolle un lazo no pescozo e pendurándoo ata que morra. **3.** *v. intr.* Cortar unha comunicación

telefónica. **4.** *v. prnl.* Suicidarse suspendéndose polo pescozo.

Colindante véxase **lindeiro.**

Colleita 1. *s. f.* Conxunto de produtos que se apañan nunha época determinada do ano. *sin.* **pañá.** **2.** *s. f.* Labor de recoller eses produtos. *sin.* **pañá.**

Coller 1. *v. tr.* Tomar ou suxeitar entre as mans ou por medio dun aparello. **2.** *v. tr.* Tomar cousas doutras persoas para usalas. **3.** *v. tr.* Pillar, atrapar, apreixar. **4.** *v. tr.* Alcanzar un vehículo ou animal a alguén dándolle un golpe. **5.** *v. tr.* Sorprender, descubrir, cazar. **6.** *v. tr.* Caber. **7.** *v. tr.* Percibir unha sensación. **8.** *v. tr.* Contraer unha enfermidade. **9.** *v. intr.* Andar a vaca ao touro.

Collois *s. m. pl.* Órganos do aparello reprodutor masculino onde se producen os espermatozoides. *sin.* **bólas; ovos; testículos.**

Colmado *s. m.* Teitume vexetal de colmo.

Colmea *s. f.* Recipiente de cortiza, madeira ou vimbio, onde habitan as abellas e fan o mel e a cera. *sin.* **abelleira; corticeira; trobo.**

Colmear véxase **alvariza** e **cortín.**

Colmeira 1. *s. f.* Vasoira ou monllo de colmo que serve para varrer a eira. **2.** *s. f.* Manchea de palla que se escolle para ir teitando.

Colmeiro 1. *s. m.* Persoa que colma as medas, paleiros e teitos. *sin.* **teitador.** **2.** *s. m.* véxase **meda.**

Colmo 1. *s. m.* Feixe de palla centea, ao xuntala pola parte da espiga debagada e ao igualala pola parte inferior. **2.** *s. m.* Palla de centeo usada para teitar casas e cortes, unha vez se escolmou e se comprobou a súa boa calidade.

Colo 1. *s. m.* Especie de asento, á altura do peito, que se forma coas mans e cos brazos, ou ben entre a cintura e os xeonllos, cando está unha persoa sentada. **2.** *s. m.* Parte de certas pezas de vestir que rodea o pescozo ou dalgúns recipientes.

Color 1. *s. f.* Sensación que produce nos ollos a luz absorbida e reflectida polos corpos diferente do branco, negro e gris. *sin.* **cor.** **2.** *s. f.* Substancia colorante para pintar. *sin.* **cor.** **3.** *s. f.* Sinal distintivo. *sin.* **cor.**

Colorada, do 1. *s. e adx.* Que ten a color da carne viva ou do sangue. *sin.* **Encarnada, do; rubia, o; avermellada, do.**

- Colorante** *s. m.* Substancia coloreada que, ao ser absorbida por outras, proporciona un certo grao de coloración.
- Comadre** *1. s. f.* Madriña dun meniño ou meniña en relación aos pais. *2. s. f.* Amiga ou veciña de moita confianza.
- Comadroa** *s. f.* Muller que axuda nos partos. *sin. parteira.*
- Comedeiro** *s. m.* Recipiente onde se lle bota a comida aos animais.
- Comellón, na** *s. e adx.* Persoa que come en exceso.
- Comer** *1. v. tr.* Tomar alimentos pola boca. *2. v. tr.* Tomar a comida do mediodía. *sin. Xantar.* *3. v. tr.* Gastar, consumir, destruír.
- Comicio** *1. s. m.* Picor intenso que se sente na pel provocado por unha ferida, inflamación ou infección, e incita a rañar nela. *sin. Pruício.* *2. s. m.* Desacougo ou cisma causados por unha intranquilidade ou por un acto realizado ou que se ten que realizar.
- Comisquear** *v. tr.* Comer pouco, sen apetito e adoito. *sin. petiscar.*
- Compadre** *1. s. m.* Amigo ou veciño de moita confianza. *2. s. m.* Padriño dun fillo ou filla en relación aos pais.
- Compango** *1. s. m.* Ración de carne ou peixe que se levaba ao campo para comer ou merendar. *2. s. m.* Anacos de chourizo, touciño ou lacón que se cocen co caldo ou as fabas e que se poden servir e comer xuntos. *3. s. m.* Touciño ou carne que se come con pan despois do caldo. *4. s. m.* Calquera alimento sólido que se acompañe de pan.
- Compañía** *1. s. f.* Persoa ou persoas que acompañan a outras. *2. véxase compañía.*
- Compañeira, ro** *1. s.* Persoa que acompaña a outra ou está na súa compañía. *2. s.* Colega, amigo, camarada. *3. s.* Parella.
- Compañía** *1. s. f.* Acción e efecto de acompañar. *var. compañía.* *2. s. f.* Circunstancia de estar ou de ir acompañado. *var. compañía.* *3. s. f.* Persoa ou grupo de persoas que acompañan. *var. compañía.*
- Comparante** *adx.* Algo ou alguén parecido ou semellante.
- Comparanza** *1. s. f.* Acción e efecto de comparar. *2. s. f.* Maneira de expresar a semellanza ou diferenza entre dúas ou máis cousas.
- Comparar** *1. v. tr.* Cotexar dúas ou máis cousas para observar as diferenzas e as semellanzas. *2. v. intr.* Dous ou máis persoas unir as súas voces ao cantar.
- Compás** *1. s. m.* Instrumento para trazar arcos de circunferencia e tomar distancias. *2. s. m.* Instrumento de orientación que contén unha agulla magnética colocada na dirección N-S, moi usado para indicar o rumbo.
- Compoñedor, ra** *s.* Persoa que, sen coñecementos médicos nin académicos, trata e cura fracturas óseas e escordaduras. *var. compostor, ra.*
- Compoñer** *1. v. tr.* Formar algo xuntando elementos diversos. *2. v. tr.* Ordenar, colocar ou reparar o que está avariado, desordenado ou derramado. *3. v. tr.* Curar unha fractura ósea ou unha escordadura.
- Comporta** *s. f.* Prancha de madeira ou metal que se move a vontade para cortar, tornar ou regular o paso da auga nas canles ou nas presas. *sin. atapaño.*
- Composta, to** *1. adx.* Obxecto que está formado por diversos elementos. *2. adx.* Persoa que vai aseada, ben vestida e preparada con adobíos ou peiteados.
- Compostor, ra** véxase **compoñedor, ra.**
- Cona** *1. s. f.* Órgano sexual feminino. *sin. castaña; carracha; carrancha; conacha; conaxa; cono; crica; peseta; pixa; pesquisa; quirica, castaña; fandango; fandanga; ferrecha; parrocha; peseta; pixa; quisca; vulva.*
- Conacha*** véxase **cona.**
- Conaxa*** véxase **cona.**
- Conca** *1. s. f.* Prato de madeira cóncavo, único coñecido ata hai uns anos nos Ancares. *var. Conco.* *2. s. f.* Paleta do rodicio. *3. s. f.* Especie de vaso de madeira que serve para tomar líquidos. *var. cunca.*
- Concada** *s. f.* Parcería de gando no que a res dunha coida a outra e as crías son das dúas.
- Concellar** *1. v. intr.* Deliberar en concello a veciñanza. *2. v. intr.* Conversar nunha reunión. *var. aconsellar.*
- Concelleira, ro** *s.* Persoa elixida pola veciñanza para representala ou para formar parte dunha corporación municipal.

Concello 1. *s. m.* Territorio que está baixo a xurisdición do concello. 2. *s. m.* Xuntanza da veciñanza. 3. *s. m.* Colaboración nun traballo, prestada de balde pola veciñanza.

Conchal *s. f.* Árbore xuglandácea de grande altura e madeira moi apreciada que ten por froito o concho ou noz. *var.* **concheiro**; **cunchal**; **cuncheiro**. *sin.* **nogal**; **nogueira**.

Concheiro véxase **conchal**.

Concho *s. m.* Froito da nogueira que consta dunha parte carnosa e comestible, a semente, e dunha casca leñosa e dura dividida en dúas metades. *var.* **carraconcho**. *sin.* **noz**.

Conco 1. *s. m.* Recipiente pequeno de madeira destinado a diversos usos. 2. *s. m.* Recipiente de material duro que se utiliza en usos domésticos ou en laboratorios para machucar certas substancias. *var.* **cunco**.

Confrada, de *s.* Membro dunha confraría ou irmandade que se encargaba de organizar a festividade do patrón ou patroa do lugar.

Confradería 1. *s. f.* Asociación de persoas, xeralmente laicas e devotas dun mesmo santo, que teñen como obxectivo a defensa ou axuda mutua dentro dun oficio ou a realización de accións piadosas. 2. *s. f.* Conxunto de persoas que teñen uns mesmos ideais e sentimentos.

Congosta 1. *s. m.* Corredoiro fonda e estreita que discorre entre altos valados, sebes ou beirois. *sin.* **corga**. 2. véxase **congosto**.

Congosto *s. m.* Pasaxe por un desfiladeiro entre dúas montañas dunha altura considerable. *var.* **congosta** 2.

Cono véxase **cona**.

Coñocemento 1. *s. m.* Intelixencia, sabedoría, saber. *var.* **coñocencia**. 2. *s. m.* Sentido común, sensatez. *var.* **coñocencia**. 3. *s. m. pl.* Conxunto de saberes, ciencia.

Coñocencia véxase **coñecemento** 2 e 2.

Coñocer 1. *v. tr.* Ter ou chegar a ter na mente a idea dunha cousa real ou imaxinaria. 2. *v. tr.* Establecer a identidade de algo ou alguén que xa era coñecido de antes. 3. *v. prnl.* Darse conta de algo. 4. *v. tr.* Saber ou descubrir unha cousa.

Conqueira, ro* véxase **cunqueira, ro**.

Consogra, o *s.* Pai ou nai, respectivamente, dun cónxuxe en relación cos doutro cónxuxe.

Consolar *v. tr.* Aliviar a pena ou a tristura dunha persoa.

Consolo *s. m.* Alivio da pena ou da tristura.

Conta 1. *s. f.* Cálculo matemático. 2. *s. f.* Cantidade de diñeiro para pagar ou para cobrar. 3. *s. f.* Cautela, precaución.

Contar 1. *v. t.* Enumerar. 2. *v. t.* Narrar, relatar algo. *var.* **cuntar**. 3. *v. t.* Ter en conta. 4. *v. t.* Andar levando e traendo rumores. *var.* **Cuntar**.

Conteira, ro 1. *adx.* Persoa amiga de armar ou de inventar contos. *sin.* **contiñeira, ro**. 2. *adx.* Persoa chismosa que leva e trae rumores.

Contiñeira, ro véxase **conteira, ro** 1.

Contenta, to *adx.* Alegre, satisfeita, leda.

Contentar 1. *v. intr.* Satisfacer os gustos ou aspiracións dunha persoa. 2. *v. prnl.* Conformarse. 3. *v. prnl.* Alegrarse. 4. *v. prnl.* Emborracharse un pouco.

Conto *s. m.* Narración de anécdotas, aventuras ou feitos fantásticos que se transmiten de maneira oral, para entreter, ou por escrito, coma un relato literario breve.

Contorna *s. f.* Territorio máis ou menos delimitado arredor dun lugar considerado como o núcleo. *sin.* **arredor**; **redonda**; **redor**.

Contra 1. *s. f.* Especie de porta interior das ventás. 2. *s. f.* Peza da roda do carro.

Contrapear *v. tr.* Colocar ou estibar as cousas (a leña, pedras de cantería etc.) en posicións contrarias para que non caian.

Contro *s. m.* Xenio, temperamento, carácter.

Conversa *s. f.* Diálogo oral entre dúas ou máis persoas que interveñen alternativamente. *sin.* **cháchara**; **charla**; **parola**; **parolada**; **palique**.

Copa 1. *s. f.* Vaso de cristal que ten pé. 2. *s. f.* Parte superior dunha árbore. 3. *s. f.* Trofeo en forma de copa. 4. *s. f.* Carta da baralla.

Cor véxase **color**.

Coraxe *s. f.* Forza moral que leva a enfrontarse a un perigo ou dificultade. *sin.* **bravura**; **valor**.

Corazón 1. *s. m.* Órgano motor do aparato circulatorio. 2. *s. m.* Parte central e esencial dunha cousa. 3. *s. m.* Sentimento, vontade, ánimo.

***Corcheira** véxase **sufreiro**.

***Corcheiro** véxase **sufreiro**.

Corda 1. *s. f.* Conxunto de fíos retortos uns sobre os outros que forman unha única peza longa e estreita e que serve para suxeitar, prender ou

atar. *sin.* **luria** (a do carro). **2.** *s. f.* Fío de certos instrumentos que se tanxe e preme para facer música. **3.** *s. f.* Serra, cordal, cordilleira.

Cordal véxase **corda 3.**

Cordear 1. *v. tr.* Medir unha superficie por medio dunha corda ou cordel. **2.** *v. tr.* Medir a cordel os *roldos* para sinalar a dirección que debe levar a serra.

Cordeira, ro 1. *s.* Persoa que fabrica ou vende cordas e outros obxectos de cânabo. *sin.* **cordeleira, ro. 2.** *s.* Cría da ovella ata un máximo de dous anos. *sin.* **año. 3.** *s.* Cría da ovella que ten un ano ou menos pero xa pasta.

Cordel *s. m.* Corda delgada e fina.

Cordeleira, ro véxase **cordeira, ro 1.**

Cordón 1. *s. m.* Cordel feito con materiais máis finos e elegantes. **2.** *s. m.* Calquera cousa que une ou liga.

Corga 1. *s. f.* Depresión fonda do terreo por onde discorre a auga. *var.* **corgo. 2.** *s. f.* Camín estreito e fondo que discorre entre elevacións do terreo. *var.* **corgo. sin.** **congosta.**

Corgo véxase **corga.**

Coriza véxase **vimbía.**

Corla *s. f.* Aro, argola ou abrazadeira de ferro.

Corna 1. *s. f.* Sirena das fábricas ou doutros obxectos ou establecementos. **2.** *s. f.* Conxunto dos cornos dun animal. *sin.* **cornamenta.**

Cornais *s. m. pl.* Piogas, correas coas que se xonguen os bois ou as vacas ao xugo.

Cornal 1. *s. f.* Correa, xeralmente de couro, que se suxeita nos extremos das cangallas e pasa por debaixo do pescozo do animal ao xunguilo. **2.** *s. f.* Correa que serve para xunguir a xunta.

Cornamenta véxase **corna 2.**

Corneta *s. f.* Instrumento de vento usado tradicionalmente para avisar ao pobo da saída do gando. *var.* **corneto.**

Corneto véxase **corneta.**

Cornexolo* véxase **cornizó.**

Cornezolo* véxase **cornizó**

Cornizó 1. *s. m.* Fungo que se cría no centeo e nouros cereais que se transforma nun corno pequeno, pode ser venenoso e ten aplicacións terapéuticas. *var.* **cornezolo; cornexolo. 2.** *s. m.* Engazo con dentes grandes e longos e ralos que servía para amontoar o gran na eira. *sin.* **dentón.**

Cornixa *s. f.* Ovella con cornos.

Corno 1. *s. m.* Cada un dos apéndices duros que lles a saír aos ruminantes a ambos os lados da testa. **2.** *s. m.* Medida para líquidos que equivale a medio litro ou a un neto. **3.** *s. m.* Instrumento musical pastoril feito cun corno de cabra ao que se lle fan furados para soprar e dixer melodías.

Coroa 1. *s. f.* Peza ornamental circular que se pon arredor da cabeza, xeralmente como sinal de honra, autoridade, premio ou nobreza. **2.** *s. f.* Cocote, curupela da cabeza. **3.** *s. f.* Parte superior dunha montaña ou elevación do terreo, xeralmente cun ruínas dun castro no cumio. *var.* **corón 1. 4.** *s. f.* Primeira ou última parte que se corta da fogaza. *var.* **corola. 5.** *s. f.* Cáliz da landra. *sin.* **costrela.**

Corola véxase **coroa 4.**

Corón 1. *s. m.* Monte que remata na súa cima con pedras dispostas de maneira circular, moitas veces restos visibles das murallas un antigo castro. *var.* **coroa 3. 2.** *s. m.* Anaco de campo de forma máis ou menos circular, situado no pico da aldea.

Corpiño *s. m.* Especie de chaleco ou xibón sen mangas usado polas mulleres e moi axustado ao peito.

Corpo 1. *s. m.* Calquera porción de materia ou calquera obxecto material. **2.** *s. m.* Parte material ou física completa dun animal ou dun ser humano, por oposición neste último caso á parte non material ou psíquica. **3.** *s. m.* Cadáver. **4.** *s. m.* Cada unha das partes diferenciadas dun edificio, moble etc.

Corra 1. *s. f.* Cada tripa de chourizos. **2.** *s. f.* Aro ou anel de trapo que serve para facer de almofada pequena na cabeza cando levan sobre ela pesos. **3.** *s. f.* Aro de calquera tipo. **4.** *s. f.* Restra de allos ou cebolas. **5.** *s. f.* Tira feita de palla centea tranzada. **6.** *s. f.* Corda feita con talos vexetais. *sin.* **corriza.**

Corrada 1. *s. f.* Espazo situado preto ou a carón da casa labrega, descuberto e xeralmente valado, onde se ceiban certos animais domésticos, se gardan os apeiros ou o carro, a leña ou o toxo. *var.* **corral; curral. 2.** *s. f.* Horto pechado.

Corral 1. *s. m.* Pórtico dunha casa. *var.* **curral. 2.** véxase **corrada 1.**

Corralada *s. f.* Obxectos que hai nun curral.

Correa *s. f.* Tira de coiro ou doutro material flexible que serve para atar, suxeitar ou unir cousas. *var.* **correia**.

Corredoiira *s. f.* Camiño estreito de carro.

Corredor **1.** *s. m.* Entresollado exterior, xeralmente alongado, con varanda e balaustrada de madeira, adornado ás veces con testos de flores, onde se toma o sol, se secan castañas ou se colgan pementos. **2.** *s. m.* Armazón de balaústres, barras ou elementos similares que a modo de protección se coloca en balcóns ou escaleiras. **3.** *s. m.* Galería aberta no sobrado das casas antigas.

Correia véxase **correa**.

Correola *s. f.* Planta rubideira perenne con talos longos e follas alternas con flores brancas ou rosadas e froitos capsulares, que crece en baldíos, beiras dos camiños e campos e se empregou como laxante. *var.* **corriola**.

Correr **1.** *v. intr.* Andar con velocidade. **2.** *v. intr.* Participar nunha carreira ou corrida deportiva. **3.** *v. intr.* Ir ás présas. **4.** *v. intr.* Ir a moita velocidade un vehículo ou motor. **5.** *v. intr.* Moverse dun sitio para outro un líquido ou aire, con máis ou menos velocidade. **6.** *v. intr.* Circular un rumor ou noticia dunhas persoas a outras. **7.** *v. prml.* Exacular.

Corricar **1.** *v. intr.* Correr con pasos moi curtos. **2.** *v. intr.* Andar fugazmente dun sitio para outro.

Corrida **1.** *s. f.* Carreira, competición de velocidade. **2.** *s. f.* Orgasmo, culminación do pracer sexual. **3.** véxase **corriza** **1**.

***Corrillo** **1.** *s. m.* Grupo de persoas en corro. **2.** *s. m.* véxase **corro** **2**.

Corrio *s. m.* Poza que se encontra no río e serve para curtir o liño.

Corriza **1.** *s. f.* Rodela de trapos, palla ou doutro material que poñen as mulleres na cabeza para levar cestos ou cántaros. **2.** *s. f.* Atadura feita con pólas verdes, xeralmente de carballo ou vimbio, que se emprega para atar ou unir algo. **2.** *s. f.* Talo erguido das fabas e doutras plantas.

Corro **1.** *s. m.* Xogo no que as persoas se agarran das mans e corren formando unha roda, cantando e realizando accións diversas, como irse unha ao centro para elixir unha persoa que a substitúa ou saltar e sentar sucesivamente ao tempo que cantan: *Al corro de la patata /*

comeremos ensalada, / naranjitas y limones. / ¡Al upé, al upé! / sentadita me quedé! **3.** *s. m.* Grupo, reunión, asemblea de xente.

Corrusco* véxase **currusco**.

Cortapicha **1.** *s. f.* Especie de chanzos de lousa que se poñían nos tellados de palla para subir ao cume e que, en caso de incendio, tamén detiñan o lume. **2.** *s. f.* Insecto da orde dos dermápteros, de corpo aplanado de cor parda, unha pinza córnea e móbil no extremo do abdome e antenas articuladas, que se agocha durante o día debaixo das pedras ou da casca das árbores.

Cortar **1.** *v. tr.* Facer unha fenda nun corpo, quitarlle un anaco ou separalo en varias partes cun instrumento cortante. **2.** *v. tr.* Interromper, deter algo. **3.** *v. prml.* Pisar un excremento.

Corte **1.** *s. m.* Acción e efecto de cortar. **2.** *s. m.* Gume, fio dun obxecto cortante. **3.** *s. m.* Ferida producida por un obxecto afiado. **4.** *s. f.* Lugar pechado e cuberto onde se garda o gando maior (vacún e equino), normalmente no baixo da casa. **5.** *s. f.* Lugar onde reside un rei. **6.** *s. f.* Tribunal de xustiza. **7.** *s. f. pl.* Parlamento. * véxase **cubil**.

Cortella **1.** *s. f.* Lugar cuberto e cerrado onde se garda o gando ovino e caprino; pode estar no baixo da casa ou noutra construción adxacente. **2.** *s. f.* véxase **cortello** **2**.

Cortello **1.** *s. m.* Lugar cuberto e cerrado onde se garda o gando porcino; pode estar no baixo da casa ou noutra construción adxacente. *sin.* **cubil; porqueira**. **2.** *s. m.* Lugar cuberto e cerrado onde se garda todo tipo de gando menor (ovellas, cabras e porcos).

Cortexar *v. tr.* Tratar de namorar unha persoa. *sin.* **Facer as beiras; facer o amor; falar; namorar; namoriscar.**

Cortezo **1.** *s. m.* Rebanda ou anaco pequeno de pan. **2.** *s. m.* Codia de pan.

Cortía véxase **cortiña**.

Cortiña **1.** *s. f.* Terreo cercado próximo á casa no que se sementa cereal, legumes ou patacas, pero que non serve para horta, xa que é pequeno e de non moi boa calidade. *var.* **cortía**.

Coruxa véxase **curuxa**.

- Corvear** 1. *v. intr.* Facer ruído o corvo. 2. *v. intr.* Lanzar berros unha persoa.
- Corvillón** *s. m.* Articulación que os cuadrúpedes teñen nas patas traseiras e que equivale aos xeonllos nas patas dianteiras. *sin.* **sofraxe**.
- Corvo** *s. m.* Ave da familia dos córvidos do que existen varias especies, coa plumaxe maiormente negra e peteiro longo e forte que vive normalmente agrupado en bandadas e é considerado de mal agoiro.
- Corza** *s. f.* Especie de taboado de madeira ou grade que serve para o transporte por arrastre de cousas de peso. *sin.* **rastreiro**. 2. *s.* Mamífero ruminante da familia dos cérvidos, de cor parda no verán e cinsenta no inverno, rabelo e de cornos curtos con moitos gallos. 3. *s. m.* Desfeito do mel e da cera.
- Cosaria, o** *adx.* Persoa aguda e habilidosa.
- Coscas*** véxase **cóxegas**.
- *Coscorrón** *s. m.* Golpe na cabeza.
- Coscurro*** véxase **currusco**.
- Cosquias*** véxase **cóxegas**.
- Costa** 1. *s. f.* Terreo en pendente, particularmente referido a un camiño ou outra vía. 2. *s. f. pl.* Parte posterior do peito, desde a caluga ata os codrís. *sin.* **carrelo; lombo**. 3. *s. f.* Lado ou costado. 4. *adx.* Algo en caída, pendente, oblicua. *var.* **costento; costo**.
- Costal** *s. m.* Saco grande de tea que serve para transportar gran.
- Costapina** *s. f.* Costa moi empinada. *sin.* **petada**.
- Costela** 1. *s. f.* Cada un dos vinte e catro ósos planos, longos e curvos que parten da columna vertebral e que se estenden cara a diante formando a cavidade torácica. 2. *s. f.* Parella.
- Costelada** *s. m.* Golpe que se dá ao caer coas costas ou co costado no chan ao caer. *sin.* **costelazo**.
- Costelazo** véxase **costelada**.
- Costrela** *s. f.* Cáliz da landra. *sin.* **coroa** 4.
- Costro** *s. m.* Primeiro leite que dá a femia dos mamíferos despois de parir.
- Costume** *s. m.* Hábito, uso ou proceder dunha persoa ou tradicionais dun colectivo de persoas.
- Costumeira, ro** *adx.* Persoa ou animal que adoita amosar cariño e afecto. *sin.* **meleira, ro**.
- Costureira, ro** *s.* Persoa que compón ou arranza pezas de roupa. *sin.* **modista, o**.
- Cota** 1. *s. f.* Parte oposta ao fío dun instrumento cortante. 2. *s. f.* Extremo ou bordo das vasillas. 3. *s. f.* Parte proporcional dun todo que lle coresponde a cada persoa.
- Coto** *s. m.* Parte máis alta dun monte que ten forma cónica.
- Cotoazo** *s. m.* Choque máis ou menos violento de dous corpos.
- *Cotorra, rro** véxase **charlatán**.
- *Cotorrón, na** véxase **charlatán**.
- Cotote*** véxase **cotrelo**.
- Cotra** 1. *s. f.* Capa de sucidade que se forma sobre algo, por exemplo, na pel das persoas por non lavarse ou nas pezas de vestir polo continuo uso. *sin.* **morriña**. 2. *s. f.* Capa dura formada ao se endurecer unha substancia, como a que se forma ao secaren as feridas ou na pel das vacas.
- Cotrelo** *s. m.* Nó ou vulto que forman as articulacións dos dedos ao se dobraren. *sin.* **cotote; cotrón**.
- Cotrón** véxase **cotrelo**.
- Cotrosa, so** 1. *adx.* Persoa que presenta unha capa de sucidade que se forma sobre algo, por exemplo, na pel por non lavarse ou nas pezas de vestir polo continuo uso. 2. *adx.* véxase **cochorra**.
- Couce** 1. *s. m.* Patada cara atrás coas pastas posteriores que dan certos animais, como vacas, burros, mulas ou cabalos. 2. *s. m.* Extremo máis groso do tronco dunha árbore ou planta. 3. *s. m.* Resto de palla que queda adherida á terra unha vez se sega.
- Coucillón*** véxase **couciñón**.
- Couciñón** 1. *s. m.* Parte do carro na que se apoia o eixe. *var.* **coucillón**.
- Coudo** véxase **cóbado**.
- Cousa** *s. f.* Todo aquilo, determinado ou indeterminado, que existe no mundo real ou no pensamento.
- Couseliña** *s. f.* Pregunta enxeñosa e enigmática que se pronuncia para que outra persoa acerte ou adiviñe a resposta. *var.* **cousilia; cousiliña**. *sin.* **adiviña; adiviñanza**.
- Cousilia*** véxase **couseliña**.
- Cousiliña*** véxase **couseliña**.
- Cousillo** *s. m.* Especie de fungo.

Couso véxase **chintófano**.

Coutar 1. *v. tr.* Marcar os lindes dun terreo para convertelo en couto. 2. *v. tr.* Rodear cun valado ou delimitar dalgún xeito unha terra. 3. *v. tr.* Impedir ou prohibir que alguén faga algo.

Couto 1. *s. m.* Monte ou río acoutado, en que se prohibe cortar leña, cazar ou pescar. 2. *s. m.* Monte elevado, redondeado na cima e con prados nas ladeiras. 3. *s. m.* Parcelas de monte reservadas para a obtención de leña ás que non podía entrar o gando. 4. *s. m.* Terreo ou conxunto de terreos delimitados e reservados para algunha actividade específica.

Couzó *s. m.* Gran ou furuncho que sae na beira das pálpebras. *var.* **coizó**; **couzolo**. *sin.* **tirizó**; **touzón**.

Couzolo* véxase **couzó**.

Cova *s. f.* Cavidade natural ou artificial no terreo. 2. *s. f.* Gorida de certos animais como raposos, lebres etc. 3. *s. f.* Sepultura.

Covacha *s. f.* Parte posterior do pescozo do ser humano e dos animais. *var.* **covaracha**.

Covaracha véxase **covacha**.

Covarde *adx.* e *s.* Persoa medosa, sen carraxe, apoucada e sen espírito.

Coxa, xo 1. *adx.* e *s.* Persoa, animal ou obxecto aos que lle falta unha perna ou parte dela. 2. *adx.* Incompleto. 3. *s.* Persoa que coxea. 4. *s. m.* Erupción cutánea purulenta

Coxear 1. *v. intr.* Andar inclinando o corpo dun lado ou dos dous alternativamente por culpa dunha doenza ou defecto nunha das pernas ou nas dúas. 2. *v. intr.* Moverse un moble mal asentado.

Cóxegas *s. f. pl.* Sensación que experimenta alguén ao lle tocaren levemente certas partes moi sensibles do corpo e que se manifesta nun riso involuntario. *sin.* **coscas**; **cosquias**; **cozquias**.

Coxegosa, so *adx.* Persoa que ten moitas cóxegas.

Coxillo* véxase **goxo** 4.

Coxilloso, so 1. *adx.* Persoa choromiqueira. 2. *adx.* Persoa impertinente, puntillosa, esixente, escrupulosa, meticulosa, susceptible.

Coxitranca, co *adx.* Persoa ou animal que coxea de maneira moi rechamante.

Coxote *s. m.* Parte das extremidades inferiores do ser humano e das posteriores nos animais

cuadrúpedes que vai desde a cadeira ata o xeonllo e onde se encontra o fémur.

Cozquias* véxase **cóxegas**.

Cramalleira* véxase **gramalleira**.

Cras* véxase **clas**.

Cravar *v. tr.* Introducir un cravo ou outro obxecto rematado en punta nun corpo ou superficie.

Craveira *s. f.* Instrumento a modo de punzón que serve para agrandar os buracos.

Cravel 1. *s. m.* Planta herbácea da familia das cariofiláceas, co talo delgado e nodoso, follas estreitas opostas e flores de distintas cores, de pétalos dentados. 2. *s. m.* Flor desta planta.

Cravilla 1. *s. f.* Peza de madeira ou ferro con que se apertan os extremos do eixe ás rodas do carro. 2. *s. f.* Pecho que consiste nun gancho metálico que encaixa nunha argola ou nunha peza de madeira que serve para fechar portas, fiestras ou tapas. *var.* **cravillo**; **caravilla**. *sin.* **chaveta**.

Cravillo véxase **cravilla**.

Cravo *s. m.* Pequena barra de metal rematada en punta e cunha cabeza no extremo oposto que se usa para cravar. *sin.* **punta**.

Cravuñar *v. tr.* Afiar a gadaña mentres se martela no corte.

Cravuno *s. m.* Pequena engra que serve para sacar ou renovar o gume da gadaña.

Creba 1. *s. f.* Acción ou efecto de crebar ou crebarse. *var.* **crebadura**; **quebra**. 2. *s. f.* Fenda ou abertura nun corpo sólido como resultado da súa separación en dúas partes ou máis. *var.* **crebadura**; **quebra**.

Crebadura véxase **creba**.

Crebar 1. *v. tr.* e *v. prnl.* Romper, partir, esnaquizar, dividir, fragmentar. *var.* **quebrar**. 2. *v. intr.* Entrar unha empresa ou negocio en suspensión de pagamentos. *var.* **quebrar**.

Crece 1. *v. i.* Aumentar en altura ou en tamaño. *sin.* **medrar**. 2. *v. i.* Facerse máis grande, máis numeroso, máis intenso. *sin.* **inzar**; **medrar**.

Crecida *s. f.* Gran subida das augas dun río.

Crer 1. *v. tr.* Aceptar algo non demostrado como certo. 2. *v. tr.* Supoñer, agardar, temer que suceda algo. 3. *v. tr.* Ter unha opinión determinada, achar, coidar, pensar. 4. *v. intr.* Ter confianza, ter fe.

Criadeiro 1. *s. m.* Lugar onde se crían animais. 2. *s. m.* Viveiro de plantas.

Criador, ra 1. *adx.* Persoa que se dedica á cría de animais. 2. *s. m.* Tempo benigno e favorable para o crecemento e maduración dos froitos.

Crianza 1. *s. f.* Boa educación que recibe unha persoa. 2. *s. f.* Descendencia dun animal ou dunha planta. 3. *s. f.* Infancia, nenez.

Criar 1. *v. tr.* Coidar e alimentar as crías. 2. *v. tr.* Coidar material e moralmente. 3. *v. tr.* Pariren ou procrearen os animais.

Criba *s. f.* Instrumento formado por unha caixa circular cun fondo de coiro con furados ou cunha rede de metal de malla máis ou menos fina, que se emprega para peneirar certas sementes, coma o trigo, chícharos, millo ou fabas, ao limpalas daquelas partículas máis grosas que interesa separar. *var. cribo. sin. peneira.*

Cribar *v. tr.* Limpar o cereal de corpos estraños pasándoo polo cribo ou pola criba. *sin. peneirar.*

Cribo *s. m.* Utensilio de tamaño máis pequeno cá criba e cos buracos ou separación entre os fíos da malla máis pequenos.

Crica véxase **cona**.

Cricallán, na 1. *adx.* Persoa que chora sen motivo aparente. *sin. cricallas; criqueira, ro; cricas.* 2. *adx.* Persoa de carácter débil, tímido e asustadizo. *sin. cricallas; criqueira, ro; cricas.*

Cricallas véxase **cricallán, na**.

Cricas véxase **cricallán, na**.

Crina *s. f.* Pelo longo, sedoso e forte que teñen no pescozo e no rabo algúns animais coma o cabalo.

Crioba* véxase **cobra**.

Criqueira, ro véxase **cricallán, na**.

Cru, crúa 1. *adx.* Alimento sen cocer. 2. *adx.* Algo sen madurar, sen cocer, sen acabar de estar elaborado ou preparado. 3. *adx.* Algo desagradable e dificilmente soportable.

Cruceiro 1. *s. m.* Cumio do tellado, onde se xuntan as dúas vertentes das augas. 2. *s. m.* Cruz de pedra que se coloca nas encrucilladas ou nos camiños.

Cu 1. *s. m.* Orificio do intestino groso por onde se evacúan os excrementos sólidos. *sin. ano.* 2. *s. m.* Parte posterior das persoas ou animais,

que vai dende onde acaba o lombo ata onde empezan as coxas. *sin. cachas; nádegas; traseiro.* 3. *s. m.* Burato da agulla por onde se enfia.

Cuada 1. *s. f.* Golpe dado co cu ou recibido no cu. 2. *s. f.* Caída de cu no chao.

Cuaca, co *adx.* Persoa que frecuentemente ou sen reparo expele as ventosidades do ventre. *sin. peideira, ro.*

Cuadral *s. m.* Viga ou soleira da estrutura do hórreo.

Cuadrar 1. *v. intr.* Coincidir, dar a casualidade. 2. *v. intr.* Ter lugar un feito ao mesmo tempo. 3. *v. intr.* Atopárense casualmente dúas persoas nun lugar. 4. *v. intr.* Coincidiren ben as contas.

Cuadrilla 1. *s. f.* Grupo de persoas que se reúnen para realizar un traballo en común, coma a cava de viñas, a limpeza de camiños ou batidas de caza. 2. *s. f.* Grupo de mozos amigos que van de troula xuntos.

Cuallar 1. *s. m.* Estómago dos animais, sobre todo do año ou cabrito, do que se obtén o cuallo. 2. *v. tr.* e *v. prml.* Solidificarse un líquido, por exemplo o sangue, pero sobre todo cortarse o leite. 3. *v. intr.* Amontoarse a neve no chao manténdose sólida.

Cualleira *s. f.* véxase **cuallar** 1.

Cuallo *s. m.* Substancia ou fermento que se emprega para cuallar o leite. *sin. barrumbo.*

Cuarta 1. *s. f.* Medida de lonxitude que toma como base a distancia que existe entre o extremo do maimiño e o polgar, equivalente á cuarta parte dunha vara, uns 21 centímetros. 2. *s. f.* Xunta de reforzo que se coloca diante da xunta que tira dun carro e serve para axudar a subir unha costa ou saír dos malos pasos.

Cuartairón* véxase **cuarteirón**.

Cuartal *s. m.* Medida agraria, que se usa no Bierzo, que equivale a doce cuartillos. Como medida de capacidade, equivale aproximadamente a 8 kg de cebada, 10-10,5 kg de centeo e 11-11,5 kg de trigo. Como medida de superficie, equivale a 400 m². Adoita empregarse para pesar e medir cereais, castañas, noces, abelás ou outros produtos agrarios.

Cuarteador *s. m.* Martelo de ferro de dúas cabezas e un mango cun pau de acevo, freixo ou carballo, que o atravesa por un ollo, que se

usa para machucar as pedras grandes que se empregan como balastro nas estradas e sobre a explanación dos ferrocarrís. O cicel de aceiro mide quince centímetros de lonxitude, tres de anchura e un centímetro e medio de grosor aproximadamente e emprégase para abrir as follas das lousas.

Cuarteirón 1. *s. m.* Cuarta parte da libra que equivale a uns 115 gramos. **2.** *s. m.* Cada unha das divisións que se fan nunha árbore ao partila ou fendela. **3.** *s. m.* Táboa do tellado. *var. cuartairón.*

Cuartillo *s. m.* Medida de capacidade para líquidos que equivale, xeralmente, a medio litro. *sin. Neto.*

Cuartón 1. *s. m.* Táboa que na teitume dos edificios vai dende o cume ata as estribeiras, estribos, é dicir, na mesma dirección cás tellas. **2.** *s. m.* Paquete de tabaco sen liar.

Cuba 1. *s. f.* Recipiente e pechado grande feito de madeira ou aceiro inoxidable para fermentar e almacenar o viño.

Cubeira, ro 1. *s.* Persoa que constrúe, amaña ou vende distintos tipos de recipientes de madeira feitos con doelas. *sin. carpinteira, ro.* **2.** *s.* Persoa que fai ou vende cubas. *sin. bodegueira, ro.*

Cuberta 1. *s. f.* Peza de coiro curtido ou de pel de can, que serve para cubrir a mulida e cornais cos que se xonguen os bois. **2.** *s. f.* Cubrición, teitume, cobertura.

Cuberto 1. *s. m. pl.* Conxunto de culler, garfo e coitelo. **2.** *s. m.* Utensilio con tres ou catro pugas nun extremo, para levar alimentos sólidos á boca. / **3.** *adx.* Tapado, protexido.

Cubete *s. m.* Cubeta, cuba pequena ou pipa.

Cubeto *s. m.* Pequena cuba de madeira que se emprega para almacenar un viño escaso, preferido e exquisito e tamén para o vinagre.

Cubil 1. *s. m.* Casa en malas condicións. **2.** *s. m.* Lugar onde exclusivamente se gardan os porcos. **3.** *s. m.* Espazo de pequenas dimensións dentro da corte. **4.** *s. m.* Tobeira ou agocho de animais. **5.** *s. m.* Lugar cuberto e cerrado onde se garda o gando, que forma unha construción á parte ou está no interior doutra. *sin. cortella; cortello* **5.** *s. m.* Conformación da uva no pé do lagar que se forma para o seu prensado, unha operación

que consiste en separar unha masa estreita de uvas ao redor para botalas enriba do pé do lagar e estrullalas de novo.

Cubo 1. *s. m.* Caldeiro e outros recipientes semellantes. **2.** *s. m.* Canle e depósito polo que baixa a auga ao rodicio do muíño.

Cubrir 1. *v. tr.* Pór unha cousa ou estar unha persoa ou cousa sobre ou diante doutra para ocultala, protexela ou adornala. **2.** *v. tr.* Fecundar o macho a femia. **3.** *v. tr.* Estender a terra, darlle a volta cunha segunda aradura.

Cucaracha* véxase **cocaracha 2.**

Cucaraxol véxase **vella 1, coco de lume.**

Cuchipanda *s. f.* Comida que toman xuntas e de forma aledada varias persoas.

Cuciñón* véxase **couciñón.**

Cuco *s. m.* Ave da familia dos cucúlidos, de cor cinsenta nas partes superiores e o pescozo e abrancazada con bandas grises nas inferiores, coa cola máis escura, que se caracteriza polo seu canto. É crenza que o seu canto, que cesa por San Pedro, exerce favorables efectos no casamento ou morte das persoas. Os pastores e pastoras, principalmente, preguntanlle para saber os anos que lles faltan para casar: *Cuco do rei, / flor da escoba, / cuantos anos me dás / pra a miña voda?* O número de cantos é a contestación. E o mesmo para preguntar polos anos de vida que lle quedan a unha persoa: *Cuco do rei, / flor da oliva, / cuantos anos me dás / pra a miña vida?* *var. cuquelo.*

Cueira 1. *s. f.* Parte dos pantalois que cobre as cachas. **2.** *s. f.* Remendo dos pantalois na parte que cobre as cachas. **3.** *s. f.* Sucidade na parte da roupa que cobre as cachas. *var. culeira.*

Cueiro 1. *s. f.* Peza de lenzo, algodón ou celulosa absorbente, que se lles pon aos meniños ou as persoas con incontinencia. **2.** *s. f.* véxase **mantela 1.**

Cuitada, do 1. *adx.* Persoa que ten unha cuita, unha pena ou unha desgraza, ou que é vítima da sorte adversa ou infortunio. *var. cutada, do; cutiada, do.* **2.** *adx.* Persoa que ten pouca resolución ou valor, indecisa, apoucada, covarde. *var. cutada, do; cutiada, do.*

Cuito *s. m.* Conxunto de materias orgánicas, como excrementos dos animais mesturados coa palla ou toxo das cortes ou o argazo podre

que se lle botan á terra para que sexa máis fértil. *sin.* **esterco**.

Culeira* *var.* **cueira**.

Culida *s. f.* Excremento das vacas.

Culleleira, ro *s.* Persoa que adoitaba facer e/ou vender culleres.

Culler *s. f.* Utensilio que consta dun mango longo e unha pa oval no extremo, que se usa para levar á boca líquidos ou substancias pouco consistentes.

Cullerada *s. f.* Cantidade dunha cousa que se colle dunha vez cunha culler.

Culleriña *s. f.* Culler pequena.

Cullerón *s. m.* Culler grande.

Culobra* véxase **cobra**.

Cume **1.** *s. m.* Parte máis elevada de algo, normalmente dunha montaña ou dunha casa. *var.* **cumio**. **2.** *s. m.* Viga grossa ou madeiro que descansa sobre o teito. *var.* **cumio**. **3.** *s. m.* Cima ou pico do tellado.

Cumio* véxase **cume**.

Cumprimento **1.** *s. m.* Acción e efecto de cumprir. **2.** *s. m.* Acto ou palabras de saúdo, atención e cortesía con alguén. **3.** *s. m. pl.* Felicitações, saúdos.

Cunca **1.** *s. f.* Prato de madeira que serve para comer e se usaba antigamente no Bierzo. **2.** *s. f.* Escudela que se usa nas adegas para catar o viño. **3.** *s. f.* Recipiente cóncavo de madeira, barro ou porcelana que se usa para tomar líquidos coma o caldo, o leite etc.

Cuncha **1** *s. f.* Cuberta rixida que protexe o corpo dalgúns moluscos e, por extensión, dalgúns obxectos. **2** *s. f.* Elemento distintivo das persoas que peregrinan a Santiago de Compostela.

Cuncheiro* véxase **conchal**.

Cuncho* véxase **concho**.

Cundir **1.** *v. intr.* Ter ou haber en abundancia ou en gran cantidade. **2.** *v. intr.* Durar ou facer que dure unha cousa máis do habitual.

Cuña **1.** *s. f.* Pau ou peza de madeira que atravesa o cabezo do arado e que serve para suxeitar as oreilleiras pola súa parte superior. **2.** *s. f.* Peza de madeira e coa que se fixa o temón do arado á rabiza. **3.** *s. f.* Peza de madeira ou de ferro que se insire na argola para afianzar e suxeitar a folla ao mango ou hastil da gadaña. *var.* **cuño**. *sin.* **pescuño**. **4.** *s. f.* Cada un dos paus

que están colocados baixo a pértega, na súa parte posterior, e serven para unir a elas as barras e suxeitar a luría. **5.** *s. f.* Pau colocado no extremo anterior da vara do carro que serve para suxeitala ao xugo por medio do *sobeo*. *sin.* **pino**.

Cuño* véxase **cuña** **3**.

Cunqueira, ro *s.* Persoa que fai e/ou vende cuncas ou concas, escudelas e outros obxectos de madeira. *var.* **conqueira, ro**.

Cuntapeira, ro *adx.* Persoa rexoubeira, contista, mentireira e tramposa.

Cuntar **1.** *v. intr.* Expoñer oralmente un conto, historia ou suceso. **2.** *v. tr.* Ter a idea, opinión ou sospeita daquilo que se expresa. **3.** *v. tr.* Facer contas con números. **4.** *v. intr.* Expresar, facer saber unha cousa falando. *var.* **contar**.

Cuquelo* véxase **cuco**.

Curado **1.** *s. m.* Fiado de liño preparado para facer madeixas. **2.** *adx.* Algo anello, curtido. **3.** *adx.* Alimento maduro, que está en sazón.

Curandeira, ro **1.** *s.* Persoa que se dedica a curar a xente sen ser médica. *sin.* **bruxa, xo; maciñeira, ro**. **2.** *s.* Persoa que cura as enfermidades do gando sen ser veterinaria. *sin.* **Compoñedor, ra; compositor, ra**.

Curar **1.** *v. tr. e v. prml.* Aplicar técnicas e remedios para que unha persoa enferma se poña sa. **2.** *v. prml.* Secarse os produtos do porco, coma os xamóns ou os chourizos, a base de fume, para a súa conservación. **3.** *v. intr.* Madurar os froitos.

Curiosa, so **1.** *adx.* Persoa interesada en saber e instruírse. **2.** *adx.* Persoa habilidosa, mañosa. **3.** *adx.* Persoa ordenada, limpa, coidadosa.

Curral *s. m.* Recinto cercado situado arredor da casa onde se recollen os animais domésticos.

Currucho **1.** *s. m.* Lugar pequeno e abrigado. **2.** *s. m.* Sitio apartado, máis ou menos pequeno e oculto, dentro dun espazo maior.

Currusco **1.** *s. m.* Anaco de pan con moita codia. **2.** *s. m.* Bordo da fogaza. *var.* **coscurro; corrusco**.

Curso **1.** *s. m.* Movemento dun líquido que segue unha determinada dirección e tamén a propia masa do líquido en movemento. **2.** *s. m.* Camiño ou liña que leva un corpo en movemento ou algo que evoluciona. **3.** *s. m.* Paso ou sucesión continua do tempo,

considerado nunha certa duración ou período.

4. s. m. Período de tempo durante o que se desenvolve a actividade nun centro de ensino.

5. s. m. Ensino dun conxunto de leccións dunha materia determinada. **6. s. m.** Cada un dos niveis nos que se estrutura o ensino dun conxunto determinado de materias nun período de tempo. **7. s. m.** Orificio situado na parte final do recto.

Curtia, o *adx.* Algo de pouca lonxitude ou dunha lonxitude ou duración menor da normal.

Curtiña* véxase **cortiña**.

Curuxa *s. f.* Ave rapaz nocturna duns trinta e cinco centímetros de lonxitude e un metro de envergadura, de cabeza larga e redonda, ollos grandes e plumas de cor parda dourada, branca e cinsenta, que se alimenta fundamentalmente de pequenos mamíferos.
var. coruxa.

Curuxar 1. v. intr. Facer a chamada a curuxa. **2. v. intr.** Abrir moito os ollos para mirar unha cousa.

Curva 1. s. f. Liña que non é recta. **2. s. f.** Volta dun camiño ou unha estrada.

Cusco 1. s. m. Can que busca. **2. s. m.** Voz para chamar ou axotar o can.

Cuspe* véxase **cuspiña**.

Cuspiña *s. f.* Líquido incoloro e algo viscoso segregado polas glándulas salivares, que serve para humedecer e abrandar os alimentos que,

deste modo, resultan máis fáciles de mastigar.

var. escupiña. sin. cuspe; escupe.

Cuspiñeiro *s. m.* Traveseiro que suxeita as orelleiras do arado.

Cuspir *v. tr.* Expulsar con forza pola boca saliva ou outra substancia.

Cusquiar *v. tr.* Acción que leva a cabo un can cando busca un rastro ou cando segue o rastro doutro animal.

Cutrullo* véxase **garabullo 2**.

Cuturrús *s. m.* Bebida que se elabora con augardente, café, azucre, herbas e froitos secos que se manteñen varios días en maceración.

Cuzcuñeiro *s. m.* Peza de madeira que atravesa e suxeita ambas as dúas orelleiras do arado e do dental.

Cuzo 1. s. m. Mamífero carnívoro doméstico da familia dos cánidos, do que existen múltiples razas de características diversas e que, pola súa intelixencia e lealdade, é utilizado polo home na caza, para gardar rabaños, casas ou outras propiedades, así como para moitas outras funcións. *sin. can.* **2. adx.** Persoa desvergoñada. **3. adx.** Persoa indiscreta, envexosa, amiga de informarse das cousas alleas e criticar. **4. adx.** Persoa entremetida, deslinguada. **5. adx.** Persoa que sempre busca facer o mal.

Cuzquilleiro *s. m.* Gancho de madeira que une as orelleiras do arado e atravesa o dental por enriba da rella.

D

91

Dama 1. *s.f.* Tratamento de respecto para designar ás mulleres, en particular ás que son nobres. **2.** *s.f.* Mozo vestido de muller, que fai de gracioso na danza. **3.** *s.f.* Peza do xadrez, segunda en importancia despois do rei. **4.** *s.f.* Peza do xogo das damas que se cobre con outra peza da mesma cor cando un dos xogadores chega á primeira liña horizontal do seu adversario. **5.** *s.f. pl.* Xogo no que interveñen dous xogadores, que se executa sobre un taboleiro de cadros brancos e negros con vinte e catro ou corenta pezas que se moven en diagonal e sempre cara a adiante, excepto as damas que poden moverse en calquera dirección.

Danada, do 1. *adx.* dolorida, prexudicada, estragada, avariada. **2.** *adx.* rabiosa.

Danar 1. *v. t. e v. prml.* Causar dano, dor ou prexuízo. **2.** *v. prml.* Contrair ou padecer a rabia.

Dano 1. *s.m.* Estrago, mal, prexuízo. **2.** *s. m.* Dor, malestar. **3.** *s.m.* Aquilo que causa un prexuízo físico ou moral.

Danza 1. *s.f.* Acción de danzar e espectáculo dos danzantes. **2.** *s.f.* Asunto, negocio, lío. **3.** *s.f.* Baile elegante.

Danzante 1. *s.* Persoa que danza. **2.** *s.* Persoa que bailaba nas festas do Ramo, vestida con viso, bandeirola cruzada, pano na fronte e un pau na man que sostíña cunha bandeira e rematado cun axouber. **3.** *s.* Persoa entremetida que carece de formalidade.

Debar *v. tr.* Ir dando voltas sucesivas a un fío, alame ou corda ao redor dun eixe ou carrete. *var.* **Debandar.**

Debandar 1. *v. t.* Facer un nobelo co fío dunha madeixa. **2.** *v. t.* Envolver algo formando un nobelo ou madeixa.

Debandeira *s.f.* Armación de madeira que xira arredor dun eixo para devandar as madeixas de la ou liño. *var.* **dobandeira*.**

***Debasa véxase devasa.**

***Debesa véxase devesa.**

Debrocar 1. *v. tr.* Desocupar un cesto ou vasilla ao darlle a volta ou ao envorcalo. **2.** *v. tr.* Tirar cunha cousa boca abaixo. **3.** *v. intr.* Perder condicións, forza ou valor.

Debullada *s.f.* Castaña que se secou ao fume e se garda todo o ano.

Debullar* véxase **bullar.**

Debura 1. *s.f.* Leite desnatado. **2.** *s.f.* Acción e efecto de pasarse unha cousa, coma unha froita ou unha comida do seu punto de maduración ou de cocción. **3.** *s.f.* Parte do leite que non contén nata.

Deburar 1. *v. tr.* Desnatar ou tirar a *debura* do leite unha vez que estivo en repouso algún tempo. **2.** *v. prml.* Pasarse unha cousa, coma unha froita ou unha comida do seu punto de maduración ou de cocción. **3.** *v. prml.* Descompoñerse, empezar a podrecerse.

Deces *s. m. pl.* Comida que nas épocas de moito traballo agrícola se toma entre o almorzo e o xantar e que se realiza ás dez da mañá. Consiste nun anaco de pan con touciño, ou carne algunha vez, e uns grolos de viño.

Décima *s.f.* Dereito de dez por cento que se lle pagaba ao xuíz ou xuíza por dilixencias e mandamentos feitos.

Declinar 1. *v. tr.* Rexeitar cortesmente. **2.** *v. tr.* Indicar, demostrar, significar. **3.** *v. intr.* Ir a menos en intensidade ou vigor despois de alcanzar o punto culminante.

Deda 1. *s.f.* Dedo gordo do pé. *var.* **dida.** **2.** *s.f. pl.* Dedos do pé.

Defesa, so 1. *adx.* Algo vedado ou prohibido. **2.** *adx.* Monte que queda para o servizo común da veciñanza, sen que poda ter aproveitamentos especiais, como cortar leña ou rotular.

Degolada, do *adx.* Persoa que padece ou sente dor física nunha parte do corpo.

Degrañar 1. *v. tr.* Sacar os grans dun froito. **2.** *v. tr.* Sementar a suco. *var.* **desgrañar;** **esgrañar.**

Deitar 1 *v.t.* Estender en horizontal. **2.** *v. prnl.* Pórese en posición horizontal sobre unha superficie para descansar ou durmir. **3.** *v. prnl.* Manter relacións sexuais con alguén.

Deixallo 1. *s. m.* Falta de coidado por un mesmo ou por alguén. **2.** *s. m.* Falta de interese por algo, ou de atención nunha actividade.

Deixar 1. *v. tr.* Poñer nun sitio e afastarse dunha cousa que se leva ou que se ten collida. **2.** *v. tr.* Irse ou separarse dun lugar. **3.** *v. tr.* Non ocuparse máis de algo ou non seguir preocupándose por un asunto que se tiña entre mans. **4.** *v. tr.* Permitir, abandonar, quitar, apartar, prestar, desentenderse de algo.

Delgada, do 1. *adx.* Persoa fraca. **2.** *adx.* Obxecto fino, de escaso grosor.

Delgazar* véxase **enfraquear.**

Delirar* véxase **deliriar.**

Deliriar 1. *v. intr.* Ter delirios, desvariar. **2.** *v. intr.* Falar ou pensar de xeito pouco razoable. *var.* **Delirar.**

Delirio 1. *s. m.* Estado mental transitorio de confusión e alucinacións. **2.** *s. m.* Desvarío.

Demo 1. *s. m.* Ser imaxinario que representa o mal na tradición popular. **2.** *s. m.* Persoa que ten maldade. **3.** *s. m.* Persoa divertida, inquieta ou travesa. *sin.* **demoño; diablo.**

Demoño* véxase **demo.**

Mostrar 1. *v. tr.* Facer ver a veracidade de algo mediante calquera xeito de comprobación. **2.** *v. tr.* Deixar ver unha cualidade, sentimento ou actitude. **3.** *v. intr.* Dar a vaca sinais de preñez ou parto.

Dengue 1. *s. m.* Peza do traxe tradicional feminino semellante a unha esclavina de pano adornado con veludo e abelorios, con puntas longas que se cruzan sobre o peito e se abrochan por detrás. **2.** *s. m.* Xuízo, conflito ou demanda coa veciñanza.

Denocela* véxase **donicela.**

Denoncela* véxase **donicela.**

Dentada 1. *s. f.* Acción de apertar algo entre os dentes. **2.** *s. f.* Sinal ou mordedura provocada deste xeito.

Dentame *s. m.* Conxunto dos dentes que teñen na boca as persoas e certos animais. *var.* **Dentamio.**

Dentamio* véxase **dentame.**

Dente *s. m.* Cada un dos órganos do home e doutros animais, de cor branca, duros e calcarios, incrustados no bordo dos maxilares superior e inferior, que serven para morder e triturar os alimentos.

Dentil *s. m.* Parte do arado na que se insire a rella.

Dentón 1. *s.m.* véxase **cornezolo.** **2.** *adx.* Persoa que ten os dentes moi grandes.

Depósito véxase **tanque 2.**

Deprender 1. *v. tr.* Adquirir o coñecemento de algo, chegar a saber por medio do estudo, a práctica, a observación ou a experiencia. *sin.* **aprender.** **2.** *v. tr.* Transmitirle a alguén o coñecemento ou a práctica dunha cousa.

Derdeñada, do* véxase **desguchada, do.**

Dereita 1. *s. f.* Lado dereito. **2.** *adx.* Algo que non se torce nin a un lado nin a outro e vai recto. **3.** *adx.* véxase **dereito 2.** *var.* **direita*, to.**

Dereito 1. *s. m.* Conxunto de leis que regulan as relacións entre os membros dunha sociedade ou dun país. **2.** *adx.* Sen ángulos nin curvas, sen voltas, teso, recto.

Derramar 1. *v. tr.* e *v. prnl.* Esnaquizar, desconxuntar, avariar algo. *sin.* **estropear;** **escangallar;** **estropear;** **desarranxar;** **descompoñer.** **2.** *v. tr.* Estropear a articulación dunha parte do corpo. *sin.* **escordar.** **3.** *v. tr.* Botar por fóra un líquido de maneira accidental. *sin.* **arramar 1.**

Derrea* véxase **diarreadas.**

Derrear 1. *v. tr.* Mancar a alguén no espiñazo, no lombo ou nos cadrís. **2.** *v. tr.* Cansar en extremo alguén.

Derreblante *s. m.* Tambor de caixa prolongada, sen as cordas grosas na cara inferior, que se usa nas orquestras e bandas militares.

Derreter *v. tr.* Facer pasar do estado sólido ao líquido.

Derrochón, na *adx.* Persoa desbaldidora, gastadora ou dilapidadora.

Derrotador, ra véxase **estrafulador, ra.**

Derrotar 1. *v. tr.* Vencer o contrario na guerra, na loita ou no xogo. **2.** *v. prnl.* Escaparse o gando e entrar nos campos estragando os cultivos.

- Desacougada, do** *adx.* Persoa que manifesta un estado de ánimo que se caracteriza pola inquietude, nerviosismo ou intranquilidade.
- Desacougar** *v. t. e v. prml.* Perder ou facer perder o sosego e a tranquilidade. *sin.* **desasosegar, intranquilizar.**
- Desafogar** **1.** *v. tr.* Facer que se deixe de sentir dificultade para respirar. **2.** *v. tr.* Aliviar penas ou preocupacións.
- Desalforxar** **1.** *v. tr.* Sacar, baleirar as alforxas. **2.** *v. tr.* Baleirar ou sacar cousas dos bolsos, especialmente se están moi cheos.
- Desamecer** *v. tr.* Desatar, desunir, desligar, soltar unha corda ou calquera outra cousa que antes estaba xunta, unida, atada ou anoada.
- Desamigar** **1.** *v. tr. e v. prml.* Deixar de ser amigos. **2.** *v. prml.* Deixar de ter relación de parella.
- Desanobelar** *v. tr.* Desfacer un nobelo ou madeixa.
- Desaparecer** **1.** *v. tr.* Deixar algo de ser visible ou perceptible. *var.* **esparecer.** **2.** *v. tr.* Descastar unha herba ou planta daniña das hortas.
- Desapartar** *v. tr.* Afastar dúas ou máis cousas.
- Desapegar** *v. tr.* Separar o que está pegado.
- Desapego** *s. m.* Ausencia de afecto, cariño ou interese.
- Desapoñer*** véxase **desxunguir.**
- Desarada** *s. f.* Acción ou efecto de desfacer e desbaratar a terra que foi arada.
- Desarranxarse*** véxase **derramarse.**
- Desauguar** *v. tr.* Enxaugar, lavar ao axitar unha vasilla con auga soa para quitarlle o xabón.
- Desavezar** *v. intr.* Quitar un costume.
- Desaxuntar** **1.** *v. tr.* Separar, desatar, apartar o que estaba xunto a outra cousa. **2.** *v. prml.* Enfadarse dous nenos ou dúas nenas e non volverse falar.
- Desbaga** *s. f.* Acción de sacar da baga a liña.
- Desbagar** *v. tr.* Quitar ou sacar aos garavanzos e castañas a vaíña ou brizo que os envolve.
- Desbaldir** *v. tr.* Malgastar os bens ou os cartos.
- Desbalidor, ra** *adx.* Persoa que malgasta os bens ou os cartos, que non sabe administrar as ganancias da casa ou as riquezas que ten.
- Desbarrar** **1.** *v. tr.* Deixar ao descuberto algo ou a alguén, retirando aquilo que o cobre. **2.** *v. tr.* Quitarlle a tampa a algo. **3.** *v. tr.* Quitar o barro ou a masa que se aplicou para tapar algo.
- Desbordar** *v. t.* Exceder, superar os límites por arriba. *sin.* **rebordar.**
- Desbrochar** **1.** *v. tr.* Desprender os broches ou os botóns dunha peza de roupa. **2.** *v. tr.* Sacar un botón ou broche do sitio onde está prendido.
- Descacharrar*** véxase **escachizar.**
- Descambiar** *v. tr.* Cambiar diñeiro en moeda fraccionaria. *sin.* **trocar.**
- Descangar** **1.** *v. tr.* Apartar algo de maneira violenta. **2.** *v. tr.* Retirar o xugo, desaparellar.
- Descarriar*** véxase **escarriar.**
- Descarrilar*** véxase **escarrilar.**
- Descascar** *v. tr.* Tirar a casca ou a cortiza das árbores. *sin.* **escortizar.**
- Descastar** **1.** *v. tr.* Facer desaparecer as herbas ou plantas daniñas. **2.** *v. tr.* Facer que se perda unha especie.
- Descolorida, do*** véxase **marela** **2.**
- Descompoñer** **1.** *v. tr. e v. prml.* Facer que unha cousa deixe de funcionar ao facer mal uso dela ou ao manipular o seu mecanismo. *sin.* **derramar, avariar, estropear.** **2.** *v. tr.* Separar as distintas partes das que se compón unha cousa. **3.** *v. tr.* Alterar a natureza dunha cousa. **4.** *v. tr.* véxase **escordar; desconxuntar.**
- Descomposición*** véxase **cagarria.**
- Descomulgar** **1.** *v. tr.* Excluir a autoridade eclesiástica alguén dos bens comúns aos fieis da Igrexa católica. **1.** *v. tr.* Excluir alguén dunha asociación, dun partido ou dun grupo.
- Desconfianza** *s. f.* Receo, falta de confianza.
- Desconfiar** *v. intr.* Non ter confianza en algo ou alguén.
- Descontrolar** **1.** *v. tr.* Facer que alguén perda o control ou o dominio sobre si mesmo. **2.** *v. tr.* Facer que algo deixe de funcionar normalmente. **3.** *v. prml.* Desfacerse, romperse unha cousa.
- Desconxuntar** *v. tr.* Facer saír do seu sitio un óso ou unha articulación. *var.* **escoxuntar.** *sin.* **escordar; descompoñer.**
- Descorchetar** **1.** *v. tr.* Desabrochar a roupa ou o vestido. **2.** *v. tr.* Soltar os corchetes.
- Descoscada, do** *adx.* Persoa arrogante.
- Descoscar** *v. tr.* Quitar a casca dura dos froitos secos, como á noz ou ás amendoas.
- Desembardar** *v. tr.* Quitar a albarda, desaparellar as bestas.

Desembeleñar 1. *v. tr.* Desfacer o enredo formado por fios, roupas ou cordas. *sin.* **desenlear; desenredar**. 2. *v. tr.* Pór claro un asunto difícil de comprender. 3. *v. prml.* Saír dunha situación complicada ou comprometida.

Desembruxar *v. tr.* Facer que algo ou alguén deixe de estar embruxado.

Desembuchar *v. tr.* Dicar alguén todo o que sabe e todo o que gardaba como un segredo no boche.

Desempantanar 1. *v. intr.* Saír dun apuro ou aperto no que levaba moito tempo unha persoa metida. 2. *v. tr.* Resolver un negocio ou problema que estaba ocupando moito tempo a unha persoa.

Desempapizar *v. tr.* Quitar o empacho do estómago.

Desencaixar *v. tr.* Facer saír unha cousa do lugar onde está metida ou encaixada.

Desencamiñar 1. *v. tr.* Facer perder o camín, desencarreirar. 2. *v. tr.* e *v. prml.* Desviarse ou afastarse do camín.

Desencarrilar* véxase **escarrilar**.

Desenfurruñarse *v. prml.* Deixar de estar enfadada unha persoa.

Desenguedellar *v. tr.* Desfacer o enredo formado polo pelo, fios, roupas ou cordas. *sin.* **Desembeleñar, desenredar, desenlear**.

Desentrenzar 1. *v. tr.* Separar, desfacer algo que estaba trenzado. 2. *v. tr.* Desenredar algo que estaba enredado, coma as tripas do porco na matanza, un nobelo, unha madeixa ou o pelo.

Deservirse *v. prml.* Evaporarse un líquido.

Desfacer 1. *v. tr.* Facer que algo perda a súa disposición correcta. 2. *v. tr.* Destruír algo totalmente.

Desfarrapar* véxase **esfarrapar**.

Desfeita 1. *s. f.* Acción de desfacer. 2. *s. f.* Grave dano, destrución, estrago. 3. *s. f.* Operación de partir unha res en anacos, despois da mata ou da matanza no caso dos porcos. 4. *adx.* Persoa esnafrada.

Desferrar 1. *v. tr.* Quitar as ferraduras a un animal. 2. *v. tr.* Perder a ferradura ou gastala unha res vacúa ou equina. 3. *v. tr.* Quitar ou retirar todo tipo de ferros.

Desfiladeiro* véxase **cavorco**.

Desfocicar *v. tr.* Fenderlle o fociño ao porco para evitar que foce ou levante a terra.

Desfollar *v. tr.* Quitarlle as follas a unha árbore ou a unha planta. *var.* **esfollar**.

Desgrañar* véxase **degrañar**.

Desguechada, do *adx.* Persoa que ten o cabelo desordenado, sen peitear, espeluxado. *sin.*

Derdeñada, do; esnecharrada, do.

Desguedellar *v. tr.* Desenredar, destrenzar, desenliar, destorcer calquera nó ou enguedello de cordas, amallós, fios, pelo etc.

Desidia* véxase **desidia; galbana**.

Desipela* véxase **xipela**.

Desleixada, do *adx.* Persoa abandonada, descoidada, deixada.

Desleixo 1. *s. m.* Ausencia de gana ou interese. 2. *s. m.* Falta de vontade para traballar. 3. *s. m.* Abandono no aseo e no vestir. *sin.* **desidia; galbana**.

Deslocar* véxase **dislocar**.

Deslousar *v. tr.* Quitar a lousa dun tellado.

Desmaiar *v. prml.* Perder a consciencia ouo sentido, esvaeerse.

Desmaio *s. m.* Perda momentánea do sentido ou coñecemento.

Desmandada, do *adx.* Gando ou tropas espallado, disperso.

Desmandar 1. *v. tr.* Desfacer a manda, espallar o gando. 2. *v. prml.* Desbandarse, dispersarse as tropas. 3. *v. prml.* Excederse no comportamento ou na expresión.

Desmelgar *v. tr.* Tirarlle a unha colmea parte do mel, deixando o resto para que se alimenten as abellas do enxame. *var.* **esmelgar**.

Desmorgazar *v. tr.* Quitar a lixo dun sitio e deixalo limpo. *sin.* **limpar**.

Desmorrar* véxase **esmorrar**.

Desnevar 1. *v. tr.* Quitar a neve con pás. 2. *v. prml.* Desfacer a neve.

Desocupar 1. *v. tr.* Deixar de ocupar militarmente un territorio. 2. *v. tr.* Deixar libre de persoas ou cousas un local. 3. *v. tr.* Quitar as cousas que ocupan un lugar.

***Despabilar** 1. *v. tr.* Sacarlle a mecha ao candil. 2. *v. tr.* Avivar o lume. 3. *v. tr.* Avivar os sentidos, a intelixencia. *var.* ***espabilar**.

Despartir *v. tr.* Separar dúas persoas, animais ou cousas, especialmente dúas reses ou persoas que están encirradas nunha pelexa.

Despechar 1. *v. tr.* Abrir coa chave unha porta pechada. 2. *v. intr.* Mudar os primeiros dentes o gando. 3. *v. intr.* Abrir o día ao marcharen as nubes, clarear.

Despedir* 1. *v. tr.* Acompañar por afecto ou cortesía unha persoa que marcha. *var.* **despidir**. 2. *v. tr.* Arrebolar con forza, lanzar. 3. *v. tr.* Botar dun traballo ou emprego.

Despenachar* véxase **espenachar**.

***Despeñadeiro** *s. m.* Paso estreito entre montes, val estreito. Véxase **cavorco**.

Despensa *s. f.* Moble, cuartín ou lugar da casa onde se gardan as cousas comestibles. *sin.* **celeiro**, ***cileiro**.

Despidir* véxase **despedir**.

Despiollar* véxase **espiollar**.

Despollar* véxase **espiollar**.

Destetar *v. tr.* Impedir que o becerro siga aleitado pola vaca. *var.* **estetar**.

Destorcer *v. tr.* Desenvolver, desenredar o fío ou a madeixa. *sin.* **deseguedellar**.

Destorgarse* véxase **estorgarse**.

Destorroar *v. tr.* Desfacer ou esmagar os terrois. *var.* **estorroar**.

Desurdir 1. *v. tr.* Desfacer unha tea, un enredo. 2. *v. tr.* Quitar a urda do tear. 3. *v. tr.* Desfacer un torto, aclarar un malentendido.

Desxunguir *v. tr.* Soltar unha xugada do xugo. *var.* **dexuncir**. *sin.* **desapoñer**.

Detardar 1. *v. intr.* Empregar moito tempo, ou máis tempo do considerado normal, para facer certa cousa. 2. *v. intr.* Chegar máis tarde do momento fixado.

Deter 1. *v. tr.* Facer que deixe de moverse ou de avanzar algo ou alguén. 2. *v. tr.* Interromper o desenvolvemento ou o curso dunha acción. 3. *v. tr.* Prender, arrestar, meter no cárcere.

Deturpar 1. *v. tr.* Facer que unha cousa perda a súa forma orixinal alterando a súa estrutura ou características. 2. *v. tr.* Causar dano a algo ou alguén, botar a perder algo. 3. *v. tr.* Alterar voluntariamente unha cousa co desexo de enganar, de modo que deixe de ser auténtica ou verdadeira.

Devandoira* véxase **debandeira**.

Devasa 1. *s. f.* Suco que serve de lindeiro entre labradíos. 2. *s. f.* Terreo roturado que nos lindeiros entre labradíos serve para que non corra o lume cando se abarbeita a terra.

Devecer 1. *v. intr.* Desexar intensamente algo. 2. *v. intr.* Írselle a alguén os ollos por algo. 3. *v. prnl.* Poñerse delgado, perder peso unha persoa, volverse máis fino e delgado, véxase **enfraquear**.

Devesa 1. *s. f.* Terreo acoutado destinado a monte ou a pastos, non a ser cultivado. 2. *s. f.* Lugar de monte cuberto de árbores e arbustos onde se pode ir cortar e apañar leña. 3. *s. f.* Carballeira. 4. *s. f.* Terreo normalmente chan dedicado a pastos con pouco arboredo e case sempre acoutado.

Devolver 1. *v. tr.* Entregar algo a quen o posuía antes, restablecer algo a un estado anterior. 2. *v. tr.* Expulsar pola boca algo que estaba no estómago. *sin.* **vomitir**.

Dexoxa, xo *adv.* Persoa sucia, mal aseada.

Dexovar *v. tr.* Ensuciar, encher de manchas algo ou alguén (a roupa, por exemplo).

Dexuncir* véxase **desxunguir**.

Día *s. m.* Espazo de vinte e catro horas, tempo que tarda a Terra en dar unha volta sobre o seu eixe e que serve de unidade de tempo.

Diabro* véxase **demo**.

Diante 1. *adv.* Na parte anterior, adiante. 2. *adv.* En fronte. 3. *adv.* Na presenza de, perante. 4. *adv.* Antes, con anterioridade.

Dianteira 1. *s. f.* Parte frontal. 2. *s. f.* Liña máis adiantada. 3. *s. f.* Peito prominente dunha muller. 4. *adv.* Algo que se atopa na parte de diante.

Diarreadas *s. f. pl.* Evacuación frecuente de excrementos líquidos ou case líquidos. *sin.* **Foira; foirica; derrea**.

Dibura* véxase **debura**.

Dicipela* véxase **xipela**.

Dicir *v. tr.* Expresar con palabras, facer saber unha cousa mentres se fala, por medio da palabra escrita ou por medio dun aceno ou de certas manifestacións. *sin.* **falar**.

Dida véxase **deda**.

Dido 1. *s. m.* Dedo da man. 2. *s. m.* Medida de lonxitude. Doce *didos* facían un palmo e catro palmos facían unha vara.

Difteria *s. f.* Doenza contagiosa producida por un bacilo que ocasiona a formación dunhas falsas membranas na mucosa da larinxe e da traquea e causa unha sensación de afogamento.

Dindán *s. m.* Son onomatopeico do toque das campás.

Diñeiro *s. m.* Moeda metálica ou billete de banco cun determinado valor.

Dinguirindainas *s. f. pl.* Mimos, aloumiños, mecos.

Dir *v. intr.* Moverse cara a un lugar, desprazarse no espazo. *var. Ir.*

Direita* véxase **dereita**

Direito* véxase **dereito**.

***Discurrir** **1.** *v. tr.* Utilizar a mente para descubrir algo. **2.** *v. intr.* Dar voltas a unha cousa na mente. **3.** *v. intr.* Anos, meses, horas, acontecementos pasar un detrás doutro. **4.** *v. tr.* Correr un líquido.

Dislocar *v. tr.* Facer saír do seu sitio un óso ou unha articulación. *var. deslocar. sin. escordar.*

***Diteria** véxase **difteria**.

Dixovar véxase **dexovar**.

Dobanelo *s. m.* Pequeno tumor inflamatorio moi doloroso en forma de gran que se lle forma ás veces na base do pescozo ao gando vacún e adoita rematar en supuración. *sin. furuncho.*

Dobrar **1.** *v. tr.* Facer dobre algo, multiplicar por dous. **2.** *v. tr.* Pregar, encartar. **3.** *v. tr.* Torcer, inclinar unha cousa, póndoa curva. **4.** *v. tr.* Apartar do camiño dando unha curva, virar, xírar. **5.** *v. tr.* Facer que dúas ovellas crien á vez un año.

Dobre **1.** *adx.* Que está formado por dúas partes. **2.** *adx.* Cantidadade dúas veces maior.

Dócil *adx.* Animal ou persoa obediente e fácil de educar, guiar ou levar.

Doito *s. m.* Práctica regular levada a cabo por unha persoa ou unha colectividade.

Doma *s. f.* Muller vella, de moita idade.

Dona *s. f.* Muller encantada que vive nas fontes e nos castros e ten poderes máxicos.

Dondia, o *adx.* Algo brando, especialmente o pan, ou suave ao tacto.

Donicela *s. f.* Pequeno mamífero carnívoro mustélido (*Mustela nivalis*), de patas curtas, corpo alongado e pelame pardo no lombo e branco no peito e no ventre, que se alimenta de ratos, toupas, pitos e outros animais pequenos. *var. gonicela. sin. denocela; denoncela; denonccla.*

Donzaina *s. f.* Baile popular, especie de xota corrida, que se empezou a tocar coa dulzaina.

Dovanar* véxase **debar; debanar**

Dovandoira* véxase **debandoira**.

Durar **1.** *v. intr.* Ter unha duración de algo, continuar, permanecer. **2.** *v. intr.* Seguir existindo, seguir tendo vixencia ou seguir producíndose. **3.** *v. intr.* Prolongar a súa vida. **4.** *v. intr.* Resistir o paso do tempo e os efectos do uso. **5.** *v. intr.* Aburrir, facérselle a unha persoa longa unha cousa.

Durmiñón, -ona *adx.* Persoa que dorme moito ou á que lle gusta durmir moito.

Durmir **1.** *v. intr.* Estar unha persoa ou animal nun estado de repouso caracterizado pola suspensión da consciencia durante certo tempo, xeralmente pola noite. **2.** *v. intr.* Deixar repousar o pan na maseira ata que fermente e medre por efecto do fermento.

Dura, o *adx.* Dise do que é resistente e pouco flexible e non se desfai, nin se deforma, nin racha doadamente.

E

Eco *s.m.* Repetición dun son a causa da reflexión das ondas sonoras. *sin.* **resón.**

***Edade** *s.f.* Tempo vivido por un ser dende o seu nacemento ata o momento que se considera. *var.* **Idade.**

***Egresia** **1.** *s.f.* Edificio destinado á reunión dos feis cristiáns para os seus cultos. *sin.* **templo.**

Eido **1.** *s.m.* Terreo cultivado, que pode estar ou non entre as terras que rodean a casa. **2.** *s.m.* Propiedade rural que pertence a un só dono ou dona, composta pola casa, as terras ou o gando. *sin.* **facenda.**

Eira **1.** *s.f.* Sitio chao próximo á casa, feito de terra firme ou de pedra, onde se mallan os cereais ou onde se botan a secar os legumes. *var.* **Aira.** **2.** *s.f.* Terra firme, ás veces empedrada, onde se trillan as pabeas.

Eirada *s.f.* Conxunto de feixes estendidos en sentido lonxitudinal nunha parte da eira para que as persoas que mallan, situadas a un lado e a outro, realicen a faena, alternando os golpes do mallo. *var.* **airada.**

Eirado **1.** *s.m.* Eira coa pabea estendida para mallar. **2.** *s.m.* Praza ou espazo chairo no centro da aldea para se reuniren os veciños ou celebraren festas. *var.* **airado.**

Eiro *s.m.* Terreo de pouca extensión onde se cultivan fundamentalmente verduras, legumes e hortalizas e tamén nalgúns casos árbores froiteiras.

Eixada* véxase **aixada.**

Eixado *s.m.* Instrumento de labranza formado por unha pa de ferro por un extremo e un ollo onde se insire o mango no outro, que se usa para cavar.

Eixe **1.** *s.m.* Barra de madeira ou doutro material sobre a que viran as rodas dun vehículo ou outras pezas xiratorias. **2.** *s.m.* Liña imaxinaria arredor da que xira algo. **3.** *s.m.* Punto central

ao redor do que se moven ou desenvolven diversas cousas.

Embabecar **1.** *v.intr.* Enganar ou enredar a alguén. *var.* **embabucar.** *sin.* **embabucar.**

Embabucar* véxase **embabecar.**

Embaciarse **1.** *v.pnrl.* Encherse o brandal do muíño de fariña, de forma que, ao non poder caer a que se está moendo, entorpece o xiro da moa. **2.** *v.pnrl.* Sufrir indigestión unha persoa. **4.** *v.pnrl.* Incharse a vaca.

Embalocar **1.** *v.pnrl.* Facerse grumos nun líquido ou unha masa fluída. **2.** *v.intr.* Perder facultades unha persoa.

Embalsada **1.** *s.f.* Encoro ou represa de auga. **2.** *s.f.* Gran cantidade de auga retida mediante comportas, paus, pólas ou muros.

Embalsar véxase **embanzar.**

Embanzar **1.** *v.tr.* Represar auga dun río ou regato. **2.** *v.tr.* Formarse charcos ou balsas de auga nos campos ou nas estradas polas choivas. *sin.* **embalsar.**

Embarcar **1.** *v.intr.* Quedar un bolo, pelota ou obxecto semellante nun tellado ou sitio onde non se pode coller facilmente. **2.** *v.intr.* Meter ou facer subir a bordo dun barco ou doutra nave. **3.** *v.intr.* Marchar para América.

Embarrar **1.** *v.tr.* Estender sobre as eiras de trillar bosta mesturada con auga para dar consistencia ao chan e impedir que se forme po. **2.** *v.tr.* Precintar as cubas con masa de cernada. **3.** *v.tr.* Manchar ou untar algo con barro.

Embarrigar **1.** *v.intr.* Aumentar a barriga. **2.** *v.intr.* Embarazar a muller.

Embelecar **1.** *v.intr.* Fallar as pernas, estar débil. **2.** *v.intr.* Bater, tropezar con algo e acabar caendo.

Embeleñar **1.** *v.tr.* Envolver fío ou cordas de maneira desordenada mentres se forma un enredo ou lea difícil de desfacer. *sin.*

- enmarañar. 2.** *v. tr.* Facer máis complicadas ou confusas as cousas.
- Embelga 1.** *s. f.* Cada unha das partes en que se divide un terreo para traballalo, cultivo ou sementalo. **2.** *s. f.* Rastro que se vai facendo con palla ou urces por enriba do sementado para saber por onde vai o suco. *var.* **ambelga.** **3.** *s. f. pl.* Sinais que se marcan para facer recta a arada.
- Embelgar 1.** *v. tr.* Sinalar ou marcar con embelgas. **2.** *v. tr.* Marcar coas pallas ou con puntas de uces para saber por onde está sementado o pan ou centeo.
- Embeligo*** véxase **embigo.**
- Embeligo*** véxase **embigo.**
- Embicadoiro*** véxase **embrullo.**
- Embigo 1.** *s. m.* Cicatriz arredondada que teñen os mamíferos no medio do ventre, como resto do cordón umbilical. *sin.* **Beligo; embrigo; embeligo; biligo; embeligo; embiligueira.**
- Embiligueira*** véxase **embigo.**
- Embiscar 1.** *v. tr.* Acirrar o can para que pelexe ou ataque. *var.* **2.** *v. tr.* Afeccionarse excesivamente a algo. *var.* **embizcar. sin. encichar; encirriar; encirrar; acichar; acirrar; enguichar; enguizar.**
- Embizar** véxase **embiscar.**
- Embocar 1.** *v. tr.* Cortar a fermentación do mosto para que quede lixeiramente doce. **2.** *v. tr.* Dirixir unha cousa para unha boca ou entrada e metela por ela. *sin.* **embrocar 1.**
- Emborrachar 1.** *v. tr.* e *v. prnl.* Embriagar por exceso de alcol.
- Embostar 1.** *v. tr.* Cubrir con bosta as fendas da porta do forno de pedra para que non marche a calor. **2.** *v. t.* Cubrir con bosta o chao da eira ou aira para que non se levante poeira ao mallar. *sin.* **embular.**
- Embostelada, do** *adx.* Persoa ruín, miserable, cuberta de bostelas.
- Embostelar** *v. intr.* Formarse bostelas nas feridas.
- Embotoar 1.** *v. intr.* Botaren follas, flores e gromos ou botois as plantas. **2.** *v. intr.* Nacer unha planta da terra.
- *Embotonar** véxase **embotoar.**
- Embozarse** *v. prnl.* Encherse o arado coa maleza que vai recollendo ao arar.
- Embranquecer** *v. intr.* Tomar algo a cor branca.
- Embrigo*** véxase **embigo.**

- Embrocar 1.** *v. tr.* Meter ou botar algo nun recipiente directamente doutro recipiente. *var.*
- Envorcar. 2.** *v. tr.* Inverter, poñer boca abaixo, especialmente unha vasilla calquera ou un cesto. *var.* **envorcar. 3.** *v. prnl.* Desviar ou apartar da posición vertical ou horizontal. *var.* **Envorcar.**
- Embrullar 1.** *v. tr.* Envolver a meniña ou o meniño nun refaixo. *var.* **envurullar 2.** *v. tr.* Atar ou envolver algo dun xeito apertado e desordenado. *var.* **envurullar. 3.** *v. tr.* Mesturar de maneira confusa unhas cousas con outras. *var.* **envurullar. 4.** *v. intr.* Dicir mentiras ou embustes. *var.* **envurullar.**
- Embrulleira, ro** *adx.* Persoa que bota longas lapexadas ou paroladas para ocultar a verdade ou directamente para enganar ou mentir.
- Embrullo 1.** *s. m.* Papel, tea ou material similar con que se envolve unha cousa. *sin.* **envurullo. 2.** *s. m.* Envoltura, refaixo con que se ata aos nenos e ás nenas ata que teñen un ano ou dos dende que acaban de nacer. *sin.* **embicadoiro. 3.** *s. m.* Afirmación feita contra toda verdade feita dun xeito consciente e malicioso. *sin.* **embuste.**
- Embruño** *s. m.* Xogo infantil en que un neno ou nena A, pon certo número de pedriñas, garavanzos ou algo parecido no seu puño cerrado e outro neno ou nena B, tenta acertar o seu número mentres manteñen o seguinte diálogo: *A, ao embruño; B, abre o puño; A, sobre cantos; B, sobre doce (ou seis, ou nove); A, dame tres (se tiña nove), ou cinco (se tiña sete).*
- Embruxar** *v. t.* Influír mediante maxia nunha persoa ou animal. *sin.* **encantar; enmeigar.**
- Embuchar 1.** *v. intr.* Comer moito e ás prásas, case sen mastigar. **2.** *v. tr.* Gardar algunha cousa.
- Embude** *s. m.* Utensilio de boca ancha con forma de cono e rematado nun tubo, que se emprega para verter líquidos a través del en recipientes que teñen a boca estreita. *sin.* **funil.**
- Embular** *v. tr.* Estender bosta na eira para que non se levante poeira nin se mesture o grao coa terra na mallega. *sin.* **embostar 2.**
- Emburriar 1.** *v. tr.* Facer forza contra unha persoa ou cousa para movela do seu sitio. *sin.* **empurrar; empuxar. 2.** *v. tr.* Incitar a alguén para que discuta ou pelexe.

Emburrión 1. *s. m.* Acción de empurrar, *sin. empurrón; empuxón; rempuxón*. 2. *s. m.* Arremetida dun animal. 3. *adx.* Persoa que empurra. *var. amburrión, na.*

Embuste *s. m.* Mentira, trola, afirmación feita contra a verdade. *sin. embrullo* 3.

Embusteira, ro *adx.* Persoa que ten por costume dicir embustes, mentiras, trolas.

Embutir 1. *v. tr.* Introducir a presión unha cousa noutra de maneira que quede moi axustada. 2. *v. tr.* Meter carne picada e adubada nas tripas para facer chourizos, morcelas etc.

Empaclar *v. tr.* Colocar varas nos terreos sementados de fabas para que por elas ruban os talos ou corrizas da planta da faba. *var. Empaular.*

Empañar 1. *v. intr.* Cubrirse de bafo ou humidade un cristal, uns azulexos da parede ou outra cousa. 2. *v. tr.* Envolver con panos.

Empandar *v. intr.* Dobrarse ou curvarse un corpo alongado, especialmente as vigas. *sin. empenar.*

Empantanar 1. *v. tr.* Acumular auga cortando o curso dun río por medio dunha presa. *sin. embalsar, embanzar* 1. 1. *v. tr.* Dificultar o curso dun traballo ou deixalo a medio facer.

Empapizar 1. *v. t.* Comer manxares secos e/ou sen bebida. 2. *v. intr.* Non ser capaz de tragar unha comida por ser demasiado pastosa. 3. *v. intr.* Non poder comer máis por estar unha persoa empachada. 4. *v. intr.* Cansar, aburrir a unha persoa con impertinencias. 5. *v. intr.* Falar sen precisión, falar coa boca chea. 6. *v. t.* Facer comer demasiado a alguén. 7. *v. intr.* Empapar, enchoupar, humedecer con exceso de líquido. 8. *v. intr.* Estar a piques de romper a chorar.

Empapizo *s. m.* Acción de empapizarse.

Emparar 1. *v. tr.* Proporcionar refuxio, defensa ou protección a alguén contra aquilo que o pode prexudicar ou danar. *var. amparar*. 2. *v. tr.* Proporcionar axuda para unha situación difícil. *var. amparar*. 3. *v. prml.* Defenderse, gorecerse.

Emparedar 1. *v. tr.* Rodear de parede. 2. *v. tr.* Construír unha parede.

Emparo 1. *s. m.* Acción e efecto de empararse. *var. amparo*. 2. *s. m.* Protección, axuda, asilo,

apoio. *var. amparo*. 3. *s. m.* Refuxio, acubillo, gorida.

Empaular* véxase **empaclar**.

Empedernida, do *adx.* Algo duro e forte, especialmente a terra endurecida pola acción de axentes atmosféricos despois dos labores.

Empedernir, *v. tr.* e *v. prml.* Endurecer ou endurecerse moito unha cousa.

Empedrada *s. f.* Camín de pedras, pavimento de canto rodado ou lastros que se emprega nas estradas, prazas ou patios.

Empedrar *v. tr.* Cubrir o chao con pedras apretadas unhas contra outras para que non se movan e se poida circular ben sobre elas.

Empenar *v. tr.* Curvar, torcer ou dobrar unha cousa, xeralmente de madeira. *sin. empandar.*

Empencha *s. f.* Aversión, manía, odio ou aborrecemento contra algo ou alguén.

Empenchar *v. tr.* Abandonaren as aves o niño.

Empeñar 1. *v. tr.* Dar algo para obter un préstamo. 2. *v. prml.* Contraer débedas. 3. *v. prml.* Insistir nunha idea.

Empeñe 1. *s. m.* Parte superior dianteira do pé. 2. *s. m.* Parte do calzado que cobre esta parte do pé.

Empeño 1. *s. m.* Acción ou efecto de empeñar ou empeñarse. 2. *s. m.* Afán, constancia ou forza que leva a facer algo.

Empericotada, -do *adx.* Algo situado moi alto ou algo excesivamente adornado ou vaidoso.

Emperiquitarse *v. prml.* Subir enriba de algo.

Empezar *v. tr.* Ter algunha cousa o seu inicio. *sin. comezar; iniciar; principiar.*

Empina *s. f.* Pel que se pon rugosa ou se levanta ao formar escamas.

Empinar 1. *v. tr.* Levantar en alto, especialmente a bota, xerra ou porrón para beber. 2. *v. intr.* Beber moito. 3. *v. intr.* Alcanzar unha cousa que está en alto. 4. *v. intr.* Estar en costa. 5. *v. prml.* Elevarse alguén sobre a punta dos pés.

Empingorotar* véxase **empiricotar**.

Empiricar 1. *v. prml.* Pórse de punta. 2. *v. prml.* Poñerse máis alto, moverse de abaixo para arriba.

Empiricotar 1. *v. tr.* Encher un recipiente e superar o nivel do seus bordos. 2. *v. tr.* Pór unha gavela nun colmeiro para que se extreme, quede máis agudo, máis delgado. 3. *v. intr.* Andar garbosamente con doairo ou con

- afectación. **4.** *v. prnl.* Vestir con afectación, con profusión de adornos ou melindres. *var.* **empingorotar.**
- Empizna** *s. f.* Erupción cutánea que se presenta en manchas circulares rubicundas e granulosas, de pequeno diámetro, con poucas escamas.
- Empolar** *v. tr.* Avultarse algo coma unha ampola.
- Empoliñar** *s. m.* Subir con rapidez a calquera parte alta, especialmente ás árbores.
- Emponderar** *v. tr.* Gabar a alguén, ponderar.
- Emporcallar** véxase **ensuciar.**
- Emporcar** véxase **ensuciar.**
- Empoular.** *v. tr.* Deixar unha terra en barbeito, deixala en poulo.
- Empradeirar** *v. tr.* Converter unha terra de monte ou un barbeito en prado.
- Empreñar** *v. tr.* Fecundar un macho a unha femia.
- Emprencipiar** *v. tr.* Pasar a realizar algo que se expresa. *var.* **pricipiar.**
- Emprestar** *v. tr.* Deixar algunha cousa a outra persoa coa condición de que sexa devolta. *var.* **prestar.**
- Emprumar** *v. intr.* Saírenlle as plumas ás aves ou mudaren estas a pluma.
- Empuntar** *v. intr.* Encamiñar, tomar unha dirección.
- Empuxar** *v. tr.* Facer forza contra unha persoa ou cousa para movela do seu sitio. *var.* **ampuxar, rempuxar. sin. emburriar; empuxar.**
- Empuxón** *s. m.* Acción de empuxar. *var.* **ampuxón. sin. empurrión; empuxón.**
- Enaguazar** *v. tr. e v. prnl.* Encher de auga o terreo.
- Encabrearse** *v. prnl.* Cabrearse, enfadarse, estar de mal humor unha persoa. *var.* **encabritarse.**
- Encabritarse*** véxase **encabrearse.**
- Encaixar** *v. tr.* Pór unha cousa respecto doutra de tal xeito que non queden ocos entre elas ou que unha quede no lugar ou na parte da outra que lle corresponde. *var.* **encaxar.**
- Encaixe** **1.** *s. m.* Certo tecido con calados e puntillas. **2.** *s. m.* Escavación ou oco onde se insire ou encaixa unha peza calquera. **3.** *s. m.* Axuste de dúas pezas.
- Encalcador, ra** *adx.* Persoa que encalca.
- Encalcar** **1.** *v. tr.* Pisar a herba na palleira para que ocupe pouco volume. **2.** *v. tr.* Pisar a terra cando se plantan árbores. **3.** *v. tr.* Pisar con forza algún obxecto co calcañar. **4.** *v. tr.* Eliminar as perforacións da toupa ou outras similares. **5.** *v. tr.* Apertar co pé ou coa man. **6.** *v. tr.* Poñer o pé sobre algo ou alguén. **7.** *v. tr.* Esmagar unha cousa e deformala. *var.* **calcar; recalcar.**
- Encaldada** **1.** *s. f.* Comida lixeira e sa que se toma en casos de réxime ou enfermidade. **2.** *s. f.* Comida moi caldosa e mal feita.
- Encallar** *v. tr.* Someter a cocción parcial un alimento para conservalo.
- Encamar** **1.** *v. intr.* Meterse un animal na súa tobeira ou agacharse para pasar inadvertido, como fai a lebre. **2.** *v. intr.* Caer na cama por enfermidade.
- Encambalacharse** *v. prnl.* Unirse, asociarse para un asunto ou negocio turbio.
- Encamelar** **1.** *v. tr.* Recomendar con moito interese. **2.** *v. tr.* Advertir de forma insistente unha cousa.
- Encanada** **1.** *s. f.* Espazo de terra entre dúas alturas pouco distantes entre si. **2.** *s. f.* Camiño que serve para que pase o gando transhumante. *var.* **canada.**
- Encanar** **1.** *v. tr.* Meter a auga por regos, tubaxes ou condutos. **2.** *v. tr.* Empatar ou empalmar dúas cousas polos extremos. **3.** *v. tr.* Fixar, entalar e vendar unha escordadura ou enxesar algún óso fracturado dunha persoa ou animal. **4.** *v. tr.* Nacer ou gromar canas dunha planta.
- Encangar** **1.** *v. tr.* Encomendar unha cousa molesta a alguén, encaixarlle algo. **2.** *v. tr.* Estorbar, encher de estorbos.
- Encango** **1.** *s. m.* Estorbo, molestia, ocupación traballosa. *var.* **canga.** **2.** *s. m.* Aquilo que se lle encarga a alguén para que o faga ou traia. **3.** *s. m.* Acción de encargar algo.
- Encano** *s. m.* Vendaxe, emplasto, xeso ou taboíña que se aplica ás persoas e animais nas feridas, escordaduras ou fracturas dalgún óso.
- Encantar** **1.** *v. tr.* Influír nunha persoa por medio de maxia, *sin.* **embruxar; enmeigar.** **2.** *v. tr.* Gustar moito.
- Encaracolada, do** *adx.* Cabelo crecho que forma anéis ou espirais.
- Encarambelar** *v. intr.* Pórse sólido un líquido pola acción do frío, sobre todo en forma de agullas nos beirís dos tellados.

- Encarcañar 1.** *v. tr.* Contraer ou dobrar o corpo, unha parte del, un membro. **2.** *v. intr.* Quedar sen o debido desenvolvemento unha planta, animal ou persoa.
- Encarnadura** *s. f.* Condición xenética da persoa para que as feridas lle curen de forma máis rápida ou máis lenta.
- Encarnar 1.** *v. prnl.* Pórse rubio, vermello ou colorado un obxecto. **2.** *v. prnl.* Pórense os pementos colorados dun xeito natural.
- Encarneirarse** *v. prnl.* Encaprichárense os nenos ou nenas con alguén ou por algunha cousa.
- Encarnizar 1.** *v. prnl.* Mostrarse cruel con algo ou alguén. **2.** *v. intr.* Facerse máis cruel un enfrontamento. **3.** *v. intr.* Poñerse unha cousa encarnada, vermella.
- Encartar 1.** *v. intr.* Nos xogos da baralla, xogarlle á persoa contraria ou á compañeira unha carta da que ten outra ou outras do mesmo pau, especialmente cando pode matar e está obrigada a facelo. **2.** *v. intr.* Matar con triunfo superior unha carta de calquera pau.
- Encastar** *v. intr.* Quedar preñada a femia dun animal.
- Encastelar** *v. tr.* Nos serradoiros, amorear de forma ordenada as táboas en forma de castelo para deloíren ou secaren.
- Encaxar*** véxase **encaixar**.
- Encebar** *v. prnl.* Pegarse a fariña na moa do muíño por causa da humidade e formarse así unha pasta ou engrudo.
- Encegar 1.** *v. prnl.* Quedar unha persoa cega. **2.** *v. prnl.* Volver encherse ou cubrirse de lama ou area unha canle ou un pozo.
- Encesa, so** *adx.* Algo que está ardendo con lume ou prendido con luz.
- Encetada, -do 1.** *adx.* Alimento xa empezado ou bebida xa aberta. **2.** *adx.* Obxecto que xa non é novo, que xa foi usado. **3.** *adx.* Pel chagada ou moi rozada.
- Encetadura** *s. m.* Primeiro anaco que se corta dunha fogaza ou calquera produto comestible.
- Encetar 1.** *v. tr.* Empezar a cortar ou a gastar dunha cousa que está enteira. **2.** *v. tr.* Empezar a cortar a fogaza, o xamón, a empanada ou o roscón. **3.** *v. tr.* Abrir por primeira vez unha vasilla, unha cuba, botella ou garrafón para comezar a beber o seu contido. **4.** *v. intr.* Producirse feridas ou chagas no corpo por consecuencia dun roce. **5.** *v. tr.* Cerrar unha ferida.
- Enchaguazar** *v. tr.* Encharcar, empozar, encher de auga un terreo.
- Enchaguiñada, do** *adx.* Terreo cheo de auga, encharcado, empozado.
- Enchauguazar 1.** *v. intr.* Fregar ás présas e de calquera maneira. **2.** *v. intr.* Axitar unha tea ou outra cousa na auga ao remexela con forza coas mans. *var.* **eschaguallar**.
- Enchente 1.** *s. f.* Abundancia, mesmo ata o exceso, de calquera cousa. **2.** *s. f.* Trastorno pasaxeiro do organismo que consiste nunha mala dixestión. **3.** *s. f.* Gran subida das augas dun río, que pode provocar inundacións ou alagamentos. *sin.* **chea; riada**.
- Encher 1.** *v. tr.* Ocupar o espazo baleiro ou unha gran parte dunha cousa. **2.** *v. tr.* e *v. prnl.* Satisfacer plenamente a fame ou a sede. **3.** *v. t.* e *v. prnl.* Proporcionar abundantemente. **4.** *v. t.* Cansar, fartar, aborrecer. **5.** *v. prnl.* Emborracharse. **6.** *v. i.* Aumentar o nivel das augas dun río.
- Enchida, do** *adx.* Algo que está cheo.
- Enchispas** *v. prnl.* Beber alcol en exceso. *sin.* **emborracharse**.
- Enchocar** *v. tr.* Meter un obxecto nun burato ou sitio para que non caia.
- Enchufar 1.** *v. tr.* Unir o extremo dun cable, tubo ou cousa semellante mediante un enchufe ou unha conexión ao extremo ou a unha toma doutro. **2.** *v. tr.* Introducir o enchufe dun aparello eléctrico nunha toma de corrente. **3.** *v. tr.* Entubar a auga. *sin.* **encanar**. **4.** *v. tr.* Facer que alguén consiga algo a través da influencia doutra persoa, non polos seus méritos persoais.
- Encichar** véxase **embiscar 2**.
- Encigoñar 1.** *v. intr.* Teimar con impertinencia nunha cousa. **2.** *v. prnl.* Emperrencharse, encapricharse en algo. **3.** *v. prnl.* Sentir enfado.
- Encimentar*** véxase **acimentar**.
- Encirrar** véxase **embiscar**.
- Encirriar** véxase **embiscar**.
- Encitar*** véxase **incitar**.
- *Enclenque** véxase **cativa, -vo, débil**.
- Encoller 1.** *v. tr.* Reducir a un tamaño ou volume menor. **2.** *v. tr.* Contraer ou dobrar o corpo, unha parte del ou un membro.

Enconado *adx.* Dise do home que ten unha dependencia total da muller ou da mai.

Enconar **1.** *v. prnl.* Infectarse e incharse unha ferida e coller unha cor morada. **2.** *v. prnl.* Estar abducido por unha relación sexual ou sentimental.

Encontrar **1.** *v. tr.* Atopar ou descubrir algo que se buscaba e que estaba agochado ou perdido. **2.** *v. tr.* Descubrir algo sen buscalo. **3.** *v. tr.* Estar nun lugar determinado. **4.** *v. prnl.* Sentirse dunha determinada maneira.

Encontro **1.** *s. m.* Reunión, xuntanza. **2.** *s. m.* Competición deportiva. **3.** *s. m.* Choque, disputa, pelexa.

Encorar *v. tr.* Deter a auga nun lugar formando un encoro ou presa.

Encordio* véxase **incordio**.

Encornadura *s. f.* Cornamenta do gando vacún. *var.* **Ancorna**.

Encornar* véxase **escornar**.

Encorral **1.** *v. tr.* Botar a roupa no trobo para que se coe. **2.** *v. tr.* Branquear a roupa branca con cinza.

Encrequenar **1.** *v. prnl.* Contraerse ou dobrarse unha persoa ou unha parte do seu corpo. **2.** *v. prnl.* Poñerse en crequenas. *var.* **acriquenar**; **encriquenar** *sin.* **escuruxar**.

Encrespase *v. prnl.* Pórse unha persoa furiosa.

Encriquenar* véxase **encrequenar**.

Encruar **1.** *v. intr.* Quedar case cru o que estaba a cocer, especialmente os alimentos que se adoitan cocer. **2.** *v. prnl.* Pórse dura a comida debido ao exceso de cocción. **3.** *v. prnl.* Pórse dura a terra.

Encrucillada **1.** *s. f.* Lugar onde se cruzan dous ou máis camiños. **2.** *s. f.* Situación difícil de resolver.

Encuruxarse *v. prnl.* Encollerse polo frío ou polo medo, agacharse, poñerse en crequenas unha persoa. *var.* **acuruxar**; **acurruxar**; **escuruxar**; **acurrucar**.

Endelgazar* véxase **enfraquear**.

Endereitar **1.** *v. tr.* Poñer dereito o que está torto, curvo, desviado ou inclinado. **2.** *v. tr.* Facer que alguén adquira mellores costumes ou modos de vida dos que tiña. *var.* ***enderezar**.

Enderezar véxase **endereitar**.

Endicia *s. f.* Dereito a exercitar a acción de acusar.

Endición* véxase **inxección**.

Endireita *s. f.* Cousa que se di de maneira encuberta ou que se utiliza para dar a entender algo sen expresalo clara e abertamente. *sin.* **indirecta**.

Enfadar **1.** *v. t.* Provocar enfado, anoxo ou incomodo noutra persoa. **2.** *v. prnl.* Sentir enfado. **3.** *v. prnl.* Poñerse a mal dúas persoas. **4.** *v. prnl.* véxase **anoxar**.

Enfado *s. m.* Desacougo no ánimo que causa irritación ou malestar contra algo ou alguén. *sin.* **Anoxo**.

Enfaixar *v. tr.* Poñer unha faixa.

Enfameada, -do véxase **esfameada, -do**.

Enfamear véxase **esfamear**.

Enfariñar *v. tr.* Cubrir algo de fariña.

Enfarramacarse *v. prnl.* Vestirse con *farramacos* ou con roupas extravagantes no Entroido.

Enfeixar *v. tr.* Facer feixes ou gavelas.

Enferruxada, do* véxase **enfurruxada, do**.

Enferruxar *v. tr.* e *v. prnl.* Oxidar, poñerse con ferruxe ou óxido un metal. *var.* **enfurruxar**; **afurruxar**. **2.** *v. tr.* e *v. prnl.* Quedar ríxida ou entumecida algunha parte do corpo por falta de exercicio.

Enfiadeira *s. f.* Ollo ou cu da agulla.

Enfiar **1.** *v. tr.* Meter o fio polo buraco da agulla. **2.** *v. tr.* Dicir cousas unha detrás doutra.

Enfistularse *v. prnl.* Infectarse ou encetarse unha ferida.

Enfocicar véxase **enfociñar**.

Enfociñar **1.** *v. intr.* Caer de focicos ou fociños. *var.* **Enfociñar**; **enfocicar**; **afociñar**. **2.** *v. tr.* Tratar de saber ou de informarse dos asuntos alleos, de maneira indiscreta e só por curiosidade. *var.* **enfociñar**; **enfocicar**; **afociñar**. **3.** *v. tr.* Escaravellar ou levantar terra co fociño como fan os porcos e xabariños. *var.* **Esfocicar**; **fucicar**; **afucicar**; **afocicar**; **fuzar**; **fozar**. **4.** *v. intr.* Enfadarse, poñerse de morros unha persoa.

Enforcar **1.** *v. tr.* Facer restras con allos ou alimentos similares. **2.** *v. tr.* Apañar herba, palla ou abono coa forquita.

Enfornar **1.** *v. tr.* Meter o pan ou outros alimentos no forno. **2.** *v. tr.* Quentar o forno ata poñelo en condicións aptas para cocer. *sin.* **arroxar**.

Enfoscarse 1. *v. prml.* Colocarse unha persoa para non ser vista ou atopada. **2.** *v. prml.* Poñerse unha persoa en emboscada.

Enfracar* véxase **enfraquecer**.

Enfraquear 1. *v. tr.* Facer máis delgado. **2.** *v. prml.* Poñerse delgado, perder peso unha persoa. **3.** *v. prml.* Volverse máis estreito ou fino algo. *sin.* **endelgazar; delgazar; entalar; mermar; devecer.**

Enfraquecer *v. intr.* Adelgazar un animal. *var.* **enfracar; fraquecer.**

Enfloreecer* véxase **floreecer**.

Enfuciñar* véxase **enfociñar**.

Enfuracar* véxase **furacar**.

Enfurrugada, do 1. *adx.* Persoa á que se lle nota na cara o enfado. **2.** *adx.* Montón de cousas envoltas con desorde. *sin.* **enfadado, -da; enmurrugada, -do,**

Enfurrugar* véxase **enfadar, amurrugar.**

Enfurrugada, do *adx.* Obxecto que está cuberto de ferruxe. *var.* **Afurrugada, do; enferrugada, do.**

Enfurrugar* véxase **enferrugar.**

Engaiolador, ra* véxase **engaioleira, -ro.**

Engaiolante véxase **engaioleira, -ro.**

Engaiolar 1. *v. tr.* Exercer sobre alguén un encanto irresistible. **2.** *v. tr.* Aloumiñar, loar e seducir unha persoa para conseguir algo dela ou inducila a facer algo que non quería. **3.** *v. tr.* Entreter con afagos.

Engaioleira, ro *adx.* Persoa que atrae fortemente ou fai sentir unha intensa admiración ou amor. *var.* **engaiolador, ra; engaiolante.**

Engalardoar 1. *v. prml.* Pórse de pé. **2.** *v. prml.* Poñerse unha persoa altiva, soberbia. **3.** *v. prml.* Gabarse en exceso. **4.** *v. prml.* Estirarse con arrogancia.

Engalear véxase **foder**.

Engalgadeiro 1. *s. m.* Pendente moi inclinada. **2.** *s. m.* Lugar do que constantemente se desprenden pedras.

Enganar 1. *v. t.* Tentar facer crer algo que non é verdade e inducir a erro na percepción. **2.** *v. prml.* Confundirse, non acertar, equivocarse.

Enganchada *s. f.* Acción e efecto de pelexar. *sin.* **pelexa.**

Enganchar 1. *v. tr.* Agarrar ou colgar unha cousa cun gancho. *var.* **Ganchar. 2.** *v. tr.* Fecundar un animal mamífero macho nunha femia. **3.**

v. prml. Enfrontarse fisicamente dúas ou máis persoas ou animais. **4.** *v. prml.* Quedaren o cuzo e a cadela prendidos ao copularen.

Engano 1. *s. m.* Estado de confusión de quen foi enganado. **2.** *s. m.* Cousa que engana ou coa que se engana. **3.** *s. m.* Traizón, infidelidade.

Engarabatar* véxase **garabatar**.

Engarabitar 1. *v. intr.* Meter algo nun garabito ou pao flexible en forma de anzol. **2.** *v. prml.* Entumecérense os dedos a causa do frío.

Engarañar* véxase **engrañar**.

Engarelas *adx.* Persoa delgada.

Engarranchar *v. tr.* Causar rabuñadas. *sin.* **Arrabuñar; rabuñar.**

Engarrota 1. *v. prml.* Entumecerse os membros do corpo polo frío. **2.** *v. prml.* Quedar unha persoa ríxida, atecida polo frío ou polo medo.

Engatar 1. *v. intr.* Subir unha persoa ou animal axudándose de maos e pés coma un gato. *sin.* **agatuñar. 2.** *v. tr.* Rubir as árbores. **3.** *v. prml.* Endurecerse o ubre a unha vaca.

***Engatusar** véxase **engaiolar**.

Engavelar* véxase **agavelar**.

Engazar *v. tr.* Apañar herba, palla ou abono co *engazo*. *var.* **angazar.**

Engazo 1. *s. m.* Apeiro formado por un mango longo rematado nun dos extremos por un pau atravesado que ten dentes de madeira ou de ferro formando unha especie de peite. *var.* **angazo.**

Engoromar* véxase **engromar**.

Engorrias* véxase **angorrias**.

***Engorrio** *s. m.* Alteración do benestar material dunha persoa ou da súa tranquilidade, producida por algo que lle desagrada, que lle resulta incómodo ou que a prexudica de calquera maneira.

Engorrobada, do *adx.* Persoa chepada.

Engrañar 1. *v. prml.* Infectarse unha ferida. **2.** *v. prml.* Encherse de graos a pel *var.* **engarañar.**

Engrandecer *v. prml.* Crecerse, poñerse unha persoa orgullosa ou vaidosa.

Engrelar* véxase **agromar; grelar**.

Engromar 1. *v. intr.* Formarse gromos, amazocarse o leite ou as papas. **2.** *v. intr.* Botar gromos ou grelos as plantas ou as sementes. *var.* **engoromar.**

Enguachinar *v. tr.* Encher de auga o terreo.

Enguapecer véxase **aguaparse**.

Enguedellar 1. *v. prml.* Enredarse o pelo, a la ou o fío. *var.* 2. *v. prml.* Complicarse as cousas.

Enguía *s. f.* Peixe da familia dos anguílidos, de corpo longo e cilíndrico, cuberto por escamas moi pequenas e unha substancia viscosa, co lombo negro e o ventre prateado na fase adulta, que vive nos ríos e se vai reproducir ao mar. *var.* **enguila**.

Enguichar* véxase **embiscar**.

Enguila véxase **enguía**.

Enguinchar *v. prml.* Poñerse alguén nun sitio de modo que se sosteña sen que a súa parte inferior estea apoiada en ningunha superficie.

Enguizar* véxase **embiscar**.

Engulideiro *s. m.* Parte anterior externa do pescozo. *sin.* **gorxa**; **gorxapo**; **gorxipa**.

Engulipar 1. *v. intr.* Comer de forma atropelada. 2. *v. intr.* Apropriarse das cousas alleas.

Engulir 1. *v. tr.* Comer algo de forma precipitada, sen mastigar. 2. *v. tr.* Crer mentiras. 3. *v. tr.* Facer pasar algo desde a boca, a través do esófago, ata o estómago.

Engurria *s. f.* Prego ou dobrez irregular que se forma nunha cousa flexible ao dobrala ou na pel co paso dos anos.

Engurriar 1. *v. tr.* Dobrar ou pregar algo irregularmente. *var.* **engurruñar**. 2. *v. prml.* Contraerse ou avellentarse pel das persoas. *var.* **engurruñar**. 3. *v. prml.* Contraerse ou dobrarse unha persoa ou unha parte do seu corpo. *var.* **engurruñar**. 4. *v. prml.* Poñerse de crequenhas. *var.* **engurruñar**. *sin.* **encrequenar**

Engurruñar véxase **engurriar**.

Enlarafuciar véxase **enlarafuzar**.

Enlarafuzar *v. tr.* Manchar a cara. *sin.* **ensuciar**.

Enmarañada, do *adx.* Dise do restoballo ciscado polo chao todo desordenado.

Enmarañar 1. *v. tr.* Envolver ou envurullar algo de maneira desordenada, formando unha lea ou morea difícil de desfacer. *sin.* **arrebullar**. 2. *v. tr.* Facer máis complexo ou confuso algo. 3. *v. tr.* Implicar alguén nunha cousa que pode traer problemas ou da que é difícil saír.

Enmedar* véxase **medar**.

Enmuruñada, do* véxase **enfuruñada, do**.

Enrasar *v. tr.* Rasar a superficie dalgunha cousa, com cereais ou fariña, para deixala a rentes.

Enrebullar* véxase **arrebullar**.

Enredabais *adx.* Persoa amiga de provocar enredos e discusións

Enredador, ra *adx.* Persoa amiga dos chismes e embustes, liante.

Enredar 1. *v. tr.* Pasar o tempo facendo pequenos arranxos. 2. *v. tr.* Enmarañar fíos, tecidos ou cabelos facendo nós. 3. *v. intr.* Entretéñense os nenos e as nenas xogando. 3. *v. intr.* Non parar de moverse os nenos e as nenas.

Enredo 1. *s. m.* Conxunto de fíos ou roupas que están moi enmarañados e mesturados e que son difíciles de separar. 2. *s. m.* Asunto difícil de resolver. 3. *s. m.* Actividade que serve como entretemento e diversión. 4. *s. m.* Obxecto ou conxunto de obxectos que se utilizan para entreterse e divertirse.

Enrelladeiro *s. m.* Campo de cultivo de difícil labrado debido ás irregularidades do terreo ou á abundancia de pedras.

Enrellar 1. *v. tr.* Chantar a rella do arado na terra. 2. *v. tr.* Ferir unha res ou o gando de tiro coa rella do arado.

Enrepelizada, do *adx.* Persoa coa pel de galiña ou os pelos de punta polo frío, por un susto, polo medo etc.

Enrestrar *v. tr.* Facer restras con allos, cebolas ou mazarocas.

Enrimar *v. tr.* Facer rimas, amontoar a leña cortada e estibala coas *tonzas* para un lado e a póla para o outro.

Enriscar *v. tr.* Levantar, enrolar o rabo do can, do gato ou das vacas.

Enroscar *v. tr.* Enrolar sobre algo.

Ensalmos *s. m.* Conxunto de palabras rituais que pronuncia unha meiga ou un curandeiro para sandar unha persoa enferma.

Ensuciar 1. *v. tr.* Pór sucio ou encher de manchas algo. *sin.* **enlarafuzar**; **enlarafuciar**; **enzarrapastrar** 2. *v. intr.* Expulsar as feces. *sin.* **Emporcar**; **emporcallar**; **manchar**; **entafarrar**.

Entafarrar* véxase **ensuciar**.

Entalada, do 1. *adx.* Persoa ou animal delgada ou que come pouco. 2. *adx.* Algo axustado e ben encaixado entre dous obxectos, especialmente táboas.

Entalar 1. *v. tr.* Facer que quede unha cousa ou persoa presa ou oprimida entre dúas cousas, ou nun sitio ou lugar estreito e apertado, de tal

xeito que lle impida o movemento ou lle sexa difícil saír. **2.** *v. intr.* Adelgazar, enfraquecer, quedar unha persoa desmedrada e fraca por falta de saúde ou por comer pouco. *sin.* **enfraquear.** **3.** *v. prnl.* Arruinarse, desmellorar en calquera sentido.

Entallar véxase **entazar.**

Entazar *v. tr.* Colocar a zoca ou zoco no banco onde se vai traballar e suxeitala cunhas cuñas. *var.* **Entallar.**

Enteira, -ro *adx.* Algo que aínda non foi dividido en partes ou cortado. *sin.* **completa, íntegra.**

Entendedeiras **1.** *s. m.* Acción e efecto de entender ou entenderse. **2.** *s. m.* Xuízo, intelixencia.

Entender **1.** *v. tr.* Comprender por medio da intelixencia. **2.** *v. intr.* Saber moito dunha cousa. **3.** *v. prnl.* Estar ou chegar a un acordo. **4.** *v. prnl.* Manter relacións secretas ou discretas.

Enterrar **1.** *v. tr.* Meter debaixo da terra. *sin.* soterrar. **2.** *v. tr.* Meter un defunto no lugar de enterramento, foxa, nicho etc. **3.** *v. prnl.* Afundirse nunha superficie branda.

Enterro **1.** *s. m.* Acción e efecto de meter un defunto na sepultura. **2.** *s. m.* Cerimonia con que a xente próxima despide o defunto.

Entestar *v. tr.* Comezar a quentarse unha cousa.

Entiznar **1.** *v. tr.* Manchar con tisne ou feluxe. *var.* **tisnar; entiznar.** **2.** *v. prnl.* Mancharse moralmente. *var.* **entiznar; tisnar.**

Entisno* véxase **tisne.**

Entiznar* véxase **entisnar.**

Entoada *s. f.* Montón de pólas, paus ou herbas que, arrincados no monte ou prado para cultivar, se queiman no propio monte ou campo. *var.* **antoada.**

Entoldar **1.** *v. prnl.* Perder un líquido a súa claridade ou transparencia. **2.** *v. prnl.* Perder o ceo a súa claridade, cubriarse de nubes.

Entornar **1.** *v. prnl.* Torcerse, ladearse o carro. **2.** *v. tr.* Levar unha carga ladeada unha persoa o animal. **3.** *v. tr.* Pechar a medias ou entreabrir unha porta ou unha fiestra.

Entoxo véxase ***antoxo.**

Entrada **1.** *s. f.* Acción e efecto de entrar. **2.** *s. f.* Espazo por onde se entra. **3.** *s. f.* Billete que permite asistir a un espectáculo.

Entrambulicar *v. prnl.* Cambalearse, abanearse, dar tombos, atoutiñar, polo xeral as persoas borrachas ou mareadas *var.* **tarambicar, trambulicar; trembelicar; trambilicar.**

Entrampar **1.** *v. tr.* Facer que un animal caia nunha trampa. **2.** *v. tr.* Enganar. **3.** *v. prnl.* Engancharse, enredarse ou quedar presa unha persoa ou animal nunha póla, lazo, silveira ou trampa en xeral.

Entrangallar véxase **estrangallar.**

Entrada **1.** *s. f.* Espazo por onde se entra, porta, portal. **2.** *s. f.* Billete que se merca para acceder a lugares ou espectáculos.

Entrar **1.** *v. intr.* Pasar de fóra a dentro, ao interior dun lugar. **2.** *v. intr.* Caber unha cousa noutra. **3.** *v. intr.* Formar parte da composición dunha cousa.

Entrecasca *s. f.* Operación de introducir un enxerto dunha planta ou árbore no tronco ou póla doutra, para que se desenvolva alí.

Entrecello *s. m.* Espazo comprendido entre as dúas cellas.

Entrecocer *v. tr.* Cocer lixeiramente, a medias, calquera tipo de alimento, especialmente as carnes e os embutidos.

Entremecer *v. intr.* Abanear algo como se fose un berce. *var.* **amecer.** *sin.* **arrolar.**

Entrepanar *v. tr.* Poñer entrepanos ás portas e ás fiestras.

Entrepano **1.** *s. m.* Espazo entre dúas táboas, columnas ou vans. **2.** *s. m.* Táboa horizontal para colocar cousas nun armario ou nun andel.

Entresacar **1.** *v. tr.* Escoller, seleccionar, escolmar. **2.** *v. tr.* Eliminar unhas plantas para que outras medren mellor.

Entresaco **1.** *s. m.* Acción e efecto de entresacar. **1.** *s. m.* Conxunto de cousas ou persoas seleccionadas.

Entroido **1.** *s. m.* Período que precede á Coresma, durante o que se celebran festas populares con máscaras, comparsas ou bailes. **2.** *s. m.* Os tres días de carnaval. **3.** *s. m.* Bromas grotescas que se fan durante eses días. **4.** *s. m.* Boneco de trapo que preside as festas de carnaval. *var.* **antroido; entroiro; antroiro.**

Entroiro* véxase **entroido.**

Enturrio *s. m.* Desexo que non se fundamenta na razón, capricho.

Envelenar *v. tr.* Matar ou intoxicar con veneno.

Envellecemento *s. m.* Acción ou efecto de envellecer. *sin.* **avellentar**.

Envellecer *v. intr.* Persoa ou cousa facerse vella ou máis vella. *sin.* **avellentar**.

Enveranear 1. *v. intr.* Pasar as vacacións do verao nun lugar distinto daquel en que habitualmente reside unha persoa. **2.** *v. intr.* Pasar o verán o gando no monte. **3.** *v. intr.* Deixar a terra en barbeito durante o verán. *var.* **envraiar; envranar; veranear**.

Envergonzar *v. intr.* Avergoñarse, sentir culpabilidade por facer algo mal. *sin.* **avergoñar**.

Enviciar 1. *v. tr.* Facer que alguén colla un mal costume ou un vicio. **2.** *v. prml.* Afeccionarse ou inclinarse a algo con empeño de forma excesiva.

Enviortar *v. tr.* Enredar, entretecer, enmarañar ou atar dúas cousas mediante un viorto.

Envivecer *v. intr.* Vivir de novo, volver ter vida ou pulo.

Envizcar* véxase **embiscar**.

Envolta *s. f.* Carga de leña que se baixa rodando dende o monte.

Envorcar 1. *v. tr.* Sacar do boto o leite unha vez que se separou da manteiga. **2.** *v. tr.* Meter ou botar algo nun recipiente directamente doutro recipiente. *var.* **embrocar, revolcar**. **3.** *v. tr.* Inverter, poñer boca abaixo, especialmente unha vasilla calquera ou un cesto. *var.* **embrocar, revolcar**. **3.** *v. prml.* Desviar ou apartar da posición vertical ou horizontal. *var.* **embrocar**.

Envraiar véxase **enveranear**.

Envranar* véxase **enveranear**.

Envurullar 1. *v. tr.* Envolver a meniña ou o meniño nun refaixo. *var.* **embrullar**. **2.** *v. tr.* Atar ou envolver algo dun xeito apertado e desordenado. *var.* **embrullar**. **3.** *v. tr.* Mesturar de maneira confusa unhas cousas con outras. *var.* **embrullar**. **4.** *v. intr.* Dicar mentiras ou embustes. *var.* **embrullar**.

Enxaboadura 1. *s. f.* Acción e efecto de enxaboar. **2.** *s. f.* Serie de golpes que se dan a unha persoa ou animal.

Enxaboar 1. *v. tr.* Fregar con xabón para lavar. **2.** *v. tr.* Pór ben ou exacto un aparello de precisión que contiña erro ou non funcionaba

debidamente. **3.** *v. tr.* Agasallar a efectos de suborno.

Enxame 1. *s. m.* Grupo de abellas que forman unha colonia. **2.** *s. m.* Grupo de xente.

Enxamear 1. *v. intr.* Deixar un grupo de abellas o enxame para formar outro novo. **2.** *v. tr.* Manchar, pór sucio algo.

Enxaretar 1. *v. tr.* Facer pasar por unha xareta un cordón, cinta ou corda. **2.** *v. intr.* Dicar mentiras e crelas.

Enxertar *v. tr.* Introducir unha parte dunha planta ou árbore no tronco ou póla doutra, para que se desenvolva alí.

Enxerto véxase **entrecasca**.

Enxilbar *v. tr.* Poñer silvas arredor do tronco dunha árbore para evitar que os animais engaten por el ou que se arrimen ao tronco.

Enxiva *s. f.* Porción da mucosa bucal que recobre a base dos dentes.

Enxordar *v. tr.* Deixar unha persoa xorda. *sin.* **Enxordecer**.

Enxordecer véxase **enxordar**.

Enxoval véxase **alfaia 2**.

Enxugar *v. tr.* Quitar a humidade de algo. *sin.* **secar**.

Enxuita, to *adx.* Algo que secou, que perdeu ou que lle quitaron a humidade que tiña. *var.* **enxuta, -to; enxutia, -tio**.

Enxuta, to véxase **enxuita, -to**.

Enxutia, -to véxase **enxuita, -to**.

Enzarrapastrada, -do *adx.* Persoa sucia, desaliñada, enzoufada de terra ou barro. *sin.* **zarrapastrosa, -so; farrapastrosa, -so**.

Enzarrapastrar véxase **ensuciar**.

Enzoufallar *v. tr.* Ensuciar ou manchar a boca, a cara ou calquera outra parte do corpo. *sin.* **enlarafuzar, ensuciar**.

Erbedal *s. m.* Lugar poboado de érbedos.

Erbedeiro* véxase **érbedo**.

Érbedo *s. m.* Arbusto da familia das ericáceas (*Arbutus unedo*), de folla sempre verde, que pode chegar aos cinco metros de altura, florece polo inverno e dá un froito doce e redondo de ata tres centímetros, vermello por fóra e amarelo por dentro. *sin.* **erbedeiro**.

Erguer 1. *v. tr.* e *v. prml.* Moverse de abaixo a arriba. **2.** *v. tr.* e *v. prml.* Pórse de pé. **3.** *v. prml.* Saír da cama.

Ervello* véxase **arvello**.

Esbaballar 1. *v. intr.* Dicar parvadas, fanfurrinhar.
2. *v. prml.* Deixar caer a baba de forma involuntaria. *var.* **babarse; baballarse; esbabuxarse.**

Esbaciar véxase **esmaciar.**

Esbagar *v. tr.* Golpear os feixes de liño contra unha táboa.

Esbandallar 1. véxase **esbandullar.** **2.** *v. t.* desfacer, destruír, esgotar, derrotar.

Esbandullar *v. intr.* Algo abrirse bruscamente a causa da presión interior. *var.* **Esbandallar.**

Esbaratar *v. tr.* Desfacer algo en anacos pequenos.

Esbabar *v. intr.* Saíren ou sacar os fíos dunha tea polo bordo e formar barbas.

Esbardallar *v. i.* Falar moito e sen sentido, sen xuízo nin reflexión.

Esbarracar véxase **esbarrancar.**

Esbarrancar 1. *v. intr.* Derrubar, caer un muro, unha casa ou calquera construción. **2.** *v. prml.* Desprenderse a terra. *var.* **esbarracar.**

Esbarrigar *v. intr.* Caer de barriga.

Esbarrumbar *v. intr.* Tirar ao chan, botar por terra. *var.* **esborricar.**

Esboroar 1. *v. tr.* Desfacer, esmigallar o pan. **2.** *v. tr.* Tirar coa comida porque saíu mal feita.

Esborrallarse* véxase **esmorrallarse.**

Esborricar véxase **esbarrumbar.**

Esbulecer 1. *v. intr.* Bulir, axitarse, moverse os vermes nunha materia putrefacta. **2.** *v. intr.* Rebulir. **3.** *v. intr.* Ferver a auga ou outro líquido. *sin.* **bulir.**

Esbullar véxase **bullar.**

Escachapelar véxase **escachizar.**

Escachar véxase **escachizar.**

Escacharrar véxase **escachizar.**

Escachelar 1. *v. tr.* Romper algo en anacos. **2.** *v. tr.* Cortar as patacas en toros para facer cachelos.

Escachizar 1. *v. tr.* Romper, quebrar, facer anacos un obxecto en pedazos moi pequenos, especialmente pratos, vasos ou vasillas. **2.** *v. tr.* Estragar ou malograr unha cousa. *sin.* **escachar; escachapelar; escacharrar; descacharrar.** **3.** *v. prml.* Derrubarse un montón, un muro ou unha parede.

Escada 1. *s. f.* Escalera de madeira ou metálica formada por dúas pezas longas verticais unidas por paus horizontais, que pode ser

portátil ou mecánica adaptable a un vehículo.

2. *s. f.* Chanzo dunha escalera.

Escagalarsse 1. *v. prml.* Ter diarrea, estar unha persoa descompsta. *var.* **escagallar** **3.** **2.** *v. prml.* Evacuar os excrementos case líquidos.

Escagallar 1. *v. tr.* Ensuciar algo. **2.** *v. tr.* Espallar algo coma se fosen cagallas. **3.** *v. intr.* Ter diarrea, estar unha persoa descompsta. **4.** *v. intr.* Morrer de medo. **5.** *v. tr.* Facer que unha cousa quede dividida en anacos ou partes, podendo estas chegar a separarse ou non. *var.* **derramar; estropear; escangallar; escarallar.**

Escalafrio 1. *s. m.* Tremor brusco e sensación de frío que, ás veces, acompaña á febre nunha enfermidade. *var.* **calafrio.**

Escalcañar *v. tr.* Romper o calcetín, o zapato ou o galocho.

Escaldada, do *adx.* Persoa avisada, previda ou receosa dos perigos pola experiencia.

Escaldar *v. prml.* Queimarse con auga ou outro líquido cando está moi quente ou fervendo.

Escalera 1. *s. f.* Construción formada por un conxunto de pasos ou chanzos situados en niveis sucesivos, que serve para subir e baixar por ela. **2.** *s. f.* Cada unha das superficies planas dunha escalera, nas que se vai pisando ao subir ou baixar.

Escalfar *v. tr.* Abrandar os alimentos mediante a cocción, especialmente as cebolas ou os ovos.

Escalzar 1. *v. tr.* Quitar o calzado. **2.** *v. tr.* Quitar o pezuño da vaca.

Escamallarse véxase **arramar 2.**

Escamar 1. *v. tr.* Cubrir con auga ou aceite fervendo unha cousa ou un ser vivo. **2.** *v. tr.* Quitarlle as escamas aos peixes. / **3.** *prml.* Queimarse con auga fervendo. **4.** *v. intr.* Provocar receo ou desconfianza nunha persoa.

Escambelar *v. tr.* Arar coa cambela ou co cambelo.

Escamexar véxase **escamochar.**

Escamochar 1. *v. tr.* Quitar ou cortar a parte superior das plantas ou de calquera outro obxecto. **2.** *v. tr.* Quitar os cornos dunha cabra. *var.* **escamoxar; escamexar.**

Escamoxar* véxase **escamochar.**

Escampada *s. f.* Espazo breve de tempo no que para de chover. *var.* **escampo**. *sin.* **estiñada; estelampada**.

Escampar *v. intr.* Parar de chover. *sin.* **estiñar; estelampar**.

Escampo véxase **escampada**.

Escanada, do *adx.* Persoa delgada e ben proporcionada.

Escanar **1.** *v. tr.* Cortar ou podar as canas ou pólas das árbores. *var.* **descanar**. *sin.* **mondar; moucar**. **2.** *v. tr.* Cortar as pólas das árbores cerca do tronco para que nazan de novo co obxecto de enxertalas. *var.* **descanar**. **3.** *v. tr. e v. intr.* Romperlle as pólas ou canas a unha árbore. *var.* **descanar**. *sin.* **esgazar; esgallar**.

Escáncer véxase **escandro**.

Escandal *s. m.* Lugar sementado de escanda, trigo de terreos pobres e países frios.

Escandro *s. m.* Réptil da familia dos ánguidos (*Anguis fragilis*), do que existen diversas especies, pequeno e de corpo moi fino, de cor gris prateada ou castaña, con patas moi reducidas ou sen elas. *sin.* **escáncer**.

Escaneta *s. f.* Banco de dimensións inferiores ao escano e sen respaldo. *sin.* **tallo, banqueta**.

Escangallar **1.** *v. tr.* Esnaquizar, desconxuntar, desfacer e deixar algo inservible. **2.** *v. prnl.* Mancarse nunha caída.

Escanil *s. m.* Banco de madeira con respaldo, máis pequeno ca o escano.

Escano *s. m.* Banco grande de madeira cun respaldo abatible que serve de mesa.

Escapar **1.** *v. intr.* Marchar ou fuxir con présas dun lugar. **2.** *v. intr.* Librarse dun perigo. **3.** *v. intr.* Fuxir ou evadirse de onde se estaba preso.

Escapelar **1.** *v. tr.* Rebaixar un montón de calquera cousa ao quitarlle a parte superior. **2.** *v. tr.* Quitar a cabeza ou a parte sobresaínte dunha cousa.

Escarallar **1.** *v. tr. e v. prnl.* Avariar, deteriorar, derramar, descompoñer. **2.** *v. tr. e v. prnl.* Romper, avariar, desarmar, estragar. **3.** *v. tr. e v. prnl.* Lesionar, causar dano, mancar.

Escaravellar **1.** *v. tr.* Escarvar, mover a terra ou a area superficialmente. **2.** *v. tr.* Acción que levan a cabo as galiñas coas patas cando removen e revolven a terra. **3.** *v. tr.* Sacar algunhas patacas soltas, arrincar algunha

planta na terra de sementeira. *var.* **esgaravellar**.

Escaravello *s. m.* Insecto coleóptero da familia dos escarabeidos (*Scarbens sacer*), do que existen moitas especies, de forma arredondada, patas curtas e antenas en forma de maza.

Escardar *v. tr.* Arrincar o xoio e as herbas nocivas das sementeirais.

Escarnada *s. f.* Parte das terras en que desapareceu a capa vexetal deixando rocha ao descuberto.

Escarnar **1.** *v. tr.* Quitae a carne adherida aos ósos dun animal para aproveitala e elaborar con ela embutidos. **2.** *v. tr.* Despexar a terra dunha planta ou árbore, sexa por un só lado ou todo ao redor do tronco, antes de arrincalo.

Escarpia **1.** *s. f.* Colgadoiro, gancha no extremo dun pau que serve para colgar algo. **2.** *s. f.* Especie de forquita na parede que se emprega para colgar algo.

Escarpidor **1.** *s. m.* Cardador da la. **2.** *s. m.* Especie de peite de dentes gordos.

Escarpín *s. m.* Calzado de *pardo* ou la que se coloca sobre a media ou o calcetín, dentro das galochas. *var.* **carpín**.

Escarpir véxase **carpir**.

Escarpir véxase **escarpizar**.

Escarpizar *v. tr.* Peítear e limpar cun cepillo unha materia téxtil antes de fiala. *var.* **escarpir; carpir**.

Escarrancarse véxase **escarranchar e recachar** **5**.

Escarranchada, do *adx.* Persoa que separa ou ten as pernas moi abertas.

Escarranchar *v. tr. e v. prnl.* Abrir ou separar moito as pernas. *var.* **acarranchar; escarrancar**. *sin.* **recachar**.

Escarriar *v. tr. e v. prnl.* Apartar unha res do rabaño, perdela.

Escarriar **1.** *v. intr.* Saír fóra do carril un tren ou un tranvía. **2.** *v. intr.* Saírse o carro do carril ou camín polo que vai. *var.* **descarriar; desencarriar**.

Escartar **1.** *v. tr.* Descartar unha posibilidade. **2.** *v. intr.* Quedar sen cartas dun pau no xogo dos naipes.

Escarvadada, do **1.** *adx.* Algo escaravellado, raiado ou removido de maneira lixeira. **2.** *adx.*

- Animal irritable, arisco, ao que non se lle pode tocar nin acariciar o lombo.
- Escavar** 1. *v. t.* Abrir buracos, túneles, galerías baixo terra. 2. *v. t.* Facer unha escavación arqueolóxica. 3. *v. t.* Desbastar a madeira da parte interior da zoca. 4. véxase **apicar** 1.
- Eschaguallar** véxase **enchanguazar** 2.
- Escoar** 1. *v. tr.* Facer pasar un líquido ou semilíquido por un filtro ou por unha superficie porosa para separar as impurezas. 2. *v. prml.* Perder moito sangue unha persoa ou animal.
- *Escoba** 1. *s. f.* Arbusto bravo da familia das leguminosas (*Genista sp.*) con moitas pólas delgadas e flexibles, follas pequenas e escasas e flores amarelas ou brancas do que existen varias especies. 2. *s. f.* Variedade de xesta de flores amarelas. 3. *s. f.* Xogo de baralla en que se reparten tres cartas a cada xogador, dous, tres ou catro, e que consiste en sumar quince puntos coa carta que se bota e unha ou varias das que hai sobre a mesa. *sin.* **xesta; piorno.**
- *Escobo** *s. m.* Vasoira pequena e sen mango de pólas de urce que serve para limpar as cubas ou varricar o chao.
- Escocotarse** *v. prml.* Romper unha persoa o cocote ou o pescozo nunha caída ou accidente.
- Escogotarse** véxase **escocotarse**.
- Escoira** *s. f.* Substancia vítrea que se forma durante a fusión dos metais e que contén as impurezas.
- Escoitar** véxase **escuitar**.
- Escola** *s. f.* Establecemento público, de propiedade privada ou do Estado, onde se imparte calquera tipo de ensinanzas; en particular, refírese a un centro de ensino primario.
- Escoller** *v. tr.* Tomar ou elixir unha ou varias cousas ou persoas entre outras.
- Escolmar** *v. tr.* Sacudir os feixes do centeo de maneira que se desprenda o grao que puido quedar despois de machucalo e limpar cada feixe de herbas e canas rotas inútiles para formar o colmo.
- Esconchar** 1. *v. prml.* Desprenderse os fragmentos dun obxecto. 2. *v. tr.* Quitar a cuncha ou casca da noz e doutros froitos.
- Esconderallas** *s. f. pl.* Xogo infantil das agachadas, das escondidas ou da queda. *sin.* **esconderite.**
- Esconderite** véxase **esconderallas**.
- Esconxurar** *v. tr.* Rezar unhas oracións ou exorcismos tornar o demo, os malos espíritos, un meigallo, un dano ou un perigo.
- Esconxuro** *s. m.* Invocación feita por unha meiga ou meigo para tornar todo mal.
- Escordadura** *s. f.* Dislocación ou torsión dun óso, tendón ou ligamento. *sin.* **torcedura, luxación.**
- Escordar** 1. *v. tr.* Forzar violentamente a articulación dunha parte do corpo, ás veces coa rotura dalgún ligamento ou de fibras musculares próximas. *sin.* **dislocar; derramar; descompoñer.** 2. *v. prml.* Dislocarse o gando vacún as patas traseiras e quedar coxo.
- Escornacabras** *s. m.* Arbusto da familia das terebintáceas (*Pistacea terebintus*), de follas compostas e brillantes, flores de cor acastañada sen pétalos e pequenos froitos en drupa, que presentan nas ramas terminais bugallos similares aos cornos de cabra e que zumega pola cortiza unha terebintina moi recendente.
- Escornada** *s. f.* Pancada que dá un animal cos cornos. *var.* **escornón.**
- Escornar** 1. *v. tr.* Atacar un animal con cornos. 2. *v. prml.* Romper os cornos unha vaca por pegar contra unha parede ou un obxecto duro. *var.* **Encornar.** 3. *v. tr.* Saírlle a cornamenta aos becerros e outros animais.
- Escornón** 1. *s. m.* Animal vacún ou ovino moi dado a encornar. 2. *s. m.* Pancada que dá un animal cos cornos.
- Escorrentar** 1. *v. tr.* Despedir de mala maneira. 2. *v. tr.* Facer fuxir para outro sitio un animal ou persoa. 3. *v. tr.* Facer desaparecer unha sensación.
- Escoupro** *s. m.* Ferramenta de carpinteiro ou canteiro formada por unha folla grosa e plana de aceiro, afiada no extremo e un mango curto de pau sobre o que se golpea cun mazo ou cun martelo. *var.* **escroupo. sin. trencha.**
- Escoxuntar*** véxase **desconxuntar**.
- Escriballar** 1. *v. tr.* Facer garabatos ou borranchos nun papel. 2. *v. tr.* Escribir ás présas con letra ilexible.

Escricar *v. prml.* Romperse ou desfacerse un obxecto en varios anacos. *sin.* **romper**; **anicar**. **escrocapiollos** véxase **matapiollos**.

Escrocar *v. prml.* Romper algo facendo ruído.

Escroupo* véxase **escoupro**.

Escrúpulo 1. *s. m.* Temor de que o que se fixo ou se vai facer sexa xusto e correcto. 2. *s. m.* Noxo, aprehensión ou reparo ao ver ou tocar algo desagradable. 3. *s. m.* Coidado e rigor extremos co que se fai unha cousa.

Escrupulosa, -so 1. *adx.* Persoa que ten escrúpulos. 2. *adx.* Persoa que lle ten noxo ou grima a algo. 3. *adx.* Persoa moi pulcra. 4. *adx.* Persoa que fai as cousas con moito miramento e coidado.

Escuadrar *v. tr.* Sacarlle catro caras a un tronco cilíndrico.

Escudela 1. *s. f.* Prato de madeira redondo e cóncavo. 2. *s. f.* Vasilha ancha, semellante á conca de forma circular e cóncava que se usa para comer a sopa ou o leite.

Escudir *v. tr.* Sacudir as pólas dunha árbore cunha vara para que caian os froitos. *sin.* **varear**; **varexar**.

Escutar *v. tr.* Oír con atención. *var.* **escutar**; **escutiar**.

Esculíngarse véxase **resculíngarse**.

Escullarelar 1. *v. tr.* Meter e sacar a culler da pota para remexer o que hai nela. 2. *v. intr.* Facer ruído ou percusión coas culleres ou con obxectos semellantes.

Escuma 1. *s. f.* Rosario de burbullas que se forman na tona dun líquido ao axitalo, move-lo ou cocer nel. *var.* **espuma**. 2. *s. f.* Burbullas que se forman na tona dun río cando as augas baten coas pedras da ribeira. *var.* **espuma**. 3. *s. f.* Burbullas que forma o xabón ou o deterxente ao entrar en contacto coa auga. *var.* **espuma**. 4. *s. f.* Burbullas que aparecen no cuspe dalgúns animais ou das persoas. *var.* **espuma**.

Escumadeira *s. f.* Utensilio de cociña en forma de pá con buracos que serve para sacar ou escorrer alimentos que están nun líquido ou en aceite. *var.* **espumadeira**.

***Escepe** véxase **cuspiña**.

***Escupiña** véxase **cuspiña**.

Escupiñeiro *s. m.* Peza de madeira que une as dúas oreilleiras do arado a través da rabiza.

Escura, -ro 1. *adx.* Algo que está privado de luz ou claridade, de xeito que non se ve ou se ve mal. 2. *adx.* Confusa. 3. *adx.* Misteriosa.

Escurecer 1. *v. intr.* Facerse de noite, comezar a noite. *sin.* **anoitecer**; **empardecer**; **noitiña**. 2. *s. m.* Claridade leve que se dá pouco antes de raiar o sol ao alborear e tamén pouco despois do solpor antes de ser noite. *sin.* **lusco-fusco**.

Escuridá *s. f.* Estado ou calidade do que é ou está escuro.

Ecurruxar* véxase **acrequenar**; **encrequenar**.

Escutiar* véxase **escutar**.

Escutar* véxase **escutar**.

Escutión, -na 1. *adx.* Persoa que anda escoitando todo. 2. *adx.* Persoa que anda con segredos e fala ao oído.

Esfalamendrar *v. tr.* Rachar ou anaquizar a roupa por causas externas. *sin.* **esfarrapar**.

Esfameada, do *adx.* Persoa ou animal que ten ou pasa moita fame. *var.* **enfameada, do**. *sin.* **famenta, to**.

Esfamear *v. intr.* Pasar fame. *var.* **enfamear**.

Esfandangar *v. tr.* Botar a perder ou desfacer algo. *sin.* **escarallar**; **estropear**; **derramar**.

Esfaragullar 1. *v. tr.* Esmigallar o pan sobre o caldo ou o leite. *sin.* **migar**; **esmigallar**. 2. *v. tr.* Desfacer algo en partes moi pequenas. *sin.* **esfaragutar**; **esmiuzar**. 3. *v. tr.* Esmigallar, facer moitas migallas ao partir o pan ou calquera cousa similar. *sin.* **mugullar**; **esmugullar**; **esmigullar**.

Esfaragutar véxase **esfaragullar** 2.

Esfarragachar *v. tr.* Andar con *farragachos*, manipular cacharros.

Esfarraguñar *v. tr.* Rebuscar con moito coidado.

Esfarrapada, -do véxase **esfarrapadalla, -do**.

Esfarrapadalla, -llo 1. *adx.* Persoa vestida con farrapos ou con prendas rotas e sucias. *var.* **esfarrapada**; **farrapalleira, -ro**; **farrapeira, -ro**.

Esfarrapar 1. *v. tr.* Romper, rachar, escachizar a roupa, o vestido ou unhas teas. 2. *v. tr.* Malgastar os cartos. *var.* **desfarrapar**. *sin.* **esfarraquitar**.

Esfarraquitar véxase **esfarrapar**.

Esferrachar 1. *v. tr.* Desfacer, romper, estragar, embarullar calquera cousa. 2. *v. intr.* Facer ruído con ferros e outras cousas metálicas.

Esfiañar véxase **esfiar**.

Esfiangallar véxase **esfiar**.

Esfiar *v. tr.* Sacar os fios dun tea ou tecido. *sin.* **esfiañar; esfiangallar**.

Esfloar **1.** *v. tr.* Arrincar ou cortar flores. **2.** *v. tr.* Quitar o mellor dunha cousa. **3.** *v. tr.* Desvirgar.

Esfocicar véxase **focicar**.

Esfociñar *v. prnl.* Desfacer os fociños contra o chao ou contra outro obxecto. *sin.* **afociñar**.

Esfolar *v. tr.* Quitarlle a pel a un animal. *sin.* **espelexar**.

Esfolgueirar *v. tr.* Arrincar os feitos.

Esfolón véxase **espelexón**.

Esfolla *v. tr.* Acción de esfoliar.

Esfollacar *v. intr.* Facer ruído ao pisar un conxunto de follas caídas.

Esfollar *v. tr.* Quitarlle as follas a unha planta ou a unha árbore. *var.* **desfollar**.

Esfondar *v. tr.* Desfondar, quitarlle o fondo a un recipiente.

Esforciar *v. prnl.* Facer un esforzo para conseguir algo.

Esfuerzo **1.** *s. m.* Emprego de todas as forzas para vencer unha resistencia. **2.** *s. m.* Traballo para conseguir algo.

Esfragallar véxase **estrangallar**.

Esfurricar *v. intr.* Padecer de diarrea ou furriqueira as persoas ou os animais.

Esgallar **1.** *v. tr.* Quitarlle as canas ou pólas a unha árbore ou planta. *sin.* **escanar; esgazar**. **2.** *v. tr.* e *v. intr.* Partirlle as pólas a unha árbore. *sin.* **escanar; esgazar**. **3.** *v. tr.* Partir, gretar, fender abrirse a madeira ou unha árbore. *var.* **esgazar**.

Esgalochar *v. intr.* Facer ruído coas zocas e zocos ao camiñar sobre auga ou barro.

Esgarabullar **1.** *v. tr.* Apañar garabullos ou leña miúda para o lume. **2.** *v. tr.* Causar rabuñadas. **3.** *v. tr.* Remexer a terra de forma superficial. *sin.* **escaravellar; esgaravellar**.

Esgaravellar véxase **escaravellar**.

Esgarduñar *v. tr.* Coller unha cousa que lle pertence a outra persoa mediante engano ou violencia. *sin.* **roubar**.

***Esgarrar** **1.** *v. tr.* Rachar un tecido ou algo similar causando unha rotura irregular. **2.** *v. tr.* Rachar, romper cousas inconsistentes.

Esgarriar *v. tr.* Expulsar esgarros.

Esgarrilladalla, -llo *adx.* Persoa que leva a roupa rota, que viste mal ou con farrapos.

Esgarrio *s. m.* Flegma que se expulsa pola boca. *sin.* **garneallo; gargallo**.

Esgatuñar **1.** *v. tr.* Rebuscar de forma astuta. **2.** *v. tr.* Rabuñar coma o fan os gatos. **3.** *v. tr.* Rubir as árbores coma os gatos, *sin.* **garabatar; agatuñar**. **4.** *v. tr.* Rañar coas uñas nunha superficie lisa coma o faría un gato.

Esgazar **1.** *v. tr.* e *v. intr.* véxase **esgallar**. **2.** *v. tr.* Quitar a vaiña dos chichos e outros legumes.

Esgazón **1.** *s. m.* Acción e efecto de esgazar. **2.** *s. m.* Farrapo colgante da roupa.

Esgrañar véxase **degrañar**.

Esgrelar *v. tr.* Quitar as xemas ou gromos de determinadas plantas, coma a patata.

Esgromar **1.** *v. tr.* Cortar ou quitar as xemas ou ollos das árbores. **2.** *v. tr.* Desfacer os grumos que se forman en determinadas coccois.

Esguedellar *v. prnl.* Despeitearse, enmarañarse, enredarse. *var.* **enguedellar**. *sin.* **espeluxar; espenachar**.

Esguizón **1.** *s. m.* Torcedura, escordadura distorsión violenta dun membro do corpo. **2.** *s. m.* Ferida superficial na pel, feita coas uñas ou cunha cousa afiada. **3.** *s. m.* Farrapo dun vestido ou tea.

Esgurriapada, -do *adx.* Persoa ruín, cativa, esmirrada.

Eslameada, do* véxase **eslamiada, do**.

Eslamiada, -do **1.** *adx.* Alimento que non ten sal abondo. **2.** *adx.* Alimento que non ten sabor ou ten moi pouco. *var.* **eslameada, -do**. **3.** *adx.* Persoa moi delgada, fraca, decaída, sen forza. **4.** *adx.* Comida moi augada e pouco cocida.

Eslombar **1.** *v. tr.* e *v. prnl.* Fundir os lombos a causa da excesiva carga. **2.** *v. tr.* Bourar nunha persoa ata mancalo gravemente nos ombreiros ou no lombo. **3.** *v. intr.* Cansar en extremo.

Eslumar *v. intr.* Impedir que alguén vexa ben, ou deixalo momentaneamente sen vista por un exceso de luz.

Esmaciarse *v. intr.* e *v. prnl.* Caer unha persoa de forma estrepitosa e con perigo para ela.

Esmadroar *v. prnl.* Saírlle para fóra a placenta á femia que pare.

Esmagalar *v. tr.* Macerar, desconxuntar, destripar, esmagar, desfacer en pequenas partes unha cousa.

Esmagallar **1.** *v. tr.* Chafar, machucar, esnaquizar cun golpe ou co peso dunha cousa. *var.* **esmagar; esmagullar.** **2.** *v. tr.* Magoar, ferir alguén. *var.* **3.** *v. tr.* Destruír unha cousa quitándolle partes. **4.** *v. tr.* Facer presión sobre unha cousa para desfacela ou para extraer o zume. *var.* **esmagar; esmagullar.** **5.** *v. tr.* Poñer brando algo. **6.** *v. tr.* Desfacer algo en anacos moi miúdos. *var.* **esmagar; esmagullar.**

Esmagar véxase esmagallar.

Esmagullar véxase esmagallar.

Esmarmelar *v. tr.* Sacarlle a un froito o que ten dentro da casca ou pel, coma as castañas cocidas. *var.* **marmelar.**

Esmelandrar **1.** *v. tr.* Facer aparecer unha ou máis fendas en algo. **2.** *v. tr.* Deixar en mal estado a roupa, facer farrapos cunha prenda de vestir. **3.** *v. tr.* Desordenarlle o pelo a alguén. **4.** *v. intr.* Andar unha persoa sucia e desaseada. **5.** *v. intr.* Vestir con farrapos.

Esmelar véxase esmelgar.

Esmelgadeira *s. f.* Instrumento cortante, a modo de coitelo, co que se lles quita a cera e o mel ás colmeas.

Esmelgar *v. tr.* Quitarlles a cera e o mel ás colmeas. *var.* **esmelar, desmelgar.**

Esmerecida, -do* véxase **lambecús.**

Esmigallar véxase esfaragullar.

Esmigullar véxase esfaragullar.

Esmirriada, do *adx.* Persoa moi delgada e sen forza.

Esmirriar **1.** *v. prnl.* Ir a menos a persoa e encoller de por adelgazamento. **2.** *v. prnl.* Ir a menos algo engurrándose ao perder a frescura e a humidade.

Esmiuzar *v. tr.* Desfacer unha cousa en anacos moi pequenos. *sin.* **rillar.**

Esmochar **1.** *v. tr.* Descabezar, romper, cortar a parte máis alta, é dicir, a guía das árbores e plantas. **2.** *v. prnl.* Romper os cornos unha vaca. **3.** *v. tr.* Podar en exceso unha árbore. **4.** *v. tr.* Cortar os talos vellos das cepas. *var.* **esmouchar; esmoucar; desmouchar.**

Esmolega, -go *adx.* Persoa que pide ou dá esmola. *sin.* ***limosneira, -ro; mendiga, -go.**

Esmoleira, -ro *adx.* Persoa que pide esmola. *sin.* **mendiga, -go.**

Esmorecer **1.** *v. intr.* Perder as forzas, o ánimo ou o sentido. **2.** *v. prnl.* Consumirse pouco a pouco, ir a menos. **3.** *v. prnl.* Murcharse, amortecerse, apagarse algo lentamente, ir morrendo.

Esmormear *v. intr.* Sorber os mocos cando unha persoa ten un constipado de nariz.

Esmorrallarse *v. prnl.* Algo vir abaixo, caer desfacéndose. *var.* **esborrallarse.**

Esmorrar **1.** *v. intr.* Quitar un anaco á esquina dunha cousa, coma unha pedra. *var.* **desmorrar.** **2.** *v. prnl.* Romper os morros, caer de morros ou boca abaixo e mancar a cara. *sin.* **enfocicar, afociñar, esnafrarse.**

Esmortida, -do *adx.* Persoa desfalecida, sen alento, fatigada, esgotada.

Esmoucar **1.** *v. prnl.* Romperse un corno un animal. *var.* **esmochar; esmouchar.** **2.** *v. prnl.* Romper ou abri a cabeza unha persoa cunha pancada.

Esmouchar véxase esmochar; esmoucar.

Esmugullar* véxase **esfaragullar.**

Eснаfrarse **1.** *v. prnl.* Caer con forza de focinhos ao chao. *sin.* **enfociar; afociñar; esmorrar.** **2.** *v. prnl.* véxase **estampiñar.**

Esナル* véxase **analar.**

Esnecharrada, -do véxase **desguechada, -do.**

***Espabilar véxase despabilar.**

***Espachurrar** *v. tr.* Triturar os legumes cocidos de modo que queden coma papas.

Espadallar véxase espadar.

Espadana *s. f.* Planta herbácea da familia das tifáceas (*Typha latifolia*), da que existen varias especies, propias de zonas húmidas, de follas moi longas e lisas, rematadas en picos, semellantes a espadas, e flores que forman unha especie de mazaroca na parte superior dunha cana.

Espadar *v. tr.* Entresacar mentres se quitan as herbas malas e daniñas entre o liño, unha vez se arrinca, para que quede limpo. *var.* **espadallar.**

Espadela *s. f.* Instrumento de madeira, con forma de espada, máis afiado e cortante nun dos seus fíos laterais, que se utiliza para quitar a monda ou fibra ao liño.

Espadía *s.f.* Na baralla, ás de espadas. *var.* **espadón**.

Espadón véxase **espadía**.

Espafarradalla, -llo *adx.* Despectivo de farrapeira, **-ro** e de **esfarrapada, -do**.

Espafarrar *v. tr.* Machucar, destripar, esmagar ou rebentar unha cousa xeralmente branda.

Espaliar *v. tr.* Padexar ou remexer coa pá.

Espallar **1.** *v. tr.* Estender, espaxer, estrar, ciscar a palla ou materiais parecidos. **2.** *v. tr.* Quitar a cana do millo. **3.** *v. tr.* Xebrar a palla miúda e rota da enteira.

Espamonzada, do *adx.* Persoa aloulada, apavada.

Espanoiar véxase **espigar**.

Espantallo **1.** *s. m.* Boneco que se pon nas árbores ou nas leiras para axotar os paxaros e evitar que coman os froitos e as sementes. *var.*

Espantullo. **2.** *s. m.* Persoa que viste dun xeito moi rechamante e ridículo. **3.** *s. m.* Persoa que estorba. *sin.* **espantarollo.** **4.** *s. m.* Persoa estrafalaria. **5.** *s. m.* Algo ou alguén que produce temor.

Espantar **1.** *v. tr.* Meter medo ou susto, horrorizar, arrepiar. **2.** *v. tr.* Facer fuxir un animal, escorrentar, asustar, axotar, tornar. **3.** *v. tr.* Afastar ou tornar a tormenta tocando as campás. **4.** *v. prml.* sobresaltarse, empinarse o cabalo.

Espantarollo véxase **espantallo**.

Espantullo véxase **espantallo**.

Espanzarrar véxase **espanzar**.

Espanzar **1.** *v. prml.* Caer boca abaixo ou barriga abaixo. *var.* **espanzurrar; espanzarrar.**

Espanzurrar véxase **espanzar**.

Espapallar véxase **espaparrar**.

Espaparrar *v. tr.* Desfacer ou comprimir moito unha cousa, dándolle golpes ou facendo presión sobre ela para reducila a migallas ou a pó. *var.* **espapallar.**

Esparaván **1.** *s. m.* Xesticulación esaxerada, espavento. **2.** *adx.* Persoa louca, desequilibrada. **3.** *adx.* Persoa travesa, argalleira, toleirona.

Esparavanada **1.** *s. f.* Tolemia, travesura. **2.** *s. f.* Acto que indica pouco xuízo.

Esparavanar **1.** *v. intr.* Ter un cabalo un tumor óseo que se desenvolve na parte interna do xarrete dos animais solípedes. **2.** *v. intr.* Facer

demonstracións esaxeradas de espanto, admiración ou outro sentimento esaxerado.

Esparavel *s. m.* Ferramenta de albanel que consiste nunha prancha de madeira ou plástico de forma rectangular cunha asa no centro, destinada para alisar a masa que se lles dá ás paredes ou os teitos e para soste a masa cando se lle dá coa paleta ou cando se repasa.

Esparecer* véxase **desaparecer**.

Esparexer **1.** *v. tr.* Estender, ciscar, espallar, estrar en distintas direccións. **2.** *v. tr.* Facer que unha cousa ocupe ou abraza máis espazo.

Esparramarse véxase **arramar**.

Esparrancarse véxase **recachar**.

Espatallar **1.** *v. intr.* Andar coas pernas abertas, moi separadas. **2.** *v. intr.* Coxear cunha perna eivada.

***Espatarrada, -do** véxase **escarranchada, -do**.

Espataxar* véxase **espatexar**.

Espatexar **1.** *v. intr.* Mover as pernas ou as patas sen orde e con rapidez, como fan os meniños. **2.** *v. intr.* Facer grandes espaventos con brazos e pernas. **3.** *v. intr.* Protestar de maneira esaxerada. *var.* **espataxar; espatuxar.** **4.** *v. intr.* Estirar e contraer as pernas con forza e de forma desordenada, coma fan os animais ao morrer.

Espatuxar véxase **espatexar**.

Espavío *s. m.* Demostración excesiva ou afectada de espanto, terror, medo ou admiración. *var.* **Aspavío.**

Espavorecer **1.** *v. intr.* Asustar, causar ou producir medo, pavor ou terror. **2.** *v. intr.* Mostrar admiración. **3.** *v. prml.* Espantarse, mostrar espanto. *sin.* **espavorizarse.**

Espavorizar véxase **espavorecer**.

Espelexón *s. m.* Acción e efecto de esfolar ou esfolarse. *sin.* **esfolón.**

Espelicar **1.** *v. tr.* Collar a pel e a carne cos dedos. **2.** *v. intr.* Tomar pequenas cantidades dunha cousa.

Espeluxada, -do **1.** *adx.* Animal que foi atrapado por outro, por exemplo, un coello ou un año polo lobo. **2.** *adx.* Despeiteada, co pelo alborotado. *sin.* **espenachada, -do; esguedellada, -do.**

Espeluxar *v. tr.* Alborotarlle ou despeitearlle o cabelo a alguén. *sin.* **espenachar, esguedellar.**

Espenachar 1. véxase **espeluxar**. *var.* **despenachar**. 2. *v. tr.* Tratar mal unha persoa, animal ou cousa.

Espera 1. *s. f.* Modo de cazar, sitio de paso onde se poñen as persoas cazadoras para cazar un animal. 2. *s. f.* Calma, sosego, facultade de aguardar e non se impacientar. 3. *s. f.* Tardanza, demora.

Esperancia véxase **esperanza**.

Esperanza 1. *s. f.* Sentimento que fai crer que algo que se desexa pode chegar a realizarse. *var.* **esperancia**. 2. *s. f.* Conianza en conseguir iso que se desexa. *var.* **esperancia**.

Esperar *v. tr.* Permanecer algún tempo nun lugar ou nunha situación ata que chegue algo, alguén ou se produza algo. *sin.* **aguardar**.

Esperdiciar* *v. tr.* Botar a perder, non aproveitar debidamente algo.

Esperencia* véxase **experiencia**

Esperta, -to *adx.* Intelixente, que capta rápido as cousas e discorre con acerto. *sin.* **aguda, -do; lista, -to**.

Espertar 1. *v. tr.* Interromper o sono de quen estaba durmindo. 2. *v. intr.* Deixar de durmir.

Espeta 1. *s. f.* Pincho, pau afiado. 2. *s. f.* Agulla que serve para facer punto ou para tecer. *var.* **Aspeta**.

Espetar 1. *v. tr.* Introducir un obxecto rematado en punta nun corpo ou superficie, ou ao revés. *var.* **espitar**. *sin.* **chantar; cravar**. 2. *v. tr.* Plantar un vexetal para que prenda. 3. *v. tr.* Falar de xeito brusco para ferir ou molestar. *sin.* **chantar**. 4. *v. tr.* Introducir algo con engano.

Espiteira 1. *s. f.* Andel, táboa ou armación que nas cocinas ou despensas serve para poñer a vaixela pendurada duns espetos ou puntas cravadas na parede ou táboa de fondo. *var.* **espiteira; aspiteira**. 2. *s. f.* Peito prominente e erguido dunha muller. *sin.* **dienteira**.

Espeto *s. m.* Cravo ou aguillada da buxaina. *var.* **Aspeto**.

Espiga *s. f.* Conxunto de graos e sementes nacidos arredor dun talo das plantas gramíneas (centeo, trigo, cebada etc.) ou do carozo do millo.

Espigacheiro *s. m.* Residuo do trigo e da cebada cando se botan ao vento e cando se criban.

Espigada, -do *adx.* Persoa alta e delgada.

Espigadía *s. f.* Planta herbácea anual da familia das gramíneas (*Hordeum murinum*) con talos erectos e que posúe follas aguzadas, a máis nova enrolada e coa inflorescencia comprimida, as puntas das brácteas forman varias arestas longas e ásperas e florece en beiravías, baldíos e cerca de asentamentos humanos. É semellante á cebada.

Espigar 1. *v. intr.* Crecer en altura, desenvolverse. 2. *v. tr.* Apañar espigas ou mazarocas do millo. 3. *v. prnl.* Trabarse o carro co eixe contra unha parede ou un muro dunha ponte. 4. *v. tr.* Quitarlle a mazaroca ao millo e limpala. *var.* **espanollar**.

Espigo 1. *s. m.* Extremos das táboas da lúa da cuba e cubetos. 2. *s. m.* Especie de cuña que serve para axustar ou encher o oco que deixan as pezas axustadas.

Espigocho 1. *s. m.* Parte da espiga. 2. *s. m.* Espiga cortada.

Espigullar *v. tr.* Coller petiscos de varias partes. *sin.* **picar; petiscar**.

Espiña 1. *s. f.* Grao de graxa que se forma na pel, sobre todo na cara e nas costas. *sin.* **punto**. 2. *s. f.* Puga dura e aguda que nace no talo ou nas pólas dalgunhas plantas. *sin.* **pico**.

Espiñazo *s. m.* Conxunto de vértebras articuladas dispostas en ringleira que forman o eixo do esqueleto dos vertebrados. *sin.* **carraño**.

Espiñeira *s. f.* Arbusto espiñoso da familia das rosáceas (*Crataegus oxyacantha*) do que existen diversas especies, con froito non comestible, que se utiliza para enxertar pereiras e maceiras.

Espiñeiral *s. m.* Lugar onde crecen os espiños.

Espiñeiro *s. m.* Arbusto espiñoso bravo (*Crataegus monogyna*), do que hai distintas variedades, con froitos que poden ser comestibles ou non. *var.* **espiño**.

Espingallada, -do 1. *adx.* Algo que colga ou pinga. 2. *adx.* Roupas esfarrapadas ou esfiañadas. 3. *adx.* Persoa que viste con pingallos ou farrapos. 4. *adx.* Persoa preguiceira, feble, vaga.

Espingarachada *s. f.* Anaco de tea que queda colgando dunha peza de roupa vella e rota. *var.* **espingarecho**. *sin.* **pingallo; farrapo**.

Espingarachar 1. *v. intr.* Quedar o bordo dunha peza de roupa máis longo por un lado que por outro. 2. *v. intr.* Caer ou deixar caer un líquido

- dunha cousa pinga a pinga ou a chorro. **3.** *v. intr.* Deixar caer o moco a fio do nariz. **4.** *v. intr.* Caer as castañas por si soas do castiñeiro ao lañaren os ourizos por estaren maduros. **5.** *v. intr.* Botarlle auga a outra persoa cuspiñdo a con forza coa boca.
- Espingarecho 1.** Véxase *espingarachada*. **2.** *s. m.* Salpicadura, batuxada.
- Espiño** véxase *espiñeiro*.
- Espiollar 1.** *v. tr.* Quitar os piollos. **2.** *v. tr.* Quitarlle as follas ás mazarocas de millo. **3.** *v. tr.* Quitar a cobertura exterior dunha cosa. *var.* **despiollar; despollar; espollar.**
- Espita*** véxase *espito*.
- Espitar*** véxase *espetar*.
- Espiteira*** véxase *espeteira*.
- Espito 1.** *s. m.* Cravo que suxeita a lamia do carro. **2.** *s. m.* Canudo con chave, por onde sae o viño da cuba. *var.* **espita.**
- Espoldroar 1.** *v. prml.* Tirarse ao chan e dar voltas unha besta coas pernas para arriba. **2.** *v. prml.* Estomballarse no sofá, na herba ou na palleira, sen facer nada.
- Espollar*** véxase *espiollar*.
- Esponxa** *s. f.* Utensilio de substancia esponxosa que emprega para a limpeza.
- Esponxadalla, llo** *adx.* Pan ou torta que ao cocelos quedan esponxados, crecidos.
- Esponxar** *v. intr.* Subir o pan polo fermento aumentando masa e volume e formando poros no seu interior.
- Esponxosa, -so** *adx.* Corpo poroso, oco e máis lixeiro do que lle correspondería ao seu volume.
- Espora 1.** *s. f.* Peza de metal cunha roda pequena de puntas, que se fixa no calcaño ou talón do calzado para aguillar no cabalo. **2.** *s. f.* Célula reprodutora capaz de xerar un novo individuo sen necesidade de fusión sexual, característica das plantas sen flor, dos fungos e de certos protozoos.
- Esporta** *s. f.* Especie de cesta con dúas asas feita de esparto ou dunha materia semellante que serve para transportar diversos obxectos. *sin.* **seirón.**
- *Espotricar 1.** *v. intr.* Falar sen consideración nin reparo, xeralmente criticando aos demais. Véxase **esbardallar**. **2.** *v. prml.* Estomballarse polo chan. **3.** *v. prml.* véxase **espoldroar**.
- Espreguiciar*** véxase **espurir**.
- Espreguizar** véxase **espurir**.
- Espremedeira 1.** *s. f.* Mesa baixa, longa, de taboleiro con fendas, cercada de listóns e algo inclinada, para que, ao facer o queixo, escorra o soro e saia por unha abertura feita na parte máis baixa. **2.** *s. f.* Molde que se emprega para facer queixos.
- Espremar 1.** *v. tr.* Apertar algo para extraer o líquido que contén. **2.** *v. tr.* Exercer presión sobre algo. **3.** *v. tr.* Facer que unha persoa se sinta rebaxada na súa dignidade.
- Espribil** *v. tr.* Quitar os chicharos ou outras sementes ou legumes da súa vaíña.
- Espulla 1.** *s. f.* Excrecencia cutánea, dura e rugosa causada por unha infección viral das células da capa superficial da pel. *sin.* **verruqa**. **2.** *s. f.* Quiste pequeno a flor de pel, especialmente dos animais con pelo.
- Espuma** véxase *escuma*.
- Espumadeira** véxase *escumadeira*.
- Espumalleira** *s. f.* Saliva espumosa e abundante que sae en gran cantidade pola boca. *var.* **escumalleira**.
- Espurir 1.** *v. intr.* Estirar os brazos e as pernas, como se fai pola mañá ao espreguizarse cando unha persoa se ergue. **2.** *v. prml.* Estirar os membros do corpo para sacudir a preguiza ou relaxar os músculos. *sin.* **espreguiciarse; espreguizarse**. **3.** *v. intr.* Crecer, alcanzar ou alongar coa man. *var.* **aspurir***.
- Esquebrar** *v. prml.* Gretarse unha árbore ou unha parede.
- Esquecemento 1.** *s. m.* Acción ou efecto de esquecer. **2.** *s. m.* A cousa esquecida.
- Esquecer 1.** *v. tr.* e *v. intr.* Deixar de ter na memoria algo. *var.* **esqueicer**. **2.** *v. tr.* e *v. intr.* Deixar de ter afecto ou amor por alguén ou algo. *var.* **esqueicer**. **3.** *v. tr.* e *v. intr.* Deixar de ter en conta algo. *var.* **esqueicer**.
- Esqueicer** véxase **esquecer**.
- Esqueleto** *s. m.* Conxunto de ósos dos animais vertebrados.
- Esquetada** *s. f.* Travesura, acción descontrolada.
- Esquío** *s. m.* Mamífero roedor (*Sciurus vulgaris*) do que existen diversas especies, de rabo moi peludo e longo que vive nas árbores e se alimenta de froitos, insectos ou ovos.

Esquita *s. f.* Órgano que relaciona estreitamente o feto coa nai durante a xestación, e que atende as necesidades de respiración, nutrición e excreción do feto. *sin.* **placenta**.

Estropear véxase **derramar**.

Estaca 1. *s. f.* Pau gros e aguzado que se chanta na terra; pode servir para facer valados de paus. **2.** *s. f.* Pau gros e aguzado que se espeta ao lado dunha planta para axudala a medrar dereita ou sostela. *sin.* **rodriga**. **3.** *s. f. pl.* Sinais que se realizan para facer recta a arada.

Estacada 1. *s. f.* Lugar valado con estacas. *sin.* **estaqueira**. **2.** *s. f.* Valado de estacas chantadas no río que forman unha presa. *sin.* **banzado**.

Estacar 1. *v. tr.* Poñer as estacas ou rodrigas nas viñas. **2.** *v. prnl.* Afundirse o pé na lama, nun lameiro ou na neve.

Estada *s. f.* Armación que se utiliza para soste os toros de madeira para serrar. *sin.* **serradeiro**.

Estadal *s. m.* Medida de lonxitude para medir monte e terras agrícolas e que equivale a tres varas ou 252 centímetros.

Estadonxo véxase **estadullo**.

Estadulleira 1. *s. f.* Burato do estadullo. **2.** *s. f.* Taboleiro con orificios nos que se ensamblan os estadullos. **3.** *s. f.* Traveseiro que se sitúa na pértega do carro a efectos de controlar a carga.

Estadulleta *s. f.* Estadullo pequeno.

Estadullo 1. *s. m.* Cada un dos dez ou doce paus, de aproximadamente un metro de lonxitude por catro centímetros de diámetro, que se meten nos buratos dos dous brazos da forquita en que se abre a pértega do carro, para suxeitar a carga que se pon nel, coma a herba, a palla ou as pólas. *sin.* **tadonxo; talonxo; estadonxo; estalonxo**.

Estalar 1. *v. tr.* Estoupar cun ruído. *var.* **Estralar**. **2.** *v. tr.* Cortar, fender, esgallar unha madeira ou una póla e producir un estalido.

Estalecer *v. tr.* Estalaren as madeiras ou os legumes que, por secaren demasiado, creban facilmente e producen un estalo.

Estalo 1. *s. m.* Ruído que fai un obxecto ao partir, render ou rachar. *var.* **Estralo**. **2.** *s. m.* Ruído forte e seco que fai un obxecto ao rebentar, explotar ou estoupar. *var.* **estralo, sin. estoupido, explosión**.

Estalla 1. *s. f.* Obra ou traballo que se realiza por un tanto alzado, a diferenza da que se fai á xeira. *sin.* **Estallo**. **2.** *s. f.* Traballo que na sega, na labranza ou na construción, corresponde a cada unha das persoas que traballan.

Estallar *v. intr.* Facer un traballo por un tanto alzado. *sin.* **traballar**.

Estallo 1. véxase **estalla 1**. **2.** *s. m.* Obra ou empresa que unha persoa toma pola súa conta.

Estalonxo véxase **estadullo**.

Estampar véxase **estampiñar**.

Estampiñar 1. *v. tr.* Lanzar algo con forza e violencia para facer que choque contra outra cousa. **2.** *v. prnl.* Sufrir algo ou alguén un choque violento. *sin.* **esnafrar**. **3.** *v. tr.* Pegar unha labazada. *var.* **estampar**.

Estancar 1. *v. tr.* Impedir que un fluído corra, encorar. **2.** *v. tr.* Interromper o avance ou o desenvolvemento de algo ou alguén. **3.** *v. tr.* Impedir a venda libre dun produto concedéndolle o monopolio a unha corporación ou persoa. No Bierzo, os monxes de San Pedro de de San Pedro de Montes tiñan o privilexio de vender o viño antes de que se puidese vender nos lugares dependentes ou pertencentes á abadía

Estaqueira *s. f.* Conxunto de estacas que se aliñan formando unha barreira ou muro. *sin.* **estacada. sin. banzada** (nun río).

Estaribel 1. *s. m.* Trebello ou cousa inútil que estorba. **2.** *s. m.* Telderete.

Estartalada, -do *adx.* Obxecto que xa non pode realizar a súa función natural porque se encontra en mal estado. *var.* **estartelada, -do. sin. desarmada, -do; descompuesta, -to; desconxuntada, -do; desfeita, -to; avariada, -da**.

Estartalar *v. tr.* Deixar unha cousa en mal estado ou inservible de maneira fortuíta, ao facer mal uso dela ou ao non aproveitala ben. *var.* **estartelar. sin. desarmar; descompoñer; desconxuntar, desfacer; avariar**.

Estela *s. f.* Anaco pequeno e irregular de madeira, que salta cando esta se fende ou racha de forma violenta. *var.* **astela**.

Estelampada véxase **escampo; estiñada**.

Estelampar véxase **escampar; estiñar**.

Estear *v. t.* Soster con esteos ou apoiar en esteos.

Esteo 1. *s. m.* Columna, poste ou puntal de pedra ou de madeira. 2. *s.m.* Apoio, sostén.

Estercar 1. *v. tr.* Botar esterco ou cuito nas leiras ou olgas. 2. *v. tr.* Expulsar as feces, cagar.

Esterco *s.m.* Conxunto de excrementos animais mesturados nas cortes con palla e toxo que se lle bota á terra para a fertilizar. *sin.* **cuito**.

Estetar* véxase **destetar**.

Esteva véxase **xara**.

Estiar véxase **estiñar**.

Estilar *v. tr.* Someter a destilación.

Estiñada véxase **escampada**.

Estiñar 1. *v. tr.* Cortar a auga do rego a algunha finca por ter xa excesiva humidade. 2. *v. intr.* Perder humidade. 3. *v. intr.* Parar de chover. *var.* **estiar**. *sin.* **escampar**.

Estirar 1. *v. tr.* Facer máis longa unha cousa tirando dela. 2. *v. tr.* Pasar o ferro lixeiramente pola roupa para lle quitar as engurrias ou alisala e estendela coas mans. 3. *v. tr.* Estender algo que está encollido, encartado, engurriado ou dobrado. 4. *v. intr.* Aumentar en altura un ser vivo. *sin.* **Crecer, medrar**.

Estomagada *s.f.* Efecto de causar indigestión por un exceso de comida.

Estomagar *v. tr.* Causarlle molestia a alguén.

Estopa 1. *s.f.* Parte basta que queda do liño despois de limpalo co restrelo e asedalo. 2. *s.f.* Tea basta e áspera tecida con este material.

Estorbar 1. *v. tr.* Facer máis difícil ou impedir a execución dunha cousa. 2. *v. intr.* Causar molestia ou incomodidade. *sin.* **molestar**.

Estorgar 1. *v. prml.* Liberarse de algo que obstrúe a gorxa. *var.* **destorgar**. 2. *v. prml.* Sufrir unha obstrución na gorxa, en particular con algo que se come. 3. *v. prml.* Empacharse, comer ou beber en exceso. *var.* **torgar**.

Estornicada *s.f.* Dor postural no pescozo.

Estornicar *v. itr.* Sentir no pescozo unha dor intensa debido a unha mala postura, normalmente despois de que unha persoa estea moito tempo deitada co pescozo torto.

Estorroar *v. tr.* Desfacer os terrois. *var.* **destorroar**.

Estoupar 1. *v. tr.* Facer un ruído forte ao romper ou abrir unha cousa con forza. 2. *v. tr.* Rebentar con gran estrondo unha cousa polo impulso dunha forza ou acción interior. 3. *v. tr.* Iniciarse algo violento como unha guerra. 4.

v. intr. Estalar, estralar, explotar as castañas no lume.

Estoupido *s. m.* Ruído forte e seco que produce unha cousa ao estoupar. *sin.* **estalido; estralido; estalo; estralo; explosión**.

Estoxar 1. *v. tr.* Abandonaren o nial algúns animais cando se decatan de que lle fozaron nel. *sin.* **anoxar**. 2. *v. tr.* Producir ou sentir noxo ou repugnancia.

Estrabeira, -ro *adx.* Persoa descuidada no vestir e na súa hixiene persoal.

Estrado 1. *s. m.* Cama de toxos, feitos ou palla coa que se estran as cortes dos animais para telos secos e que mesturado cos excrementos se utiliza despois como esterco. 2. *s. m.* Piso do forno. 3. *s.m.* Mesa onde se poñen as fogazas da fornada.

Estrafallador, -ra *adx.* Persoa que malgasta ou desbalde os cuartos. *var.* **estrafulador, -ra**. *sin.* **gastador, -ra; derrotador, -ra; malgastador, -ra**.

Estrafallar véxase **trafallar** 4.

Estrafulador, ra véxase **estrafallador, -ra**.

Estrafular véxase **trafallar** 4.

Estragallar véxase **estropear**.

Estragar *v. tr.* Deixar, consciente ou inconscientemente algo en mal estado ou inservible ao facer mal uso dela ou ao non aproveitala ben. *var.* **estregar**. *sin.* **avariar; derramar; escarallar; esfragallar; estragallar; estrangallar; entrangallar**.

Estralar véxase **estalar**.

Estralo véxase **estalo**.

Estraña, -ño 1. *adx.* Algo que non é habitual nin frecuente, raro. 2. *adx.* Algo que non é normal.

Estrañar 1. *v. intr.* Botar de menos. 2. *v. tr.* Ver, sentir ou oír con estrañeza unha cousa. 3. *v. intr.* Sentir estrañeza por algo.

Estrañeza *s.f.* Efecto que produce nunha persoa algo estraño.

Estrangallar véxase **estragar**.

Estrapallar véxase **estripar** 1.

***Estrapaxo** véxase **estropallo**.

Estrébedes véxase **trébede**.

Estregar* véxase **estragar**.

Estreita, -to 1. *adx.* Algo que ten pouco ancho ou menos que do que se considera normal. 2. *adx.* Algo que queda cinxido ou que aperta moito.

Estreitar 1. *v. tr.* Facer máis estreita unha cousa.

2. *v. intr.* Diminuír o largo dunha cousa.

Estrela *s. f.* Corpo celeste con luz propia.

Estrelar 1. *v. tr.* Facer que algo bata con forza contra outra cousa. 2. *v. tr.* Fritir un ovo sen batelo. 3. *v. prnl.* Sufrir un choque violento. 4. *v. prnl.* Cubrirse o ceo nocturno de estrelas.

Estrelampar véxase **estrelar** 1 e 3.

Estreloxo *s. m.* Persoa ou cousa que obstaculiza, molesta ou impide a execución de algo.

Estremo 1. *s. m.* Franxa de terra sen cultivar que serve de liña de separación entre dúas leiras de distinto propietario. *sin.* **Devasa**. 2. *s. m.* Fronteira, separación, límite, linde, lindeiro. 3. *s. m.* Deportista dun equipo que xoga polo canto do terreo de xogo.

Estreñoitar 1. *v. intr.* Pasar a noite en vela. 2. *v. intr.* Deitarse moi tarde pola noite ou pasar a noite sen durmir. *var.* **trasnoitar**.

Estribeira 1. *s. f.* Pedal do tear. 2. *s. f.* Peza da montura da cabalería para levar o pé o xinete. 3. *s. f.* Pano ou venda que se colga do pescozo para termar dunha mao ou brazo ferido ou magoado.

Estripallar véxase **estripar**.

Estripar 1. *v. tr.* Apertar unha cousa moi fortemente ata reducir o seu volume, extraer o que ten dentro ou magoala. *var.* **estrapallar**; **estripallar**. 2. *v. tr.* Destripar, sacar as tripas ou, de forma figurada, o interior dalgún corpo ou obxecto. *var.* **estrapallar**; **estripallar**. 3. *v. tr.* Pillar un dedo na porta.

Estriqueira *s. f.* Taboado que, na antiga habitación comunal, separaba as cortes e cortellos do gando dos cuartos das persoas.

Estropallo *s. m.* Útil que serve para fregar, de fío de esparto, metálico, plástico ou doutros materiais. *var.* ***estropaxo**; ***estrapaxo**.

Estropaxo véxase **estrapallo**.

***Estropear** véxase **estragar**.

Estruchar véxase **estrullar**.

Estrullar 1. *v. tr.* Apertar unha cousa moi fortemente ata reducir o seu volume, extraer o que ten dentro ou magoala. 2. *v. tr.* Apertar a man con firmeza ao saudar. *var.* **estruchar**.

Esturrar 1. *v. tr.* Torrar un alimento en exceso. 2. *v. tr.* Queimarse unha cocción e pegarse o queimado ás paredes do recipiente. 3. véxase **Afumar**.

Esturro 1. *s. m.* Restos de comida queimada apegada no interior do recipiente. 2. *s. m.* Sabor desagradable dos alimentos esturrados.

Esvaer *v. prnl.* Perder o coñecemento. *var.* **esvaecer**. *sin.* **desmaiar**.

Esvavar *v. intr.* Perder o equilibrio ou o control do movemento ao pisar ou desprazarse sobre unha superficie lisa ou mollada. *sin.* **escorregar**.

Experiencia *s. f.* Coñecemento que se ten dunha actividade, oficio, ou cousa, adquirido fundamentalmente despois de realizala, usala ou vela, durante certo tempo.

F

- Faba 1.** *s. f.* Planta herbácea da familia das leguminosas (*Phaesus vulgaris*) con sementes alongadas, da que existen diferentes variedades comestibles; dalgunhas apróveitanse as sementes aínda verdes e doutras só as sementes secas. *var.* **Fabote. 2.** *s. f.* Semente comestible desta planta con forma de ril. **3.** *s. f.* Enfermidade das enxivas que adoita padecer o gando equino, mular e asnal.
- Fabal** *s. m.* Terreo sementado de fabas. *var.* **fabeira; fabeiro.**
- Fabaslobas** *s. f. pl.* Planta herbácea anual da familia das leguminosas, con flores azuis, dispostas en acios alongados e con froitos en vaíña, que se dá en pastos, barbeitos, bordos e camiños e serve para alimento do gando.
- Fabeira 1.** véxase **fabal. 2.** *adx.* Persoa á que lle gustan as fabas.
- Fabeiro** véxase **fabal.**
- Fabón** *s. m.* Semente da faba cando é de gran tamaño.
- Fabote** véxase **faba 1.**
- Facada** *s. f.* Pancada forte, especialmente no ventre, dada coa man ou cun obxecto.
- Faceira** *s. f.* Conxunto de terras de labor valadas e pertencentes a varios amos.
- Facenda 1.** *s. f.* Conxunto de bens e propiedades dunha persoa ou dunha familia. **2.** *s. f.* Animais domésticos dunha casa de labanza.
- Facer 1.** *v. tr.* Dar forma, elaborar ou producir algo material reunindo e dispoñendo convenientemente os elementos dos que se compón. **2.** *v. tr.* Realizar nunha cousa todo o necesario para que estea da maneira conveniente para a súa utilización. **3.** *v. tr.* Efectuar ou realizar unha actividade. **4.** *v. tr.* Converter algo nunha cousa distinta.
- Facha 1.** *s. f.* Feixe de palla longa que se acende pola punta pala alumar. *var.* **facho; fachizo; fachón. 2.** *s. f.* Sinal que se fai con palla nos terreos sementados. **3.** *s. f.* Feixe grosso de palla centea que se emprega para tapar os ocos existentes entre o beirado e os muros da casa. **4.** *s. f.* Aspecto exterior dunha persoa. **5.** *s. e adx.* Persoa que ten unha ideoloxía política de dereita ou ultradereita.
- Fachar** *v. tr.* Poñer fachas de palla nos terreos sementados.
- Fachenda 1.** *s. f.* Aprecio por un mesmo. *sin.* **orgullo. 2.** *s. f.* Concepto desmesurado que unha persoa ten de si mesma, das súas cualidades ou dos seus intereses. *sin.* **chulería; fanfurría; meco; presunción; vaidade; xactancia.**
- Fachendosa, -so 1.** *adx.* Persoa que valora a súa orixe, personalidade etc. *sin.* **rufa, -fo; orgullosa, -so; 2.** *adx.* Persoa que presume esaxeradamente do que cre que é, do que di que ten ou do que pensa que vale. *sin.* **chula, -lo; fanfarrión, -na; fantasma; farfallán, -na; faroleira, -ro; farruca, -co; fantoche; mecosa, -so; presumida, -do; vaidosa, -so.**
- Fachizo** *s. m.* Feixe de palla que serve para alumear e que se emprega para ir de noite dun sitio a outro ou para trasladarse a unha aldea próxima.
- Facho** véxase **facha.**
- Fachón** véxase **facha.**
- Fachosa, -so** *adx.* Persoa mal vestida, que anda feita un desastre, con farrapos ou prendas de vestir rotas.
- Fachuzo** *s. m.* Puñado de palla retorta que serve para atar.
- Faco** *s. m.* Cabalo pequeno e ruín.
- Faia** *s. f.* Árbore de grande altura da familia das fagáceas (*Fagus silvatica*), de folla caduca, casca lisa de cor verde ou gris e madeira de cor clara moi apreciada en carpintaría.
- Faiado** véxase **faio.**
- Faínto** véxase **fieito.**
- Faio** *s. m.* Parte alta da casa do tellado. *var.* **faiado.**

Faixa *s. f.* Peza de vestir interior que cingue o corpo dende o peito ou a cintura ata as nádegas ou a parte superior das pernas.

Fala véxase **falaxe**.

Faladoiro *s. m.* Lugar de xuntanza e conversa.

Falador, -ra véxase **charlatán, -na; falagán, -na; falandeira, -ro; falangueira, -ro**.

***Faladuría** véxase **leria 2 e 3**.

Falagán, -na véxase **fangueira, -ro**.

***Falagar** véxase **afagar**.

Falamendo 1. *s. m.* Anaco de tea que queda colgando dunha peza de roupa vella. *sin.* **farrapo**. **2.** *s. m.* Pingallo ou porción de pel que colga porque queda frouxa.

Falampo* véxase **farrapo**.

Falandeira, -ro véxase **fangueira, -ro**.

Falangueira, -ro 1. *adx.* Persoa que fala moito. *var.* **faladora, -ro; faladeira, -ro; falanteira, -ro, falagán, -na 2.** *adx.* Persoa que eloxia ou gaba outra persoa de forma excesiva. *var.* **falandeira, -ro**.

Falanteira, -ro véxase **fangueira, -ro**.

Falar 1. *v. intr.* Expresarse ou comunicarse por medio de palabras ou acenos. *sin.* **conversar, dialogar**. **2.** *v. prnl.* Tratar de namorar unha persoa, facer as beiras, facer o amor. *sin.* **cortexar, namoriscar**. **3.** *v. intr.* Afalar, aguilloar o gando para que ande. **4.** *s. m.* Fala, falaxe.

Falaxe *s. f.* Forma específica de falar asociada a un determinado lugar ou territorio. *var.* **fala; falar; falaxo.** *sin.* **dialecto**.

Falaxo véxase **falaxe**.

Falcoeira, -ro *s.* Persoa que se encarga da cría e adestramento dos falcóns de caza.

Falcón *s. m.* Ave de rapina (*Falco s.*) con ás aguzadas, ollos escuros e pálpebras amarelas, peteiro forte e uñas curvas e grandes que se pode adestrar para a cetrería.

Faldarexo *s. m.* Saia ou vestido que está en malas condicións.

Faldriqueira *s. f.* Bolso pequeno de tea que as mulleres levaban por dentro da saia, suxeito a ela cunhas cintas, en que metían o pano, o dedal, o agulleiro ou o diñeiro. *var.* **faltriqueira.** *sin.* **alxibeira**.

Fáisca *s. f.* Chispa pequena que salta do lume.

Falisca *s. f.* Pequenas escamas de pel seca que se forman principalmente no coiro cabeludo. *sin.* **caspa**.

Falopa véxase **farrapo 5**.

Falpar véxase **farrapar**.

Falopo véxase **farrapo 5**.

Faloupa véxase **farrapo 5**.

Faloupada véxase **farrapo 5**.

Faloupar véxase **farrapar**.

Faloupo véxase **farrapo 5**.

Falsa, -so 1. *adx.* Contrario á verdade ou á realidade. **2.** *adx.* Persoa que engana e atraízoa outras persoas. **3.** *adx.* Obxecto de imitación do auténtico **4.** *adx.* Inestable, inseguro. **5.** *adx.* Incorrecto, inexacto.

Falsear 1. *v. intr.* Falsificar ou alterar unha cousa.

2. *v. intr.* Enganar alguén con trampas, embustes e mentiras.

Falsón, -na véxase **vengatable**.

Falta 1. *s. f.* Ausencia ou carencia dunha persoa, obxecto ou sentimento. **2.** *s. f.* Imperfección ou fallo nunha cousa. **3.** *s. f.* Infracción dun deber, norma, lei ou obriga. **4.** *s. f.* Necesidade de algo ou alguén.

Faltar 1. *v. intr.* Non estar unha persoa ou cousa onde debería estar. *sin.* **ausentarse**. **2.** *v. intr.* Non cumprir co que se debe. *sin.* **incumprir**. **3.** *sin.* **ofender**.

Faltosa, -so 1. *adx.* Persoa que molesta, ofende ou insulta. **2.** *adx.* Persoa pouco intelixente, con falta de xuízo.

Faltriqueira véxase **faldriqueira**.

Fame 1. *s. f.* Ganas e necesidade de comer. **2.** *s. f.* Grande escaseza de alimentos.

Famenta, -to véxase **esfameada, -do**.

Familia 1. *s. f.* Conxunto de persoas unidas por lazos directos de parentesco, especialmente o constituído polo pai, a nai, os fillos e as fillas. **2.** *s. f.* Conxunto de persoas unidas por vínculos sanguíneos, legais e/ou afectivos. **3.** *s. f.* Núcleo na viga do lagar onde se enrosca o fuso para espremer a uva. **4.** *s. f.* Peza de nogueira, de cincuenta a sesenta centímetros de lonxitude e trinta de grosor aproximadamente, que se mete na cabeza da viga do lagar e que serve, pola porca que ten no seu centro, para que nela entre e xogue o fuso.

Familiar 1. *adx.* Pertencente ou relativo á familia.

2. *adx.* Coñecido, recoñecible, achegado.

Famión, -na véxase **esfameada, -do**.

Fandango véxase **cona**.

Fandango véxase **cona**.

Fanega 1. *s. f.* Medida de capacidade para grao e que no Bierzo equivale a catro ferrados ou 48 kg. de grao Na zona de Carracedelo coñécese tamén como *arga* e equivale a dezaseis ferrados. 2. *s. f.* Medida de superficie que equivale a catro ferrados que no Bierzo supoñen uns 1.600 m2.

Fanegueira, -ro *adx.* Persoa que cobra a renda en fanegas.

Fanfarria 1. *s. f.* Modo fanfurriñeiro e ostentoso de falar e de portarse das persoas. 2. *s. f.* Demostración excesiva de luxo ou de riqueza. 3. *s. f.* Ruído producido con obxectos metálicos.

Fanfarrión, -na *adx.* Persoa que presume do que non é ou non ten, cando vale moito menos do que aparenta ou do que trata de aparentar. *sin.* **fachendosa, -so** 2.

Fanfurriña véxase **fachenda** 2.

Fanfurriñar véxase **chufar** 3.

Fanfurriñeira, ro véxase **fachendosa, -so** 2.

Fantasear *v. intr.* Deixar correr a fantasía ou deixarse levar por ela.

Fantasia 1. *s. f.* Facultade de representar na mente algo que non existe. 2. *s. f.* Cousa sen fundamento real, produto da imaxinación.

Fantasma 1. *s. m.* Ser irreal dunha visión imaxinaria, espectro, espírito, pantasma. 2. *s.* véxase **fachendosa, -so** 2.

Fantoche véxase **fachendosa, -so** 2.

Fañicar *v. intr.* Traballar sen orde, sen gana, sen talento, sen resultado nin proveito. *var.* **fuchicar**.

Faragachos 1. *s. m. pl.* Ferros ou ferramentas revoltos e en mal estado. *var.* **farragachos; ferragacho**. 2. *s. m. pl.* Trapos que se empregan para envolver os nenos e as nenas.

Faragallo véxase **farrapo**.

Faragulla 1. *s. f.* Parte máis pequena e miúda do miolo do pan que sae ao esmigallalo ou partilo. *var.* **faragullo; farragullo**. *sin.* **miga, migalla**. 2. *s. f.* Porción minúscula de calquera cousa que se esmigalla ou se desfai.

Faragullar 1. *v. tr.* Desfacer o pan en fargullas.

var. **esfaragullar**. *sin.* **esmigallar**. 2. *v. tr.*

Desfacer calquer cousa en porcións mínimas.

var. **esfaragullar**. *sin.* **esmigallar**.

Faragullo véxase **faragulla**.

Farándula 1. *s. f.* Compañía ambulante de comediantes. 2. *s. f.* Profesión dos comediantes e actores de teatro, e todo aquilo que está relacionado co mundo do espectáculo. 3. *s. f.* Diversión bulideira en que participa un grupo de persoas.

Faranduleira, -ro 1. *adx.* Profesional que pertence ao mundo da farándula. 2. *adx.* Persoa que adopta unha actitude finxida, aparentando uns sentimentos que non ten ou esaxerándoos para enganar e pasar polo que non é. 3. *adx.* Persoa que é moi amiga da troula.

Farangallo 1. *s. m.* Trapo, roupa vella e refugable.

2. *s. m.* Anaco de tea que se desprende e colga nunha chaqueta ou calquera prenda de vestir.

3. *s. m.* Peza de roupa ou anaco de tea moi usado e roto. *sin.* **zarangallo; zarapallo**. 4. *s. m.* Calquera cousa refugable que colga ou sobresaie de algo.

Farapo* véxase **farrapo**.

Fardel 1. *s. m.* Saco pequeno de tea que se usa para levar cousas comestibles ou doutro uso.

2. *s. m.* Zurrón onde levan a comida as persoas que se dedican ao pastoreo. 3. *s. f.* Bolsa de tea que usan as persoas que labran para levar a merenda ao campo. 4. *s. f.* Taleiga que levan as persoas que cazan. 5. *s. f.* Taleiga que serve para dar de comer ás cabalerías. *var.* **fardela**. *sin.* **mochila; morral; zurrón**.

Fardela véxase **fardel**.

Fardelada véxase **fardelado**.

Fardelado *s. m.* Cantidad de comida que cabe nun fardel ou fardela. *var.* **fardelada**.

Farelo *s. m.* Casca do grao dos cereais despois de moídos e separada a fariña. *sin.* **relón**.

Farfallán, -na 1. *adx.* véxase **fanfurriñeira, ro**. 2. *adx.* Persoa que pronuncia mal. 3. *adx.* Persoa con suficiencia pero sen coñecemento.

Farfallar 1. *v. intr.* Falar sen coñecemento de causa e con presunción. 2. *v. intr.* Pronunciar algo con dificultade ou de maneira vacilante.

3. *v. intr.* véxase **fachendear**.

Farfalleira, -ro 1. *adx.* Persoa que articula os sons con dificultade ou dun xeito precipitado. *sin.*

farfalleira, -ro 2. *adx.* Persoa que fala sen coñecemento de causa e con presunción. *sin.* **farfullas.**

Farfallón, -na *adx.* Persoa chafalleira.

Farfantón, -na *adx.* Persoa forte, gallarda e de boa presenza.

Farfullada véxase **trangallada.**

Farfullar véxase **farfallar.**

Farfullas véxase **farfalleira, -ro.**

Farfalleira, -ro véxase **farfalleira, -ro.**

Fargallear *v. intr.* Nevar de forma intensa.

Fargallo 1. *s. m.* Vestido en malas condicións, trapo sucio. 2. *s. m.* Peza de roupa ou tea moi usada, gastada e esfarrapada. 3. *s. m.* Porción de neve que cae. 4. *s. m.* Papas de faríña con leite.

Fariá véxase **fariña.**

Fariña *s. f.* Po que se obtén ao moer os graos de certos cereais despois de lle quitar o farelo ou relón. *var.* **fariá.**

Fariñenta -to 1. *adx.* Algo que por cor e textura é semellante á fariña ou está enfariñado. 2. *s. m.* Planta silvestre da familia das quenopodiáceas (*Chenopodium album*), de talo herbáceo abrancazado, follas verdes pola cara e cinsentas polo envés e flores verdosas na espiga.

Farneiro *s. m.* Caixón grande do muíño en que cae a fariña moída.

Faro *s. m.* Foco luminoso.

Farol 1. *s. m.* Especie de candil que vai encerrado nunha caixiña de cristal, cunha abertura superior, de modo que non se apaga aínda que faga vento. 2. *adx.* Mentira esaxerada para enganar outras persoas.

Faroleira, -ro véxase **fachendosa, -so** 2.

***Farra** *s. f.* Diversión bulideira en que participa un grupo de persoas. *sin.* **festa, troula.**

Farraca véxase **farraco.**

Farracada *s. f.* Gran cantidade de calquera cousa, especialmente se están desordenadas.

Farracán, -na 1. *adx.* Persoa que non acada o desenvolvemento que adoita ser o habitual. 2. *adx.* Persoa que vale pouco, desprezable, inútil.

Farraco 1. *s. m.* Bolsa de tea de gran capacidade. 2. *s. m.* Taleiga ou saco pequeno, especie de

zurrón de tea ou coiro destinado aos pastores e pastoras. *var.* **farraca.** 3. *s. m.* Saco pequeno que se cose na roupa e serve para gardar obxectos miúdos ou para abrigar as mans. 4. *s. m.* Pequena cantidade dalgunha cousa. 5. *adx.* Persoa de baixa estatura. 6. *adx.* Persoa pouco desenvolvida.

Farragachar véxase **ferracachar.**

Farragachos véxase **faragachos.**

Farragullo véxase **faragulla.**

Farragús *adx.* Persoa pequena e insignificante.

Farramaco *s. m.* Disfrace do Entroido feito con farrapos ou falamendros.

Farrapa véxase **farrapo.**

Farrapar véxase **nevar.**

Farrapastrosa, -so *adx.* Persoa descoidada no aseio persoal e vestida con farrapos. *sin.* **esfarrapada, -do; esfarrapadalla, -do; enzarrapastrada, -do; farrapeira, -ro.**

Farrapeira, -ro véxase **esfarrapadalla, -do.**

Farrapo 1. *s. m.* Trapo. 2. *s. m.* Trapo sucio, pingallo. 3. *s. m.* Prenda de vestir abandonada en calquera lugar. 4. *s. m.* Roupa ou tea en malas condicións. *var.* **farrapa; faragallo.** *sin.* **perendello.** 5. *s. m.* Cada unha das porcións de auga conxelada que caen cando neva. *var.* **farapo.** *sin.* **faloupo; falopo; falopa; faloupa; farraspa; zalopa; zarrampallo; zarrampalo; faloupada; falampo, trapallo de neve.** 6. *s. m. pl.* Flocos da gaita. 7. *adx.* Persoa pouco hábil ou inservible para o traballo.

Farraposa, so 1. *adx.* Persoa que viste mal con prendas de vestir rotas ou moi gastadas. *var.* **esfarrapada, -do; esfarrapadalla, -llo.** 2. *adx.* Persoa miúda, feble, desmedrada, de baixa estatura.

Farraspa 1. *s. f.* Cantidade pequena de neve ou de auga. 6. *s. f.* Lixeira capa de neve. 2. *s. f.* Bátega de choiva ou de neve intensa e de corta duración. *sin.* **farraspada.** 3. *s. f. pl.* Restos, residuos, desperdicios dalgunha cousa sólida ou de cosas superfluas. 4. *s. f.* Véxase **farrapo** 5. *s. f.* Persoa farraposa, chea de farrapos. 6. *s. f.* Cousa miúda e insignificante.

Farraspada véxase **farraspa** 2.

Farruca, -co 1. *adx.* Persoa valente, insolente, fanfurríneira. 2. *adx.* Persoa ruín e desmedrada. 3. *adx.* Persoa de baixa estatura.

Farrucha, -cho 1. *adx.* Persoa grosa con moita carne ou graxa. 2. *adx.* Persoa orgullosa.

Farta, to 1. *adx.* Persoa que saciou a fame ou a sede. *sin.* **chea, -o**. 2. *adx.* Persoa que sente fastío, cansazo ou noxo ata os límites aturables. 3. *s.f.* Exceso en xeral, pero en particular de comida. *var.* **fartada; fartura, sin. chea; enchenta**.

Fartada véxase **farta** 3.

Fartar 1. *v. tr.* Satisfacer plenamente a fame ou a sede de alguén. *sin.* **encher**. 2. *v. prml.* Causar unha persoa ou cousa fastío ou noxo, ata chegar incluso ao límite que unha persoa pode soportar. *sin.* **aborrecer, cansar, encher**.

Fartura *s.f.* Abundancia, mesmo ata o exceso, de calquera cousa, principalmente de comida.

Fata, -to 1. *adx.* Persoa necia, tola. 2. *adx.* Persoa abofé que se deixa enganar con facilidade.

Fatada *s.f.* Dito ou feito que demostra pouca ou ningunha intelixencia.

Fatado véxase **fato**.

Fato 1. *s.m.* Atado de roupa. 2. *s.m.* Pequena bolsa ou paquete envolteito nun trapo que contén as cousas indispensables para unha viaxe ou para o pastoreo e que se leva ao lombo. 3. *s.m.* Conxunto persoas, cousas ou animais, polo xeral ovellas e cabras. *sin.* **fatado**.

Favo *s.m.* Panal onde as abellas depositan o mel.

Fea, o *adx.* Persoa, animal ou cousa que produce unha impresión desagradable aos sentidos ou ao intelecto, por carecer de perfección, beleza ou harmonía.

Febra 1. *s.f.* Anaco de carne magra, sen graxa. 2. *s.f.* Filete de porco que se xanta o segundo día da matanza. *var.* **freba***.

Febre 1. *s.f.* Aumento da temperatura corporal. *var.* **frebe***. *sin.* **quentura**. 2. *s.f.* Ansia, excitación moi intensa.

Febreiro *s.m.* Segundo mes do ano, que ten vinte e oito días, ou vinte e nove se o ano é bisesto.

Februda, do 1. *adx.* Algo que ten carne magra. 2. *adx.* Persoa valente, forzada, musculosa.

Feder *v. intr.* Desprender un olor moi desagradable. *sin.* **apestar; cheirar**.

Fedor *s.m.* Olor moi desagradable. *sin.* **cheiro; cheirume; peste; tufo**.

Fedorenta, -to *adx.* que desprende un olor moi desagradable que resulta molesto e noxento.

Feira 1. *s.f.* Mercado público, xeralmente ao aire libre, onde se compran e venden mercadorías, en particular produtos da terra e artesáns, e que se celebra en días fixos. 2. *s.f.* Día ou lugar en que se merca e vende gando maior.

Feirante 1. *s.* Persoa que comercia nunha feira. 2. *s.* Profesional que percorre as feiras para vender produtos. 3. *s. e adx.* Persoa que relea moito nas compras e vendas.

Feito 1. *s.m.* Acontecemento ou suceso que pasou ou que tivo lugar. 2. *s.* Produto ou persoa que acadou a súa madurez ou chegou ao seu punto final de elaboración. 3. *s.m.* véxase **feito**.

Feitura 1. *s.f.* Aspecto exterior dun corpo, figura ou forma dun corpo. 2. *s.f.* Factura, feito dun obxecto ou persoa.

Feixe 1. *s.m.* Montón, gavela ou atado de herba, leña ou palla. 2. *s.m.* Peso, carga excesivamente pesada para algo ou alguén.

Feixó 1. *s.m.* véxase **filloa** 2. *s.m.* Planta herbácea (*Phaseolus vulgaris*) con talos febles e rubideiros, follas grandes e froito comestible que nace en vaíñas planas con sementes en forma de ril. *vid. faba. sin. fréxol*.

Fel *s.m.* Líquido acedo e algo viscoso, de cor tirando a verde ou amarela, segregado polo fígado, que actúa no curso da dixestión. *sin. bile*.

Felgo véxase **feito**.

Feluxe *s.f.* Pó negro e graxo que o fume pega na superficie dos obxectos. *var.* **fuluxe. sin. borra**

Fender *v. tr.* Cortar un toro da madeira en dúas metades ou en rachas.

Fera 1. *s.f.* Animal salvaxe, en particular os da familia dos félidos. 2. *s.f.* Persoa de carácter moi violento. 3. *adx.* Animal que ataca con saña.

Ferida *s.f.* Lesión nos tecidos dun ser vivo que se produce por unha causa exterior, coma unha pancada, un corte, unha rabuñadura etc., normalmente acompañada de sangue.

Ferido *s.m.* Tempo que lle corresponde a un veciño ou veciña para gozar do beneficio das augas que se utilizan para o rego, xa que, como ten pouca auga, para atender a súa provisión e evitar as dificultades da escaseza, se reparten entre a veciñanza para que cada persoa goce dela durante oito horas por rigorosa quenda,

que comeza ao amencer, máis ou menos ás catro da mañá, ata o mediodía e oito da noite.
var. **frido***.

Ferir *v. tr.* Ocasionar unha ferida a un ser vivo.

Fermentación *s. f.* Proceso de transformación dun alimento sólido ou líquido provocado pola acción de encimas, bacterias ou fungos.

Fermentar *v. intr.* Ter lugar o proceso de fermentación. *sin.* **levedar**.

Fermento *s. m.* Substancia que provoca a fermentación mediante un proceso de reaccións químicas. *var.* **formento**. *sin.* **lévedo; ludo**.

Fermosa, -so *adx.* Persoa, animal ou cousa que produce unha impresión agradable á vista, ao oído ou, en xeral, que provoca pracer espiritual. *var.* **Formosa, -so**.

Ferra *s. f.* Lámina de ferro.

Ferracachada **1.** *s. f.* Conxunto de ferramentas.
2. *s. f.* Conxunto de tarecos e cacharros de ferro ou metálicos todos desordenados e revoltos. **3.** *s. f.* Conxunto de ferros de calquera clase. *var.* **ferranchada; ferraganchada**.

Ferracachar **1.** *v. tr.* Traballar o ferro de maneira torpe. **2.** *v. intr.* Andar con cacharros ou ferros. *var.* **Farragachar; ferregachar; ferragachar**.

Ferracacho *s. m.* Obxecto ou ferramenta de ferro, vello e inservible.

Ferrador, -ra *s.* Persoa que ten por oficio ferrar animais, especialmente as cabalerías.

Ferradura **1.** *s. f.* Peza de ferro curvada que se coloca por baixo dos pezuños dalgúns animais, sobre todo dos cabalos, pero tamén das vacas e dos bois, para protexelos. **2.** *s. f. pl.* Pezas pequenas de ferro que están na sola do zapato.

Ferragachar véxase **ferracachar**.

Ferragachos véxase **faragachos**.

Ferramenta **1.** *s. f.* Obxecto, xeralmente de ferro, do que unha persoa se serve para realizar traballos manuais. **2.** *s. f.* Conxunto deses obxectos. **3.** *s. f.* Conxunto dos dentes que teñen na boca as persoas e certos animais.

Ferraña *s. f.* Orxo, avea ou centeo que se sega verde, antes de que espigue, e que se utiliza como forraxe para os animais. *sin.* **ferraxa; forraxe; ferraxeiro; alcacén; alcacer**.

Ferrar **1.** *v. tr.* Poñerlle ferraduras a un animal. **2.** *v. tr.* Gornecer ou protexer algo con pezas de ferro.

Ferraría *s. f.* Obradoiro onde traballan os ferreiros e ferradores. *var.* **ferrería**. *sin.* **forxa, fragua, mazo**.

Ferraxa véxase **ferraña**.

Ferraxeiro véxase **ferraña**.

Ferraxería *s. f.* Tenda onde se venden produtos elaborados con ferro ou metálicos.

Ferrecha véxase **cona**.

Ferregachar véxase **ferracachar**.

Ferreiro, -ra *s.* Persoa que ten por oficio traballar o ferro e outros metais.

Ferreña, -ño *adx.* Persoa ruín, raquítica.

Ferrete **1.** *s. m.* Cada unha das pezas, xeralmente metálicas, que se colocan nos cabos dos amallós para facilitar a entrada destes polos agulletes. **2.** *s. m.* Aro de arame que se lles pon aos porcos no focín para que non focen. **3.** *s. m.* Órgano en forma de puga que teñen no extremo do abdome algúns insectos, como a abella ou a avéspora, e outros invertebrados, como o alacrán, co que pican e inoculan o veneno. **4.** *s. m.* Cópula.

Ferro *s. m.* Elemento químico metálico de transición, de cor parecida ao gris, moi abundante na natureza e fácil de traballar, polo que ten numerosas aplicacións na industria e nas artes.

Ferralla *s. f.* Conxunto de ferros vellos. *sin.* **chatarra**.

Ferralleira, ro **1.** *s.* Persoa que fai ou vende obxectos de latón ou doutros metais. **2.** *s.* Persoa que ten por oficio traballar o ferro e outros metais. *sin.* **ferreiro**. **3.** *adx.* Animal que leva ferraduras.

Ferrollo *s. m.* Aparello composto principalmente por unha barra de ferro que serve para pechar portas ou fiestras. *var.* **forrollo***.

Ferruña véxase **ferruxe**.

Ferruño véxase **ferruxe**.

Ferruxa véxase **ferruxe**.

Ferruxe *s. m.* Efecto da corrosión sufrida polo ferro ou as súas aliaxes en contacto coa humidade ou co aire que forma unha capa de cor tirando a vermella. *var.* **ferruxa; ferruxo; furruxe*; furruxo*; forruxa*; forruxe*, ferruña*; ferruño*; furruño***.

Ferruxenta, -to véxase **furruñosa, -so**.

Ferruxo véxase **ferruxe**.

Ferver *v. intr.* Líquido que aburbulla baixo o efecto da intensa calor ou dos fermentos.

Fervida véxase **fervudo**.

Fervido véxase **fervudo**.

Fervor 1. *s. m.* Acción e efecto de ferver. *var.*

Fervura. 2. *s. m.* Grande entusiasmo e paixón por unha idea ou por alguén.

Fervudo *s. m.* Viño quente medicinal que se prepara cocéndoo con mel, azucre ou unto para tomalo como emoliente e expectorante. *var. fervido; fervida*.

Fervura véxase **fervor** 1.

Festa 1. *s. f.* Día no que a localidade celebra a festividade do seu patrón ou santo. 2. *s. f.* Conxunto de actos e entretementos que se organizan nun lugar para celebrar algo. 3. *s. f.* Cousa que diverte, *sin. troula*.

Festeira, -ro véxase **festexeira, -ro**.

Festexar *v. tr.* Conmemorar ou celebrar algo cunha festa.

Festexeira, -ro *adx.* Persoa amiga de se divertir e andar de troula. *var. festixeira*, -ro; festuxeira*, -ro; festeira, -ro*.

Festixeira, -ro véxase **festexeira, -ro**.

Festuxeira, -ro véxase **festexeira, -ro**.

Fiador, -ra 1. *adx.* véxase **fiandeira, -ro**. 2. *s.* Persoa que responde economicamente doutra.

Fiadeira, -ro *s.* Persoa que se dedica a fiar a la, o liño etc. *sin. Fiador, ra*.

Fiandón *s. m.* Reunión nocturna, xeralmente da mocidade, nunha casa particular ou noutro local, durante os meses de inverno; nela as vellas fiaban, botábanse contos e historias, bebíase e adoitaba rematar con bailes e cantos. *var. filandón**.

Fiar 1. *v. tr.* Converter as fías téxtiles en fio mediante o fuso e a roca. 2. *v. tr.* Enlazar unha cousa con outra. 3. *v. tr.* Caer a fio un líquido. 4. *v. tr.* Vender sen cobrar no momento. 5. *v. tr.* Asegurar que unha persoa cumprirá as obrigas contraídas comprometéndose a pagar por ela se non o fixese. 6. *v. tr.* Confiar.

Fibela 1. *s. f.* Peza de metal ou doutro material, xeralmente cunha ou máis puntas montadas nun eixe, que prende unha correa ou fita. 2. *s. f.* Órgano sexual feminino. *var. fibeleta*.

Fibeleta véxase **cona**.

Ficha 1. *s. f.* Peza pequena plana e delgada que se usa para os xogos de mesa. 2. *s. f.* Folla ou cartolina onde se anotan datos que se gardan nun arquivo. 3. *s. f.* Compromiso mediante contrato dun traballador, xeralmente un deportista.

Fichar 1. *v. intr.* Facer constar a hora de entrada e saída do traballo introducindo unha ficha ou cartón plástico nunha máquina apropiada para ese fin. 2. *v. tr.* Contratar un club ou sociedade os servizos dunha persoa, xeralmente un xogador ou xogadora. 3. *v. tr.* Coñecer, decatarse dos defectos ou vicios dunha persoa. 4. *v. tr.* Facer figurar nos arquivos policiais, médicos, académicos etc.

Fichaxe *s. f.* Acción ou efecto de fichar.

Fieita *s. f.* Planta da natureza do feito (*Aspidium filix-femina*) con rizoma curto e follas de lóbulos algo dentados máis finas e alongadas ca as do feito. *sin. folgueira*.

Fieito 1. *s. m.* Planta da que existen distintas especies que pertencen a unha mesma clase (*Pteridium aquilinum*) e que se caracteriza por ter follas segmentadas, carecer de flores, ter xeralmente o talo subterráneo e ser propia de lugares húmidos e frescos. *var. feito. sin. fulgueiro*; folgueiro; faínto; feleco; felgo*.

Figal *s. f.* Árbore da familia das moráceas (*Ficus carica*), de altura media, follas grandes e lobuladas e madeira clara que racha con moita facilidade, que dá como froito o figo. *sin. figaleiro; figaleira; figueira*.

Figaleira véxase **figal**.

Figaleiro véxase **figal**.

Figo *s. m.* Froito da figueira, moi brando e doce, de pel fina morada, verde ou negra e carne chea de sementes miúdas.

Figueira véxase **figal**.

Figueiral *s. m.* Conxunto ou terreo poboado de figueiras.

Figueiras *s. f. pl.* Vultos ou excrecencias que lles saen arredor do ubre ás vacas ou ás cabras.

Filadeira 1. *s. f.* Conxunto ou serie de persoas, animais ou cousas, que están colocadas unha detrás doutra formando unha liña. 2. *s. f.* Sentido común, xuízo, razón.

Filandón* véxase **fiandón**.

Filar* véxase **fiar** 1.

Filiparda véxase **borracheira**.

Fillastra, -tro *s.* Filla ou filla doutra persoa distinta da cónxuxe que se tivo nunha unión anterior.

Filla, o *1. s.* Calquera persoa ou animal en relación cos seus pais ou nais. *2. s.* Calquera persoa en relación ao país, vila ou lugar do que é natural. *3. s.* Gromo, rebento, talo novo que sae nas plantas.

Filloa *1. s. f.* Doce que se fai con ovos, leite ou auga e fariña, todo mesturado, e forma un amoadado que se frite nunha filloeira e ao que se lle pode engadir logo azucre ou mel. *sin. freixó; feixó; freixolo**. *2. s. f.* Masa que se fai con ovos, leite ou auga, fariña e sangue do porco, todo mesturado, e forma un amoadado que se frite nunha filloeira. *var. filloga*. *3. s. m.* Costros con leite que se extraen inmediatamente antes de parir.

Fincada véxase **fincado**.

Fincado *s. m.* Acción e efecto de fincar unha cousa noutra. *var. fincada*.

Fincar *1. v. tr.* Introducir ou cravar algo afiado ou rematado en punta nunha superficie facendo presión. *sin. espetar*. *2. v. intr.* Quedar nun lugar.

Fingallo *s. m.* Fío solto da roupa. *sin. fio*.

Fío *1. s. m.* Porción fiada e torcida, dun material téxtil de orixe vexetal, animal ou química, moi delgada e longa e que se utiliza para coser ou tecer. *sin. fingallo*. *2. s. m.* Parte afiada dun instrumento cortante.

Fiollal *s. m.* Lugar abundante en fiollos.

Fiollo *s. m.* Planta da familia das umbelíferas (*Phoenixulum vulgare*) de talo delgado e algo oco, follas fendidas en tiras finas coma fíos e flores amarelas en umbela, de cheiro a anís e gusto doce que se utiliza en medicina e como condimento. *var. ciollo*.

Firma *1. s. f.* Tira de tela ou pano, coma dunha cuarta de anchura, que se aplica á parte interior e inferior da saia ou vestido para darlles consistencia. *2. s. f.* Nome propio e apelidos con que si firma. *sin. sinatura; rúbrica*. *3. s. f.* Nome dunha empresa ou marca comercial.

Firmar *1. v. tr.* Poñer a firma ou sinatura nun documento oficial ou nunha carta. *sin. asinar, rubricar*. *2. v. intr.* Comprometerse mediante contrato. *3. v. prml.* Suxecitarse, apoiarse.

Firme *1. adx.* Persoa ou cousa que non se move da posición en que está. *sin. segura, -ro*. *2. adx.* Cousa que ten consistencia e dureza para non se modificar nin alterar. *sin. sólida, -do, segura, -ro*. *3. s. m.* Terreo ou chao sólido e resistente sobre o que se pode construír. *4. s. m.* Capa de pedra moída que serve para consolidar un pavimento dunha estrada.

Firmeza *1. s. f.* Actitude das persoas rectas, firmes. *2. s. f.* Calidade das cousas sólidas, seguras.

Fita *1. s. f.* Cinta que substitúe aos colares nas camisas antigas de Ancares. *2. s. f.* Tira de tea estreita e longa que serve para atar, prender ou adornar. *sin. cinta*.

Flor véxase **fror**.

Florecer véxase **frocer**.

Foceiras *s. f. pl.* Sucidade ou restos de comida que quedan arredor da boca.

Focexar *1. v. intr.* Respirar de maneira aparatosa e de forma intencionada. *2. v. tr.* Tratar de saber ou de se informar dos asuntos alleos, de maneira indiscreta e só por curiosidade. *sin. focicar*. *2.*

Focicada *s. f.* Pancada que se dá nos beizos ou nos morros. *var. fociñada*.

Focicar *1. v. intr.* Caer de focicos ou fociños. *var. enfocicar; enfucicar*, enfocicar; afocicar; afucicar**. *2. v. tr.* Tratar de saber ou de informarse dos asuntos alleos, de maneira indiscreta e só por curiosidade. *var. enfocicar, enfucicar*; enfocicar; afocicar; afucicar*, focexar*. *3. v. tr.* Escaravellar ou levantar terra co focín como fan os porcos e xabariños. *var. esfocicar; fucicar*; afucicar*; afocicar; fuzar*; fozar*. *3. v. intr.* Enfadarse, enfurruñarse, poñerse de morros unha persoa.

Focico *1. s. m.* Parte máis ou menos prolongada da cara dos mamíferos, onde está a boca e o nariz ou os morros. *var. fuciño*; focín; fociño*. *2. s. m.* Sentimento de desgusto e rabia á vez. *var. fucico**.

Focicón, na *1. adx.* Persoa que se enfada por nada. *2. s.* Persoa que se entremete en todo.

Fociñada *s. f.* Golpe que se dá no fociño.

Focín véxase **focico**.

Foder *1. v. tr.* Manter relacións sexuais, copular. *sin. galear; engalear*. *2. v. tr.* Molestar, amolar ou enfastiar alguén. *3. v. tr.* Roubar. *4. v. tr.* e

- v. prml.* Avariar, estragar, derramar. **5.** *v. prml.* Recibir un prexuízo ou molestia.
- Fofa, fo 1.** *adx.* Persoa ou animal con moita carne ou graxa e pouca saúde. **2.** *adx.* Cousa mol, branda, dondia.
- Fogaceira** *s. f.* Táboa que se suspende no teito, na que se atravesaban paus de dous en dous, para colocar de dez a catorce fogazas.
- Fogarata** véxase **fogueirada**.
- Fogaza** *s. f.* Peza de pan redonda e aplanada, que pode pesar máis dun quilo.
- Fogo 1.** *s. m.* Artificio de pólvora. **2.** *s. m.* Disparo que se produce por unha arma de fogo. **3.** *s. m. pl.* Conxunto de pezas explosivas que se queiman nun festexo e que producen efectos luminosos e estoupidos. *sin.* **foguete**.
- Fogón 1.** *s. m.* Peza da cociña de gas ou eléctrica onde se poñen as potas a queantar. **2.** véxase **lareira**.
- Fogosa, -so 1.** *s. m.* Persoa impetuosa, que ten moito impulso vital ou sexual. **2.** *s. m.* Persoa alterada ou nerviosa.
- Fogear 1.** *v. tr.* Queimar, chamear. **2.** *v. tr.* Sentir calor en exceso no corpo ou nalgunha das súas partes. **3.** *v. tr.* Afacer, adestrar alguén nunha actividade nova. **4.** *v. intr.* Amosar inquietude ou un desexo esaxerado de facer algo.
- Fogueira 1.** *s. f.* Lume feito no chao e ao aire libre que produce moita chama. *sin.* **fogueirada, fogarata**. **2.** *s. f.* Feixe de leña disposto para arder.
- Fogueirada** *s. f.* Fogueira grande. *var.* **fogarata**.
- Foice** véxase **fouce**.
- Foira** *s. f.* Evacuación frecuente de excrementos líquidos. *var.* **foirica**. *sin.* **descomposición; derrea*; diarreada; fueira; fulixa; furriqueira**.
- Foirica*** véxase **diarreadas**.
- Foirón, -na 1.** *adx.* Persoa que padece diarrea ou descomposición. **2.** *adx.* Persoa medrosa, acovardada, cagona.
- Foiz*** véxase **fouce**.
- Foizada** véxase **fouzada**.
- Fol 1.** *s. m.* Instrumento para lle dar aire ao lume e mellorar a combustión. **2.** *s. m.* Saco de coiro cosido que serve para conter líquidos ou almacenar fariña ou grao. *sin.* **foleco**. **3.** *s. m.* Parte da gaita onde se almacena o aire. A gaita berciana chámase *gaita de fol*, ten o fol máis pequeno ca o da gaita galega e está afinada en si bemol.
- Foleca** véxase **foleco**.
- Foleco 1.** *s. m.* Zurrón de pel sen pelo e de coiro destinado a levar alimentos. **2.** *s. m.* véxase **fol**. **3.** *s. m.* Fendedura ou rachadura que se encontra nunha superficie. *var.* **Foleca**. **4.** *adx.* Persoa gorda, inchada, pesada ou de movementos lentos.
- Folga 1.** *s. f.* Espazo de tempo en que as persoas deixan de traballar para descansar. **2.** *s. f.* Descanso que se lle dá a unha terra de labor para deixala en barbeito. **3.** *s. f.* Falta de vontade para traballar ou para facer algo que require algún esforzo. **4.** *s. f.* Interrupción do traballo para os traballadores e traballadoras reivindicaren uns dereitos laborais.
- Folgancia** véxase **folganza**.
- Folganza** *s. f.* Situación da persoa que folga, sobre todo se é por falta de vontade. *var.* **folgancia**. *sin.* **folgueta**.
- Folgar 1.** *v. intr.* Non realizar ningunha actividade, ter descanso. **2.** *v. intr.* Estar un ano de barbeito a terra de labor.
- Folgazán, -na** *adx.* Persoa pouco amiga de traballar e que bota todo o tempo sen facer nada. *sin.* **fouzán, -na; ganguela, -lo; lacazán, -na; manguela, -lo, mangante; manguán -na**. **2.** Vaca que non se separa da gandra e vai sempre ao lado da vaca que leva o chocallo.
- Folgazanear** *v. intr.* Estar voluntariamente sen facer nada, sen traballar. *sin.* **lacazanear**.
- Folgo 1.** *s. m.* Respiración, alento. **2.** *s. m.* Tempo de respiro ou descanso dunha actividade. **3.** *s. m.* Forza, ánimo, alento, vida.
- Folgueira** véxase **fieita**.
- Folgueiro** véxase **fieito**.
- Folgueta** *s. f.* Situación da persoa que folga, sobre todo se é por falta de vontade, vagancia ou desgana para o traballo. *sin.* **folganza**.
- Folgura 1.** *s. f.* Calidade do que non está apertado. **2.** *s. f.* Situación económica sen apuros.
- Folla 1.** *s. f.* Órgano vexetal, de cor xeralmente verde e forma de lámina delgada, que nace no talo, nas pólas e mesmo nas raíces das plantas. **2.** *s. f.* Conxunto destes órganos ou de pólas con estes órganos. **3.** *s. f.* Lámina metálica dos instrumentos e das armas cortantes. **4.** *s. f.*

Lámina alongada e delgada de calquera material (metal, papel, pescado etc.).

Follaca véxase **follaco**.

Follacal *s. m.* Morea grande de follas da árbore.

Follaco **1.** *s. m.* Conxunto de follas e pólas resultantes da poda das árbores. **2.** *s. m.* Calquera planta herbácea con follas grandes. **3.** *s. m.* Póla do carballo con moitas follas. *var.* **Follaca**.

Folloa *s. f.* Primeira folla da árbore.

Fonda **1.** *s. f.* Establecemento de hostalería que ten cuartos para durmiren os hóspedes. *sin.* **pensión**. **2.** *s. f.* e *adx.* véxase **fondeiro**.

Fondeira véxase **fondeiro** **1** e **3**.

Fondeiro **1.** *s. m.* Lugar baixo, afundido ou que está ao fondo doutros. *var.* **fondo**; **fondeira**. **2.** *s. m.* Distancia que hai desde a parte máis alta á máis baixa de algo. *sin.* **fondo**. **3.** *s. m.* Parte máis baixa dunha cousa. *var.* **fundeiro***. *sin.* **fondo**. **4.** *s. m.* Terreo que linda ou limita pola parte de baixo dunha leira ou terra. **5.** *adx.* Algo que ten o fondo lonxe da superficie ou da saída. *var.* **fonda**, **-do**.

Fondo **1.** *s. m. pl.* Partes de debaixo dun vestido. **2.** *s. m.* véxase **fondeiro** **1**, **2** e **3**.

Fondolia *s. e adx.* Animal ou persoa que come de forma excesiva.

Fonte **1.** *s. f.* Lugar onde mana ou nace a auga, que pode proceder dunha corrente subterránea natural ou ser conducida de forma artificial. *sin.* **fontela**. **2.** *s. f.* Prato grande para colocar comida na mesa. *sin.* **bandexa**.

Fontela véxase **fonte**.

Fóra **1.** *adv.* Na parte exterior dun sitio. **2.** *adv.* Ausente dun lugar.

Forasteira, **-ro** **1.** *s.* Persoa que é doutra aldea ou vila. **2.** *adx.* Persoa ausente.

Forca véxase **forquita**.

Forcada véxase **forquita**.

Forcadela **1.** *s. f.* Insecto ortóptero (*Forficula auricularia*) de corpo aplanado de cor parda, unha pinza córnea e móbil no extremo do abdome e antenas articuladas, que se agocha durante o día debaixo das pedras ou da casca das árbores. **2.** *s. f.* Animal similar ao cempés, de cor avermellado. **3.** *s. f.* Muller espelida.

Forcilleira *s. f.* Mecanismo ou trampa de arame que se emprega para cazar paxaros. *sin.* **gouccilleira**; **paxareira**; **zorcilleira***.

Forcia *s. f.* véxase **forza**.

Forciosa, **-so** **1.** *adx.* Algo que se ten que realizar por forza, de maneira inevitable ou necesaria. *var.* **forzosa**. **-so**. **2.** *adx.* Algo que é imposto á forza, en particular por unha autoridade. *var.* **forzosa**. **-so**.

Forciuda, **-do** *adx.* Persoa que ten unha forza física excepcional. *var.* **forzada**, **-do**.

Forcón *s. m.* Estaca que está diante do carro e grazas á cal se aumenta a capacidade de carga.

Fordigueira véxase **cepo** **4**.

Formentar *v. intr.* Transformarse unha materia orgánica pola acción de fermentos. *var.* **fermentar**. *sin.* **levedar**.

Formento **1.** *s. m.* Substancia orgánica que provoca reaccións químicas noutras substancias, sen que ela mesma se modifique en aparencia. *var.* **fermento**. **2.** *s. m.* Masa de fariña fermentada que se emprega para levedar o pan. *sin.* **lévedo**.

Formiga *s. f.* Pequeno insecto da orde dos himenópteros, polo xeral de cor negra, que vive en colonias moi numerosas organizadas en clases, e do que existen varias especies.

Formigo **1.** *s. m.* Primeiro leite que dá unha femia despois de parir. **2.** *s. m.* Gachas, comida feita con pan esmiuzado, trigo ou millo cocidos con auga ou leite. **3.** *s. m.* Sensación incómoda de ter formigas movéndose debaixo da pel. *var.* **formigueiro**; **formiguillo**. **4.** *s. m.* Neno pequeno.

Formigueiro **1.** *s. m.* Conxunto de galerías e compartimentos, polo xeral subterráneos, onde viven as formigas. **2.** *s. m.* Lugar onde hai moita xente movéndose. **3.** *s. m.* véxase **formiguillo**.

Formiguillo *s. m.* Sensación de proído ou formiguexo que se sente nos pés ou nas mans ao estirar as pernas ou os brazos despois de telos moito tempo dobrados ou apertados impedindo a normal circulación do sangue. *var.* **formigo**; **formigueiro**.

Fornada **1.** *s. f.* Conxunto de pezas que se cocen nun forno dunha soa vez. **2.** *s. f.* Conxunto de fogazas que se cocen dunha vez. **3.** *s. f.* Conxunto de persoas que obteñen un título ao mesmo tempo e na mesma institución educativa. *sin.* **promoción**.

Fornalla véxase **fornela**.

Fornazo *s. m.* Perdiz de caza que se guisa no forno.

Fornela *1. s. f.* Parte inferior, baixa e cóncava do forno onde se botan o rescaldo e a cinza. *sin. fornalla.*

Forno *1. s. m.* Construción normalmente abovedada usada para cocer o pan e outros alimentos que ten un respiradoiro ou fumeiro e unha porta ou entrada. *2. s. m.* Construción dentro da que se producen altas temperaturas, que se utiliza para cocer fundir e logo transformar certas materias. *3. s. m.* Aparello doméstico de forma cadrada ou rectangular, que pode ir incorporado ou non á cociña, onde se cocen, asan ou quentan alimentos. *4. s. m.* Establecemento comercial ou lugar onde se coce e vende pan, empanadas, roscas etc.

Foroncho véxase **furuncho**.

Forqueta véxase **forquita**.

Forquiña *s. f.* Forcada de ferro pequena.

Forquita *1. s. f.* Instrumento de labranza co mango longo que remata en dúas ou máis gallas e pode ser todo de madeira ou ben ter as gallas de ferro. *var. forca; forcada; furquita**. *2. s. f.* Cantidade que se colle dunha vez coa forca. *3. s. f.* Forca pequena. *var. forqueta.*

Forra *adx.* Femia que non queda preñada.

Forraxa véxase **ferraxa**.

Forrollo* véxase **ferrollo**.

Forruxa* véxase **ferruxe**.

Forruxe* véxase **ferruxe**.

Fortaleza *1. s. f.* Bo estado físico con capacidade de resistir e aguantar un traballo ou un peso, ou mesmo dificultades. *2. s. f.* Estado anímico ou moral que permite soportar dificultades e contrariedades. *3. s. f.* Recinto fortificado. *sin. forte, fortificación.*

Forte *1. adx.* Persoa dotada de forza física, capaz de realizar grandes esforzos. *2. adx.* Persoa que ten forza moral para resistir as probas a que se ve sometido. *3. adx.* Algo que é resistente, que non rompe ou se destrúe con facilidade. *sin. dura, -ro*. *4. adx.* Alimento nutritivo ou de alto valor enerxético. *5. adx.* Algo que presenta unha alta concentración dunha determinada substancia.

Foruncho* véxase **furuncho**.

Forxa *1. s. f.* Forno onde se quentan os metais para forxar. *sin. fragua*. *2. s. f.* Obradoiro onde está o forno de forxar. *sin. ferraría; ferrería; fragua*. *3. s. f.* Fábrica de fundición.

Forxado *1. s. m.* Argamasa de cal, area e auga empregada na construción. *2. s. m.* Operación para realizar as separacións horizontais entre os andares dun edificio. *3. adx.* Acción e efecto de forxar.

Forxar *1. v. tr.* Dar forma co martelo a unha peza de metal quentada previamente. *sin. fraguar*. *2. v. tr.* Crear, formar, imaxinar. *3. v. intr.* Cuallar un encofrado de argamasa ou formigón nunha construción. *sin. fraguar*.

Forza *1. s. f.* Capacidade para realizar un traballo, soportar un peso ou mover algo con esforzo. *var. forcia*. *2. s. f.* Poder para vencer ou obrigar alguén a facer algo. *var. forcia*. *3. s. f.* Uso do poder físico ou moral para facer ou conseguir algo. *var. forcia*. *4. s. f.* Uso da violencia ou ameaza para conseguir un fin. *var. forcia*.

Forzar *1. v. tr.* Facer forza, esforzo ou violencia para conseguir un propósito. *var. forciar*. *2. v. tr.* Violar unha persoa. *var. forciar*. *3. v. tr.* Esaxerar un feito ou unha explicación.

Fosca, -co *1. adx.* Persoa tüzara que non se relaciona facilmente e resulta pouco amable no trato. *var. fusca, -co*. *2. adx.* Algo sucio, manchado de terra. *var. fusca, -co*. *3. adx.* Algo escuro tirando a negro. *var. fusca, -co*. *4. adx.* Ceo anubarrado e engrisallado. *var. fusca, -co*. *5. adx.* Persoa adoito enfadada ou con mal xenio. *var. fusca, -co*.

Fouce *1. s. f.* Instrumento de labranza de folla curva, grosa e forte, co mango máis longo ca o da fouciña, que se utiliza para rozar ou cortar pólas, silvas e arbustos de talo duro. *var. fouz*; foice; foiz*; fouzo*.

Foucello *s. m.* Fouce de mala calidade, ou pequena ou vella.

Foucín *1. s. m.* Fouce pequena de mango curto e folla sen dentes que se usa para cortar herba ou segar outono.

Fouz* véxase **fouce**.

Fouzada *s. f.* Golpe dado cunha fouce. *var. Foizada*.

Fouzán, na* véxase **folgazán, -na; manguela, -lo**.

Fouzo véxase **fouce**.

Foxanco *s. m.* Cavidade ou burato no terreo.

Fozar véxase **focicar**.

Fozón, na 1. *adx.* Porco ou xabarán que escarva co focín. **2.** *adx.* Persoa que soba moito. **3.** *adx.* Persoa torpe que todo o estraga.

Fraca, co *adx.* Persoa de poucas carnes, delgada e osuda. *var.* **fraque**. *sin.* **delgada, -do**.

Fraga *s. f.* Lugar pedregoso moi pendente e perigoso.

Fragosa, -so 1. *adx.* Costa perigosa para o gando e para as persoas. **2.** *adx.* Terreo áspero, escarpado e rochoso.

Fragua véxase **forxa**.

Fraire *s. m.* Indivíduo que pertence a unha orde relixiosa. *var.* **freire**.

Fraque* véxase **fraca, -co**.

Fraquecer véxase **enfraquecer**.

Fraqueza 1. *s. f.* Calidade de ser ou estar unha persoa delgada ou fraca. **2.** *s. f.* Debilidade, ausencia de vigor e enerxía.

Frasca 1. *s. f.* Conxunto de cousas sucias ou de aspecto desagradable, coma os excrementos sólidos. **2.** *s. f.* Fedor, cheiro insoportable. **3.** *s. f.* Epidemia que afecta ao mesmo tempo e no mesmo lugar a un gran número de persoas. *sin.* **andancia**. **4.** *s. f.* Toda cousa molesta.

Frasco 1. *s. m.* Recipiente parecido á botella, pero máis pequeno e de varias formas, xeralmente de vidro ou cerámica e que se utiliza para conter líquidos, pastillas ou outras substancias. **2.** *s. m.* Corno da vaca que serve para levar o sal á mallada. **3.** *s. m.* Disfrace do Entroido. **4.** *s. m.* Peza de roupa ou anaco de tea moi gastado e roto. **5.** *adx.* Persoa desaseada e esfarrapada, de presenza pouco presentable.

Frauga véxase **fragua**.

Freba véxase **febra**.

Frega 1. *s. f.* Acción e efecto de fregar. **2.** *s. f. pl.* Fricións nalgunha parte o corpo para aliviar dores ou molestias. **3.** *s. f.* Malleira, tunda, azoutas que se lle dan a unha persoa ou animal.

Fregadeira 1. *s. f.* Pía que serve para fregar a louza. **2.** *s. f.* Lugar do río onde se desovan as troitas.

Fregar 1. *v. tr.* Limpar algo pasando un cepillo ou estropallo empapado en auga e xabón. **2.** *v. tr.* Desovaren as troitas no río. **4.** *v. prml.* Rañárense os animais contra un obxecto duro e rugoso para aliviar un proído.

Fregón *s. m.* Sitio ou paraxe no río onde se desovan as troitas, dende primeiros de novembro ata o Día de Reis nos ríos bercianos. *var.* **fregadeira**.

Fregotear *v. tr.* Fregar ás présas. *var.* **fregotiar***.

Freita 1. *s. f.* Corremento de terras provocado pola chuvia ou outro fenómeno. *sin.* **freitada**.

2. *s. f.* Barranco, desnivel, salto ou fenda no terreo; se é no río fai fervenza. **3.** *s. f.* Paso estreito entre montes, val estreito.

Freitada véxase **freita 1**.

Freixedo *s. m.* Lugar abundante en freixos.

Freixo *s. m.* Árbore da familia das oleáceas (*Fraxinus excelsior*) de mediana altura, pólas abundantes, tronco grosso cor cinsa, e de madeira branca apreciada pola súa elasticidade. Crece habitualmente á beira dos ríos.

Freixó véxase **filloa**.

Freixolo* véxase **filloa**.

Freque 1. *s. m.* Conxunto de fíos ou cordóns que, a modo de adorno, colgan dun tecido. **2.** *s. m.* Guecho de pelo que colga. **3.** *s. m.* Melena das mulidas das vacas. **4.** *s. m.* Pingallo, tecido que colga de roupa vella e esfiada.

Fréxol *s. m.* Planta herbácea (*Phaseolus vulgaris*) da familia das leguminosas con sementes alongadas, da que existen distintas variedades comestibles e das que nunhas se aproveita a casula coas sementes aínda verdes ou tenras e noutras as sementes secas. *sin.* **feixó; faba** [o **feixó** é máis pequeno que a **faba** e o **fréxol** é o feixó en verde].

Friaxe *s. f.* Intenso frío ambiental.

Frido* véxase **ferido**.

Frioleira, -ro *adx.* Persoa moi sensible ao frío. *var.* **friolenta, -to; friorenta, -to**.

Friolenta, -to véxase **frioleira, -ro**.

Friorenta, -to véxase **frioleira, -ro**.

Frisga 1. *s. f.* Artificio de pesca composto por unha forcada de ferro con cinco dentes de quince a vinte centímetros de lonxitude, unida a un mango formado por unha vara de catro metros aproximadamente, que se emprega para espichar troitas e outros peixes. **2.** *s. f.* Calquera vara longa, delgada e flexible.

Fritir *v. tr.* Cocinar un alimento nun recipiente con aceite ou graxa moi quente.

Frieira 1. *s. f.* Lugar onde vai moito frío 2. *s. f.* Inflamación con proído na pel provocada polo frío, especialmente en manos, orellas e pés.

Friúra *s. f.* Frío moi intenso.

Fromosa, so* véxase **fermosa, so**.

Froncho* véxase **furuncho**.

Frontada *s. f.* Limite entre dúas propiedades ou dous territorios. *var.* **fronteira**. *sin.* **linde; lindeiro; límite**.

Fronteira 1. *s. f.* Liña divisoria entre dúas demarcacións administrativas. 2. véxase **frontada**.

Fronxo *s. m.* Froito silvestre, chufa que se acaba de arrincar.

Fror *s. f.* Parte da planta formada por follas de vivas cores, xeralmente de recendo agradable, onde están os órganos reprodutores. *var.* **flor**.

Frorecer 1. *v. intr.* Botar flores unha planta ou unha árbore. 2. *v. prnl.* Encherse de flores un prado ou un campo. *var.* **enfrorecer; florecer**.

Frota véxase **frotaxa**.

Frotaxa *s. f.* Utensilio que se compón dunha prancha rectangular e unha asa que usan as persoas que traballan na albanelería para soste a masa cando se dá coa paleta ou cando se repasa. *var.* **frota**. *sin.* **esparavel**.

Frunda *s. f.* Trebello formado por unha tira de coiro cun cordel en cada extremo que se fai xirar con forza para lanzar unha pedra ou outro proxectil ao soltar un dos cordeis.

Fuchicar 1. *v. intr.* Remexer e levantar a terra un animal co focico. 2. *v. intr.* Remexer nunha cousa sen ter coñecemento e sen lle tirar proveito. *sin.* **fañicar**.

Fucicar* véxase **focicar**.

Fucico* véxase **focico**.

Fucín véxase **focico**.

Fuciño véxase **focico**.

Fueira véxase **foira**.

Fuleira, -ro *adx.* Persoa embusteira, mentireira, enganadora.

Fulgueira* véxase **fieita**.

Fulgueiro* véxase **fieito**.

Fulicas 1. *adx.* Persoa que é de poucas palabras. 2. *adx.* Persoa reservada e taciturna. 3. *adx.* Persoa trampa, mentireira.

Fulixa véxase **foira**.

Fumadeira *s. f.* Conxunto de gases ou emanacións gasosas que se desprenden dos corpos en combustión.

Fumar *v. intr.* Aspirar e despedir o fume do tabaco ou doutras substancias que se queiman en cigarros ou pipas.

Fumareda 1. *s. m.* Fume co que se curan os embutidos e outros produtos cárnicos. 2. *s. m.* Porción de fume que sae dunha vez e que se fai con algunhas plantas específicas, como as chaveiras, para fins concretos, como por exemplo, para escorrentar as meigas. 3. *s. f.* Abundancia de fume. *var.* **fumadeira; fumazo; fume**.

Fumazo véxase **fumareda**.

Fume *s. m.* Conxunto de gases ou emanacións gasosas que se desprenden dos corpos en combustión. *var.* **fumo**.

Fumeira *s. f.* Fumazo que se fai aos chourizos.

Fumeiro 1. *s. m.* Conduto por onde sae o fume das cociñas, dos fornos ou das máquinas ao exterior. 2. *s. m.* Lugar onde se afuma, onde se pon a curar a carne polo fume. *sin.* **fumeira**.

Fumo véxase **fume**.

Fumos 1. *s. m. pl.* Estima esaxerada que alguén ten de si mesmo, das súas calidades ou dos seus intereses. 2. *s. m. pl.* Calidade e actitude de quen se cre superior aos demais, chegando mesmo a desprezalos.

Función 1. *s. m.* Exercicio dun emprego ou cargo co cal unha persoa cumpre co seu papel na sociedade. 2. *s. m.* Aquilo para o que unha cousa serve dentro do conxunto do que forma parte. 3. *s. m.* Representación pública dun espectáculo. 4. *s. m.* Conmemoración, festividade. 5. *s. m.* Acto relixioso.

Fundeiro* véxase **fondeiro**.

Fundir 1. *v. tr.* Converter en líquido un corpo sólido pola acción da calor. 2. *v. tr.* Xuntar dúas ou máis cousas ou persoas nunha soa, para formar un todo. 3. *v. intr.* Facer ir para o fondo. *var.* **afundirse**.

Funfuñeira véxase **chuvisca e garúa**.

Fungar 1. *v. tr.* Tratar de saber ou de informarse dos asuntos alleos, de maneira indiscreta e só por curiosidade. 2. *v. intr.* Expulsar o aire da respiración facendo ruído. *var.* **funguexar**. 3. *v. tr.* Soar o nariz, xeralmente ao facer saír os mocos cunha espiración forte. 4. *v. intr.* Emitir

sons ou palabras incomprensibles en voz baixa, como mostra de enfado ou de protesta.
var. refungar. sin. rosmar.

Fungón, na 1. *adx.* Persoa que sempre está a rosmar. *var. refungón, -na; rosmón, -na; fungueira, -ro. 2. adx.* Persoa que fai as cousas de mala gana e protestando ou que, directamente, non as fai.

Fungueira, -ro 1. *adx.* Persoa que rosma. **2.** *adx.* Persoa que fai as cousas de mala gana, que protesta ou que non as fai. **3.** *adx.* Persoa tímida, covarde, que ten pouco arranque.

Funguear véxase **fungar 2.**

Fuñón, na 1. *adx.* Persoa agarrada, miserable. **2.** *adx.* Persoa roñona, protestona.

Fura 1. *s. f.* Cavidade nunha superficie de tamaño e profundidade variables. *var. furado. 2. s. f.* Buraco feito nunha peza, xeralmente de madeira, para encaixar nela o extremo doutra peza. **3.** *s. f.* Furado do trade. **4.** *s. f.* Fenda, concavidade ou rebaixe que hai ou se fai nunha cousa para encaixar outra ou como sinal. **5.** *s. f.* Orificio que se fai na pértiga do carro para fixar os estadullos. **6.** *s. f.* Burato que está na rabiza do arado.

Furabolos *s. m.* O segundo dedo da man, entre o polgar e o maior. *sin. índice.*

Furacar 1. *v. tr.* Facer un ou máis buracos en algo. **2.** *v. t.* Poñer oco ou cóncavo algo. *var. aburacar; buracar; enfuracar; afuracar.*

Furaco véxase **buraco.**

Furada *s. f.* Orificio que se fai na terra para inserir a roda do carro, de modo que este quede suxeito e, á súa vez, non poida envorcar a pesar do pendente que está o terreo.

Furado *s. m.* Abertura nunha superficie, polo xeral arredondada, que pode ser de distintos tamaños e de maior ou menor profundidade. *var. furo.*

Furafol *s. m.* Burato que co paso do tempo adoita facerse máis grande.

Furar 1. *v. tr.* Abrir ou facer furados en algo. **2.** *v. tr.* Atravesar unha cosa ao facer un oco máis o menos redondo. **3.** *v. intr.* Pasar por un lugar estreito, abrirse camiño nun lugar onde abunda a maleza ou a matogueira. **4.** *v. prnl.* Abrirse camiño entre a xente. **5.** *v. tr.* Facer buratos. **6.** *v. prnl.* Meterse en calquera parte unha persoa.

Furato véxase **buraco.**

Furcilleira* véxase **forcilleira.**

Furco 1. *s. m.* Medida de lonxitude que toma como base a distancia que existe entre o extremo do dedo polgar e do índice e que equivale á sexta parte da vara, é dicir, uns catorce centímetros. **2.** *s. m.* Restra de allos ou cebolas.

Furela 1. *s. f.* véxase **toupeira. 2. adx.** Persoa moi delgada. **2. adx.** Persoa entremetida.

Furia 1. *s. f.* Enfado violento e exaltado. *sin. cólera, ira. 2. s. f.* Violencia coa que se loita. *sin. furor.*

Furiosa, -so 1. *adx.* persoa enrabiada, colérica, exaltada. **2.** véxase **rabión, -na.**

Furo véxase **furón.**

Furón 1. *s. m.* Pequeno mamífero da familia dos mustélidos (*Mustela fero*), duns corenta centímetros, máis quince centímetros de cola, de cor parda polo corpo e de cor branca arredor dos ollos e do fociño. *var. furo. 2. s. m.* Berbequí ou subela que serve para facer buracos. **3.** *s. m.* Porco que nace o último.

Furquita* véxase **forquita.**

Furrcar 1. *v. tr.* Furgar cun pau longo entre as gretas e cavidades das penas dun río, xeralmente para escorrentar os peixes e obrigarlos a saír dos agochadoiros. **2.** *v. tr.* Examinar algo ou alguén buscando algo neles.

Furrcón 1. *s. m.* Pau longo que remata en dúas pugas e que se emprega para meter a leña no forno. **2.** *s. m.* Vara longa que usan as persoas que pescan para *furrcar.*

Furrico Persoa ou animal pequeno, de pouco peso.

Furruño* véxase **ferruxe.**

Furruñón, na 1. *adx.* Persoa que rosma ou funga. *sin. fungón. 2. adx.* Persoa que se enfada facilmente.

Furruñosa, so *adx.* Obxecto oxidado, cheo de ferruxe. *var. ferruxenta, to.*

Furruxe* véxase **ferruxe.**

Furruxo* véxase **ferruxe.**

Furtar *v. tr.* Apoderarse dunha cousa allea sen que o saiba o dono ou a dona. *sin. roubar.*

Furto *s. m.* Acción de furtar. *sin. roubo.*

Furuncho 1. *s. m.* Pequeno tumor duro e purulento que se forma na superficie da pel e no tecido subcutáneo. *var. foroncho;*

froncho*. *sin.* **madureiro; maluco; grao.** **2.** *adx.* Persoa malvada.

Fusada *s.f.* Cantidad de la ou de fíos que se envolven no fuso. *sin.* **meada.**

Fuseiro, -ra *s.* Persoa que fai fusos.

Fuso 1. *s. m.* Instrumento, xeralmente de madeira, de forma arredondada e alongada, que se estreita nas puntas e que serve para fiar facéndoo virar por un dos extremos de

maneira que retorce a febra. **2.** *s. m.* Eixe do rodicio do muíño. **3.** *s. m.* Parte do torno que retorce a la facendo un fío.

Fuxir 1. *v. intr.* Afastarse rapidamente de algo ou alguén, polo xeral para evitar unha ameaza ou perigo. **2.** *v. intr.* Escapar dun lugar ilegalmente onde unha persoa está presa ou retida.

Fuzar* véxase **focicar.**

G

Gabarro *s. f.* Alteración do benestar material dunha persoa ou da súa tranquilidade, producida por algo que lle desagrada, que lle resulta incómodo ou que a prexudica de calquera maneira.

Gabeta véxase **gabita**.

Gabeto véxase **gabita**.

Gabia **1.** *s. f.* Rego longo e estreito que se fai nas viñas ou na terra para drenar ou para sementar. **2.** *s. f.* Canle artificial á beira dos camiños e das estradas para que corra a auga.

Gabiar *v. tr.* Abrir regos ou foxos lonxitudinais na terra, en especial nas viñas para lles botar abono ou servir de rego e de evacuación de augas.

Gabita *s. f.* Cadea ou corda que vai do extremo do eixe que sobresae da roda do carro ao xugo das vacas para enganchar ao carro outra xunta.
var. **gabeta**; **gabeto**.

Gabito *s. m.* Gancho de pau ou de ferro.

Gabucha, -cho *adx.* Ditado tópico ou xentilicio popular de Orniña (Corullón).

Gabuzo **1.** *s. m.* Vara abrancazada, de cincuenta a oitenta centímetros de lonxitude por seis ou dez centímetros de diámetro, que resta das urces case queimadas do monte e que arde con luz débil e amarelada, máis ás présas canto máis inclinada, que se coloca nas preganças, ás veces en número de dous ou máis, co fin de alumear o ambiente das antigas cociñas de lume no chan. **2.** *s. m.* Pau pequeno e seco de urce, que se acende por un extremo e serve para alumear. *sin.* **ganzo**; **gancio**.

Gacha, -cho **1.** *adx.* Persoa que anda coa cabeza agachada, inclinada, mirando ao chan e non dirixe a mirada á persoa que fala. **2.** *adx.* Persoa baixa, de pouca estatura. **3.** *adx.* Persoa que se encontra en baixa forma física ou psíquica.

Gadaña *s. f.* Ferramenta agrícola que se emprega para segar, que ten unha folla moito máis longa e larga ca a do fouciño, con forma de

triángulo curvo e que vai suxeita a un mango longo con dúas asas para manexala a dúas maos.

Gadañar *v. tr.* Segar coa gadaña.

Gadañazo *s. m.* Golpe que se dá coa gadaña.

Gadañeira, -ro, *s.* Persoa que sega coa gadaña.
var. **gadañín**.

Gadañín **1.** *s. m.* Gadaña pequena. **2.** *s.* Persoa que sega coa gadaña.

Gadaño *s. m.* Gadaña pequena e de mala calidade.

Gadeira, -ro, **1.** *s.* Relativo ao gado. **2.** *adx.* Persoa que se dedica á cría de gado. **3.** *adx.* Persoa que se dedica á compra e venda de gado. *sin.* **tratante**.

Gado *s. m.* Conxunto de animais bóvidos mansos que se crían xuntos nunha casa.

Gafa, -fo **1.** *s.* Persoa que trae mala sorte. **2.** *s.* Persoa molesta. **2.** *adx.* Terreo malo para o cultivo.

Gafada, -do *adx.* Embruxada, enmeigada, maldita.

Gafar **1.** *v. t.* Producir mala sorte **2.** *v. t.* e *v. prnl.* Estragarse un plan ou un proxecto.

Gafura **1.** *s. f.* Enfado violento, acompañado dunha forte reacción agresiva. **2.** *s. f.* Persoa irritada, agresiva, furiosa.

Gaio *s. m.* Paxaro da familia dos córvidos (*Garrulus glandarius*), de cor parda con tons azuis, brancos e negros nas ás, rabadilla branca, rabo negro e carapucha riscada de branco e negro.

Gaita **1.** *s. f.* Instrumento musical de vento que consta dun fol, que se enche soprando, e de varios tubos de madeira por onde sae o aire, ao premer o fol entre o brazo e o costado. **2.** véxase **carallo**, **pene**. **3.** *s. f.* Asunto pesado de solución complicada.

Gaitada véxase **cirigaitada**.

Gaiola **1.** *s. f.* Caixa feita de arames ou paus para ter pechados nela distintos animais,

- principalmente paxaros. **2.** *s.f.* Cárcere, prisión.
- Gaiteiro, -ra** **1.** *s.m.* Persoa que toca a gaita. **2.** *adx.* Persoa alegre e festeira.
- Gaitolo** **1.** *s.m.* Cana perforada con buracos para soprar e tocar música con ela. **2.** *s.m.* Instrumento rústico a modo de frauta ou composto de varias frautas. **3.** *s.m.* Órgano sexual masculino, *sin.* **carallo; gaita; pene.**
- Galadura** *s.f.* Pinta de sangue, menor ca unha lentella, que se encontra na xema do ovo que pon a galiña e que indica que o ovo foi fecundado.
- Galante** *adx.* Persoa amable, cortés e atenta con outra persoa.
- Galantear** **1.** *v.tr.* Tratar de seducir ou namorar unha persoa, facer as beiras, facer o amor, namoriscar. **2.** *v.tr.* Acompañar unha moza.
- Galápaga, -go** *adx.* Persoa pilla, aproveitada, oportunista, falsa, que oculta algo real.
- Galardón** **1.** *s.m.* Estima esaxerada que alguén ten de si mesmo, das súas calidades ou dos seus intereses. **2.** *s.m.* Premio ou recompensa polos servizos prestados. **3.** *s.m.* Enfermidade que priva da vista.
- Galarón** *s.m.* Galo con inclinación a galear.
- Galbana** **1.** *s.f.* Falta de vontade ou de interese para realizar calquera cousa que require algún esforzo. *sin.* **desidia; desleixo; folganza.** **2.** *s.f.* Diminución da forza a causa dunha actividade ou un esforzo. **3.** *s.f.* Preguiza ou desgana que se sente no verao a causa da calor.
- Galdrapa** **1.** *adx.* Persoa que non vale nada, desvergoñada. **1.** *adx.* Persoa que anda mal vestida ou pouco aseada.
- Galeada, -do** *adx.* Ovo das aves fecundado.
- Galear** *v.tr.* Cubrir o galo á galiña. *sin.* **foder.**
- Galegada** *s.f.* Cousa ou expresión que esaxera ou que se considera máis tipicamente galega.
- Galeiro** véxase **poleiro.**
- Galfarro** *s.m.* Ave de rapina.
- Galga** *s.f.* Pedra que se desprende da montaña e baixa a rolos pola ladeira.
- Galgular** *v.intr.* Saltar, brincar polo monte as cabras, outros animais ou persoas.
- Galiña** véxase **pita.**
- Galiñeiro** véxase **poleiro.**
- Galla** **1.** *s.f.* Bugalla do carballo. **2.** *s.f.* Póla dunha árbore, sobre todo cando está desprendida do tronco. **3.** *s.f.* Bifurcación de dúas pólas. **4.** *s.f.* Vara longa con dous ganchos ou dúas pugas para colgar ou descolgar cousas.
- Gallada** **1.** *s.f.* Aixada máis pequena ca o gallado. **2.** *adx.* Bifurcada, separada en dúas partes.
- Gallado** *s.m.* Instrumento de labranza formado por unha pa de ferro por un extremo e un ollo onde se insire o mango no outro, que se usa para cavar.
- Galladura** **1.** *s.f.* Parte do pantalón onde este se divide en dúas perneiras. **2.** *s.f.* Ángulo que forman as pernas no seu nacemento. **3.** *s.f.* Sitio por onde se bifurcan ou ramifican as pólas dunha árbore.
- Gallar** **1.** *v.intr.* e *v.pnrl.* Separarse a póla dunha árbore do tronco ao que estaba unida. *sin.* **escanar; esgallar; esgazar.** **2.** *v.intr.* e *v.pnrl.* Dividirse un camín ou unha póla en dúas ramificaciois. *sin.* **bifurcarse.**
- Gallarda, -do** **1.** *adx.* Persoa teimosa, tola. **2.** *adx.* Persoa ou animal airoso, fermoso, forte, grande, de boa presenza.
- Gallardía** **1.** *s.f.* Prestancia, educación, elegancia e boa presenza dunha persoa ou animal. **2.** *s.f.* coraxe, valentía, afouteza.
- Gallaspeira, ro** *adx.* Persoa alegre, contenta, afectuosa.
- Galleiro** **1.** *s.m.* Pau alto e delgado con varios brazos ou gallas que se crava xunto ás fabas e outras plantas rubideiras para que estas gabeen e se enrosquen nel. **2.** *s.m.* Pau que se bifurca nun extremo en tres ou catro pugas ou dentes. **3.** *s.m.* Pau con pólas laterais que serve para poñer as fogazas, se colga en posición vertical na cociña e leva enriba unha lousa horizontal para que non podan pasar os ratos. **4.** *s.m.* Colgadoiro para a roupa. **5.** *adx.* Persoa moi delgada.
- Galleta** *s.f.* Pinzas flexibles que se empregan para sacarles os ourizos ás castañas. *sin.* **tala.**
- Gallo** **1.** *s.m.* Acio de uvas, especialmente o acio pequeno. **2.** *s.m.* Parte da póla dunha árbore que queda fixa ao tronco despois de que se arrinque o resto. **3.** *s.m.* Póla con forma de gancho. **4.** *s.m.* Dente ou púa dalgunhas ferramentas. **5.** *s.m.* Xogo consistía en poñer, sucesivamente, catro ou seis galos atados sobre un pau, disparándolles cunha escopeta dende lonxe; adoitábase celebrar ao terminar

o concello aberto o segundo domingo de Pascua.

Galloupán, na *adx.* Persoa lambona, larpeira.

Galluda, -do *adx.* Vaca ou boi que teñen os cornos curvos cara arriba.

Galo 1. *s. m.* Ave macho galinácea (*Gallus gallus*) de corpo groso e plumaxe abundante de diversas cores, cabeza cunha crista carnosa vermella e cola longa. *sin.* **polo; pito.** **2.** *s. m.* Pouca cousa ou pequena cantidade de algo sen demasiada importancia.

Galocha 1. *s. f.* Calzado de madeira dunha peza, xeralmente con tacos para elevalo do terreo e preservalo da humidade, que se usa por riba doutro. *sin.* **zoca; madroña.** **2.** *s. f.* Calzado de coiro con piso de madeira que poder ser baixo ou ter forma de bota. **3.** *s. f.* Calzado roto, vello e gastado. *var.* **galocho.** *sin.* **zamanco.**

Galochada 1. *s. f.* Golpe dado cunha madroña. **2.** *s. f.* Dito ou feito que demostra pouca ou ningunha intelixencia.

Galocheir 1. *v. intr.* Facer ruído coas madroñas ao camiñar. **2.** *v. intr.* Producir ruído.

Galocheiro, ra *s.* Persoa que fai ou vende madroñas.

Galocho véxase **galocha 3.**

Galón *s. m.* Tira de tecido bordado ou de fíos trenzados que se usa como adorno ou reforzo da roupa ou en decoración.

Galopar 1. *v. intr.* Ir un cabalo ao galope. **2.** *v. intr.* Cabalgar un cabalo que vai ao galope. **3.** *v. prnl.* Andar a muita velocidade.

Galope 1. *s. m.* Maneira rápida de correr do cabalo que chega a ter as catro patas no aire. **2.** *s. m.* Carreira longa e rápida dunha persoa.

Gamallo 1. *s. m.* Póla dunha árbore, xeralmente cortada, que pode manexarse coas mans. **2.** *s. m.* Póla con abundante follas. **3.** *s. m.* Póla do carballo con follas, que serve como alimento para as cabras e as ovellas. **4.** *s. m.* Planta perenne co talo leñoso que se divide en ramas dende a base.

Gamoal *s. m.* Lugar onde abundan os gamois.

Gamón 1. *s. m.* Planta silvestre da familia das liliáceas (*Asphodelus albus*) perenne, con follas alongadas basais e un talo longo que leva no extremo as flores abrancazadas agrupadas en acio. **2.** *s. m.* Cada unha das follas desta planta

que, cocidas, serven para curar enfermidades da pel. *sin.* **Gamota.**

Gamota véxase **gamón.**

Gana 1. *s. f.* Desexo ou necesidade grande de algo. **2.** *s. f.* Apetito, fame.

Ganancia 1. *s. f.* Acción e efecto de ganar. **2.** *s. f.* Utilidade e beneficio do trato comercial.

Ganar* véxase **gañar.**

Gancha 1. *s. f.* Instrumento que serve para coller, prender ou suxeitar, que consiste en tres ou catro picos de ferro unidos por onde se encaixa e se suxeita o mango, o cal forma cos picos un ángulo bastante agudo. **2.** *s. f.* Aixada de dous ou tres dentes longos moi separados.

Ganchar véxase **enganchar.**

Gancho 1. *s. m.* Instrumento de metal ou madeira, rematado en curva por un ou polos dous extremos, que serve para colgar ou para coller algo. **2.** *s. m.* Balanza romana que se emprega para pesos grandes. **3.** *s. m.* Instrumento de metal ou curvo, que termina en punta afiada. **4.** *s. m.* Póla punzante ou ganchuda. **5.** *s. m.* Especie de angazo con catro grandes dentes.

Gancio 1. *s. m.* Pau de uz untado de sebo que se emprega para alumear. *sin.* **gándaro.** **2.** *s. m.* véxase **gabuzo.**

Gandaina *s. f.* Gana de comer.

Gándara *s. f.* Monte ou ladeira seca, dura e pedregosa, inculta e con maleza de arbustos.

Gándaro *s. m.* Pau de uz seco que se utilizaba para o alumeadado das persoas.

Ganduza véxase **billarda.**

Ganduxar *v. tr.* Coser unha tea provisoriamente con puntadas longas e frouxas.

Ganduxo 1. *s. m.* Costura provisoria para asegurar a tea feita con puntadas longas e frouxas. **2.** *s. m.* Costura mal feita.

Ganguela, -lo véxase **manguela, -lo.**

Ganir *v. intr.* Falar con dificultade a causa da rouquén.

Ganseira 1. *s. f.* Bastidor rectangular provisto de varas paralelas que se colga na cocina e serve para secar prendas ou para colgar calquera cousa. **2.** *s. f.* Pau que se pon de forma horizontal e levantado sobre o fogo. **3.** *s. f.* Gancho ou pau en forma de gancho do que se colga o touciño ou os chourizos.

Ganzo* véxase **gabuzo.**

Gañán, -na *adx.* Persoa agarrada.

Gañar 1. *v. tr.* Obter un beneficio por tratos económicos ou laborais. 2. *v. tr.* Obter un premio. 3. *v. tr.* Vencer nunha competición. 4. *v. intr.* Mellorar de estado as plantas. 5. *v. intr.* Engordar as persoas e os animais.

Gañote *s. m.* Parte superior da tráquea, cavidade a seguir da boca onde se cruzan o aparato dixestivo e o respiratorio que comunica co esófago, fosas nasais e larinxe. *var. gañoto; gañoteira. sin. gargalo.*

Gañoteira véxase **gañote**.

Gañoto véxase **gañote**

Garabatar 1. *v. tr.* Recoller ou apañar herba ou outra cousa co garabato. *var. engarabatar.* 2. *v. intr.* Rubir coma os gatos, agatuiñar.

Garabatear 1. *v. intr.* Escribir ás présas e con letra ilexible. *var. garabatiar*.* 2. *v. intr.* Facer garabatos ou borranchos nun papel.

Garabato 1. *s. m.* Ferramenta de labranza a modo de angozo ou forza con dous dentes voltos cara a atrás, que serve para amontoar esterco, pólas e herba. 2. *s. m.* Trazo ou debuxo mal feito ou que non representa nada, borranchito.

Garabito 1. *s. m.* Gancho que serve para colgar algúns obxectos. 2. *s. m.* Pau curvo nun extremo que se emprega na palleira para amontoar a herba. 3. *s. m.* Pau que termina cun gancho, que serve para enliñar as troitas ou achegar a froita.

Garabullada véxase **carabullada**.

Garabullo 1. *s. m.* Pau de carballo que se acende por un extremo para dar luz cando falta a electricidade. 2. *s. m.* Pau delgado, xeralmente seco e cortado, que serve para prender o lume. *sin. cutrullo.* 3. *s. m.* Leña miúda, *sin. carabullada, serollo.* 4. *s. m.* Talo leñoso dunha árbore ou arbusto, que sobresaí do chan desde onde comeza a raíz e do que parten as pólas máis grosas que á súa vez se van dividindo.

Garambaina *s. f.* Dito ou feito sen importancia dirixido a unha persoa para tirarse dela pero sen intención de molestala. *var. garambainada.*

Garambainada véxase **garambaina**.

Garambainas *adx.* Persoa bromista.

Garamizo *s. m.* Cesto pequeno e feito de vimes con asas e de forma redonda.

Garanchito véxase **garranchito**.

Garatusa *s. f.* Cousa de pouca importancia.

Garavanceira véxase **agavanceira**.

Garbo *s. m.* Harmonía e elegancia nos movementos. *sin. gallardía.*

Garbosa, -so *s. e adx.* Persoa ou animal delgado, airoso, elegante e de boa presenza que anda ou se move con graza. *sin. gallarda, -do.*

Garduña 1. *s. f.* Mamífero carniceiro mustélido (*Martes foina*), de pelo acastañado cunha mancha branca no papo, corpo alongado, orellas redondas e pequenas, patas curtas e rabo longo que se alimenta de roedores e de animais pequenos que caza pola noite. *sin. gatela.* 2. *s. f.* Persoa espelida, astuta e egoísta. 3. *s.* Persoa que rouba. 4. *adx.* Persoa desvergoñada.

Garduñeira *s. f.* Trampa para cazar animais. *var. garduñeza. sin. cepo.*

Garduñeza véxase **garduñeira**.

Garfa *s. f.* Unlla das garras dun animal.

Garfela *s. f.* Especie de cullerón redondo e profundo que serve para servir a comida ao sacala da cazola.

Garfelo *s. m.* Garfela pequena.

Gargalexar* véxase **gargarexar**.

Gargallo 1. *s. m.* Flegma que se expulsa ao expectorar ou tusir. *sin. esgarrio, garneallo.* *s. m.* Rañura ou amosega que levan na parte anterior as doelas das cubas e que serven para axustar nelas as táboas das lúas coas que se cerran.

Gargalo 1. *s. m.* Cavidade que se atopa a continuación da boca, onde se cruzan o aparato dixestivo e o respiratorio e que comunica co esófago, fosas nasais e larinxe. *sin. gañote.* 2. *s. m.* Acción e efecto de agargalar. 3. *s. m.* Tallo ou corte que se realiza nunha madeiro para ensamblar outra.

Gargarexar *v. intr.* Facer gargarexos, manter un líquido na gorxa, coa boca cara ariba, axitándoo co aire que se expulsa. *var. gargalexar.*

Gargarexo *s. m.* Acto de gargarexar.

Garifa, -fo *adx.* Algo pequeno, insignificante.

Garigari *s. m.* Ruído confuso producido por berros ou risadas.

Garitada 1. *s. f.* Cousas mal feitas. 2. *s. f.* Dito ou pequena historia contada ou debuxada con graza e humor para provocar as risadas.

Gariteira, -ro *adx.* Persoa graciosa, pândiga, divertida e ocorrente.

Garito **1.** *s. m.* Casa ou habitación pobre e pequena. **2.** *s. m.* Taberna pequena e escura. **3.** *s. m.* Cuarto pequeno, escuro e mal arrombado. **4.** *s. m.* Anaco de pan duro.

Garlopa *s. f.* Ferramenta do carpinteiro máis longa ca o cepillo e con puño, que serve para alisar e puír as superficies de madeira.

Garlopar *v. tr.* Traballar a madeira coa garlopa.

Garmalleira* véxase **gramalleira**.

Garnacha **1.** *s. f.* Melena que as persoas deixan caer na parte posterior da cabeza, especialmente algúns homes. **2.** *s. f.* Variedade de uva vermella, que se planta en abundancia no Bierzo, cun gran redondo e un acio solto, que non adoita gustar pola súa acidez pero dá un viño excelente.

Garneallo véxase **esgarrio** e **gargallo** **1.**

Garnear *v. intr.* Respirar con dificultade.

Garnela, -lo *adx.* Persoa desvergoñada.

Garracha* véxase **carracha**.

Garrafón *s. m.* Garrafa grande.

Garrancha* véxase **garrancho**.

Garranchazo *s. m.* Ferida ou rabuñada que se fai cun garrancho ou cunha póla.

Garrancho **1.** *s. m.* Anaco de póla que queda no tronco da árbore despois de que se corte ou se esgace. **2.** *s. m.* Parte saínte dun tronco. **3.** *s. m.* Póla seca e esgazada. *var.* **garrancha**. **4.** *s. m.* Calquera cousa aguzada, xa sexa de ferro ou de madeira, que pincha ou se crava na pel. **5.** *s. m.* Póla retorta e aguzada de cepos. *var.*

Garancho. **6.** *s. m.* Talo de uz seca e rota. **7.** *s. m.* Pau que ten forma de gancho.

Garrapito véxase **carrapito**.

Garrar* véxase **agarrar**.

Garripeiro *s. m.* Utensilio de madeira que serve para colgar a carne da matanza para que se cure.

Garrocha **1.** *s. f.* Calquera tronco moi duro e difícil de fender ou abrir. **2.** *s. f.* Pau groso. **3.** *s. m.* Tronco grande. *var.* **garrocho**.

Garrocho véxase **garrocha**.

Garrote *s. m.* Pau curto e groso que serve para bater con el. *var.* **garroto**.

Garrotillo **1.** *s. m.* Enfermidade respiratoria que padecen os animais. **2.** *s. m.* Cana que se coloca para a confección do chamado teito raso.

Garroto véxase **garrote**.

Garrucha, -cho **1.** *adx.* Vaca que ten os cornos moi cerrados cara adiante ou cara arriba. **2.** *s. f.* Vaca que se encorda para unir á matanza de porcos.

Garúa *s. f.* Chuvia miúda, chuvisca.

Garuar *v. intr.* Caer chuvisca.

Garufa **1.** *s. f.* Acción de divertir ou divertirse. *sin.* festa; troula. **2.** *s. f.* Cousa que divirte. *sin.* troula.

Garufeira, -ro *adx.* Persoa que gusta da festa, da troula. *sin.* festexeira, -ro; trouleira, -ro.

Garula *s. f.* Froita verde.

Garulada **1.** *s. f.* Comida que se compón de froita verde. **2.** *s. f.* Empacho que se produce pola inxestión en exceso de froita verde.

Garvanceira* véxase **agavanceira**.

Garvanceiro* véxase **agavanceira**.

Garza, -zo **1.** *adx.* Algo que ten manchas brancas. *var.* **garcia, -cio**. **2.** *adx.* Cor de ollos claros. *var.* **garcia, -cio**. **3.** *s.* Ave da familia das cegoñas que ten patas longas, pescozo longo, ás redondas e cola curta, que se alimenta de peixes, insectos e anfibios.

Gastador, -ra *adx.* Persoa que gasta moitos cartos. *sin.* **estrafulador, -ra**.

Gastar **1.** *v. tr.* Usar o diñeiro para mercar cousas. **2.** *v. tr.* Utilizar habitualmente. **3.** *v. tr.* e *v. prnl.* consumir, desgastar.

Gata, to **1.** *s.* Mamífera carnívora da familia dos félidos (*Felix catus*), doméstica, de cabeza pequena e arredondada, ollos brillantes que se adaptan á visión nocturna, patas curtas con fortes uñas retráctiles, pelo mesto e suave, rabo longo, do que existen moitas razas. *sin.* **mixa, -xo**. **2.** *s. m.* Peza que se coloca na gadaña para evitar o desgarrar ou para evitar que se abra. **3.** *s. m.* Gancho aguzado nos extremos, en forma de dobre escuadra, que serve para aferrar os cabezais e o *roldo* ao taller de serrar. **4.** *s. m.* Gromo da flor do salgueiro e doutras árbores.

Gatear *v. intr.* Rubir a sitios altos ou camiñar coma os gatos empregando maos e pés.

Gateira *s. f.* Abertura a rentes do chan na parede que cerra o curral e, nas casas antigas, no postigo, por onde entran e saen os gatos. *sin.* **gateiro**.

- Gateiro 1.** *s. m.* Pequena abertura na parede ou no teito dunha casa que serve para dar luz, para ventilar ou para saír ao tellado. **2.** *s. m.* Lugar resgardado, escavado baixo a rocha, que se pode utilizar para gorecerse. **3.** véxase **gateira**.
- Gatela** *s. f.* Pequeno mamífero carniceiro da familia dos mustélidos (*Martes foina*), de pelo castaño cunha mancha branca fendida ao medio na papada, corpo alongado, orellas redondas e pequenas, patas curtas e rabo longo, que se alimenta de roedores e de crías doutros animais que caza pola noite. *sin. garduña.*
- Gatiña** *s. f.* Planta herbácea da familia das papilionáceas (*Ononis pinosa*), con talo espiñento, que pode ser leñoso, flores brancas ou rosadas e froito en legume.
- Gatuñar 1.** *v. intr.* rubir, gabear polas árbores. *var. agatuñar.* **2.** *v. tr.* Causar rabuñadas. **3.** *v. tr.* Escarvar coma o fan os gatos.
- Gavela 1.** *s.* Porción de pabeas, herba ou leña atadas polo centro, menor ca o feixe. **2.** *s. f.* Grupo de rapaces que fan trastadas ou de adultos que cometen roubos. *sin. banda, panda.* **3.** *s. f.* Montón de feixes sen atar.
- Gaveleiro** *s. m.* Liña de herba que se vai deixando ao segar.
- Gaxa** *s. f.* Vaíña alongada e seca dalgunhas plantas como chícharos, fabas, xestas etc. *sin. varxa.*
- Gazuza** *s. f.* Gana de comer, *sin. fame.*
- Gobernar 1.** *v. tr.* Dirixir unha colectividade xurídica e administrativa por medio de leis ou disposicións. **2.** *v. tr.* Ocuparse de algo ou alguén, prestarlle a debida atención ou condicionar a súa vida. **3.** *v. tr.* Dirixir unha casa, facenda etc. **4.** *v. tr.* Amañar, arranxar, pór en bo estado algo que está estragado.
- Gocha** *s. f.* Separación excesiva entre dous sucos. *sin. zorra.* **2.**
- Godalla 1.** *s. f.* Animal mamífero da familia dos bóvidos (*Capra hircus*), de pelo curto e áspero, cornos curvos cara a atrás e rabo moi curto, capaz de gabear por sitios abruptos. *sin. cabra.* **2.** *s. f.* Cabra de máis de dous meses. **3.** *s. f.* Cordeira tenra.
- Godalleira, -ro 1.** *adx.* Persoa moi sucia, desaseada e fedorenta. **2.** *adx.* Persoa basta, groseira, maleducada.
- Godallo** *s. m.* Macho da godalla. *sin. cabrón; castrón.*
- Godello 1.** *s. m.* Variedade de uva branca, de acio pequeno e apertado e de sabor moi doce. **2.** *s. m.* Viñado que produce esta variedade de uva.
- Goldro** *s. m.* Viscera oca situada no abdome, entre o esófago e os intestinos, que é o órgano principal da dixestión.
- Gollarapo** *s. m.* Paxaro que acaba de saír da casca, que non ten plumas. *var. gullarapo.*
- Golpe 1.** *s. m.* Choque máis ou menos violento de dous corpos. **2.** *S. m.* Efecto dunha contusión. **3.** *s. m.* Desgraza, suceso imprevisto e trágico. **4.** *s. m.* Marca que se encontra na orella do gando lanar que serve para distinguir as reses de cada dono ou dona, que consiste en eliminar, mediante un corte, un anaco con forma de círculo redondeado, en metade dunha das orellas.
- Golpear** *v. tr., v. intr. e v. prnl.* Dar unha pancada ou varias repetidamente. *sin. bater; pegar, petar.*
- Goncio** véxase **gonzo**.
- Gonicela*** véxase **donicela**.
- Gonzo** *s. m.* Dispositivo constituído por dúas pezas metálicas articuladas por un eixe común, que une dúas cousas entre si, como as follas das portas ou das fiestras co seu marco. *var. Goncio; guncio*.* *sin. guiceiro; quiceiro.*
- Gorar 1.** *v. tr.* Dar calor unha ave aos ovos deitándose sobre eles para que se desenvolvan e nazan os pitos. *sin. chocar.* **2.** *v. intr.* Corromperse un ovo na súa incubación.
- Gorda, -do 1.** *adx.* Persoa ou animal que ten exceso de carne, de graxa ou de volume. *sin. grossa, -so.*
- Gorgo 1.** *s. m.* Parte máis fonda dun val ou dun terreo. *sin. valguada; vagoada.* **2.** *s. m.* Fondal húmido polo que baixa un regueiro. *var. corgo; regueira.* **3.** *s. m.* Camiño estreito, fondo e encaixado entre valados. *sin. corredeira.*
- Gorgolexar** *v. intr.* Trilar, facer gorgolexos coa voz na gorxa, especialmente cando se está cantando.
- Gorgolexo** *s. m.* Son agudo que renxe nunha dicción normal ou son desafinado agudo cando se canta. *sin. gorgorito.*

Gorgollo *s. m.* Ollo ou corazón das hortalizas.

Gorgollón *s. m.* Cachón, erupción da auga, de abaixo a arriba, ao ferver ou ao brotar nun manancial.

Gorgolo *s. m.* Parte superior da tráquea.

Gorgorito **1.** *s. m.* Burbulla de aire que se desprende dun líquido, ruído que fai a auga cando xorde con forza no manancial dunha fonte. **2.** *s. m.* Gorgolexo da voz, nota que desentoa cando se canta unha canción.

Gorgueiro *s. m.* Adorno que se fai de lenzo pregado e se sobrepon no colo da camisa.

Gorra *s. f.* Peza de tea redonda con viscira que se usa para cubrir a cabeza.

Gorrias *s. f.* Placenta e augas das mamíferas. *var.* **gurrias**.

Gorro **1.** *s. m.* Calquera sombreiro sen aba nin viseira, que se usa para cubrir a cabeza. *sin.* **2.** *s. m.* Peza de ferro que se coloca no extremo superior da árbore do rodicio e a cal vai fixa á roda que está suspendida no aire e se move facilmente ao seu impulso.

Gorxa *s. f.* Parte do aparato dixestivo que vai desde o padal ata o esfago. *var.* **gorxapo; gorxipa; gorxipo.** *sin.* **enguldeiro.**

Gorxapo véxase **gorxa**.

Gorxas **1.** *s. f. pl.* Cada unha das partes da cara que sobresaen debaixo dos ollos. **2.** *s. f. pl.* Óso impar da cara, con forma de ferradura, en que están fixados os dentes inferiores e que se articula cos ósos temporais. *sin.* **queixada.**

Gorxipa véxase **gorxa**.

Gorxipo **1.** *s. m.* véxase **gorxa**. **2.** *s. m.* Pequeno grolo ou sorbo.

Gota **1.** *s. f.* Porción mínima dun líquido. *sin.* **pinga**. **2.** *s. f.* Pequena cantidade de líquido. *sin.* **pinga**. **3.** *s. f.* Doenza que produce inflamación dolorosas nalgunhas articulacións, sobre todo nas dedas.

Goteira **1.** *s. f.* Sucesión de gotas que pasan a través dunha fenda ou furado no teito ou na parede. *sin.* **pingueira**. **2.** *s. f.* Fenda ou furado por onde pinga.

Goteiro *s. m.* Auga que cae, especialmente dos tellados, gota a gota ou en forma de fío continuo.

Goto *s. m.* Pequena cantidade dun líquido que se bebe dunha vez.

Gouilleira véxase **forcilleira; cepo**.

Goxa *s. f.* Cesto de vime pequeno e con asa. *var.* **goxo 2**.

Goxada **1.** *s. f.* Cestada, cantidade de cousas que cabe nunha goxa ou goxo. **2.** *s. f.* Gran cantidade de calquera cousa.

Goxeira, ro *s.* Persoa que fai, tece ou vende cestos. *sin.* **cesteira, -ro**.

Goxía *s. f.* Cesta pequenas de dúas asas que serve para levar a merenda.

Goxo **1.** *s. m.* Cesta de vimbios, vergas ou varas entretecidos ou outro material similar, grande e sen asa. **2.** *s. m.* Cesto de vime pequeno e con asa e pequeno. *var.* **goxa.** *sin.* **canastra**. **3.** *s. m.* Canastrel onde se pon a persoa que acaba de nacer. *sin.* **cesto; cesta; mego**. **4.** *s. m.* Erupción granular cutánea que se produce polo contacto co veneno de certos animais e insectos. *sin.* **coxillo**.

Gra *s. f.* Conxunto de graos ou sementes de certas plantas, coma os cereais.

Gracia* **1.** *s. f.* Calidade da persoa ou da cousa que divirte ou fai rir. **2.** *s. f.* Impresión que causa algo ou alguén gracioso. **3.** *s. f.* Acto ou dito que reproduce esa impresión. **4.** *s. f.* Aquilo en que reside o atractivo ou o interese de algo. **5.** *s. f.* Axuda ou don concedido por Deus ao ser humano para que este faga o ben e acade o ceo. **6.** *s. f.* Cousa concedida como un favor especial por unha institución dotada de autoridade.

Graciosa, so **1.** *adx.* Persoa que ten a facultade de divertir ou de facer rir. **2.** *adx.* Persoa que resulta atractiva ou agradable. **3.** *adx.* Persoa ben parecida. **4.** *adx.* Cosa que ten graza.

Grada *s. f.* Instrumento de madeira ou de ferro, de figura case cadrada, á maneira dunhas grellas grandes, co cal se esmiza e se achaira a terra despois de arala para sementala.

Gradar *v. tr.* Pasar a grada a un terreo arado.

Gralla *s. f.* Ave da familia dos córvidos (*Corvus frugileus*) xeralmente de cor negra cos laterais da cabeza e a caluga cinsentos ou con reflexos verdes e violetas, do que existen varias especies. *var.* **grallo**.

Grallar *v. intr.* Emitir a súa voz o corvo.

Gramalleira **1.** *s. f.* Cadeas de ferro cun gancho na punta que, ao estaren colgadas no teito da cociña, serven para suxeitar a caldeira, a pota ou outros recipientes que se poñen sobre o

- lume da cociña e deste xeito graduar a súa altura. *var.* **garmalleira***; **gremalleira***; **cramalleira***. *sin.* **gramanza**; **maragalleira**.
- 2.** *s.f.* Peza formada por un taboleiro horizontal que posúe uns ganchos ou cravos na súa cara interior para colgar carne, xamóns ou chourizos e que se colga do teito das adegas para impedir que os roedores alcancen estes alimentos. *sin.* **cambeira**.
- Gramanza*** véxase **gramalleira**.
- Grancias 1.** *s.f. pl.* Cana alta e grosa dos terreos que quedaron en restreba. **2.** *s.f. pl.* espigas e vaíñas que non se debagan na malla.
- Granda 1.** *s.f.* Conxunto de gromos novos nun lugar que previamente se queimou. **2.** *s.f.* Anaco de monte, con arbustos, que presenta un bo pasto para o gando cabrún. *var.* **Grandelo**.
- Grandelo** véxase **granda**.
- Grañola 1.** *s.f.* Ramo de espigas. **2.** *s.f.* Pequena porción de pabeas que non está mallada. **3.** *s.f.* Atadura feita coa propia palla do cereal que se engavela.
- Grao 1.** *s.m.* Semente dos cereais ou doutros froitos. **2.** *s.m.* Partícula pequena dun material. **3.** *s.m.* Vulto pequeno que se forma na pel. *sin.* **furuncho**.
- Graza** véxase **gracia**.
- Grelar** véxase **agromar**.
- Grelo 1.** *s.m.* Folla tenra e comestible do nabo antes de florecer. *sin.* **cimón**. **2.** véxase **gromo**.
- Gremalleira*** véxase **gramalleira**.
- Greña** véxase **guedella**.
- Greta** *s.f.* Abertura estreita e longa que se produce nun corpo sólido. *sin.* **fenda**, **regaña**.
- *Grilladura** *s.f.* Actitude de quen demostra falta de responsabilidade, prudencia ou reflexión.
- *Grillarse** *v. prnl.* Perder o sentido, o xuízo, volverse tolo.
- Grilo 1.** *s.m.* Insecto da orde dos ortópteros, (*Gryllus campestris*) duns tres centímetros de tamaño e de cor negra, que se caracteriza porque o macho produce un son monótono ao fretar os élitros. **2.** *s.m.* Pequeno vulto que lles sae aos vexetais no talo ou nas pólas e que se vai transformando en novas pólas, follas ou flores. **3.** *s.m.* Brote da pataca. **4.** *s.m.* Rabo dalgúns animais.
- Gripe 1.** *s.f.* Doenza infecciosa respiratoria, de orixe vírica, caracterizada por febre, tose, malestar ou inflamación das mucosas respiratorias. **2.** *s.f.* Enfermidade dos animais cuxos síntomas son a caída ou o dano do casco dos pezuños. *var.* **gripio**.
- Gripio** véxase **gripe 2**.
- Gritar** *v. intr.* Levantar a voz ao falar. *sin.* **berrar**.
- Gritaría** *s.f.* Confusión de voces altas e desentoadas.
- Grito** *s.m.* Voz aguda e moi elevada. *sin.* **berro**.
- Grolo 1.** *s.m.* Corazón das froitas. **2.** *s.m.* Pequeno vulto que lles sae aos vexetais no talo ou nas pólas e que se vai transformando en novas pólas, follas ou flores. *sin.* **brote**; **grelo**, **gromo**; **reberto**. **3.** *s.m.* Porción pequena dun líquido ou bebida que se inxire dunha vez. *sin.* **sorbo**, **trago**.
- Gromar** *v. intr.* Brotaren os gromos das plantas. *sin.* **grelar**; **rebar**; **brotar**.
- Gromo 1.** *s.m.* Pequeno vulto que lles sae aos vexetais no talo ou nas pólas e que se vai transformando en novas pólas, follas ou flores. *sin.* **brote**; **grelo**; **grolo**; **reberto**. **2.** *s.m.* Pequeno callón que se forma ao cocer o leite ou as papas. *sin.* **grumo**.
- Grosa, -so 1.** *adx.* Cousa de moito grosor ou diámetro. **2.** *adx.* Persoa ou animal que é corpulento ou ten exceso de volume. *sin.* **gorda**, **-do**.
- Grova 1.** *s.f.* Leito dun torrente ou regato. **2.** *s.f.* Descenso brusco e profundo do terreo, gabia natural.
- Grumo** véxase **gromo 2**.
- Gruñeiro** *s.m.* Arbusto da familia das rosáceas (*Prunus spinosa*) con pólas convertidas en espiñas, flores brancas e froito ovalado comestible. *sin.* **abruñal**, **gruñal**.
- Gruñir 1.** *v. intr.* Emitir a súa voz o porco. **2.** *v. intr.* Mostrar desgusto ou protestar por algún motivo unha persoa. *sin.* **rosmar**; **roñar**.
- Gruño*** véxase **abruño**.
- Guapeza** *s.f.* Beleza, calidade de ser ben parecida unha persoa. *sin.* **guapura**.
- Guapura** véxase **guapeza**.
- Guarnicioneira, -ro*** véxase **albardeira, -ro**.
- Gubia** *s.f.* Instrumento de carpintería, formón para labrar superficies curvas da madeira.
- Guecha** véxase **guecho**.

Guecho *s. m.* Porción de pelo que se separa ou se distingue do conxunto do que forma parte. *var. guecha. sin. guedella.*

Guedella **1.** *s. f.* Guecho de pelo. **2.** *s. f.* Greñas, mata de pelo despeitado e mal coidado. *var. guedello. sin. greña; gueta; necho.* **3.** *s. f.* Porción de pelo longo. **4.** *s. f.* Calquera tipo de barbas ou pelos que quedan colgando dalgunha forma e, ás veces, están enredados. **5.** *s. f.* Flocos das cubertas das vacas.

Guedello véxase **guedella**.

Gueta véxase **guedella**.

Guiceiro *s. m.* Poste ou espigón sobre o que xiran portas e ventás. *var. quiceiro. sin. gonzo.*

Guichar véxase **guipar**.

Guillada* véxase **aguillada**.

Guilsa **1.** *s. f.* Vento moi frío e seco. **2.** *s. f.* Vento acompañado de sarabia.

Guincha **1.** *s. f.* Parte das plantas por onde estas se nutren que polo xeral está situada baixo terra e serve tamén para que a planta se sosteña en pé. **2.** *s. f.* Paus do xugo. **3.** *s. f.* Aixada con tres ou catro dentes moi finos destinada ao arrastre de esterco ou a cavar en lugares moi pendentes. *var. guincho.* **4.** *s. f.* Lazos de sedas do cabalo que se suxeitan a unhas varas.

Guincho **1.** *s. m.* Especie de forza con catro dentes de ferro curvados cara a un lado e o mango de madeira, que se usa

preferentemente para descargar a herba ou o abono do carro. *var. guincha.* **2.** *s. m.* Aguillón ou punta aguzada de ferro ou outra materia. **3.** *s. m.* Pau afiado.

Guinda *s. f.* Froito da guindal, especie de cereixa vermella escura ou negra e carne doce e dura.

Guindal *s. f.* Árbore que produce guindas.

Guipar *v. tr.* Vixiar, observar coidadosamente algo ou alguén facendo cousas nunha situación en que non lle gustaría ser visto. *sin. espreitar; guichar; axexar.*

Guisar *v. tr.* Preparar unha comida fritíndoa primeiro e cocéndoa despois.

Guiso *s. m.* Carne ou peixe cocinados con aceite e outros ingredientes.

Guizo **1.** *s. m.* Parte pequena de algo que rompeu ou se dividiu. *sin. estela.* **2.** *s. m.* O que queda dunha cousa ou dun grupo de cousas das que se quita algo.

Gulifada *s. f.* Golpe forte e rápido dado en calquera parte do corpo, normalmente na cara.

Gullarapo* véxase **gollarapo**.

Guncio* véxase **gonzo**.

Gurriacho *s. m.* Cantidade pequena de calquera líquido.

Gurrias *s. f. pl.* Placenta e augas dos animais. *var. gorrias. sin. salves.*

Gustar **1.** *v. intr.* Algo ser agradable aos sentidos ou á razón. **2.** *v. intr.* Unha persoa resultar, polas súas calidades, atractiva a outra.

Habencia 1. *s. f.* Rabaño particular ou communal de gando lanar ou gando cabrún. **2.** *s. f.* Terras, rabaños e casas propiedade dunha persoa *sin. herdade. var. Bencia*.*

Hastil *s. m.* Mango de madeira de gadañas, machados, aixadas, picos e outros instrumentos semellantes.

Hedra *s. f.* Planta gabeadora da familia das arialáceas (*Hedera helix*) de follas verdes que crece pegada a unha parede, árbore etc.

Hedrada *s. f.* Lugar onde hai abundancia de hedras *sin. hedreira.*

Hedreira *s. f.* véxase **hedrada.**

Herba *s. f.* Calquera planta pequena de talo tenro, xeralmente anual, da que existen numerosas variedades.

Herballa véxase **herballo.**

Herballo *s. m.* Herba ruíña de mala calidade. *var. Herballa.*

Herbazal véxase **herbeira.**

Herbeira *s. f.* Lugar abondoso en herba. *var. Herbazal.*

Herdade *s. f.* Propiedade rural pertencente a un só dono ou dona, composta pola casa, as terras e o gando.

Herdar 1. *v. tr. e v. intr* Recibir os bens dunha persoa despois da súa morte. **2.** *v. tr.* Recibir de pai e nai determinados trazos físicos. **3.** *v. tr.* Recibir algo dos devanceiros.

Herdeira, -ro *s.* Persoa que herda ou que vai herdar os bens doutra persoa. *var. *Heredeira, -ra.*

Heredeira, -ro véxase **herdeira, -ro.**

Híbrido 1. *s. m.* Vide de produción directa que resiste á filoxera, non precisa enxertarse para que dea froito e se emprega para plantar e reparar outras vides. **2.** *adx.* Animal ou planta procedente do cruzamento entre dúas especies ou variedades diferentes. **3.** *adx.* Algo que contén elementos de dúas ou máis orixes.

Hipio *s. m.* Inspiracións bruscas debidas a unha contracción súbita do diafragma que produce un ruído característico.

Hipocrás *s. m.* Bebida preparada con viño, azucre, canela e outras substancias aromáticas.

Hisopo 1. *s. m.* Instrumento de metal ou de madeira constituído por un mango que ten no extremo unhas sedas ou unha bóla furada que serve para espaxar auga bendita. **2.** *s. m.* Planta moi aromática da familia das labiadas, de talos leñosos, follas lanceoladas e flores en espiga, xeralmente azuis (*Hyssopus officinalis*).

Hoi véxase **hoxe.**

Home 1. *s. m.* Individuo de sexo masculino da especie humana. **2.** *s. m.* Persoa de sexo masculino unida a outra por matrimonio en relación coa súa parella. *sin. marido.*

Homenaxe *s. f.* Celebración en honra dunha persoa, feito ou institución.

Honesta, -to véxase **honrada, -do.**

Honor véxase **honra.**

Honra 1. *s. f.* Calidade e actitude dunha persoa, dos seus ditos ou da súa maneira de comportarse, que a fan ser digna de estima e respecto ante os demais e ante si mesma. *sin. honor. 2.* *s. f.* Circunstancia de que unha persoa sexa respectada e admirada polos demais e por ela mesma. *sin. honor. 3.* *s. f. pl.* Pan e viño que se dan nos enterros.

Honrada, -do 1. *adx.* Persoa íntegra, ética e cumpridora dos seus deberes profesionais. *sin. honesta, -to. 2.* *adx.* Persoa incapaz de enganar, defraudar ou estafar no seu propio beneficio. *sin. honesta, -to.*

Honrar 1. *v. tr.* Manifestar respecto, admiración ou estima. **2.** *v. tr.* Venerar, adorar. **3.** *v. tr.* Premiar por ser meritório. *sin. homenaxear.*

Hora *s. f.* Cada unha das vinte e catro porcións de tempo en que de forma convencional se divide o día.

Horizonte *s. m.* Liña límite da superficie da terra visible desde un determinado lugar, na que parece que se xuntan o ceo coa terra ou co mar.

Horrible 1. *adx.* Que causa horror, mete medo ou espanto. *sin. horrorosa, -so; espantosa, -so; arrepiante 2.* *adx.* Algo moi malo ou moi feo. *sin. horrorosa, -so; espantosa, -so, arrepiante.*

Horrio *s. m.* Construción accesoria da casa labrega destinada a gardar, secar e curar cereais illándoos da humidade e protexéndoos dos ratos. Está formado por unha cámara de madeira cuadrangular ou rectangular, elevada sobre varios pares de esteos cubertos con tampas circulares; as paredes de táboas teñen físgoas para facilitaren a aireación e o teito pode ser de colmo ou de lousa. *var.* **Horro**.

Horro véxase **horrio**.

Horror **1.** *s.m.* Medo intenso, espanto, pánico, terror. *sin.* **arrepío**. **2.** *s.m.* Sensación de desagrado porque algo é feo ou malo.

Horrorizar **1.** *v. tr.* Causar horror, arrepiar, espantar. **2.** *v. prml.* Sentir horror ou arrepío.

Horrorosa, -so véxase **horrible**.

Horta *s.f.* Terreo de pouca extensión e próximo á casa onde se cultivan verduras, legumes e hortalizas e, ás veces, árbores froiteiras. *sin.* **olga; leira**.

Hortaliza *s.f.* Planta comestible que se cultiva na horta ou horto.

Hortelá *s.f.* Planta herbácea, vivaz, da familia das labiadas e xénero *Mentha* con talos erguidos, poucas pólas, follas pilosas, elípticas, agudas, nerviosas e serradas, flores avermelladas e froito seco con catro sementes, que se cultiva

moito nas hortas, é de cheiro agradable e se emprega para condimentar alimentos.

Horto **1.** *s. m.* Horta pequena. *sin.* **leira**. **2.** *s. m.* Conxunto de individuos da mesma familia caracterizado pola presenza de trazos comúns que se transmiten de pais a fillos.

Hospitaleira, -ro *s.* Persoa que atende e coida un hostel ou albergue de peregrinos.

Hostia **1.** *s.f.* Oblea que se consagra nas eucaristías cristiás. **2.** *s.f.* Labazada, pancada que se dá na cara coa man.

Hoxe **1.** *adv.* O día no que estamos. **2.** *adv.* O tempo presente. *var.* **hoi**.

***Humedá** véxase **humidade**.

***Húmeda, -do** véxase **húmida, -do**.

Húmida, -do **1.** *adx.* Algo que está un pouco mollado. **2.** *adx.* O que está cargado de vapor de auga.

Humidade **1.** *s.f.* Calidade de húmido. **2.** *s.f.* Auga ou vapor que contén un corpo ou que hai no ambiente. *var.* ***humedá**.

Humilde **1.** *adx.* Persoa modesta que non presume dos seus méritos. *sin.* **humildosa, -so** **2.** *adx.* Persoa de clase social ou económica baixa.

Humildosa, -so véxase **humilde** **1.**

Idade véxase ***idade**.

Idea 1. *s.f.* Concepción mental dunha cousa real ou imaxinada, pensamento. **2.** *s.f.* Proxecto para elaborar algo. **3.** *s.f.* Opinión, concepto, noción xeral sobre algo.

Ideal 1. *adx.* Algo irreal, imaxinario, desexado. **2.** *adx.* Axustado á idea preconcebida que temos.

Iguada *s.f.* Cabra menor dun ano.

Igual 1. *adx.* Algo que é da mesma aparencia ou características doutra cousa. **2.** *adx.* Idéntica, semellante ou moi parecida. **3.** *adx.* Uniforme e constante.

Igualar 1. *v. tr.* Facer igual ou moi semellante unha persoa ou cousa a outra persoa ou cousa. **2.** *v. tr.* Poñer ao mesmo nivel as partes dunha superficie. **3.** *v. tr.* Ser ou volverse igual a algo ou alguén. **4.** *v. tr.* Guisar, aderezar a comida. **5.** *v. tr.* Pór en orde, dispor de maneira adecuada e conveniente unha cousa.

Igualdá* véxase **igualdade**.

Igualdade *s.f.* Correspondencia, equilibrio ou semellanza entre as partes dun todo.

Ilarga 1. *s.f.* Espazo situado entre as falsas costelas e a cadeira. **2.** *s.f.* Cada unha das dúas partes saíntes a ambos os lados do corpo humano, debaixo da cintura, formadas polos ósos superiores da pelve.

Imaxe 1. *s.f.* Cousa que representa exactamente outra. **2.** *s.f.* Figura dun obxecto nun obxecto, pantalla etc. **3.** *s.f.* Representación mental dun obxecto ou persoa que se percibe polos sentidos.

Imaxinar 1. *v. tr.* Pensar ou soñar desperto nunha idea, concepto, figura etc. **2.** *v. tr.* Inventar unha cousa no cerebro.

Implicar 1. *v. tr.* Comprometer alguén nalgún asunto ao que en principio era alleo. **2.** *v. tr.* Ter interese unha cousa para algo ou alguén, referirse a algo ou alguén. **3.** *v. intr.* Algo ser da competencia ou responsabilidade de alguén.

Inchacio* véxase **inchazo**.

Inchar 1. *v. tr.* e *v. prnl.* Facer máis grande o volume dun obxecto ao lle meter dentro del aire, gas ou auga. *sin.* **inflar**. **2.** *v. tr.* Darlle máis importancia, peso ou valor a unha cousa do

que merece ou ten. *sin.* **inflar**, **esaxerar**, **aumentar**.

Inchazo *s. m.* Efecto de inchar ou incharse. *var.* **inchacio**; **inchazón**.

Inchazón véxase **inchazo**.

Inchón 1. *s. m.* Golpe na cabeza. **2.** *s. m.* Vulto que sobresaí como consecuencia do golpe. **3.** *s. m.* Efecto que se produce por comer ou beber demasiado.

Inflar *v. tr.* véxase **inchar**.

Informadeira, -ro 1. *adx.* Persoa que informa. **2.** *adx.* Persoa que coñece todos os chismes e detalles de toda a aldea e os propaga.

Informar 1. *v. tr.* Dar a coñecer, facer saber algo a alguén.

***Ingre** véxase **ingua**.

Ingua *s.f.* Parte do corpo onde se unen as pernas ao ventre. *sin.* **virilla**.

Iniciar 1. *v. tr.* Dar comezo a algo, comezar, principiar. **2.** *v. tr.* Proporcionar a alguén os primeiros coñecementos de algo, darlle a primeira preparación ou facer que dea os primeiros pasos nunha actividade.

Inritación* véxase **irritación**.

Inrompible* véxase **irrompible**.

Insignia *s.f.* Sinal ou distintivo que indica dignidade, rango ou pertenza a un grupo.

Insinia* véxase **insignia**.

Instante *s. m.* Espazo de tempo moi breve. *sin.* **intre**, **momento**.

Intre *s. m.* Espazo brevísimo de tempo que separa dous feitos. *sin.* **momento**, **instante**.

Invernada *s.f.* Tempada ou período invernal con muita chuvia, frío, neve ou xeadas. *sin.* **invernía**.

Invernar *v. intr.* Pasar o tempo de inverno nun lugar axeitado protexido do frío e da auga.

Invernía véxase **invernada**.

Invernizo *adx.* Propio do inverno.

Inverno *s. m.* Estación máis fría e chuviosa das catro que ten o ano e que, no hemisferio norte, vai do 22 de decembro ao 21 de marzo. *var.* **invernía**; **invernada**.

Inviar* véxase **enviar**.

Inxertar* *v. tr.* Introducir un enxerto noutra planta para que creza e se desenvolva nela. *var.* **enxertar**.

Inxerto* 1. *s. m.* Operación de introducir unha parte dunha planta ou árbore no tronco ou póla doutra, para que se desenvolva alí. *var.*

enxerto. 2. *s. m.* Parte dunha planta que se introduce no tronco ou póla doutra, para que solde con ela e se desenvolvan como un só organismo. *var.* **enxerto.**

Inxirida, do 1. *adx.* Persoa encollida, minguada no seu crecemento ou no seu estado. 2. *adx.* Persoa acovardada.

Irmá *s. f.* Muller que, respecto doutra persoa, é filla dos mesmos pais ou das mesmas nais ou só do mesmo pai ou da mesma nai.

Irmao *s. m.* Home que, respecto doutra persoa, é fillo dos mesmos pais ou das mesmas nais ou só do mesmo pai ou da mesma nai.

***Irutar** véxase **arrutar.**

Istante* 1. véxase **instante.** 2. *s.* Persoa ou familiar con residencia fixa nunha aldea ou vila.

- La** *s. f.* Pelo da ovela, carneiro ou cabra que se utiliza para facer tecidos.
- Labarada** *s. f.* Chama grande que se eleva sobre unha materia que arde. *sin.* **fogueira**.
- Labazada 1.** *s. f.* Golpe que se dá na cara coa man aberta. *sin.* **lapada; lambada.** **2.** *s. f.* Golpe que se dá na cara ou na cabeza coa man aberta. *sin.* **Lapote**.
- Labia** *s. f.* Capacidade de falar muito e mui ben.
- Labiceira, -ro 1.** *adx.* Persoa que engaiola ao falar porque é moi doce, falangueira e sedutora. **2.** Persoa que adula a outra para conseguir dela un favor ou enganala. *sin.* **adulador, -ra; esmerecida, -do; falsa, -so; lambecús; acamelador, -ra.**
- Labio** *s. m.* Cada unha das partes carnosas que limitan a abertura da boca, nas persoas e nos animais. *sin.* **beizo**.
- Labor 1.** *s. m.* Actividade ou negocio en que alguén está ocupado ou do que se ten que ocupar. *sin.* **faena.** **2.** *s. m.* Resultado desta actividade. **3.** *s. m. pl.* Traballos domésticos. *sin.* **laborada.** **4.** *s. m. pl.* Traballos que se realizan no campo. *var.* **laborío, laboranza.**
- Laborada 1.** *s. f.* Todo o traballo que se encomenda a unha persoa. **2.** *s. f.* Labor doméstico.
- Laboranza** *s. f.* Actividade que consiste en cultivar a terra para obter dela froitos. *sin.* **labor, laborío, labra.**
- Laborear 1.** *v. intr.* Alguén ou algo realizar unha actividade que require máis ou menos esforzo co fin de producir algo ou de conseguir un resultado determinado. **2.** *v. intr.* Exercer unha actividade profesional. **3.** *v. tr.* Cultivar a terra para que produza froito.
- Laboreo** véxase **laborío**.
- Laborío 1.** *s. m.* Labor agrícola, acción ou efecto de labrar a terra. *var.* **labor, laboranza, laboreo.** **2.** *s. m.* Traballo ou sufrimento que se padece nunha actividade.
- Labra 1.** *s. f.* Actividade que consiste en cultivar a terra. *sin.* **laborío, laboranza, labor, labradura.** **2.** *s. f.* Primeiro labor que se dá á terra.
- Labrada** *s. f.* Terra en barbeito, terra por labrar.
- Labradío** *s. m.* Terreo arado e disposto para a semente. *sin.* **olga.**
- Labradura 1.** véxase **labra 1.** **2.** *s. f.* Labrado que se lle dá a un tronco ou a outro obxecto.
- Labrar 1.** *v. tr.* Cultivar a terra. **2.** *v. tr.* Arar, vesar remover, traballar a terra facendo nela sucos co arado. **3.** *v. tr.* Traballar, escavar ou baleirar un tronco de madeira. **4.** *v. tr.* Traballar a madeira, ou a pedra para darlle unha forma determinada ou para facerlle debuxos. **5.** *v. intr.* Perder peso e poñerse delgada unha persoa ou un animal.
- Labrega, -go 1.** *s.* Campesiña, persoa que traballa a terra. **2.** *adx.* Propia do campo e dos traballos do campo.
- Lacazán, -na 1.** *adx.* Persoa lambona. **2.** *adx.* Persoa ociosa e folgazana. *sin.* **manguela, -lo.** **3.** *adx.* Persoa desvergoñada, perdida. **4.** *adx.* Persoa que rouba ou bandida, en xeral. **5.** *adx.* Can que (xa) non serve para cazar; equivale ao termo *can sen raza* que se emprega nalgúns zonas do Bierzo.
- Lacena** *s. f.* Armario de cociña con portas e andeis encaixado na parede para poñer louza e alimentos.
- Lacexar** véxase **laxiar**.
- Lacoada** *s. f.* Comida que ten o lacón como ingrediente principal.
- Lacón** *s. m.* Pata de diante ou antebrazo do porco despois de despezado.
- Ladeira** *s. f.* Terreo en costa que vai da parte alta á baixa dunha montaña. *var.* **ladeiro**.
- Ladeiro** véxase **ladeira**.
- Lado 1.** *s. m.* Parte do tronco ou do corpo humano que vai dende a axila á cadeira, ou a parte equivalente do corpo dun animal. **2.** *s. m.* Parte situada á dereita ou á esquerda do centro dun corpo, dunha superficie ou dun lugar. *var.* **Lao*.**
- Ladral** *s. m.* Táboas que se poñen aos lados do carro, entre os estadullos, para aguantar a carga. *var.* **adral*.** *sin.* **lata 3.**
- Ladrar** *v. intr.* Emitir o can a súa voz característica.
- Ladrado** *s. m.* Voz do can.
- *Ladrocínio 1.** *s. m.* Acción de furtar. *sin.* **roubo.** **2.** *s. m.* Costume xeral de roubar.

Ladrón, -oa 1. *s.* Persoa que se apodera do que non é seu. 2. *s. m.* Terceira comporta que se usa nos antigos muíños para dar saída ás augas cando non se moe. 3. *s. m.* Gromo que lle nace a unha planta e que se corta porque non dá froito.

Lagaña *s. f.* Materia que se forma nos bordos das pálpebras, especialmente durante o sono, como consecuencia da secreción de certas glándulas.

Lagañosa, -so 1. *adx.* Persoa ou animal que de maneira habitual ou ocasional ten lagañas. 2. *adx.* Persoa miserable e forricas.

Lagar 1. *s. m.* Recipiente onde se pousa, pisa e prensa a uva para obter o mosto. 2. *s. m.* Construción que ten os utensilios e maquinaria necesaria para a elaboración do viño, a sidra ou o aceite.

Lagarada 1. *s. f.* Cada unha das veces que un veciño tiña dereito a usar o lagar porque no Bierzo normalmente eran propiedade de varias persoas que o usaban por quendas. 2. *s. f.* Tempo que se traballaba no lagar, que non excedía de corenta e oito horas. 3. *s. f.* Cantidade de uva que cabe no lagar.

Lagareta 1. *s. f.* Depósito que está situado no lagar, onde se bota a uva para prensala. 2. *s. f.* Pío no que se pisa a uva.

Lagarta véxase **lagarto**.

Lagartíña véxase **lagarto**.

Lagartixa véxase **lagarto**.

Lagarto 1. *s. m.* Réptil saurio da familia dos lacértidos, do que existen varias especies, que presenta cores entre o marrón e o verde. *var.* **lagarta, lagartíña, lagartixa**. 2. *s. m.* Cada unha das dúas pequenas tiras de carne muscular e tenra que se estenden entre o lombo e as costelas do animal despezado. 3. *adx.* Persoa pícara, oportunista e aproveitada. 4. véxase **carallo**.

Lago 1. *s. m.* Grande extensión de auga que ocupa unha depresión no terreo. 2. *s. m.* Masa de auga formada por un dique ou un muro nun río. *sin.* **presa**.

Lágrima *s. f.* Gota de auga salgada que segregan as glándulas lacrimais por efecto dunha emoción, unha dor física ou por unha molestia no ollo. *sin.* **bágoa**.

Lagúa 1. *s. f.* Extensión de auga máis pequena ca o lago e de menor profundidade. 2. *s. f.* Charco de auga.

Laguallo *s. m.* Lago ou charco pequeno e cheo de lama.

Laiar *v. intr.* Expresar pena ou o sufrimento unha persoa ou animal mediante choros, xemidos ou palabras. *sin.* **queixarse, lamentarse, xemer, chorar**.

Laio *s. m.* Acción ou efecto de laiar. *sin.* **queixa, queixume, lamento, xemido, choro**.

Lama *s. f.* Masa branda e húmida que se forma ao se mesturaren terra con follas e auga.

Lamazal *s. m.* Lugar cheo ou cuberto de lodo ou lama. *sin.* **lameiro, lameira**.

Lambada véxase **labazada**.

Lambecús *adx.* Persoa que adula outra persoa esaxeradamente para obter dela un favor ou un beneficio. *sin.* **adulador, -ra; esmrecida, do; falsa, -so; labieira, -ro; acamelador, -ra**.

Lambedor, -ra véxase **lambeteira, -ro**.

Lambela, -lo véxase **lambeteira, -ro**.

Lamber 1. *v. tr.* Pasar a lingua por algún lugar, normalmente recipientes ou utensilios para os alimentos. 2. *v. tr.* adular, gabar en exceso. 3. *v. tr.* arrapañar, roubar.

Lambereteira, -ro véxase **lambeteira, -ro**.

Lambeta 1. *s. f.* Alimento, xeralmente doce, de sabor agradable que se toma máis por pracer ca polo valor alimenticio. *var.* **lambonada, lambetada, lambusco**. 2. *s. f.* Porción ou anaco de certos alimentos, xeralmente alongada e fina. 3. *adx.* véxase **lambeteira, -ro**.

Lambetada 1. véxase **lambeta** 2. 2. véxase **lambida**.

Lambetar véxase **lambiscar**.

Lambeteira, -ro *adx.* Persoa que é moi amiga das lambonadas. *var.* **lambereteira, -ro; lambisqueira, -ro; lambusqueira, -ro; lambesqueira*, -ro; lambisca, -co; lambón, -na; larpeira, -ro; lapón, -na; lapeirón, -na; lambeta, -to; lambétiga, -go; lambedor, -ra; lambela, -lo; chambuleira, -ro**.

Lambétiga, -go véxase **lambeteira, -ro**.

Lambica, -co véxase **lambeteira, -ro**.

Lambida *s. f.* Acción e efecto de lamber. *sin.* **Lambetada**.

Lambiscar *v. tr.* Comer cantidades moi pequenas de algo, cada pouco tempo e, sobre todo, entre comidas. *sin.* **petiscar**; **lambetar**.

Lambisco véxase **lambusco** 4.

Lambisqueira, -ro véxase **lambeteira, -ro**.

Lambón, -na véxase **lambeteira, -ro**.

Lambusco 1. *s. m.* Apetito, ganas ou desexo de comer, especialmente algo doce ou apetitoso. 2. *s. m.* Alimento, xeralmente doce, de sabor agradable que se toma máis por gusto ca polo valor alimenticio. 3. *adx.* Comida apetitosa. 4. *adx.* Persoa lambona, ansiosa, ávida. *var.* **lambisco**.

Lambusqueira, -ro véxase **lambeteira, -ro**.

Lameira véxase **lameiro** 1.

Lameiro 1. *s. m.* Lugar pantanoso e encharcado, cheo de lama. *var.* **lameira**, **lamazal**. 2. *s. m.* Prado que, polas súas condicións naturais ou mediante a rega, está ben abastecido de auga todo o ano.

Lamia 1. *s. f.* Aro ou folla de ferro que rodea a roda do carro para protexela. 2. *s. f.* Calquera cuberta que protexa unha roda.

Lampar* véxase **alampar**.

***Lamparón** *s. m.* Mancha na roupa, xeralmente de graxa. *sin.* **pingada**.

Lampo 1. *s. m.* Calquera obxecto, liso, brillante, desgastado e escorregadio. 2. *adx.* Persoa fraca. 3. *adx.* Persoa que non ten dentes. 4. *adx.* Persoa lista e rápida.

Lampón, -na *adx.* Persoa folgazana, desleixada.

Laña *adx.* Persoa astuta e perspicaz.

Lancha 1. *s. f.* Pedra lisa, plana e de pouco grosor. *sin.* **laxe**, **lastra**. 2. *s. f.* Embarcación pequena a motor.

Lande *s. f.* Froito do carballo, da aciñeira e da sobreira, de forma oval, cuberto por unha casca dura e unido á árbore por unha especie de caparucho que o cobre pola parte de atrás.

Langoira, -ro *adx.* Persoa alta e delgada.

Languereteira, -ro véxase **linguareteira, -ro**.

Lanzafouce *s. f.* Especie de fouce de mango longo que serve para quitar herbas e maleza. *sin.* **rozadeira**.

***Lao** véxase **lado**.

Lapada véxase **labazada**.

Lapar 1. *v. tr.* Comer ou beber en exceso con ansiedade e rapidez. 2. *v. intr.* Sorber e facer

muito ruído ao beberen algúns animais, especialmente cans e gatos. 3. *v. tr.* Pasar a lingua ou unha culler por un recipiente para que non quede ningún resto de comida nel.

Lapazo *s. m.* Planta bienal da familia das compostas (*Rumex pulcher*), con talos grosos, avermellados e pilosos, que posúe follas basais de cor púrpura ou rosada, con brácteas ganchudas, que se dá en terreos abandonados e en bordos de camiños e se emprega para depurar o sangue, combater úlceras, furunchos e enfermidades da pel.

Lapeirón, -na 1. véxase **lambeteira, -ro**. 2. *adx.* Persoa que rouba.

Lapeta, -to *adx.* Persoa que trata de se beneficiar polas costas doutra persoa.

Lapexada *s. f.* Parolada, conversa informal.

Lapexar *v. t.* Botar un palique.

Lapón, na véxase **lambeteira, -ro**.

Lapote véxase **labazada**.

Lar 1. *s. m.* Lugar da cociña onde está o lume. 2. *s. m.* Cociña de lume que está no chan. *sin.* **fogar**. 3. *s. m.* Casa onde vive unha familia. *sin.* **fogar**.

Larafouzas *adx.* Persoa informal que non é de fiar porque fala muito e sen sentido.

Larafución, -na 1. *adx.* Persoa que se mancha porque come sen coidado. 2. *adx.* Persoa que fala de forma embarullada, sen orde e sen sentido. *sin.* **larafundias**.

Larafundias véxase **larafución, -na**.

Lardeira, -ro *adx.* Algo que ten moito lardo do touciño.

Lardo *s. m.* Parte graxenta do touciño. *sin.* **graxa**.

Larega véxase **lareira** 2 e 4.

Lareira 1. *s. f.* Fogar da cociña. 2. *s. f.* Pedra sobre a que se fai o lume na cociña. *var.* **larega**. 3. *s. f.* Lugar onde se prende o lume. *sin.* **fogón**. / 4. *adx.* Persoa ou animal amante do fogar. *var.* **larega, -go**.

Lareirar *v. tr.* Remexer no lume do forno.

Lareiro 1. *s. m.* Vara ou pau longo e grosso, en particular o que se utiliza para varexar as árbores. 2. *s. m.* Pau longo que se utiliza para remexer as brasas no forno de cocer o pan. 3. *s. m.* Vara longa ou armazón de paus longos da que se penduran os chourizos ou sobre a que se colocan certas cousas. 4. *s. m.* Cada un dos

- paus longos que se colocan na parte dianteira do carro para soste-lo o exceso de carga.
- *Larga, -go** véxase **longa, -go**.
- *Largueiro 1.** *s. m.* Cada un dos paus que unen o cabeceiro e os pés da cama sobre os que se coloca o somier. **2.** *s. m.* Pau longo. **3.** *adx.* Persoa de moita altura.
- *Larguetón, -na** *adx.* Persoa alta e delgada.
- Largura** *s.f.* véxase **anchura**.
- Larpeira, -ro** véxase **lambeteira, -ro**.
- Lasa, so** *adx.* Melena ou cabelo sen ondas nin rizos.
- Lascar** véxase **laxiar**.
- *Lastimadura 1.** *s. f.* Lesión dolorosa producida por unha pancada, unha rabuñadura, un impacto ou unha arma, ás veces acompañada de sangue. *sin.* **magoadura**.
- *Lastimar 1.** *v. intr.* e *v. prnl.* Producir unha ferida ou unha pequena dor física a alguén ou a si mesmo. *sin.* **magoar**.
- Lastra 1.** *s. f.* Pedra, louxa ou baldosa moi grande e apropiada para a construción de chaos. **2.** *s.f.* Pedra grande e plana. *sin.* **lancha**.
- Lastro 1.** *s. m.* Bloque cuadrangular e pequeno de pedra que serve para facer pavimentos. **2.** *s.m.* Algo que é moi grande ou desmesurado.
- Lata 1.** *s. f.* Folla de ferro cuberta dunha capa de estaño para que non se enferruxe. **2.** *s.f.* Táboa, madeira sen descascar. **3.** *s. f.* Cada un dos costados ou partes laterais do carro. *sin.* **ladral**.
- Lategazo** *s.m.* Xostrazo dado cun látego.
- Látego** *s. m.* Instrumento composto dunha corda ou dunha correa de material flexible suxeita a un mango que se emprega para azoutar.
- Latías** *s. f. pl.* Abrazadeiras de folla de lata que serven para unir a galocha que se abriu e fendeu. *var.* **latiñas**.
- Latricar** véxase **letoirar 2 e 3**.
- Lavadeira** *s. f.* Táboa cun caixón que serve para lavar a roupa e refregala.
- Lavadeiro*** véxase **lavadoiro**.
- Lavadoiro** *s. m.* Pedra plana ou táboa estrida posta a rentes dunha pía, tanque, regato, poza ou lugar, xeralmente comunal, onde se lava a roupa. *var.* **lavadeiro**.
- Lavanda 1.** *s.f.* Planta arbustiva da familia das malváceas (*Lavandula angustifolia*), de follas lanceoladas e flores azuis en espiga moi

- perfumadas. **2.** *s.f.* Esencia aromática obtida por destilación das flores da lavanda.
- Lavadeira** *s. f.* Paxaro pequeno da familia dos motacílidos (*Motacilla alba*), do que existen diversas especies, de cor gris ou verdosa polo lombo e branca ou amarela polo ventre, cunha cola longa que abanea con elegancia ao andar, voo lixeiramente ondulado e que vive en lugares húmidos.
- Lavar** *v. tr.* e *v. prnl.* Limpar algo ou limparse alguén só con auga ou engadíndolle algún tipo de xabón.
- Lavativa 1.** *s. f.* Menciña líquida que se introduce polo ano con fins terapéuticos. **2.** *s. f.* Instrumento con que se realiza esta operación.
- Lavaza** véxase **lavazas 1**.
- Lavazada** véxase **lavazas 1**.
- Lavazas 1.** *s. f. pl.* Residuos de comida composta por mondas, verzas e sobras de alimentos mesturados con auga e farelo que se lles botan aos porcos para se alimentaren. *var.* **lavaza, esclavaza, esclavazada**. **2.** *s. f. pl.* Auga sucia resultante do lavado dos cacharros da cociña. *sin.* **aguazada**.
- Laverca** *s.f.* Paxaro pequeno da familia dos aláudidos (*Alanda arvensis*) de pluma parda co ventre branco que fai o niño no chao.
- Laxe** *s.f.* Penedo ou rocha grande e aplanada que sobresa da superficie da terra.
- Laxiar** *v. intr.* Cansarse, fatigarse, arquearen de forma fatigosa os animais de traballo despois de realizaren un grande esforzo. *var.* **lascar; lacexar**.
- Laz** *s. m.* Capa de xeo que se forma sobre a tona dun líquido, dun lago ou depósito con auga, cando vai moito frío. *var.* **lazo**. *sin.* **lucieiro**.
- Lazada** *s.f.* Atadura ou nó que se fai cunha fita ou un cordón e que se desfai doadamente tirando dun cabo. *sin.* **lazo**.
- Lazo 1.** *s. m.* Lazada ou nó que se fai nunha corda ou nunha correa despois de atar ou suxeitar cun nó. **2.** véxase **laz**. **3.** véxase **cepo**.
- Lebrato** *s. m.* Cría nova da lebre. *sin.* **lebríño; lebríña**. / *adx.* e *s.* xentilicio de Campo da Lebre – Vilafranca.
- Lebre** *s. f.* Mamífero salvaxe da familia dos lepóridos (*Lepus capensis*) semellante ao coello, coas patas de atrás máis longas e máis fortes ca as de diante, que se caracteriza pola súa

- velocidade ao correr e do que existen varias especies.
- Lebreira, -ro** *adx.* Dise de cadela ou can adestrados para cazar lebres.
- Lebriña** véxase **lebrato**.
- Lebriño** véxase **lebrato**.
- Leda, -do** *adx.* Persoa alegre, feliz, que sente ledicia. *sin.* **alegre; contenta, -to**.
- Ledicia 1.** *s. f.* Estado de ánimo ou sentimento de pracer que produce un suceso favorable. *sin.* **felicidade, alegría, contento. 2.** *s. f.* Aquilo que produce este estado de ánimo ou sentimento.
- Legra** *s. m.* Ferramenta usada polos zoqueiros para baleirar a parte interior da zoca.
- Legrar** *v. intr.* Traballar con legra para facer con ela o baleirado da zoca ou da galocha.
- Legua** *s. f.* Antiga medida de lonxitude que equivale aproximadamente a 5,5 km.
- Legumia 1.** *s. f.* Froito ou semente que medra no interior dunha vaiña. **2.** *s. f.* Planta da familia das leguminosas.
- Lei 1.** *s. f.* Norma xurídica xeral de obrigado cumprimento. **2.** *s. f.* Fidelidade, lealdade ou cariño cara á unha persoa. **3.** *s. f.* Conxunto de todo o disposto no ordenamento xurídico. **4.** *s. f.* Liña de conduta que rexe toda actividade social sen que fose imposta por norma ningunha.
- Leira** *s. f.* Terra de cultivo. *sin.* **horta, horto, olga, labradío.**
- Leirar** véxase **letoirar**.
- Leiro** *s. m.* Terreo máis pequeno ca a leira.
- Leirón** *s. m.* Roedor da familia dos múridos, semellante ao rato pero de maior tamaño, de cor gris e rabo peludo, e que bota o inverno a durmir.
- Leitada 1.** *s. f.* **1.** véxase **caldada. 2.** *s. f.* Seme dos animais masculinos.
- Leitarega** *s. f.* Planta herbácea silvestre da familia das compostas (*Cichorium sp.*), de talo recto, follas partidas en lobos dentados e flores amarelas. *var.* **leitosa**.
- Leite** *s. m.* Líquido branco que segregan as glándulas mamarias das femias mamíferas e que utilizan para alimentar as crías.
- Leiteira 1.** *s.* Persoa que recolle, vende ou reparte leite. **2.** *s. f.* *s. f.* Vasilha ou recipiente que se emprega para recoller, transportar e repartir o leite. / **3.** *adx.* Vaca que se cría para obter dela leite.
- Leito 1.** *s. m.* Moble do dormitorio que ten un colchón e serve para durmir. *sin.* **cama. 2.** *s. m.* Gran caixón de madeira. **3.** *s. m.* Lugar por onde discorre un río ou un regato.
- Leitosa** véxase **leitarega**.
- Leituga** *s. f.* Planta herbácea hortense da familia das compostas (*Lactuca sp.*), con follas radicais grandes, enteiras ou recortadas, de cor verde ou violácea, que se adoitan consumir crúas en ensalada.
- Lenda 1.** *s. f.* Relato oral tradicional de feitos fantásticos, que poden ter un fondo histórico, pero que foi deformado e esaxerado co paso dos anos. **2.** *s. f.* Pé explicativo que acompaña unha imaxe, un mapa ou un plano.
- Lendia** *s. f.* Ovo do piollo. *sin.* **miúdas.**
- *Lendres** véxase **miúdas**.
- Lengureteira*, -ro** véxase **linguareteira, -ro**.
- Lenta, -to** *adx.* Persoa calmosa ou zoupona que tarda de máis en levar a cabo as súas accións.
- Lentella 1.** *s. f.* Planta herbácea anual da familia das leguminosas (*Lens esculenta*), de talo delgado e ergueito, follas alternas divididas en folíolos, flores brancas e sementes pequenas e redondas en forma de lente encerradas nunha casula. **2.** *s. f.* Semente comestible desa planta. *var.* **lentilla**.
- Lentén** *s. m.* Planta herbácea da familia das plantagináceas (*Plantago maior*) con follas anchas ovais que teñen o peciolo tan longo coma o limbo e cinco nervios moi marcados, con flores en espiga longa e apertada. *sin.* **Setecostas.**
- Lentilla** véxase **lentella**.
- Lenzo 1.** *s. m.* Tea de liño ou de algodón. **2.** *s. m.* Tea preparada para pintar sobre ela. **3.** *s. m.* Cadro xa pintado.
- Leña 1.** *s. f.* Conxunto de pólas, toros rachados de árbores, achas ou madeira de calquera clase que se utiliza para facer lume. **2.** *s. f.* Paus ou pancadas que se dan como castigo ou se intercambian nunha pelexa.
- Leñeira** véxase **leñeiro**.
- Leñeiro 1.** *s. m.* Alpendre onde se pon a resguardo a leña, xeralmente diante ou a carón da casa. **2.** *s. m.* Montón de leña. **3.** *s. m.* Lugar nas cociñas

- onde se deposita a leña para queimar. *var.* **Leñeira.**
- Leonés, -sa** *s. e adx.* Xentilicio de León, cidade e provincia.
- Ler 1.** *v. tr.* Percorrer coa vista un escrito para comprender o que di. **2.** *v. tr.* Comprender algo representado mediante signos. **3.** *v. tr.* Dicar en voz alta un texto.
- Lercha, -cho 1.** *adx.* Persoa que fala mal dos demais, que conta cousas que debería calar. **2** *adx.* Persoa insolente, maleducada, sen vergoña.
- Lercia** *s. f.* Falta de vontade para traballar ou para realizar calquera acción.
- Leria 1.** *s. f.* Palique, conversa informal e relaxada. **2.** *s. f.* Dito gracioso ou ocorrente para burlarse ou rirse dalguén. **3.** *s. f.* Asunto indeterminado. **4.** *s.* Persoa falagueira.
- Leriar 1.** *v. intr.* Falar moito e desenfadadamente sobre temas sen importancia. *sin.* **letoirar 3. 2.** *v. intr.* Argallar bromas e enredos.
- *Lesna 1.** *s. f.* Ferramenta que se compón dun ferro pequeno de punta moi fina, que se usa principalmente nas carpintarías para facer buratos.
- Letoirar 1.** *v. intr.* Falar sen parar e dicir cousas sen ceito. **2.** *v. intr.* Tratar de conseguir o amor ou o favor doutra persoa mentres se lle fala e se mostra interese por ela. *sin.* **latricar; leirar.** **3.** *v. intr.* Conversar de maneira informal.
- Levantar 1.** *v. tr. e v. prnl.* Mover ou moverse de abaixo cara arriba. *sin.* **erguer, elevar.** **2.** *v. tr.* Poñer algo a maior altura da que estaba.
- Levar 1.** *v. tr.* Facer que algo ou alguén vaia ou chegue a un lugar determinado. **2.** *v. tr.* Facer que algo ou alguén deixe de estar co que estaba ou con quen estaba ou sobre o que estaba. **3.** *v. tr.* Poñer ou usar habitualmente algo. **4.** *v. tr.* Recibir golpes como castigo por algo. *sin.* **Cobrar.**
- Levedar** *v. intr.* Fermentar, coller a masa a textura dunha esponxa e aumentar de volume pola acción dos fermentos. *sin.* **ludar.**
- Lévedo 1.** *s. m.* Substancia formada por microorganismos empregada para provocar a fermentación por unha serie de reaccións químicas. *sin.* **ludo.** **2.** *adx.* Masa que fermentou ou levedou. *sin.* **ludo.**
- *Lezna** véxase ***lesna.**

- Lía** *s. f.* Acción e efecto de pelexar. *sin.* **pelexa, liarda, liorta.**
- Liarda** *s. f.* Pelexa entre varias persoas. *sin.* **liorta, lia.**
- Liar 1.** *v. prnl.* Pelexarse varias persoas. **2.** *v. tr.*
- Libélula** *s. f.* Insecto da suborde dos anisópteros (*Libellula*) do que existen varias especies que se caracterizan por ter a cabeza e o tórax unidos, ollos moi desenvolvidos e xuntos, abdome longo e fino e dous pares de ás que estenden horizontalmente cando está en repouso. *sin.* **patarresa.**
- Libra** *s. f.* Medida de peso que equivale, coma en Galicia, a uns seiscentos gramos.
- Libradura** *s. f.* Conxunto de membranas que envolven o feto e que se expulsa no parto.
- Librar 1.** *v. tr.* Preservar, coidar, gardar alguén dun mal ou dun perigo. **2.** *v. tr.* Baleirar, desocupar algo que estaba cheo. **3.** *v. tr.* Liberar, ceibar.
- Lilaina 1.** *s. f.* Persoa pouco seria ou de pouco xuízo, que fai as cousas á lixeira ou que cambia facilmente de opinión. **2.** *s. f.* Obxecto de pouco valor.
- Lilio 1.** *s. m.* Planta herbácea da familia das iridáceas (*Lilium sp.*), da que existen diversas especies con variedades cultivadas e silvestres, de hábitats húmidos, con follas longas en forma de espada nadas desde o pé, e belas flores en acio terminal que poden ser brancas, violetas ou azuis. **2.** *s. m.* Flor desta planta.
- Limacha** *s. f.* Molusco gasterópodo terrestre da subclase dos pulmonados (xéneros *Agriolimax* e *Limax*), parecido a un caracol, pero de cuncha branda e reducida a un pequeno escudo dorsal, que se despraza arrastrándose e segrega abundante baba, do que existen distintas especies. *var.* **alimacha*.** *sin.* ***aligacha; limaco; limeco; lumaco*.**
- Limaco** véxase **limacha.**
- Limeco** véxase **limacha.**
- Limo 1.** *s. m.* Vexetación verdosa que se mestura coa lama nos fondos dos ríos, presas ou lagos. *sin.* **verdello.** **2.** *s. m.* Mestura natural de auga con terra, follas ou area. *sin.* **lama.** **3.** *s. m.* Depósito que forman no fondo dun recipiente as partículas que estaban en suspensión ou diluídas no líquido que contén o recipiente. *sin.* **pouso.**
- Limosnega, -go*** véxase ***limosneira, -ro.**

Limosneira, -ro** *s.* Persoa que pide ou dá esmola. *var.* **limosnega, **-go**. *sin.* **esmolega; -go**.

Limpa, -po **1.** *adx.* Algo que non ten manchas ou po. **2.** *adx.* Persoa que ten o hábito da limpeza. **3.** *adx.* Que non mancha.

Limpar **1.** *v. tr.* Deixar libre de manchas ou sucidade algo ou alguén.

Limpar* véxase **escanar**.

Limpeza *s.f.* Acción ou efecto de limpar.

Lindar **1.** *v. intr.* Lindar, limitar coas propiedades dun veciño ou veciña. **2.** *v. tr.* Acoutar unha terra ou prado. **3.** *V.*

Linde véxase **lindeiro**.

Lindeiro **1.** *s. m.* Franxa de terra sen cultivar que serve de liña de separación entre dúas leiras de distinto propietario. **2.** *s. m.* Terra, prado ou veciño ou veciña que linda coas propiedades dunha persoa. *var.* **Linde**. **3.** *s.* Propietario ou propietaria de fincas contiguas. *sin.* **Colindante**.

Lingua **1.** *s. f.* Órgano muscular móbil dos vertebrados, situado na cavidade bucal, que participa no proceso de mastigación e deglución, é sede de parte do sentido do gusto e, no ser humano, axuda a articular os sons. **2.** *s. f.* Código verbal natural usado polos membros dunha sociedade concreta, que está constituído por un variado repertorio de elementos e regras. **3.** *s. f.* Variedade dunha lingua propia dunha área xeográfica ou dun grupo social.

Linguaíza véxase **longaíza**.

Linguateira, -ro *adx.* Persoa que fala demasiado e ás veces conta o que non debe. *var.* **lenguareteira, -ro; languereiteira, -ro**.

Liña **1.** *s. f.* Febra de fío que se emprega para coser. *sin.* **fío**. **2.** *s. f.* Servizo de transporte. **3.** *s. f.* Orientación ou tendencia. **4.** *s. f.* Trazo lonxitudinal. *sin.* **raia**.

Liñada **1.** *s. f.* Semente de liño que ten propiedades medicinais e se aplica en cataplasmas quentes. **2.** *s. f.* Especie de papas de fariña.

Liñar *s. m.* Finca botada a liño.

Liñas *s. f. pl.* Anaco de lenzo esfañado que se usa para vendar unha ferida. *sin.* **venda**.

Liño **1.** *s. m.* Planta anual da familia das lináceas (*Linum usitatissimum*) de raíz fibrosa, talo recto

e oco do que se extraen fibras téxtiles, flores azuis e semente oleaxinosa. **2.** *s. m.* Tecido creado con fibras de liño.

Liorta véxase **liarda**.

Lixa *s. f.* Papel con grans abrasivos empregado para alisar e puír a superficie de madeiras e metais.

Lixar *v. tr.* Alisar e puír unha superficie cunha lixa.

Lixeira, -ro **1.** *adx.* Dise do que non pesa, polo que se eleva ou levanta con facilidade. **2.** *adx.* Dise do que se move con rapidez e axilidade.

Lizador *s. m.* Instrumento de metal do que se serven as persoas que serran para lizar.

Lizar *v. tr.* Afiar ou arranxar os dentes da serra.

Lizo **1.** *s. m.* Maior ou menor abertura que se dá aos dentes da serra á fin de preparala ben para traballar. **2.** *s. m.* Fío transversal co que se separan os fíos da urda para facilitar o paso dos fíos da trama.

Lobela, -lo véxase **lobeta, -to**.

Lobeta, -to *s.* Cría da loba. *var.* **lobela, -lo**.

Loba, -bo *s.* Mamífero carnívoro cánido (*Canis lupus*) de corpo áxil e musculoso e pelame escura que emite un son característico chamado ouleo ou ouveo.

Lodo véxase **lama**.

Logo **1.** *adv.* En pouco tempo, axiña, deseguida. **2.** *adv.* Máis tarde, despois. / **3.** *conx.* Polo tanto, en consecuencia, secasí, xa que logo, entón, daquela. / **4.** *interx.* Por suposto, xaora.

Lolailo *adx.* Persoa que vive a vida dun xeito moi despreocupado.

Lomba **1.** *s. f.* Pequena elevación do terreo arredondada. *var.* **lombo, outeiro**. **2.** *s. f.* Altura pequena pero prolongada. *var.* **lombeiro**. **3.** *s. f.* Elevación lonxitudinal que separa os sucos.

Lombada *s. m.* Pancada que se recibe no lombo ao caer de costas ou por acción doutra persoa. *var.* **lombeirada**.

Lombeiro *s. m.* Lomba pequena e continuada.

Lombeirada véxase **lombada**.

Lombesqueira, -ro* véxase **lambeteira, -ro**.

Lombo **1.** *s. m.* Parte posterior do tronco do corpo humano desde os ombreiros ata a cintura e nos animais desde o pescozo ata os cadrís. **2.** *s. m.* Espazo do corpo humano entre as omoplatas e os ombreiros. *sin.* **carrelo**. **3.** *s. m.* véxase **lomba** **1.** **4.** *s. m.* Cada unha das dúas

tiras de carne situados aos lados da soá, na zona lumbar do porco.

Lombriga 1. *s.f.* Nematodo de corpo alongado (*Ascaris lumbricoides*) que parasita no intestino de persoas e animais. **2.** *s.f.* Verme anélido (*Octolasion*, *Lumbricus*) de corpo longo e cor avermellada que vive nas zonas lamacentas ou húmidas e se emprega como engado para a pesca. *sin.* **mioca.**

Longa, -go 1. *adx.* Algo que ten moita lonxitude ou máis da habitual. **2.** *adx.* Algo que dura moito tempo ou máis tempo do que se espera.

Longaíza *s.f.* Embutido semellante ao chourizo pero feito nunha tripa máis estreita. *var.* **linguaíza; *longaniza.**

***Longaniza** véxase **longaíza.**

Loro *s.m.* Correa forte con que se ata ao xugo a lanza do carro ou o temón do arado. *sin.* **sobeo.**

Louca 1. *adx.* Castaña que cae soa antes de varexar. *sin.* **marela; pingada.** **2.** *adx.* Persoa que actúa e se comporta dun xeito pouco sensato.

Loucura *s.f.* Trastorno mental grave polo que unha persoa perde a razón.

Loura, -ro *adx.* Cuadrúpede de cor entre castaña e negra.

Loureiro *s.m.* Árbore da familia das lauráceas (*Laurus nobilis*), de copa baixa, follas perennes, lanceoladas e coriáceas, moi empregadas como condimento, e froito en baga.

Lousa *s.f.* Rocha de orixe metamórfica ou sedimentaria de cor gris ou negra, que se divide facilmente en láminas e se emprega normalmente para teitar as construcións ou para poñer no chao. *var.* **Louxa.**

Lousado *s.m.* Tellado feito con lousas. *var.* **Louxado.**

Lousador, -ra *s.* Persoa que coloca tellas e lousas nas cubertas e tellados. *sin.* **louseira, -ro.**

Lousar 1. *v. tr.* Poñer lousa, especialmente nun tellado pero tamén no chao. *var.* **louxar.** **2.** *v. tr.* Teitar un edificio. *var.* **louxar.**

Louseira 1. *s.f.* Canteira de lousa. *var.* **louseira.** **2.** véxase **lousador, -ra.**

Louxa véxase **lousa.**

Louxado véxase **lousado.**

Louza *s.f.* Produto de cerámica ou metal para servizo da mesa ou da cociña.

Lúa 1. *s.f.* Satélite da Terra, visible desde esta só en parte e baixo formas distintas, chamadas fases, segundo a posición que teña respecto á Terra e o lado por onde reciba a luz do Sol. **2.** *s.f.* Base circular da cuba.

Luar *s.m.* Resplandor da lúa.

Luada véxase **ballón.**

Luceira 1. *s.f.* Pequena abertura na parede ou no teito dunha casa para dar luz, para ventilar ou para saír ao tellado. / **2.** *adx.* Vaca ou outro animal que ten un lunar branco e grande na fronte.

Luceiro 1. *s.m.* Alba, primeira luz do día antes de nacer o sol. **2.** *s.m.* Estrela que aínda é visible cando amence. **3.** *s.m.* O planeta Venus. **4.** *s.m.* Calquera astro que brilla intensamente.

Lucieiro véxase **laz.**

Ludar véxase **levedar.**

Ludo 1. *s.m.* Masa de fariña fermentada que se emprega para levedar o pan. *sin.* **lévedo; fermento.** **2.** *adx.* Algo fermentado ou levedado.

Lugar 1. *s.m.* Porción determinada de espazo xeográfico. **2.** *s.m.* Núcleo pequeno de poboación, de carácter rural e con poucos veciños. *sin.* **aldea.** **3.** *s.m.* Cada casa ou grupo de casas illadas pertencentes a unha parroquia.

Luis *s.m.* Día da semana que vai entre o domingo e o martes. *var.* ***lunes.**

Luita *s.f.* Enfrontamento entre dous ou máis individuos en que se emprega a forza física ou outros medios de violencia. *var.* **alutia*; lutia; luta.**

Luitar *v. intr.* Enfrontarse unha persoa ou animal con outras persoas ou animais utilizando a forza física ou outros medios. *var.* **alutiar; lutar.**

Luito 1. *s.m.* Estado de tristura, pesar e período que segue á morte dunha persoa querida. **2.** *s.m.* Roupas negras que se leva como sinal exterior de dor pola morte dunha persoa. *var.* **Lutio.**

Lumaco véxase **limacha.**

Lumareda 1. *s.f.* Morea grande de leña que arde con chamas e resplandor, en especial nalgúns lugares, as que se fan polo san Xoán. **2.** *s.f.* Gran cantidade de lume ou luz. *var.* **Lumeira.**

Lume *s.m.* Luz e calor producidas pola combustión ou polas chamas que se desprenden dunha materia que arde.

Lumeira véxase **lumareda**.

Lunar 1. *s.m.* Mancha escura e arredondada na pel.

2. *s.m.* Figura en forma de círculo que destaca do fondo e serve de adorno.

Lundria *s.f.* Mamífero carnívoro mustélido (*Lutra lutra*) de pelo mesto e escuro que vive nas beiras dos ríos e se alimenta de peixes. *sin.* **alóndrega**.

***Lunes** véxase **luis**.

Luria *s.f.* Corda longa e grosa que se usa para suxeitar a carga do carro ou a carga dun remolque.

Lurpia *s.f.* Inchazo supurante.

Lustrar *v.tr.* Sacar brillo dun obxecto fretando nel repetidas veces. *sin.* **abrillantar, puír**.

Lustre 1. *adx.* Persoa ou animal que ofrece un aspecto san, robusto, de pelo fino e brillante.

sin. **lustrosa, -so**. / 2. *s.m.* Brillo que despiden os obxectos puídos, vernizados, abrillantados.

3. *s.m.* Resplandor provocado por unha descarga eléctrica durante unha treboada ou antes dela.

Lustrosa, so 1. *adx.* Algo que ten lustre, que ten o brillo característico dunha superficie pulida.

2. véxase **lustre 1**.

Luta véxase **luita**.

Lutia véxase **luita**.

Lutio véxase **luito**.

M

Ma véxase **mai**.

Macela *s.f.* Planta herbácea aromática e medicinal (*Matricaria chamomilla*) que se adoita tomar en infusión como tónico estomacal.

Machacar **1.** *v.tr.* Bater nun obxecto. *var. machucar.* **2.** *v.tr.* Esmagar un obxecto ou un corpo. **3.** *v.tr.* Insistir teimosamente nunha idea.

Machada *s.f.* Ferramenta cortante formada por unha folla grosa, polo xeral, en forma de trapezio, con fio por un lado, unida a un mango de pau que se agarra cunha soa man.

Machado *s.m.* Ferramenta semellante á machada pero coa folla máis grande e o mango máis longo que se adoita coller coas dúas mans. *var. machao*.*

***Machambrado, da** *adx.* Dúas pezas que están ensambladas ou incrustadas unha na outra.

***Machambrar** **1.** *v.tr.* Ensamblar dúas pezas de madeira a caixa e espiga ou a rañura e lingüeta. *var. *amachimbrar.* **2.** *v.intr.* Enganar no trato, sen posibilidade de volverse atrás por parte da persoa que merca ou da que vende, quedar comprometida unha persoa polo menos de xeito verbal.

Machao* véxase **machado**.

Machar **1.** *v.tr.* Desfacer ou comprimir moito unha cousa, dándolle golpes ou facendo presión sobre ela. **2.** *v.tr.* Cortar madeira ou unha árbore cun machado ou machada. **3.** *v.intr.* Agromárenlles inflorescencias a certas plantas, como a verza, no extremo do seu talo.

Machear *v.intr.* Cubrir o macho á femia para fecundala.

Macheta **1.** *s.f.* Machada con dous cortes. **2.** *s.f.* Machada máis pequena có *machao* ou machado. **3.** *s.f.* Coitela forte e ampla que serve para cortar carne.

Machete *s.m.* Especie de coitelo grande de folla longa e curva, que ten diversos usos.

Macho **1.** *s.m.* Animal ou persoa de sexo masculino. **2.** *s.m.* Peza dun material que se introduce noutra chamada femia. **3.** *s.m.* Equino resultado do cruce entre eguas e burros ou entre cabalos e burras. / **3.** *adx.* De gran vigor e fortaleza física (un home). **4.** *adx.*

Valente, afouto, decidido, destemido (un home).

Machorra, -rro **1.** *adx.* Animal estéril. **2.** *adx.* Muller bruta con maneiras de home.

Machucar véxase **machacar** **1.**

Maciñeira, -ro* Persoa que cura ou arranxa articulacións coas maos ou con produtos naturais. *sin. curandeira, -ro.*

Maciza, -zo *adx.* Corpo ou obxecto sólido e resistente, sen físgoas nin ocos no seu interior.

Macuto *s.f.* Bolsa pequena ou envoltorio de tea coas cousas máis indispensables, coma roupa ou comida, para unha viaxe ou para o pastoreo, que se leva ao ombro colgado dun pau. *sin. trouxa.*

Madalena *s.f.* Boliño feito de masa de ovo, fariña, leite e azuce que se coce metido nun molde estriado de papel.

Madeira *s.f.* Materia leñosa compacta e dura que está por baixo do casqueiro das árbores e arbustos.

Madeirame *s.m.* Conxunto de pezas de madeira empregado nunha construción.

Madeireira, -ro **1.** *s.* Persoa que vende e compra madeira. **2.** *adx.* Relativo á explotación da madeira.

Madeiro **1.** *s.m.* Peza longa de madeira preparada para ser traballada. **2.** *s.m.* Tronco ou anaco cortado dunha árbore que aínda se coloca xunto á porta exterior das casas e que nel senta a xente nas noites do verán para falar.

Madeixa *s.f.* Porción de fio, la ou seda envolto sobre si mesmo con voltas grandes. *var. madexa*.*

Madexa* véxase **madeixa**.

Madrasta *s.f.* Muller do pai, respecto dos fillos e das fillas que naceron de matrimonios anteriores. *var. madrastra.*

Madrastra véxase **madrasta**.

Madre **1.** *s.f.* Tratamento que reciben algunhas relixiosas. **2.** *s.f.* Tratamento de respecto referido á nai.

Madriña **1.** *s.f.* Muller que presenta a quen recibe o bautismo. **2.** *s.f.* Muller que protexe e favorece as pretensións e aspiracións doutra persoa.

Madroña *s.f.* Calzado de madeira dunha soa peza rematado en punta. *sin. galocha, zoca.*

Madrua *s. f.* Acción e efecto de madrugar.

Madrugada **1.** *s. f.* Tempo que abrangue as primeiras horas do día. **2.** *s. f.* Tempo que vai desde a medianoite ata o raiar do sol.

Madrugar *v. intr.* Erguerse cedo pola mañá.

Madurar **1.** *v. intr.* Chegar unha persoa ou un fruto ao seu grao de madurez. / **2.** *v. tr.* Favorecer a maduración dun fruto. **3.** *v. tr.* Pensar ben unha idea ou proxecto antes de poñela en práctica.

Madureiro **1.** *s. m.* Lugar cuberto de palla, que xeralmente está nas adegas, onde se deixa a fruta tendida para que madure. **2.** *s. m.* Pequeno tumor duro e purulento que se forma na superficie da pel e no tecido subcutáneo. *sin.* **foroncho, furuncho.**

Mafa *s. f.* Alga verde que se forma nalgúñas fontes ou pozas.

Mafo **1.** *s. m.* Humidade pegañenta das vasillas. **2.** *s. m.* Vexetación formada por plantas da división das briófitas de ata uns cinco centímetros de altura, que cobre como unha capa os lugares nos que hai humidade, en particular as pedras e as cascas das árbores. **3.** véxase **ferruxe.**

Mafosa, so **1.** *adx.* Algo que ten ferruxe. *sin.* **ferruxenta, -to; furruñosa, -so.** **2.** *adx.* Algo que ten mofo ou nifo. *sin.* **magorenta, -to; nifosa, -so; nifada, -do.**

Magarza *s. f.* Planta semellante á macela pero de cheiro desagradable que se usa en infusións polas súas propiedades medicinais (*Anthemis cotula*).

Mágoa **1.** *s. f.* Dor moral que sofre unha persoa. *sin.* **pena.** **2.** *s. f.* Contusión provocada por unha pancada.

Magoadura **1.** *s. f.* Lesión provocada por unha contusión. *sin.* **mancadura.**

Magoar **1.** *v. tr.* Causar dano físico, facer unha ferida. *sin.* **mancar.** / **2.** *v. prml.* Sufrir un dano físico. *sin.* **mancar.** **3.** *v. prml.* Ferirse, mancarse. **4.** *v. intr.* Toller, imposibilitar o uso dun brazo ou perna a causa dun golpe. *sin.* **mancar.**

Magoia véxase **maragoia.**

Magorenta, to *adx.* Alimento amofado, con mofo ou nifo. *sin.* **mafosa, -so; nifosa, -so; nifada, -do.**

Magostar *v. tr.* Asar castañas. *var.* **Amagostar.**

Magosto **1.** *s. m.* Acción de asar as castañas no outono que en moitas ocasións se converte nun acontecemento festivo comunal. **2.** *s. m.* Conxunto de castañas asadas ou crúas en montois. *var.* **Amagosto.**

Mai **1.** *s. f.* Muller ou animal femia que tivo un ou máis fillos, en particular con respecto a estes. *var.* **ma, madre.** **2.** *s. m.* Aquela femia que é considerada ou que se comporta como nai natural. *var.* **ma.**

Maia véxase **merrear.**

Maiceiro *s. m.* Milleira, plantación de millo onde plantas están moi xuntas.

Maimiño *s. m.* Dedo máis pequeno dunha mao ou deda máis cativa dun pé. *sin.* **pequeniño.**

Maio *s. m.* Quinto mes do ano, entre abril e xuño, que ten trinta e un días.

Maio **1.** *adx.* De tamaño máis grande ca outro obxecto, persoa ou animal. **2.** *adx.* Que ten máis importancia.

Maio *s. f.* Maior cantidade de persoas ou cousas.

Malandrán, -na* véxase **balandrán, -na.**

Malgastador, -ra véxase **estrafulador, -ra.**

Malgastar véxase **estrafular.**

Maliña, -ño **1.** *adx.* Persoa malvada, de mal corazón. **2.** *adx.* Algo produto ou obxecto velenoso. **3.** *adx.* Vaca que arremete e trupa.

Maleza *s. f.* Conxunto enmarañado de herbas e arbustos bravos.

Malla **1.** *s. f.* Acción ou efecto de mallar os cereais para debagalos. *var.* **mallega.** **2.** *s. f.* Acto de mallar ou aporrear a pabea. *var.* **mallega.** **3.** *s. f.* Época do ano en que se adoita mallar. *var.* **mallega.**

Mallada **1.** *s. f.* Construción no campo con paredes e tellado ou só con tellado onde se resgarda o gando pola noite e se albergan as persoas que se encargan do pastoreo. **2.** *s. f.* Volta que dan os malladores na eira batendo no cereal co mallo.

Mallador, -ra *s. f.* Persoa que malla.

Malladora *s. f.* Máquina que se utiliza para mallar.

Mallar **1.** *v. tr.* Bater co mallo nalgúis frutos, coma o centeo, os garavanzos ou as fabas, para os separar da espiga ou da vaíña. **2.** *v. tr.* Debagar. **3.** *v. tr.* Bater a paus nunha persoa. **4.** *v. tr.* Bater co mallo no centeo para debagalo e conservar a cana, que será utilizada

posteriormente para teitar casas e construcións.

Malle véxase **mallo**.

Malleira 1. *s. f.* Serie de pancadas que se lle dan a unha persoa ou a un animal. **2.** *s. f.* Esforzo que produce moita fatiga ou cansazo.

Mallo 1. *s. m.* Instrumento agrícola formado por dous paus engarzados por unha correa que, articulados, serven para debagar a golpes a pabea. *var.* **Malle**. **2.** *s. m.* Martelo de madeira que pode ser de diferentes tamaños e pode servir para diversos usos. *sin.* **mazuco; maza**. **3.** *s. m.* Mazo, xeralmente grande e de madeira, que se utiliza especialmente para machucar castañas crúas que servirán de alimento para as galiñas. *sin.* **Malluco**.

Malluco véxase **mallo 3**.

Malpocada, -do 1. *adx.* Persoa que sofre algunha desgraza ou ten moi mala sorte. **2.** Persoa apoucada, coitada, sen ansia.

Maluco véxase **foroncho, furuncho**.

Malvarisco *s. m.* Planta herbácea da familia das malváceas (*Althaea officinalis*), con talo ergueito, follas aveludadas e flores de cor rosa pálida, que medra en terreos húmidos.

Malvis *s. m.* Paxaro do tamaño e aspecto do merlo (*Turdus iliacus*), apardazado, que vive entre as matogueiras e admite cativeiro.

Mamadeira 1. *s. f. pl.* Peitos das mulleres e ubres dos animais cuadrúpedes. **2.** véxase **mamila**. **3.** Especie de botella á que se lle axusta unha peza de goma en forma de mamila para que as crías poidan beber do leite.

Mamar 1. *v. tr.* e *v. intr.* Succionar o leite das mamas dunha femia ou dunha mamadeira. **2.** *v. tr.* e *v. intr.* Succionar coa boca calquera líquido./ **3.** *v. prnl.* Embriagarse con alcol.

Mamela, -lo 1. *adx.* Persoa simple, tola, aparvada, necia. *var.* **mameluca, -co 2.** *adx.* Persoa que ten moita présa.

Mameluca, co véxase **mamela, -lo**.

Mamila *s. f.* Especie de botón que sobresa das mamas das femias e por onde as crías chuchan o leite. *sin.* **mamadeira 2**.

Mamón 1. *s. m.* Sarmento que agroma na parte baixa do tronco da cepa e que por non dar froito se destrúe pola súa acción chupadora. **2.** *adx.* Neno que mama muito.

Mamota *s. f.* Castaña cocida coa casca interior. *var.* **mamuca**.

***Mamporro** *s. m.* Golpe, croque que fai pouco dano.

Mamuca *s. f.* Castaña cocida coa casca interior. *var.* **mamota**.

Maña *s. f.* Astucia, habilidade, xeito.

Mañá:1. *s. f.* Parte do día que vai desde que sae o sol ata o mediodía. **2.** *s. f.* Día seguinte ao de hoxe.

Mancadura 1. *s. f.* Lesión nos tecidos dun ser vivo producida por unha causa exterior, como un golpe ou unha arma, normalmente acompañada de sangue. *sin.* **magoadura**. **2.** *s. f.* Choque máis ou menos violento de dous corpos. **3.** *s. f.* Ferida causada por un golpe. *sin.* **magoadura**

Mancar 1. *v. tr.* Causar dano físico, facer unha ferida. *sin.* **magoar**. **2.** *v. prnl.* Sufrir un dano físico. *sin.* **magoar**. **3.** *v. prnl.* Ferirse, facerse dano ou unha ferida. *sin.* **magoar**. **4.** *v. intr.* Toller, imposibilitar o uso dalgún membro a causa dun golpe. *sin.* **magoar**

Manceira *s. f.* Rabela do arado.

Mancha 1. *s. f.* Marca de sucidade. **2.** *s. f.* Punto que destaca por unha cor diferente do conxunto.

Manchar véxase **ensuciar**.

Manda *s. f.* Legado de bens e dereitos que se deixan nun testamento.

Mandangonear *v. tr.* Dominar ou manexar alguén de xeito autoritario ou subrepticio.

Mandar 1. *v. tr.* Ordenarlle a alguén que faga algo. **2.** *v. tr.* Ter autoridade sobre un grupo ou un individuo. **3.** *v. tr.* Outorgar bens a un herdeiro ou herdeira, que non ten dereito a recibilos de forma automática.

Mandil *s. m.* Peza de roupa que, atada á cintura e ás veces tamén ao pescozo, se pon sobre outra roupa para non manchala por diante.

Maneira 1. *s. f.* Modo ou estilo co que se executa ou acaece algo. **2.** *s. f.* Xeito, modo, costume.

Manela *s. f.* Porción de liño, estopa ou la, que se coloca de cada vez na roca para fiala.

Mangada *s. f.* Anaco de prado ou de terra de labradío, longo e estreito, que sobresa do conxunto.

Mangado *s. m.* Conxunto de cousas que se poden coller e transportar nos brazos. *sin.* **brazado**.

Manganchada *s. f.* Matanza do porco.

Mangante véxase **manguela, -lo**.

Mangar **1.** *v. tr.* Enchufar, axustar unha cousa a outra. **2.** *v. tr.* Poñerlles os mangos ás ferramentas. **3.** *v. intr.* Lacazanear, non dar pé con bóla no traballo. **4.** *v. tr.* Dar, pegar.

Mango **1.** *s. m.* Parte estreita e longa por onde se agarran as ferramentas. **2.** véxase **carallo**.

Mangonear *v. tr.* Mandar e querer dirixilo todo unha persoa.

Manguán, -na véxase **manguela, lo**.

Manguela, -lo *adx.* Persoa que é pouco amiga de traballar que pasa a maior parte do tempo sen facer nada. *sin.* **ganguela, -lo.** *sin.* **mangante; folgazán, -na; moulón, -na; manguán, -na; lacazán, -na; folgazá, -na; lacazá, -na; fouzán, -na.**

Manguito *s. m.* Especie de media manga que se pon no brazo para non rabuñarse nin cortarse no traballo do campo.

Manía **1.** *s. f.* Estado mental que implica excitación obsesiva. **2.** *s. f.* Costume raro e inxustificado. **3.** *s. f.* Aversión contra algo ou alguén. **4.** véxase **maniña**.

***Manilla** *s. f.* Peza de madeira no hastil da gadaña por onde se colle coa mao ao segar.

Maniña **1.** *s. f.* Vaca que non dá leite. **2.** *s. f.* Vaca da que non se sabe se está preñada ou non. *var.* **manía./ 3.** *adx.* Animal infecundo.

Maniota *s. f.* Dor que se sente nalgunha parte do corpo a causa do exercicio físico prolongado.

***Manollo** véxase **mollo**.

***Manoxo** véxase **mollo**.

Manqueira *s. f.* Dano que se produce nunha parte do corpo por causa dun accidente ou dunha enfermidade.

Manteiga **1.** *s. f.* Substancia graxa comestible que se obtén ao bater a tona do leite ata que queda consistente. **2.** *s. f.* Graxa do porco, unto.

Manteigón, -na *adx.* Algo ou alguén gordo, manteigoso, con moita graxa.

Mantela **1.** *s. f.* Peza de lenzo, algodón ou celulosa absorbente, que se coloca coma unha braga e que se lles pon aos nenos pequenos ou as persoas con problemas de incontinencia. *sin.* **cueiro**. **2.** *s. f.* Prenda de seda ou la, ás veces con encaixe, coa que as mulleres cubrían a cabeza ou as costas.

Manteleta *s. f.* Especie de chal que as mulleres poñen sobre os ombros e que colga por detrás.

Manteo *s. m.* Prenda de pano basto que usaban as mulleres, especie de saia axustada e aberta por detrás.

***Mantequeira** **1.** *s. f.* Vaca que dá un leite con moita manteiga. **2.** *s. f.* Muller que elabora manteiga para vendela.

Manto *s. m.* Roupas soltas, a modo de capa, co que se cobren as mulleres dende a cabeza ata os xeonllos.

Mantón *s. m.* Manto de la negra cadrado e con flocos, que se dobra formando un pico e colocan as mulleres sobre os ombros; é grande, chega case ata os pés por detrás e é suxeitado por diante coas mans.

Mañego **1.** *s. m.* Cesto pequeno de vime que levan as mulleres no brazo cos utensilios de labor. **2.** *s. m.* Cesto que se emprega para a vendima. **3.** *S. e adx.* Xentilicio e glotónimo de San Martiño de Trebello (Cáceres)

Mañiza *s. f.* Feixe ou gavela atada de palla ou herba. *var.* **mañizo; mañuzo**.

Mañizo véxase **mañiza**.

Mañuzo véxase **mañiza**.

Mao **1.** *s. f.* Parte do corpo humano situada no extremo de cada brazo, con cinco dedos, que serve para agarrar e onde radica por excelencia o sentido do tacto. **2.** *s. f.* Lugar onde debe situarse o xogador ou xogadora para lanzar a bóla. **3.** *s. f.* Cada unha das dúas grandes zonas de terras labradías nas que se alterna anualmente a sementeira dos cereais e se deixa en medio un ano de descanso. **4.** *s. f.* Aptitude para facer algo ben ou para tratar á xente de maneira adecuada. **5.** *s. f.* Cada capa de pintura, verniz ou outras substancias que se aplica dunha vez. **6.** *s. f.* Conxunto de tiradas que se xogan nunha partida desde que se dan as cartas ou as fichas ata que se acaban, e ao cabo das cales se gaña ou perde algún punto.

Mapoula véxase **papoula**.

Maquía *s. f.* Porción de grao ou fariña con que se lle paga ao muiñeiro ou á muiñeira por cada vez que se moe.

Maquiar *v. tr.* Medir e cobrar a maquía o muiñeiro ou a muiñeira.

Maragalleira* véxase **gramalleira**.

Maragato 1. *s. m.* Pan con figura humana feito para nenos ou nenas. **2.** *s. m.* Calquera boneco de trapo, espantallo ou figura estraña de aspecto humano. **3.** *s. m.* Debuxo de mal trazo e con arte pobre, xeralmente infantil. **4.** *s. m.* Careta do Entroido.

Maragoia 1. *s. f.* Óso da froita. **2.** *s. f.* Pebida da cereixa. *var.* **Magoia.**

Maraña 1. *s. f.* Porción de fio, arame ou pelo, ou conxunto deles, cando están moi enleados entre si e é moi difícil separalos e desenredalos. **2.** *s. f.* Conxunto de cousas en que todos os elementos están tan xuntos e mesturados que é moi difícil distinguilos e separar uns dos outros. **3.** *s. f.* Gran cantidade de complicacións, asunto difícil de resolver. **4.** *s. f.* Chave nas artes marciais para derrubar o adversario.

Marañada *s. f.* Cousa de pouco valor ou desperdicios, especialmente os da matanza do porco.

Marañois *s. m. pl.* Obxecto construído cun viorto de abeleira curvado en forma ovalada con vimes entretrecidos, semellante a unha raqueta, que se coloca baixo os pés para andar sobre a neve sen afundirse.

Marcación *s. f.* Marco dunha fiestra ou porta.

Marceada véxase **brea**.

Marcear *v. intr.* Ir un tempo propio do mes de marzo.

Marcega, -go *adx.* Algo propio do mes de marzo.

Marco 1. *s. m.* Fito ou pedra chantada que separa os campos de distintos propietarios. **2.** *s. m.* Sinal que fixa os lindeiros da herdade. **3.** *s. m.* Pedra medial, horizontal na parte superior da marcación da porta. **4.** *s. m.* Trasfogueiro do fogar. **5.** *s. m.* Demarcacións das portas, xa sexan de pedra ou de madeira. *sin.* **mastre.**

Marelo 1. *s. m.* Cor amarela. **2.** *adx.* Persoa pálida. *sin.* **descolorida, -do.** **3.** *s. f.* véxase **louca.**

Mariola 1. véxase **raia.** **2.** *adx.* Persoa desgairada ou desleixada no andar e no vestir.

Marmalada* véxase **mormelas.**

Marmallar 1. *v. tr.* Mastigar moito. **2.** *v. tr.* Facer mal unha cousa.

Marmelar véxase **esmarmelar.**

Marmulador*, -ra 1. *adx.* Persoa que murmura. **2.** *adx.* Persoa rexoubeira.

Marmular* 1. *v. tr.* Dicir algo en voz moi baixa, especialmente cousas que prexudiquen a boa sona daquel ou daquilo do que se fala. *var.* **murmurar.** *sin.* **criticar.** **4.** *v. intr.* Falar en voz baixa, contar chismes da xente.

Marmurador, -ra véxase **picalaverza.**

Marolo *s. m.* Xogo da pita cega.

Marón 1. *s. m.* Macho da ovella. **2.** *s. m.* Carneiro pai ou que serviu para a monta. **3.** *s. m.* Porco semental, porco pai.

Marra 1. *s. f.* Martelo que serve para distintos usos. **2.** *s. f.* Maza de ferro que usa o ferreiro e serve para golpear este metal sobre a bigornia.

Marrá *s. f.* Vulto no lombo ou no peito que se forma cando a columna vertebral está torcida.

Marranguín *s. m.* Leitón que acaba de nacer.

Martelo *s. m.* Ferramenta composta dunha peza dun material forte e pesado, como o ferro, encaixada nun mango que se utiliza para dar golpes con diferentes fins.

Maruxo *s. m.* Obxecto que representa unha cara, que utilizan as persoas para cubriren o rostro e así transformaren o seu aspecto.

Marzola *s. f.* Última parte do estómago das aves, onde trituran o grao e os demais alimentos. *var.* **mazola.**

Masadura *s. f.* Cantidade de pan que se amasa dunha soa vez.

Masar *v. tr.* Amasar, acción que comprende un conxunto de faenas que teñen como resultado final a fabricación do pan ou pezas de repostería.

Mascar véxase **mastigar.**

Máscara 1. *s. f.* Peza de tea, madeira ou cartón que tapa o rostro dunha persoa para non ser recoñecida. *sin.* **careta.** **2.** *s. f.* Persoa enmascarada ou disfrazada polo Entroido. **3.** *s. f.* Pano que cobre boca e nariz para tornar microbios e bacterias.

Maseira 1. *s. f.* Recipiente grande de madeira, que poder ter catro patas e tampa, onde se amasa o pan ou se garda a comida. *sin.* **Artesa.** **2.** *s. f.* Pía onde comen os porcos. **3.** *s. f.* Pano de lenzo co que se abriga a masa para que fermente. **4.** *s. f.* Caixón onde se fai o mondongo da matanza para os chourizos.

Maseirada *s. f.* Contido que cabe nunha maseira, especialmente os ingredientes que forman o pan.

Maseiro 1. *s. m.* Recipiente máis pequeno cá maseira, sen patas, onde se lles bota de comer aos porcos e a outros animais ou onde os oleiros botan o barro **2.** *s. m.* Caixón onde se pon a a carne do porco para salgar, tamén utilizado para outros traballos da matanza, coma sangrar o porco ou limpalo. **3.** *s. m.* Bebedoiro, pío de auga onde se lle dá de beber ao gando.

Masoira *s. f.* Artefacto que se usaba para pescar e que consistía nunha rede chea de chumbos que se tiraba ao río mentres os pescadores escaravellaban con paus para levar as truitas cara á rede.

Mastigar *v. tr.* Triturar ou esmagar unha comida ou outra cousa cos dentes para abrandala ou saboreala. *var.* **mascar; mazcar*.**

Mastre véxase **marco 5.**

Mata 1. *s. f.* Bosque, monte, conxunto de árbores máis ben pequenas. **2.** *s. f.* Carballo pequeno. / **3.** *s. f.* Acción de matar o porco para logo preparar e conservar a carne. *sin.* **matanza 1.**

Matachín, -na *s.* Persoa especializada en matar e despezar os animais comestibles, sobre todo os porcos. *sin.* **matador, -ra.**

Matador, -ra véxase **matachín, -na.**

Matanza 1. véxase **mata 3. 2.** *s. f.* Acción de matar de vez moitas persoas ou animais.

Matapiollos *s. m.* Designación popular do dedo polgar da man. *var.* **matapollos.** *sin.* **cachapiollos; escrocapiollos.**

Matapollos véxase **matapiollos.**

Matogueira *s. f.* Terreo de plantas e arbustos baixos e bravos. *sin.* ***matoxo.**

***Matoxo** véxase **matogueira.**

Maula *s. f.* Persoa preguiceira e tramposa. *sin.* **folgazán, lacazán, nugallán.**

Malear *v. intr.* Non traballar, non facer nada por ser unha persoa folgazana ou lacazana. *sin.* **folgazanear, lacazanear.**

Maza 1. *s. f.* Arma antiga que consistía nun pau pesado que vai aumentando de grosor desde un dos extremos, por onde se agarra, ata o outro, co que se golpea. **2.** *s. f.* Ferramenta de madeira ou doutro material, que consta dunha peza maciza de formas e tamaños diferentes, inserida polo centro ou por un lateral nun mango, utilizada para pisar, machucar ou golpear. **3.** *s. f.* Obxecto que consta dun

mango de madeira cunha peza redonda de madeira ou feltro, forrada de coiro nun dos extremos, que se emprega para tocar o bombo ou outros instrumentos similares. **4.** *s. f.* Instrumento que consiste nun pau cunha peza redonda nun dos extremos, que se emprega para mazar o leite. **5.** *s. f.* Musgo ou costra que se cría sobre unha superficie. **6.** *s. f.* véxase **mallo.**

Mazá *s. f.* Froito comestible da maceira, de carne branca e pel fina de cor verde amarela ou vermella segundo as variedades.

Mazacú 1. *s. m.* Viravolta que dá o neno ou a nena. **2.** *s. m.* Acción e efecto de pegar a un neno ou a unha nena ou de collelo no aire e axitalo coma a unha mazadeira.

Mazacuco véxase **carrabouxa.**

Mazadura 1. *s. f.* Acción ou efecto de mazar. **2.** *s. f.* Mancha violácea que se forma na pel a consecuencia dun golpe. *sin.* **hematoma. 3.** *s. f.* Cantidade de liño que se maza dunha vez.

Mazairal *s. m.* Terreo ou horta plantada de maceiras ou mazairos.

Mazairo *s. m.* Árbore de folla caduca da familia das rosáceas (*Malus domestica*), propia de climas temperados, xeralmente co tronco retorto, pólas grosas, copa irregular, follas ovadas con peluxe no envés e flores de cor branca tirando a rosa, que dá como froito a mazá e da que existen moitas variedades.

Mazar 1. *v. tr.* Golpear repetidamente cun mazo, maza, ou aparello semellante. **2.** *v. tr.* Bater no liño coa maza para romper as partes leñosas e tirarlle a casca. **3.** *v. tr.* Bater no leite para lle separar a manteiga. **5.** *v. tr.* Producir unha ou varias mazaduras en algo.

Mazaroca* véxase **mazorga.**

Mazcar* véxase **mastigar.**

Mazcuñar *v. intr.* Mastigar, mascar facendo ruído.

Mazola* véxase **marzola.**

Mazorga 1. *s. f.* Froito en espiga densa, con graos moi xuntos, de certas plantas gramíneas coma o millo. *var.* **mazaroca. 2.** *s. f.* Vulto, excrecencia, tumor nunha pata ou no pescozo. *var.* **mazaroca.**

Mazuco véxase **mallo.**

Meana *s. f.* Plantación de chopos, xeralmente en lugares húmidos.

Mecosa, -so *adx.* Persoa amiga de amosar con vaidade unha cualidade ou mérito que se atribúe a si mesma. *sin.* **chula, -lo; fachendosa, -so; orgullosa, -so; presumida, -do; rufa, -fo.**

Meda 1. *s.f.* Conxunto de feixes colocados dunha maneira apertada e ordenada uns sobre outros. **2.** *s.f.* Conxunto de moreas dispostas nun montón de forma cónica, que se colocan na eira para debagalas. **3.** *s.f.* Grupo de monllos de centeo ou de trigo colocados de pé uns contra os outros, que se fai na leira despois de segar. **4.** *s.f.* Montón de palla ou herba, especialmente o que se conserva para moito tempo. *var.* **mera.** *sin.* **colmeiro.** **5.** *s.f.* Monte de leña que serve para queimar no lume. *sin.* **medeiro.**

Medar *v. tr.* Formar a meda na eira para preservar o gran da humidade e da choiva. *var.* **Enmedar.**

Medeiro véxase **meda.**

Media 1. *s.f.* Peza de roupa que cobre o pé e a perna ou unha parte da perna. **2.** *s.f.* Cantidade ou cousa que ocupa un lugar intermedio entre outras.

Mediador, -ra véxase **mediaciro, -ra 2.**

Mediaciro, -ra 1. *s.* Persoa que vai a medias con outra no traballo e en beneficio dun campo. **2.** *s.* Persoa que media nun trato. *sin.* **mediador, -ra.**

Medio 1 *s. m.* Medida de capacidade para áridos que equivale a dous cuartillos. **2.** *s. m.* Punto que está á mesma distancia entre dous extremos. *sin.* **metade.** **3.** *s. m. pl.* Recursos económicos.

Mediodía 1. *s. m.* Hora en que o sol está no seu punto máis elevado sobre o horizonte, a partir das doce do día, entre a mañá e a tarde. **2.** *s. m.* Hora da comida. *var.* **meodía, meudía.**

Medir *v. tr.* Determinar a lonxitude, a superficie, o volume ou a intensidade de algo ou alguén ao comparalo coa unidade que se toma como padrón.

Medo 1. *s. m.* Sentimento de inquedanza, desacougo ou covardía ante a presenza, real ou imaxinaria, dun perigo. **2.** *s. m.* Receo que se sente por culpa de algo que pode causar algunha molestia ou ter un algún efecto contrario ao esperado.

Medoco *s. m.* Meda pequena. *var.* **medouco.**

Medosa, -so *adx.* Persoa ou animal que ten medo. *var.* **Medrosa, -so.**

Medouco véxase **medoco.**

Medra *s.f.* Aumento, crecemento ou desenvolvemento físico dunha persoa, animal ou planta. *sin.* **crecemento.** *var.* **medria, medrí.**

Medrar 1. *v. intr.* Aumentar en tamaño, altura, cantidade, nivel, intensidade ou importancia unha persoa, animal ou planta. *sin.* **crecer.** **2.** *v. intr.* Aumentar o volume unha masa. **3.** *v. intr.* Subir o nivel de auga dun río. *sin.* **crecer.**

Medria véxase **medra.**

Medrí véxase **medra.**

Medro *s. m.* Medida de capacidade, especialmente para o viño, que equivale a doce cántaros.

Medrosa, -so* véxase **medosa, so.**

Mega *s.f.* Cesto de vime máis grande ca o mego.

Mego *s. m.* Recipiente grande e sen asa feito de vimbios, vergas ou varas entretecidos; serve para encher con produtos da hora e tamén para deixar os meniños cando aínda non andan. *sin.* **goxo.**

Meicia* véxase **melecina*.**

Meiga, -go 1. *s.* Persoa con coñecementos de medicina natural ao que se lle atribúen poderes sobrenaturais, que adiviña o porvir ou realiza curacións. *sin.* **menciñeira, -ro; curandeira, -ro.** **2.** *s.f.* Muller astuta, melosa, hipócrita e enganadora. *sin.* **bruxa.** **3.** *s.* Persoa cariñosa, doce, afagadora, garatuxeira, especialmente as crianzas./ **4.** *adx.* Algo que causa impresión agradable e enfeitiza ou engaiola. *sin.* **feiticeira, -ro.**

Meixelo *s. m.* Traveseiro do arado.

Mel *s. m.* Substancia doce e espesa que elaboran as abellas co néctar que extraen das flores.

Melandro 1. *s. m.* Anaco de trapo esfarrapado de calquera tea ou vestido. **2.** *s. m.* Mamífero carnívoro (*Meles meles*) nocturno, de fociño longo, pelo gris e patas curtas. *sin.* **teixugo, porco teixo.**

Melaxo *s. m.* Troita pequena ou de mala calidade.

Melecía* véxase **menciña.**

Melecina* véxase **menciña.**

Meleciña* véxase **menciña.**

Meleira, ro 1. *adx.* Persoa ou animal que mostra cariño e afecto. *sin.* **Costumeira, -ro.** / **2.** *s.* Persoa que produce ou vende mel. *sin.* **apicultor.**

Melena 1. *s.f.* Floco ou cobertoira de coiro que se pon diante ou enriba da mulida para evitar que as moscas molesten ao animal na cara e, en consecuencia, este cabecece. **2.** *s.f.* Cabelo longo e solto.

Melfo 1. *s.m.* Beizo inferior moi groso que se divide en dúas partes moi protuberantes. **2.** *adx.* Persoa que ten máis groso o labio inferior. **3.** *adx.* Animal que pasta con dificultade por ter o beizo e a mandíbula inferiores máis prominentes.

Melindre 1. *s.m.* Doce pequeno feito con fariña e mel. **2.** *s.m.* Algo que se di ou se fai con esaxerada finura e delicadeza.

Mellor *adx.* Algo ou alguén que ten unha calidade superior ou que é preferible ao que se compara. *var.* **millor*.**

Melocotoeiro *s.m.* Árbore froiteira (*Prunus persica*) de follas de cor verde clara e flores rosáceas que dá melocotois.

Melocotón *s.m.* Froita do melocotoeiro, aromática, de cor amarela, pel delgada e polpa pegada a unha carabuña engurrada.

Melozea *s.f.* Estado dunha persoa cando bebeu demasiado alcohol. *sin.* **borracheira, chea.**

Memoria *s.f.* Capacidade para recordar feitos pasados. *var.* **mamoria*.** *sin.* **recordo, acordanza.**

Menciña *s.f.* Substancia natural preparada con herbas ou plantas que se emprega para tratar de curar unha doenza ou enfermidade. *var.* **melecía*; meicia*; melecíña*, menciña.**

Mendiga, -go *s.* Persoa que pide esmola para poder vivir. *sin.* **esmoleira, -ro.**

Menín, -ña 1. *s.* Persoa acabada de nacer ou cando aínda non anda. **2.** *s.f.* Orificio redondo no centro do iris por onde entran os raios de luz no ollo.

Meodía véxase **mediodía.**

Meón véxase **meúl.**

Mera* véxase **meda.**

Mércoles* véxase **mércores.**

Mércores *s.m.* Día da semana que segue ao martes e precede ao xoves. *var.* **mércoles*.**

Merda 1. *s.f.* Excremento sólido de animais e humanos. **2.** *s.f.* Sucidade, lixo, porcallada. **3.** *s.f.* Aquilo que non ten valor ningún ou que non merece a pena conservar.

Merdeco *s.m.* Excremento humano.

Merdeira, -ro 1. *adx.* Relativo á merda. **2.** *adx.* Que ten sucidade. **3.** *adx.* Persoa insignificante e de escaso valor humano.

Merenda *s.f.* Comida lixeira que se toma a media tarde, entre o xantar e a cea.

Merendar *v.tr.* e *v.intr.* Comer a merenda.

Merenzao 1. *s.m.* Tipo de uva. **2.** *s.m.* Viñado que dá este tipo de uva.

Merexar 1. *v.intr.* Rexoubar. **2.** *v.intr.* Ser unha persoa lixeira.

Mergullar 1. *v.tr.* Nadar por debaixo da auga. *var.* **amergullar.** **2.** *v.prl.* Introducirse na auga ou nunha situación distinta.

Mergullo 1. *s.m.* Acción e efecto de mergullar ou mergullarse. **2.** *s.m.* Ave palmípeda (*Podiceps cristatus*) con patas, rabo e ás curtas, peteiro longo e recto, pescozo longo, coa curupela de cor negra con dous penachos; a pluma é castaña escura na parte superior do corpo e branca na inferior.

Merlo véxase **cochorra.**

***Merma** véxase **enfraquear, minguar.**

Merodo* véxase **morodo.**

Merrear 1. *v.intr.* Emitir o gato o seu son característico. *var.* **merriar.** *sin.* **miar; maiar; miagar.**

Merriar* véxase **merrear.**

Meruxa* véxase **muruxa.**

Mes *s.m.* Cada unha das doce partes en que se divide un ano: xaneiro, febreiro, marzo etc.

Mesa 1. *s.f.* Moble de madeira, pedra, plástico ou metal que consiste nunha prancha horizontal sostida por un ou varios pés; serve para poñer os alimentos para comer, para traballar e estudar. **2.** *s.m.* Banco de madeira, longo con brazos e respaldo que adoitaba estar nas cociñas antigas e que ás veces ten unha táboa abatible que fai de mesa. *sin.* **escano; escanil.** **3.** *s.f.* Viga que se encontra na parte inferior do muíño e na que está o *sapo* sobre o que xira o fuso. **4.** *s.f.* Entalladura ou corte feito no xugo onde se ata o temeiro.

Mesado 1. *s.m.* Táboa ou pedra a carón da cociña para colocar a louza, as tarteiras ou calquera

- outro útil de cociña. **2.** *s.m.* Mesa pegada á parede por un dos seus lados.
- Mesar** *v. tr.* Sacar da palleira con xeito e coidado a herba que se lle vai dar ao gando.
- Meso** *s.m.* Banqueta pequena de tres ou catro patas e sen respaldo. *sin.* **tallolo.**
- Mesta, -to** **1.** *adx.* Algo con elementos moi xuntos, apertados ou apiñados. **2.** *adx.* Algo espeso, moi denso, especialmente un monte ou unha paraxe con moita vexetación.
- Mestranzo** *s.m.* Planta da familia das labiadas (*Lepidium sativum*), con talos erguidos e follas lanceoladas, dentadas e con abundante peluxe, que ten flores rosáceas en acios e crece en zonas húmidas e terreos encharcados; é aromática, estimulante, dixestiva e boa para retrasar o proceso de coagulación do leite e para a secreción da bile. *var.* **mistranzo.**
- Mestura** *s.f.* Acción ou efecto de mesturar.
- Mesturar** **1.** *v.tr.* Xuntar, unir varias cousas distintas confundíndoas. **2.** *v.tr.* Atrapallar e desordenar cousas que estaban ordenadas.
- Metai*** *s.f.* Cada unha das dúas partes iguais en que se divide un todo. *var.* ***metá.**
- Meter** **1.** *v. tr.* Introducir unha cousa dentro doutra ou nalgún sitio. **2.** *v. prnl.* Introducirse nun sitio sen ser chamado. **3.** *v. prnl.* Iniciar un traballo ou actividade. **4.** *v. prnl.* Intervir en algo, inmiscirse.
- Meticón, na** **1.** *s.* Persoa que sempre anda ao redor doutra adulándoa e, ao mesmo tempo, procurando saber todo acerca dela. **2.** *s.* Persoa que se mete nos asuntos dos demais.
- Meudía** véxase **mediodía.**
- Meúl** *s.m.* Peza central da roda do carro na que se introduce o eixe. *var.* **miúl; miúdo; meón.**
- Mexacán** **1.** *s.m.* Infección ou irritación producida na pel polo líquido que desprenden os sapos ao seren atacados. **2.** *s.m.* Líquido que desprenden os sapos ao se defender.
- Mexada** **1.** *s.f.* Acción de mexar. *var.* **mexadeira** **2.** *s.f.* Mancha que deixa o mexo.
- Mexadeira** **1.** *s.f.* Acción de mexar. *var.* **mexada; mixadeira*.** **2.** véxase **carallo.**
- Mexar** **1.** *v. intr.* Expulsar os ouriños. *sin.* **Ouriñar.** / **2.** *v.tr.* Manchar roupa ou sabas cos ouriños.

- Mexarrán, -na** **1.** *adx.* Persoa que mexa moito ou frecuentemente. *sin.* **mexón, -na.** **2.** *adx.* Persoa covarde, pusilánime. *sin.* **mexón, -na.**
- Mexón, -na** véxase **mexarrán, -na.**
- Mexoxa, -xo** **1.** *adx.* Persoa escrupulosa ou que que se preocupa obsesivamente polos mínimos detalles. **2.** *adx.* Persoa choromiqueira.
- Miagar** véxase **merrear.**
- Miañar** véxase **merrear.**
- Miar** véxase **merrear.**
- Micho** **1.** *s.m.* Anaquín de pan que se repartía na porta da igrexa e se ofrecía para recadar cartos e pagar unha misa polas ánimas. **2.** *s.m.* Porción pequena dunha cousa. **3.** *s.m.* Voz para chamar polo gato. **4.** *s.* Gato.
- Miga** **1.** *s.f.* Parte interior máis branda do pan. *sin.* **miola.** **2.** *s.f.* Anaquín de pan ou de calquera alimento que leve fariña. *sin.* **faragulla, migalla.**
- Migalla** véxase **miga** **2.**
- Migar** véxase **esfaragullar.**
- Milagre** *s.m.* Feito inexplicable polas leis da natureza, da lóxica ou da ciencia, atribuído a causas sobrenaturais ou intervención divina.
- Milagreira, -ro** **1.** *adx.* Persoa que fai milagres. **2.** *adx.* Persoa que cre nos milagres. **3.** *adx.* Algo sobrenatural.
- Milenrama** *s.f.* Planta herbácea (*Achillea millefolium*) perenne da familia das compostas, con talo duns cincuenta centímetros, follas longas e flores de cor branca ou rosada que, cocidas, se utilizan para curar feridas.
- Milenta** **1.** *s.f.* Número grande e indefinido de cousas. **2.** *s.f.* Expresión coa que se denotan os moitos tantos que excederon para gañar o xogo.
- Millara** *s.f.* Labradío que se dedica a plantar millo miúdo.
- Millo** *s.m.* Planta da familia das gramíneas (*Zea mays*) orixinaria de América que pode chegar aos catro metros de altura, follas longas e lanceoladas e flores masculinas e femininas no mesmo pé que produce unhas mazarocas comestibles de grans grosos de cor amarela.
- Millor*** véxase **mellor.**
- Milprenda** véxase **milpréndiga.**
- Milpréndiga** **1.** *s.f.* Paxaro da familia dos oriólidos (*Oriolus oriolus*), de cor amarela, con

- ás e rabo negros, peteiro rosado e ollos vermellos, o macho, e de cor verdosa nas partes superiores, parda nas ás e no rabo e abrancazada con raías pardas nas inferiores, a femia. **2.** *s.f.* Muller louzá e fermosa. *var.* **milprenda.**
- Mimosa** *s.f.* Flor recendente da mimosal que ten forma de boliña de lanuxe amarela.
- Mimosal** *s.f.* Árbore da familia das mimosáceas (*Mimosa sp.*) orixinaria de Australia, de casca lisa e agrisada, follas moi divididas e flores recendentes en forma de boliñas de lanuxe amarelas que se agrupan en acios.
- Mina** **1.** *s.f.* Excavación que se fai por pozos e galerías, ou a ceo aberto, para extraer un mineral. **2.** *s.f.* Manancial de auga subterránea que se extrae para o seu uso. **3.** *s.f.* Barra interior dun lapis ou un bolígrafo.
- Minar** **1.** *v. tr.* Abrir minas nun lugar. **2.** *v. tr.* Facer galerías certos animais nun lugar. **3.** *v. tr.* Destruír, socavar e deteriorar pouco a pouco.
- Minga*** véxase **carallo.**
- Mingo*** véxase **carallo.**
- Minguar** *v. intr.* Algo facerse algo menor en tamaño, altura, cantidade, intensidade ou importancia.
- *Miñique** véxase **pequeniño.**
- Ministro** **1.** *s.m.* Alguacil que executa os mandatos e autos do alcalde ou do xuíz. **2.** *s.* Persoa que se encarga dun ministerio.
- Mioca** *s.f.* Invertebrado anélido (*Arenicola marina*) de corpo cilíndrico e longo que vive nos terreos húmidos e se utiliza na pesca como engado.
- Miola** **1.** *s.f.* Substancia branda e graxa que se atopa no interior dos ósos. *sin.* **moleira.** **2.** *s.f.* Parte central ou interior doutra cousa como unha árbore ou un óso. **3.** *s.f.* Parte interior do pan. *sin.* **miga.** **4.** *s.f.* Conxunto de centros nerviosos que contén o cranio e do que forman parte o cerebro e o cerebelo. *var.* **miolo.**
- Miolo** véxase **miola.**
- Miradoiro** *s.m.* Lugar elevado desde onde se teñan boas vistas dun territorio.
- Mirador, -ra** **1.** *s.* Persoa que mira e que coida dunha persoa. **2.** *s.* Persoa que aforra.
- Mirar** **1.** *v. tr.* Fixar a vista de maneira intencionada en algo ou alguén. **2.** *v. intr.* Dirixir a vista nunha dirección. **3.** *v. tr.* Tratar de descubrir.
- Mirasol*** véxase **xirasol.**
- Mirteira** *s.f.* Arbusto oloroso da familia das mirtáceas (*Myrtus communis*), de flores con pétalas brancas, froito en baga e follas perennes sempre verdes, que se emprega para adornar os xardíns se se planta e se recorta de maneira que forme figuras.
- Miserable.** **1.** *adx.* Desgrazado, cuitado, digno de compaixón. **2.** *adx.* Pobre, *var.* **mísere, misero.** **3.** *adx.* Persoa desprezable por malvada. **4.** *adx.* Persoa moi agarrada ao diñeiro. *var.* **mísere, miserere.**
- Mísere** véxase **miserable** **2** e **4.**
- Miserere** véxase **miserable** **4.**
- Misero** véxase **miserable** **1.**
- Misto** *s.m.* Variña moi pequena de madeira ou de papel encerado, cunha cabeza de material inflamable que arde ao fretala contra unha superficie.
- Mistranzo** **1.** véxase **mestranzo.** **2.** *s.m.pl.* Herba restante que queda no presebe despois de que coma o gando.
- Miúda, -do** **1.** *adx.* Persoa pequena, delgada. **2.** *adx.* Cousa pequena, de pouca importancia. **3.** *s.f.pl.* Crías do piollo. *sin.* **lendias; lendres*.** **4.** *s.m.pl.* Entrañas, vísceras do animal.
- Miul*** véxase **meúl.**
- Miulo*** véxase **meúl.**
- Mixadeira*** véxase **mexadeira.**
- Moa** **1.** *s.f.* Peza dental situada na parte posterior da mandíbula, detrás dos cairos, coa que se tritura a comida. **2.** *s.f.* Pedra que se usa para afiar, labrar, puír ou cortar metais e materias duras. **3.** *s.f.* Peza de pedra do muíño que xira sobre outra fixa, chamada pé, para triturar o grao ou as olivas.
- Moble** *s.f.* Calquera dos obxectos cos que se equipa unha casa ou un lugar de traballo para facelo máis habitable ou para decoralo, que teñen formas e tamaños diversos segundo os usos.
- Moca** **1.** *s.f.* Pau rematado nunha parte avultada nun dos extremos empregado para bourear. **2.** *s.f.* Segundo pau do mallo, que se agarra coa man para golpear co pértigo os cereais.
- Mocada** **1.** *s.f.* Golpe que se dá ou recibe cunha moca. *var.* **mocazo, moquete.** **2.** *s.f.* Golpe

sufrido ao chocar contra algo. *var.* **mocazo**, **moquetazo**, **moquete**.

Mocalán, -na véxase **mocalón, -na**.

Mocalandrán, -na véxase **mocalón, -na**.

Mocalón, -na 1. *adx.* Persoa mocosa. 2. *adx.* Persoa simple, fatua, necia. 3. *adx.* Persoa que fai acenos, burlona. 4. *adx.* Persoa que ten cara de tola ou ten algún defecto no rostro que parece un aceno. 5. *adx.* Persoa atolada. 6. *adx.* Rapaz ou rapaza que manifesta atrevemento ou que se considera de pouca idade e experiencia para facer algo. *var.* **mocalán, -na**; **mocán, -na**; **mocalandrán, -na**.

Mocán, -na véxase **mocalón, -na**.

Mocazo véxase **mocada**.

***Mocedá** *s. f.* Xuventude, conxunto de persoas novas. *var.* **moctidai**, **moctidade**.

Mocha, -cho 1. *adx.* Animal que carece de un ou dos dous cornos, especialmente a cabra ou a ovela. 2. *adx.* Obxecto sen punta, sen aguzar.

Mochila véxase **fardel**.

Moco 1. *s. m.* Líquido espeso que segregan as membranas mucosas, especialmente as do nariz. 2. *s. m.* Parte xa queimada do *gabuzo*.

Mocosón, na 1. *s.* Persoa que ten mocos. 2. *s.* Insulto que se emprega para cualificar a unha persoa infeliz, simple.

Moega véxase **moxega**.

Moenda 1. *s. f.* Acción de moer, especialmente o grao. 2. *s. f.* Cantidade de grao que se vai moer dunha vez. 3. *s. f.* Cantidade de grao que dá moído nun día un muín.

Moer 1. *v. tr.* Desfacer en anacos minúsculos ou reducir a po unha materia dura cos aparellos ou máquinas que se conciben para ese fin. 2. *v. tr.* Triturar ou esfarelar o grao no muín. 3. *v. intr.* Cansarse moito, andar unha persoa baldada. 4. *v. tr.* Golpear, pegar, bater, bourear.

Mofa *s. f.* Burla que se fai con especial insolencia e desprezo.

Mofar *v. prnl.* Facer mofa de algo ou de alguén.

Mofa véxase **nifo**.

Mofón, -na *adx.* Persoa burlona.

Mofosa, -so* véxase **nifada, -do**.

Muiñeira 1. *s. f.* Danza e composición musical tradicional galega. *sin.* **moliñeira**. 2. *s.* Persoa que traballa nun muíño. *var.* **moliñeira, -ro**.

Moldear *v. tr.* Dar forma aos panais da cera.

Moleira véxase **miola**.

***Molido** *adx.* Dise do peixe matado con dinamita ou que está moi mazado.

Moliñeira véxase **muiñeira**.

Molladura *s. f.* Acción ou efecto de mollar ou mollarse.

Mollar 1. *v. tr.* Impregnar, enchoupar, cubrir ou poñer en contacto cun líquido un corpo ou unha superficie. / 2. *v. prnl.* Poñerse en contacto ou impregnarse cun líquido.

Mollo *s. m.* Conxunto de cousas que se poden coller dunha vez coa mao

Mona véxase **borracheira**.

***Moña** véxase **borracheira**.

Monda 1. *s. f.* Acción de mondar. 2. Pel que recobre o exterior da pataca e de moitos fruítos. *sin.* **casca**, **cáscara**.

Mondar 1. *v. tr.* Quitarlle a monda a un fruto ou á pataca. / 2. *v. prnl.* Escachar coa risa.

Mondongada véxase **mondongo** 1.

Mondongo 1. *s. m.* Preparado de carne de porco picada e adubada con pemento, ourego e outras especias, co que se enchen as tripas para facer chourizos, longaínzas, e outros embutidos. *var.* **mondongada**. *sin.* **zorza**. 2. *s. m.* Comida que xa se inxeriu e está dentro do estómago. 3. *s. m.* Conxunto das tripas dun porco, ao abrillo. / 4. *adx.* Persoa lenta para moverse ou razoar.

Mondonguear 1. *v. tr.* Elaborar diversos embutidos co mondongo. 2. *v. tr.* Facer o mondongo.

***Moñeca** véxase **moneco**.

Moneco *s. f.* Figura que representa unha muller ou unha rapaza que serve sobre todo como xoguete aínda que tamén pode ser feita para outros usos. *var.* ***moñeca**.

Monforadiña *s. f.* Planta herbácea da familia das labiadas (*Ocinum minimum*) de folla ovalada e pequena, que desprende un recendo intenso.

Monicaca, co *adx.* Persoa apoucada e corta.

Moniciois* véxase **municiois***.

Montaña 1. *s. f.* Elevación natural grande ou pequena do terreo. *var.* **monte**. 2. *s. f.* Cantidade moi grande e desordenada de cousas, *var.* **monte**, **montón**. *sin.* **morea**, **feixe**.

Montañés, -sa 1. *adx.* e *s.* Habitante ou natural da montaña. 2. *adx.* Propio da montaña.

Montar 1. *v.tr.* e *v. intr.* Subir ou poñerse enriba dun cabalo ou un vehículo **2.** *v. intr.* Colocar algo de maneira que se tape un pouco doutra cousa. **3.** *v.tr.* Ensamblar as pezas dun obxecto ou aparello. **4.** *v.tr.* Cubrir un macho á femia para fecundala.

Monte 1. *s. m.* Elevación natural grande do terreo. *var.* **montaña.** **2.** *s.m.* Terreo sen cultivar cuberto de mato ou de arboredo. **3.** *s.m.* Terreo abrupto. **4.** *s.m.* Cantidade moi grande e desordenada de cousas, *var.* **montaña, montón.** *sin.* **morea, feixe.**

Montón véxase **monte 4.**

Monxe, -xa 1. *s.* Persoa que fixo os votos relixiosos e que vive en comunidade nun mosteiro ou nun convento con outros membros da súa orde. **2.** *s.* Persoa que leva unha vida piedosa, recatada e afastada.

Moño *s.m.* Atado que se fai co pelo longo enrolado e suxeito enriba, detrás ou aos lados da cabeza.

Moqueiro *s. m.* Pano que serve para limpar ou soar os mocos.

Moquetazo *s. m.* Golpe que se dá con forza, labazada. *var.* **mocada 2.**

Moquete *s. f.* Labazada, xeralmente que se dá no rostro e co puño cerrado. *sin.* **mocada.**

Moquexar *v. intr.* Botar mocos polo nariz.

Mora 1. *s.f.* Fruto granuloso da moradal, silveira ou silvar, esférico, de cor negra cando está maduro. *var.* **amora.** **2.** *s.f.* Fruto granuloso da moral ou moreira, esférico, de cor negra cando está maduro.

Moral 1. *s.f.* Árbore da familia das moráceas (*Morus alba*) de tronco recto non moi groso, follas verdosas ovaladas, dentadas ou lobuladas, e que dá como fruto a mora. *var.* **moreira.** **2.** *s.f.* Ánimo, folgos. **3.** *s.f.* Conxunto de normas de conduta recta consideradas válidas universalmente. **/4.** *adx.* Persoa que actúa consonte aos costumes e hábitos rectos.

Moradal véxase **silveira.**

Morandaina 1. *s. f.* Dito ou feito sen importancia dirixido a unha persoa para rirse un pouco dela pero sen intención de molestala muito. **2.** *s. f.* Escusa, forma de perder o tempo.

Morapio *s. m.* Viño, especialmente o tinto.

Moratón 1. *s. m.* Tipo de uva. **2.** *s. m.* Cepa ou viñado que produce ese tipo de uva.

Morcela véxase **morcilla.**

Morcigallo véxase **muricego.**

Morcilla *s.f.* Embutido feito coa tripa grosa de porco que se enche cunha mestura de sangue do mesmo animal con fariña, azucre, uvas pasas e algún outro ingrediente. *var.* **morcela.**

Morea 1. *s.f.* Montón de feixes de cereal sen debagar que se atopan no campo ou na eira. **2.** *s.f.* Montón de leña que se coloca cerca de casa e se usa para o lume. **3.** *s.f.* Montón indeterminado e desordenado de obxectos.

Moreira véxase **moral.**

Morena, -no *adx.* Dise da persoa ou animal de pel escura, tirando a negro.

Moribunda, -do *s.* Persoa que está ás portas da morte. *var.* **morimunda*, -do.**

Moricego véxase **muricego.**

Morillo 1. *s. m.* Cabaleta de ferro dos antigos lares sobre o chan, que consiste nunha barra horizontal duns sesenta centímetros para apoiar os paus do lume, que remata en cada extremo con dúas patas abertas en forquita, prolongadas cara arriba en cadanseus fustes duns setenta centímetros de alto, con ganchos intermedios para colgar o fol e culminados na súa parte superior en dúas cestas metálicas para colocar as cazolas de caldo. **2.** *s. m.* Anaco de ferro ou pedra que serve para fixar no fogar a leña do lume. En Molinaseca compoñíase dunha barra de ferro con pés nos extremos, máis ou menos artísticos, que ás veces un deles se prolongaba de forma oposta trinta ou corenta centímetros, e terminaba formando unha cazoleta sobre a que se colocan pratos ou outros obxectos.

Morimunda, -do* véxase **moribunda, -do.**

Mormeira *s.f.* Catarro ou constipado nasal. *var.* **mormeiro, mormio, mormo.**

Mormeiro véxase **mormeira.**

Mormelada* véxase **mormelas.**

Mormelas 1. *s.f. pl.* Mocos que se expulsan en cantidade. **2.** *s.f. pl.* Acción ou cousa de pouco valor. *var.* **mormelada; marmalada.**

Mormio véxase **mormo.**

Mormo 1. *s. m.* Catarro nasal, tanto en persoas como en animais. *var.* **mormeira, mormeiro, mormio.** **2.** *s. m.* Tipo de catarro nasal moi grave que afecta ao gando equino. *var.* **mormio.**

Morna, -no 1. *adx.* Algo lixeiramente quente. 2. *adx.* Algo ou alguén nin frío nin quente. *var.*

mornia, -o. *sin.* **tépeda, -do.**

Mornal *s. m.* Montón de mollos. *var.* **Mornalega.**

Mornalega véxase **mornal.**

Mornear* véxase **ornear.**

Mornia, -o véxase **morna, no.**

Morodo 1. *s. m.* Planta rastreira, da familia das rosáceas (*Fragaria ananassia*), vivaz, de follas pilosas, flor branca co centro amarelo, que dá un fruto vermello e carnosos en forma de corazón, con pequenas pebidas na pel e bastante máis grande na variedade cultivada ca na ventureira. 2. *s. m.* Fruto da amoreira. *var.* **almorodo***; **amerodo***; **merodo***.

Morondanga *s. f.* Cousa inútil, intrascendente, de pouco mérito.

Morrada *s. f.* Labazada que se dá nos morros. *sin.* **fucada.**

Morral* véxase **fardel.**

Morrazo 1. *s. m.* Golpe que se dá co puño. 2. *s. m.* Caída ou golpe. 3. *s. m.* Golpe que se dá na cara coa man aberta.

Morrer 1. *v. intr.* Deixar de vivir. 2. *v. intr.* Acabarse, rematar algo, apagarse.

Morriña 1. *s. f.* Pena, tristura ou melancolía pola ausencia ou desaparición de persoas, cousas, estados ou accións, ou ao verse lonxe da terra. *sin.* **nostalxia, señardade, murria.** 2. *s. f.* Enfermidade ou peste contaxiosa do gando. 3. *s. f.* Carne salgada de porco, morto en malas condicións ou sacrificado no verán, que non se pode conservar e que, para a venderen, acoden os campesiños ás feiras dos días 8 e 25 de cada mes en Camponaraia.

Morriñada *s. f.* Montón de cousas de mala calidade, especialmente os montóns de castañas, patacas e outros frutos que non alcanzan unha mínima calidade.

Morriñoso 1. *s. m.* Gato pestilente ao que lle saen manchas esbrancuxadas, atribuídas a comer ratos enfermos. 2. *adx.* Persoa raquítica, mirrada, ruín. 3. *adx.* Persoa que ten morriña por estar lonxe da terra. 4. *adx.* Persoa atristada, nostálgica, saudosa. *sin.* **murrio, -a.** 5. *adx.* Persoa que ten pouca saúde.

Morro 1. *s. m.* Calquera cousa redonda e avultada, especialmente os beizos, as penas e os montes.

2. *s. m.* Parte máis ou menos prolongada da cara dos mamíferos, onde está a boca e o nariz.

Morta, -to 1. *adx.* Persoa, planta ou animal que carece de vida.

Morte 1. *s. f.* Remate definitivo da vida. 2. *s. f.* Acción de matar. 3. *s. f.* Destrución, final de algo.

Mortalla 1. *s. f.* Peza de tea ou vestidura coa que se envolve ou viste un cadáver para enterralo. *var.* ***mortaxa.** 2. *s. f.* Túnica que levan as persoas que se ofreceron a un santo durante a misa e a procesión, que ás veces se completa cun pano da mesma cor á cabeza. *var.* ***mortaxa.** 3. *s. f.* Matanza de porcos. *var.* ***mortaxa.**

Mortangón, -na *s.* Animal manso, apoucado, de poucos bríos.

***Mortaxa** véxase **mortalla.**

Morteiro 1. *s. m.* Recipiente curvo no fondo de material duro que se emprega para machucar certas substancias en usos culinarios ou en laboratorios. 2. *s. m.* Contido que se prepara no morteiro.

Moruxa véxase **muruxa.**

Moruxia véxase **muruxa.**

Moruxón véxase **muruxa.**

Mosca *s. f.* Insecto de pequeno tamaño (*Musca domestica*) de corpo negro, máis ancha ca longa, ollos saíntes, ás transparentes, patas longas e boca en forma de trompa que se alimenta das substancias que vai chuchando.

Moscar 1. *v. intr.* Correr de forma desenfreada o gando vacún excitado pola picadura de moscas ou tabáns. *var.* **mosquear.** 2. *v. intr.* Andar ás présas. 3. *v. intr.* Saír correndo. *sin.* **amosar.** 4. *v. intr.* Amodorrarse, baixar a cabeza un animal nas horas de moita calor. *sin.* **amuar.**

Moscón 1. *s. m.* Mosca grande. 2. *s. m.* Insecto da familia dos tabánidos (*Tabanus depressus*), de forma parecido á mosca pero máis grande. *sin.* **abellón** 2.

Mosquear véxase **moscar.**

Mosqueira 1. *s. f.* Planta gramínea (*Lolium tremulentum*) con flores en forma de espiga con arestas agudas, moi daníña para os cereais e moi difícil de erradicar. *sin.* **xoio.** 2. *s. f. pl.* Flocos das mulidas que colgan sobre a fronte das vacas.

- Mosquia 1.** *s.f.* Fendedura ou corte que se lle fai ás castañas para que non estalen ao asalar. *var. mozca, mozquia, ozquia.* **2.** *s.f.* Corte que se lle fai ao gando ovino na orella para servir de marca. *var. ozquia.*
- Mosquito** *s.m.* Insecto da familia dos culícidos (*Culex purgens*) de pequeno tamaño e patas longas e finas que chucha no sangue das persoas e animais producindo inflamación.
- Mosteiro** *s.m.* Edificio relixioso onde viven en comunidade monxes ou monxas.
- Mostra 1.** *s.f.* Acción ou efecto de mostrar. **2.** *s.f.* Demostración, exhibición, presentación pública. **3.** *s.f.* Porción dunha cousa ensinada a modo de exemplo.
- Mostrar 1.** *v.tr.* Poñer algo de xeito que se vexa publicamente. **2.** *v.tr.* Dar a coñecer, ensinar, facer saber unha cousa. **3.** *v.tr.* Dar a vaca sinais da súa preñez.
- Motocultor** *s.m.* Arado pequeno provisto de motor que se guía coas mans e se utiliza para traballos agrícolas sinxelos en superficies reducidas. *sin. rotobato.*
- Mouca, -co** *s.f.* Animal ao que lle falta un corno. *sin. mocha, -cho.*
- Moucar** *v.tr.* Podar, cortar as pólas ou canas dunha árbore. *sin. escanar, podar, esgazar.*
- Moucho** *s.m.* Ave rapaz nocturna da familia dos estríxidos (*Aghene noctua*), de cor parda con pintas brancas nas partes superiores, abrancazada con riscos verticais castaños nas inferiores e ollos amarelos e grandes.
- Mougar 1.** *v.intr.* Comer ás présas e a grandes bocados. **2.** *v.intr.* Andar dun lado para outro sen facer nada e perdendo o tempo.
- Moulón, -na.** **1.** *adx.* Persoa túzara, que evita a xente, que se desentende, que non contesta ou que contesta tarde cando se lle fala. **2.** *adx.* véxase **manguela, -lo.**
- Moura, -ro 1.** *s.* Ser mitolóxico galaico que vivía en covas e goridas subterráneos onde adoitaban extraer ouro; atribúeselle popularmente a construción de mámoas, castros, castelos etc. **2.** *s.* Persoa nativa ou orixinaria do norte de África. **3.** *s.* Persoa que profesa a relixión musulmá. **/4.** *adx.* Persoa ou animal de cor moi escura, negra ou tsnada de carbón.
- Mouta** *s.f.* Terrón ou pequena elevación de terra con ou sen vexetación.
- Mouzada** *s.f.* Cantidade de calquera cousa que cabe no oco formado polas dúas mans xuntas, cando están unidas pola parte dos maimiños e abertas polos polgares.
- Movemento 1.** *s.m.* Acción ou efecto de mover ou moverse. **2.** *s.m.* Cambio de posición ou de lugar no espazo ou dentro dunha orde.
- Mover 1.** *v.tr.* Desprazar algo para que cambie de posición ou situación. **2.** *v.tr.* Abanear un corpo ou parte del. **3.** *v.pml.* Darse présa, desprazarse.
- Moxega** *s.f.* Peza do muíño, en forma de pirámide truncada e invertida, situada sobre a moa por se bota o grao para que vaia caendo á quenlla. *var. moxela, moega.*
- Moxela** véxase **moxega.**
- Moxena** *s.f.* Partícula incandescente que se desprende dun corpo que está a arder. *var. muxena.*
- Moxer** véxase **muxir.**
- Mozada** *s.f.* Mocidade, grupo de mozos e mozas.
- Mozca*** véxase **ozquia.**
- Mozo, -za 1.** *s.* Persoa nova que xa supera a infancia pero aínda non chegou á idade adulta. *sin. nena, -no; rapaz, -za.* **2.** *s.f.* Persoa que mantén relacións amorosas con outra. *sin. noiva, -vo; namorada, -do.* **3.** *s. e adx.* Persoa que está moi ben conservada na súa saúde ou aspecto físico.
- Mozquia*** véxase **mosquia.**
- Muar** véxase **berrar 3.**
- Mudar 1.** *v.intr.* Cambiar de lugar o curral a diario. **2.** *v.pml.* Cambiarse de sitio ou de domicilio. **3.** *v.tr.* Poñer outra roupa unha persoa ou cambiar a pel unha cobra, por exemplo. **4.** *v.pml.* Cambiarse de roupa, vestirse de domingo, coas mellores roupas.
- Mugullar*** véxase **esfaragullar.**
- Muín 1.** *s.f.* Aparello que serve para moer o grao. **2.** *s.f.* Construción onde está instalado ese aparello. *var. molín, muíño.*
- Muiñeira 1.** *s.f.* Danza e composición musical tradicional galega. *var. moliñeira.* **2.** *s.f.* Persoa que atende no muín. *var. moliñeira.*
- Muirón** *s.m.* Anaco de ferro ou de pedra que serve para fixar no fogar a leña do lume.

Mula *s.* Mamífero equino híbrido e estéril produto do cruzamento entre egua e burro.

Mulida **1.** *s. f.* Peza de coiro ou tea, xeralmente rechea de palla ou de herba, que se lles pon aos bois ou ás vacas entre os cornos para que non os manque o xugo cando van xunguidos pola cabeza e non polo pescozo. **2.** *s. f.* Rodela de trapo que poñían as mulleres na cabeza para levar cargas sobre ela. / **3.** *adx.* Branda, donda.

Mulir **1.** *v. tr.* Poñer palla ou herba para crear a cama do gando. **2.** *v. tr.* Poñer brando algo.

Muller **1.** *s. f.* Persoa de sexo feminino. **2.** *s. f.* Persoa de sexo feminino unida a outra por matrimonio en relación coa súa parella. *sin.* **esposa, compañeira.**

Mullerallo **1.** *s. m.* Forma despectiva para *muller*. **2.** *s. m.* Muller insensata, aloucada e sen xuízo. **3.** *s. m.* Persoa de pouca consistencia física e de pouca formalidade ou seriedade.

Mullereiro *adx e s. m.* Home ao que lle gustan moito as mulleres e que procura relacionarse adoito con elas.

Mullería *s. f.* Home efeminado. *var.* **mulleriña.**

Mulleriña véxase **mullería.**

Mulleroa *s. f.* Muller forte e de gran corpulencia.

Mundicia* **1.** *s. f.* Cousa sucia que contamina ou mancha. **2.** *s. f.* Acción, asunto ou ambiente immoral.

Municiois* *s. f. pl.* Admoniciois, notificación pública que se fai na igrexa sobre as persoas que van casar. *var.* **admoniciois, moniciois*.** *sin.* **proclamas.**

Muraca *s. f.* Pardiñeiro, ruínas dunha parede, dun muro ou dunha casa derrubada. *sin.* **muria.**

Muradal **1.** *s. m.* Morea de esterco e lugar onde este se acumula. **2.** *s. m.* Parede, xeralmente caída ou con pedras polo chan. *sin.* **muria. 3.** *s. m.* Morea de pedras que se fai ao espedrigar unha leira. *sin.* **muria. 4.** *s. m.* Cavorco ou barranco cortado en vertical coma un muro. **4.** *s. m.* Persoa torpe.

Murador, -ra *s.* Gato que é bo cazador de ratos.

Murar **1.** *v. tr.* Cazar ratos. *var.* **2.** *v. tr.* Asexar o gato o rato para o cazar.

Mureira *s. f.* Trampa empregada para cazar ratos. *sin.* **rateira.**

***Murga** *s. f.* Ruído descontrolado de voces ou de música mala.

Muria **1.** *s. f.* Morea de seixos coma os que se fan nas terras coas pedras que se sacan do terreo ou as que hai nos castros, procedentes dos muros derrubados. **2.** *s. f.* Terreo cuberto de pedras. **3.** *s. f.* Montón de pedras. **4.** *s. f.* Muro antigo. *sin.* **muraca, muradal. 5.** *s. f.* Poboado fortificado da Idade de Ferro ou final do Bronce, propio da Europa atlántica. *sin.* **castro.**

Muricego *s. m.* Mamífero voador nocturno con ás formadas por unha membrana entre as extremidades superiores, as inferiores e a cola. *var.* **moricego. sin. morcigallo.**

Mourica, -co **1.** *adx.* Gando vacún ou equino de pelo negro. **2.** *s. m.* Apelativo moi xeneralizado que se usa para distinguir as reses.

Murmón, -na *s.* Persoa mocosa.

Muroca *s. f.* Morea de pedras cubertas de maleza e vexetación.

Murria, -o **1.** *adx.* Dise do que non é fresco nin brilla nin ten viveza. **2.** *adx.* Dise do que é tristeiro, melancólico, morriñento. / **3.** *s. f.* véxase **morriña.**

Muruxa **1.** *s. f.* Planta da familia das cariofiláceas (*Stellaria media*), de follas pequenas ovais e flores brancas, propia de terreos húmidos. **2.** *s. f.* Planta herbácea, anual ou perenne, da familia das escrofulariáceas, de follas opostas, flores solitarias ou en acios terminais, xeralmente de cor branca, e froito en casula. *var.* **moruxón. 3.** *s. f.* Maleza, especialmente cando se refire a plantas moi miúdas. **4.** *s. f.* Vexetación formada por plantas da división das briófitas de ata uns cinco centímetros de altura, que cobre como unha capa os lugares nos que hai humidade, en particular as pedras e as cascas das árbores. *var.* **meruxa; moruxa. 5.** *s. f.* Planta herbácea de folla pequena e redondeada que só nace no inverno. *var.* **moruxa. 6.** *s.* Persoa de pouca resistencia física.

Muxega *s. f.* Peza do muíño, en forma de pirámide truncada e invertida, situada sobre a moa e onde se bota o gran para que vaia caendo á quenlla. *sin.* **Moega.**

Muxena* *s. f.* Partícula de lume que se desprende das chamas, partícula de cinza acendida que sae voando. *var.* **Moxena.**

Muxir *v. tr.* Tirar-lle o leite do ubre ás femias de certos animais ao premer e estirar os tetos ou

mediante procedementos mecánicos. *var.*
moxer.

N

Nabal *s. m.* Terra sementada de nabos.

Nabía véxase **nabiña**.

Nabiña 1. *s. f.* Gra ou semente do nabo. *var. nabiza.* **2.** *s. f.* Folla tenra do nabo. *var. nabiza.* **3.** *s. f.* Planta herbácea anual da familia das crucíferas de ata un metro de altura, coas follas superiores lanceoladas, flores amarelas en acio e numerosas sementes minúsculas de sabor picante.

Nabiza 1. *s. f.* Semente do nabo. *var. nabiña.* **2.** *s. f.* Folla tenra do nabo. *var. nabiña.* **3.** *s. f.* Raíz do nabo.

Nabo 1. *s. m.* Planta comestible da familia das crucíferas (*Brassica napus*), de raíz grosa e carnosa de cor abrancazada, da que se aproveitan, ademais da raíz, as nabizas e os grelos. **2.** *s. m.* Órgano sexual masculino. *sin. carallo.*

Nacemento 1. *s. m.* Acción ou efecto de nacer. *var. nacencia.* **2.** *s. m.* Lugar de procedencia ou orixe. *var. nacencia.* **3.** *s. m.* Representación cristiá da chegada ao mundo de Cristo en Belén.

Nacencia 1. *s. f.* Acción ou efecto de nacer. *var. nacemento.* **2.** *s. f.* Procedencia ou orixe. *var. nacemento.* **3.** *s. f.* Vulto ou inchazón patolóxica que se pode producir en calquera parte do organismo. **4.** *s. f.* Aparato xenital feminino. *var. nación, natura.*

Nacer 1. *v. intr.* Saír do ventre materno ou do ovo. **2.** *v. intr.* Agromar, desenvolverse un vexetal desde o grao ou semente. **3.** *v. intr.* Saír auga dun manancial. **4.** *v. intr.* Aparecer, xurdir, manifestarse.

Nación 1. *s. f.* Comunidade humana instalada historicamente nun territorio determinado que se caracteriza por manter uns vínculos culturais, lingüísticos, históricos etc., que lles dan unha unidade diferenciada. *sin. nacionalidade.* **2.** *s. f.* Orixe, patria. **3.** *s. f.* Grupo étnico indíxena. **4.** *s. f.* Aparato xenital feminino. *var. nacencia, natura.*

Nada 1. *adv.* Ningunha cousa ou moi pouca cousa. / **2.** *s. m.* Cantidade moi pequena.

Namorada, -do 1. *s. e adv.* Persoa que sente a paixón do amor por outra persoa ou por algo.

2. *s.* Persoa que ten unha relación amorosa con outra. *sin. noiva, -vo; moza, -zo.*

Namorar 1. *v. tr.* Facer unha persoa que outra sinta a paixón do amor por ela. **2.** *v. tr.* Pretender, facer as beiras, facer o amor. **3.** *v. tr.* Suscitar por unha persoa ou cousa atracción, entusiasmo ou inclinación. / **4.** *v. prnl.* Sentir unha forte atracción por outra persoa.

Namoriscar *v. intr. e v. prnl.* Namorar alguén ou namorarse de alguén lixeiramente.

Nana, -no 1. *adv.* véxase **pequena, -no.** **2.** *s. f.* Cántiga de arrolar os nenos para que durman.

Naraiola, -lo *s. e adv.* Xentilicio de Camponaraia.

Nariz 1. *s. m.* Parte saínte e triangular da cara que ten dúas ventas, entre a fronte a boca, onde as persoas teñen o sentido do olfacto. *sin. nefre, nefro.*

Narizón, -na *adv.* Persoa que ten o nariz grande. *var. narizudo, -da.*

Narizudo, -da véxase **narizón, -na.**

Narvalla *s. f.* Cana do millo e a súa follaxe separada da mazaroca.

Nasa 1. *s. f.* Aparello cilíndrico feito de madeira, arame ou vexetais, que se emprega para pescar, especialmente truitas. **2.** *s. f.* Recipiente tecido de palla que serve para gardar legumes.

Natura véxase **nacencia.**

Navalla *s. f.* Coitelo de fio fino cunha folla que se pode dobrar e gardar na rañura que ten no mango.

Navallada 1. *s. f.* Golpe dado coa navalla. **2.** *s. f.* Ferida producida polo gume da navalla ou doutro instrumento cortante de metal. *sin. cuitelada.*

Navallar *v. tr.* Cortar ou cravar coa navalla.

Navizar* véxase **nevariscar.**

Neada véxase **nealada.**

Neadeiro véxase **neal.**

Neal 1. *s. m.* Lugar onde a galiña pon os ovos. **2.** *s. m.* Niño que fan os paxaros para poñer os ovos. **3.** *s. m.* Ovo que se deixa á galiña no niño para que siga poñendo no mesmo sitio. *var. nial. sin. nialeiro; neallo; nidadeiro; neadeiro.*

Nealada 1. *s. f.* Conxunto de ovos que hai nun *neal* ou rolada de pitos que nacen da mesma vez. *var. nialada.* **3.** *s. f.* Niñada de pitos que

naceron xuntos da mesma nai, mentres son crías e mentres están no niño. *var.* **nialada**. *sin.* **niada**.

Neallo véxase **neal**.

Nébeda *s.f.* Planta da familia das labiadas (*Calamintha nepeta*), que ten follas opostas, ovais, serradas e dentadas, con flores rosas e purpúreas, que crece nas matogueiras, nos muros, nas marxes dos ríos e nos arroyos. Úsase para condimentar as castañas cocidas.

Nebla* véxase **nebra**.

Nebra *s.f.* Condensación do vapor de auga do aire en contacto co chan, de constitución similar á das nubes e que reduce a visibilidade. *var.* **nebla***; **nebría**; **nebríña**.

Nebría véxase **nebra**.

Nebríña véxase **nebra**.

Necesidade **1.** *s.f.* Carencia do que resulta imprescindible. **2.** *s.f.* Situación de quen precisa auxilio ou axuda por se encontrar nun apuro.

Necesitar **1.** *v. tr.* Ter necesidade de algo ou alguén. **2.** *v. tr.* Carecer dalgunha cousa.

Necho véxase **guedella**.

Nefrada *s.f.* Golpe ou caída de morros contra o chao. *var.* **nefro**. *sin.* **fucicada**.

Nefre véxase **nefro**.

Nefro **1.** Parte saínte ou prolongada da cara dos mamíferos, onde está a boca e o nariz. *var.* **nefre**. **2.** véxase **nefrada**.

Negra, -gro **1.** *adx.* De cor escura. *sin.* mouro. **2.** *adx.* Con pouca luz, escura. **3.** *adx.* Lúgubre, tristeira, sombría./ **4.** *s. e adx.* Persoa da raza de pel moi escura.

Negral **1.** *s. m.* Mancha escura que sae na pel por efecto dunha pancada, hematoma. *var.* **negrón**. **2.** *adx.* Algo escuro.

Negreda **1.** *s.f.* Certo tipo de uva. **2.** *s.f.* Viñedo que produce esta uva.

Negrilla *s.f.* Planta da familia das cariofiláceas (*Agrostemma githago*), cuberta de pelos brancos sedosos, con talo erguido, que posúe follas lanceoladas, flores de cor púrpura e vermella e con froito capsular cheo de sementes negras, que se dá en terras mal cultivadas e en sementeiras de cereais. Considérase daniña porque é algo tóxica, pero ten propiedades diuréticas e expectorantes.

Negrillo *s. m.* Árbore da familia das ulmáceas (*Populus nigra*) con casca rugosa e agretada, con follas ovais, aguzadas coas marxes dentadas, cuxas flores son vermellas e amareladas e crecen en acios pequenos; florece en abril e críase en beirois, ladeiras e camiños. A cortiza ten muito tanino, polo que se utilizaba para pomadas contra enfermidades da pel e como remedio eficaz contra os catarros bronquiais. *sin.* **olmo**; **ulmeiro**; **olmeiro**, **lamigueiro**.

Negrón *s. m.* Mancha negra ou morada que deixa na pel un golpe ou unha presión. *var.* **negral**.

Nemiga*, -go *s.* Persoa ou grupo que odia, desexa mal ou trata de prexudicar a outra persoa ou colectivo.

Nena, -no *s.* Persoa ata os doce ou trece anos. *var.* **nina, -no**. *sin.* **rapacela, -lo**.

Nervio **1.** *s.m.* Cada un dos tendois ou fibras que transmiten os impulsos nerviosos. **2.** *s.m.* Enerxía ou forza que ten unha persoa ou un animal.

Nerviosa, -so* **1.** *adx.* Relativo aos nervios. **2.** *adx.* Persoa que ten ou que padece dos nervios. **3.** *adx.* Persoa intranquila que non pode ou non sabe gardar a calma. **4.** *adx.* véxase **rabión, -na**.

Neto **1.** *s. m.* Medida para líquidos que pode equivaler a un cuartillo ou a medio litro. **2.** *s.* Fillo ou filla dun fillo ou dunha filla dunha persoa.

Nevada *s.f.* Precipitación en forma de neve.

Negar *v. intr.* Caer neve.

Nevarada véxase **nevario**.

Nevarar *v. intr.* Nevar intensamente.

Nevarisca *s.f.* Neve fina mesturada con auga. *sin.* **auganeve, nevisca, neviza**.

Nevario **1.** *s. m.* Nevada intensa e abundosa. *sin.* **nevarada**. **2.** *s.m.* Tormenta de neve.

Nevariscar *v. intr.* Caer nevarisca. *sin.* **entrepazar, navizcar*, neviscar**.

Neve *s.f.* Auga conxelada que cae das nubes en forma de folepas.

Neveira **1.** *s.f.* Electrodoméstico dotado dun sistema de refrixeración que se utiliza para conservar os alimentos ou arrefriar bebidas. **2.** *s.f.* Sitio de neve no monte.

Neveiro *s. m.* Pozo grande no monte onde se conserva a neve esmagada.

Nevisca *s. m.* Neve que cae mesturada con chuvia e que xeralmente dura pouco. **sin. nevarisca, neviza.**

Neviscar *v. intr.* Caer do ceo auga e neve mesturadas. **sin. nevariscar.**

Neviza véxase **nevarisca**

Niada véxase **nealada.**

Nial véxase **neal.**

Nialada véxase **nealada.**

Nialeiro véxase **nial.**

Nidia, -o **1. adx.** Dise de algo limpo e brillante, coma o cabelo. **2. adx.** Zona ou terreo completamente cuberta pola neve.

Nifada, -do *adx.* Dise do que ten mofo. *var. nifosa, -so. sin. mofosa, -so.*

Nifo **1. s. m.** Peluxe de cor gris, tirando a azul ou a verde, constituída por uns fungos que se crían sobre materias que empezan a podrecer. *sin. mofo.* **2. s. m.** Vexetación formada por plantas da división das briófitas de ata uns cinco centímetros de altura, que cobre como unha capa os lugares nos que hai humidade, en particular as pedras e as cascas das árbores.

Nifosa, -so véxase **nifada, do.**

Nino, -na véxase **nen, -na.**

Nisal **1. s. f.** Árbore frutífera da familia das rosáceas (*Prunus domestica*), de follas elípticas e flores abrancazadas que ten como froito a ameixa. **2. s. f.** Froito comestible da ameixeira ou ciroleira, de polpa consistente apegada á carabuña, e forma, cor e sabor variados dependendo do tipo de árbore. *var. Niseiro.*

Niseiro véxase **nisal.**

Niso *s. m.* Pequena ameixa negra producida pola nisal (*Prunus domestica*).

Nixelo *s. m.* Planta herbácea das saxifragáceas que ten flores pequenas de pétalas brancas (*Saxifraga scorodonia*). *sin. sinxebra.*

Nobelo *s. m.* Bóla de fío enrolado ordenadamente.

Noceda *s. f.* Lugar onde hai moitas nogueiras. *var. nocedal; nogaledo; conchido.*

Nocedal véxase **noceda.**

Nocedo *s. m.* Lugar onde se amorean moitas noces.

Noelo *s. m.* Parte saínte dos ósos que forman a articulación da perna co pé. *var. noielo.*

Nogal *s. f.* Árbore de grande altura e madeira moi apreciada que ten por froito o concho ou noz. *sin. conchal, concheiro, nogueira.*

Nogaledo véxase **noceda.**

Nogueira véxase **nogal.**

Noielo véxase **noelo.**

Noite *s. f.* Período de tempo que vai desde a posta ata a saída do Sol.

Noitebra *s. f.* Falta de luz, escuridade.

Noiva, -vo *s.* Persoa que está a piques de casar.

Nome **1 s. m.** Palabra que serve para designar de maneira individual un ser ou unha cousa dentro da súa especie. **2. s. m.** Palabra que serve para identificar unha persoa, un animal, un lugar etc.

Nora *s. f.* Muller do fillo ou da filla respecto dos pais ou nais do persoa que se ten por cónxuxe.

Nova, -vo **1. adx.** Sen estrear, algo que acaba de ser feito ou mercado. **2. adx.** Persoa ou animal que ten pouco tempo de vida ou pouca idade. **3. adx.** Que acaba de facer algo por primeira vez.

Novela **1. s. f.** Obra de ficción literaria en prosa. **2. s.** véxase **xata, -to.**

Noxar* véxase **anoxar.**

Noxo **1. s. f.** Sensación física moi desagradable que se experimenta ao percibir algo polos sentidos, e que pode ir acompañada de desexos de vomitar. **2. s. f.** Sentimento de repugnancia e desprezo por algo ou por alguén.

Noz véxase **concho.**

Nubaceira *s. f.* Néboa baixa e húmida.

Nube **1. s. f.** Masa de vapor de auga que se forma principalmente cando as correntes de aire fan que ascenda a humidade da atmosfera, que provoca o seu arrefriamento e condensación. *var. nubre.* **2. s. f.** Falta de claridade do viño cando está algo turbio.

Nubeiro *s. m.* Nube baixa e escura.

Nubradeiro **1. adx.** Ceo que ameaza treboada e e está cuberto de nubes escuras. *var. nubro; nubradón.* **2. adx.** Ceo encapotado.

Nubradón véxase **nubradeiro.**

Nubre* véxase **nube.**

Nubro véxase **nubradeiro.**

Obra 1. *s.f.* Edificación en fase de construción. **2.** *s.f.* Produción científica, artística ou literaria. **3.** *s.f.* Acción humana.

Obrrar 1. *v.intr.* Facer unha reforma ou reparación nunha construción. **2.** *v. intr.* Comportarse dunha determinada maneira.

Obreira, -ro 1. *s.* Persoa que realiza un traballo manual ou mecánico a cambio dun salario. **2.** *s.f.* Abella da colmea que non é a raíña.

Odiar *v.tr.* Sentir aversión extrema por algo ou alguén.

Odio *s.m.* Sentimento polo que se lle desexa un mal a alguén, por xenreira, resentimento ou aversión.

Odre 1. *s. m.* Recipiente de pel de cabra, de ovella ou de boi que serve para conter líquidos como viño, leite ou a nata para facer a manteiga. **2.** *s.m.* Persoa moi gorda.

Oenciá, -ao *s. e adx.* Xentilicio de Oencia.

Ofender 1. *v. tr.* Causar dano a unha persoa na súa honra ou dignidade. **2.** *v. tr.* Molestar. **3.** *v. prml.* Sentirse ferido na honra ou na dignidade.

Ofensa, -so 1. *adx.* Persoa preocupada por un traballo laborioso. **2.** *adx.* Persoa que se dedica a algo con muita ansia e interese.

Oído 1. *s. m.* Sentido polo que percibimos os sons. **2.** *s. m.* Órgano dese sentido, situado, nos vertebrados, a ambos os lados da cabeza. **3.** *s. m.* Capacidade para recoñecer e reproducir a música. *var. oíu.*

Oír 1. *v. tr.* Percibir polo sentido do oído un son. **2.** *v. tr.* Prestar atención, facer caso a alguén.

Oitubre* véxase **outubre.**

Oíu* véxase **oído.**

Ola 1. *s.f.* Recipiente redondo con asas pequenas ou sen elas, de barro ou metal e cun diámetro moito maior ca a altura, que se usa para guisar ou cocer. A ola primitiva é de barro e carece de asas, mentres que as modernas, de metal ou porcelana, teñen asas e tapa. *sin. cazola; perola.*

Oleira, -ro *s.* Persoa dedicada á fabricación de olas e doutros obxectos de barro.

Oler* véxase **olexar.**

Olexar 1. *v. tr.* Ulir, uliscar, olfactear **2.** *v. intr.* Dar mala espiña, escamar. **3.** *v. tr.* Fisgar, osmar,

meterse onde a unha persoa non lle chaman. *var. oler*.*

Olga 1. *s.f.* Camiño que vai abrindo e ronsel que vai deixando unha persoa ou un animal ao avanzar na neve, no mato espeso ou nunha seara. **2.** *s.f.* Suco lonxitudinal que se abre co arado ou co sacho para botar as sementes nas leiras. **3.** *s.f.* Leira labrada e vizosa.

Oliveira *s.f.* Árbore das oleáceas (*Olea europaea*) que dá as olivas das que se fai o aceite. *var. uliveira.*

Olleiras *s.f.pl.* Manchas escuras arredor das pálpebras inferiores que adoidan delatar falta de descanso.

Olleirosa, -so *adx.* Persoa con moitas olleiras.

Ollo 1. *s. m.* Órgano da vista. **2.** *s. m.* Burato ou cavidade de certas cousas por onde se introduce ou pasa algo. **3.** *s. m.* Cada unha das xemas da patata aínda sen xermolar. **4.** *s. m.* Aptitude que alguén ten para apreciar rapidamente e con facilidade as circunstancias de algo.

Olmo véxase **negrillo.**

Olor *s.m.* Sensación que se percibe polo olfacto. *sin. cheiro, ulido.*

Ombreiro véxase **ombro.**

Ombro *s. m.* Parte superior e lateral do tronco, onde comeza o brazo. *sin. ombreiro.*

Omeiro véxase **negrillo.**

Onza 1. *s.f.* Medida de peso que equivale á cuarta parte do cuarteirón ou á décimo sexta parte de libra, uis 25 gramos. **2.** *s.f.* Anaco regular dunha libra de chocolate.

Orballar 1. *v. intr.* Chuviañar, caer chuvia fina, miúda e persistente. *sin. baguñar, babuxar. 2.* *v. intr.* Caer o resío da noite.

Orballeira *s.f.* Chuvia miúda. *sin. chuviañada; babuxeira; babuxe; baguña, orballo.*

Orballo 1. véxase **orballeira. 2.** *s.m.* Resío da noite.

Orela *s.f.* Bordo, marxe, beira, especialmente das correntes ou dos lagos. *var. ourela.*

Orde *s.f.* Mandato, acción e efecto de mandar.

Ordenar 1. *v.tr.* Mandar, dar ordes. **2.** *v.tr.* Arrombar, arranxar, colocar. **3.** *v.tr.* Decidir, tomar un acordo.

Orella *s. f.* Parte externa do órgano do oído dos mamíferos que está situada a ambos os lados da cabeza. *var. ourella*.*

Orellán, -na *adx.* Persoa que ten as orellas moi grandes.

Orelleira *s. f.* Cada unha das dúas pezas do arado que parten do rostro e serven para anchar o rego.

Orellois véxase **papeira**.

Orgullo **1.** *s. m.* Grande estima ou satisfacción polos propios méritos, pola adscripción a algo ou polas propias pertenzas. *sin. fachenda.* **2.** *s. m.* Sentimento de superioridade ante os demais. *sin. chulería, presunción.*

Orgullosa, -so **1.** *adx.* véxase **mecosa, -so; chula, -lo; presumida-do.** **2.** *adx.* Persoa satisfeita e fachendosa de algo que posúe ou ao que pertence.

Ornear **1.** *v. intr.* Emitir a súa voz o burro. **2.** *v. intr.* Fungar, rosmar, refungar. *var. orniar*;* **mornear.**

Orniar* véxase **ornear**.

Orneo **1.** *s. m.* Son que emite o burro. **2.** *s. m.* Berro ou choro alto e sen motivo.

Ornixeira, -ro *s. e adx.* Xentilicio de Orníxa-Corullón.

Ortiga véxase **ortigón**.

Ortigar **1.** *v. tr.* Fretar con ortigas. **2.** *v. prml.* Sufrir proído na pel polo contacto coas ortigas.

Ortigón *s. m.* Planta herbácea da familia das urticáceas (*Urtica sp.*) da que existen varias especies, de talo e follas cubertos de pelos urticantes e flores en acio, que ao contacto coa pel provoca proído e bochas. *var. ortiga.*

Ortigueiro *s. m.* Terreo ou lugar abundante en ortigas.

Orxal *s. m.* Terreo sementado de orxo. *var. orxeira, urxeira*.*

Orxeira véxase **orxal**.

Orxo *s. m.* Planta herbácea da familia das gramíneas (*Hordeum vulgare*) moi parecida ao trigo, pero de menor altura, follá máis ancha e espiga máis alongada, da que existen distintas especies. *sin. cebada.*

Osa *s. f.* Carnívora femia da familia dos úrsidos (*Ursus arctos*), plantígrado de gran tamaño que chega a medir dous metros, pelo longo e mesto, cabeza prolongada e rabo curto que adoita durmir todo o inverno.

Osario véxase **oseira 2.**

Oseira 1. *s. f.* Cova, toba ou lapa onde a osa cría os osetos ou onde dormen os osos todo o inverno. **2.** *s. f.* Lugar no cemiterio onde se enterran os ósos. *var. osario.*

Oseiro *s.* Cazador de osos. Antigamente os osos cazábanse a coitelo, como se pode ver no poema “A caza maior” do poeta berciano Antonio Fernández Morales.

Oseta, -to *s.* Cría da osa.

Osma, -mo *s.* Persoa curiosa, que anda á espreita e todo o indaga de maneira disimulada.

Osmear **1.** *v. tr.* Aplicar un animal o sentido do olfacto para percibir e rastrexar algo **2.** *v. tr.* Tratar de saber ou de informarse dos asuntos alleos, de maneira indiscreta e só por curiosidade. *var. osmiar.*

Osmiar* véxase **osmear**.

Oso *s.* Carnívoro macho dos úrsidos. véxase **osa**.

Óso **1.** *s. m.* Cada unha das pezas duras e ríxidas que forman o esqueleto dos vertebrados. **2.** *s. m. pl.* Restos mortais dunha persoa. **3.** *s. m.* Parte interior dura e leñosa dalgúñas frutas.

Ouba *s. f.* Bochorno, calmizo, calor insoportable.

Oubear *v. intr.* Andar a dar voltas sen facer nada.

Ouca *s. f.* Planta flotadora da familia das ranunculáceas, con talos enraizados no fondo e de considerable lonxitude, follas brancas agrupadas en longos pedúnculos que sobresaen da auga e crecemento en lagos, charcos e cursos fluviais.

Oular *v. intr.* Emitir ouveos o can, o lobo e outros animais. *var. oulear.*

Oulear véxase **oular**.

Ourego *s. m.* Herba olorosa perenne da familia das labiadas (*Lamiaceae sp.*), de follas pequenas ovadas e flores brancas ou rosadas en espiga, moi usada como condimento na alimentación. *var. aurego.*

Ourela **1.** *s. f.* Tira de terra que queda sen labrar arredor dun campo. **2.** *s. f.* Zona abeirada ao río ou a un lago. *var. orela.*

Ourelo **1.** *s. m.* Bordo do pano ou tecido en pezas, feito, polo regular, cun fio máis basto e cunha ou máis cores. **2.** *s. m.* Tira estreita que se pon nos baixos dos vestidos para evitar que se esfíañen. **3.** *s. m.* Tira ampla de tea que se emprega para envolver os meniños.

Ouriceira *s.m.* Cercado de pedra no souto onde se depositan as castañas cos seus ourizos para maduraren.

Ouriceiro *s.m.* Montón de castañas cos seus ourizos.

Ouriñal *s.m.* Recipiente para recoller os ouriños.
sin. **penico.**

Ouriñar véxase **mexar.**

Ouriños véxase **mexo.**

Ourizo 1. *s.m.* Casca exterior con espiñas que tein as castañas do castiñeiro. **2.** *s.m.* Pequeno mamífero da familia dos erinaceidos (*Erinaceus europaeus*) co lombo e os lados cubertos de pugas, lento no andar e que se alimenta de insectos.

Ouro *s.m.* Elemento químico metálico de cor amarela brillante, o máis dúctil e maleable de todos os metais e inalterable polos axentes atmosféricos, usado como metal precioso en xoiaría e na fabricación de moeda. O seu símbolo é *Au*. As Médulas foron unha gran mina de ouro dos romanos.

Ourón *s.m.* Ás de ouros da baralla.

Outeirín, -ña *s. e adv.* Xentilicio de Outeiro – Viladecais.

Outeiro 1. *s.m.* Elevación arredondada do terreo, illada e de pouca extensión. **2.** *s.m.* Penedo grande que destaca no alto dun monte ou nunha ladeira.

Outón *s.m.* Parte superior triangular da fachada dun edificio, na cal descansan as dúas vertentes do tellado e toda a fachada.

Outonada *s.f.* Segunda herba verde que producen os prados e que o gando pasta de novembro a xaneiro. *var.* **outono 2.**

Outoniza, -zo *adv.* Algo pertencente ao outono ou que ten as súas propiedades ou características.

Outono 1. *s.m.* Estación do ano que segue ao verán e que comeza o vinte e dous ou vinte e tres de setembro e remata o vinte e dous ou o vinte e tres de decembro. **2.** *s.m.* Herba que producen os prados e que se sega nesta estación para lle dar ao gando. *var.* **outonada.**

Outubre *s.m.* Décimo mes do ano, que ten trinta e un días. *var.* **oitubre.**

Ouvella* véxase **ovella.**

Ovella *s.f.* Mamífero ruminante de tamaño medio da familia dos ovinos (*Bovis aries*) que ten o corpo cuberto de la. *var.* **ouvella.**

Ovellallo véxase **ovello.**

Ovello *s.m.* Ovella ruín e vella. *var.* **ovellallo.**

Ovo 2. *s.m.* Produto comestible da posta dalgunhas aves como a galiña. **2.** *s.m.* Célula fecundada recuberta por unha casca calcaria que depositan as femias das aves, dos peixes, dos réptiles e dalguís mamíferos. **3.** *s.m.* Célula formada pola fusión de dúas células reprodutoras de sexos opostos. **4.** *s.m.* Corpo que contén a célula ovo e as substancias necesarias para a súa nutrición durante o período de incubación.

Ozca 1. *s.f.* Fenda en espiral que se practica na punta delgada do fuso para suxeitar a febra que se fía. **2.** *s.f.* Fenda do puso pola que pasa o fío.

Ozquia 1. *s.f.* Fendedura ou corte que se fai na casca das castañas para que non estalen ao asalas. *sin.* **ozca; mozquia; mosquia.** **2.** *s.f.* Peza do arado. **3.** *s.f.* Corte que se lle fai ao gando lanar na orella que serve de marca.

P

178

Pa 1. *s.f.* Utensilio constituído por unha lámina de madeira ou doutro material, xeralmente de forma cadrada ou arredondada na punta, e na maior parte dos casos cunha certa concavidade, que se adapta a un mango máis ou menos longo e se utiliza para coller e trasladar dun lugar a outro unha cousa ou para remexer a terra. **2.** *s.f.* Utensilio de madeira que se emprega para traballar nas eiras. **3.** *s.f.* Utensilio de madeira, plana e de forma redonda, con mango mui longo, que serve para introducir o pan no forno e para sacalo del unha vez cocido.

Pabío 1. *s.m.* Cordón ou trenza de fíos de algodón ou de liño retorcidos da candea ou do candil. **2.** *s.m.* Extremo superior queimado desta mecha.

Pacencia* **1.** *s.f.* Calidade de quen atura as adversidades e as desgrazas sen rebelarse. **2.** *s.f.* Calidade de quen realiza unha actividade que lle pode resultar molesta sen desanimarse ou desesperarse. **3.** *s.f.* Calidade do que ten tranquilidade para esperar.

Pachorra *s.f.* Tranquilidade, calma excesiva, lentitude que teñen algunhas persoas para facer as cousas.

Pachorrenta, -to *adx.* Persoa excesivamente lenta, tranquila e calma de máis.

Pacio *s.m.* Antiga casa señorial e brasonada construída no campo e destinada a residencia de familias nobres.

Pada 1. *s.f.* Cantidade de materia que cabe nunha pa. **2.** *s.f.* Golpe dado cunha pa.

Padiola *s.f.* Pequena plataforma portátil alongada que serve para levar cargas ou enfermos.

Padrastra 1. *s.m.* Marido da nai, respecto dos fillos e das fillas que naceron de matrimonios anteriores. **2.** *s.m.* Mal pai. **3.** *s.m.* Anaco pequeno de pel que se levanta na carne inmediata ás unllas das mans.

Padrín 1. *s.m.* Home que acompaña a quen recibe algunha honra, grao académico ou cerimonia de ingreso ou iniciación. **2.** *s.m.* Persoa que favorece a outra e lle axuda a conseguir certos beneficios.

Paga 1. *s.f.* Remuneración por un traballo ou servizo. **2.** *s.f.* Recompensa por algo. **3.** *adx.* Algo pagado.

Pagar 1. *v.tr.* Satisfacer a cantidade debida. **2.** *v.tr.* Achegar diñeiro, axudar a custear unha cousa. **3.** *v.tr.* Recompensar por un beneficio ou axuda emprestada.

Pai 1. *s.m.* Home ou animal macho que tivo un ou máis fillos ou fillas, en particular con respecto a estes ou estas. **2.** *s.m.* Aquel que se considera ou se comporta como pai natural. **3.** *s.m.* Touro semental. *sin.* **touro; becerro.**

Pailán, -na 1. *adx.* Persoa tosca, de pouca ou nula cultura, formación e educación. **2.** véxase **palamán, -na.**

Pailla* véxase **paínlla.**

Paíña véxase **paínlla.**

Paínlla *s.f.* Utensilio de cociña metálico, de forma redonda, pouco fondo e con mango longo, no que se friten os alimentos. *var.* **pailla; paíña; paleiro.**

Paisana, -no 1. *adx.* e *s.* Persoa que é da mesma comarca, rexión ou nación que outra. *sin.* compatriota. **2.** *adx.* Persoa humilde de trato fácil e directo. **3.** *s.* Persoa que vive e traballa no campo. **4.** *s.m.* véxase **home.**

Palabralla *s.f.* Palabra obscena e malsoante.

Palamán, -na *adx.* Persoa boubra, simple, tola, imbecil. *var.* **pailán, -na.**

Palancaia véxase **palancana.**

Palancana *s.f.* Recipiente en forma de cunca, máis ancho ca fondo, que se usa xeralmente para lavarse. *var.* **palancaia.**

Palancaneiro *s.m.* Soporte, en xeral de ferro, onde se coloca e se sostén a almofia.

Paleira *s.f.* Escondedoiro, refuxio ou covaña que se atopa no río onde se agochan os peixes.

Paleiro 1. *s.m.* Utensilio de cociña metálico, de forma redonda, pouco fondo e con mango longo, no que se friten os alimentos. **2.** *s.m.* Montón de leña ou paus que se amorean no curral ou nas proximidades da casa e que serven de combustible. **3.** *s.m.* Lugar abundante en paus e varas.

Palén *s.m.* Pau que os nenos empregan para gozar de certos xogos infantís como a billarda.

Palestrada *s. f.* Tunda, xeralmente entre xente moza nas festas.

Paleta **1.** *s. f.* Culler grande de cocina. **2.** *s. f.* Pá pequena. **3.** *s. f.* Ferramenta do albanel para dar a masa que consta dunha prancha de aceiro de forma triangular cun mango. **4.** *s. f.* Ferramenta do teitador que consta dunha prancha de madeira alongada e cun mango. **5.** *s. f.* Lacón, antebrazo do porco. **6.** *s. f.* Cada un dos ósos planos que articulan o brazo co ombreiro. *sin.* **omoplata.**

Paleteira, -ro *s.* Persoa que, por oficio, pon as lousas e arma os tellados.

Palicia* véxase **brea.**

Palique* véxase **cháchara.**

Palla *s. f.* Cana seca dos cereais, normalmente centeo ou trigo, unha vez separada do gran, que se usa na industria, nos teitos ou serve de alimento para os animais domésticos.

Pallasa, -so **1.** *s.* Artista cómico do circo. **2.** *s. e adx.* Persoa informal que aproveita para facer rir que anda sempre de broma.

Pallasada **1.** *s. f.* Parvada, fatada, acción ou dito falto de seriedade e de formalidade. **2.** *s. f.* Acción divertida e cómica propia dun pallaso.

Pallaza véxase **palloza.**

Palleira **1.** *s. f.* Construción onde se garda a herba seca, a palla, os apeiros e o carro. *var.* **palleiro.** **2.** *s. f.* Morea de herba seca

Palleiro **1.** *s. m.* Morea de herba seca ou palla dentro dunha construción. *var.* **palleira.** **2.** *s. m.* Morea de palla disposta en forma cónica arredor dun esteo. **3.** *s. m.* Can cruzado que non é de raza ningunha. **4.** *s. m.* Can pastor de fasquía alobada, constitución forte e tamaño medio recoñecido como raza autóctona galega.

Pallizo **1.** *s. m.* Residuos ou desperdicios de herba segada. **2.** *s. m.* Restrollo dos cereais.

Palloada *s. f.* Golpe dado cunha gavela de palla.

Palloza *s. f.* Vivenda arcaica de planta ovalada ou circular, con paredes de pedra e cuberta cun teito de colmo ou palla, que aínda se conserva nos Ancares. *var.* **pallaza.**

Palma **1.** *s. f.* Parte inferior e algo cóncava da mao. **2.** *s. f.* Planta do pé. **3.** *s. f.* Folla da palmeira que se abenzoa o domingo de Ramos.

Palmada **1.** *s. f.* Medida antiga de lonxitude, que se emprega xeralmente para medir casas e

equivale á distancia que existe entre dúas tesoiras. **2.** *s. f.* Golpe dado coa palma da mao.

3. *s. f.* Ruído que se fai batendo as palmas da man. *sin.* **aplauseo.**

Palmar **1.** *v. intr.* Perder, principalmente, no xogo. **2.** *v. intr.* Morrer.

Palomba **1.** véxase **barbureta.** **2.** Véxase **pomba.**

Palomballa véxase **barbureta.**

Palombar *s. m.* véxase **pombal.**

Palombiña véxase **barbureta.**

Pálpebra *s. f.* Membrana móbil dividida en dúas partes que serve de protección dos ollos. *sin.* ***párparo.**

Pambereta véxase **barbureta.**

Pamboreta véxase **barbureta.**

Pampallín *s. m.* Bolo de pan trigo pequeno dunha libra ou libra e media. *var.* **pampalliño.**

Pampalliño véxase **pampallín.**

Pamplina **1.** *s. f.* Herba cana, planta herbácea da familia das compostas, con talo oco, avermellado e ramificado, follas brandas, irregulares e divididas en lóbulos dentados, crece en baldíos, cultivos e paredes, úsase contra as hemorroides, a gota e sobre todo para curar febres e con capítulos radiados, pequenos e cilíndricos, que forman densas inflorescencias con flores amareladas. **2.** *s. f.* Planta herbácea anual, da familia das cariofiláceas (*Stellaria media*) con numerosas raíces adventicias que crecen a partir dos talos con pelos entre os dous nós, que posúe follas opostas, agudas e glabras, de flores brancas e pequenas agrupadas nas axilas foliares, de froito en cápsula con múltiples sementes, que crece en solos húmidos e ricos en humus, bordos de regueiros, dende chairas ata montañas, que é rica en sales minerais e se come en ensalada.

Pan **1.** *s. m.* Alimento feito dunha masa de fariña, auga, sal e lévedo, que fermenta e coce no forno e pode ter diversas formas. **2.** *s. m.* Centeo. **3.** *s. m.* Cereal sementado do que se fai ese alimento, e a fariña que se obtén del. **4.** *s. m.* Terra sementada de trigo, centeo ou cebada. Alimento en xeral, ou aquilo que serve para o sustento diario. **5.** *s. m.* Peza de pequeno tamaño, fina e redonda, feita de pan sen fermento, que o sacerdote consagra na

- misa, xunto co viño, para conmemorar a morte de Xesucristo. *var.* **hostia**.
- Pana** *s.f.* Tea grossa de algodón de textura parecida ao veludo.
- Panadeira, -ro** *s. e adx.* Persoa que fai ou vende pan. *sin.* **forneira, -ro**. **2.** *s.f.* Restra de golpes dados a unha persoa ou animal. *sin.* **tunda, malleira**.
- Panadería** *s.f.* Establecemento onde se fai ou vende pan. *sin.* **forno**.
- Panca** **1.** *s.f.* Tranca, listón de madeira que serve para pechar portas ou fiestras. **2.** *s.f.* Barra de madeira ou ferro que, apoiada sobre un punto, serve para erguer ou mover pesos.
- Pancada** **1.** *s.f.* Golpe dado cunha panca ou cun pau. **2.** *s.f.* Calquera tipo de golpe brusco dado coa man, co pé ou cun obxecto. **3.** *s.f.* Gran cantidade de algo, especialmente de neve ou de auga, coma unha chuvascada ou un ballón.
- Pancega, -go** *adx.* Persoa panceira, que gusta muito do pan. *var.* **panceira, -ro**.
- Panceira** **1.** *s.f.* Cesta grande utilizada para transportar o pan ou para gardalo. **2.** *s.f.* Cesta pequena ou calquera outro recipiente onde se serve o pan na mesa. **3.** *s.f.* Especie de torta de roxois feito con sebo ou graxa. **4.** véxase **pancega, -go**
- Pandeireta** *s.f.* Pandeiro pequeno e redondo con ferreñas, que se toca movéndoo cunha mao e repenicando nel coa outra.
- Pandeiro** **1.** *s.m.* Instrumento musical, de forma cadrada, con dobre pel, que se toca coa man. **2.** *adx.* Terreo que está duro.
- Pándiga, -go** *adx.* Persoa agradable, rideira e que fai rir. *sin.* **simpática, -co**.
- Pandorga** **1.** *s.f.* Muller gorda e pesada. **2.** *s.f.* Androlla, ventre, barriga.
- Paneira** **1.** *s.f.* Depósito grande de madeira ou doutro material que serve para almacenar a gra. **2.** *s.f.* Arca moi grande onde se metía o grao. **3.** *s.f.* Sitio que se usa para poñer o pan.
- Panguazo** *s.m.* Caída violenta, golpe que se dá no chan con todo o corpo.
- Pano** **1.** *s.m.* Tea, especialmente a de la. **2.** *s.m.* Tecido co que antes as mulleres cubrían a cabeza. **3.** *s.m.* Anaco de tea que se leva no peto para limpar o nariz, a suor etc. **4.** *s.m.* Mancha na cute, especialmente a que lle sae á muller xestante.
- Panoia** **1.** *s.f.* Fogaza pequena de pan. **2.** *s.f.* Mazaroca de millo.
- Panoiar** **1.** *v. tr.* Quitarlle as mazarocas á planta do millo. **2.** *v. tr.* Botar mazarocas o millo ou outras plantas.
- Panqueixo** *s.m.* Planta herbácea da familia das compostas (*Primula vulgaris*) que bota flores de pétalas brancas e centro amarelo e da que existen diversas especies.
- Pantarra, -rro** *adx.* Persoa eslamiada, sen xeito, de pouca graza.
- Pantarras** *s.f. pl.* Fungos que teñen un pé ou talo rematado nunha especie de sombreiro, dos cales existen varias especies que poden ser comestibles ou non.
- Pantasma** **1.** *s.f.* Visión ou imaxe fantástica dun ser espectral, produto dos sonhos ou da imaxinación. *var.* **fantasma**. **2.** *s.f.* Persoa estrafalaria.
- Pantorra*** véxase **canela**.
- *Pantorrilla** véxase **canela**.
- Pantrica, -co** *adx.* Algo moi desagradable que provoca noxo ou repulsión.
- *Panza** véxase **barriga**.
- *Panzada** **1.** *s.f.* Acto e efecto de fartar ou de se fartar. *sin.* **enchenta, farta, fartura**. **2.** *s.f.* Caída cara adiante. *sin.* **barrigada, esnafrada**.
- Paña** **1.** *s.f.* Conxunto dos produtos do campo, ou dun produto en particular, que se colleitan ao chegar o tempo, normalmente unha vez ao ano. **2.** *s.f.* Acción e efecto de recoller ou colleitar eses produtos do chan ou dunha árbore. **3.** *s.f.* Tempo en que se realiza esta operación. *var.* **apaña**. *sin.* **colleita**.
- Pañador, -ra** **1.** *s.* Persoa que recolle as espigas que quedaron como restrollo. **2.** *s.* Persoa que recolle as castañas ou calquera outro fruto ou fruta. *var.* **apañador, -ra**.
- Pañar** véxase **apañar**.
- Pao*** véxase **pau**.
- Papa** **1.** *s.f.* Calquera cousa branda, case líquida. **2.** *s.f.* Alimento sólido triturado que se lles dá aos meniños.
- Papalán, -na** *adx.* Persoa simple, crédula, fácil de enganar, papamoscas, paspán, pimpín, papón.
- Papallada** **1.** *s.f.* Calquera substancia espesa e mol semellante ás papas. **2.** *s.f.* Cantidade grande revolta e augada de algo.

Papar 1. *v. tr.* Comer, tragar. 2. *v. tr.* Sufrir os efectos ou ser vítima de algo molesto ou desagradable, que causa dano físico ou psíquico. 3. *v. tr.* Arrebatar, quitar ou roubar unha cousa con astucia.

Paparrón* véxase **papón**.

Papas 1. *s. f. pl.* Alimento que se obtén cocendo fariña, sobre todo de millo, en auga ou leite. 2. *s. f. pl.* Prato de cociña que se fai con fariña, xeralmente de millo, auga e sal, ao que, unha vez cocido, se adoita engadir un pouco de manteiga. 3. *s. f. pl.* **Papas de arroz:** papas de arroz cocido en leite e canela.

Papasol *s. m.* Insecto da familia dos coccinélidos, que se caracteriza pola súa forma arredondada, con élitros de cores vivas, xeralmente vermello e con sete puntos negros. *sin.* **zapateiro**.

Papavello *s. m.* Caldo espeso de castañas moi cocidas.

Papaxa, -xo *adx.* Persoa moi inxenua e crédula que resulta fácil de enganar.

Papeira 1. *s. f.* Remendo de folla de lata, coiro ou goma que se lles pon ás galochas na súa parte dianteira e inferior para que non se desgasten. *sin.* **biqueira**. 2. *s. f.* Vulto que se forma debaixo do queixo e que pode deberse á acumulación de graxa ou ao bocio. *var.* **papo**. 3. *s. f.* Hipertrofia da glándula tiroide que normalmente se manifesta por unha inchazón esaxerada do pescozo. 4. *s. f. pl.* Inflamación vírica da parótide que provoca inchazón na zona das orellas e afecta maiormente nenos e adolescentes. *sin.* **orellois; pexorellos; presorellos**. 5. *adx.* Persoa tola, boubá. 6. *adx.* Persoa mui amiga de comer papas.

Papelousada *s. f.* Contido que vai envolto nun papel de calquera maneira.

Papo 1. *s. m.* Dilatación do esófago das aves, que forma unha especie de bolsa onde amolecen o alimento. 2. *s. m.* Vulto que se forma debaixo do queixo, que pode ser simplemente graxa acumulada ou ben provir da enfermidade do bocio. *var.* **papeira**. 3. *s. m.* Hipertrofia da glándula tiroide que normalmente se manifesta por unha inchazón esaxerada do pescozo. 4. *s. m.* Pel que lles colga a certos animais pola parte inferior do pescozo.

Papón 1. *s. m.* Coco, ente imaxinario con que se asusta os nenos para calaren cando choran. 2. *s. m.* Amasado espeso para as galiñas, preparado con farelo ou fariña. *var.* **paparrón**. 3. *adx.* Persoa que demostra ter pouca intelixencia e pouca malicia, que abraia ou se admira por todo. *sin.* **papalán**. 4. *adx.* Persoa sen xeito, simple.

Paporrubio *s. m.* Paxaro da familia dos muscicápidos (*Erithacus rubecula*), de cor olivácea nas partes superiores, coa parte dianteira da cabeza e da gorxa e o peito rubios e ventre abrancazado. *sin.* **pimenteiro**.

Papoula *s. f.* Planta anual da familia das papaveráceas (*Papaver rhoeas*) de follas dentadas, flores redondas de cor encarnada intensa e froito en cápsula, mui abundante nos campos de cereais. *var.* **mapoula**.

Papuda, -do 1. *adx.* Persoa que muito ten papo. 1. *adx.* Persoa que ten bocio.

Papuxa *s. f.* Paxaro da familia dos sílvidos (*Sylvia communis*) de plumaxe parda escura ou cincenta e peteiro fino, que se alimenta de insectos ou vermes e do que existen diferentes especies.

Paracia véxase **paraza**.

Parada véxase **paradeiro**.

Paradega, -go *s. e adx.* Xentilicio de Paradaseca.

Paradeira véxase **paradeiro** 2.

Paradeiro 1. *s. m.* Lugar onde unha persoa pode deterse. *var.* **parada**. 2. *s. m.* Acción de deterse. *var.* **paradeira; parada**.

Paradelega, -go *s. e adx.* Xentilicio de Paradela – Corullón.

Paradello *s. m.* Trampa de pesca constituída por unha rede de gran tamaño e de forma rectangular, que se coloca dunha beira a outra do río para atrapar as truitas e que, polo bordo superior, ten unha serie de rollas que a fan aboiar e, polo inferior, uns chumbos que a levan ao fondo. *var.* **paredello**. *sin.* **reza**.

Paradexa, -xo *s. e adx.* Xentilicio de Parada de Souto – Trabadelo.

Parafusa véxase **parafuso**.

Parafuso 1. *s. m.* Fuso grande cunha roda pequena na parte inferior, que serve para torcer o fio. 2. *s. m.* Trade formada por dúas correas que se envolven e desenvolven alternativamente e que se emprega para facer buracos en diferentes materiais. *var.* **parafusa**.

3. s. m. Peza de metal ou madeira co corpo en forma de rosca que, ao facela xirar sobre si mesma, se introduce nunha porca ou nunha superficie. **4. s. m.** Cravo ou aguillada da buxaina. *sin.* **paraveirón.** **5. s. m.** Xoguete que consiste nunha peza de madeira de forma cónica, rematada nunha punta de metal pola parte inferior, que se fai bailar por medio dun cordel. *sin.* **trompo, buxaina.**

Paralís* véxase **parálise**

Parálise 1. s. f. Perda total ou parcial do movemento ou da sensibilidade nunha ou en varias partes do corpo. **2. s. f.** Detención ou demora no ritmo habitual dunha actividade.

Paramento s. m. Pedra cadrada ou rectangular de bo perfil e moi axeitada para a construción.

Paraveirón véxase **parafuso 4.**

Paraza 1. s. f. Monda ou pela de calquera fruita, da pataca ou da castaña. *var.* **parazo; paracia.**

Parazo véxase **paraza.**

Parceira, -ro 1. s. Propietario de terras ou de gando con respecto á persoa que traballa as terras ou que cría o gando. **2. s.** Cada unha das persoas que posúen e utilizan en común unha propiedade.

Parcela 1. s. f. Cada unha das partes en que se divide un terreo grande. **2. s. f.** Terra de cultivo, de poulo ou de monte dunha soa peza.

Parcería véxase **aparcería.**

Pardal s. m. Paxaro da orde dos paseriformes, (*Passer domesticus*) moi común, de pequeno tamaño, con plumas pardas raiadas de escuro e peteiro curto e curvo, que se alimenta de graos, sementes ou insectos e do que existen varias especies.

Parda, -do 1. adx. Dito dunha cor acastañada escura resultante de mesturar negra, vermella e amarela. **2. adx.** Escura. **3. s. m.** Tecido forte e escuro de la, que se emprega para facer as saias que visten as mulleres.

Parecencia 1. s. f. Calidade de semellante, e aquilo que fai que unha persoa ou cousa sexa semellante a outra. *var.* **parecido.** **2. s. f.** Presentación exterior dunha persoa. *sin.* **fasquía, aspecto.**

Parecer 1. v. intr. Ter a aparencia ou o aspecto semellante de algo **2. v. intr.** Ter unha opinión, unha idea ou sospeita. / **3. v. tr. e v. prml.** Ter semellanza. *sin.* **tirar.**

Parecida, -do 1. adx. Que se asemella a algo ou alguén. / **2. s. m.** Aparencia, semellanza dunha cousa ou persoa con outra.

Paredar 1. v. intr. Levantar as paredes dun edificio ou construción. **2. v. tr.** Construír as paredes dun edificio. **3. v. tr.** Tapar un buraco nunha parede.

Pareda s. f. Obra de cantería ou albanelería levantada verticalmente, que forma o exterior dun edificio ou serve para cerrar un espazo ou para dividilo.

Paredón 1. s. m. Pareda grossa e alta. **2. s. m.** Pareda fronte á que se executa un fusilamento.

Parella 1. s. f. Cada unha das persoas, animais ou cousas que forman un par, consideradas unha en relación coa outra. *var.* **parexa*.** **2. s. f.** Xunta ou par de bois ou vacas que se xonguen para tirar do carro ou do arado. *var.* **parexa*.**

Parenta, -te 1. s. m. Familiar. **2. adx.** Persoa que está unida a outra mediante unha relación de parentesco.

Parentela s. m. Conxunto dos parentes dunha persoa.

Parentesco 1. s. m. Relación entre persoas que descendeen unhas das outras ou dun antepasado común. **2. s. m.** Relación semellante establecida pola sociedade, como a que existe entre cónxuxes, entre un dos cónxuxes e a familia do outro, e a que resulta dunha adopción.

Parexa* véxase **parella.**

Parideira s. f. Vaca que vai parir ou que pariu hai pouco tempo.

Parir v. tr. e v. intr. Expulsar o feto do útero unha femia ao se cumprir o tempo de xestación.

Parloteira, -ro adx. Persoa que fala moito. *var.* **paroleira-ro. sin. falangueira, -ro; falanteira, -ro; falagán, -na.**

Parola véxase **cháchara.**

Parolada s. f. Leria, conversa insubstancial sobre cuestións intrascendentes. *var.* **parola. sin. cháchara, parrafeo, parrafada.**

Parolear v. intr. Conversaren varias persoas sobre cuestións intrascendentes. *sin.* **parrafear.**

Paroleira, -ro véxase **parloteira, -ro.**

***Párparo s. m.** Membrana móbil que cobre e protexe a parte visible do ollo. *sin.* **pálpebra.**

Parra *s.f.* Videira que se vai estendendo sobre unha armazón separada do chan por uns esteos.

Parrafada véxase **parolada**.

Parrafear véxase **parolear**.

Parrafeio véxase **parolada**.

***Parranda** véxase **troula, festa**.

Parreiro 1. *s. m.* Piso feito a unha determinada altura da parede onde se gardan patacas, castañas, plantas, gran, leña ou ferramentas. **2.** *s. m.* Faiado dunha casa.

Parrocha 1. véxase **cona**. / **2.** *s. e adx.* Persoa de pouca estatura.

Párroco *s. m.* Sacerdote que ten ao seu cargo unha parroquia. *sin.* **abade**.

Parroquia 1. *s.f.* Unidade básica de división territorial dentro dun concello, composta por varios lugares ou aldeas. *sin.* **pedanía, freguesía**. **2.** *s.f.* Demarcación territorial eclesiástica baixo a xurisdición dun párroco. *sin.* **freguesía**. **3.** *s.f.* Igrexa ou oficina desa xurisdición. **4.** *s.f.* Conxunto dos clientes habituais dunha taberna, bar, tenda etc.

Parroquiana, -no 1. *s.* Cliente habitual dunha taberna, bar, tenda etc. **2.** *s.* Persoa que pertence a unha determinada parroquia.

Parrula, -lo *s.* Ave palmípede da familia dos anátidos (*Anas platyrhynchos*) de peteiro groso e plano. *sin.* **pata, -to**.

Parrumeiro 1. *s. m.* Lugar de pasto non moi abundante. **2.** *s. m.* Terreo de escaso valor.

Parteira 1. *s.* Persoa cun título que acredita os seus coñecementos para asistir nos partos. *sin.* **comadroa, matrona**. **2.** *s.* Persoa sen título profesional que asiste nos partos.

Partillante *s.* Persoa que intervéñ nas medicións e reparticións das herdanzas. *sin.* **périta*, -to; perita, -to**.

Partilla 1. *s.f.* Cada unha das porcións ou partes resultantes dunha repartición. / **2.** *s.f.* Partición ou división dunha herdanza. **3.** *s.f. pl.* Conxunto de varias porcións de bens que corresponden aos distintos herdeiros e herdeiras na repartición dunha herdanza.

Partillar *v.tr.* Repartir ou dividir algo en partes para dárllelo a varias persoas.

Partir 1. *v. tr.* Dividir algo en partes co obxecto de distribuílas entre varios. **2.** *v. tr.* Dividir unha

herdanza entre os seus herdeiros e herdeiras. *sin.* **partillar**. **3.** *v. tr.* Facer que algo sólido deixe de estar inteiro, xeralmente como consecuencia dun golpe. **4.** *v. tr.* Despezar un animal. / **5.** *v. intr.* Pórse en marcha para abandonar un lugar. *sin.* **marchar**.

Parto *s.m.* Acción de parir.

Parva 1. *s. f.* Lixeira refección a base de galletas ou pan cunha copa de augardente que se toma de mañá moi cedo. **2.** *s.f.* Montón de pabea tendida na eira antes e despois de trillala. **3.** *s. f.* Herba que se lle dá ao gando pola mañá.

Parvear *v. tr.* Tomar a parva.

Pasadeira *s. m.* Cada unha das pedras que se colocan en fila nunha corrente de auga para podela atravesar a pé. *sin.* **pasadeiro, rañada**.

Pasadeiro véxase **pasadeira**.

Pasadoiro *s.m.* Abertura nun valado ou muro que permite o paso de persoas e animais.

Pasal *s. m.* Chanzo, banzo da escaleira.

Pasamaos *s.m.pl.* Barra ou listón de madeira ou outro material, que se coloca sobre unha varanda e que serve de apoio para subir por unha escaleira.

Pasmar 1. *v. intr.* Quedar absorta ou trasposta unha persoa ao ver ou escuitar algo de forma repentina. **2** *v. intr.* Permanecer unha persoa quieta, estantía, sen facer nada, aparvada ou ida. *var.* **pasmonear**. / **3.** *v.tr.* Causar abraio ou admiración a alguén. *sin.* **asombrar**.

Pasmón, -na *adx.* Persoa que se asombra por calquera cousa e que non reacciona.

Pasmonear véxase **pasmar**.

Paspallá *s.f.* Ave da familia dos fasiánidos (*Coturnix coturnix*), de cor acastañada cunha mancha branca e mouroa na gorxa a ceito de colar no macho e de cor máis apagada con pencas escuras no peito e sen colar na femia. *var.* **pazpallá*, pazparallega*, paspallarega, paspallás, pazpallarega*, pazpallareda***. *sin.* **saltagrá, saltagrau**.

Paspallás véxase **paspallá**.

Pasparallega véxase **paspallá**.

Pasteiro 1. *s. m.* Terreo cuberto de herba onde se leva o gando a pacer. **2.** *s. m.* Prado sen aproveitamento por sega debido a dificultades do terreo ou baixa produción. **3.** *s. m.* Prado sen herba porque xa foi segada ou pastada.

Pastel *s.m.* Doce feito cunha masa de fariña, manteiga, leite, ovos e azucre cocida no forno, rechea e recuberta dunha capa de crema, chocolate, frutas etc. *sin.* **torta**.

Pastelán, -na **1.** *adx.* Persoa tarda, lenta e calmosa. **2.** *adx.* Persoa aburrida ou que aburre. **3.** *adx.* Persoa prosma, boubexa.

Pastor, -ra **1.** *s.* Persoa que leva o gando a pastar e coida del. **2.** *s.* Tipo de cais de guarda.

Pata **1.** *s.f.* Cada unha das extremidades sobre as que un animal se sostén e camiña. **2.** *s.f.* Cada un dos elementos que constitúen a parte inferior dun moble e que lle serven de apoio. **3.** *s.f.* Perna dunha persoa. **4.** *s.f.* Cada unha das partes nas que se divide a noz.

Pataca **1.** *s.f.* Planta anual da familia das solanáceas (*Solanum tuberosum*) orixinaria de América, que se cultiva polos seus tubérculos comestibles. **2.** *s.f.* Tubérculo comestible desta planta.

Patacal **1.** *s.m.* Terra sementada de patacas que presenta un aspecto inmellorable. **2.** *s.m.* Campo de xogos en pésimas condicións.

Pataco **1.** *s.m.* Pataca dura e pequena. **2.** *s.m.* Home repoludo e de baixa estatura. **3.** *s.m.* Moeda de moi pouco valor.

Patal **1.** *s.m.* Parte baixa dun terreo labrado. **2.** *s.m.* Terreo húmido ao borde dun río.

Pataqueira *s.f.* Recanto do soto onde se estran as patacas.

Patarica, -co **1.** *adx.* Persoa de baixa estatura. *sin.* **patarra, -rro; pataxa, -xo**. **2.** *adx.* Persoa desproporcionada.

Patarra, -rro **1.** *adx.* Persoa que ten as pernas tortas cara á fóra e xunta os xeonllos. **2.** *adx.* Persoa pequena, de baixa estatura. *sin.* **patarica, -co; pataxa, -xo**.

Patarresa *s.f.* Insecto da suborde dos anisópteros (*Libellula*) do que existen varias especies que se caracterizan por ter a cabeza e o tórax unidos, ollos moi desenvolvidos e xuntos, abdome longo e fino e dous pares de ás que estenden horizontalmente cando está en repouso. *sin.* **libélula**.

Pataxa, -xo **1.** *adx.* Persoa de baixa estatura. *sin.* **patarica, -co; patarra, -rro**. **2.** *adx.* Persoa desproporcionada nas medidas do seu corpo.

Patear **1.** véxase **patexar** **2.** *v. tr.* Andar moito. **3.** véxase **patexar** **1.**

Patexar **1.** *v. intr.* Mover as pernas ou as patas unha persoa ou un animal con forza e de maneira rápida. **2.** *v. intr.* Bater cos pés no chan de forma repetida para mostrar desagrado, desacordo ou enfado.

***Patifusa, so** *adx.* Persoa perplexa.

Patio **1.** *s.m.* Espazo pechado e descuberto no interior ou ao lado dunha edificación. **2.** *s.m.* Superficie en que está sinalada a raia na cal o xogador ou xogadora de birlos coloca un dos pés para tirar a bóla.

***Patizamba, -bo** véxase **zambra, -bro**.

Patrán, na* véxase **zarrapastrán, na**.

Patuco *s.m.* Calzado de la que usan os meniños que aínda non andan.

Patulea *s.f.* Multitude de persoas, xeralmente de mozos e mozas.

Pau **1.** *s.m.* Calquera anaco de madeira longo e delgado. *var.* **pao**. **2.** *s.m.* Golpe dado cun deses anaco. **3.** *s.m.* Poste. **4.** *s.m.* Doela do tonel. **5.** véxase **carallo**.

Pauto **1.** *s.m.* Influencia maléfica ou benéfica nos negocios e, en xeral, en todos os asuntos da vida. **2.** *s.m.* Acordo formal entre dúas ou máis partes.

Pava *s.f.* Muller simple, parada, un tanto indecisa ou aloulada.

Pavía **1.** *s.f.* Fruito que produce a *pavial*, con óso interno moi semellante ao pexego.

Pavial *s.f.* Árbore da familia das rosáceas (*Prunus domestica*) e follas caducas que florece en febreiro e se cría en veigas e regadíis, cuxas flores son laxantes e cuxas follas se usaron coma calmante e en perfumaría.

Pavisa **1.** *s.f.* Chispa ou faísca que salta do lume. *var.* **pavuxa**. **2.** *s.f.* Farrapo ou folepa de neve.

Pavuxa véxase **pavisa**.

Páxara *s.f.* Bazo do porco. *var.* **paxarela; paxaría*; paxariña**.

Paxara véxase **cona**.

Paxarela véxase **páxara** **2**.

Paxareira véxase **forcilleira**.

Paxaría* véxase **páxara**.

Paxariña *s.f.* Viscera dos vertebrados que elimina os glóbulos vermellos vellos e serve de reserva de sangue en casos de fortes hemorraxias. *sin.* **bacio, bazo, páxara** **2, paxarela**.

Paxaro 1. *s. m.* Ave voadora, normalmente de pequeno tamaño ou pequeno. *var.* **páxaro**; **paixaro**. 2. véxase **carallo**.

Páxaro véxase **paxaro**.

Pazpallá* véxase **paspallá**.

Pazpallareda* véxase **paspallá**.

Pazpallarega* véxase **paspallá**.

Pazparallega* véxase **paspallá**.

Pé 1. *s. m.* Parte final dos membros inferiores de persoas e animais, que sostén o corpo e se apoia no chan ao andar. 2. *s. m.* Esteo ou piar onde se apoian algunhas construcións.

Peada 1. *s. f.* Conxunto ou rabaño de animais. 2. *s. f.* Multitude de cousas ou persoas que van detrás doutras. *sin.* **recua**. 3. *s. f.* Manda de porcos.

Peal *s. m.* Cada un dos saíntes de diante que teñen as galochas por abaixo.

Peanía *s. f.* Peza do tear que serve para apertar a tea e estírala.

Pebida 1. *s. f.* Óso do pexego. 2. *s. f.* Semente de diversos froitos, coma a da pera, as uvas ou a mazá. 3. *s. f.* Enfermidade das galiñas que consiste na aparición dunha funda dura que lles recobre toda a lingua e lles impide comer.

Pebidón* véxase **pebillón**.

Pebillón *s. m.* Peza da pértega do carro, na parte inferior dianteira, que se apoia no chan. *var.* **pebidón**.

Peca* véxase **penca**.

Pecha, -cho véxase **pechada, -do** 3.

Pechada 1. *s. f.* Bóla de neve. *sin.* **pegarada**. / 2. *adx.* Algo que ten moi xuntos e en gran número os elementos que o compoñen. 3. *adx.* Ceo completamente cuberto de nubes ou noite moi escura. *sin.* **pecha, -cho**. 4. *adx.* Persoa que non acepta aquilo que vai en contra da súa maneira de pensar. 5. *adx.* Alguén pouco dado a expresar os seus sentimentos, a falar coa xente

Pechadura véxase **pecho**.

Pechar 1. *v. tr.* Asegurar mediante un mecanismo ou instrumento apropiado a porta, ventá ou tampa dun recinto ou un obxecto etc. *sin.* **trancar; atrancar**. 2. *v. tr.* Acción de cerrar. 3. *v. tr.* Atascar, obstruír ou interromper o camiño ou o paso.

Pechil *s. m.* Tranca de madeira que serve para pechar unha porta ou unha ventá.

Pecho *s. m.* Dispositivo metálico fixado en portas, caixóns, fiestras, tampas de recipientes etc., para os manter pechados mediante pasadores accionados por chaves. *sin.* **pechadura**.

Pedigola, -lo véxase **pedigoña, -ño**.

Pedigón, -na véxase **pedigoña, -ño**.

Pedigoña, -ño *adx.* Persoa que non fai máis que pedir favores, cartos etc.. *var.* **pedigón, -na; pedigola, -lo**.

Pedir 1. *v. tr.* Dar a coñecer a alguén o que se desexa que lle dea, conceda ou faga. 2. *v. tr.* Manifestar, reclamar, manifestar o desexo de algo. 3. *v. tr.* Implorar unha esmola.

Pedoa *s. f.* Machado de ferro ou aceiro que usa o persoal das carnicerías.

Pedón *s. m.* Fouce moi grande.

Pedra 1. *s. f.* Materia mineral sólida máis ou menos dura e compacta, que se atopa no interior ou na superficie da codia terrestre. 2. *s. f.* Moa do muíño. 3. *s. f.* Chuvia conxelada que cae violentamente en forma de graos. 4. *s. f.* Instrumento co que se afía a gadaña.

Pedrada 1. *s. f.* Acción de lanzar unha pedra. 2. *s. f.* Golpe dado ou recibido cunha pedra.

Pedragal 1. *s. m.* Terreo onde abundan cantos de río. *var.* **pedragueiro**. 2. *s. m.* Terra de labor de mala calidade e difícil de traballar por se atoparen nela moitas pedras.

Pedragueiro véxase **pedragal**.

Pedrazo *s. m.* Chuvia conxelada que cae violentamente en forma de graos máis ou menos grandes. *var.* **pedra, pedrazo, pedriza; pedrizo, pedrisco**.

Pedrecoa *s. f.* Pedra grande.

Pedregaloso *s. m.* Montón de pedras, sobre todo os que se forman nas faldras das montañas.

Pedregueira 1. véxase **canteira**.

Pedregueira, -ro. *adx.* Terreo que ten moitas pedras. *sin.* **cascalleira, -ro; pedrosa, -so; penasqueira, -ro**.

Pedregueiro *s. m.* Terreo cheo de pedras desfeitas ou machucadas. *sin.* **cascalleiro**.

Pedreira *s. f.* Lugar de onde se extrae pedra para a construción. *sin.* **canteira**.

Pedrella *s. f.* Semente parecida á faba.

Pedrelo 1. *s. m.* Tipo de avespa pequena. 2. *s. e adx.* Xentilicio de San Pedro de Trones – Ponte de Domingos Flórez. *sin.* **troneira, -ro**.

Pedresa *s. f.* Galiña dunha cor especial, con plumas brancas, grises e negras mesturadas que parecen un empedrado. *var.* **pedrosa**.

Pedricación* *1. s. f.* Acción de predicar. *2. s. f.* Discurso de quen predica. *sin.* **predica**.

Pedricador*, -ra *s. e adx.* Persoa que predica. *var.* **predicador, -ra**.

Pedricar* *1. v. tr.* Ensinar por medio da palabra a doutrina ou o evanxeo. *var.* **predicar**. *2. v. tr.* Aconsellar, proclamar algo de palabra ou de obra. *var.* **predicar**.

Pedriquiña *s. f.* Pedra pequena. *var.* **pedriquiá**.

Pedriscar *v. intr.* Caer pedrazo ou pedrisco. *var.* **pedruscar**.

Pedrisco véxase **pedrazo**.

Pedriz *1. s. f.* Amontoamento de pedras. *2. s. f.* Terreo ou campo cheo de pedras. *3. s. f.* Camiño pedregoso. *4. véxase* **pedrazo**.

Pedriz véxase **pedrazo**.

Pedrizo véxase **pedrazo**.

Pedrolo *s. m.* Planta herbácea rubideira da familia das leguminosas (*Lathyrus sativus*), de flores brancas en acios e froito en casula, que contén sementes comestibles, arredondadas e de cor verde.

Pedrosa *1. véxase* **pedresa**. *2. véxase* **pedregueira, -ro**.

Pedruscar véxase **pedriscar**.

Pega *s. f.* Paxaro da familia dos córvidos (*Pica pica*) que presenta cor branca no ventre, costados e extremos das ás e o resto do corpo negro con irisacións verdes, azuis ou moradas, ou outros tons máis escuros en todo o corpo.

Pegarada *s. f.* Bóla de neve. *sin.* **pechada** *1.*

Pego *s. m.* Pozo fondo e escuro nun río.

Pegosa, -so *1. adx.* Que se pega ou adhire doadamente. *sin.* **apegañenta**. *2. adx.* Contaxiosa, que se transmite con facilidade.

Pegote *s. m.* Planta bienal, da familia das compostas (*Arctium lappa*), con recios talos grosos, avermellados e pilosos, que posúe follas basais cordiformes, anchas, grandes e con bordos rugosos, as flores son de cor púrpura ou rosada, teñen brácteas ganchudas, se dá en terreos abandonados e bordos de camiños e se emprega para depurar o sangue, combater úlceras, furúnculos e enfermidades da pel.

Pegotear *v. tr. e v. prml.* Pegar ou pegarse algo a causa da sucidade ou da suor.

Pegureiro *1. s. m.* Clase de chourizo groso. *2. ver* **pregueiro**.

Peidar *v. intr.* Expulsar ventosidades polo ano.

Peideira, -ro *adx.* Persoa que frecuentemente ou sen reparo bota peidos. *sin.* **cuaca, -co**.

Peido *s. m.* Gas do intestino que se expulsa polo ano facendo ruído.

Peito *1. s. m.* Parte anterior do tórax. *2. s. m.* Conxunto das dúas mamas da muller ou cada unha delas.

Peitoril *1. s. m.* Muro, valado de pedra ou de ferro que se pon nas pontes e noutros lugares perigosos para evitar caídas. *var.* **petril***. *2. s. m.* Parte plana superior do muro dos pozos onde se apoian os caldeiros. *3. s. m.* Parte plana superior da parede da ventá onde as persoas se apoian para ver desde ela.

Peixe *s. m.* Calquera animal vertebrado ovíparo, de sangue frío e respiración branquial que nace e vive na auga, ten o corpo cuberto de escamas e aletas para nadar.

Pel *1. s. f.* Membrana externa que cobre o corpo das persoas, dos animais vertebrados e de moitos dos invertebrados. *2. s. f.* Pelello ou pelica dos animais. *3. s. f.* Monda que recobre as patacas ou as fruitas. *var.* **pela**. *sin.* **monda, paraza**.

Pela *1. s. f.* Monda das patacas ou da fruta. *2. véxase* **cona**.

Pelamandro *1. s. m.* Trapo vello. *sin.* **farrapo, farragallo**. *2. s. m.* Pingallo de roupa. *sin.* **farrapo, farragallo**.

***Pelambreira** *s. f.* Pelo abundante e desguedellado.

Pelandrán, -na *1. adx.* Persoa despeiteada, espeluxada. *2. adx.* Persoa desleixada, abandonada, zalapastrana, mal vestida.

Pelegrín, -na *adx.* Persoa que fai unha peregrinación.

***Pelele** *1. s. m.* Roupa que lles poñían aos meniños cando deixaban de usar cueiros. *2. adx.* Persoa sen vontade nin criterio manexada por calquera.

Pelella *s. f.* Pel dos animais. *sin.* **Pelica**.

Pelella, -llo véxase **pelexa*, -xo**.

Pelleleiro, -ra *s.* Persoa que ten por oficio comprar e vender peles de todo tipo de animais, especialmente de coellos.

Pelello 1. *s. m.* Pel dun animal separada do corpo. *var. pelica*. 2. *s. m.* Esta pel curtida e preparada para diferentes usos industriais. *var. pelica*. 3. *s. m.* Odre para o viño.

Pelendrex *s. m.* Órgano do aparello reprodutor masculino, no que se producen os espermatozoides. *var. pelendrexo. sin. carallo.*

Pelendrexo véxase **pelendrex**.

Pelexa*, **xo** 1. *adx.* Persoa dexenerada, viciosa, licenciosa ou noctámbula *var. pelella, -llo*. 2. *s. m.* véxase **bagullo**.

Pelica véxase **pelella**.

Pelicana, -no *adx.* Persoa que está medio bébeda.

Pelingrar *v. tr.* Pór algo ou alguén nun sitio de modo que se sosteña sen que a súa parte inferior estea apoiada en ningunha superficie.

Peliza 1. *s. f.* Peza de roupa feita ou forrada de peles finas.

Pelo 1. 2. *s. m.* Filamento que medra na pel da maioría dos mamíferos, incluído o ser humano. 2. *s. m.* Conxunto de pelos da cabeza dunha persoa. 3. *s. m.* Conxunto de filamentos que sobresaen na superficie dun tecido. 4. *s. m.* Primeira plumaxe. *sin. canón.*

Pelona 1. *s. f.* Xeada forte. 2. *s. f.* Alteración da saúde dun ser vivo debida a un mal funcionamento dalgún dos órganos.

Pementa *s. f.* Condimento que se obtén moendo pementos vermello secos. *var. pimenta.*

Pementeira 1. *s. f.* Planta das solanáceas (*Capsicum annuum*) de talo ramoso, follas brancas e froito oco comestible de formas e tamaños variados. 2. *s. f.* Terreo botado a pementos. *var. pimenteira.*

Pemento *s. m.* 1. Froito comestible da pementeira. *var. pimento.*

Pena 1. *s. f.* Pedra, fragueiro ou rocha de gran tamaño que sobresa da terra de forma natural. 2. *s. f.* Sentimento de dor e tristura por un suceso non desexado. *sin. dor, tristura, mágoa, pesar, señardade.*

Penal 1. *s. m.* Cada unha das dúas partes triangulares das paredes laterais dunha casa en que se apoia o tellado. 2. *s. m.* Muro que divide unha casa ou un curral do que está ao lado.

Penar *v. intr.* Sufrir por causa dunha pena, dun traballo forzado, dunha dor etc.

Penasqueiro 1. *s. m.* Terreo que se precipita, con moitos declives e desniveis. *sin. cavorco*. 2. *s. m.* Terreo pedregoso. *sin. pedroso, pedregueiro.*

Penca *s. f.* Mancha pequena de cor encarnada ou parda que sae na cara ou noutras partes do corpo. *var. peca. sin. pinta.*

Penco 1. *s. m.* Barrufeiro, facotexo, cabalo de mala calidade. 2. *s. m.* Animal ou persoa de malas intencións ou instintos traizoceros.

Pencosa, -so *adx.* Persoa con pencas.

Pendello 1. *s. m.* Alboio pegado á casa que serve para protexer algúns obxectos da chuvia, especialmente para gardar o carro, os apeiros de labranza, a leña ou a comida do gando. 2. *s. m.* Prenda de vestir moi folgada que cae, colga ou senta mal. *var. pendo*. 3. *s. m.* Anaco de tea solta, parte descosida, rota ou mal colocada dunha prenda de vestir. 4. *s. m.* Conxunto de frutos ou fruitas cousas apiñocadas como uvas. 5. *s. m.* Obxecto que colga ou pende doutro.

Pender 1. *v. intr.* Estar unha cousa colgando. 2. *v. intr.* Estar unha superficie inclinada.

Pendo *s. m.* Pingo, pingallo, parte dun vestido que colga ou está máis baixa cá outra parte. *sin. pendello* 3.

Pendón, -na 1. *s.* Persoa nada asisada que pasa todo o día fóra de casa sen facer nada útil. *sin. pingo, pringallo*. 2. *s.* Persoa noctámbula de vida libertina. *var. pendonga*. 2. *sin. pingo, pringallo.*

Pendonga 1. *s. f.* Muller que lle gusta frecuentar a rúa. 2. *s. f.* Muller de vida disoluta, prostituta. *var. pendón* 2.

Pendulón 1. *s. m.* Algo que colga en xeral. 2. *s. m.* véxase **carallo**.

Pene véxase **carallo**.

Penedo 1. *s. m.* Fragueiro, rocha, pedra arredondada de tamaño considerable que sobresa do terreo de forma natural. *var. penego, penelo*. 2. *s. m.* Pedra grande e solta que se desprende dunha pena ou dunha ladeira.

Penego véxase **penedo**.

Peneira *s. f.* Instrumento formado por unha caixa circular cun fondo de malla metálica, máis ou

menos fina, que se emprega para cribar e xebrar a fariña do farelo.

Peneirar *v. tr.* Separar coa peneira a fariña do farelo, ou calquera outra materia reducida a po, de sorte que o máis groso quede sobre a tea e o máis fino caia no sitio destinado para recollelo.

Peneireiro *s. m.* Ave da familia dos falcónidos, da que existen varias especies (*Falco tinnunculus*), capaz de manter un voo estático mentres axexa as presas; ten cores cinsentas e pardas e aliméntase de paxaros e lagartos pequenos.

Penelo véxase **penedo**.

Peneque véxase **borracha, -cho**.

Penequeira véxase **borracheira**.

Penosa, -so **1.** *adx.* Que dá pena. **2.** *adx.* Que custa muito traballo ou esforzo. **3.** *adx.* Que dá mala impresión. *sin.* **lamentable**.

Pensamento **1.** *s.m.* Acción ou efecto de pensar. **2.** *s.m.* Capacidade de pensar. **3.** *s.m.* Idea ou conxunto de ideas. **4.** *s.m.* Planta da familia das violáceas (*Viola tricolor*) de flores polícromas de dúas pétalas.

Pensar *v. intr.* Ter a facultade de reflexionar, imaxinar e razoar combinando ideas e xuízos.

Penso **1.** *s. m.* Alimento para o gando vacún. Antigamente consistía en palla esmiudaza mesturada con farelo fino, hoxe en día con fariña de varios cereais. **2.** *s.m.* Alimento seco preparado para os animais.

Penzo **1.** *s. m.* Pingallo que colga ou baixa máis dun lado ca doutro. **2.** *s. m.* Roupa xa vella ou gastada.

Peón **1.** *s.m.* Obreiro non especializado que fai traballos simples. **2.** *s. m.* Xoguete de madeira de forma cónica, rematada nunha punta de metal pola parte inferior, que se fai bailar enrolándoo nun cordel e lanzándoo depois. *sin.* **beilona, trompo**.

Peonada **1.** *s. f.* Grupo de individuos que realizan un traballo público por conta do concello pero non son empregados públicos. **2.** *s.f.* Día de traballo solto desenvolvido para o concello. *sin.* **xeira**.

Peor *adx.* Nunha comparación, o máis malo de todos. *var.* **pior***.

Pequena, -no **1.** *adx.* De pouco tamaño ou de menor tamaño ca outro. *sin.* **baixa, -xo; anana, -no**. **2.** *adx.* Breve, curta. / **3.** *s.* Persoa

de pouca idade. *sin.* **menín, -ña; nena, -no; nina, -no; pequerrecha, -cho**.

Pequenalla, -llo *adx.* Forma despectiva de **pequena, -no** dita con desprezo.

Pequeniño *s. m.* O quinto dedo da man, que habitualmente é o máis pequerrecho. *sin.* **maimiño; *miñique**.

Pequerrecha, -cho *adx.* Persoa ou animal de pouca idade ou escaso tamaño. *sin.* **pequena, -no**.

Pera **1.** *s.f.* Fruta comestible da peral, de tamaño e forma variables. **2.** *s.f.* Interruptor aéreo de luz nas casas vellas. **3.** *s.f.* Barba que se deixa medrar no queixo. *sin.* **perilla**. **4.** *s.f.* Masturbación masculina.

Peral *s.f.* Árbore da familia das rosáceas (*Pyrus communis*) de follas ovadas e flores brancas que dá como fruto a pera. *var.* **pereira**.

Perda **1.** *s. f.* Feito de perder ou perderse. **2.** *s.f.* Cousa ou cantidade perdida. **3.** *s.f.* Sorte ou suceso adverso, situación ou circunstancia malfadada.

Perdediza, -zo *adx.* Persoa ou obxecto que se pode perder facilmente ou que finxe que se perde.

Perdigón **1.** *s.m.* Cría da perdiz. *sin.* **perdigoto**. **2.** *s.m.* Perdiz adulta macho. **3.** *s.m.* Boliña de chumbo que se emprega como munición na caza.

Perdigoto véxase **perdigón 1**.

Perdiz *s.f.* Ave galinácea (*Alectoris rufa*) de tamaño mediano, pluma cincta tirando a rubia, gorxa branca e peteiro e patas de cor alaranxada.

Perdoar **1.** *v.t.* Escusar un castigo por un delito ou unha falta. **2.** *v.t.* Desculpar un comportamento inadecuado.

Perdón *s.m.* Acción ou efecto de perdoar.

Pelegrín véxase **pelegrín**.

Perendello véxase **farrapo**.

Perendengue **1.** *s. m.* Algo que colga. **2.** *s. m.* Colgalo de roupa, pingallo. **3.** *s. m.* Mama, teta das cabras. **4.** *s. m.* Obxecto que colga do peescozo da cabra.

Perexil *s. m.* Planta herbácea bienal da familia das umbelíferas (*Petroselinum sativum*), moi ramificada, coas follas moi divididas, de cor verde escura e flores amareladas, que se usa muito como condimento na alimentación.

- Perexileira** *s. f.* Muller moi espelida, decidida e con moito atrevemento.
- Perfección** *s. f.* Cualidade do que está feito impecablemente.
- Perfecta, -to** *adx.* Algo ben realizado, ben feito, sen tacha, impecable. *var.* **perfeita, -to; perfeuta, -to.**
- Perfeita, -to** véxase **perfecta, -to.**
- Perfeución** véxase **perfección.**
- Perfeuta, -to** véxase **perfecta, -to.**
- Pérgola** *s. f.* Armazón de paus que hai baixo o teito das cocinas para secar castañas ou colgar e curar os alimentos da matanza. *sin.* **canizo.**
- Perguntar** **1.** *v. tr.* Pedir a alguén que diga aquilo que se desexa saber. *var.* **preguntar.** **2.** *v. tr.* Pedir nunha proba ou exame que se expoñan os coñecementos sobre un tema ou unha cuestión. *var.* **preguntar.**
- Perifollo** *s. m.* Adorno recargado e de mal gusto que se fai en traxes e peiteados.
- Perilla** **1.** *s. f.* Barba que se deixa medrar no extremo do queixo. *sin.* **pera.** **1.** *s. f.* Guecho de pelo que teñen algúns animais no papo, especialmente as cabras ou os chibos.
- Perillán, -na** *adx.* Persoa pícara e astuta.
- Perinola** véxase **carallo.**
- Perita, -to** **1.** *s.* Persoa experta nun oficio ou nunha determinada materia. **2.** *s.* Profesional que intervéen en procesos xudiciais ou notariais e ditamina sobre feitos discutibles. *sin.* **partillante.**
- Pérta, to*** véxase **perita, -to.**
- Perlesía** *s. f.* Debilidade muscular acompañada por fortes convulsións e, ás veces, perda do coñecemento.
- Permediar** **1.** *v. tr.* Repartir algo en dúas partes iguais ou case iguais. **2.** *v. tr.* Determinar o termo medio. **3.** *v. intr.* Interpoñerse entre dúas ou máis persoas para axustar un negocio. **4.** *v. intr.* Intervir en favor dunha persoa, entre esta e aquela que pode prexudicala ou beneficiála. **5.** *v. intr.* Chegar á súa metade un espazo de tempo determinado. *var.* **promediar.**
- Perna** **1.** *s. f.* Extremidade inferior do ser humano. **2.** *s. f.* Parte inferior desa extremidade, entre o xeonllo e o nocello. *sin.* **canela.**
- Pernada** **1.** *s. f.* Sucesión regulada de pasos ou saltos especialmente ao ritmo dunha música. **2.** *s. f.* Acción non premeditada.
- Pernal** *s. m.* Calquera madeira ou póla de árbore que ten dous gallos ou que se bifurca en dous. *sin.* **galla.**
- Perneira** **1.** *s. f.* Carbúnculo, enfermidade mortal entre o gando vacún e ovino, que fai que lles saian vultos pequenos na tea do sebo do lombo, se lles levante a pel e se enchan de bochas. **2.** *s. f.* Parte do pantalón que cobre a perna.
- Pernil** *s. m.* Parte máis grosa e magra das patas traseiras dalgúns animais, nomeadamente o porco; desta parte, curada e salgada, obtense o xamón.
- Perola** véxase **ola, pota.**
- Perrecha** véxase **cona.**
- Perrencha** *s. f.* Enfado súbito e caprichoso acompañado de choros, berros e acenos.
- Persebe** *s. m.* Especie de caixón, antigamente de madeira, acaroadado á corte, onde comen o gando vacún e o equino. *var.* **pesebre; presebe.**
- Persinar** *v. t. e v. prnl.* Facer unha persoa o sinal da cruz coa man dereita sobre a cara e o peito. *var.* **presinarse.**
- Pértiga** *s. f.* Cada unha das dúas pezas curvas laterais do carro tradicional onde van insertados os estadullos ou fungueiros que sosteñen a carga. *var.* **pértiga.**
- Pertegada** *s. f.* Golpe que se dá co pértego do instrumento composto por dous paus, un máis longo ca outro, unidos por medio dunha corda, co cal se debaga o centeo dando golpes sobre el.
- Pértego** **1.** *s. m.* Pau máis curto dos dous de que consta o mallo co que se golpea a pabea para mallalo. *var.* **pértigo**
- Pértiga*** véxase **pértiga.**
- Pértigo*** véxase **pértigo.**
- Peruco** véxase **perullo.**
- Perulla** véxase **perullo.**
- Perullal** *s. m.* Árbore que produce o perullo ou peruco. *sin.* **perulleiro, peruqueiro.**
- Perulleiro** véxase **perullal.**
- Perullo** *s. m.* Clase de pera temperá moi saborosa e de pequeno tamaño que se dá moito no Bierzo. *var.* **perulla; peruco.**

Peruqueiro véxase **perullal**.

Pescozo *s. m.* Parte do corpo das persoas e dos animais que une a cabeza ao tronco.

Pescozón *s. m.* Golpe ou labazada que se dá no pescozo a alguén.

Pescuda *s. f.* Acción ou efecto de investigar algo.
var. pescudia.

Pescudar *v. tr.* Investigar, indagar, informarse ben de algo. *var. pescudiar.*

Pescudiar véxase **pescudar**.

Pescuño *s. m.* Peza de madeira ou de ferro que se insire na argola para suxeitar a folla ao mando da gadaña. *sin. cuña.*

Pesebre* véxase **persebe**.

Peseta véxase **cona**.

Pespiñeiro *s. m.* Peza do arado consistente nun dun anaco de madeira que atravesa as oreilleiras mentres as suxeita. *var. pezpíñeiro.*

Pespuntar *1. v. tr.* Coser unha tea con pespuntos.
2. v. tr. Coser e volver a agulla cara a atrás para facela pasar de novo polo punto anterior.

Pespunte* véxase **pespunto**.

Pespunto *s. m.* Acción e efecto de espuntar. *var. pespunte.*

Pesquisa *1. s. f.* Multa que un garda impón ao dono dun animal que está en terreo acoutado.
2. s. f. Abertura pola que se fisa ou espreita.

Pestana *1. s. f.* Cada un dos pelos que nacen nos bordos das pálpebras. *2. s. f.* Viseira dunha gorra. *3. s. f.* Parte estreita e saínte no bordo dalgunha cousa. *4. s. f.* Obxecto que sobresae ou beiril do forno de amasar.

Pestanear* véxase **pestanexar**.

Pestanexar *v. intr.* Mover as pestanas ou as pálpebras ao abrir e fechar os ollos.

Pestanexo *s. m.* Acción de pestanexar.

Pesuña* véxase **pesuño**.

Pesuño *1. s. m.* Pé, extremo da pata de certos mamíferos ungulados formado polo conxunto dos dedos, que rematan, un ou varios deles, en grosas uñas. *2. s. m.* Pé, extremo da pata do porco ou da vaca, que se corta para cocinar. *var. pesuña.*

Peta *1. s. f.* Ferramenta composta dun mango de pau rematado nunha peza de ferro cun extremo en punta e o outro formando unha especie de aixada estreita, que se utiliza para cavar en terreos duros ou para arrincar pedras.

Petaca, -co *adv.* Algo pequeno e desprezable.

Petada *1. s. f.* Golpe que se dá coa peta. *2. s. f.* Camiño moi pendente. / *3. adv.* Ateigada, chea ata o borde, completa.

Petar *1. v. intr.* Chamar á porta cos cotenos, coa man ou co chamador. *2. v. tr.* Dar repetidos golpes contra algo ou alguén. *3. v. intr.* Chocar unha res con outra ou un obxecto contra outro. *4. v. intr.* Esnafrarse contra algo que non se esperaba. *5. v. intr.* Apetecerlle algo a alguén. / *6. v. tr.* Ateigar, encher algo ata o tope.

Petereco *s. m.* Avultamento que queda nun obxecto unha vez se atou.

Petiscar *v. t.* Comer aos poucos pequenas cantidades. *sin. picar, lambisca.*

Petisco *1. s. m.* Porción pequena de algo que se toma para probar. *2. s. m.* Cousa de comer, de pequeno tamaño e de pouco alimento pero que sabe moi ben.

Peto *1. s. m.* Paxaro da familia dos pícidos (*Picus viridis*) de cor amarelo verdosa, peteiro dereito e grande co que peta nas árbores para facer un buraco onde construír o seu niño. *sin. paxaro carpinteiro, picarranchón, picón, piquelo.*
2. s. m. Caixa cunha fenda estreita ou lugar onde se gardan os cartos na casa para ir aforrando. *3. s. m.* Bolsa por dentro da roupa para levar as chaves, o pano ou os cartos. *4. s. m.* Martelo do legón. *5. s. m.* Parte sobresaínte de calquera cousa.

Petouco *s. m.* Rocha ou pena elevada e arredondada que sobresae do terreo. *sin. picacho.*

Petril* véxase **peitoril**.

Petrina *s. f.* Abertura dianteira das cirolas ou dos pantalois para facilitar a micción.

Pexego *s. m.* Fruito do pexigueiro de pel moi suave e carne doce cunha carabuña oval, dura e engurrada. *var. prexego, préxego.*

Pexegueiro *s. m.* Árbore frutadeira da familia das rosáceas (*Prunus persica*) que produce os pexegos. *var. prexegueiro.*

Pexela *1. s. f.* Pequena cesta de vimes ou táboas pequenas. *2. s. f.* Caixa de madeira rectangular e de pouca altura.

Pexigueira *1. s. f.* Suceso grave que produce perdas, desgrazas ou sufrimentos. *var. pixigueira*.* *2. adv.* Persoa moi molesta e fastidiosa. *var. pixigueira*.*

Pexorellos véxase **papeira**.

Pez *s.f.* Substancia resinosa extraída dos piñeiros que se usa para impermeabilizar algunhas superficies e tamén para pegar obxectos.

Peza **1.** *s.f.* Cada unha das partes que forman un todo. **2.** *s.f.* Calquera elemento de roupa, remendo ou anaco dun tecido. **3.** *s.f.* Animal que se caza ou que se pesca.

Pezoeira *s.f.* Pau duns 30 cm.de lonxitude por cinco de grosor, encaixado no extremo da lanza ou pértega do carro e ao cal se ata o xugo. *var.* **pezón.**

Pezón **1.** véxase **pezoeira**. **2.** *s.m.* Extremo do eixe que sobresaí da roda dos carros. **3.** *véxase* **mamila.**

Pezpiñeiro* véxase **pespiñeiro.**

Pezuña* véxase **presuña.**

Pezuño* véxase **presuña.**

Pía **1.** *s.f.* Recipiente cóncavo de pedra ou doutro material que serve para conter líquidos e que presenta diversas formas e tamaños segundo o uso que se lle dá. **2.** *s.f.* Maseiro, especie de artesa onde se lle bota a comida ao porco.

Piadoiro *s.m.* Ruído que se fai ao respirar de forma profunda.

Piar *v.intr.* Dar píos ou chíos as aves, especialmente os pitos das aves.

Pibidón *s.m.* Peza de ferro ou madeira que se coloca na parte anterior da grade e serve para enganchar nel a vara que arrastra unido ao xugo.

Pica **1.** *s.f.* Disposición do corte da coitela da gadaña para ser afiada. **2.** *s.f.* Cada unha das fendaduras radiais que presentan as moas do muín. **3.** *s.f.* Conxunto formado pola zafra e a picadeira que se emprega para picar. **4.** *s.f.* Punta aguzada dun obxecto. *var.* **pico.** **5.** *s.f.* Ferramenta dos canteiros e canteiras formada por un mango que leva no extremo unha barra de ferro rematada nos dous lados en punta, e que serve para picar a pedra.

Picada **1.** *s.f.* Acción e efecto de ferir co peteiro ou co ferrón unha ave, insecto, certos réptiles. *sin.* **picadura.** **2.** *s.f.* Ferida feita por un obxecto rematado en punta. **3.** *s.f.* Trabada dun insecto, réptil ou ave. *sin.* **picadura, trabada, trabadela.** **4.** *s.f.* Dor aguda e punxente que se sente nalgunha parte do corpo. *sin.* **punzada.**

Picacardo *s.m.* Paxaro da familia dos frinxílicos (*Carduelis carduelis*) coa cabeza branca e negra,

cara vermella, ás coa punta branca e unha franxa amarela no centro, co lombo pardo e o rabo negro. *sin.* **xilgueiro.**

Picachar *v.tr.* Comiscar, comer pouco, comer cousas soltas.

Picacho **1.** véxase **petouco**. **2.** véxase **picachón.**

Picachón **1.** *s.m.* Pico cun burato no centro para o mango que se utiliza para traballar en terreos pedregosos ou mesmo para derrubar paredes. *var.* **picacho.** **2.** *s.m.* Apeiro de labranza con folla de forma triangular.

Picada **1.** *s.f.* Acción de picar, que é efectuada por unha ave, un insecto ou outro animal. **2.** *s.f.* Marca ou ferida que resulta desta acción. **3.** *s.f.* Acción e efecto de pinchar ou pincharse. **4.** *s.f.* Aixada con dentes en forma triangular.

Picadeiro **1.** *s.m.* Cepo de madeira, curto e cunha amosega no medio, que se usa para picar a leña. **2.** *s.m.* Lugar onde se adestran os cabalos e onde se aprende a montalos.

Picador, -ra **1.** *s.* Persoa obreira ou labrega que pica na terra, que sacha no cultivo. **2.** *s.* Mineiro.

Picallaverza *adx.* Persoa que intervén en asuntos alleos sen que ninguén a chame. *sin.* **atrevida, -do; marmurador, -ra; sabiceira, -ro.**

Picallar *v.tr.* Comer anacos moi pequenos dun alimento.

Picaña *s.f.* Apeiro de labranza que se emprega para arrancar o esterco, ademais doutros usos, e se compón de dous gallos de ferro paralelos, moi agudos, e por un mango de pau.

Picáncano *s.m.* Todo tipo de mosquito que zoa, pica e chucha o sangue dos animais e das persoas. *var.* **avicáncano.**

Picantela *s.f.* Planta silvestre de froito esférico e de cor vermella.

Picanzada *s.f.* Conxunto de anacos pequenos dun obxecto escachado ou fragmentado.

Picanzo *s.m.* Anaco pequeno de algo.

Picar **1.** *v.tr.* **1.** *v.tr.* Cavar ou sachar a terra co picacho de forma lixeira e superficial **2.** *v.tr.* Ferir superficialmente ou facer buracos cun obxecto rematado en punta. **3.** *v.tr.* Ferir unha ave, un insecto ou certos réptiles co peteiro ou aguillón. **4.** *v.tr.* Cortar ou partir en anacos pequenos. **5.** *v.tr.* Comer aos poucos pequenas cantidades de comida. *sin.* **petiscar.** / **6.** *v.intr.*

Producir un tecido sobre a pel unha sensación de proído ou comechón. / **7. v. prnl.** Enfadarse ou enfrontarse a alguén.

Picarelo *s. f.* Parte superior de algo.

Picarranchón véxase **peto 1**.

Picha véxase **carallo**.

Picho 1. *s. m.* Parte saínte do porrón en forma de bico por onde sae o líquido. *sin* **pitorro**. **2.** *s. m.* Cano por onde sae a auga nas fontes. **3.** véxase **carallo**.

Pico 1. *s. m.* Puga ou espiña de plantas e animais. *sin.* **espiña, puga**. **2.** *s. m.* Peteiro dos paxaros e outras aves. *sin.* **pícoroto**. **3.** *s. m.* Parte máis elevada dunha montaña. *sin.* **picouto**. **4.** *s. m.* En xeral, calquera cousa ou instrumento acabado en punta. **5.** *s. m.* Ferramenta cunha parte de ferro rematada en punta e un mango de madeira que se emprega para traballar a pedra ou para furar en terreos mui duros. **6.** *s. m.* véxase **aguillón 3**.

Picón 1. *s. m.* Anaco de terra que queda por cavar. **2.** *s. m.* Rella do arado cando vai moi inclinada e afonda moito no terreo. **3.** *s. m.* Sensación molesta e desagradable que se sente na pel e que incita a rañarse. **5.** *s. m.* véxase **peto 1**. / **6.** *adx.* Algo que pica ou que é afiado.

Pícorota *s. f.* Parte máis alta de calquera cousa, especialmente a punta dunha árbore.

Pícoroto véxase **pico 2**.

Picote *s. m.* Tecido áspero e basto que adoita picar.

Picouto *s. m.* Parte máis elevada dun monte. *sin.* **pico 3**.

Pífano véxase **pínfano**.

Pilfarra 1. *s. f.* Muller á que lle gusta frecuentar a rúa. **2.** *s. f.* Cousa de pouco valor.

Pilla, -llo véxase **pillabán, -na**.

Pillabán, -na *adx.* Persoa pilla, pícara e amante das bromas e das trasnadas. *var.* **pillastrán, -na; pilla, -llo; pinta 3**.

Pillar 1. *v. tr.* Alcanzar a alguén que escapa correndo. **2.** *v. tr.* Sorprender alguén facendo algo comprometido. **3.** *v. tr.* Coller a alguén un vehículo ou un tren. **4.** *v. tr.* Adquirir un vicio ou contraer unha doenza. **5.** *v. tr.* Mancar unha parte do corpo ao metela entre dúas cousas que a apertan.

Pillastrán, na véxase **pillabán, na**.

***Pílon 1.** *s. m.* Pío, depósito de pedra ou de cemento que serve de bebedoiro das bestas e de lavadoiro da roupa. *sin.* **tanque**. **2.** *s. m.* Pesa de ferro da báscula romana.

***Pílonga** *s. f.* Castaña seca e curada, que se conserva todo o ano. *sin.* **maia**.

Pimenta véxase **pementa**.

Pimenteira, -ro véxase **pementeira, -ro**.

Pimenteiro 1. *s. m.* Paxaro da familia dos muscícapidos (*Erithacus rubecula*), de cor olivácea nas partes superiores, coa parte dianteira da cabeza e da gorxa e o peito rubios e ventre abrancazado. *var.* **pementeiro**. **paporrubio**. **2.** *s.* Produtor ou vendedor de pementos.

Pimento véxase **pemento**.

Pimpar véxase **pimplar**.

Pimpín 1. *s. m.* Paxaro da familia dos frinxílidos (*Fringilla coelebs*) de tamaño do pardal, moi común, coa pluma azul e vermella o macho, e verdosa a femia. **2.** *adx.* Persoa incauta e inxenua ao que se engana facilmente.

Pimpineira *s. f.* Insecto pertencente á orde dos lepidópteros (*Lepidoptera sp*), do que existen múltiples especies, que ten dous pares de ás de variadas e vistosas cores cando é adulto e un aparello bucal en forma de trompa que lle serve para chuchar o néctar das flores. *sin.* **barbureta, bolboreta**.

Pimplar *v. tr.* Beber en exceso. *var.* **pimpar, bimbar**.

Pimporrar *v. tr.* Comer e beber excesivamente. *var.* **apiporrar**.

Pina 1. *s. f.* Xogo similar á billarda. **2.** *s. f.* Chaveta que pasa o eixe de lado a lado e que se insire para evitar que as rodas do carro se saian durante a marcha. *sin.* **cega**. **3.** *s. f.* Peza de madeira ou de ferro que consiste en dúas caras rectangulares que se van unindo ata formaren un ángulo agudo e que serve para cortar, fender ou suxeitar algo.

Pinar *v. tr.* Levantar en alto, poñer de pé, poñer dereito ao levantar algo.

Pinchacarneira *s. f.* Volta que se dá no aire apoiando as mans e a cabeza no chan e deixándose caer sobre o lombo. *sin.* **pinchaforno, pincho**.

pinchaforno* véxase **pinchacarneira**.

Pinchar 1. *v. tr.* Cortar en pequenos anacos. *sin.* **picar**. 2. *v. intr.* Saltos por riba de algo. 3. *v. intr.* Dar saltos de alegría. *sin.* **choutar**. 4. *v. intr.* Dar saltos de dolor.

Pinche 1. *s.* Persoa non especialista que traballa como axudante na construción ou na cociña. 2. *s.* Persoa amañada, con certa afectación, presumida, vaidosa. 3. *s. m.* véxase **reiseñor**.

Pincho 1. *s. m.* Acción de se levantar do chao impulsándose coas pernas. *sin.* **salto, chouto**. 2. *s. m.* Xogo infantil que consiste en fincar un pau na lama, tratando unha persoa de tirar co seu pau o pau do seu contrario. 3. *s. m.* Pau co que se xoga ao pincho, que está aguzado por un dos seus extremos para se fincar doadamente; ten 30/40 cm. de lonxitude. 3. *s. m.* Obxecto, xeralmente delgado e máis ou menos longo, que remata en punta. 4. *s. m.* Punta, extremo agudo de ferro en que termina o eixe do rodicio e que encaixa para xirar no *sapo*. 6. *s. m. pl.* Voltas que se dan apoiando as mans e a cabeza no chao e deixándose caer sobre o lombo.

Pindar *v. tr.* Dar unha cantidade de diñeiro ou outra cousa a cambio de algo.

Pífanos *s. m.* Insecto da familia dos culícidos (*Culicidae* sp) do que existen varias especies, de patas longas e delgadas, ás transparentes e trompa recta coa que as femias chuchan o sangue de que se alimentan. *var.* **pífano, mosquito**.

Pinga 1. *s. f.* Pequena cantidade de líquido que se desprende e cae. *sin.* gota. 2. *s. f.* Pequena cantidade de líquido que se pode beber dunha vez. *sin.* **pingadiña, pingo**. 3. *s. f.* Porción moi pequena de algo. *sin.* **pingo**.

Pingada *s. f.* Gota de viño ou mancha de aceite ou substancia graxenta que cae na roupa ou no mantel. *sin.* **lamparón***.

Pingada 1. véxase **louca** 2. véxase **pinguela**. **Pingadía** véxase **pingadiña**.

Pingadiña *s. f.* Pequena cantidade dun líquido que se bebe dunha vez. *sin.* **pinga** 2.

Pingallo 1. *s. m.* Anaco de tea que queda colgando dunha peza de roupa vella e rota. *var.* **pingarallo, pingo**. 2. *s.* Persoa con sona de noctámbula, perdularia e libertina. *sin.* **pringallo, pingo**.

Pingar 1. *v. tr.* Gotear, chorrear, soltar humidade algo. 2. *v. tr.* Caer a graxa ou o caldo. 3. *v. tr.* Colgar unha prenda de vestir dalgún lado. 4. *v. intr.* Caer por si soas as castañas do castiñeiro ao lañaren os ourizos por estaren maduros. 5. *v. tr.* Caer un froito. 6. *v. prml.* Mancharse con gotas de graxa. *var.* **pingarelar**.

Pingarallo véxase **pingallo**.

Pingarelar véxase **pingar** 6.

Pingarexar 1. *v. intr.* Caer un líquido lentamente pinga a pinga. 2. *v. intr.* Chover sen ganas.

Pingo 1. *s. m.* Colgalo, vestido mal feito ou do que colgan de forma desigualada os seus voos, especialmente de muller. 2. *s. m.* Conxunto da froita que cae. 3. *s. m.* Grolo de bebida. 4. *s. m.* Líquido que segrega as membranas mucosas, especialmente as do nariz. 5. *s. m.* Gotón de graxa. *sin.* **pringo**. 6. *adx.* Persoa de conducta dubidosa ou que gusta de frecuentar a rúa. *sin.* **pingallo, pingallo**.

Pingón *s. m.* Prenda de vestir máis longa por algunha parte do seu voo.

Pingorote 1. *s. m.* Calquera cousa de forma alongada que pende ou colga. 2. *s. m.* Cousa que sobresa e ou se eleva.

Pingueira 1. *s. f.* Sucesión de pingas que caen no interior dun edificio, a través dunha fenda ou burato no teito. 2. *s. f.* Buraco ou fenda no teito por onde entra auga. 3. *s. f.* Sucesión de pingas que caen do beiril dun tellado. *sin.* **pinguela**.

Pinguela 1. *s. f.* Fío ou chorro de auga que cae dos beirís dos tellados. *sin.* **pingueira**. 2. *s. f.* Carambelo que colga do beiril do tellado. / 3. *s. e adx.* Fruito ou fruta que cae ela soa das árbores. *var.* **pingada**.

Pinguelo *s. m.* Úvula que divide a entrada da gorxa en dúas metades.

Pino véxase **cuña**.

Pinta 1. *s. f.* Fisionomía, fasquía, trazos dunha persoa ou aspecto dunha cousa. 2. *s. f.* Grolo de viño ou augardente. 3. *adx.* Persoa pícara, pilla, desvergoñada. 4. véxase **penca**.

Pintar 1. *v. tr.* Representar algo debuxándoo con trazos ou con cores. 2. *v. tr.* Cubrir con pintura unha superficie. 3. *v. tr.* Realizar unha obra de arte en pintura. 4. *v. tr.* Aplicar un produto cosmético que dá cor a unha persoa en certas partes do corpo. / 5. *v. intr.* Empezar a tomar

- cor a froita. **6.** *v. intr.* Saír, resultar, xeralmente ben, se non se especifica o contrario unha cousa calquera, especialmente unha colleita, un negocio ou un trato. **7.** *v. intr.* Ter bo ou mal aspecto, presentarse ben ou mal.
- Pintaraxar** *v. tr.* Pintar ou facer raias ou trazos mal feitos e de calquera forma nun papel ou nunha parede. *var.* **pintarrexar**; **pintarraxear**.
- Pintarraxear*** véxase **pintaraxar**.
- Pintarrexar*** véxase **pintaraxar**.
- Pintoxa, -xo** *adx.* Animal con dúas ou máis cores na pel ou na cara.
- Pintureira, -ro** *adx.* Persoa presumida, que se gaba de elegante e apostó.
- Piña 1.** *s.f.* Fruto do piñeiro, de forma ovada e pezas leñosas que serve para prender ben o lume en cociñas e lareiras. **2.** *s.f.* Fruto tropical comestible de carne azucrada e recendente. **3.** *s.f.* Conxunto de persoas ou cousas unidas estreitamente. **4.** *s.f.* Golpe dado co puño na cara de alguén. *sin.* puñada.
- Piñeireiro, -ra** Persoa que apañaba e vendía as piñas polas casas en vilas e cidades.
- Piñeiro** *s. m.* Árbore da familia das pináceas (*Pinus sp.*), de folla perenne en forma de agulla, que ten como froito a piña e como semente o piñón, e do cal existen varias especies.
- Piñón** *s.m.* Semente do piñeiro que aparece entre as escamas da piña.
- Pío 1.** *s. m.* Depósito que se sitúa no lagar e onde se recolle o mosto para botalo nas cubas. **2.** Pía grande, especialmente nas fontes. **3.** *s. m.* Res vacúa cuxa pel presenta unhas manchas brancas sobre fondo escuro.
- Piocha** *s. f.* Ferramenta que consta dun mango e unha peza de ferro perpendicular ao mango, que ten pico por un dos lados e unha aixada polo outro e que se emprega para sachar e limpar a terra de malas herbas e para transplantar plantas pequenas.
- Piola** *s. f.* Especie de culler que, xirando sobre un eixe, recolle a auga dun regato que cae en torrente e así produce un ruído cun mazo que leva noutro extremo, golpeando sobre un obxecto metálico, que se usa para escorrentar lobos.
- Piollo** *s. m.* Insecto parasito (*Pediculus humanus*) que vive entre o p elo dso mamíferos e doutros animais e se alimenta de sangue. *var.* **pollo**.
- Piollosa, -so 1.** *adx.* Persoa ou animal que ten piollos. **2.** *adx.* Persoa pobre ou miserable.
- Piornal 1.** *s. m.* Sitio poboado de piornos. *sin.* **piornedo**. **2.** *s. m.* Arbusto da familia das papilionáceas, con ramas estriadas, follas trifoliadas, flores amarelas e froito en legume.
- Piornedo** véxase **piornal**.
- Piorno** Árbore leguminosa (*Adenocarpus complicatus*) de flores amarelas, semellante á xesta, que medra en lugares montañosos e fríos. *sin.* **codeso**, ***escoba**.
- Piorra** véxase **porreta**.
- Pipa 1.** *s.f.* Recipiente grande de madeira para conter líquidos, especialmente o viño. **2.** *s.f.* Cantidad de litros que caben nese recipiente. **3.** *s.f.* Cachimba, utensilio para fumar tabaco picado.
- Pipiteira, -ro** *adx.* Persoa lambona, afeccionada ao doce.
- Pipo** *s. m.* Talo da árbore.
- Pipote** *s. m.* Tonel de viño duns 30 litros, máis pequeno cá cuba e cá pipa.
- Piquelo 1.** *s. m.* Especie de toco no xugo. **2.** *s. m.* Paxaro da familia dos pícidos (*Picus viridis*) que cría nos troncos vellos das árbores, sobre as que se pode ver en posición vertical apoiándose no rabo, e do que existen diversas especies, entre as que as máis comúns son unha de tons verdosos e outra branca e negra. *sin.* **peto**, **paxaro carpinteiro**; **pito**.
- Pirlo** *s. m.* Especie de pasador ou chaveta de ferro para fixar, por medio duns buratos, a pedra do muín á media lúa ou arco.
- Piruxo** véxase **carallo**.
- Pisa** *s. f.* Marca que deixa o pé ou o calzado no chao.
- Pisada** véxase **pisa**.
- Pisar 1.** *v.tr.* Poñer un pé ou os dous sobre algunha cousa. **2.** *v.tr.* Esmagar a uva cos pés para lle tirar o mosto. **3.** *v.tr.* Humillar, aldraxar, asoballar.
- Piso 1.** *s. m.* Imposto tradicional que o mozo forasteiro que cortexaba unha moza da aldea debía pagar á mocidade local, quen logo o investía en viño, sardiñas ou outras viandas, celebrando festas e troulas nocturnas ata a madrugada. **2.** *s. m.* Superficie pola que se

- anda. **3.** *s. m.* Cada un dos planos horizontais en que se divide un edificio, por enriba do baixo. **4.** *s. m.* Vivenda nun edificio de varias plantas. **5.** *s. m.* Cada unha das capas dunha cousa, superpostas horizontalmente. **6.** *s. m.* Parte baixa do calzado. **7.** *s. m.* Superficie de táboas onde o carro leva a carga.
- Pisón 1.** *s. m.* Batán, artefacto que serve para golpear os panos. **2.** *s. m.* Cepo de madeira sobre o que se pisa a castaña.
- Pisorello** *s. m.* Fungo que ten un pé ou talo rematado nunha especie de sombreiro, do cal existen varias especies que poden ser comestibles ou non.
- Pispota** *s. f.* Ser fantástico co que se lle mete medo aos nenos. *var.* **pizpota*.**
- Pita 1.** *s. f.* Ave doméstica da familia dos fasiánidos, femia do galo, con crista pequena e vermella e peteiro curto, que se cría para aproveitar os seus ovos e a súa carne para a alimentación. *sin.* **galiña; pola.** **2.** *s. f.* Galiña nova que aínda nunca puxo ovos ou que comeza a poñelos. **3.** *s. f.* Xogo infantil do que existen moitas variantes: pita cega, pita coxa etc.
- Pitacaira** *s. f.* Ave da familia rallidae (*Gallinula chloropus*) de tamaño medio e pluma gris moura con peteiro encarnado e patas amarelas. Viven en contornas acuáticas. *sin.* **pita de auga, galiña de auga.**
- Pitañosa, -so** *adx.* Persoa con lagañas.
- Pitarro** *s. m.* Chourizo pequeno que nas matanzas caseiras se fai exclusivamente para os nenos.
- Pito 1.** *s. m.* Castañola pequena. **2.** *s. m.* Acción e efecto de asubiar. **3.** *s. m.* Esfera pequena de barro cocido, cristal ou pedra, de que se serven as nenas no xogo chamado dos pitos. **4.** *s. m.* Polo sen crista que non gala. **5.** véxase **peto.** **6.** véxase **carallo.**
- Pitón 1.** *s. m.* Corno ou saínte en punta. **2.** *s. m.* Cada un dos dous gonzos ou pivotes de madeira sobre os que as portas xiran, encaixados nos seus respectivos couzóns do lintel da soleira, que serían substituídos polas bisagras. **3.** *s. m.* Xogo de nenos en que un persegue os demais mentres non se instalen no lugar acoutado.
- Pitorra** *s. f.* Ave limícola (*Scolopax rusticola*) menor cá perdiz, común durante o inverno, de pico longo, recto e delgado, cabeza comprimida e plumaxe de cor gris avermellada con manchas, de carne saborosa.
- Pitorro** *s. m.* Boca pequena do porrón. *sin.* **picho.**
- Pixa 1.** véxase **carallo.** **2.** véxase **cona.**
- Pixigueira*** véxase **pexigueira.**
- Pixo** véxase **carallo.**
- Pizarra** véxase **lousa; louxa.**
- Pizpireta, -to** *adx.* Persoa viva e presumida.
- Pizpota*** véxase **pispota.**
- Pladairo*** véxase **plágano.**
- Plágano** *s. m.* Árbore robusta da familia das aceríneas (*Acer pseudoplatanus*) de copa ampla e follas grandes e lobuladas que se dá nos terreos húmidos. *var.* **pladairo*, pradairo.**
- Plantío 1.** *s. m.* Quinta ou parte dela dedicada á sementeira de moitas sementes xuntas de calquera verdura ou hortaliza que, máis tarde, se entresacan para plantalas máis espazadas. **2.** *s. m.* Souto ou sitio na veiga poboado de chopos e maleza.
- Pleura** *s. f.* Cada unha das membranas serosas que recobren os pulmóns, as paredes internas do tórax e o diafragma.
- Pleure** *s. m.* Pleuresía, inflamación da pleura.
- Pluma 1.** *s. f.* Cada unha das excrecencias córneas e filosas que cobren o corpo das aves. *var.* **pruma.** **2.** *s. f.* Conxunto delas. *sin.* **plumaxe.** **3.** *s. f.* Instrumento usado para escribir, xa sexa de pluma de ave, xa de metal rematado nunha lámina rematada en punta destinada a mollar na tinta. **4.** *s. f.* Anzó de pesca que imita un insecto. **5.** *s. f.* Maneiras e acenos dun home efeminado.
- Plumudo** *s. m.* Paxaro pequeno que empeza a ter plumas.
- Pneumonía** véxase **pulmonía.**
- Pobre 1.** *adx.* e *s.* Persoa que carece do necesario para vivir. / **2.** *adx.* Dise do terreo que produce pouco. / **3.** *s.* Persoa que vive da caridade e das esmolas.
- Pobreza** *s. f.* Calidade ou estado de pobre.
- Pocceiro, -ra 1.** *s.* Persoa que se dedica a localizar pozos con métodos tradicionais. **2.** *s.* Persoa que se dedica a construír pozos.
- Pocha, -cho 1.** *adx.* Froitas, legumes ou verduras podres ou maduras de máis.
- *Pocilga** *s. f.* Corte onde vive o porco. *sin.* **cortello.**

Poda 1. *s.f.* Acción e efecto de podar. **2.** *s.f.* Época en que se poda.. **3.** véxase **podadeira**.

Podadeira *s.f.* Ferramenta cortante de folla curvada, con saínte recto e afiado pola cota, mangar nun mango longo de madeira, que serve para podar árbores ou rozar a maleza. *sin.* **poda**.

Podar *v.tr.* Cortar as pólas ou canas sobrantes e inútiles das árbores e arbustos para que collan máis forza. *sin.* **derramar, esgallar, escanar**.

Podengo -ga *s.* Can pequeno moi cazador.

Podón *s. m.* Ferramenta de ferro, cun mango de madeira, semellante á fouce, aínda que tan grosa coma un machado dobre. *var.* **podona**.

Podona véxase **podón**.

Podre *adx.* Materia orgánica que se atopa en estado de descomposición, que perdeu as súas condicións naturais ou que xa non é apta para o consumo.

Podreecer *v.intr.* Descompoñerse ou poñerse podre unha materia orgánica pola acción de microorganismos. *var.* **apodreecer**.

Podremia *s.f.* Cousa podre, infecta e fedorenta.

Poisa 1. *s. f.* Restos e casca do grao que queda na eira ao mallar os cereais. **2.** *s. f.* Po que se desprende da palla ao mallala. **3.** *s. f.* Po que solta a herba seca ou a palla ao remexela.

Polada *s.f.* Camada de polos dunha galiña. *sin.* **rolada, niñada**.

Polaina *s.f.* Especie da calza ou media que se abotoa de lado, que cobre a perna dende o xeonllo ao pé e une os calzos cos borceguís.

Polcas *s. f. pl.* Tipo de pendentos con filigranas e outras pedras.

Poltro* *s.* Cría do cabalo e da egua. *sin.* **poldro**.

Poleiro 1. *s. m.* Galiñeiro, lugar onde se crían e gardan as galiñas, galos ou pitos. **2.** *s. m.* Sitio onde se gardan as galiñas durante a noite. *sin.* **galiñeiro; galeira; capoeira**.

Polgada *s.f.* Medida aproximadamente igual á lonxitude da segunda falanxe do dedo polgar.

Polgar *s. m.* O primeiro e máis grosa dos dedos da man. *sin.* **escachapiollos, matapiollos**.

Política, -co 1. *s.* Persoa que se dedica aos asuntos de goberno ou se interesa por eles. / **2.** *adx.* Relativo ou pertencente á política, como teoría ou como actividade. **3.** *adx.* Relación de parentesco que se establece polo matrimonio. **4.** *adx.* Persoa que anda ás

comenencias. **5.** *adx.* Persoa enfadada ou desamigada.

***Polla** véxase **carallo**.

Pollo véxase **piollo**.

Pollosa, -so 1. *adx.* Persoa que ten piollos. *var.* **piollosa, -so. 2.** *adx.* Persoa miserable. *var.* **piollosa, -so.**

Polmoeira *s. f.* Enfermidade do gando vacún, de características análogas ao mormo das cabalerías.

Polmón* véxase **pulmón**.

Polmonía* véxase **pulmonía**.

Polo 1. *s. m.* Cría dunha ave, en particular da galiña. *var.* **pola. 2.** *s. m.* Galo novo que serve xa para a alimentación. **3.** *s. m.* Cría da perdiz.

Polo véxase **galo**.

Pomba 1. *s. f.* Ave da familia dos colúmbidos (*Columba oenas*) da que existen varias especies, de cor gris na cabeza e na parte superior do corpo, onde pode ter pencas ocreas, e cunha ou máis raías brancas e negras no pescozo. *var.* **palomba**.

Pombal *s.f.* Lugar ou construción onde se crían e aniñan as pombas. *var.* **palombar**.

Pombo 1. *s.m.* Macho da pomba. **2.** *s.m.* Pomba silvestre de tamaño grande (*Columba palumbus*) e cor cincenta con manchas brancas.

Poñedora *s.f.* Galiña que pon moitos ovos.

Poñer véxase **apoñer**.

Ponferradina, -no *s. e adx.* Xentilicio de Ponferrada.

Pontarega, -go *s. e adx.* Xentilicio de Ponte de Domíngos Flórez.

Ponte *s. f.* Construción que se fai sobre os ríos ou os foxos para unir as dúas beiras e poder así atravesalos e salvalos.

Pontella *s.f.* Ponte rústica e pequena sobre un regato, feita normalmente de madeira. *sin.* **pontón**.

Pontón 1. *s. m.* Peza de madeira que se coloca de maneira transversal sobre unha ou máis trabes para entaboar os pisos. **2.** *s. m.* Trabe ou soleira da estrutura do horrio. **3.** *s. m.* Ponte pequena feita con troncos de madeira. *sin.* **pontella**.

Poñedeira *adx.* Ave que pon moitos ovos. *var.* **poñedora**.

Poñedoiro *s.m.* Nial ou lugar onde as galiñas e outras aves domésticas poñen os ovos.

Poñedora véxase **poñedeira**.

Poñer 1. *v.tr.* Colocar nun sitio ou nunha situación. 2. *v.tr.* Conectar, prender, botar a funcionar algo. 3. *v.tr.* Botar na terra unha semente para que xermole e medre. 4. *v.tr.* Vestir, colocar o corpo unha peza de roupa, un adorno ou calzado. 5. *v.tr.* Depositaren ovos no nial as aves. 6. *v.tr.* Dar nome, nomear. 7. *v.tr.* Ocultarse o sol ou os astros.

Porca, -co 1. *adx.* Persoa sucia, desaseada, que non se limpa e que non limpa o seu, ou que ensucia máis do normal ou do necesario. *sin.* **porcalleira, -ro; porcón, -na** 2. *adx.* Algo que presenta sucidade./ 3. *adx.* e *s.* Mamífera súida (*Sus suis*) doméstica, omnívora, de cabeza rematada en focín, orellas caídas, patas curtas e corpo goso qu ese cría para lle aproveitar a carne. *sin.* **cocha-, -cho.; marrao-, rrá.**

Porcada véxase **porcallada**.

Porcallada 1. *s.f.* Acción propia dun porco. *var.* **porcada.** *sin.* **cochada, marranada.** 2. *s.f.* Conxunto de cousas sucias ou de aspecto desagradable. 3. *s.f.* Dito ou feito groseiro, indigno ou indecente.

Porcalleira, -ro véxase **porca, -co.**

Porción 1. *s.f.* Cantidade dentro dun todo, considerada de maneira separada.

Porcón, -na véxase **porca, -co.**

Porfillar 1. *v.tr.* Tomar como fillo mediante adopción. 2. *v.tr.* Recoñecer alguén como fillo.

Porra 1. *s.f.* Caxato forte máis estreito no mango ca na punta. 2. *s.f.* Bastón de policía. 3. véxase **carallo.**

Porrada 1. *s.f.* Golpe dado cunha porra. 2. *s.f.* Gran cantidade de algo.

Porreta *s.f.* Talo ou folla verde do allo porro. *var.* **purreta*, sin. piorra.**

Porreto 1. *s.m.* Cebola tenra. 2. *s.m.* Folla verde do porro, do allo e da cebola. 3. *s.m.* Gromo da semente da pataca ou do cereal que acaba de nacer.

Porro 1. *s.m.* Planta das liláceas (*Allium porrum*) anual e comestible, cun talo longo e follas estreitas e planas. *sin.* **allo porro.** 2. *s.m.* Ferramenta de madeira ou doutro material, que consta dunha peza maciza de formas e tamaños diferentes e se utiliza para golpear, pisar ou machucar. 3. *s.m.* Membro viril, especialmente o do burro. 4. *s.m.* Peza de madeira cilíndrica cuberta de cravos, con

mango, que se emprega para pelar as castañas.

5. *s.m.* Utensilio que consiste nun pau cunha peza arredondada nun dos extremos que se utiliza para bater o leite e separarlle a manteiga.

6. *s.m.* Cigarro liado con tabaco mesturado con haxix ou marihuana.

Porrón *s.m.* Recipiente de vidro cun bico longo en forma de cono para beber ao botar o líquido desde o alto á boca.

Porta 1. *s.f.* Abertura feita nunha parede, moble ou cerca para permitir o acceso a unha casa, unha propiedade etc. 2. *s.f.* Peza de madeira ou metal colocada sobre a abertura dunha parede ou muro e que permite entrar e saír.

Portal 1. *s.m.* Porta grande que dá acceso a un curral, un cercado etc., pola que pode pasar un carro ou un vehículo. 2. *s.m.* Construción subsidiaria da casa para albergar o carro e outros apeiros onde tamén se amontoaba a leña.

Portala *s.f.* Porta grande e escangallada.

Portaría *s.f.* En determinados deportes, marco rectangular polo cómpre introducir unha pelota ou un disco para logar puntos.

Porteiro 1. *s.m.* Porta do cortello./ 2. *s.m.* Persoa que nunha porta garda, defende ou regula o acceso a unha vivenda ou un local. 3. *s.m.* En determinados deportes, xogador que defende a portaría.

Portela 1. *s.f.* Paso entre montañas. *sin.* **porto.** 2. véxase **portelo.**

Portelá, -lao *adx.* Natural ou orixinario da comarca das Portelas, ao sur da Cabreira, no noroeste de Zamora, tamén de lingua e cultura galegas.

Porteleiro *s.m.* Abertura feita nun valado, muro ou parede. *var.* ***portilleiro.**

Portelo 1. *s.m.* Porta rústica ou pequena abertura que se fai nun valado ou parede para que poida pasar o gando, o carro, a maquinaria ou as persoas. *var.* **portela.** 2. *s.m.* Táboas unidas perpendiculares ao chao que xiran mediante dúas corras ou viortos que abarcan a estaca. 3. *s.m.* Pequena abertura por onde se atende ao público, en oficinas ou en despachos de billetes.

***Portilleiro** véxase **porteleiro.**

Porto *s.m.* Paso entre montañas. *sin.* **portela.**

Portugués, -sa 1. *adx.* Relativo a Portugal e aos seus habitantes. 2. *adx.* e *s.* Natural ou habitante de Portugal. *sin.* **lusa, -so**. 3. *s.m.* Lingua románica xémea do galego e derivada do antigo galego que se fala en Portugal, Brasil e algúns países africanos e asiáticos.

Posta 1. *s.f.* Acción de poñeren os ovos as aves. *sin.* **postura**. 2. *s.f.* Desaparición do sol polo horizonte. 3. *s.f.* Tallada de peixe ou carne que se serve no prato.

Postada *s.f.* Lugar nas matas ou nas silveiras onde se sitúa a *forvilleira* co *capilar* para capturar as cotrosas ou cochosas (merlos).

Poste *s.m.* Pau ou columna de pedra que serve de apoio para que algo non caia, ou tamén como sinal ou marco. *sin.* **esteo**.

Postear *v. tr.* Afirmar, apuntalar, asegurar con postes unha obra, poñerlle postes ou apoios a unha parede para evitar a súa caída ou ás árbores co tronco inclinado ou coas pólas cargadas de fruita.

Postura 1. *s.f.* Maneira de dispoñer os membros do corpo unha persoa ou animal. *sin.* **posición**. 2. *s.f.* Dor muscular continua nunha parte do corpo. 3. *s.f.* Maneira de pensar ou de comportarse. 4. *s.f.* Ración de palla, herba ou penso que se lle bota aos animais. 5. véxase **posta** 1.

Pota 1. *s.f.* Recipiente cilíndrico sen pés e de base plana, con asas e tampa que serve para cocinar. 2. *s.f.* Recipiente do alambique onde se ferve o bagazo.

Potada 1. *s.f.* Cantidad de comida que se coce nunha pota. 2. *s.f.* Cantidad de augardente que se destila dunha vez.

Potar* véxase **apotar**.

Pote 1. *s.f.* Recipiente de ferro de tres pés e forma abombada, máis estreito na boca, con dúas asas e un aro para o pendurar da gramalleira, que se utiliza para cocinar na lareira. 2. *s. m.* Golpe recibido na cabeza. 3. *s. m.* Avultamento que sae a consecuencia dun golpe na cabeza.

Pouca, -co *adx.* Algo que se caracteriza pola súa escaseza ou pequena cantidade ou intensidade.

Poula 1. *s.f.* Terra de labor que se deixa descansar unha tempada sen sementar. 2. *s.f.* Terra de labor abandonada, non cultivada. *var.* **poulo**. 3. *s.f.* Moza que quedou solteira.

Poulello *s. m.* Forma moi despectiva de *poulo*.

Poulo véxase **poula** 2.

Pousa 1. *s.f.* Acción ou efecto de pousar. 2. *s.f.* Pausa durante un traballo. 2. *s.f.* Cada unha das veces que unha persoa cargada con algún peso deixa a carga para descansar.

Pousada 1. *s.f.* Casa onde se hospeda a xente que está de paso a cambio dunha certa cantidade de diñeiro. 2. *s.f.* Feito de hospedar algún.

Pousadeira 1. *s.* Persoa que rexenta ou traballa nunha pousada. 2. véxase **pousadoiro**./ 3. *s.f. pl.* Cada unha das dúas porcións carnosas e arredondadas situadas entre o final da columna vertebral e o comezo das coxas. *sin.* **cu, nádegas**.

Pousadeiro 1. *s. m.* Lugar apropiado ou disposto para posar algo. 2. *s. m.* Lugar propicio para descansar. 3. *s.* Persoa que atende ou está ao fronte dunha pousada.

Pousadoiro *s.m.* Lugar onde se deixa un momento algún obxecto o algunha carga para descansar. *var.* **pousadeira**.

Pousafoles 1. *adx.* Persoa tola, boubexa. 2. *adx.* Persoa lenta, tardeira, que aburre, que se entretén de cháchara polo camiño coas persoas que atopa. 3. *adx.* Persoa pobre e mendiga.

Pousar 1. *v. tr.* Pór algo ou alguén sobre unha superficie que está ao mesmo nivel ou a un nivel inferior. 2. *v. tr.* Poñer no chao ou sobre un moble algo que se trae na mao ou ao carrello. 3. *v. tr.* Baixar o leite da vaca ao muxila. 4. *v. intr.* Deter o voo pairando sobre unha superficie. 5. *v. intr.* Pórse no fondo a materia nun líquido. 5. *v. intr.* Deixar de traballar ou de andar dun lado para outro co fin de que desapareza a fatiga.

Pouso *s.m.* Sedimentos sólidos que deixan os líquidos como o viño ou o café no fondo dos recipientes. *sin.* **borra**.

Pousón, -na *adx.* Persoa excesivamente lenta, calmosa e desesperante.

Povisa 1. *s.f.* Flor do chopo. 2. *s.f.* Po do gran do centeo.

Povisna *s.f.* Partícula con lume ou xa reducida a cinsa que salta dun corpo en chamas. *sin.* **moxena, muxena, charamusca, acanuzo**.

Poza 1. *s.f.* Depresión natural ou construída no terreo onde cando chove se forma un depósito

- de auga. **2.** *s.f.* Especie de encoro pequeno e pouco fondo. **3.** *s.f.* Pozo máis ou menos profundo. **4.** *s.f.* Escavación feita na terra, máis ou menos larga e fonda. **5.** *s.f.* Xogo infantil que consiste en tirar cara a un foxo améndoas ou castañas para encestalas.
- Pozada 1.** *s.f.* Estanque ou depósito do muíño, onde se acumula a auga que vén do río a través da canle. **2.** *s.f.* Lugar dunha corrente de auga onde esta se estanca. **3.** *s.f.* Pozo que está cheo.
- Pozal** *s.m.* Caldeiro que se usa para ir por auga á fonte.
- Pozo 1.** *s.m.* Escavación vertical fonda e estreita que se fai no chao para atopar auga e que serve tamén de depósito para ela. **2.** *s.m.* Calquera cavidade fonda no terreo, aínda que non teña auga. **3.** *s.m.* Lugar de maior profundidade nun río. **4.** *s.m.* Pequena presa que recolle a auga para empregala no muíño.
- Pradairo** *s.m.* Árbore da familia das aceráceas (*Acer pseudoplatanus*), de copa ampla, casca lisa e agrisada, follas caducas lobuladas e dentadas. **2.** *s.m.* Grande extensión de terreo dedicada a prado ou praderías.
- Prádano*** véxase **pradairo**.
- Pradería** *s.f.* Terreo con pasto abundante *sin.* prado.
- Pradexa, -xo** *s. e adx.* Xentilicio de Prado – Trabadelo.
- Prado 1.** *s.m.* Terra húmida ou de regadío na que se deixa crecer ou se sementa herba para que paste o gando. *sin.* **pradería**. **2.** *s.m.* Terreo de secaño que se ten que regar adoito.
- Praga 1.** *s.f.* Sobreabundancia de elementos daniños para a agricultura, como mosquitos, escaravellos etc.. *sin.* **peste**. **2.** *s.f.* Desgraza persistente que afecta un pobo. **3.** *s.f.* Maldición que se bota.
- Prancha 1.** *s.f.* Lámina delgada e lisa de ferro, aceiro, madeira etc. **2.** *s.f.* Lámina de metal usada para cociñar sobre ela.
- *Pranchar** *v. tr.* Alisar a roupa co ferro de pasar.
- Pranta** *s.f.* Organismo vivo do reino vexetal.
- Prantar 1.** *v. tr.* Enterrar unha planta nova ou unha semente para que prenda e medre. **2.** *v. tr.* Poboar de plantas un terreo.
- Prata** *s.f.* Elemento químico nº 47 cuxo símbolo é Ag, que é un metal precioso de cor branca fácil de traballar e bo condutor da electricidade.
- Pratado** *s.m.* Prato de comida moi cheo. *var.* **pratao*.**
- Pratao*** véxase **pratado**.
- Prato 1.** *s.m.* Recipiente polo xeral redondo e pouco profundo onde se lle serve a comida na mesa a cada comensal. **2.** *s.m.* Preparado culinario.
- Praza 1.** *s.f.* Espazo amplo e descuberto dentro dunha poboación, rodeado de edificios e no que conflúen varias rúas. **2.** *s.f.* Lugar cuberto (ou non), onde se venden alimentos perecedoiros ou de consumo habitual. *sin.* **mercado de abastos**. **3.** *s.f.* Lugar asignado a unha persoa nun transporte, espectáculo etc. **4.** *s.f.* Posto que se ocupa nun centro de traballo.
- Prazo** *s.m.* Tempo limitado de duración variable para a realización dunha cousa.
- Preceuto** *s.m.* Obriga dos cristiáns de confesaren e comungaren unha vez ao ano.
- Predicandaina** *s.f.* Conversa aburrida, monólogo pesado difícil de aturar.
- Prédica 1.** *s.f.* Homilía, sermón. **2.** *s.f.* Palabras que serven para reprender ou exhortar.
- Predicar 1.** *v. tr.* Ensinar a doutrina cristiá por medio da palabra. **2.** *v. tr.* Facer que sexa coñecido algo que non debería ou non tiña por que selo. **3.** *v. tr.* aconsellar, proclamar certa cousa de palabra ou de obra. **4.** *v. intr.* Pronunciar un sermón. **5.** *v. intr.* Reprender, amonestar, chamarlle a atención a alguén.
- Preganza** *s.f.* Cadea que pendura dunha viga ou elemento similar, situado no alto da lareira, cun gancho na parte inferior para suxeitar o pote sobre o lume. *sin.* **gramalleira**.
- Pregar 1.** *v.tr.* Solicitar humildemente a concesión dun favor ou dunha graza. **2.** *v.tr.* Rezarlle a Deus ou aos santos.
- Prego** *s.m.* Raia ou suco que queda nun papel, tea ou outra cousa branda ao dobrala, en especial as que se fan dobrando varias veces.
- Pregoar 1.** *v.tr.* Anunciar en voz alta para que saiba todo o mundo. **2.** *v.tr.* Dar a coñecer algo que se ignoraba.
- Pregoeiro** *s.m.* Persoa que anuncia publicamente algún suceso importante.

Pregueiro 1. *s. m.* Apéndice intestinal do porco, botelo de menor tamaño que se fai na tripa do intestino cego. **2.** *s. m.* Pastor que vai coas cabras e ovellas, especialmente no réxime de veceira.

var. **prigueiro.**

Preitear *v. intr.* Litigar ou contender xudicialmente sobre algo.

Preito 1. *s. m.* Causa entre dúas partes que se presenta a un xuíz para que este dirima quen ten razón. **2.** *s. m.* Discusión entre dúas partes.

Premedia *s. f.* Correa que une a moca co pau no mallo.

Prencipiar* véxase **principiar.**

Prenda 1. *s. f.* Multa imposta polo concello pola infracción das ordenanzas rurais. **2.** *s. f.* Res que se colle de refén por achala en propiedades doutra aldea ou doutro veciño.

Prendada, -do *adx.* Persoa multada.

Prendar 1. *v. tr.* Impoñer algunha multa por infracción das ordenanzas do concello. **2.** *v. tr.* Coller unha res en refén por estar pastando en dominios doutro veciño ou veciña ou doutra aldea. *var.* **prindar*.**

Presa 1. *s. f.* Conxunto de materiais que se apreixan dunha soa vez coas maos. *sin.* **presada, presado, presao*, maochea.** **2.** *s. f.* Gran cantidade de auga retida nun regueiro ou nun río. **3.** *s. f.* Construción feita nunha corrente de auga que consiste nun muro que detén e retén a auga para regar e outros usos. **5.** *s. f.* Canle pola que se conduce a auga para regar.. **6.** *s. f.* Muro de contención do río para tomar auga del. **7.** *s. m.* Peza que se caza.

Présa 1. *s. f.* Rapidez con que se fai algo.

Presada* véxase **presa.**

Presado* véxase **presa.**

Presebe *s. m.* Lugar na corte onde se lle bota de comer ao gando. *sin.* **comedeira, manxadoira.**

Presidenta, -te 1. *s.* Persoa que preside un acto, un tribunal, unha asociación, unha empresa ou o goberno dun país. **2.** *s. m.* Alcalde pedáneo.

Presinarse *v. prml.* Facer a sinal da cruz sobre a fronte, boca ou peito. *var.* **persinarse.**

Presorellos véxase **papeira.**

Prestamista *s.* Persoa, institución ou entidade que realiza un préstamo esperando obter bos réditos da operación.

Préstamo 1. *s. m.* Acción ou efecto de prestar. **2.** *s. m.* Obxecto ou cantidade prestada. **3.** *s. m.* Contrato polo que unha persoa ou entidade recibe doutra unha cantidade determinada a cambio de devolverla nas condicións establecidas.

Prestamoso, -sa *s.* Persoa xenerosa que presta cartos de boa gana e de forma gratuíta.

Prestar 1. *v. tr.* Deixarlle diñeiro ou outra cousa a alguén durante un tempo para que o utilice e logo o devolva. **2.** *v. tr.* Gustar, agradar, satisfacer, compracer, causar contento. **3.** *v. intr.* Sentar ben, en especial unha comida. **3.** *v. prml.* Ter as calidades idóneas para un determinado fin. **3.** *v. prml.* Pórse á disposición de alguén.

Presumida, -do véxase **mecosa, so.**

Presuña *s. f.* Cada un dos dedos cubertos coa súa unlla na parte dianteira dos animais de pata fendida. *var.* **pezuña; pezuño.**

Presura *s. f.* Argolas de ferro que se usa normalmente para suxeitar o gando vacún ou atalo ao presebe.

Pretender *v. tr.* Pedir relacións a outra persoa con fins matrimoniais.

Préxego *s. m.* Froito arredondado que ten a pel aveludada, de cor amarela tirando a vermella ou verde abrancazada, a carne doce e unha carabuña oval, dura e engurrada. *var.* **prexego, pexego.**

Prexego véxase **préxego.**

Prexegueiro *s. m.* Árbore froiteira rosáceas (*Prunus persica*), de follas lanceoladas e dentadas e flores de cor rosada, que ten como froito o pexego. *sin.* **prexego; préxego.**

Priarancega, -go *s. e adx.* Xentilicio de Priaranza do Bierzo.

Prigueiro *s.* véxase **pregueiro.**

Primaveira *s. f.* Estación do ano que vén despois do inverno e precede ao verán, que comeza o 21 de marzo e remata o 21 ou 22 de xuño.

Primicia *s. f.* Tributo que consistía en pagar un cuartal de centeo por cada veciño ou veciña que labraba as terras que lles daba o mosteiro, e medio cuartal os que non se achaban nese caso, e os viúvos e viúvas.

Prindar* véxase **prender.**

Pringue* véxase **pingo 5.**

Proba 1. *s. f.* Acción e efecto de probar. 2. *s. f.* Cantidade pequena dunha cousa que serve para saber como é ou sabe na súa totalidade. 3. *s. f.* Acción de probar unha cousa para saber como é, como funciona ou o resultado que dá. 4. *s. f.* Borrador que se realiza para corrixir os erros antes da impresión definitiva. 5. *s. f.* Competición deportiva.

Probainar* véxase **aprobainar**.

Probar 1. *v. tr.* Demostrar a verdade por medio de probas. 2. *v. tr.* Examinar ou testar as calidades e funcionamento dunha persoa ou cousa. 3. *v. tr.* Coñecer por experiencia propia. 4. *v. tr.* Vestir unha peza de roupa para verificar se queda ben ou non. 5. *v. tr.* Tomar unha pequena cantidade de comida ou bebida para experimentar o seu sabor.

Probe 1. *adx.* Persoa que carece do necesario para vivir ou que ten algo de maneira insuficiente. 2. *adx.* Persoa que dá pena.

Probetalla, -llo *adx.* Despectivo afectivo de *probe*. *sin.* **probetón, -na**.

Probetón véxase **probetallo**.

Probicio véxase **proicio**.

Procamarse* véxase **proclamarse**.

Procesión 1. *s. f.* Grupo de persoas que camiñan unhas detrás doutras, xeralmente en actos relixiosos, acompañando figuras de santos. 2. *s. f.* Grupo de persoas ou animais que van uns detrás doutros.

Proclamarse *v. prnl.* Ler na igrexa por primeira vez as amoestacións das persoas que van casar. *var.* **Proclamarse**.

Proclamas* véxase ***municipios**.

Proer *v. intr.* Ter probicio ou proicio no corpo. *var.* **pruír. sin. picar**.

Profunda, -do *adx.* Dise do que ten muita fondura ou que está lonxe da superficie. *sin.* **fonda, -do**.

Proicio *s. m.* Picor que se sente no corpo e que provoca a necesidade de rañarse. *var.* **probicio, pruício***.

***Proma, -mo** *adx.* Persoa pesada, molesta, inoportuna, que aburre. *var.* **promba, -bo**.

Promba, -bo véxase **proma, -mo**.

Promediar* véxase **permediar**.

***Promo** 1. *s. m.* Elemento químico metálico de cor gris azulada, moi brando e pesado. O seu símbolo é Pb. 2. *s. m.* Peza ou conxunto de

pezas deste material que se poida na tanza ou no extremo das redes de pesca para que vaia ao fondo. 3. *s. m.* Proxectil dunha arma de fogo.

Pronuncia *s. f.* Acción ou efecto de pronunciar. *sin.* **pronunciación**.

Pronunciar 1. *v. tr.* Articular un son dunha determinada maneira. 2. *v. tr.* Expresar algo de maneira oral.

Pronto 1. *adv.* Antes do normal, cedo. 2. *adv.* En pouco tempo, axiña, enseguida.

Proveito *s. m.* Beneficio que se consegue dalgunha xestión ou operación. 2. *s. m.* Boa dixestión e utilidade nas comidas.

Pruicio* véxase **comicio**.

Pruír* véxase **proer**.

Pruma véxase **pluma**.

***Púa** véxase **puga**.

Pucha *s. f.* Peza de tea redonda, con ou sen viseira, que serve para cubrir a cabeza e abrigala ou tornarlle o sol. *var.* **pucho**.

Pucheira *s. f.* Comida preparada con carne, touciño, legumes e hortalizas, principalmente garavanzos e patacas, ao que se lle engade ás veces algún afumado e todo cocido e sazonado. *var.* **pucheiro** 3.

Pucheiro 1. *s. m.* Recipiente de barro de formas variadas que se emprega para cociñar, para gardar o mel, a manteiga ou o leite callado. 2. *s. m.* Recipiente de barro, máis fondo ca ancho, cunha asa, que se usa para preparar a comida. 3. *s. m.* Comida de mediodía, cocido de legumes, xeralmente garavanzos e carne. *var.* **pucheira**.

Pucho véxase **pucha**.

Puga 1. *s. f.* Calquera obxecto punzante e afiado dunha materia rixida. 2. *s. f.* Anaco de póla dunha planta que se introduce noutra para facer un enxerto. 3. *s. f.* Pequena lámina de óso ou plástico, a modo de uña, que se usa para facer vibrar as cordas de instrumentos tales coma a bandurria ou a guitarra.

Puisa 1. *s. f.* Cápsula do gran do cereal. 2. *s. f.* Po que queda na eira despois de mallar ou trillar. 3. *s. f.* Residuos lixeiros que resultan de aventar o grao.

Pula* véxase **pita**.

Pulga *s. f.* Insecto parásito de aves e mamíferos (*Pulex irritans*) que chupa e proe.

***Pulgar 1.** *s. m.* Anaco de vidra con dúas ou máis xemas, que se deixa ao podar a cepa. **2.** *v. tr.* Mondar, pelar, quitar a pel das patacas.

Pulmoeira 1. *s. f.* Enfermidade pulmonar das vacas. **2.** *s. f.* Mamite do gando vacún. **3.** *s. f.* Catarro forte con dificultade respiratoria.

Pulmón *s. m.* Órgano par, esencial do aparato respiratorio dos vertebrados, agás os peixes, situado na caixa torácica e onde ten lugar a toma de osíxeno e a eliminación de anhídrido carbónico. *var.* **polmón***

Pulmonía *s. f.* Inflamación aguda do pulmón. *var.* **polmonía***. *sin.* **pneumonía**.

Pulseira 1. *s. f.* Aro ou fita que se pon no pulso como adorno. **2.** *s. f.* Venda que protexe o pulso.

Pulso 1. *s. m.* Punto onde o brazo se articula coa man. **2.** *s. m.* Golpiños percibidos ao apertar certas arterias que se corresponde cos latexos do corazón.

Punta 1. *s. f.* Extremo agudo dunha cousa. **2.** *s. f.* Cravo pequeno.

Puntear 1. *v. tr.* Marcar con puntos unha superficie. **2.** *v. tr.* Poñer os signos de puntuación a un texto. **3.** *v. tr.* Cualificar por medio de puntos.

Punteira 1. *s. f.* Parte dianteira dun calzado que recobre os dedos dos pés. *sin.* **biqueira**. **2.** *s. f.* Remendo na parte dianteira de calcetís e medias. *sin.* **biqueira**.

Punteiro 1. *s. m.* Vara para sinalar ou indicar algo. **2.** *s. m.* Punzón para o ferreiro ou o zapateiro facer buracos. **3.** *s. m.* Tubo de madeira ou cana unido ao fol da gaita que serve para dixitar as notas musicais.

Punteirolo *s. m.* Patada forte dada a unha pelota no xogo do fútbol ou do rugby.

Punería *s. f.* Dirección que se lle dá á arma cando se apunta e dispara. **2.** *s. f.* Acerto do tirador para dar no obxectivo.

Punto 1. *s. m.* Pequena marca circular que sobrancea nunha superficie. **2.** *s. m.* Sitio, lugar

determinado. **3.** *s. m.* Tanto acadado nun xogo. **4.** véxase **espiña**.

Punzante *adx.* Dise do que é penetrante e doloroso. *sin.* **punxente**.

Punzar *v. tr.* Picar, furar ou ferir cun instrumento de punta.

Punzón *s. m.* Ferramenta de aceiro apuntada que serve para abrir buracos, gravar ou marcar.

Puñada *s. f.* Golpe forte dado co puño.

Puñal *s. m.* Folla de aceiro curta con dous gumes e punta aguzada que se usa como arma.

Puñeteira, ro 1. *adx.* Persoa molesta, trosma, pesada. **2.** *adx.* Persoa falsa, traidora. **3.** *adx.* Persoa egoísta, incapaz de facer un favor.

Puño 1. *s. m.* Mao pechada e apertada. **2.** *s. m.* Parte da peza de roupa que envolve o pulso.

Purrela 1. *s. f.* Cousa desprezable, frouxa e de mala calidade, especialmente o viño ou outra bebida semellante cando é malo. **2.** *s. f.* Conxunto de frutos pequenos de pouco valor.

Purreta* véxase **porreta**.

Puxa 1. *s. f.* Conxunto de partículas de terra seca ou de calquera outra substancia que se eleva no aire e se deposita sobre os obxectos. **2.** *s. f.* Residuos de palla ou arestas dos cereais. **3.** *s. f.* Restos das comidas. **4.** *s. f.* Porcallada ou sucidade en xeral. **5.** *s. f.* Acción e efecto de puxar e de disputar por algo con intervención da forza. *var.* **poxa**.

Puxar 1. *v. tr.* Anunciar un prezo posto a algo nunha poxa. *var.* **poxar**. **2.** *v. tr.* Facer forza contra unha persoa ou cousa para movela do seu sitio. *sin.* **empuxar**, **empurrar**, **rempuxar**. **3.** *v. intr.* Meter présa, tanguer en alguén.

Puxavante *s. m.* Instrumento que usa o ferreiro ou ferreira para cortar os cascós das vacas e cabalos ao ferralos, que é parecido a un formón con rebordos laterais levantados.

Puxón *s. m.* Acción de puxar violentamente. *sin.* **empurrón**, **empuxón**, **rempuxón**.

Quebra 1. *s.f.* Acción ou efecto de quebrar. *var. creba. 2. s.f.* Fenda ou abertura nun corpo sólido. *var. creba, fenda, greta.*

Quebrar *v. tr. e v. prnl.* Romper, agretar ou romperse unha cousa. *var. crebar.*

Quecer 1. *v. intr.* Adquirir calor, entrar en calor, subir a temperatura por un proceso interno. *var. queicer. 2. v. intr.* Pórese en celo un animal. *var. queicer.*

Queda, -do 1. adx. Persoa ou animal que non se move, que non cambia de lugar, posición ou situación. *sin. queta, -to. 2. adx.* Persoa ou animal que non presenta moito movemento nin ruído, que amosa tranquilidade e ningunha excitación. *sin. queta, -to.*

Quedar 1. v. intr. Manterse ou permanecer nun lugar ou nunha situación. **2. v. intr.** Faltar. **3. v. intr.** Conservar unha parte. **4. v. tr.** En xogos infantís, apouchar ou apandar, quedar encargado de buscar o resto dos compañeiros.

Queicer véxase **quecer.**

Queima 1. s.f. Acción e efecto de queimar. **2. s.f.** Lume controlado.

Queimada 1. s.f. Acción de queimar un anaco de prado ou monte para cultivo. **2. s.f.** Bebida galega que se fai queimando augardente e azucre ata que se consome gran parte do alcohol; pódenselle botar outros ingredientes como graos de café ou anacos de fruta.

Queimadura véxase **queimura.**

Queimar 1. v. tr. Facer arder algo, prenderlle lume. **2. v. tr.** Provocar unha queimadura nunha parte do corpo algo que está moi quente.

Queimura 1. s.f. Ferida causada no corpo polo lume, por algo que despidе moita calor ou por unha substancia corrosiva. *var. queimadura. 2. s.f.* Ardor, rozadura. *var. queimadura. 3. s.f.* Ardor de estómago.

Queiroga *s.f.* Arbusto ericáceo (*Erica sp.*, *Calluna sp.* e *Dadoecia sp.*) que pode alcanzar un metro de altura, de follas perennes e lanceoladas e flores en acio de cor púrpura, rosácea ou branca, do que existen varias especies. *var. queiruga, quiroga.*

Queirogal *s.m.* Lugar onde abundan as queirogas.

Queiruga véxase **queiroga.**

Queixa 1. s.f. Expresión de dor, pena ou sufrimento, mediante sons ou palabras. *var. queixume. sin. laio. 2. s.f.* Expresión de protesta, descontento ou desconformidade.

Queixada 1. s.f. Cada un dos dous ósos da boca, en forma de arco, onde están incrustados os dentes nos vertebrados, en particular o inferior. **2. s.f.** Parte da cara correspondente ao maxilar inferior. **3. s.f.** Pastel preparado con fariña, ovos, leite, queixo e azucre.

Queixar 1. v. prnl. Manifestar pena, sufrimento ou dor unha persoa ou animal mediante choros, saloucos, sons ou palabras. *sin. laiar. 2. v. prnl.* Expresar protesta ou descontento por algo.

Queixeira 1. s.f. Caixa de madeira con rede polos laterais en que se curan os queixos. **2. s.f.** Persoa que fai e vende queixos. **3. adx.** Relativa aos queixos ou afeccionada ao queixo.

Queixela *s.f.* Queixada do porco unha vez seca.

Queixida 1. s.f. Expresión de dor, pena ou sufrimento, mediante sons ou palabras. *var. queixido, queixume. sin. laio. 2. s.f.* Expresión de protesta ou descontentamento. *var. queixido.*

Queixido véxase **queixida.**

Queixo 1. s. m. Alimento que se obtén callando o leite e separando a parte líquida, o soro. **2. s. m.** Parte da cara que está entre a boca e o pescozo, especialmente a punta en que termina. **3. adx.** Persoa estúpida, boba, que di ou que fai bobadas.

Queixón, -na *adx.* Persoa que se queixa por todo, con frecuencia e sen motivo.

Queixote *s. m.* Cada unha das partes avultadas e moles que están a cada lado da cara.

Queixume véxase **queixida.**

Quella 1. s.f. Canle para tomar a auga e conducila a onde pode ser mellor aproveitada. **2. s.f.** Pasaxe estreita e longa entre casas. *sin. calella, calello.*

Quellaro *s. m.* Cazo de cociña.

Quenda 1. s.f. Tempo en que lle corresponde a unha persoa facer, recibir ou usar algunha cousa, segundo unha repartición previa. *sin.*

- vez. 2.** *s.f.* Momento que lle corresponde a alguén para regar. *sin.* **vez, veceira.**
- Quendar** *v. tr.* Repartir, establecer quendas.
- Quentar 1.** *v. tr.* Facer que algo aumente de temperatura por medios externos. **2.** *v. tr. e v. prml.* Subir ou facer subir a excitación sexual. **3.** *v. intr.* Producir ou despedir calor. **4.** *v. intr.* Facer exercicios físicos suaves antes de realizar unha actividade deportiva forte. *sin.* **quecer.**
- Quente 1.** *adx.* Que ten unha temperatura elevada. *var.* **calente*.** **2.** *adx.* Persoa ou animal excitado sexualmente. **3.** *adx.* Persoa mui excitada, nerviosa e alterada.
- Quentura 1.** *s.f.* Caloriña agradable. **2.** *s.f.* Aumento da temperatura corporal, fogaxe. *sin.* **febre.** **3.** *s.f.* Ferida que se forma nos beizos a causa dunha febre mui alta. **4.** *s.f.* Excitación intensa.
- Querer 1.** *v.tr. e v. intr.* Ter cariño ou afecto por alguén. *sin.* **amar.** / **2.** *v.tr.* Desexar algo. **3.** *v. tr.* Ter vontade ou intención de facer algo.
- Queta, -to** véxase **queda, -do.**
- *Quiceiro 1.** *s. m.* Gonzo. **2.** *s. m.* Anaco de ferro sobre o que apoia o eixo da porta ou o simple burato sobre a pedra. *var.* **guiceiro.**
- Quilar** *v. intr.* Copular, unirse sexualmente. *sin.* **foder.**
- Quimeira** *s.f.* Rifa acalorada, protesta, alegado airado.
- Quincalla** *s.f.* Artigo de metal de escaso valor.
- Quincallada** *s.f.* Conxunto de obxectos de pouco ou escaso valor.
- Quincalleira, -ro** *s.* Persoa que compra e vende obxectos de pouco valor, especialmente metálicos. *var.* **canquilleira, -ro.**
- Quincar 1.** *v. intr.* Chamar á porta cos cotenos. *sin.* **petar.** **2.** *v. intr.* Golpear a alguén. *sin.* **bater, pegar, zoscar.**
- Quintal** *s. m.* Medida de peso que no Bierzo equivale a 46 kg ou catro arrobas.
- Quinteira 1.** *s.f.* Terreo ou lugar que no Bierzo rodea algunhas abadias ou igrexas. *var.* **quintería.**
- Quinteiro** *s.m.* Núcleo de poboación.
- Quintería** *s.f.* Imposto de carácter civil que consistía na quinta parte que os vaqueiros e habitantes da *quinteira* ou *quintería* pagaban ao convento polos froitos que collían das terras que labraban.
- Quiñón 1.** *s. m.* Parcela pequena de terreo de cultivo. **2.** *s. m.* Parte dos bens herdados, coma casas, terras ou útiles, que corresponde a unha persoa na súa parte da herdanza. **4.** *s. m.* Cada unha das parcelas iguais nas que se fragmenta un terreo comunal para repetilo entre os veciños.
- Quirica 1.** *s.f.* Galiña de raza pequena. *var.* **quica.** **2.** véxase **cona.**
- Quirina 1.** *s. f.* Ovella. **2.** *s. f.* Voz que se emprega para chamar a unha ovella do rabaño.
- Quiroga** véxase **queiroga.**
- Quisca** véxase **cona.**
- Quisicousiñas** *s.f. pl.* Forma moi cariñosa ou mequeira de referirse ás cousas en xeral.
- Quitar 1.** *v. tr.* Facer que algo ou alguén deixe de estar co que estaba ou con quen estaba ou sobre o que estaba. **2.** *v. tr.* Separar ou extraer unha cousa daqueloutra da que forma parte. **3.** *v. tr.* Facer que unha cousa desapareza ou deixe de estar onde estaba. **4.** *v. tr.* Separar a punta ou extremo xa queimado a algo para que arda mellor. **5.** *v. tr.* Facer que deixe de mamar unha cría.
- Quixote** véxase **queixote.**

Ra *s.f.* Anfíbio da orde dos anuros (*Rana sp.*) do que existen varias especies que ten a pel lisa de cor verdosa ou parda anda a saltos é bo nadador e vive en lugares onde hai auga.

Rabacia *s.f.* Planta umbelífera (*Angelica archangelica*) de talos verdes e flores brancas en umbela, que medra nos lameiros e nos prados onde hai moita humidade. *var.* **rabaza**.

Rabada* véxase **rebanda**.

Rabadán, -na **1.** *s.* Persoa que se encarga dos rabaños e manda sobre outros pastores; por riba del só está o maioral, a persoa responsable dun rabaño dentro dunha cabana. Ao rabad'na pertencelle a *perta*, ou sexa, a carne e pellelo de toda ovella morta, agás do no verán, que se reparte entre os pastores e pastoras **2.** *adx.* Persoa folgazana.

Rabadela véxase **rabadilla**.

Rabadilla **1.** *s.f.* Extremo óseo da columna vertebral que comprende o cóccix e parte do sacro. *var.* **rabadela**. **2.** *s.f.* Protuberancia enriba do ano das aves, onde se sitúa o nacemento das plumas da cola.

Rabanda* véxase **rebanda**.

Rabaño *s.m.* Conxunto de animais coma as vacas, porcos, cabalos, burros, ovellas ou cabras, que viven e pastan xuntos gardados por un pastor ou pagueiro.

Rabascada *s.f.* Chuvia intensa e repentina, precipitación de pouca intensidade e duración.

Rabaza véxase **rabacia**.

Rabear **1.** *v. intr.* Sentir rabia, ira, enfadarse, estar de mal humor. **2.** *v. intr.* Padeecer unha dor moi intensa.

Rabecha *s.f.* Enfado grande, esaxerado e pouco duradeiro.

Rabeira **1.** *s.f.* Parte posterior de calquera cousa. **2.** *s.f.* Peza ou parte dun obxecto pola que se agarra. **3.** *s.f.* Liña ou rastro de cereais, palla ou herba.

Rabeiro *s.m.* Restos de pedras, terróns ou herbas que quedan da limpa dos cereais e legumes.

Rabel *s.m.* Tipo de violín rústico e artesanal de tres cordas.

Rabela, -lo **1.** *adx.* Animal que non ten rabo. **2.** *adx.* Persoa mala, rabiosa, que ten mal xenio.

Rabeleira, -ro **1.** *s.* Persoa que fabrica e vende rabeis. **2.** *s.* Persoa que toca o rabel e canta romances.

Rabeón, na* véxase **robión, na**.

Rabia **1.** *s.f.* Doenza infecciosa producida por un virus que ataca os centros nerviosos e altera as glándulas salivares. **2.** *s.f.* Estado de irritación ou carraxe. **3.** *s.f.* Sentimento de aversión contra algo ou alguén.

Rabiar **1.** *v. intr.* Padeecer a doenza da rabia. *var.* **rabear**. **2.** *v. intr.* Sufrir unha dor moi intensa ou unha forte irritación. *var.* **rabear**. **3.** *v. intr.* Desexar moi intensamente. *var.* **rabear**.

Rabilar **1.** *v. tr.* Furtar, roubar cousas de pouca importancia. **2.** *v. intr.* Iren e viren os animais abaneando o rabo.

Rabileira, -ro *adx.* Persoa ou animal, especialmente os cans e os gatos que furta cousas de pouca importancia.

Rabilón, -na *adx.* Animal, especialmente a ovella, que ten o rabo máis longo do normal.

Rabión, na *adx.* Persoa que é propensa á ira. *var.* **rabeón, -na. sin. carraxenta, -to; nerviosa, -so; furiosa, -so.**

Rabiquela *s.f.* Nabo pequeno.

Rabital *s.m.* Tira de terra ou de prado que sobresaí do resto.

Rabiza **1.** *s.f.* Extremo do rabo. **2.** *s.f.* Peza curva de madeira situada na parte posterior do arado, por onde se agarra para dirixilo. **3.** *s.f.* Folla tenra do nabo.

Rabo **1.** *s.m.* Cola dos animais. **2.** *s.m.* Mango da tixola, da vasoira ou da culler. **3.** *s.m.* Extremo que serve para agarrar un obxecto. **4.** véxase **carallo**.

Rabón, -na véxase **rabuda, do**.

Rabuda, -do **1.** *adx.* Animal que ten longo o rabo. *sin.* **rabón, -na**. **2.** *adx.* Persoa irascible que sempre está de mal humor. **3.** *adx.* Persoa inconformista a quen lle gusta sempre levar a contraria.

Rabuña, -ño *adx.* Gato que rabuña moito. *var.* **rabuñón, -na**.

Rabuñar **1.** *v. tr.* Ferir coas uñas ou cun obxecto aguzado e áspero a pel dunha persoa. *var.* **arrabuñar**. **2.** *v. tr.* Estragar un obxecto

deixándolle marcas e raiazos. **3.** *v.tr.* Angazar a terra ou aricala superficialmente.

Rabuñazo *s.m.* Ferida superficial na pel feita coas uñas ou cunha cousa afiada ou áspera *var. arrabuñazo; rebuñazo**. *sin.* **rabuñón; arrabuñadela.**

Rabuñón véxase **rabuñazo**.

Rabuñón, -na véxase **rabuña, -ño**.

Racha **1.** *s.f.* Anaco pequeno e irregular de madeira, que salta cando esta se corta ou rompe violentamente. *sin.* **tranco**. **2.** *s.f.* Cada un dos anacos nos que se divide un tronco ou póla grosa da árbore e que serve para combustible. **3.** *s.f.* Cacho delgado e plano que se parte ou corta dunha cousa. **4.** *s.f.* Órgano sexual feminino. **5.** *s.f.* Abertura ou separación alongada e de anchura uniforme na superficie dunha cousa, que non chega a separala totalmente. **6.** *s.f.* Golpe ou bufada violenta do vento.

Rachada *s.f.* Anaco dun tronco aberto. *var. rechada**.

Rachadela **1.** *s.f.* Fendedura, racha ou abertura e estreita que se produce en calquera corpo sólido, coma unha parede ou unha táboa, e o atravesa de parte en parte. *sin.* **rachadura**. **2.** véxase **cona**.

Rachadura **1.** *s.f.* Abertura estreita e longa nun corpo sólido. **2.** *s.f.* Abertura, greta ou racha de madeira, comunmente ao secarse demasiado á présa.

Rachar **1.** *v.tr.* Romper unha cousa de tea, papel, ou dun material semellante tirando dela ou exercendo sobre ela unha forza. **2.** *v.tr.* Fender co machado de forma lonxitudinal un tronco ou unha póla. *var.* **raxar**. **3.** *v.tr.* Fender, gretar a madeira. **4.** *v.tr.* Sacaren as mulleres a casca do liño sobre o corte dunha táboa, suavizándoa e poñéndoo en cerros para restrelalo e clasificar a parte máis fina, o liño, e o demais, a estopa. **7.** *v.tr.* Abrir ou lañar un corpo sólido sen dividilo de todo.

Racho **1.** *s.m.* Estela, anaco de madeira esgazado dun tronco. **2.** *s.m.* Talo das hortalizas. **3.** *s.m.* Greta de madeira. **4.** *s.m.* Pedra plana e delgada.

Rachón **1.** *s.m.* Racha grande. **2.** *s.m.* Estela de gran tamaño, gallo dunha póla dunha árbore. **3.** *s.m.* Anaco de leña para o lume. **4.** *s.m.*

Postes de madeira sen traballar que serven para cerrar as fincas. **5.** *s.m.* Estela grande que se orixina ao fender a madeira. **6.** *s.m.* Fendedura de gran tamaño.

Rafia **1.** *s.f.* Árbore das palmáceas (*Raphia raffia*) con follas pinnadas moi grandes. **2.** *s.f.* Fibra filosa extraída desta planta que se emprega para atar feixes, para atar a viña ou para asegurar os enxertos.

Ragandixa* véxase **fenda**.

Ragaña véxase **regaña**.

Raguar *v.tr.* Calcinar o mineral de ferro ao aire libre antes de botalo na fragua.

Raia **1.** *s.f.* Liña que divide o cabelo en dúas partes. *sin.* **carreiro**. **2.** *s.f.* Debuxo fino e alongado nun papel. *sin.* **liña**. **3.** *s.f. pl.* Xogo infantil que consiste en ir desprazando unha pedra, á pata coxa, por varias casas debuxadas no chao e procurar non pisar as raias. *var. mariola*.

Raiar **1.** *v.tr.* Facer ou trazar raias, riscar. **2.** *v.tr.* Facerlle un pequeno corte a unha castaña para que non estoupe ao asala. *sin.* **amozcar**. / **3.** *v.intr.* Emitir raios o sol, sobre todo ao amencer.

Raiela *s.f.* Animal bastante venenoso e parecido á coca de cen patas (*Lepisma saccharina*), aínda que máis plano, con patas máis longas e abertas e de tamaño maior tamaño, que vive onde hai humidade.

Raigaña véxase **raigaño** **1**.

Raigaño **1.** *s.m.* Raíz grosa e profunda dunha árbore que é difícil de arrincar. *var.* **raigaña**. **2.** *s.m.* Aresta, rebordo dun dente ou moa.

Raigón *s.m.* Variedade de castiñeiro.

Raigona *s.f.* Castaña que produce o castiñeiro *raigón*.

Raiña **1.** *s.f.* Muller que goberna un reino por herdanza familiar. **2.** *s.f.* Aquela muller que domina, que ten o poder ou control sobre algo, ou que sobresaie entre os da súa clase. **3.** *s.f.* Femia fecunda e predominate dunha colmea.

Raio **1.** *s.m.* Feixe de luz ou calor que irradia un corpo luminoso. **2.** *s.m.* Descarga eléctrica producida entre dúas nubes ou entre as nubes e a terra.

Raiola *s.f.* Caloriña morna do sol de inverno ou de primavera.

Raiota, -to 1. *s.f.* Cría do xabáril. 2. *s.f.* Persoa orixinaria ou habitante da raia, da fronteira, entre dous territorios.

Raíz 1. *s.f.* Parte das plantas por onde estas se nutren que polo xeral está situada baixo terra e serve tamén para que a planta se sosteña en pé. 2. *s.f.* Punto en que algo se fundamenta ou ten orixe.

Raizada *s.f.* Conxunto de raíces. *sin.* **raizame**.

Raizame véxase **raizada**.

Ral *s. m.* Moeda que equivalía a 25 céntimos de peseta e hoxe equivalería a 0,0015 euros.

Rala, -lo *adx.* Algo pouco espeso, separado.

Ralba *s.f.* Primeira aradura que se dá á terra.

Ralbar 1. *v. tr.* Dar a primeira arada ou labor á terra de sementeira. 2. *v. tr.* Dar a primeira arada ou labor á terra para poñela en cultivo.

Ralecer 1. *v. intr.* Quedar, nacer ou crecer moi separadas as plantas. 2. *v. intr.* Ter ou estar moi separadas as cousas con grandes intervalos entre unhas e outras.

Ralleira *s.f.* Bordo ou beira dunha cousa, especialmente dos barrotes ou do pau *lagueiro* da cama ou doutros mobles. *var.* **rilieira; relleira**.

Ralura *s.f.* Calidade de ralo, calva no pelo, nun monte ou nun arboredo.

Rama *s.f.* Extensión do talo dunha planta ou do tronco dunha árbore. *sin.* **cana, póla, galla**.

Ramal 1. *s. m.* Corda grosa que se emprega para levar os animais de tiro. 2. *s. m.* Camiño secundario que arrinca doutro.

Ramalar 1. *v. tr.* Conducir unha besta polo ramal. 2. *v. prnl.* Deixarse conducir o cabalo.

Ramalazo *s. m.* Golpe que se dá co ramal ou con algo flexible.

Ramallada *s.f.* Morea de pólas cortadas amontoadas no chao.

Ramallo 1. *s.m.* Póla pequena e con follas dunha árbore. 2. *s.m.* Conxunto de pólas ou canas dunha árbore.

Ramo 1. *s. m.* Póla da aciñeira, xeralmente adornada de flores, rosquillas e tortas, que leva un mozo ou moza, nalgúnhas aldeas, á igrexa a noite do nadal ou o día da festa do patrón para celebrar a tradicional festa do Ramo. 2. *s. m.* Composición poética, xeralmente en romance popular, que se recitaba na igrexa durante as festas do nadal ou patronais. 3. *s. m.*

Conxunto de flores ou pequenas ramas que se combinan de xeito que formen un todo estético. *sin.* **ramallete**.

Ramón *s. m.* Conxunto de ramallos grandes do carballo e chopo que cortan os montañeses en setembro para teren comida as ovelas e cabras durante o inverno nos días en que estes animais non poden saír ao campo.

Ramonear *v. intr.* Comerem os animais os gromos das puntas das árbores e arbustos.

Rampla *s.f.* Terreo inclinado entre dous puntos situados a distintos niveis, normalmente no camiño de entrada a algunhas quintas ou currais.

Rancaña, -ño *adx.* Persoa ou animal estéril.

Rancha, -cho véxase **cocha, -cho**.

Rancha, -cho véxase **xabárin, -ña**.

Rancia, -cio 1. *adx.* Alimento que colle un sabor, textura ou olor desagradables polo exceso de tempo transcorrido para o seu consumo. *sin.* **resesa, -so**. 2. *adx.* Dise do que existe dende hai moito tempo e por iso está fóra de uso.

Ranciura *s.f.* Calidade de rancio.

Rancolla, -llo 1. *adx.* Persoa ou animal coxo ou que anda medio torto. *sin.* **renca, -co; renga, -go**. 2. *adx.* Home ou animal masculino que só ten un testículo. *var.* **rencolla, -llo; roncolla, -llo**.

Ranga, -go* véxase **renga, -go**.

Rangallar véxase **ranquear**.

Rangaño *s. m.* Resto de algo.

Rangua *s.f.* Viga sobre a que xira o rodicio.

Ranguela, -lo* véxase **renga, -go**.

Ranquear *v. intr.* Coxear, andar con dificultade por causa dunha dor, da fatiga ou dun defecto físico. *var.* **rangallar**.

Ranqueiro 1. *s. m.* Instrumento de madeira de forma máis ou menos rectangular, con dentes de ferro nun dos seus extremos ou no medio, sobre os que se pasa o liño para separarlle a estopa. 2. *s. m.* Ferramenta de moitos dentes curtos que serve para recoller a herba sobre o prado ou as pallas dos cereais. 3. *s. m.* Peite de pugas moi fortes. *sin.* **rascaño**.

Raña 1. *s.f.* Instrumento de ferro con tres ou máis pugas longas que serve para cavar os hortos, sementar cebolas, fabas e para sacar patacas, que tamén se emprega para carrexar a herba dun lugar a outro facendo montois ou

meténdoa no carro. / **2. adx.** Algo corto superficial, a rentes do chan, que non sobresae cara arriba.

Rañada véxase **pasadeiro**.

Rañar *v. tr.* Fretar coas uñas de modo máis ou menos forte unha zona do corpo onde se sente proído. *sin.* **rascar**.

Rañas véxase **raspiñeira, -ro**.

Rañosa, so* véxase **roñosa, -so**.

Rapa **1. s. f.** Especie de paleta de ferro que se usa para cortar a masa do pan na maseira. **2. s. f.** Acción e efecto de rapar. *var.* **rapada, rape**.

Rapaceira, -ro *adx.* Persoa moi amiga dos nenos ou as nenas.

Rapaceirada véxase **rapazada**.

Rapaceiría véxase **rapazada**.

Rapada **1. s. f.** Ferrado cheo pero raso. **2. s. f.** Acción de tosquiar as ovelas.

Rapadeira véxase **rapadoira**.

Rapado véxase **arrasado**.

Rapadoira **1. s. f.** Utensilio composto dunha folla de metal, máis o menos cortante, sen ou con un mango curto, que serve para raspar a maseira ou a pota para facer desprender o que quedou pegado nas paredes. *var.* **rapadeira**.

Rapar **1. v. tr.** Raer o corpo do porco despois de que estea morto. **2. v. tr.** Mondar as patacas. **3. v. tr.** Cortar o pelo ou afeitar a barba. **4. v. tr.** Tosquiar as ovelas. **4. v. tr.** Pasar a rapadoira a unha medida. **5. v. tr.** Pasar o *raseiro* para deixar a medida de gran ata o bordo, sen exceso.

Rapariga, -go véxase **rapaz, -za**.

Rapas *s. f. pl.* Mondas de patacas, residuos, peladuras, relas do que se raspou ou rapou.

Rapaterrón *s. m.* Corte feito nalgunhas árbores, sen deixar pólas que lles sirvan de guías.

Rapaz, -za. **1. s.** Mozo ou moza novos. *sin.* **rapariga, -go**. **2. s.** Persoa que está entre a infancia e a xuventude, entre os 12 e os 18 anos.

Rapazada *s. f.* Conxunto grande de rapaces ou rapazas. *var.* **rapaceirada; rapazallada; rapaceiría**.

Rapazallada véxase **rapazada**.

Rapo *s. m.* Pan sen fermento.

Rapón **1. s. m.** Rapadoira da artesa. **2. s. m.** Rastro de madeira sen dentes con mango longo que serve para manexar as brasas do forno. / **3. adx.** Prenda de vestir de pelo curto ou escaso.

Raposa, -so **1. s.** Mamífero carnívoro da familia dos cánidos (*Vulpes vulpes*) que se caracteriza por ter o focico e as orellas afiadas e o rabo longo e peludo. **2. s.** Peza que posúe varias aplicacións, especialmente para mover a modo de porcas nos parafusos ou para aliviar o muíño. **3. s. f.** Persoa que se apodera do que non é seu. / **4. adx.** Persoa pequena, de baixa estatura.

Raposeira, -ro *adx.* Persoa que ten habilidade, astucia e malicia para conseguir os seus obxectivos. *sin.* **renarte**.

Rapuñar *v. tr.* Roubar algo con muito disimulo para que ninguén o note.

Rapuzar **1. v. tr.** Arrincar ou cortar coa mao, sen axuda de ferramentas, a herba e outras plantas, á altura da terra, de modo que non se arrinque a raíz da planta. *var.* **repuzar; arrapuzar**.

Raquítica, -co véxase **cativa, vo**.

Rara, -ro **1. adx.** Planta mui separada ou mui escasa. **2. adx.** Caldo pouco denso. **3. adx.** Pouco común ou pouco frecuente. **4. adx.** Sospeitosa.

Rarear **1. v. intr.** Ir a menos en cantidade ou número, ata ser insuficiente. **2. v. tr.** Deixar máis rara ou menos densa unha cousa, coma unha plantación ou sementado entresacando algunhas plantas do medio. **3. v. tr.** Espazar, facer menos frecuente unha cousa.

Rasa, -so **1. adx.** Algo chao e liso, sen desniveis. **2. adx.** Algo cheo e liso ata os bordos. **3. adx.** Terreo sen vexetación ou con vexetación de moi pouca altura.

Rasar **1. v. tr.** Pasar a raseira para deixar plana a cantidade que cabe nun recipiente. **2. v. tr.** Poñer a nivel ou nivelar unha superficie.

Rascadelo *s. m.* Terreo de mala calidade, con pedras e penas, que non se pode traballar.

Rascaña véxase **ranqueiro**.

Rascar véxase **rañar**.

Raseira véxase **raseiro**.

Raseiro *s. m.* Semicírculo de madeira, con cuxa parte recta se rasan polo bordo dun recipiente as medidas de áridos, coma o cuartal. *var.* **raseira**.

***Rasgadalla, -llo** **1. adx.** Algo roto, esfarrapado ou desgarrado. **2. adx.** Persoa que leva as roupas ou vestidos rotos.

Raspa 1. *s.* Pouca cantidade de algo, especialmente de alimentos coma o bacallau, o pan ou o xamón. 2. *s.f. pl.* Residuos de algo, polo común comestibles, que se recollen ao repañar. 3. *s.f. pl.* Residuos, restos da masa que, ao facer o pan, quedan na maseira. 4. *s.f. pl.* Cuberta exterior máis ou menos grosa dalgúns froitos, como a pataca, a laranxa ou a mazá. / 5. *adx.* Persoa aproveitada, raspiñeira.

Raspadoira *s.f.* Obxecto ou espátula que se utiliza para raspar o que queda pegado a unha superficie.

Raspar 1. *v. tr.* Pasar un obxecto cortante ou áspero por unha superficie para limpala e alisala. 2. *v. tr.* Rozar lixeiramente contra algunha cousa. 3. *v. tr.* Quitarlle a monda ás patacas. 4. *v. tr.* Quitarlle os pelos á pel do porco cando se mata. *sin.* **rascar**.

Raspiña véxase **raspiñeira, -ro**.

Raspiñar *v. tr.* Roubar ou furtar con destreza e sutileza cousas pequenas ou de pouco valor.

Raspiñeira, -ro 1. *adx.* Persoa que furta cousas de pouco valor. 2. *adx.* Persoa rateira. *sin.* **rañas; raspiña**.

Raspón *s. m.* Vascullo do acio.

Rasqueta 1. *s.f.* Instrumento que se usa para limpar as cabalerías e que se compón dunha chapa de ferro con catro ou cinco serras de dentes miúdos e romos e dun mango de madeira ou unha asa. 2. *s.f.* Viño frouxo ao que se lle engade auga durante a fermentación; adóitase facer das uvas temperás que se collen con dúas semanas de antelación.

Rastelar véxase **rastrelar**.

Rastelo 1. *s. m.* Rastro que serve para recoller a herba ou a parva. 2. *s. m.* Angazo que serve para recoller o liño. 3. *s. m.* Carda, táboa con pugas sobre as que se alisa o liño.

Rastra 1. *s.f.* Grade, armazón de madeira con pinchos de metal que se emprega para desfacer os terróns da terra ou tamén o abono ou para apañar do chao a herba ou a palla. 2. *s.f.* Taboleiro grande que leva incrustados dentes de ferro, que se engancha á xunta e serve para esmíuzar a terra, aplanala ben e, de forma ocasional, pode empregarse para gradar.

Rastradura *s.f.* Labor que se fai coa **rastra** para desfacer os terróns e preparar a terra para a sementeira.

Rastre 1. *s. m.* Instrumento agrícola composto dun mango longo e delgado cruzado nun dos seus extremos por un traveseiro armado de púas de madeira de dentes, que serve para recoller herba, palla ou brozas. *sin.* **angazo**. 2. *s. m.* Sinal que deixa no chao un pé ao pisar ou as rodas dun vehículo ao pasar.

Rastrear *v. intr.* Servirse do rastro e da **rastra**.

Rastrega, -go 1. *adx.* Persoa que emprega procedementos baixos e desprezables para conseguir os seus propósitos. 2. *adx.* Plantas que crecen pegadas ao chao, ás cepas etc.

Rastreiro *s. m.* Taboado de madeira que serve para o transporte por arrastre de cousas de peso tirando por el dunha corda. *sin.* **corza**.

Rastrelar 1. *v. tr.* Pasar o liño polo restrelo para tirarlle a estopa. 2. *v. tr.* Recoller co rastro a parva nas eiras ou a herba segada nos prados. 3. *v. tr.* Pasar a **rastra** polas sementeiras. *var.* **rastelar**.

Rastrelo 1. *s. m.* Táboa con puntas de ferro dispostas en forma circular sobre as que se pasa o liño ou o cáñamo para separar a estopa das fibras. 2. *s. m.* Táboa con moitos dentes de ferro ou madeira, encaixada nun mango longo, que serve para recoller herba, palla ou abono. *var.* **rastro**.

Rastro 1. *s. m.* Cada unha das pólas delgadas da vide estradas polo chan. 2. *s. m.* Artefacto de madeira con dentes destinado a recoller a herba. *var.* **rastrelo**. 3. *s. m.* Camiño estrado de palla, que se fai dende a casa do noivo á casa da noiva cando se lles descobre o noivado. 4. *s. m.* Especie de angazo de ferro, con dentes curvos, utilizado para arrincar ou arrastrar o abono orgánico. 5. *s. m.* Sinal que deixa no chan un pé ao pisar ou as rodas dun vehículo ao pasaren.

Rastrollo* véxase **restrollo**.

Rata 1. *s.f.* Mamífero roedor do xénero *Rattus* máis grande có rato e que se alimenta de todo tipo de desperdicios.

Rateira 1. *s.f.* Trampa para cazar ratos. 2. *s.f.* Nial de ratos, lugar onde se refuxían os ratos. *var.* **rateiro**. 3. *s.f.* Escondidoiro, lugar propicio para gardar cousas, especialmente as de pouco valor que foron furtadas. / 4. *adx.* Persoa que furta cousas de pouco valor.

Rateiro véxase **rateira** 2 e 4.

Ratía véxase **ratíña**.

Ratíña *s. f.* Tipo de vaca que ten o pelo gris, semellante ao da rata. *var.* **ratía**.

Rato *s. m.* Pequeno roedor da familia dos múridos (*Mus musculus*), de cor gris ou parda e rabo delgado e longo, do que existen diversas especies, algunhas delas propias das casas e outras do campo.

Ratoniar **1.** *v. tr.* Apoderarse dunha cousa allea sen que o saiba o dono. **2.** *v. tr.* Encher de furados un obxecto.

Ravedo *s. m.* Lugar propicio para os ravos.

Ravo *s. f.* Planta das crucíferas (*Raphanus sativus*) de follas ásperas e grandes e raíz comestible en forma de fuso ou cilindro, de carne branca e sabor picante.

Raxar* véxase **rachar**.

Raxeira **1.** *s. f.* Espazo breve de tempo en que loce o sol nun día de chuvia. *var.* **raxeirada**. *sin.* **soleirada**. **2.** *s. f.* Lugar onde dá ben o sol.

Raxeirada véxase **raxeira**.

Raxo **1.** *s. m.* Anaco magro de carne fresca de porco. **2.** *s. m.* Pedra de pequeno tamaño que serve para retacar.

Raxón, -xoa **1.** *adx.* Algo de cor apagada, claro e pouco intenso. **2.** *adx.* Ollos de cor azul, de cor clara.

Raza *s. f.* Conxunto de individuos que teñen unha ascendencia común e uns trazos físicos comúns.

Razada **1.** *s. f.* Chuvisca que se alterna co sol. **2.** *s. f.* Golpe breve de vento e auga.

Razón **1.** *s. m.* Noticia transmitida dunha persoa a outra, recado, aviso. **2.** *s. m.* Capacidade de pensar, xulgar e coñecer valéndose da intelixencia. **3.** *s. m.* Verdade ou acerto no que se fai ou se di. **4.** *s. m.* Causa, motivo, explicación ou xustificación.

Rea *s. f.* Serie de moitas cousas que están colocadas, suceden ou se mencionan pola súa orde.

Real **1.** *s. m.* Moeda que equivalía a 25 céntimos de peseta. **2.** *adx.* Relativo ou pertencente ao rei, á raíña ou á realeza.

Realeza *s. f.* O rei, a raíña e os seus familiares.

Reata **1.** *s. f.* Corda que se emprega para atar a carga sobre as cabalerías. **2.** *s. f.* Ringleira de bestas atadas unhas a outras por un ronzal.

Rebaixa **1.** *s. f.* Acción ou efecto de rebaixar. **2.** *s. f.* Cantidade que se desconta doutra maior. **3.** *s. f.* Venda de produtos a un prezo máis baixo do que viñan tendo. **4.** *s. f.* Período de tempo en que se realiza esa venda.

Rebaixar **1.** *v. tr.* Facer máis baixo o nivel ou superficie horizontal dun terreo ou outro obxecto. **2.** *v. tr.* Facer un prezo máis baixo.

Rebaixe *s. f.* Parte do canto dun madeiro ou outra cousa onde se diminuíu o espesor por medio dun corte a modo de rañura.

Rebanda *s. f.* Porción ou corte fino, ancho e longo que se extrae dalgún alimento, coma o pan ou o xamón. *var.* **rabada***, **rabanda***.

Rebandar *v. tr.* Cortar en rebandas.

Rebato *s. m.* Toque de campá que serve para avisar á veciñanza de que hai lume na aldea ou no monte.

Rebelico **1.** *s. m.* Adorno, debuxo, moldura da madroña. **2.** *s. m.* Adorno pequeno na roupa, puntilla, bordado.

Rebentar **1.** *v. tr.* Rachar algo bruscamente a causa dunha implosión ou presión interior. *var.* **arrebentar**. *sin.* **estoupar**. **2.** *v. tr.* Agromar de repente. / **3.** *v. tr.* e *v. intr.* Fatigar muito unha persoa ou un animal por exceso de traballo. *sin.* **esgotar**.

Rebento *s. m.* Vultioño que nunha planta anuncia a saída de talos, follas ou flores. *sin.* **botón**, **gallo**, **gromo**.

Rebentón **1.** *s. m.* Rotura brusca da cuberta ou da cámara de aire dunha roda causada por un golpe, un obxecto punzante ou un quecemento anormal. **2.** *s. m.* Costa pendente, que resulta dificultosa para que se suba por ela.

Rebilbar *v. intr.* Soar un corpo no aire emitindo un zunido.

Rebincar* véxase **rebrincar**.

Rebinco* véxase **rebrinco**.

Reberete **1.** *s. m.* Adorno ou remate dun bordo. **2.** *s. m.* Enfeite ou adorno esaxerado ou ridículo.

Reberitar véxase **rebritar**.

Rebritar *v. tr.* Adornar con reberetes.

Reblo* véxase **rebro**.

Rebo *s. m.* Taco de madeira ou pedra que se emprega como calzo para mover pedras grandes nas canteiras. *sin.* **calza**.

Rebola véxase **rebolo**.

Rebolal* véxase **reboleira**.

Rebolaxa 1. *s. f.* Cana ou póla do carballo. 2. *s. f.* Planta pequena do carballo.

Reboleira *s. m.* Lugar poboado de rebolos. *sin.* **rebolar, rebolido, robleda, robledo.**

Rebolo 1. *s. m.* Árbore caducifolia da familia das fagáceas (*Quercus pyrenaica*) de gran tamaño, cerna moi dura, copa ampla, que ten como fruto a landra. *var.* **rebola.** *sin.* **carballo, caxigo.** 2. *s. m.* Carballo grande. 3. *s. m.* Carballo máis pequeno cá rebola pero maior cá mata.

Rebordar *v. intr.* Líquido ou outro contido saír fóra dos bordos do recipiente que o contén ou do lugar en que está. *sin.* **desbordar.**

Rebre véxase **rebrego.**

Rebro 1. *s. m.* Grava miúda ou cascallo formado por fragmentos de ladrillos, barro, cantos rodados ou outros materiais que se usan para reencher os ocos de cimentos en construcións e albanelería. *var.* **reblo*, rebre.** *sin.* **cascallo.** 2. *s. m.* Terra, limo que se forma preto do río.

Rebrincar 1. *v. intr.* Facer cousas que serven de entretemento e diversión como saltar ou correr uns detrás doutros. 2. *v. intr.* Saltar, dar brincos ou saltos, especialmente os cabuxos ou os años. 3. *v. intr.* Saltar de alegría. 4. *v. intr.* Saír de desbandada un animal da corte. 5. *v. intr.* Realizar unha parella xogos ou bromas de carácter sexual. *var.* **rebincar.**

Rebrinco *s. m.* Movemento brusco de extensión das pernas mediante o que se levanta o corpo do chan, por un instante, ou se pasa dun lugar a outro situado a un nivel superior ou igual, pero distante. *var.* **rebinco.**

Rebulir 1. *v. intr.* Algo, alguén que estaba quedo comezar a moverse. 2. *v. intr.* Moverse sen parar e con rapidez. *sin.* **bulir, remexer, remecer.**

Rebular *v. tr.* Descascar por medio de frotación.

Rebullo *s. m.* Montón de cousas desordenadas.

Rebullón 1. *s. m.* Xogo da corda. 2. *s. m.* Unión de silvas ou pólas retortas e anoadas polas puntas sobre as que se colocan *forvilleiras* para coller os paxaros. 3. *s. m.* Tombo que se fai dando un xiro completo no aire.

Rebumbio 1. *s. m.* Conxunto de cousas, de animais ou de persoas, mesturadas entre si sen orde ningunha. 2. *s. m.* Ruído ou confusión

que forma un grupo de animais ou de persoas. *var.* **reurbio.**

Rebuñazo* véxase **rabuñazo.**

Reburbiar véxase **berrar.**

Rebusca *s. f.* Acción de buscar nun lugar onde houbo concentración de persoas (festas, feiras etc.) por se se atopan obxectos de valor, moedas etc.

Rebuscar 1. *v. tr.* Buscar de novo, en particular os frutos que quedaron no seu día sen recoller por non estaren maduros. 2. *v. tr.* Volver ao outro día pola mañá cedo ao lugar da festa para buscar obxectos perdidos como pendentes, cadeas, aneis, moedas etc.

Rebusco 1. *s. m.* Acción de rebuscar. 2. *s. m.* Fruto que queda nos campos despois da colleita. 3. *s. m.* Antigo uso consuetudinario polo que se deixaba a toda a xente entrar nos campos para recoller o fruto que non se apañara na colleita. 4. *s. m.* Acción de recoller as castañas que quedan en calquera souto unha vez que os donos xa soutaron.

Rebuscón, -na *s.* Persoa que rebusca.

Recacha *s. f.* Greta na codia do pan ou dunha árbore.

Recachar 1. *v. tr.* Abrir moito os ollos. 2. *v. tr.* Abrirse, agretarse a codia do pan no forno. 3. *v. tr.* Levantar o rabo ou a saia. *sin.* **refucir.** 4. *v. prnl.* Abrirse de pernas. *sin.* **esparrancarse.** 5. *v. prnl.* Sentarse coas pernas moi abertas e a roupa levantada. *sin.* **escarrancarse; escarrancharse.** 6. *v. tr.* Sacar cara a fóra ou adiante algunha cousa.

Recadar véxase **arrecadar.**

Recadén 1. *s. m.* Parella de vacas que se pon tras o carro cargado para que lle axude á xunguida a retelo nos descensos, tirando cara a atrás dunha cadea enganchada a unha argola na parte traseira do carro e, por outro extremo, á trasga suxeita ao xugo. 2. *s. m.* Argola que leva o carro para enganchar o tiro desta parella. 3. *s. m.* Parede, gabiá, suco ou manchea de pólas que serve para deter algo, coma os frutos que caen das árbores en zonas moi en costa. 4. *s. m.* Parte traseira do carro.

Recado 1. *s. m.* Aviso oral ou escrito. 2. *s. m.* Cousa que se manda facer. *sin.* **mandado.**

Recalcar 1. *v. tr.* Pisar e esmagar a herba na palleira para que ocupe menos volume. *sin.* **encalcar.**

2. *v.tr.* Apertar algo co pé ou coa mao. *sin.* **encalcar**. 3. *v.tr.* Insistir con forza.
- Recantear** *v. tr.* Dirixir as vacas co carro nunha curva ou revolta para que non tropecen.
- Recanto** 1. *s. m.* Ángulo saínte que forma unha rúa, un camiño ou un río ao cambiar de dirección. 2. *s.m.* Lugar afastado e reducido que pode servir de escondedoiro.
- Recastada, -do** 1. *adx.* Animal nacido de pais ou nais de distinta raza. *sin.* **cruzada, -do**. 2. *adx.* Persoa que renega das súas orixes, acento ou país por adoptar os costumes e o acento doutro país diferente. *sin.* **renegada, -do**.
- Recastar** 1. *v.tr.* Cruzar para provocar unha mellora xenética. 2. véxase **renegar**.
- Recatón** *s. m.* Ferro que leva a aguillada no seu extremo inferior e que serve para quitar a terra do arado.
- Recebar** *v. tr.* Dar a primeira capa de argamasa a unha parede, revocar.
- Recebo** *s. m.* Argamasa de cal e areia que se emprega para alisar ou cubrir paredes, revoco.
- Recepar** *v. tr.* Plantar as cepas que faltan nunha viña.
- Rechada*** véxase **rachada**.
- Rechamante** 1. *adx.* De cores vivas e fortes que chaman moito a atención. 2. *adx.* Que chama a atención polo exceso de adornos.
- Rechamar** *v.intr.* Chamar a atención algo polas cores vivas e fortes ou polo exceso de adornos e extravagancia.
- Rechispear** 1. *v. intr.* Despedir chispas. 2. *v. tr.* Despedir pingas os licores cando teñen moitos gases. 3. *v. tr.* Despedir pinguelas o aceite ou a manteiga cando ferven.
- Recia, -cio** 1. *adx.* Persoa forte, resistente, dura, vigorosa. 2. *adx.* Porta que non xira ben nos seus gonzos. 3. *adx.* Dise dun mecanismo que funciona lentamente e con dificultade.
- Recina** *s. f.* Substancia viscosa de orixe vexetal, insoluble na auga e inflamable que se extrae dalgunhas plantas e árbores, en especial do piñeiro.
- *Recodo** *s. f.* Volta que dá o río.
- Recoller** 1. *v.tr.* Coller o que caíu ou o que está no chao. 2. *v.tr.* Recolectar a colleita. *sin.* **apañar**. 3. *v.tr.* Coller e xuntar e ordenar. / 4. *v. prml.* Protexerse dos rigores do tempo ou dun perigo. *sin.* **asubeirarse**.
- Recua** *s.f.* Ringleira de bestas atadas unhas a outras por un ronzal. *sin.* **peada**.
- Recuada, -do** *adx.* Algo que está moi distante ou afastado no tempo.
- Recuar** 1. *v. intr.* Ir, andar, desprazarse cara atrás. 2. *v.intr.* Desandar un camiño. *sin.* **retroceder**.
- Rede** 1. *s. f.* Tecido formado por mallas de diversos tamaños e materiais que se emprega para pescar ou cazar. 2. *s. f.* Conxunto de medios ramificados que serven para comunicar, ligar ou distribuír. 3. *s. f.* Conxunto de establecementos ou servizos dunha empresa ou dun sector. 4. *s.f.* Conxunto de persoas que se relacionan para unha acción en común.
- Redonda, -do**. 1. *adx.* Que ten forma circular ou esférica. 2. *adx.* Que non ten fallos e por iso resulta moi proveitosa. / 3. *s.f.* véxase **redor**.
- Redor** *s.m.* Territorio máis ou menos delimitado que depende ou se relaciona con outra poboación. *sin.* **contorna, redonda**.
- Refacer** *v. tr.* Volver facer algo que está desfeito, que se fixo mal ou que recibiu un dano importante.
- Refacho** *s.m.* Golpe de vento repentino.
- Refaixo** *s. m.* Prenda interior feminina, xeralmente de la branca tecida a mao e con tirantes que recobre o corpo ata por debaixo dos xeonllos, que aínda a usan as mulleres vellas sobre a camisa e debaixo da bata. *var.* **refaxo**.
- Refaxo** véxase **refaixo**.
- Referver** 1. *v. intr.* Ferver con intensidade. 2. *v. intr.* Rosmar, fungar, mostrar desgusto, protestar polo baixo e de forma continuada.
- Refolgar** 1. *v.intr.* Facer un descanso para coller folgos. 2. *v.intr.* Respirar facendo ruído.
- Refollar** *v. tr.* Recoller a folla do millo ao darlle a volta.
- Refolleta** *s. f.* Xogo que consiste en facer entrar unha bóla de madeira na portería contraria, ao golpeala cun pau ou caxato.
- Refrán** 1. *s. m.* Frase curta de forma fixa coa que se expresa un pensamento popular baseado na experiencia, polo xeral con rima e de sentido figurado. 2. *s. m.* Dito agudo ou enxeñoso, chiste. 3. *s.m.* Verso ou conxunto de versos que se repiten regularmente ao final de cada estrofa dunha composición.

Refrega *s.f.* Acción e efecto de refregar ou refregarse.

Refregar **1.** *v. tr.* Frotar fortemente a roupa ao lavalá. **2.** *v. tr.* Pasar con forza e repetidamente unha cousa sobre outra ou unha parte dela contra outra, especialmente os animais contra a parede.

Refrescar **1.** *v. tr.* Limpar a fondo, poñer en orde quitando o que non serve. **2.** *v. tr.* Librar unha planta das follas secas ou danadas.

Refriado *s. m.* Estado morbosos ocasionado pola exposición ao frío ou á humidade asociado con catarro que comporta un aumento da secreción nasal, espirros ou tose. *sin.* **refriamento, arrefriado.**

Refriamento véxase **refriado e arrefriado.**

Refriar véxase **arrefriar.**

Refritir *v. tr.* Volver fritir.

Refrito *s. m.* Condimento que se prepara fritindo con aceite ou manteiga diversos ingredientes como cebola, pemento ou allo. *sin.* **rustrido.**

Refucir **1.** *v. tr.* Volver cara atrás unha cousa, coma a casca dunha puga no momento de enxertala no tronco ou as mangas dunha camisa ou dun vestido. **2.** *v. tr.* Levantar a saia ou o rabo. *sin.* **recachar.**

Refugallo *s. m.* Desperdicio, desfeito de cousas, especialmente da froita. *var.* **refugo.**

Refugar *v. tr.* Retirar, apartar do uso, rexeitar unha cousa porque xa non serve. *sin.* **desbotar, rexeitar.**

Refugo véxase **refugallo.**

***Refunfuñar** véxase **refungar.**

Refungar *v. intr.* Rosmar, protestar por todo, falar entre dentes cando unha persoa está enfadada. *sin.* **fungar, *refunfuñar, remuñar.**

Refunfuñón, -na* véxase **refungón, -na; remuñón, -na.**

Refungo *s. m.* Acción de rosmar.

Refungón, -na* Persoa que sempre está a protestar por todo e sempre de mal xenio. *sin.* **fungón, -na; remuñón, -na.**

Rega **1.** *s. f.* Operación de regar. **2.** *s. f.* Regato ocasional que adoita levar auga de chuvia. **3.** *s. f.* Terreo que se pode regar por haber auga preto e no cal se cultivan plantas que precisan dun rego frecuente. **4.** *s. f.* Sistema ou instalación que serve para regar.

Regacho **1.** *s. m.* Despectivo de *regueiro*. **2.** *s. m.* Suco para regar. **3.** *s. m.* Canle secundaria que serve para distribuír os regos nos prados.

Regadeira **1.** *s. f.* Canle máis estreita có regueiro pola cal se mete o caudal de auga para regar unha finca. **2.** *s. f.* Ferramenta que se utiliza para abrir sucos na terra para que discorra a auga.

Regalicia *s. f.* Planta da familia das leguminosas (*Glycirrhiza glabra*), de follas elípticas e flores azuladas, que ten unha raíz de sabor doce con propiedades medicinais.

Regallas *s. f. pl.* Aberturas ou buratos nas paredes ou nas árbores.

Regaña **1.** *s. f.* Abertura estreita e longa que se produce nun corpo sólido. *var.* **regandixa, regañadura.** *sin.* **fenda, greta, rache.** **2.** véxase **cona.**

Regañadura **1.** *s. f.* Greta na parede dunha casa, nun muro. **2.** *s. f.* Acción e efecto de impedir que algo se manifeste ou desenvolva de maneira libre e natural. *var.* **regañón; regañona.**

Regañar **1.** *v. tr.* Reprender ou censurar alguén. **2.** *v. intr.* Chamarlle a atención a alguén levantando a voz. **3.** *v. prnl.* Fenderse, agretarse unha parede, a pel.

Regandixa* véxase **regaña.**

Regañón* véxase **regañadura 2.**

Regañona* véxase **regañadura 2.**

Regar *v. tr.* Esparexer auga sobre unha superficie, coma a da terra, para beneficiala, ou a dunha rúa para limpala ou refrescala.

Regata **1.** *s. f.* Regueiro pequeno. **2.** *s. f.* Pequena rifa sen importancia.

Regatear *v. intr.* Discutir o prezo de algo posto en venda entre a persoa que compra e a persoa que vende. *sin.* **remaquiar.**

Regato véxase **regueira.**

Regazal *s. m.* Fogar da ferrería onde se coloca o ferro para quentalo.

Rego **1.** *s. m.* Acción e efecto de regar. **2.** *s. m.* Suco lonxitudinal na terra. *sin.* **olga.** **3.** véxase **regueira.**

Regoxo **1.** *s. m.* Anaco de pan duro con moita codia. **2.** *s. m.* Parte do pan que corresponde aos extremos ou aos bordos. **3.** *s. m.* Bordo da empanada. **4.** *s. m.* Coroa da fogaza, primeiro

anaco que se corta da fogaza en redondo. *var.* **rigoxo***.

Regueira 1. *s.f.* Curso de auga pouco abundante. *sin.* **rego; regueiro; rigueiro***; **regato**. **2.** *s.f.* Liña que se marca con algo. **3.** *s.f.* Canle que se usa para tomar a auga e conducila a onde é aproveitada. **4.** *s.f.* Pequeno suco natural polo que corre a auga. *var.* **regueira, regato**.

Regueiro véxase **regueira**.

Reguichada, -do 1. *adx.* Que camiña co focido ou a cara moi erguida. **2.** *adx.* Persoa pequena pero moi fachendosa.

Reguichar *v. tr.* Erguir o rabo ou as orellas un animal.

Rei 1. *s.m.* Xefe soberano que, nalgúns estados, herda o poder do seu antecesor. **2.** *s.f.* Aquel que domina, que ten o poder ou control sobre algo, ou que sobresaé entre os da súa clase. **3.** *s.m.* Neno ou persoa mui estimada. **4.** *s.m.* Semente negra do millo.

Reineta *s.f.* Caste de mazá mui aromática, de forma aplanada, cunha mancha na pel arredor do rabo e de sabor algo acedo.

Reinín *s.f.* Porco máis pequeno da camada.

Reino *s.m.* Territorio gobernado por un rei ou raíña.

Reiseñor *s.m.* Paxaro pequeno da familia dos túrdidos (*Luscinia megarhynchos*), de cor castaña, máis arrubiada na cola e clara no ventre, que ten sona pola fermosura do seu canto. *var.* **roiseñor**.

Reixa 1. *s.f.* Rebanda de pan untada con manteiga, ás veces con touciño ou callada, ao que se lle bota por riba azucre ou un chorro de mel. **2.** *s.f.* Teimosía, persistencia nun propósito. **3.** *s.f.* Entramado formado por barras de ferro paralelas ou cruzadas que se usa como protección de ventás, portas, casas ou leiras.

Relamber 1. *v. tr.* Pasar a lingua repetidas veces por algunha cousa saboreándoa. **2.** *v. tr. e v. prml.* Pasar a lingua polos beizos unha ou varias veces.

Relambida, -do *adx.* Persoa afectada, demasiado pulcra e enfeitada.

Relampar *v. intr.* Producirse relampos ou lóstregos.

Relampo *s.m.* Resplandor intenso e súbito que se produce nas nubes por unha descarga eléctrica durante unha treboada.

Relar *v. tr.* Esmigallar partindo en anacos mui pequenos. *sin.* **rillar**.

Relenta 1. *s.f.* Herba mollada, húmida ao amencer polo efecto do relente. **2.** *s.f.* Relente, humidade que nas noites se nota na atmosfera ou sobre as plantas.

Relente 1. *s.m.* Humidade nocturna. **2.** *s.m.* Brisa fría e nocturna.

Rella 1. *s.f.* Instrumento de ferro que forma parte do arado e serve para romper e remecer a terra. **2.** *s.f. pl.* Táboas ou pasador atravesado que asegura as cambas da roda do carro.

Relleira* véxase **ralleira**.

Relouzar *v. tr.* Colocar de novo as lousas do tellado.

Relustrar véxase **relampar**.

Relustre véxase **relustro**.

Relustro *s.m.* Resplandor vivo e instantáneo producido por unha descarga eléctrica na atmosfera durante unha treboada. *var.* **relustre; arrelustro. sin.** **relampo**.

Remanecer 1. *v. intr.* Nacer auga da terra. **2.** *v. intr.* Xurdir á superficie da terra a auga das capas inferiores. / **3.** *v. prml.* Empozarse a auga.

Remanso *s.m.* Parte dun río, polo xeral preto das marxes, onde a auga vai máis lenta ou se detén.

Remaquiar *v. intr.* Regatear no prezo ao comprar algunha cousa. *sin.* **regatear**.

Remar 1. *v. intr.* Facer que unha pedra grande xire sobre unha calza para os canteiros a colocaren nunha posición conveniente. **2.** *v. intr.* Mover os remos para impulsar unha embarcación.

Remecer véxase **remexer**.

Remeira, -ro *s.* Persoa que rema nunha embarcación.

Remelar 1. *v. tr.* Mirar de forma atravesada unha persoa birolla. **2.** *v. prml.* Contraerse os beizos sacando máis o inferior có superior. *var.* **arremelar**. **3.** *v. intr.* Abrir os ollos desmesuradamente, movéndoo ao mesmo tempo, brillar moito os ollos.

Remelgar 1. *v. tr.* Xuntar varias cousas distintas formando un todo ou un conxunto desordenado. **2.** *v. tr.* Pór un remendo a algo.

Remelón, -na 1. *adx.* Persoa birolla, que ten a vista torta e os ollos saltóns. *sin.* **remeluda, -**

- do. 2. adx.** Persoa que mira cos ollos mui abertos.
- Remeluda, -do adx.** Persoa que ten os ollos torcidos e saltóns. *sin.* **remelón, -na.**
- Remendar v.tr.** Arranxar un buraco ou un rache na roupa coséndolle enriba un anaco de tea.
- Remendo s. m.** Peza de tecido coa que se tapa e se cose un roto.
- Remestura s. f.** Xunta de gandos de diversos donos para pastorealos en común.
- Remesturada, -do adx.** Dúas ou máis substancias revoltas ou mesturadas.
- Remesturar 1. v. tr.** Xuntar obxectos de distinta clase, calidade ou condición. **2. v. tr.** Mesturar, envolver nunha masa unhas cousas con outras. **3. v. tr.** Xuntar varias cousas distintas formando un todo ou un conxunto desordenado.
- Remexer 1. v. tr.** Dar voltas de forma continua dentro dun recipiente. *sin.* **remecer, revolver, remover. 2. v. tr.** Mover desordenando e atrapallando todo. *sin.* **remecer, revolver.**
- Remesturo s. m.** Mestura de cousas diferentes.
- Remo s. m.** Panca de madeira longa e estreita, en forma de pa, que se usa emprega para impulsar embarcacións facendo forza na auga.
- Remollar v. tr.** Mollar algo totalmente, mergullándoo en auga ou noutro líquido para que abrande ou para lle tirar o sal.
- Remollo s. m.** Acción de estar ou de pór unha cousa dentro da auga durante un tempo.
- Remonta s. f.** Remendo decorativo que se coloca coa intención de disimular unha rotura.
- Remontar 1. v. tr.** Arranxar ou remendar unha prenda de vestir de maneira curiosa que dea a sensación de artística. **2. v. prnl.** Encolerizarse, ensoberbecerse, alporizarse.
- Remonte s. m.** Acción e efecto de remontar.
- Remotieira, -ro adx.** Persoa que pon alcumes ou alcuños.
- Remuñar v. intr.** Rosmar, protestar, rifar polo baixo, fungar. *sin.* **refungar.**
- Remuñón, -na adx.** Persoa rosmona, que fala entre dentes, anoxada e malhumorada. *sin.* **refungón, -na.**
- Renarte 1. adx.** Persoa bruta, testuda, protestona. **2. adx.** Persoa astuta. *sin.* **raposeira, -ro.**
- Renartería s. f.** Astucia e mañas propias do raposo ou dunha persoa astuta e maliciosa. *sin.* **raposería.**
- Renca, -co véxase renga, -go.**
- Rencolla, -llo véxase rancolla, -llo.**
- Rend**
- Renda 1. s. f.** Diñeiro que produce un capital ou unha propiedade arrendada. **2. s. f.** Diñeiro que se paga regularmente por unha propiedade alugada. *var.* **arrendamento. 3. s. f.** Corda que suxeita a cabeza dos cabalos e serve para guialos.
- Rendemento s. m.** Beneficio ou renda que se produce.
- Render 1. v. tr.** Realizar actos de submisión ou respecto. **2. v. intr.** Deixar sen forzas. **3. v. intr.** Producir un beneficio ou utilidade. **4. v. intr.** Realizar unha determinada tarefa ou funcionar correctamente. **5. v. prnl.** Deixar de opoñer resistencia nunha pelexa ou nunha discusión.
- Renegado véxase recastado.**
- Renegar 1. v. intr.** Mostrar desprezo para a propia orixe. **2. v. tr.** Negar insistentemente.
- Renegrida, -do adx.** Algo moi negro.
- Renegrón s. m.** Negrón, hematoma na pel a causa dun golpe.
- Reñer v. tr.** Reprender ou corrixir a alguén con algún rigor ou ameaza.
- Renga, -go adx.** Persoa ou animal que coxea, ben pola falta dun pé ou pola perda do uso normal deste membro. *var.* **ranga, -go; renca, -co; ranguela, -lo.**
- Renguilete 1. s. m.** Chorro pequeno ou fio dalgún líquido. **2. adx.** Persoa espelida.
- Renovar v. tr.** Arranxar os termos de quintas ou xurisdicións.
- Renque s. m.** Nivel máis baixo ao que se corta algo, ao nivel do chao ou doutra superficie. *sin.* **rente.**
- Rente, A 1. loc. adv.** No nivel máis baixo de corta. *sin.* **renque. 2. loc. adv.** Mui achegado, mui próximo, a rozar.
- Renubeiro 1. s. m.** Ruído forte que acompaña o alustro ao producirse unha descarga eléctrica na atmosfera. **2. s. m.** Ser imaxinario que representa o mal na tradición popular. **3. adx.** Persoa malvada, con malas intencións. **4. adx.** Persoa inquieta, revoltosa.

Renxer *v.intr.* Producir un ruído estridente e molesto. *sin.* **rinchar, chilar, ruxir.**

Reparar **1.** *v. tr.* Volver examinar algo para comprobar a súa exactitude e corrixir os erros que poida haber, ou para recordalo. **2.** *v. tr.* Coser unha peza de roupa por onde está rachada ou moi gastada, imitando o tecido e de maneira que se note o menos posible.

Repaso **1.** *s.m.* Malleira, tunda. **2.** *s.m.* Acción ou efecto de reparar. **3.** *s.m.* Volver estudar para lembrar ben.

Repeirar *v. tr.* Deixar repousar as fogazas e que crezan antes de metelas no forno para a súa cocción.

Repelar **1.** *v. tr.* Cortar as puntas dos gromos e follas das plantas, a excepción da vide. **2.** *v. tr.* Tosquiar as ovellas.

Repelizar **1.** *v. tr.* Poñer os pelos de punta. / **1.** *v. intr.* Tremar con movementos axitados e repentinos. *sin.* **tremelicar.**

Repelo **1.** *s.m.* O que se levanta nunha superficie lisa. **2.** *s.m.* Herba ou pelo que se deixa sen cortar por falta de hablencia no manexo dos instrumentos de corte.

Repeluda, -do *adx.* Persoa ou animal que ten os pelos de punta por frío ou por pánico.

Repenicar *v.tr.* Tocar repetidamente unha campá ou un instrumento de percusión. *in.* repicar.

Repenique **1.** *s.m.* Acción ou efecto de repenicar. **2.** *s.m.* Toque festivo de campás. **3.** *s.m.* Toque coa mao rítmico e vivo dun instrumento de percusión.

Repertorio **1.** *s. m.* Parola, latricada, conto, parrafeo longo, charlatanería inacabable. **2.** *s. m.* Conxunto ou lista de nomes de persoas ou cousas, ordenados de xeito que é fácil atopar calquera deles. **3.** *s. m.* Conxunto de obras, especialmente teatrais ou musicais, que un artista ou compañía tein preparadas para representar ou executar.

Repetón *s. m.* Impulso brusco e inesperado. *sin.* **arroutada.**

Repicar **1.** *v. tr.* Levantar algo, coma as patas ou a cola. **2.** *v. intr.* Soaren repetidamente as campás en sinal de festa ou para anunciar calquera acto. *sin.* **repenicar.** **3.** *v. intr.* Petar de forma insistente nunha porta dando golpes coa chamada ou cos cotenos da mao.

Repicón, -na *adx.* Boi ou vaca que ten os cornos cara arriba.

Repinaldo *s. m.* Variedade de mazá de gran tamaño, forma alongada, moi recendente e sabor exquisito.

Repolar **1.** *s. m.* Terreo sementado de repolos. **2.** *v. tr.* Cortarlle as pólas superfluas a unha árbore ou arbusto. **3.** *v. tr.* Cortar o pelo, especialmente a un animal.

Repolgar **1.** *v. tr.* Coser mal e ás présas. **2.** *v. tr.* Causar rabuñadas, resgar. **3.** *v. tr.* Rachar usando a forza algo que ofrece pouca resistencia. **4.** *v. tr.* Cicatrizar ou cerrar unha ferida.

Repolgo *s.m.* Fío retorto para adornar.

Repolixar *v. prnl.* Estremecerse ou sentir calafríos a causa do frío ou do medo. *sin.* **aterecer, estremecer.**

Repolixo **1.** *s. m.* Tremor brusco por sensación de frío. *sin.* **calafrío.** **2.** *s. m.* Estremecemento intenso causado polo frío, o medo ou a repugnancia. *sin.* **calafrío.**

Repolo *s. m.* Variedade da col de talo groso e baixo e follas moi amplas que se van cerrando unhas sobre outras.

Repoluda, -do **1.** *adx.* Gorda. **2.** *adx.* Garbosa, garrida, louzá.

Repoñer **1.** *v.tr.* Volver a poñer de novo unha cousa no lugar ou estado que tiña anteriormente. **2.** *v.tr.* Substituír o que está estropeado ou xa non funciona. **3.** *v. prnl.* Recuperar a saúde. **4.** *v. prnl.* Tranquilizarse despois dun susto. **5.** *v. prnl.* Opoñerse, facer fronte con palabras e accións. *var.* **arrepoñer.**

Repolvorear **1.** *v. intr.* Esparexer, nevar de forma simultánea chuvia e neve en pó. *var.* **repolvoriar.** *sin.* **entrepazar.** **2.** *v. intr.* Nevar en medio de muito vento. *var.* **repolvoriar.**

Repolvoriar véxase **repolvorear.**

Reportar *v. intr.* Botar gromos unha planta.

Repotro *s. m.* Gromo dunha árbore ou dunha planta.

Repousar **1.** *v. intr.* Deixar de realizar unha actividade. *sin.* **parar, descansar.** **2.** *v. tr.* Apoiar, pousar, descansar.

Repouso **1.** *s.m.* Acción e efecto de repousar. **2.** *s.m.* Descanso, pausa, folganza, inactividade.

Represa *s.f.* Muro ou dique para almacenar auga. *var.* **presa.**

Represar 1. *v. tr.* Limpar os leitos das presas de auga nos prados ou lameiros. **2.** *v. tr.* Deter o curso dunha corrente de auga.

Repulgo 1. *s. m.* Engurra das teas, prego nos bordos da roupa, da empanada ou da torta. **2.** *s. m.* Cicatriz que deixa unha ferida cuxa engurra se nota de forma ostensible sobre a pel. **3.** *s. m.* Costura, acción e efecto de coser no remate dunha prenda.

Repunante 1. *adx.* Persoa que non aguenta os demais e ten dificultades para convivir. **2.** *adx.* Persoa que molesta muito e resulta imposible de aturar.

Repuzar* véxase **rapuzar**.

Requeda *s. f.* Acción de deter o gando que se separa do resto do rabaño. *var.* **aqueada**.

Requedar véxase **arrequedar**.

Requeimar 1. *v. intr.* Proer unha ferida. **2.** *v. tr.* Torrar excesivamente un alimento. **3.** *v. tr.* Sufrir queimaduras no corpo polo exceso de sol. **4.** *v. tr.* Estragarse unha planta polo exceso de sol ou de calor.

Requeixada véxase **requeixo**.

Requeixo 1. *s. m.* Terreo abrigado no fondo dun val pequeno, paraxe escondida onde muitas veces se reúne o gando. *var.* **requeixada**. **2.** *s. m.* Produto sólido e brando que se obtén do soro do leite callado. *var.* **requeixón***.

Requeixón véxase **requeixo 2**.

Requichar 1. *v. intr.* Alzar, erguer o rabo os animais, especialmente o gando vacún cando foxe de algo. **2.** *v. intr.* Andar con aire moi fachendoso e presumido. **3.** *v. tr.* Levantar a saia. *sin.* **recachar, refucir**.

Requiscada, -do *adx.* Persoa presumida, que se acicala moito.

Rescaldo 1. *s. m.* Brasas que se conservan entre a cinza despois de arder. *var.* **rescoldo**. **2.** *s. m.* A mesma cinza. *var.*rescoldo*. *sin.* **borrallo**.

Rescatar 1. *v. tr.* Recuperar o gando que foi collido en leira allea pagando unha multa. **2.** *v. tr.* Salvar dun perigo ou opresión.

Rescate 1. *s. m.* Prezo ou diñeiro que se paga por rescatar o gando. **2.** *s. m.* Salvamento, redención.

***Rescoldo** véxase **rescaldo**.

Resculingar 1. *v. prnl.* Abanearse nun arrandeadoiro. **2.** *v. prnl.* Oscilar con

movimentos periódicos ou sobre algo que ten movementos periódicos. *var.* **esculingarse**.

Reseca *s. f.* Acción de secar unha parte do río ou un pozo para coller truitas, anguías e outros peixes.

Resequida, -do *adx.* Pan seco, reseco.

Resgar *v. tr.* Facer anacos ou tiras dunha cousa delgada, coma a tea ou o papel.

Resgón 1. *s. m.* Ferida superficial na pel, feita coas uñas ou cunha cousa afiada. **2.** *s. m.* Rotura, rachón nun vestido ou tea.

Resgueira *s. f.* Refuxio, sitio para abrigarse ou resgardarse.

***Resguñar 1.** *v. tr.* Rabuñar coas unllas ou con algún elemento punzante unha parte do corpo e producir pequenas feridas ou rabuños. *sin.* **rabuñar**. **2.** *v. intr.* Traballar superficialmente un terreo.

***Resguño** *s. f.* Ferida superficial na pel, feita coas uñas ou cunha cousa afiada. *sin.* **rabuñazo, rabuñadura**.

Resón *s. m.* Repetición dun son debido á reflexión das ondas sonoras por un obstáculo. *sin.* **eco**.

***Respigar 1.** *v. intr.* Padeecer calafríos, arrepíarse. **2.** *v. intr.* Contestar desairadamente. **3.** *v. intr.* Rosmar, protestar por todo. **4.** *v. prnl.* Levantarse os bordos da roupa. **5.** *v. prnl.* Sacudirse a besta e gruñir porque algo lle molesta. **6.** *v. intr.* Salpicar con auga.

Respígón 1. *s. m.* Padrasto dos dedos, pel que se levanta cerca das unllas. / **2.** *adx.* Persoa que protesta, que rosma.

***Respingueira, -ro 1.** *adx.* Persoa que contesta ou responde a todo en mal ton ou con malos modais. **2.** *adx.* Persoa que fai as cousas de mala gana e rosmando.

Resquicio *s. m.* Irritación da gorxa. *var.* **rasquizo**.

Restalar *v. intr.* Producir ou provocar un estalido ou estoupido.

Restalón 1. *s. m.* Ruído seco que produce unha cousa ao estoupar. **2.** *s. m.* Son que se produce ao crepitar. **3.** *s. m.* Flor da planta silvestre da familia das escrofulariáceas (*Digitalis purpurea*), de talo ergueito, follas basais e inflorescencia de ata trinta centímetros de alto con numerosas flores con forma de alferga, coa corola de cor púrpura ou rosada e interior branco punteado de vermello. *sin.* **sanxoán**.

Restra 1. *s.f.* Trenza que se fai cos allos, coas cebolas ou coas mazarocas do millo para penduralos. **2.** *s.f.* Conxunto de cousas colocadas unhas tras outras.

Restrello* véxase **restrollo**.

***Restrillo** *s.m.* Apeiro formado por un mango longo rematado nun dos extremos por un pau atravesado que ten dentes de madeira ou de ferro formando unha especie de peite. *var. rastro. sin. angazo.*

Restrollo 1. *s.m.* Residuos das canas de pabeas que quedan na terra despois de segala. *var. restrello, rastrollo. 2. s.m.* Conxunto das terras de labor que descansan durante un ano. *sin. poulo.*

Resvalar* véxase **esvarar**.

Resvarar* véxase **esvarar**.

Retacar véxase **arretacar**.

Retallar 1. *v.tr.* Dividir ou cortar en retallos. **2.** *v.tr.* Recortar seguindo as contornas previamente marcadas.

Retallo *s.m.* Anaco ou resto de tea despois de cortar un tecido.

Retornar *v.intr.* Ir de novo ao lugar de onde se partiu ou onde se estivo antes ou volver a unha situación ou estado anterior.

Retorno 1. *s.m.* Cambio mui pronunciado na dirección dun camiño ou dunha estrada. **2.** *s.m.* Acción de retornar.

Retorta 1. *s.f.* Volta, curva nun camiño. **2.** *adx.* Que está mui torta ou retorcida.

Retorteiro *s.m.* Acción e efecto de desconcertar ou desconcertarse.

Retorzón 1. *s.m.* Retorsión grande, especialmente dalgũa parte do corpo. *var. rotorciñón. 2. s.m.* Dor intensa de barriga.

Retouzar *v.intr.* Agromar, botar herba os prados por segunda vez no outono.

Retouzo 1. *s.m.* Segunda pasedura do outono nos prados. **2.** *s.m.* Acción e efecto de *retouzar*. **3.** *s.m.* Brote da herba despois de segala.

Retraída, -do 1. *adx.* Persoa que mostra falta de seguridade e de desenvoltura nas súas relacións cos demais, particularmente coas persoas con quen non ten confianza. *sin. apoucada, -do; covarde; tímida, -do. 2. adx.* Alimento que está en mal estado.

Retranca 1. *s.f.* Habilidade para falar con segundas intencións, en especial cando se

procura unha graza intencionada no que se di.

2. *s.f.* Rotura na roupa, burato nunha prenda de vestir.

Retranco *s.m.* Pau corto e groso.

Retranqueira, -ro *adx.* Persoa que di as cousas con retranca.

Retundir *v.tr.* Redondear, con ferramentas apropiadas, as pezas das rodas do carro para poñerlles lamias.

Reuma *s.f.* Enfermidade da que existen diversos tipos, que afecta ao aparato locomotor e que produce dor e rixidez nas articulacións.

Revance 1. *s.m.* Acción e efecto de rebordar. **2.** *s.m.* Levantamento brusco do terreo.

Revelar 1. *v.tr.* Descubrir algo oculto. **2.** *v.prol.* Darse a coñecer, descubrirse.

Revelgar 1. *v.tr.* Torcer cara un lado. **2.** *v.tr.* Torcer a mirada, ser vesga unha persoa. **3.** *v.tr.* Facer que algo varíe de posición por medio dun movemento en liña curva. **4.** *v.tr.* Pór do revés, darlle a volta a algo. *sin. revirar.*

Revello 1. *s.m.* Conxunto dos animais vellos dun rabaño. **2.** *adx.* Algo ou alguén envellecido, mui engurrado, mui rugosa. *var. revellida, -do*

Revés 1. *s.m.* Parte posterior ou oposta á parte principal. **2.** *s.m.* Desgraza imprevista. **3.** *s.m.* Arrebato, sacudida rápida e violenta dos animais co corpo, a cabeza e os membros. **4.** *s.m.* Marca que queda despois de cicatrizar unha ferida. *var. rové*, rivés*.*

Revexar *v.intr.* Saír un líquido ou outro contido fóra dos límites do recipiente ou do lugar en que está, especialmente ao verter ese líquido noutro recipiente.

Reveza, -zo *s. e adx.* Dise dos nenos rebeldes, caprichosos, testáns e teimudos.

Revilvar *v.intr.* Soar no aire un corpo que se lanzou con violencia.

Revirar véxase **revelgar 4.**

Revirón *s.m.* Correa da sola que os zapateiros cosen á soleta para lle dar forma ao zapato e afianzar mellor a sola.

Revoda *s.m.* Banquete que se fai ao outro día da voda para aproveitar a comida sobranche.

***Revolcar** *v.intr.* Dar a volta. *var. *arrevolcar, envorcar.*

Revolta 1. *s.f.* Ruído confuso producido por berros ou risadas. **2.** *s.f.* Cambio moi

- pronunciado na dirección dun camiño ou estrada. **3. s.f.** Acción de se levantarse contra a autoridade establecida.
- Revolver 1. v.tr.** Dar voltas de forma continua dentro dun recipiente. *sin.* **remecer, remexer, remover.** **2. v.tr.** Mover desordenando e atrapallando todo. *sin.* **remecer, remexer,**
- Rexia*** véxase **reixa.**
- Rezongón, na*** véxase **rezungón, na.**
- Rezungón, -na** véxase **refungón, -na**
- Riada** s.f. Crecida do caudal do río que pode provocar o seu desbordamento. *sin.* **chea, enchente.**
- Riandola** s.f. Serie de persoas ou cousas que están colocadas unha a continuación doutra e que forman unha liña. *sin.* **fileira, ringleira.**
- Riatego** s.m. Seixo redondeado de río. *var.* **riarengo.**
- Riarenga** s.f. Pedra de cuarzo que se usaba para acender o chisqueiro.
- Riarengo** véxase **riarego.**
- Ribeira 1. s.f.** Franxa de terra que está ao lado dun río, dun lago ou do mar. **2. s.f.** Zona de terra que está próxima e dá cara ao mar ou cara ao río. **3. s.f.** Terreo pendente sobre o río.
- Ribeirada** s.f. Costume consuetudinario polo cal nun período acordado se permitía o pasto en común nos prados particulares.
- Ribeiro** s.m. Cada unha das franxas de terreo non cultivadas que separan as leiras ou prados que están na pendente da ladeira.
- Ribrinco*** véxase **rebrinco.**
- Rideira, -ro** *adx.* Persoa agradable que é moi propensa a rir ou a sorrir.
- Rifal** s.m. Lousa grande destinada a formar o aleiro ou beiril do tellado.
- Rifar** véxase **rombar, reñer.**
- Rigoxo*** véxase **regoxo.**
- Rigueira*** véxase **regueira.**
- Rigueiro*** véxase **regueira.**
- Ril** s.m. Cada un dos dous órganos situados na rexión lumbar, aos lados da espiña dorsal, que segregan a urina, especialmente do porco ou doutros animais domésticos.
- Rilar 1. v.tr.** Facer que os dentes produzan un ruído característico ao rozaren uns contra outros. *sin.* **rinchar.** **2. v.tr.** Mastigar ou cortar cos dentes algo máis ou menos duro. *sin.* **roer.**
- 3. v.tr.** Introducir na boca un alimento sólido e mastigalo ata que chegue ao estómago.
- Rillar** v.intr. Producir un son agudo, áspero e desagradable cousas que rozan. *var.* **relar.** *sin.* **esmiuzar.**
- Rilleira*** véxase **ralleira.**
- Rilleiro** s.m. Cada un dos traveseiros da escaleira de mano onde se apoian os pés.
- Rima** s.f. Montón de leña amoreada no monte para ser transportada á aldea en carros ou ao lombo.
- Rinchar 1. v.intr.** Emitir a súa voz o cabalo **2. v.intr.** Rinchar os dentes, chocar os dentes contra outros. *sin.* **rilar.** **3. v.intr.** Cousas ou partes dunha cousa producir certo ruído característico ao rozaren.
- Rincho 1. s.m.** Voz propia do cabalo. **2. adx.** Persoa que actúa ou se comporta sen escrúpulos, sen nobreza, mesmo prexudicando os demais.
- Ringleira** s.f. Fila ou liña de obxectos postos en orde uns tras outros. *sin.* **riandola, fileira.**
- Ripar 1. v.tr.** Quitarlle algo a unha persoa ou cousa. **2. v.tr.** Quitar unha cousa dun lugar tirando por ela. **3. v.tr.** Arrebatarse, separar con violencia. **4. v.tr.** Quitarlle ao liño a baga pasándoo polos dentes do ripo. **5. v.tr.** Separar ou dividir cun instrumento cortante.
- Ripia 1. s.f.** Táboas que se empregan para facer tabiques ou tellados. **2. s.f.** Conxunto de táboas sobre as que se asentán as tellas ou a palla do tellado. **3. s.f.** Acción de ripar o liño. **4. s.f.** Canizo que serve para secar as castañas.
- Ripiador 1. s.m.** Banco de madeira provisto de dous peites, entre cuxos dentes se fai pasar o liño. **2. s.m.** Parte central do lombo, columna vertebral. **3. s.m.** Anaco de carne con óso. **4. s.m.** Anaco de terreo de mala calidade, moi escaso de terra.
- Ripiar 1.** véxase **ripar.** **2. v.tr.** Colocar o madeirame do tellado.
- Ripielo** s.m. Terreo de mala calidade, moi escaso de terra.
- Ripión** s.m. Cada unha das varas delgadas de castiñeiro, xeralmente de dous ou tres metros de lonxitude, que se empregan para facer tabiques.
- Rir 1. v.intr.** Expresar alegría por medio de movementos do rostro e da boca mentres se

emiten ao mesmo tempo uns sons característicos, máis ou menos ruidosos, que expresan alegría. **2.** *v. prnl.* Mofarse de algo ou dalgúen.

Risa 1. *s.f.* Acción de rir. **2.** *s.f.* Son que se emite ao rir.

Risada *s.f.* Risa prolongada. *sin.* **gargallada.**

Riscar 1. *v. tr.* Marcar nunha superficie riscos ou raias. **2.** *v.tr.* Sinalar, facer no terreo onde se ha plantar un viñado os riscos para determinar os valados e puntos que deben ocupar os chantóns. **3.** *v. tr.* Acender os mistos rascando contra unha superficie rugosa. **4.** *v.tr.* Rabuñar, ferir coas uñas ou cun obxecto punzante. **5.** *v.tr.* Borrar marcando unha ou varias raias por riba.

Risco 1. *s. m.* Cada un dos sucos pequenos que se fan no terreo para determinar a disposición que se lle ha dar a un viñado. **2.** *s.m.* Liña, trazo que se fai ao debuxar ou escribir. **3.** *s.m.* Situación de ameaza ou exposición a un perigo.

Riza, -zo *adx.* Pelo ou melena mui ondulados que forman caracois ou espirais.

Robezo *s. m.* Macho bóvido montés (*Rupicabra rupicabra*), do tamaño dunha cabra, co pelo escuro e os cornos lisos e rectos que se dobran cara atrás na punta.

Roca 1. *s.f.* Vara longa e delgado cun extremo convexo onde se enrola a la ou o liño que se vai fiar. **2.** *s.f.* Pedra grande que forma parte da codia terrestre. *var.* **rocha**. *sin.* **pena, penedo.**

Rocada *s.f.* Cantidade de la ou de liño que se coloca e se ata nunha roca para fiar dunha vez.

Rocete *s. m.* Foucín de mango longo para rozar pólas altas ou mato alto que se manexa con ambas as dúas maos.

Rocha véxase **roca 2.**

Roda 1. *s.f.* Peza circular que xira ao redor dun eixe e que pode ser de diversos materiais e ter usos moi diversos, especialmente a do carro. **2.** *s.f.* Pedra ou moa do muíño. **3.** *s.f.* Obxecto con forma circular.

Rodabal 1. *s.f.* Plataforma feita cunha forquita de madeira recia, cuberta de táboas grandes, na parte inferior, sobre os que se colocan pedras para facer peso, coa fin de aplanar a terra. *var.* **rodaco; rodaca; roda.** **2.** *s. m.* Instrumento de madeira formado por unha peza semicircular

e un mango longo, que serve para sacar a brasa, cinza e o pan do forno. *var.* **rodabalo.** *sin.* **rodo.**

Rodabalo véxase **rodabal.**

Rodaca* véxase **rodabal.**

Rodaco* véxase **rodabal.**

Rodada 1. *s.f.* Sendeiro fóra de camiño que forma a pegada do carro ao pasar varias veces polas terras ou prados. **2.** *s.f.* Pegada que deixa o carro no chao. *sin.* **rodeira, carril.**

Rodal *s. m.* Conxunto do eixe do carro coas súas dúas rodas. *var.* **rodeiro.**

Rodalo véxase **rodo 4.**

Rodar 1. *v.intr.* Dar voltas arredor dun eixo. **2.** *v.intr.* Moverse apoiado en rodas. **3.** *v.intr.* Dar voltas polo chao, andar a rolos ou rebolos. **4.** véxase **arrodear.**

Rodear 1. *v. tr.* Dar voltas arredor de algo. **2.** *v.tr.* Poñerse arredor de algo. **3.** *v.tr.* Trillar a palla de centeo.

Rodeira 1. *s.f.* Rodada dun carro no chan. *var.* **rodada.** *sin.* **carril** **3.** *s.f.* Suco lonxitudinal profundo. **3.** *s.f.* Franxa de herba que vai quedando detrás da persoa que sega. **4.** *s.f.* Lugar por onde corren augas torrenciais. **5.** *s.f.* Carreiro, camín aberto no monte para baixar a leña. **6.** *s.f.* Camín de entrada a unha propiedade ou a unha eira. *sin.* **carrúa.**

Rodeiro *s. m.* Conxunto do eixe e rodas do carro. *var.* **rodal.**

Rodela 1. *s.f.* Parte externa da articulación do fémur coa tibia. **2.** *s.f.* Especie de espiral de trapo que se coloca enriba da cabeza e lles serve ás mulleres de coxín para amortecer o peso do que transportan sobre ela. **3.** *s.f.* Cume do tellado de palla. *var.* **rodelo.** **4.** *s.f.* Roda pequena, calquera obxecto redondo e pequeno.

Rodelo 1 *s. m.* Trapo que se utilizaba para fregar, parecido ao actual estropallo. **2.** véxase **rodela 2.**

Rodemio* véxase **rodicio.**

***Rodesmo** véxase **rodicio.**

Rodete *s. m.* Peiteado que consiste nunha trenza que se enrola formando un moño chafado.

***Rodezmo** véxase **rodicio.**

***Rodezno** véxase **rodicio.**

Rodicio *s. m.* Roda hidráulica dos muíños, con paletas curvas e eixe vertical. *sin.* ***rodesmo**, ***rodezmo**, ***rodeznio**, **rodemio**.*

Rodo 1. *s. m.* Instrumento parecido á aixada, con pa grande e mango longo, que se emprega para mesturar a cal coa areia e a auga ao facer a argamasa. **2.** *s. m.* Utensilio formado por un mango que ten nun dos seus extremos unha táboa perpendicular en forma de semicírculo e que se utiliza para xuntar as brasas ou a cinsa no forno ou o grao na eira. **3.** *s. m.* Apeiro de labranza de pa longa e recta, que se usa para cavar. **4.** *s. m.* Ferramenta que se usa para deter ou dirixir por onda vai a auga de rego. *var.* **rodalo**. **5.** *s. m.* Apeiro de labranza feito de madeira que se emprega para romper os terrois e achaiar o terreo. **9.** *s. m.* Trapos, madeiras etc., postas ao redor de algo.

Rodruga *s. f.* Pau groso e aguzado que suxeita a planta, especialmente a vide. *var.* **rodrigón**. *sin.* **estaca**.

Rodrigón véxase **rodriga**.

Rodro véxase **rodo 2**.

Roer *v. tr.* Cortar e esmiazar un alimento cos dentes para comelo. *sin.* **rilar**.

Rogar 1. *v. tr. e v. intr.* Pedir como favor, elevar unha súplica. *sin.* pregar, rezar, suplicar. **2.** *v. tr.* Solicitar por unha instancia.

Rogo *s. m.* Acción ou efecto de rogar. *sin.* **pregaria**, **súplica**, **rezo**.

Roiseñor véxase **reiseñor**.

Rolada *s. f.* Conxunto de pitos que nacen dunha soa vez. *sin.* **niada**, **pitada**, **camada**.

Rolda 1. *s. f.* Porción que resulta de cortar certos alimentos. **2.** *s. f.* Percorrido que se fai por un lugar para vixialo e comprobar se todo está en orde. **3.** *s. f.* Percorrido nocturno que fai un grupo de mozos tocando e bailando, sobre todo para pretender nas mozas. **4.** *s. f.* Tempo ou ocasión en que lle corresponde a cada persoa facer, recibir ou usar algunha cousa, segundo unha repartición previa. *sin.* **quenda**, **vez**.

Roldana *s. f.* Instrumento para levantar pesos, formado por unha roda que xira ao redor dun eixe central e pola cal pasa unha corda ou cadea da que hai que tirar para subir os obxectos.

Roldo 1. *s. m.* Peza ou anaco de madeira longo e groso. **2.** *s. m.* Anaco ou porción de pescado. **3.** *s. m.* Anaco groso e baixo dunha árbore, do que sacan táboas ou o que serve de apoio para cortar leña ou para serrar. **4.** *s. m.* Herba que o segador ou segadora amontoa á súa esquerda ao segar.

Rolete véxase **rolo**.

Rolo 1. *s. m.* Papel ou tea enrolado en forma de cilindro, polo xeral envolvendo algo. **2.** *s. m.* Cilindro arredor do que se enrosca algo. *var.* **rolete**. **3.** *s. m.* Acción e efecto de rodar ou arrolar. **4.** *s. m.* Berce construído de xeito que abanee con facilidade para arrolar os meniños. *sin.* **barrelo**.

Romaría *s. f.* Festa popular arredor dunha ermida ou dun santuario. *var.* **romería**.*

Romballón *s. m.* Insecto himenóptero de cor castaña máis grande cá abella que fai moito ruído ao voar. *sin.* **abellón**.

Rombar 1. *v. intr.* Chamar a atención, reprender ou corrixir a alguén con rigor ou ameaza. *sin.* **rifar**, **reñer**. **2.** *v. intr.* Zumbar mui forte ou facer muito estrondo un motor. *sin.* **soar**, **zunir**. **3.** *v. intr.* Facer un ruído molesto unha persoa, ben ao falar seguido, ben cun obxecto, ata o punto de ser mui pesada.

Rombón véxase **abellón**.

Romear* véxase **rumiar**.

Romería* véxase **romaría**.

Romiar* véxase **rumiar**.

Romper 1. *v. tr.* Facer que unha cousa quede dividida en anacos ou partes, podendo estas chegar a separarse de todo ou non. **2.** *v. tr.* Preparar un terreo para cultivalo por primeira vez, rozándoo e cavándoo mui fondo./ **3.** *v. intr.* Cesar unha relación.

Rompidos *s. m. pl.* Terras que foron antigos bouzas, soutos, prados ou xunqueiras e que agora son terras gañadas para horta e cultivos.

Roncar véxase **roncexar**.

Roncexar *v. intr.* Respirar ruidosamente durante o sono. *sin.* **roncar**.

Roncollo 1. *s. m.* Boi que está a medio castrar. **2.** *adx.* Animal que ten un só testículo. *sin.* **rancollo**. **3.** véxase **rancolla**, **-llo 1**.

Roncón *s. m.* Tubo ou cana longa da gaita de foles que se une ao fol pola parte superior deste e fai de bordón do instrumento.

***Ronda** 1. Véxase rolda. 2. *s.f.* Canción de despedida que os mozos cantaban á noiva a noite anterior á voda.

Rongallo *s.m.* Corazón dunha fruita, coma a pera ou a mazá.

Ronquete *s.m.* Roncón pequeno que sae do fol da gaita e serve para facer dúas ou tres voces.

Roña 1. *s.f.* Sucidade e porcallada pegada con forza a algo. 2. *s.f.* Avaricia, mesquindade. 3. *s.f.* Astucia, sagacidade, falsidade. 4. *s.f.* Enfermidade dalgúns vexetais. 5. *s.f.* Doenza propia das ovellas que lle afecta ás partes do corpo onde hai la e ten muitas carrachas.

Roñar 1. *v.intr.* Chamarlle a atención a alguén levantando a voz. *sin.* rifar, reñer. 2. *v.tr.* Apoderarse dunha cousa allea sen que o saiba o dono ou a dona. *sin.* roubar. 3. *v.intr.* Emitir sons ou palabras incomprensibles en voz baixa, como mostra de enfado ou de protesta.

Roñas véxase **roñicas**.

Roñicas *adx.* Persoa mesquiña, ruíña, avara, agarrada. *var.* roñas; roñosa, -so.

Roñosa, -so 1. *adx.* Persoa que padece roña. 2. *adx.* Persoa porca, sucia. 3. *adx.* Persoa avara, agarrada, ruíña, mesquiña. *var.* roñicas; rañosa, -so.

Rouqueña, -ño véxase **rouqueña, -ño**

***Ronzal** *s.m.* Soga, cordel ou corda que se ata ao pescozo das cabalerías ou das vacas para suxeitalas ou conducilas.

Rouqueiro 1. *s.m.* Cuberta ou capuchón que protexe a rocada na roca. 2. *adx.* Persoa que fai rocas. 3. *adx.* Pertencente ou relativo ás rocas ou ao rock.

Rosa 1. *s.f.* Flor da roseira. 2. *adx.* De cor vermella pálida.

Rosal véxase **roseira**.

Rosca 1. *s.f.* Bolo desta forma feito de fariña triga ou milla, cuberta dun baño feito con clara de ovo, azucre, e salpicado de confeitos de cores e adornado con lazos. 2. *s.f.* Pan pequeno para os cativos de forma circular.

Rosco *s.m.* Invitación que fai o padriño da voda nese día, convidando a trinta e dous litros de viño e á figura do noivo ou da noiva feita de pan doce.

Roscón *s.m.* Doce típico e popular nas festas e nas celebracións familiares que consiste nunha

masa de fariña, ovos e azucre ben batidos e cocida despois ao forno

Roseira *s.f.* Planta da familia das rosáceas (*Rosa sp.*) de talos con espiñas e flores vistosas e mui recedentes. *var.* rosal.

Rosmar 1. *v.intr.* Protestar falando entre dentes. *sin.* fungar, refungar. 2. *v.intr.* Queixarse con enfado. *sin.* fungar, roñar. 3. *v.intr.* Reprender corriindo. *sin.* berrar, rifar, reñer. 4. *v.intr.* Murmurar polo baixo, moumear. 5. *v.intr.* Emitir o gato un son rouco.

Rostrada 1. *s.f.* Carril, pegada da roda. *sin.* rodeira. 2. *s.f.* Golpe que se dá na cara coa man aberta.

Rotar véxase **arrutar**.

Rotobato véxase **motocultor**.

Roubar 1. *v.tr.* Apropriarse de algo pertencente a outra persoa ou que, en xustiza, non lle corresponde. 2. *v.tr.* Colgar unha cousa doutra persoa con engano ou violencia.

Roubo *s.m.* Acción e efecto de roubar ou de apropiarse de algo que pertence a outra persoa.

Rouca, -co *adx.* Persoa afectada de rouquén.

Roupa *s.f.* Conxunto das pezas de vestir ou de calquera outra peza feita de tea, como sabas, manteis ou panos.

Roupeiro *s.m.* Moble grande para gardar roupa, con caixóns, estantes e barras para colgar perchas, e xeralmente pechado con portas.

Roupón *s.m.* Calquera roupa que queda grande ou está mal feita.

Rouqueira véxase **rouquén**.

Rouquén *s.f.* Afección da larinxe que cambia o timbre da voz facéndoa rouca ou mesmo apagándoa total ou parcialmente. *var.* rouqueira. *sin.* afonía.

Rouqueña, -ño *adx.* Persoa que ten a voz rouca por unha afección de larinxe e que a pode levar a perder total ou parcialmente a voz. *sin.* afónica, -co; rouca, -co.

Rousar 1. *v.tr.* Xirar o carro ou un vehículo sobre unha soa roda. 2. *v.tr.* Dar feita unha cousa que leva tempo facela debido ao esforzo que supón. *var.* arrousar.

Roxa, -xo 1. *adx.* Algo de cor vermella-alaranxada polo lume. 2. *adx.* Algo aceso, de cor viva, encarnado ou rubio. 4. *adx.* Algo quente. 5. *adx.* Persoa con ideas políticas de esquerda.

Roxar véxase **arroxar**.

Roxelo *s.m.* Cría da ovella ou doutro animal que non pasa dun ano de idade.

Roxón *1. s.m.* Anaco de carne máis ou menos graxenta ou de febra torrada que queda despois de derreter as graxas do porco no proceso de elaboración da manteiga. *sin. chicharro, chicharrón, turrucho.* *2. s.m.* Carne de porco, picada e adobada para facer chourizos. *sin. chicho, xixo.*

Roza *1. s.f.* Acción ou efecto de rozar. *2. s.f.* Terreo poboado de plantas propias de monte baixo, anaco de terreo que parece limpo ou con escasa vexetación en medio dun monte. *3. s.f.* Suco aberto nunha parede para pasar por el un cabo ou un tubo.

Rozada *s.f.* Parte dun monte que se roza para cultivalo.

Rozadeira *1. s.f.* Especie de fouce de mango longo que serve para quitar herbas e maleza. *var. lanzafouce.*

Rozar *1. v. tr.* Limpar o monte de matas e herbas para convertelo en terra de labradío. *2. v. tr.* Limpar os camiños, beirois, presas e prados de matas inútiles, especialmente nas sebes vivas que os beirean.

Rubia, -bio *1. adx.* Da cor vermella acesa, encarnada. *2. adx.* Dunha cor cobriza.

Rubiá *s.f.* Luz radiante en tons vermellos que tinxe as nubes no horizonte ao abrir o día ou ao atardecer, cando lles dá o sol.

Rubiela *s.f.* Nube avermellada que presaxia chuvia.

Rufa, -fo *1. adx.* Persoa encoraxada, tesa. *2. adx.* Persoa maior forte, áxil, ben conservada. *3. véxase mecosa, so.*

Ruíñ, -ña *1. adx.* Colleita e terra de mala calidade. *2. adx.* Animal delgado, de mal aspecto ou de mala raza. *3. adx.* Persoa desnutrida, especialmente nenos. *4. Adx.* Persoa malvada que engana e sempre anda a facer maldades. *var. ruíño, -ña.*

Ruíño, -ña* véxase **ruín, -ña**.

Rumba *1. s.f.* Danza popular cubana de raíces africanas, bailada xeralmente por unha parella solta, e caracterizada pola súa marcada sensualidade. *2. s.f.* Música que acompaña esta danza. *3. s.f.* Diversión buliciosa e esaxerada.

Rumbar *1. v. intr.* Andar de festa en festa, de xolda en xolda. *2. v. intr.* Zumbar, ruído que fai a buxaina cando baila ben. *3. v. intr.* Facer ruído. *4. v. intr.* Gastar de forma excesiva. *5. v. intr.* Protestar polo baixo.

Rumbido *1. s.m.* Artificio que fan os mozos e as mozas para producir zunzuis, que se compón dunha pequena lámina circular de folia de lata con dous buratos equidistantes do centro, polos cales se fai pasar unha corda, que se estira e afrouxa ata conseguir que a lámina rombe. *2. s.m.* Roncón, parte da gaita. *3. s.m.* Ruído producido polas cousas que zoan ou zumban, zunen. *sin. zoido, zumbido, zunido.*

Rumbo *1. s.m.* Botón que, atravesado cun fío, zumba. *2. s.m.* Manifestación ruidosa de festa. *var. rumbona.*

Rumbona véxase **rumbo 2**.

Rumboso *1. s.m.* Celebración feita con boato e xenerosidade. *2. adx.* Persoa espléndida, xenerosa.

Rumear* véxase **rumiar**.

Rumiallo *s.m.* Cantidade de comida que ten a vaca na boca para rumiar.

Rumiar *v. tr.* Mastigaren os ruminantes por segunda vez os alimentos, devoltos do estómago á boca. *var. romiar*; romear*; rumear*.*

Rustrir *1. v. tr.* Fritir lixeiramente. *2. v. tr.* Derreter. *3. v. tr.* Quitar a graxa das tripas dos porcos. *4. v. tr.* Pelar, limpar outras cousas ao lume ou á calor.

Rustrido *s.m.* Preparado de aceite, manteiga ou graxa con outros ingredientes empregado para condimentar comidas. *sin. refrito.*

Rustrir *1. v. tr.* Fritir un alimento, en particular, aqueles ingredientes cos que se fai o refrito. *2. v. tr.* Botar o refrito a unha comida. *3. v. tr.* Fritir de máis. *4. v. tr.* Queimar e endurecer a pel o sol ou a intemperie.

Rutar* véxase **arrutar**.

Rutio* véxase **arruto**.

Ruxideira* véxase **ruxideiro**.

Ruxideiro *1. s.m.* Axóuxere, xoguete para entreter os nenos pequenos con algo que faga ruído. *var. ruxideira.* *2. s.m.* Bote ou recipiente similar con pedriñas dentro

preparado para facer ruído e escorrentar os animais.

Ruxido **1.** *s. m.* Acción de ruxir. **2.** *s. m.* Son que se emite ao ruxir.

Ruxir **1.** *v. intr.* Facer un ruído forte. **2.** *v.intr.* Emitir grandes berros de cólera. **3.** *v.intr.* Emitir a súa voz o león. **4.** *v. intr.* Facer un ruído áspero e estridente. *sin.* **renxer.**

Sabadego 1. *s. m.* Chourizo feito de callos ou pulmois do porco. **2.** *s. m.* Longaíña feita con carne máis selecta. / **3. adx.** Relativo aos sábados; feira, mercado ou acontecemento que se celebra aos sábados.

Sabadeira *s.f.* Fornada de pan que se coce para a semana.

Sábado *s.m.* Sexto día da semana que vai despois do venres e antes do domingo.

Saber 1. *v.tr.* Ter coñecementos de algo. **2. v.tr.** ter habilidade ou capacidade para facer algo. **3. v.tr.** Estar informado. **4. v.tr.** Aprender de memoria. / **5. v.intr.** Ter sabor. **6. v.intr.** Ser astuto.

Sabiceira, -ro *adx.* Persoa amiga de saber da vida dos demais e intervir en asuntos alleos. *var. sabicheira, -ro; sabichón, -na. sin. picallaverza.*

Sabichar *v. tr.* Fisgar, andar preguntando, intentar saber da vida dos demais.

Sabicheira, -ro *adx.* véxase **sabiceira, -ro.**

Sabichón, -na véxase **sabicheira, -ro.**

Sabor *s.m.* Sensación pracenteira que producen os alimentos nos órganos do gusto e do olfacto.

Saborear 1. *v. tr.* Comer ou beber algo lentamente e con atención, tratando de percibir e de apreciar plenamente o seu sabor. **2. v. tr.** Deleitarse con algo que produce pracer.

Sabugueira véxase **sabugueiro.**

Sabugueiro 1. *s. m.* Arbusto da familia das caprifoliáceas (*Sambucus nigra*), de dous a cinco metros de altura, co tronco de cortiza parda e engurrada e abundante miolo branco, moi ramificado, follas imparipinnadas de cheiro desagradable e flores pequenas e brancas en corimbo. *var. sabugueira. sin. bantieiro.*

Saca *s. f.* Costal grande de malla de esparto.

Sacabeira 1. *s.f.* Anfíbio da familia dos salamándridos (*Salamandra salamandra*), de pel lisa e brillante, de cor negra con manchas amarelas. *sin. salamanca; salamántiga; salamántica. 2. s.f.* Muller malvada.

Sacabocados *s. m. pl.* Instrumento de ferro con boca oca e cortes afiados que serve para tradear e esburacar, especialmente o coiro e o pano.

Sacabocar *v. tr.* Esburacar, perforar e facer buracos.

Sacabrasas *s.f. pl.* Prancha de madeira con mango longo que, a modo de angazo, se emprega para distribuír e sacar as brasas do forno do pan.

Sacada 1. *s.f.* Contido que hai nun saco. **2. s.f.** Cantidade bastante grande e importante.

Sacador, -ra *s.* Persoa que explora a caza no monte.

Sacapeidos *s. m. pl.* Planta herbácea que crece na beira dos camiños, que pode alcanzar o metro de altura e culmina nun acio de flores amarelas.

Sacha 1. *s.f.* Acción de sachar. **2. s.f.** Época de sachar, cando se limpan as malas herbas. **3. s.f.** Aveño de labranza provisto dun mango e unha pa metálica no remate, que serve para sachar.

Sachada *s.f.* Golpe que se dá na terra co sachou ou a sacha.

Sachar 1. *v. tr.* Picar ou remexer a terra co sachou, abrindo e arraxando os sucos e quitando as malas herbas. *sin. Apicachar. 2. v. tr.* Acción de arrincar a herba de entre os froitos..

Sacho 1. *s. m.* Instrumento máis pequeno có legón e con folla triangular que serve para sachar a terra, para limpala, xa sementada ou para quitar as malas herbas. **2. s. m.** Instrumento cunha parte cunha lámina aguzada e a outra con dous dentes, que se usa para os labores da horta.

Sacudida *s.f.* Movemento súpeto e violento.

Sacudidura *s.f.* Movemento brusco e violento do porco na matanza.

Sacudir 1. *v.tr.* Axitar, bater, mover repetidamente dun lado a outro. **2. v.tr.** Quitar de enriba ou apartar violentamente. **3. v.tr.** Golpear, bourar nalgúen. / **4. v.pml.** Axitarse, moverse repetidamente cara aos lados.

Safar *v. intr.* Liberarse de algo molesto ou dunha ameaza ou perigo fuxindo ou agochándose.

Sagrado 1. *s.f.* Edificio destinado á reunión dos fíeis cristiáns para o exercicio do culto da súa relixión. *sin. igrexa, capela, ermida, santuario. 2. s.f.* Lugar onde se enterran os mortos. *sin. camposanto, cemiterio.*

Saia *s.f.* Peza de vestir feminina que parte da cintura, á que vai cinguida, e que pode ser máis ou menos longa.

Saio *s.m.* Vestido longo de tea basta.

Saír *v.intr.* Ir de dentro para fóra dun lugar, un país etc. .

Salagarta* véxase **lagarto**.

Salamanca* véxase **sacabeira**.

Salamántica* véxase **sacabeira**.

Salamántiga* véxase **sacabeira**.

Sal *s.m.* Substancia branca cristalina de sabor característico e solube na auga que se emprega para condimentar e salgar os alimentos.

Salgadoiro *s.m.* Artesa onde se conserva a carne de porco mergullada en sal. *sin.* **saleiro 2***.

Saleiro 1. *s.m.* Recipiente pequeno onde se conserva o sal ou en que se serve o sal na mesa. **2.** véxase **salgadoiro**. **3.** *s.m.* Calidade da persoa ou da cousa que diverte ou fai rir. **4.** *s.m.* Calidade de quen se move con elegancia e desenvoltura, particularmente ao andar. *sin.* **xeito, doaro**.

Salgar 1. *v.tr.* Botarlle sal a un alimento para aderezalo ou conservalo. **2.** *v.tr.* Meter en sal a carne da matanza, conservar con sal.

Salgueira véxase **salgueiro**.

Salgueiral *s.m.* Lugar poboado de salgueiros.

Salgueiro *s.m.* Árbore da familia das salicáceas, (*Salix sp*) de folla caduca, propia de lugares húmidos, da que existen numerosas especies, case todas de ramas longas e flexibles e de follas lanceoladas e tomentosas. *var.* **salgueira**.

Salguña, -ño *adx.* Dise do que ten moito sal ou se relaciona co sal. *var.* **sanguña, -ño**.

Salmoeira véxase **salmoeira**.

Salmoeira *s.f.* Líquido que se prepara con sal e outros condimentos e se utiliza para conservar carnes ou pescados. *var.* **salmoeira, salmueira**.

Salmón 1. *s.m.* Peixe salmónido (*Salmo salar*) de corpo esvelto, cor gris irisada e manchas negras, ventre branco e carne de cor rosada que foi moi abundante no Bierzo ata comezos do século XX porque remontaba polo Miño e polo Sil para desovar. **2.** *s.m. e adx.* Cor rosada coma a carne do salmón.

Salmueira véxase **salmoeira**.

Saltagrá *s.f.* Ave galiñácea (*Coturnix coturnix*) de plumas pardas con raiñas brancas e vermellas no peito, e que vive sobre todo en trigais e centeeiras. *var.* **saltagrau**. *sin.* **paspallá**.

Saltagrau véxase **saltagrà**.

Saltar 1. *v.intr.* Erguerse no aire desde o chao ou doutra superficie co impulso das pernas. *sin.* **brincar, choutar, pinchar**. **2.** *v.intr.* Lanzarse desde unha altura sobre algo ou alguén. **3.** *v.intr.* Saír algo con forza cara arriba.

Salto *s.m.* Acción e efecto de saltar. *sin.* **brinco, chouto, pincho, lanzamento**.

Saltón *s.m.* Insecto herbívoro da orde dos ortópteros (*Caelifera sp*), do que existen muitas especies, que está dotado dunhas patas posteriores moi longas, coas que dá grandes saltos.

Salvaxe 1. *adx.* Non domesticado, bravo. **2.** *adx.* Que nace e medra sen atención do ser humano, silvestre. **3.** *adx.* Primitivo, non evolucionado. **4.** *adx.* Violenta, agresiva.

Salves *s.f.pl.* Placenta das mamíferas. *sin.* **gurrias**.

Sámago *s.m.* Parte interior e máis branda da madeira que vai desde a cortiza ou casca ata a cerna. *var.* **sámbano**.

Samargo *s.m.* Planta herbácea da familia das crucíferas de ata metro e medio, coas primeiras follas que forman unha roseta e as demais ao longo do talo e flores brancas ou amarelas, que é nociva para o gando.

Samargullar* *v.intr.* Facer mergullo, mergullar baixo a auga. *var.* **mergullar, amergullar**.

Samargullo véxase **mergullo**.

Sámbano véxase **sámago**.

Sandía *s.f.* Planta cucurbitácea (*Cucumis citrullus*) de fruto grande e redondo con codia verde e polpa encarnada con moita auga moi sabedeira.

Sandungueira, -ro *adx.* Mozo ou moza airosa, festexeira, graciosa.

Sangrar 1. *v.intr.* Botar sangue por unha ferida. **2.** *v.tr.* Extraer sangue. **3.** *v.tr.* Matar o porco.

***Sangre 1.** *s.m.* Líquido vermello que precorre o sistema circulatorio e rega os tecidos do organismo levándolles nutrientes e osíxeno. **2.** *s.m.* Espírito, ansia, vontade, ganas. **3.** *s.m.* Familia ou parentesco.

Sanguinaria *s.f.* Planta poligonácea (*Polygonum aviculare*), de ata setenta centímetros de altura,

follas alternas e flores rosadas ou abrancazadas, que se dá nos beirois e nos lugares incultos.

Sanguña, -ño véxase **salguña, -ño**.

Santallega, -go *s. e adx.* Xentilicio de Santalla – Priaranza do Bierzo.

Santa, -to **1.** *s.m.* Persoa que, polas súas virtudes durante a vida foi declarada pola Igrexa digna de culto despois da morte. **2.** *s. e adx.* Persoa extraordinariamente boa ou cunha paciencia fóra do común. **3.** *s. m.* Xogo infantil para o cal se usan as estampas das caixas dos mistos, que consiste en tirar unha estampa contra unha parede, dende unha liña trazada no chao e por quenda; a persoa que máis se achega toma a das demais e, ao golpealas contra a parede, gaña as que aparecen coa figura á vista, xa que as restantes as tira a persoa seguinte. **4.** *s. m.pl.* Mes de novembro. **5.** *s. m.* Día en que a Igrexa celebra o santo do que unha persoa leva o nome, así como a propia festa con que o celebra.

Santín *adx.* Dise do home apoucado, cuitado, inocente.

Sanxoán *s. m.* Planta silvestre da familia das escrofulariáceas (*Digitalis purpurea*), de talo ergueito, follas basais e inflorescencia de ata trinta centímetros de alto con numerosas flores con forma de alferga, corola de cor púrpura ou rosada e interior branco punteado de vermello. *sin.* **restalón**.

Sapa *s. f.* Enfermidade das ovelas.

Sapaconcho *s. f.* Variedade de réptil da familia dos quelonios, provisto de catro patas e un caparazón onde pode retraerse, que se cría nas lagoas das Médulas, de Carucedo e da Campañá.

Sapada **1.** *s. f.* Caída boca abaixo. *var.* **sapazo**. **2.** *s. f.* Caída en posición horizontal.

Sapazo véxase **sapada**.

Sapo **1.** *s. m.* Anfibio da orde dos anuros (*Bufo sp.*), do que existen varias especies, de corpo groso e pequeno, patas curtas, ollos saltóns, pel rugosa e xeralmente de costumes nocturnos. **2.** *s. m.* Pedra incrustada na ponte do muíño e sobre a cal xira o fuso do rodicio.

Saqueta *s.f.* Saco máis grande có saqueto.

Saquetada *s. f.* Saco cheo.

Saquete véxase **saqueto**.

Saqueto *s. m.* Saco pequeno que se usa para levar cereais. *var.* **saquete**.

Sarabullacio véxase **sarabullo**.

Sarabullada véxase **sarabullo**.

Sarabullo **1.** *s. m.* Erupción cutánea de grans e ronchas leve e pasaxeira que provoca proído.. *var.* **sarabullada, sarabullacio, *sarpullo, *serpullo***. **2.** *s.m.* Inchazón causada pola picadura dun insecto. *var.* **sarabullada, sarabullacio**.

Sarampelo *s.m.* Doenza contaxiosa que se manifesta en erupcións cutáneas de cor encarnada, estado febril e catarro.

Sardía *s. f.* Flor do castiñeiro.

Sarna *s.f.* Doenza caracterizada polas bochas e bostelas que producen un intenso proído.

Sarnosa, -so **1.** *adx.* Persoa agarrada, mesquiña. *sin.* **tiñosa, -so**. **2.** *s.* Persoa que ten a sarna.

Sarpolo véxase **xipela**.

***Sarpullo** véxase **sarabullo**.

Sarrallas *s. f. pl.* Herbas rasteiras, parecidas aos cardos, que unha vez cocidas se daban aos porcos.

Sarrio **1.** *s. m.* Borra pegañenta que o fume produce nas cocinas e nas chemineas. **2.** *s. m.* Costra adherida ao esmalte dos dentes. **3.** *s. m.* Substancia endurecida que queda como sedimento do viño e outros líquidos no fondo dos recipientes. *sin.* **borra**.

Saruga *s. f.* Dente de allo.

Seara *s. m.* Terra de grande extensión, xeralmente de varios propietarios, botada a monocultivo de cereais.

Sebe *s. f.* Valo feito con varas e estacas cruzadas, arbustos, silvas ou pólas para cercar un terreo. *sin.* **beirón**.

Sebo **1.** *s.m.* Graxa sólida e dura de orixe animal. **2.** *s.m.* Exceso de graxa das persoas.

Seca **1.** *s. f.* Falta prolongada de chuvia. *sin.* **secura**. **2.** *adx.* Falta de humidade.

Secaño **1.** *s. m.* Sensación agoniante e intensa de sede na gorxa e na boca. **2.** *s. m.* Terreo de labor sen rego. *sin.* **sequeiro**. **3.** *s. m.* Calquera cousa mui seca.

Secar **1.** *v. tr.* Facer perder humidade./ **2.** *v. intr.* Deixar de dar leite a vaca. **3.** *v. intr.* Morrer unha planta por falta de humidade. **4.** *v. intr.* Deixar de manar unha fonte.

Secón, -na **1.** *adx.* Algo seco. **2.** *adx.* Persoa fraca.

Secote *adx.* Algo moi seco.

Secundar *v. intr.* Facer a segunda voz ao cantar.

Secura *1. véxase seca 1. 2. véxase sede.*

Seda *1. s.f.* Fibra téxtil segregada en forma de fíos moi finos por alguis vermes. *2. s.f.* Pelo forte e groso dalguís animais. *sin. serda.*

Sedal *s. m.* Pelo da punta do rabo dos animais, coma bois ou burras.

Sedas *s. f. pl.* Gretas nas maos. *var. sedelas.*

Sede *s. f.* Sensación producida pola necesidade ou a gana de beber. *sin. segura.*

Sedela *1. s.f.* Fío case transparente na auga ao que se ata o anzó para pescar. *var. sedelo. sin. tanza. 2. s.f. pl.* Gretas que se forman nas maos ou nas mamilas. *var. sedas.*

Sedelo véxase **sedela 1.**

Sega *s. f.* Época do ano dedicada a segar nos cereais coma o trigo ou o centeo.

Segadía, -o *adx.* Algo que está en condicións para ser segado.

Segar *v. tr.* Cortar a herba ou os cereais. *sin. seiturar.*

Segorella *1. s. f.* Peza de ferro fixa no extremo superior do fuso do eixe, en forma de cruz, mediante a cal se transmite o movemento do eixe do rodicio á moa superior nos muíños. *2. s. f.* Chaveta que move a moa.

Seica *adv.* Expresión de dúbida ou inseguridade.

Seirón *1. s. m.* Recipiente de palla trenzada que se usa para levar merendas e outras cousas. *2. s. m.* Recipiente de palla trenzada para levaren a carga as cabalerías, esporta grande. *var. *serón.*

Seixal *s. m.* Terreo abundante en seixos.

Seixo *1. s. m.* Pedra dura e de pequeno tamaño redondeada pola erosión da auga. *var. xeixo. 2. s. m.* Mineral de cuarzo. *var. xeixo.*

Sela *s. f.* Asento de coiro que se coloca no lombo do cabalo, adaptado á súa forma, para sentar nel o xinete ou amazona con maior comodidade.

Selindeira *s. f.* Fila, ringleira de árbores, coma castaños ou chopos.

Semar véxase **sementar.**

Semellanza *s. f.* Parecido entre dúas cousas ou persoas.

Semellar *1. v. intr. e v. prml.* Asemellar, parecerse, imitar, tirar a alguén. *2. v. intr.* Ter forma ou aparencia de algo.

Sementar *1. v. tr.* Espallar ou depositar semente nunha terra de cultivo para que se reproduza. *2. v. tr.* Cubrir de semente unha superficie. *sin. somar, semar.*

Semente *s. f.* Grao ou fruto dunha planta onde está o embrión que, en condicións favorables, pode xerar unha nova planta.

Sementeira *1. s. f.* Acción de sementar. *2. s. f.* Época do ano en que se sementa. *3. s. f.* Lugar onde se sementan as plantas novas para logo transplantalas ao campo.

Sen *s. f.* Cada unha das partes laterais da cabeza que se corresponde co óso parietal. *sin. tempa, vidalla.*

Senaugas *s. f. pl.* Prenda inferior feminina.

Senda *s. f.* Vía de paso por onde só cabe unha persoa. *sin. sendeiro, carreiro, vieiro, camín.*

Sendeiro véxase **senda.**

Sentir *1. v. tr.* Percibir a través dos sentidos, en particular do oído. *sin. oír. 2. v. tr.* Percibir, experimentar certas sensacións ou un sentimento. *3. v. tr.* Ter sensibilidade para algo.

Sentollo *s. m.* Obxecto, coma unha pedra plana ou un tronco dunha árbore, que se usa coma asento natural e improvisado.

Señardá *1. s. f.* Sentimento de pesar no ánimo, producido por un desenganho ou un suceso adverso. *sin. tristura. 2. s. f.* Sufrimento moral. *3. s. f.* Sentimento profundo de pena en que unha persoa vive unha perda ou unha separación ou unha nostalxia dunha persoa, unha terra ou unha época feliz. *sin. morriña, nostalxia.*

Señor, -ra *1. s.* Título de cortesía que se dá, por boa educación, a unha persoa de certa idade, ou descoñecida, ao falar con ela, ao escribirlle ou ao falar dela. *2. s.* Persoa de categoría elevada, posuidora de certas propiedades. *3. s.* Persoa a quen serve alguén. *4. s.* Persoa que dá mostra de boa educación, finura ou refinamento.

Seo *1. s. f.* Peito da muller. *2. s. f.* Oco que queda entre o peito e o vestido. *3. s. f.* Agocho que se forma entre os brazos, o peito e o ventre dunha persoa. *sin. colo.*

Sepultura *1. s. f.* Medida superficial que se emprega para follas de lousa, a cal é un cadrado de oito cuartas de lado, equivalente a

- pouco máis de dous metros cadrados. 2. *s.f.* Construción funeraria excavada na terra ou levantada sobre o chao, onde se enterra un cadáver.
- Sequeiro** 1. *s.m.* Lugar adecuado para secar e curar a carne da matanza. 2. *s.m.* Lugar onde se coloca a leña para que se manteña seca. 3. *s.m.* Nó da madeira, parte da árbore que aparece seca e nodosa. 4. *s.m.* Lugar onde se poñen a secar os ourizos das castañas. 5. *s.m.* Terra de labor sen regar. *sin.* **secaño**.
- Serao** 1. *s.m.* Parte do día desde a última hora da tarde ata a entrada da noite. 2. *s.m.* Reunión para a fiada que se fai á última hora da tarde. *var.* **sarao***. *sin.* **fiandón**. 3. *s.m.* Festa que se celebra á última hora do día onde se canta, se baila e se tocan a gaita e a pandeireta. *var.* **sarao***. *sin.* **fiandón, foliada**.
- Serda** *s.f.* Seda, cada un dos pelos duros e grosos dalgúns animais, coma o porco ou o cabalo. *sin.* **seda** 2.
- Sereno** 1. *s.m.* Humidade que durante a noite impregna a atmosfera. 2. *s.m.* Terreo cercado sen teitume, xeralmente xunto á mallada.
- Serodia, -dio** 1. *s.m.* Fruto tardío, aplicado especialmente ao grao. *sin.* **tardega, -go**. 2. *adx.* Fillo ou filla que naceu máis tarde, separado do anterior. *sin.* **tardega, -go**.
- Serollo** 1. *s.m.* Pau de leña miúdo para o lume. *sin.* **garabullo, cotrollo**. 2. *s.m.* Desperdicio de leña. *sin.* **garabullo, cotrollo**.
- *Serón** véxase **seirón**.
- Serondada** 1. *s.f.* Sementeira de primavera. 2. *s.f.* Sementeira serodia. 3. *s.f.* Tempo en que se fai esta sementeira.
- Serpe** *s.f.* Réptil ápodo da suborde dos ofidios, de corpo alongado e cilíndrico cuberto por escamas que se move por ondulaciois laterais e pode ser venenosa. *sin.* **cobra, culobra, sogallo**.
- *Serpullo** véxase **sarabullo**.
- Serra** 1. *s.f.* Sucesión de montañas unidas entre si que pola súa forma recorda unha serra. 2. *s.f.* Ferramenta ou máquina en que o elemento principal é unha lámina, un disco ou unha cadea dentados, que se emprega para cortar madeira ou outros materiais duros como a pedra ou os metais. 3. véxase **serradeiro** 2.
- Serradeiro** 1. *s.m.* Armazón que se utiliza para soste os toros de madeira para serrar. *sin.* **estada**. 2. *s.m.* Instalación industrial onde hai serras mecánicas para cortar madeira. *sin.* **serra**.
- Serrana, -no** 1. *adx.* Relativo ou pertencente á serra ou cordilleira. 2. *adx.* Tempo frío e húmido. 3. *adx.* Animal ruín.
- Serranchín** *s.m.* Persoa que traballa serrando.
- Serrar** *v.tr.* Cortar cunha serra. *var.* **aserrar**.
- Serrón** 1. *s.m.* Serra de mao empregada polo carpinteiro. 2. *s.m.* Antiga serra grande cun mango en cada extremo que se usaba por dúas persoas para serrar troncos de árbores.
- Serrucho** *s.m.* Serra máis pequena có serrón.
- Serventía** 1. *s.f.* Dereito de paso por terreos alleos. *sin.* **servidume**. 2. *s.f.* Camín para o paso doutros propietarios ás súas leiras. *sin.* **servidume**.
- Servidume** 1. *s.f.* Estado ou condición do servo. 2. *s.f.* Conxunto de criados que traballan nunha casa. 3. véxase **serventía**.
- Servir** 1. *v. intr.* Fecundar o cabalo na egua. 2. *v. prml.* Contratarse coma criado ou criada. 3. *v. intr.* Ser útil, apto ou axeitado. / 4. *v.tr.* Poñer nun recipiente a comida ou bebida que se vai tomar.
- Sesta** *s.f.* Tempo destinado a durmir e descansar despois da xanta.
- Sesteadeiro** *s.m.* Lugar axeitado á sombra para (se) recoller o gando nas horas de máis calor.
- Sestear** 1. *v. intr.* Descansar o gando lanar e cabrún no campo, á sombra de árbores, durante as horas da calor. 2. *v. intr.* Pasar a sesta durmindo ou descansando.
- Setecostas** *s.f.* Planta da familia das plantagináceas (*Plantago maior*), con follas anchas ovais que teñen o pecíolo tan longo coma o limbo e cinco nervios moi marcados, con flores en espiga longa e apertada. *sin.* **lentén**.
- Setembre** *s.* Noveno mes do ano.
- Setestrela** *s.m.* Grupo de sete estrelas próximas á constelación de Tauro. *sin.* **carro, osa maior**.
- Silva** véxase **silveira**.
- Silvarda** *s.f.* Arbusto de follas aguzadas, cuxa raíz se emprega coma diurético.
- Silveira** 1. *s.f.* Arbusto silvestre das rosáceas (*Rubus fruticosus*) cos talos cubertos de espiñas,

- folhas pinnadas e flores solitarias brancas ou rosáceas, que ten como froito a amora e adoita nacer nas beiras dos camiños e en terreos abandonados. *var.* **xilva**, **silva**. *sin.* **moradal**.
- 2.** *s. f.* Conxunto de silvas, lugar abundante en silvas.
- Simpática**, **-co** *adx.* Persoa agradable, rideira e que fai rir. *sin.* **pándiga**, **-go**.
- Simple** *adx.* Cousa ou persoa sinxela, sen complicacións, reviravoltas ou artificios.
- Simpre** **1.** *adx.* Persoa inxenua, papana. **2.** *adx.* Algo insípido. **3.** *adx.* Persoa finchada, de falsa presunción. *var.* **cimpre**.
- Sinal** *s. f.* Obxecto, marca ou xesto que é utilizado para indicar algo ou que por si só indica algo. *sin.* **aceno**, **indicio**.
- Sinxebra** *s. f.* Planta herbácea das saxifragáceas (*Saxifraga scorodonia*), da que existen varias especies, con flores pequenas de pétalos brancos. *sin.* **nixelo**.
- Sipela*** véxase **xipela**.
- Soá** *s. f.* **Espiñazo do porco**.
- Soao** *s. f.* Lugar ou prado solleiro, onde dá ben o sol no inverno. *var.* ***solano**, **suao***.
- Soba** *s. f.* Conxunto de golpes físicos ou derrota mui avultada. *sin.* **tunda**, **brea**, **malleira**.
- Sobacallar** *v. tr.* Sobar, molestar, importunar.
- Sobar** **1.** *v. tr.* Tocar repetidamente coas maos. **2.** *v. tr.* Golpear, brear, mallar, pegar, bourear.
- Sobeiro** **1.** *s. m.* Construción anexa á casa utilizada para gardar leña e apeiros de labranza. *var.* **sobeira**. *sin.* **alpendre**, **alboio**, **uberto**. **2.** *s. m.* Beiril, saínte do tellado para gorecerse da chuvia. *var.* **sobeira**.
- Sobela*** véxase **subela**.
- Sobeo** **1.** *s. m.* Correa forte con que se ata ao xugo a lanza do carro ou o temón do arado. *sin.* **loro**, **pioga**. **2.** *s. m.* Correa ou soga que se emprega para atar un animal vacún polos cornos ao xugo ou a outro animal. *sin.* **loro**.
- Sobradega**, **-go** *s. e adx.* Xentilicio de Sobrado.
- Sobrado** **1.** *s. m.* Andar ou parte alta dunha casa de dúas alturas. **2.** *s. m.* Espazo máis ou menos plano, pero de acceso difícil, situado na cara vertical dunha rocha ou dun noiro moi elevado. **3.** *s. m.* Parte superior de calquera cousa á que é moi difícil acceder.
- Sobrecello** *s. m.* Bordo superior, curvo e saínte, da órbita dos ollos, e conxunto de pelos que o recobren. *sin.* **cella**.
- Sobreeixe** *s. m.* Cadea ou listón de madeira que vai colocado sobre o eixe do carro.
- Sobremango** *s. m.* Brazo humano que manexa con mestría unha ferramenta.
- Sobremurios** *s. m. pl.* Viga grosa do tellado que vai ao longo das paredes laterais.
- Sobrexugo** *s. m.* Aro dobrado que vai no centro do xugo e que serve para suxeitalo ao temón do arado ou á cabezalla do carro por medio da chavella.
- Sobriña**, **-ño** *s. f.* Fillá ou fillo dun irmán ou irmá dunha persoa.
- Sofraxes** *s. f. pl.* Parte posterior das pernas das persoas, xusto por detrás dos xeonllos.
- Sofronazo** **1.** *s. m.* Contestación groseira. **2.** *s. m.* Acto de discutir.
- Sogallo** **1.** *s. m.* Anaco de corda ou soga de mala calidade, esfañada. **2.** *s. m.* Réptil ápoda da suborde dos ofidios, de corpo longo e cilíndrico e pel con escamas, do cal existen moitas especies de distintas cores e tamaños, algunhas das cales son venenosas. *sin.* cobra, culobra, serpe.
- Sogra**, **-gro** *s.* Pai ou nai, respectivamente, do ou da cónxuxe dunha persoa.
- Sogueira**, **-ro** *s.* Vendedor ambulante que fabrica sogas, cordas ou cordeís. *sin.* **cordeira**, **-ro**.
- Sol** **1.** *s. m.* Estrela principal do noso sistema solar arredor da que xiran o resto de planetas e que nos proporciona luz e calor. **2.** *s. m.* Apelativo mui cariñoso dado a unha persoa.
- Sola** *s. f.* Peza de coiro curtido que se coloca na parte inferior do calzado.
- Solaina** *s. f.* Corredor orientado á parte da casa onde máis dá o sol.
- *Solano** **1.** *s. m.* Sitio ou paraxe onde o sol dá de cheo. **2.** *s. m.* Vento do sur-este, que corre no Bierzo e que procede da meseta central. **3.** *s. m.* *s. m.* Lugar solleiro, onde dá ben o sol no inverno. *var.* **soao**.
- Solapa** **1.** *s. f.* Parte anterior e superior dunha chaqueta, abrigo etc., que se dobra sobre a mesma peza de roupa. **2.** *s. f.* Parte da cuberta dun libro que se dobra sobre o reverso da tapa. **3.** *s. f.* Parte dun sobre que se dobra sobre a abertura para cerralo. **4.** *s. f.* Pedra

plana posta debaixo doutra ou doutras para que asenten.

Soldada *s.f.* Cantidade que alguén recibe periodicamente, como pagamento dun traballo ou servizo, especialmente o que se fai por conta allea. *sin.* **xeira, xornal, soldo.**

Soldo véxase **soldada**.

Solecer **1.** *v. intr.* Despedir luz. **1.** *v. intr.* Aumentar, dar de si, medrar.

Soleira **1.** *s.f.* Peza de pedra ou doutro material que se coloca na parte inferior do oco dunha porta ou fiestra **2.** *s.f.* Elemento de construción de formigón, ferro ou outro material que se coloca de forma horizontal para soste o piso ou o teito dun edificio. **3.** *s.f.* Madeiro posto de forma horizontal para que nel descansen ou ensamblen outros madeiros verticais ou inclinados. .

Soleirada *s.f.* Espazo breve de tempo en que loce o sol nun día de chuvia. *sin.* **raxeira.**

Soleta *s.f.* Anaco de coiro pequeno, especialmente indicado para facer diversas reparacións.

Soletto **1.** *s.m.* Madroña baixa. **2.** *s.m.* Roupa ou calzado mui sucio. **3.** *s.m.* Insulto que se aplica a unha persoa que se despreza.

Solimán **1.** *s.m.* Veleno ou substancia de gusto desagradable e repugnante. **2.** *s.m.* Substancia branca, volátil e velenosa, soluble en auga quente, que se usa como desinfectante.

Solombo *s.m.* Cada unha das dúas pequenas tiras de carne muscular e tenra que se estenden entre o lombo e as costelas do animal despezado.

Solteira, -ro *adx.* Persoa que non está casada.

***Somanta** véxase **soba**.

Somar* véxase **sementar**.

Sombreiro *s.m.* Peza de vestir que se pon na cabeza para cubrila ou adornala, que pode ser de diversas feitura e de diversos materiais como palla ou feltro.

Sombria, -o *adx.* Dise dunha zona húmida e sen muita luz en todo o día. *sin.* **aveseda, -do.**

Someter -1. *v. tr.* Meter os bordos da roupa da cama por debaixo do colchón ou tamén meter a roupa de vestir por dentro da cintura. **2.** *v. tr.* Poñer alguén baixo a súa dependencia ou autoridade unha ou máis persoas, en particular por medio da forza ou das armas.

Somocazo *s.m.* Movemento ou sacudida, de abaixo a arriba, que dan os bois cando están xunguidos.

Son *s.m.* Sensación percibida polo sentido do oído ao recibir as ondas sonoras producidas pola vibración dun corpo e fenómeno físico que dá orixe a esta sensación.

Soneca **1.** *s.f.* Sono breve e lixeiro. **2.** *s.f.* Sesta curta que se bota antes de xantar.

Sono **1.** *s.m.* Estado do que dorme, que se caracteriza por unha situación de repouso, polo adormecemento dos sentidos e mais pola diminución relativa das funcións orgánicas. **2.** *s.m.* Necesidade de durmir.

Sño **1.** *s.m.* Imaxes, pensamentos ou pesadelos que se teñen ao quedar durmido. **2.** *s.m.* Esperanza, desexo, arela. **3.** *s.m.* Ensoñación, ilusión, fantasía.

Sopalla *s.f.* Tellado de palla.

Sopalpar **1.** *v. tr.* Estrar toxo ou palla nunha corte. **2.** *v. tr.* Poñer cuñas de pedra entre as pedras dunha construción para que asenten ben.

Sopena *s.f.* Pedra ou louxa ampla que coroa unha parede para evitar que a auga penetre polas fendas entre as pedras.

***Soponcio** **1.** *s.m.* Desmaio. **2.** *s.m.* Crise máis ou menos grave da saúde mental ou física, que ocorre subitamente.

***Sopramocos** véxase **labazada**.

Sorbo **1.** *s.m.* Líquido do caldo ou outra comida. **2.** *s.m.* Cantidade de líquido que se traga dunha soa vez. *sin.* **trago, grollo.**

Sorelo *s.m.* Leite a medio callar, medio fermentado, acedo. *var.* **surelo.**

Sornexar **1.** *v. intr.* Respirar ruidosamente durante o sono. *sin.* **roncar.** **2.** *v. tr.* Nifrar tabaco, respiralo polo nariz. **3.** *v. tr.* Sorber os mocos.

Sornexo *s.m.* Ruído que se fai co nariz, ronquido.

Sorte **1.** *s.f.* Poder ou forza imaxinaria á que se lle atribúe a distribución da felicidade ou da desgraza e a capacidade de establecer ou de modificar o curso das cousas. *sin.* **azar, fortuna.** **2.** *s.f.* Cada un dos lotes de terreo, leña ou abono que se adxudican por sorteo.

Sospeita *s.f.* Idea que se ten sobre algo fundada en indicios ou aparencias.

Soutar *v.tr.* Apañar as castañas no souto.

Souto **1.** *s.m.* Terreo comunal próximo ao río ao que se envía o gando vacún durante o verao.

- 2. s. m.** Terreo poboado de castiñeiros. **3. s. m.** Terreo poboado de carballos e castiñeiros.
- Suba 1. s. f.** Feito de aumentar unha cousa de nivel, de valor ou de prezo. **2. s. f.** Terreo que está inclinado.
- Subeira 1.** Véxase **sobeira 1** e **2. 2. s. f.** Fileira de lousas na beira do tellado dunha construción.
- 4. s. f. pl.** Auga de chuvia que cae do tellado, xeralmente en gotas máis fortes ca as de chuvia ou en forma de chorro.
- Subela s. f.** Instrumento metálico aguzado dos zapateiros, con mango de madeira, que se usa para coser ou furar coiro ou goma. *var.* **sobela*.**
- Subhasta s. f.** Xogo de naipes.
- Subiado 1. s. m.** Mata espesa de plantas espiñentas, especialmente de silvas que se encontra xeralmente cercando fincas ou bordeando camiños. **2. s. m.** Sebe ou cerre con plantas.
- Subiar v. intr.** Emitir un son agudo ao facer pasar o aire entre os labios case pechados ou por un instrumento cunha abertura estreita. *sin.* **xibrar.**
- Subideiro 1. s. m.** Lugar ou sitio por onde se sobe. **2. s. m.** Escaleira rústica de banzos de pedra incrustados nun muro para pasar dun campo a outro. .
- Subidor 1. s. m.** Paxaro da familia dos cértidos (*Certhia brachydactyla*) de pequeno tamaño, de cor parda riscada de escuro nas partes superiores e abrancazada nas inferiores **2. s. m.** Paxaro que rube ou gabea.
- Subío s. m.** Son agudo que se fai cando alguén ou algo asubía. *sin.* **xibrido, xibrio.**
- Sucada 1. s. f.** Conxunto de sucos. *sin.* **olga. 2. s. f.** Acción de abrir sucos.
- Sucar v. tr.** Facer sucos na terra para sementar. *var.* **asucar.**
- Sucario 1. s. m.** Escondedoiro, habitáculo, burato inmundo. **2. s. m.** Lugar onde se gorecen os morcegos e animais semellantes.
- Sucia, -cio adx.** Que ten sucidade, manchas ou lixo ou que se mancha con facilidade *sin.* **porcón, -na; porcallón, -na; cocha, -o.**
- Suco 1. s. m.** Fenda que se fai na terra coa axuda do arado ou doutras ferramentas semellantes para logo sementar. *sin.* **olga, rego. 2. s. m.** Canle pequena feita co picoto nos hortos para arrimar a terra á cepa da planta e abrir leito para a auga de rego.
- Sufaldar v. tr.** Recoller coa mao ou varexar, se a árbore o require, os frutos das pólas máis baixas das árbores.
- Sufreira véxase sufreiro.**
- Sufreiro s. m.** Árbore de folla perenne co bordo espiñento (*Quercus suber*), tronco curto e madeira dura, á que se lle tira a casca, chamada cortiza, que se emprega para diversos usos industriais. *var.* **zufreiro; sufreira. sin. corcheira; corcheiro.**
- Sufrencia s. f.** Acción e efecto de sufrir. *var.* **sufrimento, padecemento.**
- Sufrimento véxase sufrencia.**
- Sufrir v. intr.** Sentir dor física ou moral. *sin.* **padecer.**
- Sulfatar v. tr.** Aplicar sulfato a unha planta ou plantación.
- Sulfato s. m.** Substancia química que se emprega diluída en auga para combater determinadas enfermidades e pragas das plantas.
- Sumicia, -cio adx.** Persoa moi delgada e débil, consumida.
- Sumideiro s. m.** Parte da terra ou do chao por onde se filtra ou coa a auga.
- Sumir 1. v. tr.** Meter por completo unha cousa debaixo dun líquido ou nun sitio profundo debaixo da terra. **2. v. tr.** Facer caer alguén nun certo estado de abstracción, de meditación, ou nun estado que comporte algo negativo. **3. v. intr.** Deixar de ser visible ou perceptible. / **4. v. prml.** Ir a menos algo engurrándose ao perder frescura, louzanía e vitalidade.
- Suqueiro s. m.** Suco que deslinda unha finca doutra nas terras de cereal.
- Surelo véxase sorelo.**
- Surpia, -pio adx.** Algo ou alguén áspero, esgrevío.

Tabao véxase **abellón**.

Tabas *s.f. pl.* Xogo infantil que consta de catro ósos, astrágalo de año, e un pite, bóla de cristal ou de rebola.

Taberna *s.f.* Establecemento público de carácter modesto e popular, ou de estilo rústico, onde se serven bebidas e comidas. *sin.* **tasca**.

Taboado 1. *s.m.* Piso co chao de madeira. **2.** *s.m.* Armazón de táboas. *sin.* **trabada**.

***Tablada 1.** *s.f.* Medida de superficie que no Bierzo equivale a uis 450 m2.

Taboleiro *s.m.* Prancha formada por unha ou varias táboas de madeira ou doutro material, usada para fixar sobre ela calquera cousa.

Tabra *s.f.* Peza de madeira plana e pouco grosa, polo xeral de forma rectangular e máis longa ca larga. *var.* **traba, trabe**.

Tacón *s.m.* Taco de goma que se coloca en cada *taruco* das galochas ou baixo o calcaño dos zapatos com reforzo.

Tadonxo* véxase **estadullo**.

Tafal* véxase **tafarra**.

Tafarra *s.f.* Parte traseira da armadura do aparello das cabalerías, correa de coiro que pasa por detrás das patas do animal e evita o desprazamento do aparello e da carga cara adiante. *var.* **tafal, tarra**.

Tafucho *s.m.* Home repoludo e máis ben baixo. *sin.* **tapurro**.

Tagallo 1. *s.m.* Rabaño de ovellas, cabras ou outros animais de tamaño similar que forman un grupo reducido. **2.** *s.m.* Grupo reducido de persoas, especialmente de rapazada. **3.** *s.m.* Procedemento para facer algo en menos tempo. *sin.* **atallo**.

Taguía *s.f.* Presa no curso dun río ou arrioio que serve para reter a auga e destinala a rego. *sin.* **banzado, estacada, touñón, tapacuña**.

Taina *s.f.* Xogo infantil que consiste en esconderse, mentres un neno ou nena queda apouchando ou apandando nunha pedra.

Tala *s.f.* Pinza que se emprega para sacar as castañas dos ourizos. *sin.* **galleta, tallas 5**.

Talalán, -na véxase **taraboula, -lo**.

Talanqueira 1. *s.f.* Invitación que o noivo forasteiro pagaba aos mozos da aldea cando casaba, que se colocaba nunha mesa á porta da

igreja, aínda que en realidade nos últimos tempos, pagábaa o padriño, quen ademais era o primeiro en poñer o diñeiro para os que se casaban. **2.** véxase **borracheira**.

Taleiga 1. *s.f.* Bolsa, fardel ou zurrón no que os pastores e labradores levan a comida. **2.** *s.f.* Cesto de vime que se usa nas vendimas e tamén para outros mesteres.

Taleigada *s.f.* Cantidade de comida que se levaba na taleiga.

Taleigo *s.m.* Cesto grande que se usa para transportar uvas e patacas.

Talla 1. *s.f.* Amosega que se fai na lanza do carro, *var.* **talladura, talladeira**. **2.** *s.f.* Artificio composto dun pau fendido case de todo e que se ata moi forte polo extremo aberto premendo na pel do odre roto para evitar a saída do líquido. **3.** *s.f.* Artificio composto dunha vara de castiñeiro ou freixo fendida pola metade para fixar nela os untos e despois colgala por un dos seus extremos. **4.** *s.f. pl.* Especie de pinzas grandes, feitas de castiñeiro bravo ou de folla de lata, que serven para coller os ourizos do castiñeiro e abrilos. *sin.* **tala**.

Tallada 1. *s.f.* Pequena extensión de terreo destinada á horta. **2.** *s.f.* Porción cortada dunha cousa, especialmente de carne. **3.** *s.f.* Ferida cortante feita cun obxecto afiado ou arma branca.

Talladeira 1. *s.f.* Ferramenta que consiste nunha barra de ferro que acaba en punta afiada e que se emprega para cortar metais en frío mentres se golpea no outro extremo. **2.** *s.f.* Ferramenta que serve para limpar as presas. **3.** *s.f.* Ferida producida por un obxecto afiado. **4.** *s.f.* Acción e efecto de tallar. **5.** *s.f.* Amosega que se fai na madeira, nas cascas. *var.* **talla, talladura**.

Talladura véxase **talladeira**.

Tallar 1. *v. tr.* Facer unha fenda nun corpo ou separalo en partes cun instrumento de gume. **2.** *v. tr.* Traballar unha materia dura para facer unha figura ou darlle unha forma determinada. **3.** *v. tr.* Realizar unha inscrición ou obra de arte traballando unha materia dura mediante instrumentos apropiados.

Tallo 1. *s. m.* Anaco cilíndrico do tronco dunha árbore sobre o que se pica a leña, a carne ou outras cousas. **2.** *s. m.* Banqueta pequena, asento ou mesa para unha soa persoa, sen respaldo.

Tallola véxase **tallolo**.

Tallolo *s. m.* Banco pequeno e rústico de madeira.
var. **tallola**. *sin.* **meso**.

Talo *s. m.* Póla, xeralmente verde ou tenra, gromo.

Talonxo* véxase **estadullo**.

Taluda, -do 1. *adx.* Planta que ten o talo moi grosso, duro ou forte. **2.** *adx.* Planta que ten muita fibra. **3.** *adx.* Carne mui feita, que ten muita febra.

Tamango *s. m.* Calzado rústico ou bota forte.

Tambor 1. *s. m.* Utensilio de ferro cilíndrico e cerrado polos extremos, que encaixa nun arco cun manubrio para dar voltas e serve para asar as castañas. **2.** *s. m.* Instrumento musical de percusión, formado por unha caixa cilíndrica cuberta polas bases cunha pel moi tensa, sobre a que se bate ou repenica con dous paus.

Tamborileira, -ro *s.* Persoa que nun grupo musical ou orquestra toca o tambor, o tamboril, a caixa ou instrumentos semellantes.
sin. **tamboriteira, -ro**.

Tamboriteira, -ro véxase **tamborileira, -ro**.

Tampa 1. *s. f.* Peza móbil con que se tapa un recipiente, pozo, buraco etc. *var.* **cobertoira, tapa, tapadeira**. **2.** *s. f.* Porta da boca do forno.

Tanguñeira *s. f.* Pedra en que se dá sal ao gando no campo.

Tanque 1. *s. m.* Vasilla pequena, cilíndrica, de metal, latón ou porcelana e cunha asa, que se usa para beber ou para sacar líquidos doutra vasilla maior. **2.** *s. m.* Estanque, depósito de auga cuberto ou sen cubrir. *sin.* **depósito; pilón**. **3.** *s. m.* Vehículo militar de combate, acoirazado e armado.

Tanza 1. *s. f.* Fío moi resistente, xeralmente de nailon, que se utiliza para pescar con cana ou á liña. *sin.* **sedela, sedelo**.

Tapa véxase **tampa**.

Tapabocas *s. f. pl.* Bufanda, prenda de abrigo estreita e longa que, enrolada ao pescozo e cabeza, protexe a gorxa e mesmo a cara e a cabeza.

Tapacuña véxase **taguía**.

Tapadeira 1. *s. f.* Véxase **tampa**. **2.** *s. f.* Persoa ou cousa que serve para encubrir, tapar ou disimular algo.

Tapurra, -rro *adx.* Persoa grosa e pequena. *sin.* **tafucho**.

Tarabán, -na véxase **taraboula, lo**.

Tarabana, -no véxase **taraboula, lo**.

Tarabanada *s. f.* Dito ou feito que demostra pouca ou ningunha intelixencia ou valor.

Tarabanca, -co véxase **taraboula, lo**.

Tarabellar 1. *v. prml.* Cambiarse de lugar ou posición por comenencia. **2.** *v. intr.* Andar dun lado para outro sen parar e sen facer nada. **3.** *v. intr.* Falar con dificultade, cortando as palabras e repetindo sílabas moi rapidamente, por un defecto físico nos órganos de emisión da voz, ou por causa dalgún tipo de sorpresa ou dúbida súbita. *var.* **tarabeliar**.

Tarabelear *v. intr.* Ser unha persoa travesa, informal ou comenciada. **2.** *v. tr.* Dicar parvadas. *var.* **tarabeliar**.

Tarabeliar* véxase **tarabellar**.

Tarabelo 1. *s. m.* Instrumento formado con aspas que se move na dirección do vento. **2.** *s. e adx.* Persoa de escasa confianza. comenciada, enganadora, que cambia de opinión a cada pouco en función dos seus intereses. **3.** *s. m.* Peza do muín de diferentes formas, unida á quenlla e apoiada na moa, que se move ao xirar esta, e axita a quenlla para que caia o grao no ollo do muín. **2.** *s. f.* Cada un dos paus grosos, de forma lixeiramente curvada que, fixos un na parte superior e outro na parte inferior das portas grandes, serven para pechalas por dentro. *var.* **tarabilla; tarabelo; trabelo**. **3.** *adx.* Persoa sen criterio, inocente, boubexa, simple. **4.** *adx.* Persoa que fala muito e agradavelmente para engaiolar.

Tarabeta, -to véxase **zarabeta, -to**.

Tarabica *s. f.* Anaco pequeno de madeira que serve para pechar as portas e fiestras.

Tarabilla* véxase **tarabelo**.

Tarabola, -lo* véxase **taraboula, -lo**.

Taraboula, lo 1. *s. m.* Barro, bulleiro, lama dos camiños. **2.** *adx.* Persoa que perdeu a razón ou o xuízo. **3.** *adx.* Persoa que ten pouca habilidade para o que se expresa. *var.* **t-olalla, llo; tarola, -lo**. *sin.* **torpe; tola, -lo**. **4.** *adx.* Persoa inqueda, que non ten paraxe. *sin.*

- tarabanca, -co; tarabán, -na.** 5. *adx.* Persoa tola, simple, inocente. *sin.* **tarabola, -lo; talalán, -na.** 6. *adx.* Persoa solermeira, bromista. *sin.* **tarabana, -no; tarambana, -no**
- Tarambaina** 1. *adx.* Persoa con pouco siso e seriedade de carácter informal e irreflexivo que fai as cousas de calquera maneira. *var.* **tarambainas.**
- Tarambainas** véxase **tarambaina.**
- Tarambalea** *v. intr.* Andar para os lados.
- Tarambana, -no*** véxase **taraboula, -lo.**
- Tarambela** véxase **tarabelo.**
- Tarambicarse** *v. prnl.* Cambalea, caer para os lados, dar tombos, polo xeral por efecto do exceso de alcol. *sin.* **trambulicar, entrambulicar, trembelicar, trambilicarse.**
- Tarambola, -lo** *adx.* Persoa repoluda e baixa. *sin.* **tarambuca, -co; tapurra, -rro; tafucho.**
- Tarambuca, -co** 1. *adx.* Persoa gorda e de baixa estatura. 2. *adx.* Persoa lela, tola, pailana.
- Tarapallo** *s. m.* Pau, póla seca dunha árbore.
- Tarapelo** 1. *s. m.* Tronco da verza e doutras plantas semellantes. 2. *s. m.* Tarugo en xeral. 3. *s. m.* Pau pequeno para o lume.
- Tarasca, -co** 1. *adx.* Persoa aloucada, que fai cousas que revelan pouca cordura. 2. *adx.* Muller fea ou mal vestida, muller desenvolta.
- Tarascada** 1. *s.f.* Golpe recibido, xeralmente nas pernas. 2. *s.f.* Resposta, dito ou acción descortés, molestajo ou inxurioso.
- Tarazar** *v. tr.* Cortar mal e ás presas, estragando o que se corta. *var.* **atarazar.**
- Tardecer** *v. intr.* Caída da tarde, atardecer, cerca do anoitecer. *sin.* **serao, empardecer, tardiña.**
- Tardegá, -go** 1. *adx.* Algo tardío. *sin.* **serodio, -dia.** 2. *adx.* Froito que madura tarde, que se colle fóra do tempo, máis tarde do que é habitual. *sin.* **serodio, -dia.**
- Tardiña** *s.f.* Primeiros momentos do serao, cando comeza a pórse o sol.
- Tarola, -lo** véxase **taraboula, -lo.**
- Tarouxeiro** *s. m.* Terreo de moi mala calidade, especialmente o que ten moitas pedras, moitas rochas ou está situado nun monte de chao irregular.
- Tarrancha** 1. *s.f.* Listón de madeira, traveseiro que serve para reforzar caixas de embalaxe, dúas pezas dun moble ou outras de carpintería
- lixeira e tamén para aumentar a capacidade de carga do carro. 2. *s.f.* Táboa que, a modo de punto, suxeita a outra. 3. *s.f.* Pau ou táboa grande cravado por unha punta a outro pau para que este se sosteña dereito.
- Tarrañolas** *s.f. pl.* Castañas planas de madeira.
- Tarraplén*** véxase **terraplén.**
- Tarreo*** véxase **terreo.**
- Tártago** 1. *s. m.* Planta silvestre que se utiliza como laxante, da familia das euforbiáceas. 2. véxase **abellón.**
- Tartagueiro** *s. m.* Panal ou niño de avespa.
- Tártaro** véxase **abellón.**
- Tarteira** *s.f.* Cazola de porcelana ou barro, máis ancha ca alta, con dúas pequenas asas laterais e tapadeira, se é de porcelana, ou sen asas e xeralmente sen tapadeira, se é de barro.
- Taruco** *s. m.* Anaco de madeira. *sin.* **tarugo** 3.
- Tarugo** 1. *s. m.* Cada unha das pezas de madeira, duns seis centímetros de altura que se lles colocan ás galochas para facelas máis altas, co que se lles protexe do barro e da auga. 2. *s. m.* Raíz grosa do millo. 3. *s. m.* Anaco de madeira ou de pan, xeralmente curto e goso. *sin.* **taruco.** 4. *adx.* Persoa torpe, de cabeza dura e de poucas luces, testuda.
- Tarumba** *adx.* Persoa confundida, atrapallada, sen saber que facer ou pensar, atolada.
- Tarxa** 1. *s.f.* Panciño de trigo de catro picos e dunha ou dúas libras que se fai en Ponferrada.. 2. *s.f.* Fogaza que, ata hai uns anos, era do pan branco de mellor calidade, o que se mercaba nas panadarías e que se utilizaba para casos especiais, como para facer morcillas.
- Tasca** 1. *s.f.* Establecemento popular de comidas e bebidas. *sin.* **taberna.** 2. *s.f.* Cuarto sucio e escangallado. 3. *s.f.* Parte leñosa adherida ás frebas do liño.
- Tascar** 1. *v. intr.* Rumiar. 2. *v. intr.* Comer facendo ruído os animais herbívoros.
- Tastear** *v. intr.* Atufar, cheirar mal, como a carne corrompida.
- Tasto** 1. *s. m.* Mal cheiro e sabor da carne que se descompón. 2. *s. m.* Cheiro que teñen as cubas e cubetos que contiveron viño cando se lavan. 3. *s. m.* Cheiro impropio da bebida que se cata.
- Tatabella, -llo** véxase **tatexa, -xo.**
- Tatabellar** véxase **tatexar.**

Tatexa, -xo Persoa que tatexa ao falar. *sin.* **tatabella, -llo.**

Tatexar *v. intr.* Falar con dificultade, ao cortar as palabras e repetir sílabas moi rapidamente, por un defecto físico nos órganos de emisión da voz ou por causa dalgún tipo de sorpresa ou dúbida súbita. *sin.* **tatabellar, totoviar.**

Tazador *s. m.* Operario nas ferrerías antigas que trituraba o mineral en anacos coma abelás e axudaba os demais cando remataba co seu labor.

Tear *s. m.* Aparello ou máquina para tecer e fabricar teas.

Tecedor, -ra *s.* Persoa que se dedica a facer tecidos no tear.

Tecer *v. tr.* Enlazar unha serie de fíos paralelos dunha fibra téxtil con outra serie colocada perpendicularmente para fabricar un tecido ou unha tea.

Tega 1. *s. f.* Medida de extensión cuxa superficie varía dende 4,288 ata 6,395 áreas. **2.** *s. f.* Medida de capacidade para áridos equivalente a unha fanega ou un ferrado e que, segundo as zonas, varía dende 13,13 ata 16,15 litros.

Teiroa véxase **teiroga.**

Teiroga *s. f.* Traveseiro de ferro ou de madeira que suxeita o dental á cama ou ao temón do arado e serve para graduar a inclinación da rella e a profundidade do labor. *sin.* **teiroa.**

Teitador, -ra *s.* Persoa que ten por oficio construír ou reparar teitos de palla.

Teitar *v. tr.* Cubrir unha edificación con teito de colmo ou palla.

Teitello *s. m.* Paleta para igualar os colmos unha vez colocados sobre as *ripías*.

Teito *s. m.* Cuberta de palla das casas, en oposición ao tellado ou lousado.

Teixedal véxase **teixeira.**

Teixeira *s. f.* Lugar poboado de teixos. *var.* **teixedal.**

Teixo 1. *s. m.* Mamífero carniceiro da familia dos mustélidos (*Meles meles*), de pelo longo e espeso, cor gris escura no lombo, negra no ventre e branca na cabeza con dúas listas negras desde o focico ata detrás das orellas, que vive en tobos fondos e ten costumes nocturnos. *var.* **teixugo, porcoteixo.** *sin.* **melandro.** **2.** *s. m.* Árbore conífera da familia das taxáceas (*Taxus baccata*) de ata quince

metros de altura, con pólas mui mestas que nacen desde a base do tronco, follas aciculadas e coriáceas, e fruítos en forma de bagas vermellas que son velenosas.

Teixugo véxase **teixo.**

Teixugueira *s. f.* Lugar onde vive ou se agocha o teixugo ou teixo.

Tella *s. f.* Cada unha das pezas de arxila cocida, xeralmente con forma rectangular, curva ou plana, que se emprega para recubrir o tellado das construcións.

Tellado *s. m.* Cuberta superior dunha casa, edificio ou outra construción, formada por unha estrutura de trabes en pendente, recuberta con tellas ou con outro material. *sin.*

lousado, louxado.

Telleira 1. *s. f.* Industria onde se fan as tellas. **2.** *s.* Persoa que fai as tellas.

Temón 1. *s. m.* Lanza do arado, no extremo do cal vai suxeito o xugo. **2.** *s. m.* Folla ou lámina móbil, de madeira ou metal segundo os casos, que, serve para gobernar unha embarcación facendo que se mova a un lado ou a outro.

Temoncela *s. f.* Pau longo, cun gancho nun dos extremos e cunha cadea no outro, que se emprega para engadir unha segunda xugada ao carro.

Templete 1. *s. m.* Construción poligonal a modo de escenario sobre a que actúan as orquestras. *sin.* **palco.** **2.** *s. m.* Parte do teatro onde se fan as representacións. **3.** *s. m.* Lugar onde acontece algo.

Tempo 1. *s. m.* Sucesión ou duración das cousas e dos acontecementos, o que nos permite ordenalas nun pasado, un presente e un futuro. **2.** *s. m.* Situación atmosférica dunha área determinada durante un período breve.

Temporeira, -ro *s. e adv.* Traballador agrícola contratado por unha tempada, unha campaña ou recollida.

Tenaces *s. f. pl.* Ferramenta formada por dous brazos móbiles de metal unidos por un eixe e rematados en forma de gancho, que se utiliza para agarrar, cortar ou arrincar algo.

Tendal véxase **tendedeira.**

Tendedeiro véxase **tendedeira.**

Tendedeira 1. *s. f.* Dispositivo de arames e cordas onde se tende a roupa. *var.* **tendedeiro.** *sin.* **tendal.** **2.** *s. f.* Cantidade de roupa tendida,

xa sexa ao sol para que branquee ou nunha corda para que seque. **2.** *s. m.* Conxunto de prendas de vestir ou outros obxectos, diseminados de forma desordenada. **3.** *s. m.*

Tendeira, -ro **1.** *s.* Persoa que traballa nunha tenda. *sin.* **dependente, comerciante.** **2.** *s.* Traballador ambulante que percorre feiras ou festas vendendo ou ofrecendo diversiois; asóciase coa habilidade para enganar e con aparentar humildade para sacar beneficio. *sin.* **ambulante.**

Tender **1.** *v. tr.* Estender, espaxear os cereais ou os legumes na eira formando un círculo. **2.** *v. tr.* Botar a alguén ou algo polo chao dun golpe. **3.** *v. tr.* Estender ao aire, ao sol ou ao lume a roupa mollada para que seque. **4.** *v. tr.* Estender e facer as fogazas de pan.

Tenra, -ro *adx.* Alimento brando e fresco. *var.* **Tenre; terna, -no.**

Tenre véxase **tenra, -ro.**

Tenreira, -ro *s.* Cría da vaca mentres é nova e aínda non pariu. *sin.* **becerra, -rro; *tequeira, -ro; xata, -to.**

Tenrizo *adx.* Leite de vaca que acaba de sacarse tenro.

Tentemozo *s. m.* Cada un dos pequenos soportes de madeira, dous paus, medianamente grosos, que, suxeitos un no extremo anterior da vara do carro e outro na súa traseira, serven para mantelo a certa altura cando non está enganchada á parella.

Tépeda, -do véxase **morna, -no.**

Ter **1.** *v. tr.* Estar en posesión ou ser dono de certa cousa. **2.** *v. tr.* Termar, soste, aguantar.

Tercerilla *s. f.* Tipo de fariña máis grosa cá chamada fariña de segunda e algo máis refinada có farelo.

Tercia **1.** *s. f.* Madeiro colocado fixo lonxitudinalmente nos *aguións* por cada un dos seus extremos na armadura do tellado, que van apoiados nas pezas de madeira do tellado e serven de apoio aos *cantiaos* e á *ripia*. **2.** *s. f.* Terceira arada ou labor que se lles dá ás terras, que é excepcional e só se fai cos cultivos máis delicados.

Terciar **1.** *v. tr.* Dar o terceiro labor do arado á terra antes de sementala. **2.** *v. prnl.* Presentarse unha ocasión conveniente para algo. **3.** *v. intr.* Intervir unha persoa entre a persoa que

compra e a que vende nas feiras do gando, facer unha persoa de intermediaria. **4.** *v. tr.* Poñer unha cousa atravesada ou ao nesgo.

Tericia *s. f.* Ictericia, enfermidade que produce decaemento. *var.* **tiricia.**

Termar **1.** *v. intr.* Apoiarse. **2.** *v. intr.* Ter algo ou a alguén collido ou suxeito de maneira que non caia ou non se mova.

Terna, -no* véxase **tenra, -ro.**

Terqueira, -ro* véxase **tenreira, -ro.**

Terra **1.** *s. f.* Planeta onde vivimos. **2.** *s. f.* Superficie sobre a que se camiña ou viven persoas e animais. **3.** *s. f.* Territorio ou país de onde é natural unha persoa. **4.** *s. f.* Terreo agrícola ou de labor. *sin.* **campo, olga, leira, veiga.**

Terraplén **1.** *s. m.* Precipicio, cembra, cavorco ladeira cortada de forma abrupta. **2.** *s. m.* Alude de neve. *var.* **tarraplén.**

Terrar **1.** *v. tr.* Encher de terra un foxo, unha escavación ou concavidade. **2.** *v. tr.* Encher de terra un chao limpo.

Terrecer véxase **aterrecer.**

Terreiro *s. m.* Cesto de vime de castiñeiro con dúas asas para carrexar terra.

Terreo *s. m.* Extensión de chao terrestre que se utiliza ou arranza para distintos fíns, como o cultivo ou as construcións. *var.* **tarreo.**

Terria, -o *adx.* Algo ríxido, difícil de abrir, coma unha porta ou unha pechadura.

Terrón *s. m.* Masa de terra compacta e pequena.

Tesa *s. f.* Cuña, chaveta que se insire na *teiroga* do arado para que quede en posición fixa.

Teseiras véxase **tiseiras.**

Teseiro véxase **teso.**

Teso *s. m.* Monte pequeno, cerro ou outeiro illado de pouca altura e cunha superficie máis ou menos chá na cima. *var.* **teseiro.**

Tesouro **1.** *s. m.* Gran cantidade de diñeiro, xoias e outros obxectos de valor. **2.** *s. m.* Persoa ou cousa de muito valor ou digna de alta estima.

Testa **1.** *s. f.* Parte superior da cara, entre as cellas e a zona do cabelo, que vai dunha tempa á outra. **2.** *s. f.* Parte superior do corpo humano ou superior ou anterior dos animais, separada do tronco polo pescozo, onde se atopan os principais centros nerviosos e a maioría dos órganos dos sentidos. *sin.* **cachola; cachucha; calamoucha; calamouchu;**

cacharola; chola. 3. *adx.* Algo duro. **4. *adx.*** O pan cando xa está duro.

Testada véxase **testarada 2.**

Testalán, -na véxase **testarán, -na.**

Testán, -na véxase **testarán, -na.**

Testarada 1. *s. f.* Acción propia de persoa testuda u obstinada. **2. *s. f.*** Golpe que se recibe na cabeza ou na fronte. *var.* **testazo; testada. 3. *s. m.*** Golpe que se dá na cabeza coa man. *var.* **testarazo.**

Testarán, -na. Persoa que se aferra con enerxía a unha idea ou a unha maneira de actuar sen ter en conta as opinións alleas, aínda sabendo que pode estar equivocada. *var.* **testalán, -na. *sin.*** **testarudo, -da; testón, -na; túzara, -ro.**

Testarazo véxase **testarada.**

Testarear *v. intr.* Ser unha persoa testuda, cabezona.

Testarelo 1. *s. m.* Montículo, pequena elevación do terreo. **2. *s. m.*** Parte alta dun terreo.

Testarudo, -da véxase **testarán, na.**

Testazo véxase **testarada.**

Testeiro 1. *s. m.* Cabeceira da porta do forno. / **2. *s. m.*** Algo que está enfronte dunha casa ou construción. **3. *adx.*** Campo que linda ou estrema con outro. *sin.* **lindante.**

Testón, na véxase **testarán, -na.**

Testuda, do véxase **cabezón, -na.**

Testuzo *s. m.* Montículo de terreo malo para o cultivo.

Teta *s. f.* Órgano glandular das mamíferas que segrega o leite para alimentar as crías. *sin.* **teto.**

Teto 1. *s. m.* Cada unha das mamilas longas do ubre de certas mamíferas. **2. *s. m.*** Cada un dos peitos da muller.

Tía, -o 1. *s.* Tratamento de respecto que se lles dá ás persoas maiores. **2. *s.*** Irmán ou irmá do pai ou da nai dunha persoa. **3. *s.*** Cónxuxe do tío ou da tía por vínculo político. **4. *s.*** Persoa, individuo en xeral. *var.* **típa, -po.**

Tibiquel véxase **tiribiquel.**

Tilla *s. f.* Cuña que aperta e asegura o eixe do carro á roda.

Tímida, -do 1. *adx.* Persoa pouco atrevida, indecisa, acovardada no trato coa xente. *sin.* **apoucada, -do; retraída, do.**

Timidez *s. f.* Actitude da persoa tímida. *sin.* **apoucamento, retraemento.**

Tinta 1. *s. f.* Enfermidade que ataca ao castiñeiro pola raíz e o fere de morte, cuxa incidencia na propagación é maior nos anos e terreo máis húmidos, pero a mortalidade das árbores aumenta nos meses de calor e máis secos. *var.* **tiña. 2. *adx.*** Líquido de diferentes cores que se emprega para escribir, debuxar, pintar ou imprimir.

Tintorro *s. m.* Viño tinto áspero, espeso e escuro.

Tiña 1. véxase tinta. 2. *s. f.* Enfermidade contagiosa da pel que produce escamas, cotras ou a caída do pelo. **3. *s. f.*** Miseria, pobreza.

Tiñosa, -so 1. *adx.* Que ten tiña. **2. *adx.*** Sucio, miserable. **3. *adx.*** Cotroso, avaro, amarrado. **4. véxase sarnosa, so.**

Típa, -po véxase **tía, -o 4.**

Tiracantos 1 *s. m.* Tira de coiro cun cordel en cada extremo, que se fai virar con forza para lanzar unha pedra ao soltar un dos cordeis. **2. *s. m.*** Xoguete en forma de galla con mango, provisto dunha goma suxeita aos extremos da galla onde se colocan pedras para disparalas.

Tiradeiro véxase **trexugueiro.**

Tirador, -ra 1. *s.* Persoa que tira ou dispara. **2. véxase tirataco..**

Tirante 1. *s. m.* Peza de madeira, ferro ou outro material, que mantén tirantes ou une fortemente outras dúas, coma as que suxeitan as cambas, a trabe horizontal da tesoirá. **2. *s. m.*** Cada unha das tiras de pel, tea ou material elástico que sosteñen dos ombreiros un pantalón ou unha saia. / **3. *adx.*** Algo sometido a tensión.

Tirar 1. *v. tr.* Facer que algo ou alguén que se ten collido vaia cara a ou contra un lugar ou persoa que está a certa distancia, en particular impulsándoo coa mao. **2. *v. tr.*** Deixar a alguén sen certa cousa ou persoa en contra da súa vontade. **3. *v. intr.*** Ter semellanza con algo ou alguén. *sin.* **parecerse; semellarse. 5. *v. intr.*** Seguir vivindo a pesar das dificultades.

Tirataco *s. m.* Canudo furado de madeira de sabugueiro que lles serve aos rapaces para xogar, poñendo en ambas as bocas do canudo uns tacos húmidos de papel ou estopa e apertando o de atrás cun pau pequeno, o que comprime o aire do canudo e obriga a saír disparado o taco dianteiro.

- Tiribiquel 1.** *s. m.* Ruído das castañas ao estalaren no tambor ou no forno cando se asan. **2.** *s. m.* Ruído, en xeral, repetido e monótono. *var.* **tibiquel; tribiquel.**
- Tiricia*** *s. f.* Ictericia, enfermidade que produce decaemento. *var.* **tericia*.**
- *Tiritaina** *s. f.* Temor que produce a febre, o frío ou o medo no corpo dos seres humanos ou dos animais. *sin.* **tremelicada, tremeliqueira.**
- Tirizó** *s. m.* Gran ou furuncho que sae no bordo das pálpebras. *var.* **trizó*.** *sin.* **couzó; coizó; couzolo; touzón.**
- Tiro 1** *s. m.* Acción de disparar. *sin.* disparo. **2.** *s. m.* Marca deixada por un disparo. **3.** *s. m.* Ruído producido por un disparo. **4.** *s. m.* Animal ou parella de animais que tiran dun carro ou dunha carga. **5.** *s. m.* Conduto vertical de saída do fume ao exterior dunha cociña, lareira ou cheminea.
- Tiroliro** *s. m.* Onomatopea do son da gaita de foles.
- Tirria 1.** *s. f.* Leite pouco graxo. **2.** *s. f.* Odre onde se maza o leite. **3.** *s. f.* Manía, odio ou teima contra unha persoa. *sin.* **xenreira.**
- Tiseiras 1.** *s. f. pl.* Instrumento para cortar e recortar que está constituído por dúas pezas cun só gume, unidas en forma de aspa por un eixe, arredor do cal xiran ao seren accionadas. **2.** *s. f. pl.* Armazón formada por dúas vigas cruzadas oblicuamente, que serve para cubrir o teitume a dúas augas en unión doutras pezas. *var.* **teseiras, tixeiras, tixoiras.**
- Tisnar** *v. tr. e v. prml.* Manchar ou mancharse de feluxe. *var.* **entisnar.**
- Tisne** *s. m.* Substancia graxa e negra que o fume deposita na superficie dos corpos que están ao seu alcance. *var.* **entisno.**
- Tita, -to** *adx.* Algo de cor negra por afumada.
- Titiriteira, -ro 1.** *adx.* Persoa que manexa e dá vida aos monicreques. **2.** *adx.* Persoa pouco seria, bohemia ou ridícula.
- Tito 1.** *s. m.* Pebida da cereixa, pera ou mazá. **2.** *s. m.* Mancha ou sucidade de cor negra, xeralmente por tisne, feluxe, tizón ou fume.
- Tixeiras*** véxase **tiseiras.**
- Tixela** *s. f.* Utensilio metálico de cociña de forma circular, baixo e con mango, que se usa para fritir.
- Tixoiras*** véxase **tiseiras.**
- Tizón** *s. m.* Tronco grande, preparado para botalo ao lume.
- Toa** véxase **tronada.**
- Toada** véxase **tronada.**
- Toalla** *s. f.* Peza rectangular de lenzo usada para secarse.
- Toar 1.** *v. intr.* Producírense tronos. *var.* **tronar. 2.** *v. intr.* Facer un gran ruído, similar ao dos tronos.
- Toba** *s. f.* Cardo con zume branco.
- Tobelo** *s. m.* Parte saínte dos ósos que forman a articulación da perna co pé.
- Tocho** *s. m.* Tronco vello, especialmente o que está mergullado na auga e serve de gorida aos peixes.
- Toco 1.** *s. e adx.* Membro ou dedo que non está completo ou enteiro porque se lle amputou un anaco. **2.** *adx.* Persoa que ten un dedo ou un membro mutilado.
- Todabal** *s. m.* Especie de angazo que se emprega no forno de cocer o pan para arrastrar o rescaldo.
- Tola 1.** *s. f.* Charco, zona encharcada natural con lama. *sin.* **tolaceiro, tolo, toleira. 2.** *s. f.* Montón pequeno de terróns que se queima. **3.** véxase **taraboula, -lo.**
- Tolada 1.** *s. f.* Perda momentánea do control. **2.** *s. f.* Acción ou conxunto de palabras dunha persoa que perdeu a razón. **3.** *s. f.* Feito ou dito que mostra falta de siso.
- Tolaina 1.** *s. f.* Serie de golpes que se dan a unha persoa ou animal. **/2.** *adx.* Persoa tola, atolada. **3.** *adx.* Persoa irresponsable, que procede sen reflexión. *var.* **tolainas; tolандras; tolandra, -dro; tolandrán, -na; tolondra.**
- Tolainas** véxase **tolaina.**
- Tolalla, -llo** véxase **taraboula, -lo.**
- Tolanco** *s. m.* Charco grande.
- Tolandra, -dro** véxase **tolaina.**
- Tolandrán, -na** véxase **tolaina.**
- Tolандras** véxase **tolaina.**
- Tolandro** véxase **tolondro.**
- Toldar 1.** *v. prml.* Poñerse o viño turbio e acedo, de tal forma que só serve para vinagre. **2.** *v. prml.* Tornarse escuro o ceo ou o día.
- Tolear 1.** *v. tr.* Facer perder a razón ou o xuízo a alguén. **2.** *v. tr.* Facer perder o control ou esgotar a paciencia a alguén. **3.** *v. tr.* Gustarlle a alguén moito unha cousa.

Tolaceiro *s. m.* Sitio encharcado e con moita lama. *sin.* **toleira, tolo, tola.**

Toleira véxase **tolaceiro.**

Tolo 1. véxase **tola. 2. s. m.** Camín mui enlamado.

Tolondra, -o véxase **tolaina.**

Tolondro *s. m.* Croque, vulto que sae na cabeza a causa dun golpe. *var.* **tolandro.**

Tolleita, -to *adv.* Persoa con todos ou parte dos membros do corpo que están privados de movemento. *var.* **tollida, -do; impedida, -do.**

Tolmerendas *s. m.* Planta herbácea perenne da familia das liliáceas (*Merendera pyrenaica*), con tres ou catro follas planas e flores de seis pétalas cor púrpura, que florece de agosto a outubro.

Toller 1. v. tr. Dar repetidos golpes contra algo ou alguén. **2. v. tr.** Deixar a unha persoa tolleita ou impedida.

Tollida, -do véxase **tolleita, -to.**

Tomar 1. v. tr. Comer ou beber algo. **2. v. tr.** Coller, recoller algo que se lle deu a alguén.

Tomba *s. f.* Remendo que se colocaba a un zapato, unha bota ou unha galocha.

Tomiño *s. m.* Planta perenne da familia das labiadas (*Thymus vulgaris*), de talos leñosos, follas ovadas pequenas e flores brancas ou rosas, mui aromática, que se utiliza en cociña, farmacia e perfumaría.

Topa *s. f.* Ferida do boi na noca por consecuencia do roce do xugo.

Topada véxase **topazo.**

Topazo 1. s. m. Golpe que se dan coa cabeza os animais. **2. s. m.** Golpe que se dá unha persoa coa cabeza nalgún obstáculo. *var.* **topada; toupada; topetazo.**

Topetazo véxase **topazo.**

Topón, -na *adv.* Carneiro que acomete e escorna, que dá topadas.

Toque *s. m.* Cova do coello, lugar onde se esconde e especialmente onde cría.

Tora 1. s. f. Tronco oco dunha árbore. **2. s. f.** Tronco de árbore do que saen varios xermolos de gran tamaño, especialmente nos castiñeiros bravos.

Torada 1. s. f. Tronco dunha árbore que está cortado polos extremos, sen raíz e sen pólas. **2. s. f.** Cada un dos anacos cilíndricos que resulta de cortar o tronco dunha árbore. *sin.* **toro.**

Toral *s. m.* Curso de auga pouco abundante, menor có río e maior có regato.

Torbada *s. f.* Chuvia intensa e súbita que pode ir acompañada de vento e que adoita ser de curta duración. *var.* **torbón. sin. trebón, treboada.**

Torbisco *s. m.* Arbusto da familia das euforbiáceas e orde das fanerógamas, (*Daphne gnidium*); se se machuca en gran cantidade e dentro dun saco, o seu zume venenoso aplícase para matar peixes. *var.* **trubisco.**

Torbón véxase **torbada.**

***Torcaz 1. s. f.** Pomba salvaxe (*Columba palumbus*) de cor gris azulada co bordo das ás brancas e un colar branco arredor do pescozo. *sin.* **pombo. sin. *torcazo; *turcazo; *trucaza.**

***Torcazo** véxase ***torcaz.**

Torcer 1. v. tr. Aclarar a mao a roupa enxaboada, retorcéndoa ao final para que solte a auga. **2. v. tr.** Unir a la de dúas mazorgas nun nobelo. **3. v. tr.** Curvar ou dobrar unha cousa recta. **4. v. tr.** Sufrir a dislocación dun membro. *sin.* **escordar. / 5. v. intr.** Cambiar de dirección.

Torda véxase **tordo.**

Tordo 1. s. m. Paxaro de cor parda polo lombo (*Thurdus philomelos*) algo maior e máis recio có pardal, que se alimenta de frutas e sementes. **2. s. m.** Cor de determinados animais coma o cabalo, polo que dá nome propio a moitos deles. *var.* **Torda.**

Torga 1. s. f. Forza de vimbio que se pon aos animais no pescozo para impedir que entren nas herdades. **2. s. f.** Contido que se atragoa na gorxa.

Torgallo *s. m.* Torga mal feita.

Torgar *v. prnl.* Empacharse, comer en exceso. *sin.* **estorgar.**

Torgueira *s. f.* Arbusto das ericáceas (*Erica eriborea*) de madeira moi dura, follas escamosas, flores abrancazadas, rosas ou lilas en acios grosos. *sin.* **uz, urce, breixo.**

Torgo 1. s. m. Raíz da torgueira que arde moi lentamente dando moita calor. **2. véxase cepo.**

Torna 1. s. f. Lindeiros das terras de labor onde dá volta o gando cando ara. **2. s. f.** Límite entre dúas propiedades ou territorios. **3. s. f.** Zona alongada de terra que se dedica a un só cultivo.

Tornar 1. v. intr. Facer que o gando dea volta. **2. v. intr.** Regresar ao punto de partida,

- volver./ **3.** *v. tr.* Deter unha res, cortarlle o paso. *var.* **atornar.** **4.** *v. tr.* Repeler.
- Tornarrato** *s. m.* Disco de pedra de gran tamaño a modo de capitel dos pés do horrio que impide o paso dos ratos.
- Tornavoda** *s. f.* Festa que se celebra ao día seguinte da voda para aproveitar a comida sobrante. *var.* **revoda.**
- Tornear** **1.** *v. tr.* Traballar e labrar a madeira. **2.** *v. tr.* Introducir total ou parcialmente un parafuso ou un obxecto con rosca nunha cousa ou superficie facéndoo xirar.
- Tornezo** *s. m.* Anaco pequeno de touciño, frizado ou asado no lume. *sin.* **torrullo.**
- Tornicho** véxase **roxón.**
- Torniscón** **1.** *s. m.* Tirón e torcedura de orellas. **2.** *s. m.* Castigo leve. **3.** *s. m.* Lapote.
- Torno** *s. m.* Peza do muíño e doutros instrumentos ou ferramentas que fai o oficio de parafuso ou de chaveta para suxeitar unha peza a outra.
- Toro** véxase **torada.**
- Torpe*** véxase **taraboula, lo.**
- Torrada** *s. f.* Rebanda de pan tostada ao fogo, que adoita levar algún ingrediente.
- Torrar** *v. tr.* Someter algo, especialmente un alimento á acción do lume ou da calor para que se deseque e tome cor.
- Torreirega** *s. f.* Cotovía con moño.
- Torresno** **1.** *s. m.* Chourizo frito ou moi queimado na tixola. **2.** *s. m.* Xamón, touciño, alimentos fritos na tixola. **3.** *s. m.* Anaco de touciño frito ou para fritir. *var.* **torrezno.**
- Torrex *s. f.* Rebanda de pan empapada en viño, leite ou outro líquido, frito en manteiga de porco ou en aceite e adozada con azucre, que adoita rebozarse con ovo.**
- Torrezno** véxase **torresno.**
- Torrón** **1.** *s. m.* Masa de terra compacta, xeralmente pequena, que se forma nas terras de cultivo. *var.* **turrón, terrón.** **2.** *s. m.* Anaco de terra trabada con herba e raíces que se corta coa aixada, que serve para cerrar unha presa ou unha canle para regar. *var.* **turrón, terrón.**
- Torrullo** véxase **tornezo.**
- Torta** *s. f.* Pan de forma esmagada que se mete e saca do forno antes de meter as fogazas.
- Torta, -to** véxase **trusga, -go.**
- Tortada** *s. f.* Golpe que se dá na cara coa mao aberta..
- Torza** véxase **trenza.**
- Torzón** *s. m.* Certa enfermidade das cabalerías ou doutros animais que lles produce unha intensa dor de ventre.
- Tosquiar** **1.** *v. tr.* Cortar a la ou o pelo ás ovellas ou a outros animais. **3.** *v. tr.* Cortarlle mal o pelo a unha persoa. *var.* **truscar, trusquiar.**
- Tosta** **1.** *s. f.* Rebanda de pan torrado. **2.** *s. f.* Rebanda de pan torrado cuberta de aceite ou manteiga. **3.** *s. f.* Golpe que se dá na cara coa mao aberta.
- Totoviar** véxase **tatexar.**
- Touba** **1.** *s. f.* Furúnculo grande que, na parte superior, posúe un pequeno oco en forma de cravo. **2.** *s. f.* Tipo de rocha, mestura de calcaria e arxila, mui abundante na zona, que se utiliza como illante térmico para cubrir os fornos.
- Toucín** *s. m.* Graxa que ten o porco por debaixo da pel, particularmente a da barriga e a do lombo. *var.* **Touciño.**
- Touciño** véxase **toucín.**
- Touñón** véxase **banzado.**
- Toupa** véxase **toupeira.**
- Toupada** véxase **topazo.**
- Toupeira** **1.** *s. f.* Pequeno mamífero da familia dos tálpidos (*Talpa europaea*), de corpo cilíndrico e cor negra, coas patas curtas e fortes uñas, coas que escava as galerías nas que vive. **2.** *s. f.* Pequeno mamífero carniceiro da familia dos mustélidos (*Mustela nivalis*), de patas curtas, corpo alongado e pelame pardo no lombo e branco no peito e no ventre, que se alimenta de ratos ou toupas. *sin.* **Furela.** **3.** *s. f.* Tobeira da toupa. *var.* **toupieira; toupa.** **4.** *s. f.* Burato por onde se escapa a auga.
- Toupieira** véxase **toupeira 3.**
- Toupiñar** **1.** *v. tr.* Socavar, escavar galerías os topos na terra. / **2.** *v. intr.* Andar ás apalpadas, medio cego, tropeizando cos obxectos.
- Toupo** **1.** véxase **toupeira.** **2.** *adx.* Persoa privada total ou parcialmente do sentido da vista.
- Toural** *s. m.* Campo onde se trata de touros e de gando vacún.
- Touralega, -go** *s. e adx.* Xenilicio da Viladecais ou Toural dos Vaos. *var.* **touralés, -sa.**
- Touralés, -sa** véxase **touralega, -go.**

Touro 1. *s. m.* Mamífero ruminante bóvido (*Bos taurus*), macho adulto do gando vacún, de gran tamaño, cabeza armada con dous cornos e rabo longo. **2.** *s. m.* Home forte e robusto

Touza 1. *s. m.* Parte da herba que queda sen segar no prado por levar a gadaña alta e non a rentes do chao. **2.** *s. m.* Parte que sobresa polos extremos nunha gavela ou nun feixe. **3.** *s. m.* Resto que queda na verza cando se lle quita a folla. *var.* **touzo**. **4.** *s. m.* Cepo con pólas ou torgueira que se botan a arder no lume. .

Touzo véxase **touza**.

Touzón véxase **tirizó**.

Toxado *s. m.* Terreo de moi mala calidade, especialmente o que ten moitas pedras, moitas rochas e está ao lado da casa.

Toxal 1. *s. m.* Monte cuberto de maleza. **2.** *s. m.* Monte cuberto de toxos.

Toxo *s. m.* Arbusto espiñento da familia das papilionáceas (*Ulex europaeus*), de espiñas verdes e flores amarelas, do que existen varias especies en Galicia e se utiliza para estrar as cortes e producir batume ou estrume.

Traba *s. f.* Especie de caixón de madeira, cun amplo espazo dianteiro que serve para lavar sobre el a roupa no río, mentres a persoa que lava está axeonllada.

Trabadelega, -go *s. e adx.* Xentilicio de Trabadelo. *sin.* **trabadés, -sa**.

Trabadelés, -sa véxase **trabadelega, -go**.

Trabadoira *s. f.* Corda do carro.

Traballador, -ra 1. *s.* Persoa que realiza un traballo para vivir, que desempeña unha profesión ou oficio a cambio dun salario. *sin.* **asalariada, -do; obreira, -ro; operario, -ria**. **2.** *adx.* Persoa que traballa moito.

Traballar *v. intr.* Realizar unha actividade que require esforzo co fin de producir algo ou de conseguir un resultado determinado.

Traballo 1. *s. m.* Actividade humana que se realiza para producir algo, para conseguir un resultado. **2.** *s. m.* Actividade profesional concreta que constitúe un medio de vida e pola que se adoita recibir unha remuneración.

Trabanca *s. f.* Tranca, madeiro que serve para cerrar portas e fiestras.

Trabancada 1. *s. f.* Presa larga feita con paus para remansar a auga e levala para as canles de rego. *var.* **trabancado**. **2.** *s. f.* Presa feita con paus.

Trabancado véxase **trabancada**.

Trabar 1. *v. tr.* Pórle a pexa a un animal para que non escape. *sin.* **pexar**. **2.** *v. tr.* Pór unha dificultade a algo impedindo o seu desenvolvemento ou movemento normal. **3.** *v. tr.* Facer un nó a unha corda ou fita. *sin.* **atar, anoar**.

Trabe 1. *s. m.* Peza de madeira plana e pouco grosa, polo xeral de forma rectangular e máis longa ca larga. *sin.* **viga**. **2.** *s. m.* Pau, estaca de carballo ou de castiñeiro que se usa especialmente para cercar leiras e hortas. **3.** *s. m.* Madeiro groso e longo que se coloca de forma horizontal para soste o piso ou o teito dun edificio. *sin.* **viga**. **4.** *s. m.* Cúmulo de neve que amontoa o vento.

Trabelo véxase **tarabelo**.

Trabinca *s. f.* Corda que se ata aos estadullos para impedir que se abran e caia a carga.

Trabuco 1. *s. m.* Medida do triplo de polgar que se deixa na poda da cepa. **2.** *s. m.* Pau groso e grande. **3.** *s. m.* Escopeta antiga ou vella.

Tracamundear *v. tr.* Mesturar, remexer nos obxectos deixando todo desordenado.

Trade véxase **trado**.

Trado *s. m.* Instrumento que consta dunha delgada barra de ferro ou aceiro rematada en espiral nun extremo, e no outro nun cabo de madeira para agarralo, que se emprega para facer furados na madeira e noutros materiais non moi duros. *var.* **trade**.

Trafallada, -do 1. *adx.* Algo mal cosido. **2.** *adx.* Algo embarullado, desordenado.

Trafallar 1. *v. tr.* Coser mal e ás présas. **2.** *v. tr.* Desordenar, embarullar todo. **3.** *v. tr.* Facer que algo perda a súa disposición correcta, recta ou ordenada. **4.** *v. tr.* Malgastar ou desbaldar os cartos. *var.* **estrafallar**.

Trafalleira, -ro véxase **trafulleira, -ro**.

Trafullar véxase **atrapallar**.

Trafullas véxase **trafulleira, -ro**.

Trafulleira, -ro 1. *adx.* Persoa desordenada, desarraxada, ruda, pouco escrupulosa, que fai as cousas mal ou as embrolla. *var.* **trafullas; trafalleira, -ro. sin. zarapallón, -na; zarapalleira, -ro**.

Tragadeiro 1. *s. m.* Parte superior da gorxa. **2.** *s. m.* Boca ou buraco que traga ou sorbe.

Traidor, -ra véxase **vengatable**.

Traitada *s. f.* Carga grande de leña que se baixa arrastrando por unha pendente ou que se leva dunha vez.

Tramazón *s. m.* Terreo lamacente e inestable, xeralmente cuberto de herba, onde nace a auga e afunden os pés as persoas e animais ao camiñaren nel.

Trambilicarse véxase **tarambicarse**.

Trambulicarse véxase **tarambicarse**.

***Tramilla** *s. f.* Fío fino que se emprega para atar os chourizos.

Trampa véxase **cepo**, **forcilleira**, **trampela**.

Trampallada véxase **trampela 1**.

Trampallán, -na véxase **trampalleira, -ro**.

Trampalleira, -ro *adx.* Persoa que ten o costume de facer trampas ou de dicir mentiras. *var.* **trampallán, --na**.

Trampela 1 *s. f.* Enxeño que serve para cazar animais. *sin.* **trampallada**. **2** *s. f.* Leña e, en xeral, toda a planta de carballo que se emprega como combustible. **3** *s. f.* Táboa que se abre no chan das habitacións para ver quen entra na casa. **4** *s. f.* Fiestra para comunicar coa despensa e a adega.

Tranca 1 *s. f.* Pau groso e basto. *sin.* **tranco**. **2** *s. f. s. f.* Traveseiro de cerre das portas e fiestras que atravesa un par de pasadores e se incrusta na parede. **3** *s. f.* Estado dunha persoa que bebeu demasiado alcohol. **4** *s. f.* Pau que se fixa na cabeza das vacas e xatos para que non podan atravesar os cerros das fincas. **5** *s. f.* Poste da porta do curral na súa parte interior.

Trancar véxase **pechar**.

Trancavilla *s. f.* Acción de pór a perna entre as de alguén que vai correndo ou co que se está loitando, para derribalo. *sin.* **cambadela**.

Trancazo 1 *s. m.* Golpe que se dá cunha tranca. **2** *s. m.* Estado dunha persoa que bebeu demasiado alcohol. **3** *s. m.* Doenza infecciosa respiratoria, de orixe vírica, caracterizada por febre, tose, malestar ou inflamación das mucosas respiratorias. *sin.* **catarro**, **gripe**.

Tranco 1 véxase **tranca 1**. **2** *s. m.* Anaco de madeira groso para o lume. *sin.* **racha**.

Trangallada 1 *s. f.* Asunto ou situación difícil de resolver. **2** *s. f.* Cousa sen valor ou sen importancia. **3** *s. f.* Noticia falsa ou de escasa fiabilidade. **4** *s. f.* Cousa dita e feita sen reflexionar e que, polo menos aparentemente,

non é razoable nin responsable. **5** *s. f.* Cousa mal feita, sen coidado nin xeito. *sin.* **chafullada**; **chafallada**; **chafullería**; **zarapallada**; **zarandalla**; **farfullada**.

Trangallán, -na véxase **trangalleira, -ro**.

Trangallar *v. tr.* Mover ou axitar unha cousa producindo un ruído con continuo de golpes pequenos, especialmente o ruído que fan as portas e fiestras cando baten porque as move o vento. *sin.* **troupear**.

Trangalleira, -ro 1 *adx.* Persoa que fai trangalladas. **2** *adx.* Algo, alguén que contén engano ou que o provoca. *var.* **trangallán, -na**. *sin.* **trapaceira, -ro**; **trapacieira, -ro**; **trapalleira, -ro**; **trapallán, -na**; **trapallas**.

Tranzador *s. m.* Serra grande e longa de dous manubrios empregada por dúas persoas. *var.* **tronzador**. *sin.* **tronzón**.

Trapaceira, -ro* véxase **trangalleira, -ro**.

Trapacieira, -ro* véxase **trangalleira, -ro**.

Trapallada 1 *s. f.* Pequena cantidade de trapos. **2** *s. f.* Conxunto de cousas sen importancia. **3** *s. f.* Mestura desordenada de cousas que non se entenden, confusión, enredo. **4** *s. f.* Invención de cousas falsas.

Trapallán, -na* véxase **trangalleira, -ro**.

Trapallas* véxase **trangalleira, -ro**.

Trapalleira, -ro* véxase **trangalleira, -ro**.

Trapallo 1 *s. m.* Farrapo, vestido roto ou descosido. **2** *s. m.* Anaco de tea que queda colgando dunha peza de roupa vella e rota. **3** véxase **faloupa**, **farrapo 6**.

Trapaloso, sa 1 *adx.* Persoa mal vestida. **2** *adx.* Persoa que leva a roupa sucia e desastrada.

Trapeira, ro 1 *adx.* Persoa descoidada no vestir. **2** *adx.* Persoa que ten por oficio recoller trapos de desfeito para comerciar con eles.

Trapela 1 *s. f.* Trampa para coller as perdices vivas, que consiste nun pequeno marco de madeira con dúas portas pequenas que se manteñen cerradas por medio dun resorte, que se coloca de forma horizontal sobre un foxo nas sendas por onde adoitan pasar, disimulado cun pouco de terra. *sin.* **cepo 4**, **fordigueira**, **forcilleira**, **trampa**, **trebello**. **2** *s. f.* Abertura pequena, porta abatible que se practica no piso da casa ou no tellado e que permite o acceso á parte baixa ou ao faiado. *var.* **trapelo**.

Trapelo véxase **trapela**.

Trapelón, -na *adx.* Persoa mentireira, embusteira.

Trapicheira, -ro *adx.* Persoa que fai mal as cousas, de calquera maneira, que fai trapalladas.

Trapo 1. *s. m.* Pano que serve para limpar. **2.** *s. m.* Anaco de tea ou peza de roupa mui gastada e rota..

Trasega *s. f.* Acción e efecto de cambiar o viño dunha vasilla a outra.

Trasegar véxase **trasfegar**.

Traseiro véxase **cu**.

Trasfegar 1. *v. tr.* Trasladar cousas dun lugar a outro. **2.** *v. tr.* Cambiar o viño dun recipiente para outro. *var.* **trasegar**.

Trasga 1. *s. f.* Temoeiro ou loro do xugo, peza de madeira en forma de anel oval duns trinta centímetros de diámetro exterior maior, pola que se pasa o mediano para atala ao xugo e pasar por ela o temón do arado ou o pau que une o trillo ao xugo. **2.** *s. f.* Freo dos carros. **3.** *s. f.* Sitio poboado con árbores de calquera clase, arboredo, alameda.

Trasgada véxase **trasnada**.

Trasgo 1. *s. m.* Mascá de Entroido. **2.** *s. f.* Ser fantástico nocturno que adoita facer estragos e enredar sen producir dano grave, espírito enredador. *var.* **trasno**. **3.** *s.* Neno que fai travesuras. *var.* **trasno**. *sin.* **traste**.

Trasnada 1. *s. f.* Acción propia dos nenos que fan travesuras, coas que se divirten pero coas que poden causar molestias ou mesmo mancarse. *var.* **trasgada**. **2.** *s. f.* Dito ou feito que é mostra de ignorancia ou de pouca intelixencia. *var.* **trasgada**.

Trasno véxase **trasgo 1 e 2**.

Trasnoitar véxase **estrenoitar**.

Traste 1. *s.* Neno rebuldeiro que fai travesuras. **2.** *s. m. pl.* Obxectos variados e a miúdo inútiles, en desorde. *sin.* **trebello**.

Trasto, -ta 1. *s.* Persoa travesa, enredadora, rebuldeiro. **2.** *s.* Persoa ou cousa que estorba.

Trasvariar *v. intr.* Desvariar, erra no que se di ou se fai. *var.* **tresvariar**.

Tratante *s.* Persoa que compra ou vende gando na feira.

Trausgada *s. f.* Acción e efecto de chiscar un ollo.

Trausgar *v. tr.* Chiscar un ollo.

Travesa véxase **traveseiro 1**.

Traveseiro 1. *s. m.* Peza de madeira ou doutro material, longa e estreita, que se coloca atravesada para unir dúas partes opostas nunha armazón. *var.* **travesa**. **2.** *s. m.* Peza que suxeita o dental á cama do arado ou ao temón directamente. *var.* **travesón**. **3.** *s. m.* Tipo de madeiro que se coloca a través das pinas de madeira que unen os varais do carro.

Travesón véxase **traveseiro 2**.

Trazón *s. m.* Cada un dos paus de castiñeiro retortos que forman o canizo.

Trebe *s. m.* Fruto ou cereal verde, que aínda non está bastante maduro, ou tamén da herba segada cando non está bastante seca.

Trébede 1. véxase **trepia 2**. **2.** *s. m.* Persoa pouco agraciada fisicamente. **3.** *s. m. pl.* Habitación ou parte dela que, a modo de hipocausto, se quenta con palla. **4.** *s. m. pl.* Instrumento para trillar a palla na eira, que consiste nunhas táboas grande provistas interiormente de numerosos anacos de ferro cortantes. *var.* **estrébedes**.

Trebello véxase **cepo 4**.

Treitoira *s. f. pl.* Topes entre os que xira a roda do eixe. *var.* **truitoiras**.

Truitoirá véxase **truitoirá**.

Tremar 1. *v. intr.* Sentir medo ou temor. **2.** *v. intr.* Ter calafríos unha persoa ou un animal co medo ou co frío. **3.** *v. intr.* Vacilar, moverse, axitarse con movementos rápidos e involuntarios.

Trembar* véxase **trembelicar**.

Trembelicar *v. intr.* Axitarse unha persoa ou un animal con movementos repetidos e non voluntarios a causa do medo ou do frío. *var.* **tarambicar, trembericar**. *sin.* **trembar**.

Trembericar véxase **trembelicar**.

Trenca, -co *adx.* Persoa que coxea ou anda con dificultade, acaneándose ao camiñar.

Trencha *s. f.* Ferramenta de carpinteiro que se emprega para desbastar a madeira e está formada por un mango e unha folla plana de metal, grosa, longa e afiada no extremo. *var.* **trincha**. *sin.* **escoupro**.

Trenza 1. *s. f.* Tecido feito con tres fíos, cabos etc., pasando de maneira sucesiva cada un deles por enriba e por debaixo dos outros

- dous. **2.** *s. f.* Peiteado que se fai entretecendo tres ou máis guechos de pelo. *sin.* **torza.**
- Trepia** *s. f.* Instrumento a modo de soporte de tres patas para colocar a cazola sobre o lume. *sin.* **trespés, trébede.**
- Tresecar** **1.** *v. tr.* Secar moito, de forma excesiva. **2.** *v. prml.* Queimárense ao sol as plantas e outros seres vivos. **3.** *v. intr.* Perder todo o zume ou a humidade unha cousa calquera. *sin.* **resecar.**
- Tresgadal** *s. m.* Lugar que ten moitas herbas e maleza.
- Trespés** véxase **trepia.**
- Trestalar** **1.** *v. intr.* Estalar, producirse un ruído semellante ao estalido. *var.* **estalar, restalar, estralar.** **2.** *v. intr.* Coller un dedo nunha porta. **3.** *v. tr.* Esmagar algo brando.
- Tresvariar** véxase **trasvariar.**
- Trevo** *s. m.* Planta herbácea anual da familia das papilionáceas (*Trifolium pratense*), da que existen diversas especies, con follas compostas por tres folíolos, que pode medrar espontaneamente ou cultivarse como alimento para o gando.
- Trexugar** *v. tr.* Pasar, desviar unha correa do *trexugueiro* cara a parte do xugo máis próxima a un boi ou a unha vaca para que leve máis peso.
- Trexugueiro** *s. m.* Peza móbil composta de catro ou cinco correas de couro e unha parte de madeira que colga do xugo e serve para axustar alí o arado ou o carro. *sin.* **tiradeiro.**
- Tribiquel*** véxase **tiribiquel.**
- Trigal** *s. m.* Seara sementada de trigo.
- Trigo** *s. m.* Planta gramínea (*Triticum* sp.) con espigas que conteñen graos dos que se obtén a faría.
- Trigueiro** **1.** *s. m.* Planta perenne da familia das gramíneas, moi parecida ao alpieste, pero de menor tamaño, que crece en sementeirás húmidas e dá boa forraxe. **2.** *adx.* Algo da cor amarelenta do trigo.
- Trillada, -do** *adx.* Persoa ou animal mui cansa, esbandallada..
- Trilladura** *s. f.* Ferida producida nos pés das persoas que andan descalzas.
- Trillar** **1.** *v. tr.* Roer ou cortar en anacos mui pequenos. / **2.** *v. intr.* Cansarse moito a causa do traballo. / **3.** *v. prml.* Magoar as plantas dos pés pola suor despois dunha camiñada longa.
- Trillo** *s. m.* Instrumento que serve para trillar o cereal formado por tres ou catro táboas anchas en cuxa cara inferior hai incrustados anacos de seixos cos que se esmiúza ou rila a pabea.
- Trinca** **1.** *s. f.* Corda ou cadea que se pasa de cangalla a cangalla por detrás da chavella para evitar que o xugo se incline en exceso cara a diante ao tirar a xunta. **2.** *s. f.* Tecido feito con tres fíos ou cabos, pasando de maneira sucesiva cada un deles por enriba e por debaixo dos outros dous. *sin.* **trenzado.** **3.** *s. f.* Peiteado que se fai entretecendo tres ou máis guechos de pelo. *sin.* **trenza.** **4.** *s. f.* Acción e efecto de inclinar ou inclinarse. **6.** *s. f.* Lesión producida ao estirar violentamente unha articulación. **7.** *s. f.* Viravolta que se dá apoiando as mans ou a cabeza no chao e deixándose caer sobre o lombo. *var.* **trincacarnela.**
- Trincacarnela** véxase **trinca** **7.**
- Trincar** **1.** *v. tr.* Torcer algo cara a un lado. **2.** *v. tr.* Cortar cos dentes ou de xeito que o corte sexa semellante ao producido cos dentes. *sin.* **rilar, roer..** **3.** *v. tr.* Coller, tomar. **4.** *v. tr.* Comer ou beber. **5.** *v. tr.* Acabar con calquera cousa, coma a comida ou o traballo. **6.** *v. tr.* Roubar, apreixar, tomar algo que non é alleo.
- Trincha** *s. f.* Ferramenta de carpinteiro semellante ao escoupro, pero de folia máis larga e menos grosa.
- Trinchada** *s. f.* Conxunto de leña cortada no monte en gran cantidade.
- Trinco, -ca** Algo torto, curvo, retorto.
- Trinque** **1.** *s. m.* Xunta para o carro. **2.** *s. m. pl.* Tarugos do lagar.
- Tripa** *s. f.* Parte do corpo das persoas e dos animais onde está o intestino. *sin.* **barriga, ventre, bandullo.**
- Triquilibule** *adx.* Persoa inqueda, que se move moito. *sin.* **bulebule, rebuldeira, bulideira.**
- Triquiñola, -lo** *adx.* Persoa de pouca formalidade, de pouca seriedade.
- Triscar** **1.** *v. tr.* Facer unha pequena incisión nas castañas antes de asalar para evitar que exploten. **2.** *v. intr.* Corricar, brincar, pinchar, especialmente os anos e os cabritos pequenos. **3.** *v. intr.* Comer con ansia e ás presas as vacas e as ovellas.

Triste *adx.* Persoa que non ten alegría, que presenta ou expresa un sentimento tristeiro, de sufrimento, dor moral ou sen ansia. *var.* **tristeira, -ro.** *sin.* **aburrída, -do; señaardosa, -so; desanimada, -do; apenada, -do.**

Tristeza *s.f.* Sentimento ou condición de triste. *sin.* **pena, señaardade, desánimo.**

Trobo 1. *s. m.* Cesto de cortiza, de 30/40 cm de diámetro e de 50/60 cm de altura, que se emprega para coar a roupa. **2.** *s. m.* Colmea feita xeralmente do tronco oco dunha árbore, dunha casca de árbore ou de catro táboas que leva por tampa unha lousa. **3.** *adx.* Persoa de baixa estatura.

Trocho véxase **troncho**.

Truitoirá *s.f.* Cuñas entre as que roda o eixe do carro. *var.* **treitoira.**

Truitoiras* véxase **treitorias**.

Trola *s.f.* Aquilo que unha persoa di ou escribe como verdadeiro sabendo que non o é. *sin.* **mentira, falsidade.**

Trolapeira, -ro *adx.* Persoa mentireira, embusteira. *sin.* **troleira, -ro.**

Troleira, -ro *adx.* Persoa mentireira, embusteira.

Trollazada véxase **trollo**.

Trolleira, -ro *adx.* Terreo lamacentoso.

Trollo *s. m.* Mestura de auga e terra que se forma nun lugar cando chove ou deixa de nevar. *var.* **trollazada.** *sin.* **trouso, lama, lameira.**

Trombelica, -co *adx.* Persoa inestable, que cae, que se sostén mal en pé.

Trompa 1. *s.f.* Instrumento musical de vento con forma de tubo enroscado que se toca con tres pistóns. **2.** *s.f.* Prolongación do nariz. **3.** *s.f.* Borracheira.

Trompada 1. *s.f.* Golpe dado co puño na cara ou na cabeza. *var.* **trompazo 2.** *s.f.* Caída ou golpe brusco dado na cara. *var.* **trompazo.**

Trompazo véxase **trompada**.

Trompicallo *s.m.* Acto sexual, cópula.

Trompicar 1. *v. intr.* Tropezar de forma violenta con algo. **2.** *v.intr.* Realizar o acto sexual. *sin.* **foder.**

Trona véxase **tronada**.

Tronada 1. *s.f.* Perturbación violenta da atmosfera, con vento, chuvia e lóstregos. *var.* **trona, troneiro.** *sin.* **toada; toa.** **2.** *s.f.* Chaparrada de auga, xeralmente de tormenta

var. **trona.** *sin.* **toada; toa.** **3.** *s.f.* Ruído moi forte, coma se fose de tormenta. *sin.* **tronazo.**

Tronado véxase **troneiro**.

Tronar 1. *v. intr.* Producírense tronos. *sin.* **toar.** **2.** *v. intr.* Facer ruído. **3.** *v. intr.* Armar moito alboroto de xeito que as persoas que falan non se oían. *sin.* **toar.**

Tronazo *s. m.* Ruído forte que acompaña o alustro ao producirse unha descarga eléctrica na atmosfera. *sin.* **tronada.**

Tronca *s.f.* Tronco, cepa do castiñeiro bravo.

Troncho 1. *s. m.* Pau curto e grosso. **2.** *s. m.* Talo dalgunhas plantas como a col ou o repolo. **3.** *s. m.* Parte do talo dunha planta, especialmente do millo, que queda pegado á raíz despois de cortalo. **4.** *s. m.* Pau ou anaco de árbore, de mala conformación, pequeno e apropiado para o lume. *var.* **trocho.**

Tronco 1. *s. m.* Cepo do talo do millo. **2.** *s. m.* Pau grosso para o lume. **3.** véxase **troncón**.

Troncón *s. m.* Talo leñoso dunha árbore ou arbusto, que sobresaí do chan desde onde comeza a raíz e do que parten as pólas máis grosas que á súa vez se van dividindo. *var.* **tronco.**

Troneira, -ro 1. *s. e adx.* Xentilicio de S. Pedro de Trones. *sin.* **pedrela, -lo.** **2.** *s.f.* Fiestra xeralmente alta e pequena, por onde entra a luz en faiados ou pisos con bufardas, que recibe o seu nome debido á forma, tamaño e tapa parecidos ás troneiras por onde se disparaban os tronos ou primeiros canoís. **4.** Personaxe fantástico que conduce e produce as tormentas. **5.** Véxase **tronada**. **6.** *s. m. pl.* Nubes que aparecen cando vai haber tormenta. **7.** *s.f.* Cheminea das cociñas con lume no chao./ **8.** *adx.* Persoa que dá moitas voces, que fala dando voces ou gritos, que arma moito alboroto ou escándalo. *sin.* **berrallouzas; berrón, -na.** **9.** *adx.* Persoa que presume do que non é. *sin.* **fantoche; fantasma; presumida, -do; vaidosa, -so.** *s. m.*

Trono véxase **tronada**.

Tronxo *s. m.* Verza especial para os animais. *sin.* **coíña.**

Tronza *s.f.* Cada unha das partes en que queda dividido o *roldo* despois de serralo.

Tronzador véxase **tranzador**.

Tronzar 1. *v. tr.* Cortar, partir ou serrar unha árbore, un toro de madeira ou unha póla ao través. 2. *v. tr.* Provocar algo moita dor nunha parte do corpo, de modo que dá a impresión de que o están cortando.

Tronzón véxase **tranzador**.

Troque 1. *s. m.* Foxo ou burato pequeno escavado no chan para xogaren os nenos e nenas ás bólas. 2. *s. m.* Golpe na cabeza. *sin.* **trósquele**.

Trósquele 1. *s. m.* Capón, golpe que se dá cos cotobelos na cabeza. 2. *s. m.* Calquera golpe que se dá contra algunha cousa.

Troula *s. f.* Diversión ruidosa e barulleira. *sin.* **pándega, troulada, *farra**.

Troulear *v. intr.* Andar de festa, de ruada, divertirse brincando, cantando e bailando.

Trouleira, -ro *adx.* Persoa amante da diversión e da festa. *sin.* **festeira, -ro; festexeira, -ro; pándiga, -go**.

Troulla *s. f.* Especie de furúnculo de gran tamaño que sae xeralmente na cabeza ou no lombo.

Trousa *s. f.* Montón de neve acumulado na encosta dunha pendente ou nun curruncho. *var.* **trouso** 4.

Trouso 1. *s. m.* Mestura de auga, terra ou pedras que se forma nun lugar, por exemplo cando chove. *sin.* **trollo**. 2. *s. m.* Curva do temón do arado. 3. *s. m.* Chaveta que atravesa o espigo ou parte extrema do eixe que sobresae da roda e que impide que esta salga. 4. véxase **trouso**. 5. *s. m.* Peza do arado, de madeira curvada, na que encaixan pola parte inferior dianteira o dental e a rella e por detrás a peza curva e traseira do arado, afianzada no temón. *var.* **trouxo**.

Trouxar *v. tr.* Poñer algo formando un montón.

Trouxo véxase **trouso** 5.

Troxo 1. *s. m.* Talo dalgunhas hortalizas, coma a col ou o repolo. 2. *s. m.* Ceba do talo do millo. 3. *s. m.* Póla ou pau grosos. 4. *s. m.* Pau ou vara pequena.

Trucaza* véxase **pombo**.

Truita *s. m.* Peixe da familia dos salmónidos, (*Salmo trutta*) duns corenta centímetros e cor variable, xeralmente acastañada con pintas negras ou vermellas arrodeadas por un círculo claro, que vive nos ríos e regatos de augas

claras e frías e é moi apreciado pola súa carne. *var.* **truta; trutia**.

Truscar véxase **trusquiar**.

Trusga, -go 1. *adx.* Persoa que ten a vista torta, cada ollo mirando nunha dirección. *sin.* **visga, -go; vesga, -go; chusga, -go; torta, -to. birola, -lo**. 2. *adx.* Persoa seria, enfadada. 3. *adx.* Algo escuro.

Trusgar 1. *v. intr.* Aceno de abrir e pechar un ollo para dar un sinal. *sin.* **chisgar**. 2. *v. intr.* Mirar de forma atravesada, con malos ollos.

Trusquiar 1. *v. tr.* Cortar mal o pelo, coma se se estivese tosquiando unha ovella. 2. *v. tr.* Tosquiar as ovellas. *var.* **truscar; tosquiar**.

Truta véxase **truita**.

Trutia véxase **truita**.

Truvisco véxase **torbisco**.

Tubeira *s. f.* Burato do barquín por onde sae o aire.

Tuco 1. *s. m.* Parte do tronco pegada á raíz, que queda despois que se corte a árbore. *var.* **toco**. 2. *s. m.* Pau pequeno. 3. *s. m.* Parte dun membro cortado que permanece adherida ao corpo.

Tufar 1. *v. intr.* Despedir, desprender un cheiro forte e desagradable. *sin.* **apestar**. 2. *v. intr.* Desprender muito fume. *sin.* **afumar**. 3. *v. prnl.* Encoraxarse, sentir orgullo, ensoberbecerse unha persoa. *var.* **atufar**.

Tufarada véxase **tufo**.

Tufo *s. m.* Cheiro forte e molesto. *var.* **tufarada, tufonada**.

Tufonada *s. f.* Tufarada, cheiro forte e molesto.

Tumbainazo *s. m.* Golpe, ruído forte.

Tundio *s. m.* Estado de firmeza e seguridade.

Tundo *s. m.* Choque máis ou menos violento de dous corpos..

Tupiza, -zo *adx.* Algo tupido, moi apertado.

Trucaza véxase ***torcaz**.

Turcazo véxase ***torcaz**.

Turgar véxase **chusgar**.

Turrar véxase **turriar**.

Turreada *s. f.* Topada que certos animais, coma a vaca ou a cabra, dan coa testa.

Turrear 1. *v. tr.* Torrar, asar á brasa. 2. *v. tr.* Topar ou dar golpes coa cabeza, os animais con cornos, como a vaca ou o carneiro. *var.* **turrar**. 3. *v. tr.* Arremeter unha res, unha vaca ou un carneiro. *var.* **turrear**.

Turriar véxase **turrear**.

Turrión, -na **1.** *adx.* Boi, carneiro, vaca ou cabra que arremete cos cornos. **2.** *adx.* Viño que emborracha moito.

Turrón **1.** véxase **torrón, terrón**. **2.** *s. m.* Doce de forma rectangular que se fai con améndoas amasadas con mel ou azucre e é típico do Nadal.

Turruchos *s. m. pl.* Restos que quedan ao derreter a graxa na matanza. *sin.* **roxón, turrullo, turullo** **1.**

Turrullo véxase **turrucho**.

Turruxa *s. f.* Fogaza pequena.

Turulata, -to *adx.* Persoa atolada, falta de xuízo.

Turullo **1.** véxase **turrucho**. **2.** *s. m.* Alteración do ánimo que se caracteriza por unha sensación

de inquietude, inseguridade ou desconcerto. **3.** *adx.* Persoa repoluda.

Turviscada *s. f.* Acción e efecto de envelenar o río con *turvisco*.

Turvisco* véxase **torbisco**.

Tusir *v. intr.* Expulsar o aire dos pulmóns con forza e producindo un ruído característico, por se irritaren as membranas que cobren as vías respiratorias.

Túzara, -ro **1.** *adx.* Persoa que se aferra con enerxía a unha idea ou a unha maneira de actuar sen ter en conta as opinións alleas, aínda sabendo que pode estar equivocada. *var.* **testalán, -na.** *sin.* **testarudo, -da; testón, -na; testarán, -na.** **2.** *adx.* Persoa entremetida. **3.** *adx.* Persoa antisocial que desconfía de todo o mundo.

Ubrada *s. f.* Cantidade de leite que hai no ubre da vaca.

Ubre *s. f.* Órgano produtor de leite, en forma de bolsa, con varios tetos, que teñen certos mamíferos femias entre as patas posteriores.

Ucedo véxase **uceira**.

Uceira *s. f.* Terreo poboado de uces ou urces. *var.* **ucedo, uzal.** *sin.* **bouza, urcedo, urzal.**

Ulrir **1.** *v. tr.* Percibir co olfacto. **2.** *v. intr.* Desprender olor. **3.** *v. intr.* Presentir, intuír, sospeitar, tratar de conseguir información. *sin.* **uliscar.**

Uliscar **1.** *v. tr.* Ulir lixeiramente. **2.** véxase **ulir** **3.**

Umeiral *s. m.* Sitio onde se cría e hai abundancia de umeiros.

Umeiro véxase **negrillo**.

Uña **1.** *s. f.* Lámina córnea transparente que nace na punta dos dedos e dedas das persoas. **2.** *s. f.* Lámina córnea que nace na punta das patas dos animais. *sin.* **pezuño.**

Uñeiro **1.** *s. m.* Certa infección entre a uña e o dedo. **2.** *s. m.* Inflamación que se produce na raíz da uña. **3.** *s. m.* Ferida que produce a uña cando, ao medrar demasiado, se crava na carne.

Untar **1.** *v. tr.* Enlarafuzar con unto ou graxa. **2.** *v. tr.* Engraxar as rodas do carro. **3.** *v. tr.* Subornar. **4.** *v. prml.* Mancharse con calquera tipo de sucidade pero especialmente a graxa.

Untaza *s. f.* Cada unha das manteigas ou mantos do porco, unha vez sazónada, que se emprega como condimento culinario.

Unto *s. m.* Graxa do porco que se saca do animal que se acaba de matar cando aínda está quente, dándolle forma de fogaza dentro dun lenzo para formar a untaza, que logo se colga na cociña para que se cure e afume, coa finalidade de usala para condimentar o caldo.

Urce *s. f.* Arbusto da familia das ericáceas (*Erica arborea*) do que existen varias especies moi comúns nos montes de Galicia e do Bierzo de follas moi pequenas, flores brancas ou malvas tamén miúdas, e que pode alcanzar os tres metros de altura segundo a variedade de que se trate. *var.* **uz.**

Urcedo véxase **uceira**.

Urdideira véxase **urdideiro**.

Urdideiro *s. m.* Instrumento a modo de debandoira, onde se preparan os fíos para as urdas. *var.* **urdideira; urdidoiro.**

Urdidoiro véxase **urdideiro**.

Urdir **1.** *v. tr.* Preparar os fíos para tecer no tear tradicional. **2.** *v. tr.* Organizar unha intriga en segredo. *sin.* **argallar, tecer, tramar.**

Urna **1.** *s. f.* Caixa de diferentes formas e provisto de tampa, destinado a conter e conservar as cinzas dun morto. **2.** *s. f.* Caixa de madeira, metal, vidro ou outro material, segundo o uso ao que está destinada. **3.** *s. f.* Caixa onde se depositan as papeletas dunha votación ou dun sorteo. *var.* **urnia*.**

Urnia* véxase **urna**.

Usura **1.** *s. f.* Préstamo de diñeiro con xuros desproporcionados e superiores aos normais. **2.** *s. f.* Ganancia excesiva.

Usureira, -ro **1.** *s. e adx.* Persoa que presta diñeiro con usura. **2.** *s. e adx.* Persoa aproveitada e avara.

Uva *s. f.* Fruto da vide, redondo ou ovado, que se agrupa formando acios sostidos nun cangallo. *sin.* **bago.**

Uz véxase **urce**.

Uzal véxase **uceira**.

V

250

Vaca 1. s.f. Mamífera ruminante bóvida (*Bos taurus*) que se emprega como animal doméstico de traballo e para lle aproveitar o leite. **2.** *adx.* Persoa mui gorda. **3.** *adx.* Persoa pouco ou nada traballadora. *sin.* **manguela, -lo.**

Vacada s.f. Rabaño de gando vacún que vai ao monte e ao prado baixo o coidado do vaqueiro ou da vaqueira.

Vacaloura s.f. Insecto de gran tamaño da orde dos coleópteros (*Lucanus cervus*), de cor negra e loura que, no caso do macho, ten dúas mandíbulas semellantes a cornos en forma de arco e adoita vivir nos soutos.

Vaco véxase **poula**.

***Vado** s. m. Lugar de paso, parte dun río ou arroio onde se fai pe, remanso. *var.* **vao**.

Vaga, -go véxase **manguela, -lo**.

Vagancia s.f. Calidade da persoa á que non lle gusta traballar pi lle escapa a calquera esforzo. *sin.* **galbana**.

Vago 1. s. m. Terra ou campo labrado e cultivado que non ten frutos, labradío, baldío. **2.** s. m. Terra que non está cultivada. *sin.* **poula**.

Vagoada 1. s. f. Val pequeno. *var.* **valiña, valía*, valguada**. **2.** s. f. Parte máis baixa dun val por onde discorren os regatos ou as augas da chuvia e dos mananciais. *var.* **valguada**. *sin.* **gorgo**.

Vaidade véxase **fachenda**.

Val 1. s. m. Depresión do terreo entre montañas pola que flúe ou fluíu un curso de auga. **2.** s. m. Conca dun río.

Valado véxase **valo**.

Valboés, -sa s. e *adx.* Xentilicio de Valboa. *sin.* **coutarega, -go**.

Valcarcega, -go s. e *adx.* Xentilicio da Veiga do Valcarce. *sin.* **canalega, -go**.

Valega, -go s. e *adx.* Xentilicio xeral de calquera val, por oposición a *montañés, -sa*, da montaña.

Valguada véxase **vagoada**.

Valía* véxase **vagoada**.

Valiña véxase **vagoada**.

Valo 1. s. m. Muro de pedra que cerca unha leira, propiedade etc. *sin.* **cercado, valado**.

Vaqueira, -ro 1. s. Persoa que alinda ou pastorea o gando vacún. **2.** s. Persoa que trata ou comercia en gando vacún.

Vaqueirada s. f. Canción ou toada característica que cantaban os vaqueiros e as vaqueiras semellante á *tonada* asturiana.

Vaquería s.f. Granxa onde crían e explotan vacas de carne ou de leite.

Vara 1. Póla delgada, dereita, longa e sen follas usada como bastón ou aguillada. **2.** s. f. Medida de lonxitude que en xeral equivale a catro cuartas, 84 cm., pero en Vilafranca equivale 90 cm. **3.** s. f. Instrumento que se usa para determinar esta medida de lonxitude.

Varal 1. s. m. Pértega, vara longa e grosa que serve para impulsar a barca no río. **2.** s. m. Vara longa e grosa, que se emprega para varear os frutos das árbores, colgar chourizos sobre o lume da lareira ou aumentar a capacidade da carga do carro. **3.** s. m. Armazón xeralmente con dous paus paralelos, máis ou menos xuntos para colgar cebolas, allos ou millos ou para, sobre eles, colocar fogazas de pan. **4.** s. m. Pértega longa para sacar auga do pozo.

Varanda 1. s. f. Armazón de balaústres, barras ou elementos similares que a modo de protección se coloca en balcois, escaleiras, corredores ou pontes. *var.* **varandial, balaustrada, balaústre**. **2.** s. f. Antepito dos corredores, escaleiras ou pontes pequenas. *var.* **varandial, balaustrada, balaústre**. **3.** s. f. Vara longa, que, suxeita horizontalmente a certa altura, se utiliza para poñer cousas a secar.

Varandial véxase **varanda**.

Varear 1. v. tr. Sacudir as pólas dunha árbore cunha vara para que caían os froitos. **2.** v. tr. Pegar cunha vara. *var.* **varelar; varexar**.

Vareazo s. m. Golpe que se dá coa vara. *var.* **varelada, varexazo**.

Varela 1. s. f. Variña do tear. **2.** s. f. Vara pequena.

Varelada véxase **vareazo**.

Varelar véxase **varear**.

Varelo s. m. Cada unha das prolongacións que nacen do toro das árbores ou do talo das plantas e arbustos nas que abrochan, polo xeral, as follas, flores e frutos.

Varexar véxase **varear**.

Varexazo véxase **vareazo**.

Vargado *s. m.* Valado ou cercado de lousas ou vargos.

Vargo *s. m.* Lousa ou pedra grande e fina que se chanta na terra para facer un valado e así choer un recinto. *sin.* **chanto**.

Varexón, -na *s.* Xornaleira que varexa nos castiñeiros para que caian os ourizos.

Varón 1. *s. m.* Vara de ferro no eixe do rodicio do muíño, que serve de prolongación deste a través da soleira ou moa de abaixo. **2.** *s. m.* Eixe do rodicio do muíño.

Varredallas *s. f. pl.* Desperdicios que se xuntan ao varrer.

Varredallo véxase **vasoira**.

Varredeiro 1. *s. m.* Vasoiro de xestas verdes que se emprega para varrer a casa. **2.** *s. m.* Algo que arrastra todo o que atopa no seu camiño. *var.* **varredoiro**.

Varredoiro véxase **varredeiro**.

Varrer 1. *v. tr.* Limpar o chao cunha vasoira ou varredallo. *sin.* **balear**. **2.** *v. tr.* Arrastrar, arrasar todo o que hai nun lugar.

Varxa véxase **vaxa**.

Vasal 1. *s. m.* Especie de armario situado na cociña para colocar o cántaro da auga. **2.** *s. m.* Especie de arca pequena con tapa para gardar o sal ou a pementa. *var.* **vasaleiro**. **3.** *s. m.* Estante que serve para poñer vasos ou pratos. *var.* **vasar**.

Vasaleiro véxase **vasal**.

Vasar véxase **vasal**.

Vasoira véxase **vasoiro**.

Vasoiro 1. *s. f.* Instrumento formado por un mango que leva nun extremo un pequeno feixe de ramas de xesta ou doutro material flexible, que se emprega para varrer. **2.** *s. f.* Varal cuns trapos no seu extremo co que se varre o forno antes de meter a cocer o pan. *var.* **vasoira**. *sin.* **varredallo**. **3.** *s. m.* Vasoira que se utiliza para varrer ou balear as eiras. *sin.* **balea**, **varredeiro**.

Vaxa *s. f.* Vaíña seca e longa dalgunhas plantas coma fabas, chícharos, xudías etc., que contén a semente seca. *sin.* **caxa**; **gaxa**; **caxiga**, **varxa**.

Vea 1. *s. f.* Planta da familia das gramíneas (*Avena sativa*), de talo oco, delgado e alto, no extremo

do cal hai unhas ramiñas con espigas moi pequenas que poden ter de dúas a nove flores. *sin.* **avea**. **2.** *s. f.* Semente desta planta, rica en substancias nutritivas, que se utiliza na alimentación humana e animal. *var.* **avea**. **3.** *s. f.* Vaso sanguíneo. **4.** *s. f.* Condución subterránea de auga.

Veado *s. m.* Mamífero ruminante cérvido (*Cervus elaphus*) máis pequeno có cervo e de corpo áxil e esvelto.

Veceira 1. *s. f.* Quenda para regar, pastorear ou calquera outra actividade comunitaria. **2.** *s. f.* Rabaño de cabras e ovellas, e antes tamén piaras de porcos e vacadas, que pertencían a diversos da aldea e saían todos xuntos ao pasto atendidos por un pastor ou pastora que rotaba a súa quenda entre os donos do gando.

Veceirada *s. f.* Gando en liberdade ou grupo de mozos que estraga todo o que encontra ao seu paso.

Vecín, -ña 1. *s. e adx.* Persoa que vive no mesmo edificio, parroquia, vila, concello, rúa, zona, barrio, lugar ou cidade. **2.** *s.* Persoa que reside nun lugar. / **3.** *adx.* Próximo, cercano.

Veciñanza *s. f.* Conxunto de persoas que viven na mesma rúa, zona, parroquia, vila, concello, barrio, lugar ou cidade.

Vedraña, -ño *s.* Persoa experimentada, normalmente vella ou anciá.

Veiga *s. f.* Terreo baixo, amplo e fértil, xeralmente ás beiras dun río. *var.* **veigada**.

Veigada*véxase **veiga**.

Veigués, -sa *s. e adx.* Xentilicio da Veiga de Espiñareda.

Veleno *s. m.* Substancia que, introducida no corpo dun ser vivo, é capaz de interromper as súas funcións vitais, provocándolle a morte ou graves trastornos. *var.* **veleño**.

Veleño véxase **veleno**.

***Veleta** véxase **tarabelo**.

Vella 1. *s. f.* Insecto da orde dos coleóptero (*Lampyris nocticula*), do que a femia se asemella a un verme por carecer de ás e élitros e por ter o abdome de forma alongada, formado por aneis que emiten luz na escuridade. *sin.* **coco de luz**, **coco de lume**, **cucaraxol**. **2.** *s. e adx.* Persoa de idade avanzada ou que ten moitos anos. *sin.* **vellouza**, **-zo**. **3.** *s.* Descendente (fillo ou neto) de máis idade ca outra. / **4.** *adx.*

- Anticuada, antiga, pasada de moda. **5. adx.** Gastada, comesta polo tempo ou polo uso.
- Vellouza, -zo 1. adx.** Algo, alguén que ten moita idade ou muito tempo con respecto á duración normal da súa vida ou da súa existencia. Var. **vella, -llo. 2. s.** Persoa de aspecto vella, avellentada, avellada, aínda que non teña moita idade.
- Velorio s. m.** Reunión de persoas para velar un defunto.
- Vencellar 1. v.tr.** Atar ou unir cun vencello. / **2. v. prnl.** Unírense varios veciños ou compañeiros para unha angueira ou traballo en común.
- Vencello 1. s. m.** Atadura de pólas verdes retorcidas de carballo, bidueiro ou abelaira para unir, atar ou enganchar varias cousas. *sin.* **vinquelo, vinco, vincallo, viorto. 2. s. m.** Aro metálico que se lle coloca ao porco no focico para evitar que foce ou aos bois e vacas para *sin.* **vinco, vincallo. 3. s. m.** Vínculo entre persoas.
- Venda 1. s. f.** Acción e resultado de vender. **2. s. f.** Actividade de vender. **3. s. f.** Tira de tea que ese usa para protexer unha ferida ou suxeitar un membro do corpo mancado. *sin.* **vendaxe.**
- Vendaxe véxase venda 3.**
- Vendar v.tr.** Cubrir ou suxeitar cunha venda.
- Vender 1. v.tr.** Dar unha propiedade a cambio de cartos. **2. v.tr.** Ofrecer algo para quen o queira comprar. **3. v.tr.** Delatar, traizoar, denunciar. / **4. v. prnl.** Corromperse ou deixarse subornar.
- Vendima 1. s. f.** Operación de apanar as uvas das videiras cando están maduras. **2. s. f.** Cantidade de uva apanada. *sin.* **colleita. 3. s. f.** Época do ano en que se realiza esa operación.
- Vendimador, -ra s.** Persoa contratada para vendimar.
- Vendimar v. tr.** Apanar o fruto das videiras.
- Vengatible adx.** Persoa que ten propensión a vingarse. *sin.* **falsón, -na; traidor, -ra.**
- Venres s. m.** Día da semana que segue ao xoves e precede ao sábado.
- Venta s. f. pl.** Orificios do nariz.
- Ventá 1. s. f.** Abertura nunha parede ou noutra superficie para deixar pasar a luz e o aire. **2. s. f.** Peza que cerra esa abertura, que adoita estar formada de vidros suxeitos por un marco de madeira ou doutro material.
- Ventada s. f.** Racha forte de vento.
- Ventano s. m.** Fiestra pequena, tanto na parede coma no tellado.
- Ventilar 1. v.tr.** Airear, deixar que circule o aire por un lugar pechado. **2. v.tr.** Expor algo ao vento para que seque, deloír.
- Vento s. m.** Aire atmosférico en movemento, corrente de aire.
- Ventre s. m.** Cavidade dos animais vertebrados que se sitúa entre o tórax e a pelve e contén todas as vísceras agás os pulmóns e o corazón. *var.* **ventrullo.**
- Ventril 1. s. m.** Cinta, de 75 cm. a un metro de lonxitude, que rodea o ventre das cabalarías e serve para suxeitar a carga.
- Ventrullo véxase ventre.**
- Ventureira, -ro 1. adx.** Persoa que anda a vagar ociosa sen ocupación nin oficio. **2. adx.** Algo que trae boa sorte, boa ventura. **3. adx.** Plantas que nacen ao azar, sen seren plantadas nin cultivadas por mao humana.
- Veranear véxase enveranear.**
- Verao s. m.** Estación máis calorosa do ano, que vai xuño a setembro. *var.* **vrao***
- Vercia s. f.** Semente da verza.
- Verdasca s. f.** Vara de vime, flexible, que se usa para arrear o gando, para atar a sebe nos prados ou tamén para castigos físicos. *var.* **verdasco, verdiasca.**
- Verdascada s. f.** Golpe que se dá cunha *verdiasca.* *var.* **verdiascazo, verdiascada.**
- Verdascazo véxase verdascada.**
- Verdasco véxase verdasca.**
- Verdasqueiro s. m.** Lugar poboado de vimes ou canas.
- Verde 1. adx.** Da cor da herba fresca. **2. adx.** Fruto que aínda non está maduro. **3. adx.** Persoa que aínda non domina unha técnica, un oficio etc. **4. adx.** Algo obsceno. / **5. s. m.** Herba verde ou seca con que se alimenta ao gando. **6. s. m.** Herba que se sega na primavera. **7. s. m.** Primeira herba que producen os prados.
- Verdear v.intr.** Poñerse de cor verde.
- Verderol véxase verderón.**
- Verderón s. m.** Paxaro da familia dos frinxílidos, (*Carduelis chloris*) do que existen varias especies, con tons verdosos na parte inferior do corpo,

- no inicio do rabo e, xeralmente, nas ás. *var.* **verderol.**
- Verdiasca** ver **verdasco.**
- Verdiascada** véxase verdascada.
- Verdiascazo** véxase **verdiascada.**
- Verdiasco** véxase **verdasco.**
- Verdiasqueiro** véxase **verdasqueiro.**
- Verdugo 1.** *s. m.* Vara verde delgada e flexible. *sin.* **verga, vergallo.. 2.** *s. m.* Brote do castiñeiro bravo cando xa está bastante crecido. **3.** *s. m.* Brote de tres ou catro metros e de catro ou cinco anos que crece alto e con forza.
- Verga 1.** véxase **verdugo. 2.** véxase **carallo.**
- Vergallo** véxase **verga 1 e 2.**
- Vergonza 1.** *s.f.* Turbación do ánimo provocada por unha falta ou humillación. **2.** *s.f.* Persoa ou cousa que deshonra ou é motivo de deshonra. **3.** *s.f.* Apoucamento, timidez propia dunha persoa cohibida.
- Vergonzosa, -so** *adx.* Persoa que ten vergonza ou que causa vergonza.
- Verme** véxase **coco.**
- Vermella, -llo** *s e dx.* Da cor do sangue. *sin.* **encarnada, rubia.**
- Vermellón** *s. m.* Cor avermellada forte.
- *Verraca** *s. f.* Vaca de ínfima calidade.
- *Verraco** *s. m.* Semental en xeral, especialmente o porco semental. *sin.* **verrón.**
- Vérrego** *s. m.* Tumor que cría o gando vacún debaixo da pel por efecto da picada dos tabaos e do que sae un verme. *var.* **bárrago.**
- Verrón** *s. m.* Porco non capado que se deixa para reprodutor. *var.* ***berraco, verraco.**
- Verruga** *s.f.* Vulto, prominencia na pel. *sin.* **espulla.**
- Vertedeira** *s.f.* Arado de ferro formado por unha pa alongada colocada de canto que vai volteando a terra que labra.
- Verter** *v.tr.* Botar ou derramar un líquido por fóra dun recipiente, saír por fóra.
- Verza 1.** *s. f.* Folla da col. **2.** *s.f.* Planta rubideira da familia das leguminosas (*Brassica oleracea*), de follas paripinnadas e flores violetas ou púrpuras.
- Vesga, -go** véxase **trusga, go.**
- Véspera** *s.f.* Día que antecede inmediatamente a outro determinado, especialmente se é festa. *var.* **víspera.**
- Vetillo** *s.m.* Funda de arame que se lle pon na boca dalgúns animais para evitar que traben ou coman mentres traballan.
- Vexiga 1.** *s. f.* Órgano do aparello urinario, que se constitúe por unha membrana en forma de bolsa, que recibe e almacena a urina. *var.* **vixiga. 2.** *s. f.* Lesión cutánea producida por un levantamento da epiderme, a consecuencia dunha queimadura ou un rozamento, e que inicialmente contén un líquido seroso. *sin.* **boncha.**
- Vez 1.** *s.f.* Intre en que sucede algo. **2.** *s.f.* Quenda, momento que lle corresponde a alguén.
- Veza** *s. f.* Planta leguminosa (*Vicia sativa*) de fruto comestible en vaina, de flores brancas, que crece espontánea e é daniña para os cereais.
- Vezo** *s. m.* Mal costume, hábito adquirido, vicio, especialmente dos animais.
- Vianda 1.** *s. f.* Nabiza ou folla do nabo. **2.** *s. f.* Merenda, comida que se leva ao monte.
- Viaxar** *v.intr.* Ir dun lugar a outro por pracer ou por negocios.
- Viaxeira, -ro 1.** *s. e adx.* Persoa que viaxa moito. **2.** *s. e adx.* Persoa que viaxa nun transporte colectivo. *sin.* **pasaxeira, -ro.**
- Viceira*** véxase **quenda.**
- Viciosa, -so** *adx.* Planta e cultivo que crece con muito vigor e verdor.
- Vidallas** *s. f. pl.* Partes laterais da cabeza que se encontran entre a parte superior das órbitas dos ollos e as orellas. *sin.* **tempas, sens.**
- Vide** véxase **videira.**
- Videira** *s.f.* Planta da familia das vitáceas (*Vitis vitifera*) que ten por froito o bago ou uva, de onde se extrae o viño. *sin.* **vide.**
- Viga 1.** *s.f.* Cada un dos madeiros grosos colocados de forma horizontal na base do teitume, sobre os que se apoian, formando triángulo, os *cabrios*. *sin.* **trabe, sobremurio. 2.** *s. f.* Madeiro grosso do lagar. *sin.* **trabe.**
- Vila** *s.f.* Núcleo de poboación máis pequeno cá cidade pero máis grande cá aldea.
- Vilafranquín, -ña** *s. e adx.* Xentilicio de Vilafranca do Bierzo.
- Vilarega, -go** *s. e adx.* Xentilicio de Vilar de Aceiro – Vilafranca do Bierzo.
- Vimbía** *s. f.* Vara de vimieiro.
- Vimbieiro** véxase **vimieiro.**

Vimieiro *s.m.* Arbusto salicáceo (*Salix viminalis*) de polas longas, delgadas e flexibles que se utiliza para atar monllos e facer cestos.

Vincallo véxase **vinco**.

Vinco 1. *s.m.* Aro metálico ou argola que se lle coloca ao porco no focico para evitar que fose ou aos bois e vacas para que dean volta, valéndose dunha corda enganchada no aro *sin. vencillo, vincallo. 2.* véxase **viorta**.

Vinquelo véxase **viorta**.

Viñateiro, -ra *s.* Persoa que comercia con viño.

Viñado *s.m.* Viña, terreo plantado de videiras.

Viño *s.m.* Bebida alcohólica que se obtén da fermentación da uva.

Viorta 1. *s.m.* Atadura de palla ou xunco para atar feixes. **2.** *s.m.* Atadura de pólas retorcidas de carballo ou bidueiro para unir ou enganchar dúas cousas. *var. viorto. sin. vencillo, vinquelo, vinco, vincallo. 2.* *s.f.* Cada unha das abrazadeiras de ferro que suxeitan ao temón a cara do arado. **3.** *s.f.pl.* Varas de vimieiro finas, longas e flexibles.

Viorto véxase **viorta**.

Vir 1. *v.intr.* Desprazarse, acudir ou chegar ao lugar onde está o que fala. **2.** *v.intr.* Proceder, orixinarse. / **3.** *v.pnrl.* Fermentar a masa.

Vira *s.f.* Tira de coiro que se cravaba entre a sola e o bordo do calzado, especialmente nos galochos, para que non entrase a auga.

Virar 1. *v.tr.* Dar a volta ou dar media volta e quedar de cara a algo ou a alguén. *sin. revirar, revolver, xirar. / 2.* *v.intr.* Apartarse do camiño facendo unha curva ou un desvío. *sin. torcer, revirar, xirar, desviarse. / 3.* *v.pnrl.* Dar a volta, revolver, revirarse.

Virillas *s.f.pl.* Parte do corpo onde se une a coxa co ventre. *sin. *ingres; inguas.*

Virola *s.f.* Abrazadeira de metal cadrada que suxeita a folla da gadaña ao hastil.

***Virolosa, -sa** *adx.* Persoa variolosa, que ten marcas de variolas.

Viruxe *s.m.* Vento suave pero frío e desagradable.

Viseira 1. *s.f.* Beiril dunha gorra que sobresa e por riba dos ollos para protexelos do sol. **2.** *s.f.* Gorra equipada coa peza anterior.

Visga, -go véxase **trusga, -go**.

Viso 1. *s.m.* Peza de vestir interior das mulleres que se pon por baixo da roupa para que o

vestido non transparente. *sin. combinación.*

2. *s.m.* Lugar elevado desde o que se divisa unha grande extensión. **2.** *s.m.* Aparencia ou fasquía que presentan as cousas.

Vispora véxase **véspera**.

Vitela, -lo* véxase **xata, -to**.

Vitola *s.f.* Pau pequeno de catro a seis centímetros de lonxitude, acanalado lonxitudinalmente, que se pon na boca da cabaza viñateira para beber a chorro con máis economía e limpeza.

Vitoleira *adx.* Cabaza viñateira que leva bitola.

Vixiga 1. véxase **vexiga. 2.** véxase **boncha**.

Voar 1. *v.intr.* Sosterse ou trasladarse unha ave no aire mediante a acción das ás. **2.** *v.intr.* Sosterse ou trasladarse unha aeronave no aire. **3.** *v.intr.* Viaxar ou tripular unha aeronave. **4.** *v.intr.* Desaparecer algo con toda rapidez. / **5.** *v.intr.* Facer estoupar mediante explosivos. *sin. dinamitar.*

Vocear *v.intr.* Dar voces, gritar, chamar a alguén que está lonxe. *Var. vocexar. sin. berrar.*

Voceira 1. *s.f.pl.* Persoa que fala mui alto. **2.** *s.f.pl.* Persoa que presume do que non é. **3.** *s.* Persoa que fala en representación de outras.

Vocexar véxase **vocear**.

Voda *s.f.* Cerimonia mediante a que dúas persoas contraen matrimonio. *sin. casamento.*

***Volada** *s.f.* Viaxe curta.

***Volandeira** *s.f.* Pedra de arriba do muíño.

***Volandesa** véxase **lavandeira**.

Volear *v.tr.* Tirar ao chou a semente nos sucos.

***Volido** véxase **voo**.

Volta 1. *s.f.* Dar un xiro arredor dun corpo, dun punto ou dun eixe. **2.** *s.f.* Percorrido para volver ao punto de partida. **3.** *s.f.* Curva nun camiño. **4.** *s.f.p.* Diñeiro que se recibe como sobra de un pagamento. **5.** *s.f.* Parte posterior de algo. *sin. reverso.*

Volver 1. *v.intr.* Dirixirse de novo ao lugar de partida ou no que xa estivo antes. **2.** *v.intr.* Reaparecer, figurar de novo. / **3.** *v.tr.* Darlle a volta a algunha cousa. / **4.** *v.tr.* Entregar os cartos sobrantes dun pagamento. *sin. devolver.*

Vomitar *v.tr.* Expulsar a comida pola boca violenta e convulsivamente. *sin. devolver.*

Voo 1. *s. m.* Desprazamento das aves polo aire, especialmente cando é curto. **2.** *s. m.* Espazo que se percorre voando sen pousarse.

Vorruga* véxase **espulla**.

Vouga, -go *adx.* Algo oco, cóncavo, baleiro.

Vrao véxase **verao**.

Vuitre *s. m.* Ave da orde dos falconiformes vultúridos (*Gyps fulvus*) da que existen diversas especies, de gran tamaño, ás de grande

envergadura, pescozo longo e sen plumas, que se alimenta fundamentalmente de animais mortos. *var.* **avuitre**.

Vuitreira *s. f.* Lugar onde aniñan os vuitres.

Vulto *s. m.* Protuberancia nalgunha superficie, como unha inchazón na pel.

Vurullo *s. m.* Rebumbio de cousas, especialmente de roupa.

X

Xabalín, -ña* véxase **xabarín, -ña.**

Xabaryl, -la* véxase **xabarín, -ña.**

Xabarín, -ña 1. *s.* Mamífero salvaxe da familia dos súidos (*Sus scrofa*) mui semellante ao porco, de pelame mesto e forte, cor escura, gris ou negra, e cos canteiros superiores moi desenvolvidos e aguzados nos machos. *var.* **xabaryl, -la; xabalín, -ña. 2.** *s.* Cría de xabaryl. *sin.* **raioite; rancha, -cho; xabata, -to.**

Xabasco *s.* Persoa atolada.

Xabata, -to* véxase **xabarín, -ña.**

Xaboadura *s.f.* Acción e efecto de enxaboar.

Xabón *s.m.* Produto que resulta da reacción química entre un álcali e un ácido graxo que se utiliza para lavar ou para o aseo persoal.

Xalabreiro *s.m.* Lugar onde xea muito e apenas dá o sol. *sin.* **avesedo.**

Xamón *s.m.* Pata traseira do porco, especialmente salgada e curada.

Xaneira 1. *s.f.* Celo dos gatos. **2.** *s.f.* Lúa de xaneiro.

Xaneiro *s.m.* Primeiro mes do ano, que ten trinta e un días. *var.* **xineiro.**

Xanta véxase **xantar.**

Xantar 1. *s.m.* Comida do mediodía. *var.* **xanta. 2.** *s.m.* Alimento que se toma nesa comida. / **3.** *v.tr.* Comer ao mediodía.

Xanzá *s.f.* Planta herbácea da familia das xencianáceas (*Genciana lutea*) propia da alta montaña, con talo de ata un metro de altura, follas lanceoladas, flores amarelas e unhas grosas raíces con propiedades terapéuticas, fundamentalmente contra o colesterol.

Xapastrazo* véxase **xostrazo.**

Xara *s.f.* Arbusto cistáceo (*Cistus ladaniferus*) de follas viscosas, flores brancas, talo pegañento e fruta en cápsula. *sin.* **esteva.**

Xaral *s.m.* Lugar abundante en xaras. *sin.* **esteval.**

Xardesca, -co *s.* e *adx.* Persoa arisca e antisocial, pouco cariñosa, de temperamento vivo

Xardín *s.m.* Terreo onde se cultivan árbores e plantas ornamentais.

Xardineira, -ro 1. *s.* e *adx.* Persoa que coida e arranja os xardiños. *var.* **xardiñeira, -ro. 2.** *s.f.* Maceta grande e rectangular.

Xardiñeira, -ro véxase **xardineira, -ro.**

Xardoal *s.m.* Lugar poboado de xardois. *var.* **xardoeira. sin.** **acival, acivral, aceval, acevral, acevedo.**

Xardoeira véxase **xardoal.**

Xardón 1. *s.m.* Árbore silvestre da familia das aquifoláceas (*Ilex aquifolium*), de follas brillantes elípticas ou ovais, duras e con espiñas nos seus bordos, flores brancas, fruto en forma de baga de cor vermella intensa e madeira de cor clara, dura e compacta. *sin.* **acivo, acivro, acevo, acevro.**

Xarra *s.f.* Recipiente groso no medio e estreito na boca e na base, con asa e bico, que se emprega para conter líquidos e para servilos. *var.* **xarro, xerra.**

Xarrada *s.f.* Cantidade de viño que cabe nunha xerra ou xarra.

Xarrado *s.m.* Xarra ou xerro cheo de viño.

Xarrear *v.intr.* Chover de forma copiosa e abundante.

Xarrete 1. véxase **sufrafe. 2.** *s.m.* Carne de detrás da perna dos animais.

Xarro* véxase **xarra.**

Xartelo 1. *s.m.* Guecho de pelo que pende da queixo do chibo. **2.** *s.m.* Colgante que pende do pescozo do gando cabrún.

Xastre *s.* Persoa que se dedica a facer roupa para home, sobre todo traxes.

Xata, -to *s.* Cría da vaca mentres é nova, máis ou menos ata que lle duran os dentes do leite. *var.* **xatela, -lo. sin.** **becerra, -rro; vitela, -lo; novela, -lo.**

Xateiro *s.m.* Tratante de gando vacún.

Xatela, -l* véxase **xata, -to.**

Xeada 1. *s.f.* Fenómeno atmosférico que se produce cando xea e se dan temperaturas inferiores a cero graos, polo que se conxela a auga. *sin.* **xiada. 2.** *s.f.* Temperatura moi baixa pola noite. *sin.* **xiada. 3.** *s.f.* Capa fina de xeo que se forma cando se conxela a auga da orballada nocturna. *sin.* **xiada.**

Xegadeiro *s.m.* Lugar mui frío.

Xear *v.intr.* Ir muito frío, con temperaturas inferiores a cero graos, de xeito que se conxela a auga e o orballo e se forma sobre o chao e sobre as plantas unha capa de xeo delgada e

- branca, especialmente durante a noite. *var.* **axeiar, xiar.**
- Xebra** *s.f.* Acto de separar o gando que volve á casa.
- Xebrar** *v. tr.* Separar unha persoa, animal ou cousa doutra ou doutras coas que está, como unhas cabezas de gando doutras.
- Xebre** 1. *adx.* Dise do que está illado, separado do resto. 2. *adx.* Dise dunha persoa, animal ou feito que é a excepción porque está fóra do habitual, ou de mui boa ou de mui mala calidade, condición etc.
- Xeira** 1. *s.f.* Xornada diaria de traballo, tempo durante ao longo do día que leva facer un traballo sen interrupción. 2. *s.f.* Salario ou soldo que se percibe por cada día de traballo por separado. *sin.* **xormal, xorno.** 3. *s.f.* Tarefa ou traballo que require un grand esforzo e provoca muito cansazo e esgotamento. *var.* **xeirada.**
- Xeirada** véxase **xeira.**
- Xeito** 1. *s. m.* Maneira, forma, arte, maña ou modo máis conveniente de facer unha cousa ou de ser. e permiten diferenciala doutras ou de si mesma noutros momentos. 2. *s. m.* Conxunto de dotes, condicións e habelencias innatas ou adquiridas que permiten realizar certa actividade con éxito. 3. *s. m.* Forma natural en que está disposta unha cousa. 4. *s. m.* Posición ou sentido en que se coloca algo. 5. *s. m.* Coidado, precaución.
- Xeitosa, -so** 1. *adx.* Que fai ben as cousas, con xeito, con arte, maña, coidado, sentido etc. 2. *adx.* Dise do que ten boas cualidades, que reúne as características necesarias para ser do gusto de alguén. 3. *adx.* Persoa que fai ben as cousas, que ten habilidade. 4. *adx.* Dise dunha persoa guapa, ben feita, ben vestida, con bos modais etc.
- Xeixel** *s.m.* Terreo abundante en xeixos ou seixos.
- Xeiro** 1. *s. m.* Pedra dura de pequeno tamaño, que a erosión tornou lisa e arredondada. *var.* **seixo.** 2. *s. m.* Pedra que serve de asentamento de algo. 3. *s. m.* Tipo de rocha xeralmente branca e moi dura. *var.* **seixo.**
- Xemelga, go** *adx.* Persoa ou animal que naceu no mesmo parto ca outra persoa ou animal.
- Xemer** *v. intr.* Expresar ou manifestar sufrimento ou cansazo con xemidos ou suspiros.
- Xemido** *s.m.* Laio, queixa, suspiro ou son entrecortado que indica padecemento, resignación ou señardade.
- Xenerosa, -so** 1. *adx.* Persoa que ten sentimentos nobres, fraternos e magnánimos. 2. *adx.* Persoa desprendida, desinteresada. 3. *adx.* Dise dunha cantidade abundante.
- Xenio** 1. *s.m.* Carácter colérico, irascible, dunha persoa. 2. *s.m.* Persoa de enorme capacidade intelectual e creativa.
- Xeniúda, -do** *adx.* Persoa que ten muito xenio.
- Xenro** *s. m.* Home da filla ou do fillo respecto dos pais ou das nais do ou da cónxuxe.
- Xentalla** *s.f.* Xente malvada, desprezable.
- Xente** 1. *s.f.* Grupo de persoas en número indeterminado. 2. *s.f.* Grupo determinado de persoas que se reúnen para un fin común, que traballan xuntas ou que pertencen ao mesmo ámbito. 3. *s.f.* Conxunto de persoas que constitúen unha nación, un pobo.
- Xeo** *s. m.* Auga que pasou ao estado sólido pola acción do frío.
- Xergón** *s. m.* Colchón rústico de palla ou de follato da mazaroca do millo.
- Xeringa** véxase **xiringa.**
- Xerra** véxase **xarra.**
- Xesta** *s.f.* Xénero de plantas arbustivas da familia das leguminosas (*Genista sp.*), de talo leñoso de cor verde con follas pequenas e escasas e flores amarelas ou brancas. Coas súas ramas elabóranse os vasoiros e vasoiras.
- Xibrar** 1. *v. intr.* e *v. tr.* Emitir un son agudo facendo pasar o aire entre os labios case pechados ou por un instrumento cunha abertura estreita. *sin.* **xubriar, axubriar.** 2. **Véxase zoar.** 3. *v.intr.* Emitiren a súa voz os paxaros. *sin.* **chiar.**
- Xibrato** véxase **xibrido.**
- Xibreto** *s. m.* Brote tenro das fabas galegas moi apreciado coma alimento para as persoas.
- Xibrido** véxase **xibrido.**
- Xibrido** 1. *s. m.* Acción e efecto de xibrar ou asubiar. 2. *s. m.* Pequeno instrumento musical de vento que serve para asubiar. *var.* **xubrielo, xibrote.**
- Xibrote** véxase **xibrido.**
- Xilgueiro** *s. m.* Paxaro da familia dos frinxílicos, (*Carduelis carduelis*) de cor parda no lombo, co rabo e a cabeza brancos e negros, as ás tamén

brancas e negras cunha franxa amarela e a cara vermella.

Xilva véxase **silveira**.

Xineiro véxase **xaneiro**.

Xipela *s. f.* Infección da pel, xeralmente da cara, provocada por certas bacterias e caracterizada pola presenza de manchas vermellas. *var. sipela. sin. sarpolo, dicipela, desipela.*

Xirar **1.** *v. tr.* Dar a volta ou dar media volta e quedar de cara a algo ou a alguén. *sin. revirar, revolver, virar.* **/2.** *v. intr.* Apartarse do camiño facendo unha curva ou un desvío. *sin. torcer, revirar, virar, desviarse.*

Xirasol *s. m.* Planta herbácea anual da familia das compostas (*Helianthus annuus*) de ata tres metros de alto, con follas cordiformes dentadas e unha gran flor amarela semellante á margarida, que se orienta ao sol, e que produce sementes comestibles e oleaxinosas. *sin. mirasol.*

Xirigoncias *s. f. pl.* Caricias, monadas, aloumiños.

Xirigonzá **1.** *s. f.* Cousa nimia e sen calidade nin valor. **2.** *s. f.* Dito ou feito que demostra pouca ou ningunha intelixencia. **3.** *s. f.* Fala atrapallada ou híbrida.

Xiringa **1.** *s. f.* Instrumento sanitario formado por un tubo dentro do que escorra un émbolo, e que vale, a modo de bomba, para extraer líquidos do organismo ou para inxectalos, se se lle aplica unha agulla oca. **2.** *s. f.* Plantas cuxos talos serven para facer frautas. *var. xeringa.*

Xiringar **1.** *v. tr.* Inxectar o líquido dunha xiringa nunha cavidade natural do organismo. **2.** *v. tr.* Causar molestias, desgusto ou fastío a alguén. *sin. amolar, enfastiar.*

Xixa **1.** *s. f.* Parte mol e comestible da carne dos mamíferos e aves. **2.** *s. f.* Carne boa e comestible, especialmente a de porco. *var. chicha.*

Xixo véxase **roxón**.

Xoanete *s. m.* Óso deformado que sobresae na base da deda gorda.

Xoga *s. f.* Punto no que se articulan dous ósos do corpo. *sin. xunta.*

Xogar **1.** *v. intr.* Botar o tempo a realizar certas actividades, convencionais ou improvisadas, para entreterse e divertirse. *sin. brincar,*

enredar. **2.** *v. intr.* Practicar un xogo determinado. **3.** *v. tr.* Arriscar, poñer en perigo.

Xoguete **1.** *s. m.* Obxecto fabricado expresamente para xogar. **2.** *s. m.* Persoa que se deixa mandaricar ou manipular.

Xogo **1.** *s. m.* Acción de xogar. **2.** *s. m.* Cada unha das actividades que se realizan co único fin de entreterse e divertirse, e que se caracterizan por estaren organizadas conforme unhas regras determinadas e, ás veces, por precisaren duns obxectos concretos para o seu desenvolvemento.

Xoia *s. f.* Obxecto de adorno persoal feito con metais ou pedras preciosas. *sin. *alhaxa.*

Xoio *s. m.* Planta da familia das gramíneas (*Lolium tremulentum*), con flores en forma de espiga con arestas agudas que alteran a ambos os lados do talo, mui daniña para os cereais e mui difícil de erradicar. *sin. mosqueira.*

Xoncer véxase **xuncir**.

Xorda, -do *adx.* Persoa que oe pouco ou que non oe nada.

Xornada **1.** *s. f.* Camiño ou distancia que se percorre nun día. **2.** *s. f.* Duración diaria dun traballo. *sin. xeira.*

Xornal **1.** *s. m.* Medida de terra que equivale no Bierzo a 202 m². **2.** *s. m.* Extensión de terreo ocupado por 72 chantois postos a unha distancia de 6 cuartas para o viñado. **3.** *s. m.* Salario ou paga diaria que gaña unha persoa ao traballar ao servizo doutra. *sin. xeira, xorno.* **4.** *s. m.* Periódico que se publica todos os días ou polo menos cinco días á semana.

Xornaleiro, -ra *s.* Obreiro ou obreira agrícola que se contrata por días soltos.

Xorno *s. m.* Soldo, comida ou traballo que corresponde ao día a cada persoa. *sin. xornal, xeira.*

Xostrá **1.** *s. f.* Roña, cotra, sucidade, porcallada. **2.** *adx.* Persoa sucia, pouco decente e desaseada. *var. xostrán, -na; xostrón, -na.*

Xostrada véxase **xostrazo**.

Xostrán, -na véxase **xostrá, -o**.

Xostrazo **1.** *s. m.* Golpe forte ao caer no chao por unha caída brusca imprevista. **2.** Golpe, puñada, mocazo que se lle pega a algunha persoa ou un animal. *sin. xapastrazo, zoupada, zouparrada, zoupazo, zarrapastrazo, xostrada.*

Xostregazo *s. m.* Golpe que se dá na cara coa mao aberta.

Xostrón, -na véxase **xostra, -o**.

Xota *s. f.* Baile e música popular do folclore galego en particular e ibérico en xeral.

Xougada *s. f.* Cousa ou parte do corpo pola que se pasa auga limpa para lle quitar o xabón, a pasta dentífrica ou simplemente o po. *sin. xougadura.*

Xougadura véxase **xougada**.

Xougar 1. *v. tr.* Pasar algo por auga limpa. *sin. enxaugar.* **2.** *v. tr.* Limpar a boca con auga ou outro líquido.

Xubriar véxase **xibrar** e **axubriar**.

Xubrielo *s. m.* Instrumento que produce un son agudo ao poñelo nos labios e soprar. *sin. xibrido, xibrote.*

Xudía 1. *s. f.* Planta herbácea da familia das leguminosas (*Phaseolus vulgaris*) con sementes alongadas, da que existen distintas variedades comestibles, e das que nunhas se aproveita a casula coas sementes aínda verdes ou tenras e noutras as sementes secas. *sin. feixón.* **2.** *s.* Persoa que profesa o xudaísmo, é natural de Xudea ou integrante do pobo hebreo (a forma masculina é **xudeu**).

***Xuez, -za** *s.* Persoa funcionaria encargada de administrar xustiza e aplicar as leis. *var. xuíz, za.*

Xuício 1. *s. m.* Capacidade de raciocinio. *sin. sentido, tino.* **2.** *s. m.* Opinión, idea, parecer. **3.** *s. m.* Exposición perante un xuíz dos alegatos dun pleito.

Xugo 1. *s. m.* Aparello de madeira de varias pezas ao que se suxeita, polo pescozo ou pola cabeza, unha parella de animais de tiro para enganchalos ao carro ou ao arado. **2.** *s. m.* Peza do lagar. **3.** *s. m.* Conxunto de catro paus en cruz colocados horizontalmente na colmea para suxeitar os panais.

Xuíz, -za* véxase ***xuez, -za**.

Xulgado 1. *s. m.* Lugar, sala ou edificio onde se celebran os xuízos. **2.** *s. m.* Órgano xudicial unipersoal integrado por un xuíz, un secretario e persoal auxiliar.

Xulgar 1. *v. tr.* Examinar os argumentos e ditar sentenza un xuíz ou tribunal. **2.** *v. tr.* Tomar unha decisión.

Xunca 1. *s. f.* Planta herbácea da familia das ciperáceas (*Cyperus longus*), de talos triangulares, follas serradas na marxe e flores en espiga, máis común en lugares húmidos. **2.** *s. f.* Peza de ferro en que se traballan os metais co martelo para modelalos. *var. xunque. sin. engra.*

Xuncir *v. tr.* Suxeitar ao xugo unha parella de animais de tiro para enganchalos ao carro ou ao arado. *var. xoncer.*

Xuncal *s. m.* Terreo abundante en xuncos.

Xunco *s. m.* Planta herbácea de talo rixido, longo e flexible, acabado en punta, que medra na auga e en lugares moi húmidos e da que existen numerosas especies.

Xunque *s. m.* Parte dos ferros de picar a gadaña. *var. Xunca.*

Xunta 1. *s. f.* Unión de dous ou máis ósos ou de dúas partes dun organismo. *sin. xoga.* **2.** *s. f.* Punto onde se unen dúas cousas. **3.** *s. f.* Reunión de persoas que se xuntan para tratar un asunto. *sin. xuntoiro.* **/4. adx.** Persoa, animal ou cousa ao lado doutra persoa, animal ou cousa, en contacto ou mui cerca. **5. adx.** Mui xunto con respecto a outros elementos do mesmo conxunto.

Xuntar 1. *v. tr.* Unir unhas cousas con outras. **2.** *v. tr.* Reunir, congregar, poñer no mesmo lugar algo ou alguén.

Xuntoiro véxase **xunta 3**.

Xuramento 1. *s. m.* Promesa ou compromiso con testemuñas. **2.** *s. m.* Expresión inxuriosa. *sin. blasfemia.*

Xurar 1. *v. tr.* Afirmar ou prometer diante de testemuñas. **2.** *v. intr.* Proferir palabras ofensivas contra algo sagrado. *sin. blasfemar.*

Xusta, -to 1. adx. Na medida ou cantidade exacta, axustado, adecuado, idóneo. **2. adx.** Acorde coa xustiza ou coa lei. **3. adx.** Persoa que obra con xustiza. **4. adx.** Escasa, apenas suficiente en cantidade ou tamaño.

Xusticia 1. *s. f.* Respecto e recoñecemento dos dereitos e do mérito dunha persoa. **2.** *s. f.* Poder para aplicar o dereito que rexe as relacións entre as persoas, e exercicio dese poder. **3.** *s. f.* Conxunto de organismos encargados de exercer ese poder e persoas que os representan.

Xustillo *s. m.* Antiga peza de vestir interior feminina, sen mangas, que cinguía o corpo ata a cintura. *sin.* **corpiño**.

Zafalleira, -ro *adx.* Persoa que fai as cousas todas mal porque quere acabar axiña.

Zafallar **1.** *v.tr.* Facer as cousas de calquera maneira e mal. *sin.* **atrapallar, chafullar, zarapallar.**

Zafra *s.f.* Vasilla grande de metal na que se gardan o leite ou o aceite.

Zagón *s.m.* Protector de coiro de cabra ou de ovella que se usaba para cubrir o ventre e as pernas, atado ás coxas por detrás.

Zalameiro, -ra *s.* Persoa afectuosa, cariñosa, mimosa, que gusta de ser acariciada, sobre todo nenos e animais domésticos coma cans e gatos. *var.* **garatuxeira, -ro.**

Zalopa véxase **farrapo.**

Zamanco véxase **galocha.**

Zamarra *s.f.* Prenda de vestir, rústica, feita de pel coa súa la ou pelo.

Zamarro **1.** *s.m.* Gando disposto para a venda. **2.** *s.f.* Persoa repoluda.

Zamarrón, -na *s.f.* Persoa astuta.

Zamba, -bo véxase **zambra, -bro.**

Zambra, -bro *adx.* Persoa ou animal que ao andar torce as pernas ou as patas cara a fóra e xunta os xeonllos. *var.* **zamba, -bo. sin. patizamba, -bo.**

Zambullo **1.** *s.m.* Recipiente para conter inmundicias. **2.** *s.m.* Excremento en gran cantidade.

Zampabolos **1.** *adx.* Persoa á que lle gusta comer muito. **2.** *adx.* Persoa boubra, torpe.

Zamparrón *s.m.* Pantasma ou xigante que come os nenos cando non dormen, non comen ou se portan mal.

Zampocha véxase **zampocho.**

Zampocho *s.m.* Foxo, focho, fochanca no medio dun camiño. *var.* **zampocha.**

Zamurdia, -dio *s. e adx.* Persoa pouco faladora ou que, se fala, o fai con muita prudencia, timidez ou cautela ocultando os seus verdadeiros propósitos. *sin.* **renarte.**

Zanca *s.f.* Pata das aves, coma o polo ou a galiña, que xa está preparada para comer.

Zancada **1.** *s.f.* Paso longo que se dá por ter as pernas longas ou por andar de forma acelerada abrindo muito as pernas. **2.** *s.f.* Medida de lonxitude, a comprendida entre a punta dos

pés dun home coas pernas separadas, unha cara adiante e outra cara atrás. **3.** *s.f.* Presa que se fai no río para desviar a auga cara un muíño.

Zancado *s.m.* Póla da cepa que ten varios anos.

Zangonear *v.intr.* Lacazanear, estar unha persoa ociosa.

***Zanxa** *s.f.* Escavación longa e angosta. *sin.* **gabia.**

Zapar *v.tr.* Lamberen as persoas e os animais os pratos que estiveron ocupados con comida.

Zaparracho *s.m.* Leite agre e cortado. *sin.* **acedo.**

Zaparreta, -to **1.** *adx.* Persoa pequena, de baixa estatura. **2.** *adx.* Persoa ancha e forte en relación coa súa estatura. *sin.* **chaparra, -rro.**

Zapata **1.** *s.f.* Anaco de coiro ou de goma que se pon no mango das ferramentas para que non estean frouxas. **2.** *s.f.* Pezuño da vaca ou do boi. **3.** *s.f.* Base dunha columna.

Zapateiro, -ra **1.** *s.* Persoa que fai, amaña ou vende zapatos. **2.** *s.m.* Insecto hemíptero (Guerrins natans) de corpo alongado e patas moi longas, que se move polas superficie dos lagos, lagoas e ríos de curso lento. *sin.* **papasol.**

Zarabeta, to **1.** *adx.* Persoa que fala mal por facelo mui á presa ou porque tatexa un pouco. *sin.* **tatabella, -llo; tatexa, -xo.** **2.** *adx.* Persoa que zarabetea. *var.* **zarapeta, -to; tarabeta; -to.**

Zarabetear véxase **tatexar.**

Zarabola, -lo *adx.* Persoa que tarda en comprender, lerdo, zoquete.

Zarafolada *s.f.* Cousa embrollada, abundancia de palabras baleiras de contido.

Zarafoleira, -ro *adx.* Persoa falabarato, que di palabras baleiras de contido.

Zarafullada *s.f.* Cousa embrollada, barallada insubstancial e ociosa, difícil de poñer en claro.

Zarafullar *v.tr.* Embrollar, enredar unha cousa de modo que non se entenda.

Zarafullas véxase **zarafulleira, -ro.**

Zarafulleira, -ro *adx.* Persoa que se apresura moito para falar, enreda as cousas de modo que non se entende ben ou que, si se entende, o seu enredo resulta enganoso. *sin.* **zarafullas.**

Zaragaitada *s.f.* Mestura confusa e mal feita, enredo, travesura. *var.* **zaragatada**.

Zaragaiteira, -ro* véxase **zaragateira, -ro**.

Zaragatada véxase **zaragaitada**.

Zaragatán, -na véxase **zaragateira, -ro**.

Zaragatas véxase **zaragateira, -ro**.

Zaragateira, -ro 1. *adx.* Persoa informal que fala moito e sen tino e muda facilmente de opinión. *sin.* **zaragatas; zaragatán, -na. 2.** *adx.* Persoa bulideira. **3.** *adx.* Persoa garatuxeira, mentireira, enredadora. *var.* **zaragaiteira, -ro.**

Zaramallada *s.f.* Parvada, necidade, mentira insulsa.

Zaramallas *adx.* Persoa mentireira, que non di máis que parvadas.

Zarambaina *adx.* Persoa que non para queda, que anda seguido dun lugar para outro.

Zaramballas *adx.* Persoa que mete discordia ou cizalla.

Zaramico *s.m.* Cousa desprezable, sen proveito.

Zaramiqueira, ro 1. *adx.* Persoa de pouco xuízo, de pouca sensatez. **2.** *adx.* Persoa que se mete en todo. **3.** *adx.* Persoa trangalleira.

Zarampallo véxase **farrapo**.

Zarampello 1. *s.m.* Cousa sen proveito, sen ningunha utilidade. **2.** *s.m.* Farrapo. **3.** *adx.* Persoa de pouca palabra e confianza. **4.** *adx.* Persoa farrapenta.

Zarandalla véxase **trangallada**.

Zarangallo véxase **farangallo**.

Zarapallada véxase **trangallada**.

Zarapallán, -na 1. *adx.* Persoa que fai as cousas mal por apresurarse. **2.** *adx.* Persoa sucia e de aspecto descoidado. *var.* **zarapallas**.

Zarapallar véxase **atrapallar**.

Zarapallas véxase **zarapallán, -na**.

Zarapalleira, -ro véxase **trafulleira, -ro**.

Zarapallo véxase **farangallo**.

Zarapallón, -na véxase **trafulleira, ro**.

Zarapeta, to véxase **zarabeta, -to**.

Zarapico 1. *s.m.* Ave limícola do xénero Numenius, de patas altas e peteiro cilíndrico, longo e algo curvado. **2.** *adx.* Persoa que non ten xuízo, tarabelo, que cambia con facilidade de opinión.

Zaratán, -na 1. *adx.* Persoa que vai dun lado a outro porque quere sabelo todo. **2.** *adx.* Persoa mui faladora e pouco fiable.

Zarazalla *s.f.* Percal ou artigo de mala calidade.

Zarrabullada *s.f.* Mestura e rebumbio indeterminado de cousas, cerellada.

Zarralla 1. *s.f.* Planta silvestre mui apetecida polos animais (*Sonchus oleraceus*). *var.* **cerralla**.

2. *s.f. pl.* Conxunto de fíos ou cordois que, a modo de adorno, colgan dun tecido. *sin.* **floco**.

Zarralleira, -ro *s.* Persoa que por medio de grampas arraxaba obxectos rotos, en particular de barro ou de louza. *var.* **cerralleira, -ro**.

Zarramicar *v. intr.* Pestanexar, abrir e pechar os ollos de forma repetida e frecuente.

Zarramico *s.m.* Pestanexo

Zarrastraada *s.f.* Mestura de cousas descoidadas e porcas.

Zarrastraán, -na 1. *adx.* Persoa, animal ou cousa sucia, desaliñada, desaseada, descoidada e rota. **2.** *adx.* Persoa baldroeira, desaliñada, que viste con farrapos. *sin.* **pastrán, -na; zarrapastreira, -ro; zarrastraón, -na**.

Zarrastrazo véxase **xostrazo**.

Zarrapastrear *v. prml.* Sobar, emporcar, embarrar, manchar os vestidos.

Zarrapastreira, -ro véxase **zarrastraán, -na**.

Zarrastraón, -na véxase **zarrastraán, -na**.

Zarrapastrosa, -so véxase **zarrastraán, -na**.

Zarraapicar 1. *v.tr.* Esparexer un líquido polo aire en gotas pequenas mollando. *sin.* **salpicar. 2.** *v. prml.* Mollarse ou mancharse con ese líquido espaxado.

Zarrar 1. *v. tr.* Encaixar no seu marco unha porta ou fiestra. **2.** *v. tr.* Xuntar as partes separadas ou estendidas de algo, de maneira que non quede espazo entre elas. **3.** *v. tr.* Poñerlle a tampa a unha cousa.

Zarrio *s.m.* Vestido embarrado, farrapo.

Zoar 1. *v. intr.* Producir un ruído xordo e continuo un insecto ou o vento. *sin.* **zumbar; zunir. 2.** *v. intr.* O oído producir coma un ruído xordo e continuado que xeralmente non existe. *sin.* **zumbar; zunir**.

Zoca 1. *s.f.* Calzado de madeira dunha soa peza rematado en forma apuntada, con decoración na empeza e tres puntos de apoio no chao, dous adiante e un no calcaño. *sin.* **madroña. 2.** *s.f.* Calzado de sola de madeira lixeiramente curvada cara arriba e polos laterais e parte superior de coiro. *sin.* **zoco, chanclo**.

Zocha véxase **zochó**.

Zochó 1. *s. m.* Tronco de árbore que normalmente se recolle na beira do río e se emprega logo para o lume. *var.* **zocha**. / 2. *adx.* Algo mocho, romo, sen punta. 3. *adx.* Algo porco, desleixado, abandonado.

Zoco *s. m. pl.* Calzado de coiro basto, cun groso piso de madeira. *sin.* **chanclo**, **zoca** 2..

Zoqueiro, -ra *s.* Persoa que fai zocos ou zocas.

Zoquetada *s. f.* Parvada, necidade, simpleza.

Zoque 1. *s. m.* Anaco grande de pan. 2. *s. m.* Anaco de madeira. *var.* **zoqueto**. 3. *adx.* Persoa pouco intelixente, torpe.

Zoque véxase **zoquete** 2.

Zorra 1. *s. f.* Anaco de terreo que se deixa de cultivar nas fincas por descoido e ás veces por segunda intención da persoa que labra. 2. *s. f.* Separación excesiva entre dous sucos. *sin.* **gocha**. 3. *s. f.* Eiruga que se alimenta de todo xénero de plantas verdes como a leituga ou follas de remolacha, que é moi daniña. *adx.* 4. Persoa astuta, arteira, renarte, raposeira. *var.* **zorrón, -na; zorrucón, -na**.

Zorroada *s. f.* Golpe de chuva intensa e de pouca duración.

Zorrón, -na véxase **zorra** 4.

Zorrucón, -na véxase **zorra** 4.

Zorza *s. f.* Carne de porco picada e adobada para facer chourizos e outros embutidos. *sin.* **mondongo**.

Zoupa, -po 1. *adx.* Persoa zambra, tolleito dos pés. 2. *adx.* Persoa torpe, desamañada, que tropeza con todo. *var.* **zoupón, -na**. / 3. *s. f.* Serie de golpes que se dan a unha persoa ou animal. *sin.* **tunda, malleira, zumba**.

Zoupada véxase **xostrazo**.

Zoupar *v. tr.* Dar golpes.

Zouparrada véxase **xostrazo** 2.

Zoupazo véxase **xostrazo** 2.

Zuca véxase **zucu**.

Zuco *s. m.* Mal xenio, mal carácter. *var.* **zuca**.

Zucosa, -so 1. *adx.* Persoa que se enfada con muita facilidade. 2. *adx.* Persoa que se gaba en exceso, que ten moi bo concepto de si mesm, orgullosa, activa, presumida, vaidosa.

Zufra *s. f.* Correa ancha que pasa por encima da sela e entra pola punta das varas da carreta para que esta non baixe.

Zufreiral *s. m.* Lugar poboado de sobreiras ou zufeiros

Zufreiro *s. m.* Árbore da familia das fagáceas (*Quercus suber*) de madeira dura e cortiza grosa, esponxosa e agretada que se emprega en diversos usos industriais. *var.* **sufreiro, sobreira, *corcheiro**.

Zugo véxase **zume** 1.

Zugar 1. *v. tr.* Chuchar o zume dalgunha cousa ata consumila. 2. *v. tr.* Absorberen os vexetais a auga da terra polas raíces. 3. *v. tr.* Absorberen as abellas o pole das flores.

Zumba 1. *s. f.* Ruído xordo, continuado e monótono, producido por algo que zoa. 2. *s. f.* Serie de golpes que se dan a unha persoa ou animal. *sin.* **zoupa, tunda, malleira, zumbeirada, zurra, zurracón, zurraroa, zurramanga**.

Zumbar 1. véxase **zoar**. 2. *v. tr.* Golpear, bater, mallar ou pegar.

Zumbeirada 1. *s. f.* Desprazamento dun corpo de arriba a abaixo pola acción da gravidade. *sin.* **caída**. 2. véxase **zumba** 2. 3. *s. f.* Acción, xesto ou palabras con que se ridiculiza unha persoa ou cousa.

Zumbo 1. *s. m.* Choca grande. 2. *s. m.* Botón que, atravesado cun fío, zumba ou zoa.

Zumbriar véxase **empurrar**.

Zumbrión *s. m.* Acción de empurrar. *sin.* **empurrón, empuxón**.

Zume 1. *s. m.* Líquido que se extrae das frutas cando se expremen ou se licúan. *sin.* **zugo**. 2. Líquido constituído por auga, sales minerais e outras substancias orgánicas, con que se nutren as plantas e que absorben do solo a través das raíces. *sin.* **seiva**.

Zumegar 1. *v. tr.* Expremer, facer que saia ao exterior unha substancia, un líquido. 2. *v. tr.* Deixar ver pola súa aparencia ou comportamento unha calidade ou sentimento. / 3. *v. intr.* Botar algo muito fume.

Zumparrada *s. f.* Caída boca abaixo, golpe forte.

Zuna *s. f.* Manía temporal, teima, aversión, mala vontade, especialmente os animais.

Zunir véxase **zoar**.

Zunosa, so *adx.* Persoa caprichosa, anoxadiza, que se enfada con facilidade.

Zurcilleira* véxase **forcilleira**.

Zurra véxase **brea** ou **zumba** 2.

Zurracar véxase **azurracar**.

Zurracoa véxase **zumba 2**.

Zurracón véxase **zumba 2**.

Zurramanga véxase **zumba 2**.

Zurramica, -co *adx.* Neno ou nena que fai travesuras e que se fai molesto.

Zurrar *v. intr.* Castigar unha persoa con azoutas ou golpes.

Zurraroa véxase **zumba 2**.

Zurrasca *s. f.* Póla ou vara delgada e flexible que se cingue ao corpo cando se golpea.

Zurrascazo *s. m.* Golpe forte que se dá coa *zurrasca*.

Zurreira 1. *s. f.* Lugar onde hai muito fume. **2.** *s. f.* Gran cantidade de fume.

Zurrichada *s. f.* Líquido que sae con forza dunha mangueira ou un recipiente. *sin.* **zurricho, zurrichazo, zurruchada, zurruchazo.**

Zurrichazo véxase **zurrichada**.

Zurrichar Deixar saír ou expulsar con forza algún líquido ao exterior dun corpo. *var.* **zurruchar.**

Zurricho véxase **zurrichada**.

Zurro véxase **zurrón**.

Zurrón 1. *s. m.* Bolsa de coiro que usaban os pastores para levar a comida ou a merenda. **2.** *s. m.* Saco. *var.* **zurroa.**


Zurruchada véxase **zurrichada**.

Zurruchar *v. intr.* Deixar saír ou expulsar con forza algún líquido ao exterior dun corpo. *sin.* **zurrichar.**

Zurrulleira, -ro *s.* Persoa que fai, amaña ou vende caldeiras, caldeiros ou outros obxectos de metal semellantes.

Zurrupia, -o *s.* Persoa con mala fama.

Esta obra rematouse en outubro de 2023, unha data que podería ser coma calquera outra, pero na que sentimos unha enorme gratitude por ter saúde, ledicia, lingua e agarimo.



Materiais Lingüísticos

Últimas publicacións na colección

A lingua de Viana do Bolo: Descrición e textos (2022).
Concepción Álvarez Pousa

Guía de subtitulado inclusivo en galego. Indicacións técnicas e lingüísticas para subtitulado nunha lingua minorizada (2021)
Mercedes Martínez Lorenzo

Diccionario Galego-Éuscaro, Euskara-Galiziera (2010)
Isaac Fernández Fernández

Vocabulario Galego-Castelán de carpintería de madeira (2006)
Fernando Groba Bouza

Vocabulario Xurídico-Administrativo Galego-Castelán (2005)
Xavier Gómez Guinovart & Ánxeles Torres Padín



Dicionario do Galego do Bierzo

DGB

O *Dicionario do Galego do Bierzo* xorde da necesidade de recoller e de recompilar nunha mesma obra o léxico que tantas persoas empregaron, e empregan sen moitas veces ser conscientes, ao longo da súa vida. Grazas ao pobo, hoxe en día, pódese gozar de falas que contan con influencias de linguas próximas á comarca. O Bierzo destaca pola súa variedade lingüística debido á converxencia da lingua galega, propia e histórica da metade occidental, e da lingua leonesa, propia e histórica da metade oriental, ás que se superpuxo o castelán oficial. Debido á propia historia do Bierzo e á súa relación con Galicia, a lingua galega desempeña un papel moi significativo na fala do Bierzo. Grazas aos investigadores e ás investigadoras que están a estudar a situación das falas na comarca do Bierzo e grazas ás persoas que seguen creando obras nas que recompilan o léxico que tanta xente empregou e segue

empregando actualidade, conseguirase deixar un legado lingüístico significativo para que as xeracións futuras sexan conscientes da riqueza que existe na comarca do Bierzo. O pobo é o responsable de crear as falas e, polo tanto, as linguas. Deste xeito, as falas do Bierzo seguirán evolucionando e cambiando ao longo do tempo, polo que, esta obra nunca terá fin e estará aberta a admitir con ledicia novos termos. O *Dicionario do Galego do Bierzo* recolle o léxico galego do Bierzo co fin de que non se perda e de que perdure para sempre, tanto nas mentes coma nos corazóns. Espérase que o galego siga presente na cultura e na fala bercianas e que, con persistencia, constancia e amor pola terra, pola tradición e pola lingua, se sigan engadindo termos que mostren a presenza da lingua galega a este *Dicionario do Galego do Bierzo*.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo

